

Narrativa Recuperada

O tesouro acobillado
e outros relatos de
Ricardo Carballal
Lafourcade

César Camoira Vega (ed.)



XUNTA DE GALICIA



O tesouro acobillado
e outros relatos
de
Ricardo Carballal Lafourcade

César Camoira Vega

EDITA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

COORDINADOR CIENTÍFICO
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

DIRECTORA TÉCNICA DE LITERATURA
BLANCA-ANA ROIG RECHOU

DIRECTOR DA COLECCIÓN
ARMANDO REQUEIXO

ASESOR DA COLECCIÓN
MODESTO HERMIDA GARCÍA

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
GRAFISANT, S.L.

ISBN: 978-84-453-5284-7

DEPÓSITO LEGAL: C 1153-2017

EDICIÓN, ESTUDO LITERARIO, INTRODUCCIÓN E NOTAS
César Camoira Vega

*A Celsa Vega Blanco,
luz entre tebras.*

AGRADECEMENTOS

A miña gratitude pola información e/ou o material proporcionado ás seguintes entidades: Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña; Biblioteca Municipal de Melide, na persoa de Ángela López Vázquez; Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela; Bispado de Mondoñedo; Concello de Muras; Real Academia Galega, nomeadamente Mercedes Vázquez, e os Rexistros Cívís da Coruña e Ferrol.

Malia non obtermos datos biográficos e literarios, cómpre recoñece-la amabilidade e a atención proporcionada por Yasnay Álvarez (Instituto de Lingüística y Literatura de La Habana), Xosé Ramón Barreiro Fernández, Antón Costa Rico e Antonio Reigosa Carreiras.

Queremos agradecer-las indicacións de Luís Alonso Girgado, Xosé Neira Vilas, Anxo Tarrío Varela e Begoña Tajés Marcote. Así mesmo, é de xustiza sinalalo asesoramento de Narciso de Gabriel Fernández, Francisco Martínez Hidalgo, Armando Requeixo Cuba e Francisco Manuel Veiga García.

Para concluímos convén subliñar-la axuda informática de Ignacio Vázquez Villares.

O editor.



Ricardo Carballal Lafourcade

I. Apuntamento bio-bibliográfico

Malia descoñecermos cando naceu, existen certos indicios sobre a procedencia de Muras (Lugo) na década de 1880. A finais de 1905, momento de plena efervescencia agrarista nas publicacións aquíen e alén mar, *Follas Novas* difundiu cinco poemas do noso autor. Destaca “¡Emigrache...!”¹ por se deter no desacougo existencial e nos sentimentos da cidadanía galega lonxe da terra.

¡Emigrache...!

*Emigrante, solíño... moi solo,
moi lonxe d'a terra que me veu nacer,
separado por un mar qu' é tan tolo,
c'a terra qu' é nosa, non nos deixa ver.*

*E por mais que n'o mar faga calma,
as nosas miradas, hastra aló non van,
pro os suspiros que salen d'a y-alma,
volando n'os aires, recordos lles dan.*

*Cántas veces n-o meu pensamento,
te teño, Galicia, con gran devocion,
y-os teus valles é rios presento,
grabados n o fondo d'[o] meu corazon.*

*Outras veces mirando pr'o ceo
contemplo esa lua, qu' eiquí luz nos da,
e que fora un espello deseo,
pra ver á Galicia, que tan lonxe está.*

*Mais si penso que tarde hei de verte,
e tarde os teus aires hei de respirar,
que congoxas y-ansias de morte,
tan solo pensalo, n a y alma me dá.*

*Pr' os mayores sentimentos nosos,
si eiquí n'esta terra chegamos morrer,
solo son: que non recolla os ósos
á terra gallega, que nos veu nacer.*

R. C. L.

¹ *Follas Novas*, n.º 430 (27-8-1905), p. 7.

Carballal, ó igual que outros escritores galegos, atendeu ós problemas do momento. A polémica emigratoria de España, enfocada como debedora do socialismo e coa aquiescencia dos gobernantes, tratouna na colaboración “¡Sin patria!...”.² Repárese en dúas cuestións fundamentais, a perda das capacidades produtivas en tódolos terreos sociais e o abandono da terra natal, especialmente, pola mocidade.

La ya crónica y maligna enfermedad inculcada en nuestro pueblo español; el intenso mal, que germina del corazón de nuestra amada España, hecha brotar, por nuestros no gobernantes, sino por nuestros intransigentes dictadores; esa engangrenada savia que á manera de volcán en erupción con su fermentada lava, arrasa cuanto está á su alcance, cunde por nuestras regiones con el ignominioso epíteto de: Emigración, es la guerra, es la revolución más grande, más cruel y más titánica que abordó la nación española.

Ese mal, socialista, que tiene sus gérmenes de maldad y se desarrolla donde debía morir, es el causante de que á diario se vean familias enteras que abandonan aquello más querido: el país natal.

Mas, por desgracia, es un país donde merced á la beneplácita bondad de sus gobernantes, tienen que abandonarlo ó exponerse á morir de hambre y de miseria.

La juventud emigra; los brazos poderosos para el trabajo buscan tierra extraña para sacarle el jugo, y no morirse de hambre.

Los que podían por su clara inteligencia hallar nombre y gloria en su país, se alejan, huyen de España, porque esta colectividad que representa el fruto español del presente siglo y capaz de levantar con sus brazos y con su inteligencia la caída nación, la abandonan, porque sienten caer sobre sus ojos el polvo de la polilla que carcome á España y la desmorona cada vez más, producto del trabajo de un roedor gusano en forma de gobierno monárquico.

Esos brazos poderosos y esas grandes eminencias suplican unos el trabajo, el arte los otros; pero no piden limosna en tierra extranjera.

La abandonan sumisos, sin una réplica siquiera, á pesar de que llevan en el alma una brecha profunda que mana sangre constantemente, y solo se ve en sus labios una risa sarcástica y despreciante hacia aquellos que rigen su país y que forman con sus instintos avaros y sus delirios de autócratas, de los españoles con patria sectas de judíos ó tribus de gitanos, que lanzados por el mundo á la buenaventura, no tienen más Dios, más Patria ni más rey que una solemne maldición de andar errantes.

La prueba se ve clara y bien concisa, pues durante el pasado mes de Octubre arribaron á las playas de esta floreciente República la suma de 8. 228 inmigrantes.

² *Follas Novas*, n.º 441 (12-11-1905), p. 1.

En novembro de 1905 reflectiu a desesperanza do pobo galego no artigo “Parola semanal. En castexao. ¡Adelante, gallegos!”.³ Así e todo, o feito de presenciar unha xuntanza dunha entidade societaria na illa cubana lévaa a enxalza—la ciudadanía galega ó considerala depositaria dun sino positivo.

Axioma hermoso, y elocuente frase que hace revivir en nuestras almas el amor al terruño, quizás dormido.

Qué grandioso espectáculo es ver una multitud inmensa, una compacta masa de carne humana, que sin interrupción alguna, sin una réplica, con un silencio sepulcral, ávidos todos por saber, oídos todos, escuchando á un compañero que les expone á sus alcances con una elocuente y fecunda oratoria, una obra magna y gloriosa, digna de aquellos que lo escuchan con gran atención, y concluída esta, para darle más efecto, los arenga con: ¡Adelante, compañeros!

Qué hermoso cuadro es presenciar en un campo de batalla cuando un cuerpo de ejército temeroso de un encuentro con el enemigo, después de romper este el fuego, el jefe de aquellas fuerzas los reúne y dándoles ánimo con sus exaltadas frases, que á manera de ópera, hace sin darse cuenta el papel de cantante, teniendo por música el retumbar del cañón, hace que sobresalgan sus arengas por sobre aquella música infernal, y los anima é incita á la pelea rompiendo él la marcha á la cabeza de su ejército gritando: ¡Adelante, muchachos, adelante!

Hermoso es también presenciar una junta en que la moción presentada por la directiva y puesta en discusión, al hacer uso de la palabra, los en pró y los en contra, no hay una nota discordante, en la que á todos se oye, en la que á todos se atiende, no haciendo con esto más que cumplir con un deber social y un fiel cumplimiento de los Estatutos del reglamento de dicha sociedad, concluyendo después de aprobada la moción por mayoría, por oír la voz del Presidente en medio de un silencio de muerte, que arenga á los asociados con la hermosa frase de: ¡Adelante, asociados!

El destino es el que nos tiene reservado ese adelante; ese destino implacable que tiene por agente el tiempo y por juez la Providencia es el que no nos ha de dar un quien sabe, sino por desgracia nuestra nos mostrará la realidad desnuda, que hoy no vemos por tener tapados nuestros ojos ante la realidad, por un paño, retazo añejo de un faldón de Don Quijote.

¡Adelante gallegos, adelante!

Ó mes seguinte, o compromiso cívico do artigo “Al Presidente del Centro Gallego”⁴ ten por obxecto examinar dúas cartas verbo das condicións laborais nas minas de Daiquirí (Cuba). Na primeira, consoante as noticias recompiladas por unha comi-

³ *Follas Novas*, n.º 442 (19–11–1905), p. 4. Foi redactado por R. CARBALLAL LAFOURCADE en novembro de 1905.

⁴ *Follas Novas*, n.º 444 (3–12–1905), pp. 1–2. Rubricouno R. CARBALLAL LAFOURCADE o 29 de novembro de 1905.

sión creada ex profeso, Secundino Baños (presidente do Centro Gallego da Habana) sinala o bo tratamento dispensado polos capataces ós obreiros. Pola contra, a segunda, dada a coñecer coa sinatura OBRERO DE DAIQUIRÍ no número do 28 de novembro de 1905 de *El Comercio*, pon énfase nas deplorábeis condicións de traballo e na parcela económica —esta última pola demora para trasladar mineral—, ata o punto de non se realizar acta nin mandamento xudicial no levantamento do cadáver dun traballador. Ante estas circunstancias, Carballal advirte que é necesario verifica-lo asunto.

Dous anos despois, *A Nosa Terra*⁵ empezou a andaina cun equipo redactor procedente, principalmente, da *Revista Gallega*, entre eles Florencio Vaamonde Lores⁶ e Aurelio Ribalta.⁷ Mentres tanto, Carballal impulsou na Habana o semanario *Santos e Meigas*,⁸ compatibilizando a dirección, administración e fundación con colaboracións literarias. Outra revista da capital cubana, o decenario *Airiños d'a miña terra*,⁹ rexistrou tres textos literarios máis del, o poema “¡Morriña!” e os contos “Récelle á Virxen” e “¿E ti sei que dormes...?”.

O 4 de setembro de 1910 creou, canda Secundino T. Solloso,¹⁰ *Suevia*,¹¹ semanario anticaciquil subtítulo "Revista Gallega" no que Carballal foi director e colaborador poético. Así mesmo, xunto ós membros máis relevantes da diáspora galega radicada na capital cubana (Alfredo Fernández, NAN DE ALLARIZ; Ramón Armada Teixeira; Roberto Blanco Torres; Ramón Cabanillas; José Castro, CHANÉ;

⁵ Ledo Andión (1982) e Tarrío Varela, dir.

⁶ **Florencio Vaamonde Lores** (San Xoán de Ouces, Bergondo, 1860–A Coruña, 1925) traballou na Delegación de Facenda da Coruña. Amais de participar nas xuntanzas da Cova Céltica e ser vogal na Liga Gallega da Coruña, cofundou a Asociación Regionalista Gallega e a Academia Galega. Colaborou nas publicacións coruñesas *A Nosa Terra*, *El Tribuno* e *Revista Gallega*.

Compuxo numerosos poemarios: *Os Calalicos* (A Habana, 1894), de inspiración camonianiana, que glosa a defensa da Coruña contra Drake e Norris en 1589; *Mágoas* (1901); *A sombra de Fandiño*, que viu a luz nos números 35 (23–4–1908) e 36 (30–4–1908) d'*A Nosa Terra*; *Fernando de Xinzó*, núms. 37, 38 e 39 d'*A Nosa Terra*; *Follas ao vento (poesías)*, volume 5 (20–3–1919) do Suplemento de *El Noroeste*. A cabeceira herculina ofreceu outros poemas del: “Soneto”, coa rúbrica XAN SILVOSO DE BOUZÓN no n.º 57 (8–10–1908), e dous máis sen título, no n.º 58 (14–10–1908), asinados, respectivamente, como PEDRO DE ALDARETE e FULVIO VERGOSENDE.

Cultivou a narrativa con *Bestas bravas* (1923), historia de fidalgos rurais desenvolvida durante varias xeracións, e *Anxélica*, n.º 16 (12–1925) da colección LAR. Á parte destes xéneros, exercitou a prosa didáctica, cos libros *Resume da Geografía de Galicia* (1897) e *Resume da Historia de Galicia* (1898), e a tradución de clásicos, entre eles as *Odas de Anacreonte* (1897). Vid. Carballo Calero (1981), pp. 472–476, e Tarrío Varela, dir.

⁷ Agrelo Costas, ed. (2000).

⁸ Alonso Girgado, ed. (1999b). Cfr. con Neira Vilas (2011), pp. 77–78.

⁹ Cuquejo Enríquez, ed. (2005).

¹⁰ **Secundino T. Solloso** foi cofundador e colaborador poético de *Suevia*. *Revista ilustrada*.

¹¹ Alonso Girgado, ed. (1999c). Cfr. con Neira Vilas (2011), pp. 78–80.

Manuel Curros Enríquez; Mariano Miguel; Manuel Pascual; Jesús Peynó; Luís Rey, e Antón Villar Ponte), participou na Cova Céltiga da Habana,¹² que se reunía no café La Puerta del Sol.

A comezos do ano 1912, continuou encabezando a segunda xeira de *Suevia. Revista ilustrada*.¹³ Unha das medidas que adoptou foi o cese do colaborador FRAY CAUTERIO (pseudónimo de Jesús Peynó Piñeiro) por mor da mordacidade. Tras ser readmitido, proseguiu a sección "Atisbos". Nela informou da entrevista de Carballal co máximo responsábel da Caja de Ahorros, a quen lle recomendou a subscrición á revista.

—Reconozco todo eso que usted me dice, pero yo no puedo estar suscripto más que á una *sola* revista, que podría volver á las andadas si me diera de baja. Además, ¡está tan *explotada* la colonia! ¡Si usted lo supiera!

—Eso —respondió Carballal imperturbable, con esa naturalidad con que él dice las cosas— eso no irá, no puede ir con SUEVIA en cuyo nombre le estoy hablando. Yo vengo á ofrecerle una cosa que vale más moral y materialmente que lo que usted pague por ella. Y, si así no fuera, la explotación sería mútua. —¿Cómo?...

—Sí, la explotación sería mútua, porque la revista le explotaría á usted el importe de la suscripción y usted explotaría el *silencio* de la revista. Pero la cosa no vale la pena. Después de todo, valen tanto ó más los cuarenta centavos de un trabajador que los de usted. ¡Adios!¹⁴

O aniversario do falecemento de Manuel Curros Enríquez serviulle para presentar no artigo "Un enigma"¹⁵ o universo do vate celanovés con notas sobre o sesgo tristurento dalgunhas composicións, como a última quintilla de "Ben chegado" e a cuarta estrofa de "La primera cana". Paralelamente asociou as penas, constatábeis na "Epístola" dirixida á súa sobriña Isabel, co carácter reservado e solitario. Uns días antes, *La Alborada*¹⁶ publicara "Nouturnio", elexía a Curros Enríquez. A dor por este ser admirado artéllase coa articulación ternaria (presentación, lamento e loa) e a correspondente modulación de tons.

Outrosí cultivou a crónica social con "Los Villalbeses en la Tropical".¹⁷ Céntrase na festividade celebrada o domingo anterior nos xardíns de La Tropical no marco da primeira xira da Unión Villalbesa.

¹² Neira Vilas (2001), pp. 358–359.

¹³ Alonso Girgado, ed. (1999d). Cfr. con Neira Vilas (2011), p. 81.

¹⁴ FRAY CAUTERIO (1912).

¹⁵ Rexístrase coa denominación R. CARBALLAL LAFOURCADE no n.º 5 (7–3–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*, s. p.

¹⁶ *La Alborada*, n.º 9 (3–3–1912), p. 9.

¹⁷ Foi asinado como RICARDO DE SUEVIA no n.º 8 (31–3–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*.

Nouturnio

*De tempo lexano fumeg'a lembranza;
Detrás d'aquil día van pódos'os anos;
Retorna o teu nome com'unha esperanza
Tiscando n'as sombras de mundos istranos.*

*Teu nome, alumeado por faro de grórea,
O tempo atravesa de car'o teu lar;
Vay canso, unha páxina atopa n'a histórea
E n'ela quedouse pra idea nos dar.*

*¡Ay Curros, qué triste
Galicia quedou!
¡Qué fonda ferida
Tua morte deixou!*

*¡As campáas tocan!... Tres anos fai oxe
Olleite n'a caixa; millor, non t'ollei;
Que tí eral-o espírito, que voando foxe,
D'o corpo valeiro que foi e non é.*

*Saiche fuxindo d'o mundo qu'odeabas
D'o mundo que soilo tristuras che dou;
Y-o pobo gallego que tanto adourabas
Teu nome sagrado n'a y'alma grabou.*

*Chorade rapaces,
Gallegos, chorade,
E-o nome de Curros
por sempre lembrade.*

*Soliños istamos sin tí n'esta terra.
N'a terra gallega, tua louca paseón;
A tí non te morden-os ventos d'a serra
Y'a nos as entranas y'os osos nos ron.*

*Ti vives n'os rexeos currunchos d'a grórea,
Que ben-os merece teu groreoso ser;
E nos entr'os homes, en ruda pilea,
A morte n'hachamos, querendo morrer.*

*Xa tocan... ¡Recemos,
Que dicen qu'hay Dios!...
¿Recemos gallegos,
por il e por nos!...*

*A noite xa cerra, y'un rayo d'a lua
N'as lívidas cumes comenza á brillar;
Un día que fuxe y entr'o tempo brúa,
Zoando alá lonxe seu lento cruzar.*

*Teu nome ¡gran Curros! n'a histórea grabado,
As iras d'os vermes d'a envidea calmou;
Y'o pobo gallego c'o puño pechado,
N'o fero destiño con rabea pensou.*

*C'os ollos seguindo—o
N'a escura extensión;
¡Lembrémolo sempre,
N'a y'alta mansión!*

R. CARBALLAL LAFOURCADE

A prensa da época fíxose eco das relacións persoais. Por unha banda, a parcela laboral compartiu con XAN D'OUTEIRO,¹⁸ Ramón Cabanillas¹⁹ e Xosé Fontenla Leal.²⁰ Por outra banda, o seu círculo de amizades englobaba a Roberto Blanco Torres,²¹ Manuel Vázquez Gutiérrez²² (administrador da revista *Suevia. Revista Gallega*) e Secundino T. Solloso. A propósito disto, convén remarca-la escasa afinidade entre Galo Salinas e Carballal.²³

¹⁸ **Leopoldo Jesús Peynó Piñeiro** (Lugo, 1869–A Habana, 1948) dirixiu *Vivero en Cuba* e *La Región Gallega*. Colaborou en numerosas cabeceiras galegas de Cuba (*Curros Enríquez*, *Follas Novas*, *Cultura Gallega*, *La Noche*, *Diario Español* e *Diario de la Marina*) baixo varios pseudónimos (FARRUCO DE LAGO, FRAY CAUTERIO –vid. supra–, FRAY MODESTO, J. ONIEP e LUCAS, entre outros).

A militancia galeguista compróbase na pertenza á Academia Galega e á agrupación de escritores e artistas galegos coñecida co nome de La Cacharrería. Á parte, participou activamente na Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega e traballou de xefe de propaganda e cronista oficial no Centro Gallego da capital cubana.

Resalta a polémica con Fuco G. Gómez polas grafías que este defendía e utilizaba. Véxanse Neira Vilas (2011), pp. 98–99, e VV. AA. (1999), *Cultura Gallega (A Habana, 1936–1940)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsímile, pp. 52–53.

¹⁹ *Sen sinatura* (1919a) [refírese á carta remitida por R. Cabanillas a Antón Villar Ponte] e Rei (2009), pp. 104–105, 114–115 e 203.

²⁰ Rei (2009), pp. 104–105.

²¹ “Adhesiones”, de Roberto Blanco Torres, publicado no n.º 30 (15–9–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*, s. p.

²² “Remitido”, de Manuel Vázquez Gutiérrez, aparecido no n.º 30 (15–9–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*.

²³ Carta de Galo Salinas a Leandro Carré (3–IV–1919), Arquivo Carré, e Maceira Fernández (2007), p. 51.

Carta pra XAN D'OUTEIRO²⁴

*¡Meu probe queridiño «Xan d'Outeiro»!
De todo m'enteréi. Tal non soupera,
que duas «piñas» che deu un tal Mosquera,
por meterte tan vello á campaneiro.*

*¡Sintoche ben, meu Xan, tal che aconteza!;
mais tel-a culpa ti, ¡lêvem'o demo!,
e xúroche por Dios que moito temo,
non volvan á pegarche na cabeza.*

*Por tí non ha quedar. Tén'o esquencido;
naciche pra loitar e falo á gusto,
sin coidarte che poidan dar un susto,
por tirar do badal mais do debido.*

*Non nego que pr'os anos que tí tés,
disfrutas de salú y-estás ben forte;
¡cando preto de tí véntal-a morte,
te volves un rapaz dándell'os pés!*

*Eu protesto, ¡por vida do fouciño!,
do treidor que che fixo á ti tal feito,
pois por darche ¡carafío!, peito á peito,
che deron por detrás ¡meu coitadiño!*

*Y-eso de darlle á un á caladiña,
sin decirlle «alá vou» non é de homes,
que avisándote á ti moi ben te comes
unha ducia de ho... vos de galiña.*

*O golpe que che deron foi lixeiro,
según me dixo un neno q'alí estaba,
q'o outro cando dou non decataba,
que tiñas de coraza o teu sombreiro.*

*¡Rompeucho? Menos mal. Xa non tremexo,
pois inda t'hei de ver á miña veira;
non chores pol-a perda da monteira
s'atoupas enteiriño o teu pelexo.*

*El non che quere mal dempois de todo,
nin ten por qué tampouco, valga o dito,
q'un «campanaza» ó fin non é delito
que deba castigarse mais q'a modo.*

²⁴ Suevia. Revista ilustrada, n.º 23 (21-7-1912).

*Y-a modo che pegou, quen-o dixera,
o que lle dou gran rábea á «Zapatillas»,
pois pensou che romperan dez costillas
e vai buscar trifulca con Mosquera.*

*Mai[s] iste qu'é e non é «cincento»
nin pecou en xamais de faroleiro,
vaille faguer pagar o teu sombreiro,
cando esté de servicio co armamento.*

*Y-en esto irás ganando, Xan querido,
que quede o que dixeches por ben feito;
Mosquera quedará moi satisfeito,
y-o bon de «Zapatillas» ben servido.*

*E sin mais tira sempre sin piedade
da corda da campá sin ningún medo
e trata de deitarte sempre cedo,
consello que che da teu xefe.*

O ABADE

O 22 de setembro de 1912 *Suevia. Revista ilustrada* acolleu o texto “Cartas de un plebeyo á tres nobles”.²⁵ As afrontas motivaron un *exordium*²⁶ en tres pasos:

1) Co *iudicem attentum parare* pretende capta-la atención do receptor con métodos afectivos:

Desde las columnas de este «indecente papelucho» y desde «mi nivel en la escala zoológica, bajo y asqueroso», he de dirigir mis «malvadas ideas» impregnadas de «lodo y cobardía», á tres auténticos nobles que me atacan desafortadamente, sentados en el trono de la caballerosidad y la hidalguía.

2) No *iudicem docilem parare* enumera brevemente as causas da confrontación. En primeiro lugar, recolle as observacións proferidas por Cerdeira:

Otra vez como siempre vuelvo á comunicarme con los lectores de esta revista porque no me atemorizan las lucubraciones malvadas de algunos seres ni las salpicaduras de lodo que pretenden arrojar á las gentes honradas, sin comprender que ellos están muy bajos para que esas salpicaduras puedan manchar.

Bien es, que no comprenden ni pueden comprender más que la inmundicia (¡comprender es!) en que se arrastran.

²⁵ Dado á luz no n.º 31 (22-9-1912) de *Suevia. Revista ilustrada* coa sinatura R. CARBALLAL LAFOURCADE.

²⁶ Equipo Glifo (1998), vol. 2, pp. 318-320.

Son despreciables, son cobardes y no se les puede hacer el honor de considerarlos en la categoría humana. Su nivel en la escala zoológica es muy bajo y asqueroso.

A quen Carballal responde da seguinte maneira:

¡Que falta de tacto y sentido común en quien redacta artículos de fondo!

Decirme tales cosas después de colocarse á mi nivel al hacer que se repitiera entre los dos la escena de la napolitana y el ministro de Fernando VII, es el colmo de la frescura, y dar por buena y confirmada la opinión que prevalece en la colonia sobre tal incidente.

¡Hay recetas para lavar trapos sucios, que llevadas á la práctica, ensucian mucho más de lo que limpian!

A seguir, enfróntase con Martínez Pérez,²⁷ a causa dos vituperios contra José Rodríguez²⁸ e das diatribas á revista *Suevia*. O noso autor recriminalle que non dirixira os ataques a EL BACHILLER SANSON CARRASCO, autor da colaboración “La Intrusa”.²⁹ Nela mófase dos escritos de Mercedes Vieito Bouza publicados na revista *Galicia* por pretender reorganizar Galicia nos terreos político, social e económico. Emporiso, a burla recibiu contestación de Vázquez Gutiérrez³⁰ cunha defensa das achegas literarias

²⁷ Manuel Martínez Pérez liderou Unión Campesina. Trátase dunha agrupación política anarquista da Coruña e arredores, vixente entre o 8 de setembro de 1907 e 1909, que procuraba conseguir un asociacionismo antipolítico e antiburgués mediante a arbitrase de conflitos e a eliminación de diversos impostos, entre outros o de consumos.

Na urbe galega traballou de criado do cónsul cubano. Malia intervir na folga xeral de 1901 e presidi-la Sociedade de Oficios Varios, recibiu a aversión dos anarquistas herculinos pola subordinación da organización a Solidaridad Gallega e pola contradición entre os intereses dos produtores agrícolas e os dos consumidores obreiros. Ante a persecución dos xefes anarquistas por parte das autoridades, regresou a Cuba. Vid. Cabo Villaverde (1998), pp. 67, 68, 69, 70 e 86, e Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “O agrarismo entre 1907–1918”, en VV. AA. (2007), n.º 25, XI, vol. 4, pp. 15–28.

²⁸ José Rodríguez Martínez (A Coruña, 1856–id., 1921) licenciouse en Medicina na universidade compostelá. Ocupou a vicepresidencia de Solidaridad Gallega, ente político que ó principio experimentou a defección de Rodríguez e a división do republicanismo coruñés pola colaboración cos rexionalistas. Á parte disto, dirixiu o semanario *Galicia Solidaria* e fundou *El Pueblo*, *Lectura Popular* e *La Unión Republicana*.

Foi autor dos libros *Los desastres y la regeneración de España* (A Coruña, 1899), *Los grandes simuladores y el médico Rodríguez* (A Coruña, 1908) e *Colón español, hijo de Pontevedra* (A Coruña, 1920). Merece mención especial a proposta de alianza estábel presentada ás Irmandades da Fala, intitulada *Posición del republicanismo gallego en relación con el regionalismo. Conferencia pronunciada por el Sr. Rodríguez Martínez en el Casino Republicano el día 22 de noviembre de 1917*. Vid. Beramendi (2007) e VV. AA. (2003), tomo 39, pp. 24–25.

²⁹ *Suevia. Revista ilustrada*, n.º 27 (18–8–1912).

³⁰ “Contra una iniquidad”, de Manuel Vázquez Gutiérrez, ofrecida no n.º 30 (15–9–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*.

da escritora galega. Lonxe de se acougaren os ánimos, Carrasco replicou con escarnio no artigo “Y nada mas” (n.º 32, 29-IX-1912) de *Suevia*.

E, por último, Carballal esgrime unha serie de consideracións acerca de Cerdeira,³¹ “prototipo del gallego socarrón y taimado”:

Habla de indignidades y cobardías, y lamentase de que el autor de «La Intrusa» no haya firmado con su verdadero nombre por no tener valor para ello.

¡Infeliz! Tengo la seguridad de que si así hubiese sido, callaría como un muerto. ¡Probiño!

¿No recuerdas indigno rompe-huelgas, la cobardía con que aguantaste la somanta de los huelguistas, cuando eras un simple parador de letras?...

3) O terceiro paso, o *iudicem benevolum parare*, lógrao loando o receptor.

Y sin otro particular, recuerdos á todos, conservad la única revista gallega y decente que hay en Cuba, besos á los niños, y sabéis queda, de la articulista á sus pies, y de sus bravos defensores á sus órdenes.

Sen saírmos de 1912, Manuel García Blanco estudou a lingua como trazo conformador da nacionalidade galega no texto *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*.³² Ese elemento cultural, ben en forma de estudo ben en clave reivindicativa, recibiu un pulo decisivo grazas a Aurelio Ribalta,³³ que desenvolveu actividades no Ateneo de Madrid e ocupou o cargo de cabezaleiro de *Estudios Gallegos*. Precisamente no n.º 17 (xaneiro de 1916) da revista madrileña, Ribalta proseguía coa idea do artigo “El gallego en las escuelas”, dado á luz sen sinatura no n.º 16, concernente á proposta de crea-la “Liga de Amigos del Idioma”. Esta asociación defendería a cultura e o traballo de Galicia, a personalidade étnica, económica e social e mailo florecemento industrial e financeiro.

En consonancia coa liña exposta, Carballal recalcaba a lingua por ser “actualización permanente da diferenza específica da nación galega”,³⁴ pois, dunha banda, presentaba unha función para o futuro de Galicia e, doutra banda, condensaba un factor de negación por carecer España de lingua, cultura e costumes únicos.

³¹ Quizabes aluda a José Benito Cerdeira. Este comerciante foi director–propietario e administrador da revista habaneira *Galicia*, amais de dono dunha imprenta na que viu a luz a devandita cabeceira. O compromiso nacionalista corrobórase no cargo de primeiro conselleiro da Xuntanza Nazionalista Galega d’Habana. Vid. Núñez Seixas (1992), pp. 111–116, e Vilariño Suárez, ed. (2007).

³² Opúsculo de trinta páxinas asinado coas iniciais M. G. B. que recolle os motivos da situación anormal do galego e varias solucións, así como as incoherencias lingüísticas do rexionalismo, do agrarismo e da Real Academia Galega. Vid. Mariño Paz (1999), pp. 403–404, e Pardo de Neyra (2012).

³³ Agrelo Costas, ed. (2000), pp. 24–30.

³⁴ Máiz (1997), p. 306.

Eisí que a vós, pais de familia, aerroxadores da vontade dos vosos fillos faguéndolles falar una [sic] lingua que non é a nosa; a vós, irmáns que vivides lonxe dos vosos lares esquencidos sinón da patria polo menos do voso idioma, vos suprico que pensedes millor os uns e pensedes máis alto os outros. Non temades o falar a lingoa que a Natureza nos impuxo ós aldraxes dos alleos, que quen tal fai é un bon fillo e o que tal non fai é un vendido fallo de honor, de patria e de vergonza.³⁵

Cataluña, Baskonia e Galicia, mentras o corazón de España, padre de vello e morto por consunción, busca inhienciós de vitalidade nas fortes e salvaxes emocións de un circo taurino, que é circo de morte, buscan elas no problema europeo da fundazón de nazonalidades, que é circo de vida, inhienciós de morte pra o cáncer centralista que ó roer as entranas de España, roe tamén o enxendro Iberia que leva no seu seo. Iberia da que debemos coidar que non morra en embrión ou nada morta. Iberia que a salvando salvaremos a vida e prosperidade das rexións ou nazóns que a compoñen, e a non salvando, salvaremos soamente a cativa e noxenta vida da España centralista de touros e pandeireta.³⁶

O ano 1916 supuxo un punto de inflexión na cultura e a política galega por mor da actividade propagandística dos irmáns Villar Ponte. Aínda que xa agromara o programa ideolóxico no artigo “Esbozo de un ‘idearium’ regio nalista. En pro de la unidad espiritual”, difundido a mediados de 1914 no xornal habaneiro *Diario de la Marina*, as consecuencias políticas dos escritos de Antón tiveron que esperar ó folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional (Apuntes para un libro, hechos por Antonio Villar Ponte)*,³⁷ imprentado por primeira vez o 21 de marzo de 1916 na Tipografía Obrera da Coruña e reeditado nese ano por *La Voz de Galicia* con novo formato e dous apéndices.

Malia existiren tentativas de restabelecer socialmente o galego e potencia—la literatura galega, o escrito de Antón representa a única materializada, confluindo as reclamacións lingüístico—culturais e mailas políticas, mediante argumentos e reproducións de parágrafos procedentes daqueles artigos³⁸ aparecidos na sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia* durante os anos 1914, 1915 e 1916.

³⁵ “Das nosas cativas lendas”, *A Nosa Terra*, n.º 2 (24–11–1916), pp. 5–6.

³⁶ “Cambó sinueuse en Madrí”, *A Nosa Terra*, n.º 17 (30–4–1917), p. 2.

³⁷ Ínsua López (2004), pp. 48–49; Villar Ponte (2006); Beramendi (2007), pp. 430–431, e Maceira Fernández (2007), pp. 10–14.

³⁸ Son, principalmente, os seguintes: “Una Cátedra en Madrid” (6–7–1913), “Por nuestro renacimiento literario” (7–4–1914), “Ni un solo periódico gallego” (3–5–1914), “En los umbrales de un problema. El gallego no debe morir” (9–5–1914), “Reivindicación difícil” (11–11–1915), “El catalanismo de un arzobispo” (26–5–1915), “Lo real inverosímil” (29–5–1915), “Por el idioma catalán” (2–12–1915), “Por Cataluña y por Galicia” (11–12–1915), “Al margen de una encuesta” (8–1–1916) e “El cimiento de la afirmación gallega” (5–2–1916). Estes datos e outros plasmáronse en Ínsua López (2004), p. 49, e Ínsua López (2016), pp. 75–76.

O texto redactado en castelán, por razóns propagandísticas, consta dunha dedicatoria a cinco galeguistas (Aurelio Ribalta, Rodrigo Sanz,³⁹ Manuel Lugrís,⁴⁰ Antonio Valcárcel, director do xornal coruñés *El Eco de Galicia*, e Constantino Horta),⁴¹ unha breve introdución, dez capítulos e dúas concisas notas finais.

Os obxectivos de *Nacionalismo gallego* eran «una posible federación ibérica», a cooficialidade das diferentes linguas peninsulares, a defensa das culturas minoritarias e maila creación dunha opinión pública a favor da rexeneración sociopolítica e da recuperación da identidade. Agora ben, coñecedor da resposta negativa de certos sectores sociais apelaba a «todos los buenos gallegos», á marxe do sesgo ideolóxico, coa finalidade de loitaren por Galicia.

Tras celebrar en Carral o 6 de maio de 1916 un acto conmemorativo⁴² polos fusilados no levantamento de 1846, Carballal e varios "Amigos da Fala" herculina viaxaron en automóbil ata Santiago de Compostela. Unha vez feita a ofrenda floral a Alfredo Brañas e Rosalía de Castro, na igrexa de san Domingos de Bonaval, participaron ás seis da tarde nun mitin⁴³ no salón da Sociedad Económica de Amigos del País.

No local da Academia Galega (rúa do Rego da Auga, n.º 38, 1º), o 18 de maio de 1916 Carballal, xunto a outras persoas, fundou a "Hermandá de Amigos d'a Fala" da Coruña, concibida polos irmáns Antón e Ramón Villar Ponte. Recibiu adhesións sociais (avogados, catedráticos, escritores, médicos, mestres de escola, notarios, poetas etc.) procedentes de tódolos lugares de Galicia; por conseguinte, dentro da composición

³⁹ **Rodrigo Sanz López** (Ferrol, 1872–Santiago de Compostela, 1939) licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, profesión que non exerceu. Viviu de forma acomodada grazas ós arrendamentos das terras herdadas por vía paterna. En 1903, creou e formou parte do Ateneo Ferrolano. Asentado na cidade herculina, en 1906, axudou a impulsa-la Universidad Popular.

Os seus traballos recóllense nas páxinas das publicacións galegas *A Nosa Terra*, *Ecos del Eume*, *Prácticas Modernas* e *Solidaridad Gallega* e das madrileñas *España* e *Estudios Gallegos*. Defendeu, entre outros aspectos, o carácter espontáneo do asociacionismo agrícola, o paso á economía de mercado e o rexionalismo en canto ferramenta da conciencia nacional española.

A importancia dentro do rexionalismo solidario vén dada por diversos aspectos. Por un lado, ocupou a presidencia da II e da III Asemblea Agraria de Monforte de Lemos e liderou Solidaridad Gallega, Partido Regionalista Gallego e "Zentro Regionalista" da Coruña. Por outro lado, impartiu mitins e conferencias, como "Nuevo Patriotismo" de temática rexeneracionista e solidaria, que pronunciou na sede da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en maio de 1907.

Con motivo dos Xogos Frorás de Betanzos (1918) realizou con ortografía fonética o artigo en prosa "¡Terra a nosa!". A isto hai que lle suma-la redacción das *Bases para un proyecto de Estatuto de Galicia*. Vid. Carballo Calero (1981), pp. 508 e 574; Cabo Villaverde (1998); VV. AA. (2003), tomo 21, p. 164, e Beramendi (2007).

⁴⁰ Rexionalista galego que foi avogado gratuíto da colectividade galega asentada en Cuba e director do semanario cubano *Galicia*. Vid. Campos Villar, ed. (2006).

⁴¹ Neira Vilas (2011), p. 97.

⁴² *Sen sinatura* (1917c).

⁴³ *Sen sinatura* (1917d) e Rey Alvite (1917).

socioprofesional⁴⁴ cobraban relevancia os propietarios, os empresarios, o funcionariado, o clero e o estudantado.

A xuntanza contou coa asistencia⁴⁵ de José Baldomir, Alejandro e Augusto Barreiro Noia, José M^a Cao, Ricardo Carballal Lafourcade, Eugenio Carré Aldao, Euxenio e Leandro Carré Alvarellos, Ánxel Casal, Francisco Catoyra, Antonio e Micaela Chao Maciñeira, Fernando Cortés Bugía, Robustiano Faginas, Wenceslao Fernández Flórez, Juan Fernández Merino, Jesús Fernández Mouriño, Xosé Iglesias Roura, José Juncosa, José Lamas, Lugrís Freire, Fernando e Marcelino Martínez Morás, Andrés Martínez Salazar, Ramón Moscoso, Salvador Mosteiro, Eladio Oviedo Arce, Francisco Rodríguez, Luis Román, Sánchez Porto, Francisco Tettamancy,⁴⁶ José Toubes, Florencio e César Vaamonde Lores e mais Antonio Valcárcel.

Trátase da primeira iniciativa organizada⁴⁷ polo nacionalismo galego cuns obxectivos lingüístico-folclóricos,⁴⁸ expostos no documento *Os amigos da Fala Gallega. Estatutos*. Despois do bo recibimento das actividades culturais (conferencias acerca de temas galegos, actos fúnebres, inserción de poesías en galego etc.) polas publicacións periódicas, adoptou un posicionamento político.

A imitación da herculina xurdiron Irmandades⁴⁹ en vilas e cidades. Así, aconteceu en Monforte de Lemos, o 15 de xuño de 1916; Pontevedra, o 4 de novembro de 1916; Ourense, o 14 de novembro de 1916; Vilalba, o 24 de novembro de 1916; Ferrol,

⁴⁴ Beramendi (2007), pp. 690–742.

⁴⁵ *Sen sinatura* (1916a); Barreiro Fernández (1982), p. 352; Fernández del Riego (1983), pp. 29–30; Ínsua López (2004), p. 50; Villares (2004), pp. 382–383; Campos Villar, ed. (2006), p. 27; Beramendi (2007), pp. 431–432; Maceira Fernández (2007), pp. 16–17, e Ínsua (2016), pp. 63–75 e 99–102.

⁴⁶ **Francisco Tettamancy Gastón** (A Coruña, 1854–id., 1921) emigrou a unha idade temperá a Arxentina. Transcorridos algúns anos, regresou a Coruña, onde traballou de funcionario da Deputación Provincial. Mantivo unha intensa actividade coa participación en cenáculos literarios, como a Cova Celta, e nas entidades Academia Galega e Liga Gallega da Coruña en calidade, respectivamente, de académico numerario e vogal.

Foi autor dos poemarios *Enredadas* (1902), *O castro de Cañás*, *Diego de Samboulo* (*Leenda histórica*) (1903) e *Boicentril. O druidismo e o celtismo gallegos. A Epopeya irlandesa* (1914, 2ª ed.). Estes textos foron reproducidos en *Coruña Moderna*, *Heraldo de Vigo*, *A Nosa Terra* e *Revista Gallega*.

No terreo narrativo débenselle os relatos “O merlo” e “Ir pillar terra ao mar”, introducidos co pseudónimo FUCO DE TABEAYO en *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*. A medio camiño entre o didáctico e o anecdótico, ambiéntanse no campo cun ton desenfadado. Vid. Carballo Calero (1981), pp. 437–439; Alonso Girgado e Monteagudo Cabaleiro, eds. (2001), pp. 78, 83 e 84; Beramendi (2007), e mais Tarrío Varela, dir.

⁴⁷ Mariño Paz (1999), pp. 404–406, e VV. AA. (2005), pp. 368–370.

⁴⁸ Beramendi (2007), pp. 434–439.

⁴⁹ VV. AA. (1981), pp. 282–284; Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “O nacionalismo galego”, en VV. AA. (2007), n.º 24, XI, vol. 3, pp. 178–212; Beramendi (2007), pp. 432–434, e Ínsua (2016), pp. 103–104.

o 20 de abril de 1917; Vigo, o 20 de maio de 1917; Mondoñedo, o 30 de outubro de 1917, e Melide, o 30 de outubro de 1918.

A partir do 14 de novembro de 1916, *A Nosa Terra* converteuse en voceiro da Irmandade de Amigos da Fala da Coruña.⁵⁰ O noso autor aunou o cargo de administrador⁵¹ coas colaboracións e a pertenza ó equipo de redacción.⁵² Por certo, a cabeceira procuraba o proxecto de reconstrución nacional rehabilitando social e politicamente o galego nos xéneros literarios da novela e do teatro e noutras prosas acerca de temas culturais, científicos e noticias de actualidade.

Nesa mesma liña, a finais de 1916, a publicación herculina ofreceu dous traballos del, “Das nosas cativas lendas”⁵³ e “¿Até cando?”⁵⁴ O primeiro aborda a *cultura lingüística* ou *consciencia metalingüística*⁵⁵ da comunidade galega, definida pola falta de autoestima do pobo galego e as descualificacións á lingua vernácula, ata o punto de a emigración⁵⁶ americana remarcar estas ideas. Recorre á reflexión dos proxenitores a fin de que se transmita dunha xeración a outra.

No segundo, o asoballamento do pobo galego materialízao co centralismo e a incomunicación terrestre efectuada pola compañía Ferrocarrís do Norte. Logo de se avergonzar pola pertenza a un pobo servil, reivindica a personalidade galega con dous alicerces do celtismo,⁵⁷ o *volksgeist* (espírito do pobo) e unha serie de elemen-

⁵⁰ Mariño Paz (1999), pp. 405–406.

⁵¹ *Sen sinatura* (1922b).

⁵² *Sen sinatura* (1916b).

⁵³ *A Nosa Terra*, n.º 2 (24–XI–1916), pp. 5–6.

⁵⁴ *A Nosa Terra*, n.º 4 (25–XII–1916), p. 5.

⁵⁵ Joseph, John Earl (1987), *Eloquence and Power: The Rise of Language Standards and Standard Languages*, London: Frances Pinter, Open Linguistics, pp. 25–42; Joseph, John Earl and Talbot J. Taylor (1990), *Ideologies of Language*, London and New York: Routledge, Politics of Language; Schiffman, Harold F. (1996), *Linguistic Culture and Language Policy*, London: Routledge, The Politics of Language, e Monteagudo (1999), pp. 25–26.

⁵⁶ Villares (2004), pp. 327–333, e VV. AA. (2005), pp. 337–341.

⁵⁷ Este movemento político e sociocultural fundaméntase na presunción dunha cultura ou esencia celta en certas comunidades étnicas, nacionais ou relixiosas. Malia se retrotraer a orixe ó Renacemento, foi o século XVIII cando acadou unha maior repercusión ao abeiro do Romanticismo e da conformación das entidades nacionais, tanto na construción e consolidación dos Estados–nación coma na emerxencia de nacións periféricas, fronte ó modelo de Estado centralista.

Dende a primeira metade do século XIX a construción do relato histórico galego, punto de partida da recuperación cultural e política, e a utilización do celtismo como elemento vertebrador da historia nacional seguiron a mesma dirección. Resulta significativo o apoio unánime da intelectualidade e a interiorización popular. É máis, o desenvolvemento do paradigma interpretativo do país conlevou busca–las raíces da cultura galega noutra das grandes pólas da tradición cultural europea, a cultura atlántica. Este proceso non supón a refutación das fontes grecolatinas e, ademais, é necesario para comprende–las raíces da lírica galega primitiva e os motivos e procedementos da poesía medieval. V. Tarrío Varela, dir., e Renales Cortés,

tos etnográficos e históricos, tales como o enxalzamento da heroína herculina María Pita e do mariscal Pedro Pardo de Cela. Esta argumentación, noutras palabras, incita a reaccionar contra o abandono e o illamento dos gobernantes. Remata asociando a ampliación do cultivo literario coa prosa por ser canle axeitada para redimi-la alma galega e loitar pola terra. A todo isto, a identificación rexional de Galicia forma parte dunha letanía burlesca sobre o estamento eclesiástico.

As voluntás e o temperamento dos pobos adoito manifestados foron nas estrofas dos seus vates. Galicia, até o de agora, non tivo —agás pequenas esceuciós— estrofas viriles nin valentes onde se vira refrexado o sangue de lume do pobo celta; Galicia, até o de agora, non tivo máis que mestres chorós que cal donas bulradas nos seus amores choraban coma coitadas agardando pola volta da rivindicación da súa honra. E iso non é o que debérase faguernos ver, sinón amostrarnos en cada unha nosa muller unha María Pita i en cada un noso home un Pardo de Cela.

O 28 de xaneiro de 1917, ás nove da mañá, Carballal e os membros do Comité de Acción Galeguista (Xenaro Mariñas, Alfredo e Lois Somoza, Jorge Parga, Miguel Freire, Lois Peña Novo, Francisco Tettamancy, Antón e Ramón Villar Ponte etc.), en delegación da Irmandade de Amigos da Fala herculina, viaxaron en tren dende a estación coruñesa rumbo a Lugo.

Durante o traxecto, entregaron folletíns e proferiron breves arengas nas localidades en que pararon. Na capital lucense homenaxearon a Xan Montes na praza de san Domingo. Ás tres e media, o teatro Lugo-Salón, na rúa Aguirre, acolleu un mitin⁵⁸ baixo a presidencia de Lugrís Freire, Banet Fontenla, José Vega Blanco (director do xornal lugúes *La Idea Moderna* e impulsor das entidades Real Academia Gallega e Irmandade da Fala da Coruña), Marcial Neira (Irmandade da Fala de Ourense), os irmáns Villar Ponte, Tettamancy, Peña Novo e Evaristo Correa Calderón, quen se encargou da organización do acto. Nunha das fontes documentais⁵⁹ proporciónanse tres datos biográficos de Carballal: "mestre de primeiro ensino, esquiretor rreuto [...] e bohemio honrado".

Foi a primeira⁶⁰ das reunións públicas realizadas coa pretensión de implanta-lo movemento no ámbito urbano. A intervención inicial correspondeu a Correa Calderón, a quen seguiu Antón Villar Ponte; Lois Peña Novo; o propio Carballal, cunha "oración

Juan (1996), *Celtismo y literatura gallega: la obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols.

⁵⁸ *Sen sinatura* (1917a); Pardo de Neyra (2000), pp. 23–29; Beramendi (2007), p. 444, e Ínsua (2016), p. 120.

⁵⁹ *Sen sinatura* (1917a), p. 2.

⁶⁰ *Sen sinatura* (1917b); Ledo Andión (1982), pp. 100–101, e Beramendi (2007), p. 444.

de xeito nazonal, fera e dura"; Manuel Banet Fontenla, e Manuel Lugrís Freire. Os discursos caracterizáronse pola afirmación galeguista de sesgo sentimental e cultural. Se ben gozou dunha boa recepción entre a prensa local e os simpatizantes, non callou a idea de crear unha Irmandade da Fala na capital lucense.

Os poucos días, o 11 de febreiro de 1917, a Irmandade herculina alentou outro mitin no Salón Amboaxe de Ferrol.⁶¹ Disertaron Euxenio Charlón, Manuel Lugrís Freire, Antón Villar Ponte⁶² e Carballal Lafourcade. Este último glosou e incidiu en diversos acontecementos históricos da aldraxe castelá. A seguir, repródúcese un treito:

Coma bon nazonalista —dixo— e coma emigrado que fun, teño o deber de protestare con carraxe d'unha comedia "Muros de Oro" estrenada na Cruña e Santiago fai poucos días, na que se di que Galicia é humildá e que ll'abonda con sere bonita, e onde, tamén, se quer ridicolizar a inxenua vanidade dos nosos hirmáns das Américas, coma si ista vanidade, non fora mais disculpable que a dos señoritos alfabetos e retóricos das nosas vilas (*Moitos aprausos*).

Eu —concrúye— sei, coma sabedes todos, que os emigrantes que de non ser pol—a válvula da emigración xa houberan segado algunhas cholas valdeiras de señoritos, os emigrantes que lle non deben nada ó Estado español, cando c'o seu sudor se fan con algús cartos, pensan no progreso cultural da súa terra, pensan no porvir dos seus fillos, na redención do eido nativo, facendo escolas e cooperativas. E dimpois d'isto, ¿pódeselle censurar que donen reloxos de torre, cando ises reloxos son índices ergueitos que sinalan ó alto, coma querendo dicir que Galicia, si quere redimírese, ten que adeprender a conocere o valor do tempo, o valor das horas críticas?

(O concrúir o seu valente e fermoso discurso Carballal foi moi gabado).

Dende marzo ata outubro de 1917, as páxinas d'*A Nosa Terra* recolleron nove escritos baixo a sinatura de RICARDO CARBALLAL ou V. ULCANO: "Lóstregos", "Unhos na soma e outros na lus", "Cambó sinteuse en Madri", "Os catro rexionalismos", "Por Galicia e por nós", "A primeira baixa", "A malla dou comenzo", "Sarcasmo e sacrilexo" e "Teatro galego". Subxacen en todos eles a cultura da sociedade galega⁶³ e as súas distintas expresións cohesionadoras⁶⁴ (vid. *infra*).


⁶¹ *Sen sinatura* (1917b); Beramendi (2007), pp. 444–445; Maceira Fernández (2014), p. 38, e Ínsua (2016), p. 120.

⁶² "Discurso en Ferrol", publicado no n.º 10 (16–2–1917) d'*A Nosa Terra*. Estamos diante do primeiro indicio do enfoque político das Irmandades, matizado polo filoobreirismo, que procuraba construí-lo ferrocarril costeiro e estende-la base social do nacionalismo.

⁶³ Coombs, Philip H. (1986), *La crisis mundial en la educación. Perspectivas actuales* [*The World Educational Crisis. A Systems Analysis*], tradución ó castelán de Víctor Abelardo Martínez de Lopera, Madrid: Santillana, Aula XXI, n.º 31, pp. 314–339.

⁶⁴ Even–Zohar, Itamar (1993), "A función da literatura na creación das nacións de Europa", *Grial*, tomo XXXI, n.º 120 (outubro–decembro), pp. 441–458.

Alguns compoñentes culturais



Adaptación: Veiga García, Francisco Manuel (1998), *Xogo popular galego e educación. Vixencia educativa e función de identificación cultural dos xogos e enredos*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Facultade de Ciencias da Educación, tese de doutoramento.

O enfoque informativo preséntase nos textos “A primeira baixa”⁶⁵ e “Teatro galego”.⁶⁶ No primeiro, co adaxo da morte de Antón Chao (asistente ó acto fundacional das Irmandades da Fala) fai un panexírico da obra poética deste, de aí a reprodución do derradeiro texto que compuxo. O segundo dá conta de catro representacións feitas polo “Ensayo de Compañía cómico–dramática” no teatro Rosalía de Castro. Cunha delas, *Esclavitud*⁶⁷ [sic], amosa a escasa afección á dramaturxia do pobo galego.

A diferenza do discurso rexionalista, caracterizado por continuar co convencionalismo lingüístico e coa ausencia do galego como ferramenta comunicativa válida para calquera aspecto,⁶⁸ Carballal, en “Lóstregos”,⁶⁹ constrúe cun ton contundente e reivindicativo dentro do proceso de rehabilitación social e política⁷⁰ do galego, materializábel nas campañas publicitarias e propagandísticas emprendidas polos membros das Irmandades. Ata ese momento eses espazos ficaran reservados ó castelán por mor da posición funcional e/ou social elevada. Á luz disto, cómpre interpretar como a Castela centralizadora, referente negativo de Galicia, conlevaba unha relación de escravitude

⁶⁵ *A Nosa Terra*, apartado “Lóstregos”, n.º 20 (30–5–1917), p. 5.

⁶⁶ *A Nosa Terra*, n.º 34 (20–10–1917), pp. 4–5.

⁶⁷ A peza teatral denomínase *Esclavitud*. *Drama en dous actos en prosa* (1906), cuxa edición correu a cargo da Librería Rexional d’Eugenio Carré. Vid. Campos Villar, ed. (2006), p. 22.

⁶⁸ Mariño Paz (1999), p. 400.

⁶⁹ *A Nosa Terra*, n.º 13 (20–3–1917), p. 5.

⁷⁰ Mariño Paz (1999), pp. 408–409, e Monteagudo (1999), pp. 398–399.

e a divulgación dun odio, sen ambaxes. Fronte á subordinación, postula a "autonomía nazonal", a liberdade de goberno galego e a federación das nacións peninsulares por medio da fórmula xurídico-administrativa da "Unidade Ibérica", que transformaría Castela nunha "nazón" irmá.

Malia careceren os pobos de "vountade"⁷¹ redentora, Carballal manifesta no texto "Unhos na soma e outros na lus"⁷² unha proposta evidenciadora da relación dialéctica esencia-aparencia.⁷³ Argüe o *status* de "nazón" coa historicidade, factor do ser de Galicia e lexitimador das demandas nacionais. Por outro lado, a acción centralista remárcaa coa superposición do castelán sobre o galego en forma de *diglosias funcional e social*.

A comezos do século XX, o catalanismo político de Enric Prat de la Riva e, sobre todo, de Francesc Cambó foi unha referencia no seo do nacionalismo galego. A repercusión estatal deste último trátaa no escrito "Cambó sinteuse en Madri",⁷⁴ no que a pronunciación de mitins en Donosti arredor do mes de abril de 1917 e en decembro en Santiago de Compostela respondía á pretensión de organizar diversas entidades anticaciquís e anticeutralistas. Pola contra, *El Heraldo de Madrid*⁷⁵ sérvelle para explicitar unha das reaccións negativas ás derivas nacionalistas catalá, vasca e galega.

Ante o ancoramento centralista, Iberia constituiríase cos territorios galego, catalán e vasco. Levaría aparelhada a salvación das rexións e das nacións conformadoras do Estado español en forma de autogoberno e prosperidade económica de Galicia, previo paso polo "soparatismo". Demóstrao con Polonia, que conservou a alma tradicional a pesar de eliminaren as fronteiras e repartido o territorio entre Austria, Rusia e Prusia.

⁷¹ No caso de ilustrármolo—los conceptos vontade e filosofía da historia acúdase ás obras de J. G. Fichte *Grundlage der gesamten Wissenschaftslehre* (1794) e *Grundlage des Naturrechts nach Principiender Wissenschaftslehren* (1796). Vid. Máiz (1997), pp. 64–78.

⁷² *A Nosa Terra*, n.º 15 (10–4–1917), pp. 3–4.

⁷³ Máiz (1997), pp. 307–311.

⁷⁴ *A Nosa Terra*, n.º 17 (30–4–1917), p. 2.

⁷⁵ Xornal que viu a luz dende o 29 de outubro de 1890 ata o 11 de marzo de 1939. En 1893, cando o adquiriu José Canalejas, perdeu o artigo do título. O fundador foi Felipe Ducazcal e a dirección foi exercida, entre outros, por Augusto Suárez Figueroa, José Gutiérrez Abascal, Eugenio González Sangrador, José Francos Rodríguez, Manuel Fontdevila, Francisco Villanueva e Juan Antonio Cabero. Trátase dun diario de información xeral que proporcionou noticias sociais, políticas e de sucesos, así como outras relativas a espectáculos e crítica teatral. A evolución ideolóxica comprende diversas etapas: a demócrata avanzada, a republicana e a socialista, motivo da suspensión en 1934. En 1906, foi mercado, ó igual que *El Imparcial* e *El Liberal*, pola Sociedad Editorial de España. Once anos despois, mostrouse a favor dos aliados na primeira guerra mundial. En 1923, posicionouse en contra do golpe de Estado e da Ditadura de Primo de Rivera. Vid. Biblioteca Nacional de España.

Un *status* político diferente de Galicia e o recoñecemento da personalidade propia volven ser obxecto de atención na colaboración “Os catro rexionalismos”.⁷⁶ Identifica as correntes do *parvismo*, o *centralismo*, o *libertismo* e o *nacionalismo*. Liña a liña enaltece esta última que, lonxe do cultivo e dos tópicos literarios pretéritos, utilizaba a prosa ó servizo da denuncia da precariedade do pobo galego. Por se non abundara, cualifica os membros nacionalistas como rebeldes e gardadores da “tradición” da raza galega. En palabras do noso escritor, o ser galego, a *nazón*, carrea un sacrificio pola patria e o dereito de gozar da liberdade.

En consonancia co mencionado en “Das nosas cativas lendas”, o texto “Por Galicia e por nós”⁷⁷ retoma a visión negativa do pobo e da cultura galega no continente americano. O compromiso cívico impúlsao a crítica—la ignorancia e o descoñecemento dos americanos verbo de Galicia, aspectos debedores, en boa parte, do autoodio e da pasividade da emigración galega. Subliña a exodiglosia da comunidade galega na diáspora, pola cal as funcións sociocomunicativas da franxa alta (xuntanzas das entidades societarias e ámbitos públicos dispaes) eran só en castelán. A solución viría coa recuperación de falantes e funcións, o que melloraría a proxección externa e o modo de se definir e se relacionar con outras comunidades lingüísticas.

Novamente no escrito “A malla dou comenzo”⁷⁸ achega pinceladas acerca da actitude contestaria e da conflitividade interna do nacionalismo.⁷⁹ Exemplifica o enfrontamento rexionalismo—nacionalismo coa “Fiesta de la Poesía Gallega”,⁸⁰ celebrada en Ourense no mes de xuño de 1917 a imitación da homónima coruñesa. A pasividade política do evento contrastou coa acusación dun dos oradores ós “rexio-

⁷⁶ *A Nosa Terra*, n.º 18 (10–5–1917), pp. 4–5.

A diferenza da equivalencia entre Estado e nación, manifestada durante a Restauración, o movemento político nacionalista concibía España como un Estado plurinacional. A descentralización económica e política comportaba a defensa dos intereses galegos mediante a superación de parámetros clasistas e/ou partidistas, a obtención dunha representación política propia e a reivindicación dun goberno para Galicia. Vid. Barreiro Fernández (1981) e (1982).

⁷⁷ *A Nosa Terra*, n.º 19 (20–5–1917), p. 6.

⁷⁸ *A Nosa Terra*, n.º 22 (20–6–1917), p. 3.

⁷⁹ A esa altura o galeguismo encontrábase nunha encrucillada sobre o posicionamento. Mentres o rexionalismo “ortodoxo de credo centralista” estaba a favor da inoperancia política, os compoñentes das Irmandades aspiraban a se constituír en forza política.

⁸⁰ O evento promovido por Rodríguez de Viguri contou coa colaboración de Hixinio de Ameixeiras e a intervención de Manuel Casás. Unha vez finalizado, enviouse un telegrama a personalidades da época (Filomena Dato, Antonio Maura, Manuel García Prieto e o conde de Romanones) con dous obxectivos, a solicitude de amparo ás aspiracións de Galicia e a declaración de fe na unidade da patria española. Vid. Beramendi (2007), pp. 446–447.

nalistas enxebres",⁸¹ consistente en cambia-la *patria chica* en nazonalidade [sic]. É máis, pouco tempo despois un membro da Irmandade denunciou no suplemento d'*A Nosa Terra* a asemblea ourensá por ser unha iniciativa *turnista* para obstaculiza-lo agromar protonacionalista.

O cruce de acusacións forneceuse coas polémicas de Casás e Antón Villar Ponte na *Gaceta de Galicia*.⁸² Aínda por riba, aviváronse con réplicas dun e doutro signo nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*. Por outra banda, o diario *El Mundo* xulgou negativamente as campañas de reconstitución da nacionalidade galega executadas, supostamente, polo suplemento coruñés.

Calquera persoa que se achegue ós textos de Carballal comprobará como a reconstrución espiritual e cultural de Galicia se erixe en chanzo necesario da transformación económica e moral. Con enfoque semellante, resulta comprensíbel a crítica realizada en "Sarcasmo e sacrilexo"⁸³ por dous aspectos fudamentais: a submisión centralista das familias caciquís galegas, moitas delas con representación nas Cortes Xerais, e a invocación do pensamento das máximas figuras do Rexurdimento galego (Curros Enríquez, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro) sen seren conscientes das súas pretensións redentoras.


Os escritos non ficcionais d'*A Nosa Terra* e boa parte dos relatos bosquexan o seguinte marco conceptual da identidade galega:⁸⁴

⁸¹ En opinión de Monteagudo (1999), considerábanse inicialmente "rexionalistas" os representantes principais das Irmandades da Fala, que prestaban unha especial atención ó elemento espiritual do pobo galego. Isto último motivou unha diferenciación fronte ó tardorrexionalismo, no que desempeñaba un papel relevante o enfoque económico.

⁸² Co fin de obteren máis información consúltense os artigos "Después de la Asamblea de Orense, el regionalismo gallego", de Manuel Casás, e "El regionalismo gallego", de A. Villar Ponte, publicados o primeiro o 16 de xuño e o segundo o 19 de xuño de 1917. No que se refire ó episodio da "Fiesta de la Poesía Gallega", Beramendi (2007, p. 447) ofrece unha visión exhaustiva.

⁸³ *A Nosa Terra*, n.º 23 (30–6–1917), p. 6. Foi publicado novamente na *Prosa didáctica (1916–1936)*. *Antoloxía*.

⁸⁴ O marco conceptual e a análise politolóxica partiron do cotexo dos textos de Carballal. Complementáronse coa información extraída dos libros de Beramendi (2007) e de Máiz (1984) e (1997). Precisamente deste último é o artigo "Raza y mito céltico en los orígenes del nacionalismo gallego: Manuel Murguía", dado a coñecer no n.º 25 da *Revista Española de Investigaciones Científicas*, que axudou a realiza-la conceptualización orgánica. Agora ben, a corrección alicérase no asesoramento e na supervisión de Francisco Martínez Hidalgo (doutor en Ciencia Política pola Universidade de Santiago de Compostela).



O noso escritor alicerza o núcleo xenético–estrutural coa raza; a terra; o *volksgeist*; a lingua, esteo sobranceiro da cultura; a historia asociada á tradición, e a morfoloxía social ruralista. Consonte o diagrama, a formulación identitaria vertébraa con elementos relacionais.⁸⁵

➤ En primeiro lugar, John Alexander Armstrong, en *Nations before Nationalism* (1982), asevera: «os grupos étnicos tenden a definirse a si mesmos non tanto por referencia ás propias características, senón máis ben por exclusión, isto é, por comparación negativa cos “estranxeiros”». ⁸⁶ Por conseguinte, o labor esencial da *intelligentsia* nacionalista foi elaborar e divulgar esa interpelación posicional–existencial.

➤ En segundo lugar, Carballal equipara realidades aplicándolles os esquemas políticos do momento. Observemos como reforza a identidade galega e a decisión de nacionalidade ó enmarcala dentro de nacionalidades interiores

⁸⁵ Máiz (1997), pp. 317–322, e Beramendi (2007), pp. 561–595.

⁸⁶ Máiz (1997), pp. 317–318.

existentes en estados plurinacionais europeos.⁸⁷ Isto derivase do *mythomoteur* céltico, fonte de extracción de tódalas potencialidades de semellanza.

➤ En último lugar, a etnia de reintegración recupera o ser nacional galego e vese influída polo iberismo progresista e federal. Estes dous aspectos explicitáronse na I *Asamblea Nazionalista* de Lugo coa inclusión da "Lusitania" nunha estrofa do himno galego e da igualdade de relacións con Portugal dentro da federación ibérica. Pola súa parte, Carballal dá conta disto nos fragmentos:

Fitan a Galicia polo cristal [de] Castela e atópana fermosa sin verlle a probeza e valente sin verlle a humildade. Lémbrense de Castela pra esquecerse de Lusitania. Son tan malos e desleigados fillos que odian a irmán de raza pra adicarlle os amores á madrastra. Son súas aspirazóns: axionllándose, arrastrándose, conquistar un anaco de liberdade pra chegar a libertos.⁸⁸

Nós degoramos a reconstitución das nazionalidades ibéricas pra en xuntanza con Portugal faguer da España enclenque e podre unha Iberia rica e forte, que non seia o mingo da próxima democrática Europa.⁸⁹

Dentro da formación discursiva do nacionalismo organicista, a raza⁹⁰ configúrase sumando a idea fisicista e o mito fundador da ascendencia celta. Velaquí varios fragmentos de relatos que evidencian esta conxunción:

*D. Manuel de Luís era home xa entrado en anos a quen riverenzaban e quírian na aldea X pola súa sabenza e polos sanos e bos consellos que daba a quen pedirillos iba. Corpulento, fornido e dreito coma un pino, era unha bella mostra da raza céltica da que era descendente, da que tiña corpo e corazón, e a ialma de neno; sana condizón que lle permitía sere altivo cos soberbos e bondadoso cos humildes.*⁹¹

CONDE (Sacudindo a cinza do chaleque).—*Tíveches unha gran idea, marquesa. Velaí unha fermosa maneira de pagare á xenerazón presente a débeda de gratitude que temos co labrego, encarnazón da raza, que soupo conservare limpa e san ó través dun tempo de doenzas contaxiosas, a fala, a base pirmordial da riqueza e prosperidade que disfrutamos hoxe. Sin ela, Galicia non sería Galicia; ficaría reducida a un anaco daquela España de touros e pandeireta que Deus confunde pra ben dela e noso.*

[...]

⁸⁷ Máiz (1997), pp. 324–325.

⁸⁸ “Os catro rexionalismos”, *A Nosa Terra*, n.º 18 (10–5–1917), pp. 4–5.

⁸⁹ “A malla dou comenzo”, *A Nosa Terra*, n.º 22 (20–6–1917), p. 3.


⁹⁰ Consúltese Máiz (1997), concretamente as páxinas comprendidas entre a 288 e a 296.

⁹¹ “Enxebreza”, *A Nosa Terra*, n.º 10 (16–2–1917), p. 7.

CONDE (Erguéndose).—*Seguireite eu, marquesa, e coma os dous pertencemos á antiga nobreza, e non á que fixeron nobre porque ennobrecéranse falando unha lingoa que por de bastardos tiñan, non teño dúbida algunha en que o moimento farase, e que o espírito da raza ficará polos séculos dos séculos representado pola figura labrega, única e lexitima representazón da ialma galega.*⁹²


Calquera análise politolóxica sobre a Galicia carballaliana precisa das *asociacións* (rexistro das relacións sintagmáticas contextuais de implicación) e da *constelación negativa*:

REDE DE ASOCIACIÓNS ACERCA DE GALICIA



⁹² "En tempos que virán", *A Nosa Terra*, n.º 38 (30-11-1917), p. 5.

REDE DE OPOSICIÓNS VERBO DE GALICIA



Carballal manexou a perspectiva de clase coa contraposición **pobo–elite**, de tal xeito que atravesa transversalmente dúas identidades, clase dominada e dominante, e establece unha conflictividade interna. Dedúcese, por tanto, o iberismo como estratexia das clases asoballadas de Galicia e Castela para unha futura irmandade e o "soparatismo" en canto alternativa de ruptura.

Outro dato fundamental témolo nas relacións de poder. Partía da dependencia, Galicia sometida por Castela, e pretendíaa trocar pola interdependencia ou a irmandade. Confeccionaba, xa que logo, a reafirmación da identidade galega asoballada e a reivindicación dun modelo identitario aberto, que tería por obxecto transforma-la confrontación dialéctica nunha colaboración complementaria. Este mapa conceptual articula un modelo político orixinal e similar ó federalismo contemporáneo, construíndo unha identidade poliédrica con máis importancia da achega colaboradora, no lugar da diferenciadora. De feito, a patentización das relacións centro-periferia abrolla na separación de poderes, o respecto á autonomía das entidades políticas, o mantemento e a posterior consolidación da relación entre os axentes políticos pertencentes ás comunidades.

Para delimita-lo alcance e evitarmos confusións convén recalcar que conxugou dous elementos protonacionalistas, o concepto rexionalista dunha Galicia distinta e a idea dunha nación reactiva, con outros protofederalistas, posibilitadores do asentamento das bases políticas. Iso si, o discurso carballaliano carece do obxecto político dun Estado federal e/ou plurinacional.

A todo isto, repárese na repercusión do rexionalismo federal de Aureliano Pereira,⁹³ constatábel nos textos do *Diario de Lugo* e *El Regional* e na participación na primeira e na segunda Asemblea Federal de Galicia. Deseñaba a nación orgánico-historicista e voluntarista co ideario político federal a fin de formula-la descentralización política. Vistas estas consideracións, o posicionamento carballaliano recibiu en maior ou menor medida a influencia de diversos postulados: a democratización da política, en especial o anticaciquismo, e a "Rexión" entendida como nacionalidade,

⁹³ **Aureliano José Pereira de la Riva** (Lugo, 1856-Madrid, 1906) sustentou o *Diario de Lugo* a pesar dos graves problemas económicos e as denuncias promovidas polo cardeal Payá. Dende 1884 ata 1893, dirixiu *El Regional*. En 1890, alentado por unha carta de Manuel Murguía, impulsou a constitución do Comité Rexionalista de Lugo. Nestes anos ocupou diversos cargos provinciais en representación do Partido Republicano Federal de Galicia. Unha vez abandonada a formación lucense, por mor da conflitividade interna, reposicionouse no Partido Liberal-Fusionista. Trasládouse a Madrid, onde conservou o galeguismo encardinado no filoobrerismo de carácter social.

Vertebrou o rexionalismo federal con dous trazos, o enfoque progresista e o republicanismo. No primeiro detectábase o laicismo, a secularización, a cercanía co movemento obreiro e as influencias do republicanismo radical e do socialismo utópico. O segundo dimensionábase coa imbricación de elementos ideolóxicos (racionalismo, anticlericalismo, igualitarismo etc.), descentralizadores (rexionalismo...) e políticos (sufraxio universal, parlamentarismo e pluralismo, entre outros). Este ideario difundiu nas conferencias "El Regionalismo", "El Regionalismo y la poesía gallega" e "Presente y porvenir de Galicia".

Cultivou a crítica da literatura medieval e decimonónica. En canto á obra grafada en galego, compuxo os poemarios *Cousas d'a aldea* (1891); *¡Terra, a miña!, integrado no folleto Poesías originales de D. A. J. Pereira e D. L. González, que han alcanzado respectivamente el premio y accésit de honor en el Certamen literario y artístico celebrado en Lugo el 6 de octubre de 1891*, e *A cova d'a serpe* (1892). Amais, encontrámo-los poemas "O simpático artista gallego Maximino Fernandez" e "¡Adios!", asinados como A. J. PEREIRA no *Diario de Lugo*, e dous máis, "O meu amigo Armando Miranda Palacio n'a morte d'o seu fillo" e "A Curros", coa rúbrica AURELIANO J. PEREIRA en *El Regional*. Vid. Máiz (1984), pp. 399-436; Rodríguez Valcárcel (1996); Máiz (1997), pp. 237-263, e Máiz (2006).

que se organiza na "raza", a historia, as tradicións, as institucións, a vontade política, a lingua e a conciencia nacional.

Nos anos 1917 e 1918, Carballal publicou vinte e tres relatos n'*A Nosa Terra*: "O cocho do «Princesa de Asturias»", n.º 7; "Enxebreza", n.º 10; "Ao pé do cruceiro", n.º 12; "¿Ti sei que dormes?", n.º 13; "E a noite de san Xuan...", n.º 14; "Cousas do sábado", n.º 15; "¡Ou libres ou mortos!", n.º 21; "A virxen de mármore", n.º 24; "Axúdate, que Deus te axudará", n.º 26; "A lenda do xutglar", n.º 30; "A dos ollos meigos", n.º 33; "En tempos que virán", n.º 38; "Un feito histórico", n.º 39; "Noite Boa sin festa", núms. 40–41; "O derradeiro beixo", núms. 42–43; "Axuda a tempo", n.º 45; "Si é parvo, non se persente", n.º 46; "Ficamos sin conto", núms. 47–48; "Rosíña a estatuaría", n.º 50; "O loitador", n.º 51; "A falla de estuios", n.º 52; "Si te portas ben...", n.º 53, e "Por aforro", n.º 55.

O día 24 de setembro de 1918 *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste* deu a coñecer outro relato, "O Conselleiro". En febreiro do ano seguinte, momento vencellado co esplendor da novela curta, principiou a segunda etapa da colección de novelas ¡TERRA A NOSA!,⁹⁴ imprentada pola Editorial Prensa Gallega.⁹⁵ Definíase esta iniciativa polo prezo barato, as pequenas dimensións, a ampla tiraxe, a periodicidade trimensual e mailo cultivo da narrativa e, en menor medida, dos xéneros poético e teatral.

Carballal foi o seu coordinador⁹⁶ máis activo ó solicitar orixinais e seleccionar autores. Precisamente, o 10 de marzo de 1919 saía na colección un libro del, *O tesouro acobillado*,⁹⁷ cuxo capítulo cuarto foi reproducido en *Prosa Galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*.⁹⁸

Os días 17 e 18 de novembro de 1918 Carballal asistiu en Lugo á I Asemblea nacionalista.⁹⁹ Co apoio da xunta xeral da Irmandade da Fala coruñesa,¹⁰⁰ Antón Losada presidiu e impulsou a reunión, que procuraba solventar aqueles puntos algo

⁹⁴ Monteagudo (1999), pp. 495–496; Alonso Girgado e Monteagudo Cabaleiro, eds. (2001), pp. 34–39, e mais Bernárdez, Ínsua, Millán Otero, Rei Romeu e Tato Fontaiña (2001), p. 26.

⁹⁵ Vázquez Souza (2003), pp. 127, 130–131; Barreiro Fernández, Xosé Ramón, "O nacionalismo galego", en VV. AA. (2007), n.º 24, XI, vol. 3, pp. 197–198, e Maceira Fernández (2014), p. 178. Cfr. Vázquez Souza con Maceira Fernández. Alén disto, convén apuntar que a editorial estaba xestionada polos delegados de Cambó Pere Muntanyola e José Alcrudo Gorchs.

⁹⁶ Maceira Fernández (2007), p. 51, e Maceira Fernández (2014), pp. 177–178.

⁹⁷ Couceiro Freijomil (1951), p. 224; Carballo Calero (1981), p. 513; Vilavedra, coord. (1995), pp. 107–108; Ledo Cabido, ed. (1999), tomo 4, p. 406; Alonso Girgado e Monteagudo Cabaleiro, eds. (2001), pp. 37–38, e mais Bernárdez, Ínsua, Millán Otero, Rei Romeu e Tato Fontaiña (2001), p. 26. Cfr. con Couceiro Freijomil (1935, p. 462), que o data en 1917.

⁹⁸ Cátedra de Lingüística e Literatura Galega (1976), pp. 210–214.

⁹⁹ *Sen sinatura* (1918b) e Ínsua (2016), pp. 265–271.

¹⁰⁰ Fernández del Riego (1983), pp. 31–33, e Beramendi (2007), pp. 464–467.

confusos. Contou coa presenza de sociedades e do organigrama completo do primeiro nacionalismo (Ramón Cabanillas, Alfonso Daniel Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Lois Peña Novo, Vicente Risco, Victoriano Taibo, os irmáns Villar Ponte...), así como a adhesión de entes agrarios e numerosas personalidades da vida cultural, social e económica da época (Eduardo Lence Santar, Xavier Montero, Aurelio Ribalta, en representación do Secretariado de Galicia [Madrid], e Avelino Rodríguez Elías). O acto supuxo o comezo da liña programática do nacionalismo galego coa definición de Galicia como "nazionalidade", xa que o concepto rexión non englobaba tódalas necesidades e tampouco os problemas do país.

O día 18 saíu á luz *Ao pobo galego. Manifesto da assembleia nazionalista de Lugo*, reproducido nos números 73 e 74 (5-12-1918) d'*A Nosa Terra*.¹⁰¹ Recolle a primeira afirmación explícita de Galicia como nación. O programa ideolóxico estruturábase en catro seccións: *política*, que abarca a igualdade de dereitos entre o home e a muller, a eliminación das deputacións provinciais e a autonomía municipal e integral galega; *xurídica*, salientábel pola substantividade do dereito foral galego; *económica*, vertebrábel coa repoboación forestal forzosa, coa postura favorábel á política librecambista e coa atención ós obstáculos arancelarios, ferroviarios e da produción agropecuaria, e *artística*, nomeadamente a soberanía estética da "Nazón Galega". Dous anos despois, consolidouse a concepción nacional coa *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco.

Desde o 7 ata o 9 de novembro de 1919, en Santiago de Compostela desenvolveuse a II Asemblea nacionalista¹⁰² con menor afluencia que a lucense. Aínda que se trataron aspectos vencellados a diversas parcelas (emigración, turismo, estética, iberismo e cultura),¹⁰³ predominaron os acordos socioeconómicos, por exemplo a solicitude da construción do ferrocarril costeiro e o establecemento das Escolas Agrícolas en Galicia.

A comezos de 1921, na xunta xeral ordinaria da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos,¹⁰⁴ presidida por Lois Peña Novo, aprobouse a memoria da xestión da directiva e deuse o visto e praxe a algúns artigos do regulamento e ó envío dunha

¹⁰¹ *Sen sinatura* (1918a) e Ínsua (2016), pp. 271-272.

¹⁰² *Sen sinatura* (1919c), *Sen sinatura* (1920), Beramendi (2007), pp. 661-664, e Ínsua (2016), pp. 307-314.

¹⁰³ Valórase o idioma e a cultura galega nos apartados 28º, "Imprantación na Universidade de Santiago das Cátedras de Dereito, Estoria, Língua e Literatura galegas", e 34º, "Téndose acordado trocar a Academia da Língua castelana en Academia das línguas hespañolas, levando a ela o catalán i o éuskaro, con esquecemento do galego, logo de protestas contra este absurdo esquecemento, pidire que o noso idioma cultívase tamén n'aquela corporación".

¹⁰⁴ "Las juntas del domingo. «Reunión de artesanos»", n.º 870 (4-1-1921) de *El Orzán*.

A propósito da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, esta sociedade cultural e de beneficencia naceu na Coruña en 1848 e continúa existindo a día de hoxe. Fundouse para ser un centro de socorros mutuos dirixido só ós artesáns e sen lles permiti-la entrada a cregos, militares e patróns. A introdución de actividades variadas (bailes de máscaras no Entroido, representacións teatrais etc.) motivou o control por parte da burguesía liberal herculina. V. Tarrío Varela, dir.

felicitación a dous ex-presidentes da entidade, José María Ozores de Prado e José Pan de Soraluce, pola investidura de senadores pola provincia da Coruña. Despois de abordaren asuntos económicos, escolleuse a directiva para o ano en curso: Francisco Ponte Blanco (presidente), José García Fernández (vicepresidente), Federico López Bailly (tesoureiro), Baltasar Suárez Andrade (contador), Augusto Barreiro Noia e Sebastián Naia Sánchez, os dous como secretarios, e os vogais Felipe Urioste, Ricardo Carballal e Jerónimo Vázquez.

Entre o 16 e o 18 de abril, Carballal, canda outros galeguistas (Ramón Cabanillas, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo, Lois Peña Novo, Vicente Risco, Victoriano Taibo, Francisco Vázquez Enríquez, os irmáns Villar Ponte, Xoán Vicente Viqueira etc.), asistiu en Vigo á III Asamblea nacionalista.¹⁰⁵ Algunhas decisións foron o estreitamento de relacións con Portugal, o encargo a Vicente Risco de elaborar un plan pedagóxico do ensino galego (conclusión 16ª) e a creación de comisións coa finalidade de analiza-los atrancos agrarios, a unificación lingüística, a reclamación de crea-las Facultades de Ciencias e de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela (conclusión 15ª). Dende o punto de vista interno, faltou a avinza entre o sector coruñés, partidario da actuación política, e o ourensán, posicionado a favor do traballo cultural, da postura abstencionista e da acción política fóra do sistema vixente.

Ante a deriva caótica do nacionalismo, Carballal, Ramón Villar Ponte e Víctor Casas aproveitaron a xuntanza olívica para promover un partido secreto nas Irmandades da Fala, que non se chegou a materializar. Caracterizaríase por se integrar cos afiliados máis comprometidos e por lle prover ó nacionalismo un enfoque disciplinado e activo.¹⁰⁶

Lonxe de se acouga-la confrontación interna do nacionalismo, forneceuse coa destitución do director d'*A Nosa Terra* Antón Villar Ponte, epistolarios privados (Antón Losada-Vicente Risco / Antón Losada-Antón Villar Ponte) e artigos como "A política e o Nazionalismo", de Ramón Villar Ponte, publicado sen sinatura no n.º 2 (xaneiro de 1922) do *Boletín Mensual da Irmandade da Fala de Ferrol*.¹⁰⁷

Con este panorama, durante os días 18, 19 e 20 de febreiro de 1922 tivo lugar en Monforte de Lemos a IV Asemblea nacionalista.¹⁰⁸ Se ben o regulamento favorecía o control do grupo ourensán, os membros da irmandade herculina estiveron presentes. Tras triunfa-la postura cultural, o primeiro acordo do bando ourensán foi a fundación dunha efémera Irmandade Nazionalista Galega. Con todo, o sector coruñés, integrado

¹⁰⁵ *Sen sinatura* (1921), Beramendi (2007), pp. 667-672, e Ínsua (2016), pp. 343-354.

¹⁰⁶ Carta remitida por Vicente Risco a Antón Losada (festividade de Corpus de 1921). Vid. G. Beramendi (1991), p. 23, e Beramendi (2007), p. 669.

¹⁰⁷ Datos extraídos de Ínsua López (2004) e Beramendi (2007), pp. 672-674.

¹⁰⁸ *Sen sinatura* (1922a); VV. AA. (1981), p. 283; Fernández del Riego (1983), p. 34; Villares (2004), pp. 386-388; Beramendi (2007), pp. 674-681 e 683-690, e Ínsua (2016), pp. 389-403.

por membros como Víctor Casas e Lois Peña Novo, mantiña acesas as arelas da reunificación ó respectaren as teses contrarias. Iso si, declarábase partidario da actividade política, da participación nos comicios electorais e do activismo das institucións. Pausadamente, os afiliados e as entidades locais decantáronse por unha ou outra corrente.

Lafourcade morreu na Coruña o 16 de decembro de 1922.¹⁰⁹ Ó día seguinte, foi enterrado envolto coa bandeira galega. No cabodano da súa morte, a redacción d'*A Nosa Terra* inseriu un artigo encomiástico.

Carballal foi un dos que traballaron decote e sempre con fondo entusiasmo pol-o engrandecimento sin limitacións da nosa Galicia. Nas «Irmandades da Fala» foi un dos namorados do Ideal e por él traballou e loitou aínda nos derradeiros tempos da súa vida doente xá da doenza que o levou a acougar na Terra que tanto amou.

Nós, que tanto quixemos a Carballal, mentras con nosco loitaba pol-o abrangemento d'un fermoso porvir para a Nosa Terra, privados para sempre da súa querendosa compañía, réstanos somentes unha recordación e veneración á súa lembranza que durará canto nós duremos. O nome de Carballal se non borrará endexamaís do noso pensamento.¹¹⁰

O 9 de agosto de 1928 a Editorial Nós recompilou no libro *De min pra vós (Contos do Pobo)*¹¹¹ vinte relatos aparecidos n'*A Nosa Terra* ó longo dos anos 1917 e 1918 (“O cocho do «Princesa de Asturias»”, “Ti sei que dormes”, “A virxen de mármore”, “Ao pé do cruceiro”, “Axúdate, que Deus t' axudará”, “A lenda do xutglar”, “Noite do sábado”, “En tempos que virán”, “É a noite de san Xuan”, “A dos ollos meigos”, “Noite Boa sin festa”, “O derradeiro beixo”, “Si é parvo, non se persente”, “Axuda a tempo”, “O loitador”, “Si te portas ben...”, “A falla d' estudos”, “Rosiña a estatuaría”, “Por aforro” e “Ficamos sin conto”). Levan o encabezamento “De min pra vós” no decenario *A Nosa Terra*, agás un deles, “Ti sei que dormes”, que nutría as páxinas de *Airiños d'a miña terra* e *Suevia. Revista Gallega*.

A relevancia literaria compróbase na introdución de sete dos textos reseñados (“O cocho do «Princesa de Asturias»”, “A usura do tío Chapapote”, “O milagre de san Ramón”, “Ao pé do cruceiro”, “¿Ti sei que dormes?”, “E a noite de san Xuan...” e “Enxebreza”) na *Antoloxía Gallega*, da autoría de Leandro Carré Alvarellos, que non chegou a termo.¹¹² Salvando o relato “O milagre de san Ramón”, o resto de textos

¹⁰⁹ *Sen sinatura* (1922b), Couceiro Freijomil (1951), p. 224; Carballo Calero (1981), p. 513; Fernández del Riego (1992), p. 72, e VV. AA. (2003), tomo 7, p. 202.

¹¹⁰ *Sen sinatura* (1923).

¹¹¹ Couceiro Freijomil (1935), p. 462; Couceiro Freijomil (1951), p. 224; Lanza Álvarez (1953), p. 51; Fernández del Riego (1992), p. 72; Vilavedra, coord. (1995), pp. 107–108; Roig Rechou (1996), pp. 95–96, e Ledo Cabido, ed. (1999), tomo 4, p. 406.

¹¹² Real Academia Galega. Fondo Carré Alvarellos 90/1 1–2.

extraéronse das páxinas d'*A Nosa Terra*, tal e como se comproba no tipo de letra e o encabezamento.

O noso escritor cultivou a poesía, a narrativa, a prosa política e a oratoria. Singularizábase pola naturalidade, a sinceridade, o dinamismo, a sensibilidade e as fondas conviccións ideolóxicas e morais.

1.1. Escolma de colaboracións xornalísticas

A mediados do século XIX empezou a se asentar na sociedade galega a idea de dispoñer Galicia dunha identidade propia e independente. Dende o mencionado momento ata as dúas primeiras décadas do século XX, o cultivo de xéneros literarios e a paulatina substitución do receptorado castelanfalante polo galegofalante, unido á aparición dalgunhas institucións proclives a actividades do tipo dos xogos florais, carrexoulles ós/as autores/as prestixio e visibilidade social. Estamos, entón, ante un potencial público dotado dunha fecunda mitificación detectábel en tres emblemas e autoridades (Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal) que alicerzaban e validaban calquera iniciativa política e artística.¹¹³

A implantación do ensaio e das modalidades non ficcionais no sistema literario galego promoveuna a figura do intelectual, motor do desenvolvemento real da lingua no estadio *ausbau* (elaborado), a través da prosa e a diversidade temática, estilística e estética. Así pois, a *intelligentsia* protonacionalista, liderada polas Irmandades da Fala, concedíalle un papel preponderante á cultura no posicionamento ideolóxico e nas actividades de dignificación do galego, promocionándoo de *dialecto a lingua nacional*.¹¹⁴

Nesa liña, Carballal escribiu once textos de temática heteroxénea. Dunha banda, o mecanismo teleolóxico da identidade galega articulábase en distintos obxectos políticos propios, como a conceptualización nacional de Galicia e a construción plurinacional do federalismo ibérico. En certa medida, este último trazo implicaría o principio das nacionalidades e o dereito das minorías nacionais a se constituíren xuridicamente en Estados, auspiciado isto último polo *Tratado de Versalles*¹¹⁵ (28 de xuño de 1919). Doutra banda, o enfoque cultural procura a dignificación e a defensa da lingua galega e mailo dimensionamento do sistema literario galego.

¹¹³ Beramendi (2007), pp. 590–591, e Figueroa, Antón (2010), *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*, Bertamiráns: Laiovento, col. Ensaio, n.º 265, pp. 57–62.

¹¹⁴ Monteagudo Romero, Xosé Henrique (1996), “Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, pp. 63–108.

¹¹⁵ A denominación orixinal é *The Treaty of Peace between the allied and associated powers and Germany. The Protocol annexed thereto, the Agreement respecting the military occupation of the territories of the Rhine, and the Treaty between France and Great Britain respecting Assistance to France in the event of unprovoked aggression by Germany*. Signed at Versailles, June 28th, 1919.

Texto	Localización	Sinatura	Temática
“Das nosas cativas lendas” ¹¹⁶	<i>A Nosa Terra</i> , nº 2 (24–XI–1916)	RICARDO CARBALLAL	Sociolóxica
“¿Até cando?”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 5 (25–XII–1916)		
“Lóstregos”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 13 (20–III–1917)	V. ULCANO	Ideolóxica
“Unhos na soma e outros na lus”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 15 (10–IV–1917)		
“Cambó sinteuse en Madrí”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 17 (30–IV–1917)	RICARDO CARBALLAL	
“Os catro rexionalismos”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 18 (10–V–1917)		
“Por Galicia e por nós”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 19 (20–V–1917)		Lingüística
“A primeira baixa”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 20 (30–V–1917)		Información cultural
“A malla dou comenzo”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 22 (20–VI–1917)		Información política
“Sarcasmo e sacrilexo”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 23 (30–VI–1917)		Literaria
“Teatro galego”	<i>A Nosa Terra</i> , nº 34 (20–X–1917)		Información cultural

Para unha idónea comprensión do escritor reproducimos aqueles escritos non ficcionais máis representativos:

a) Das nosas cativas lendas¹¹⁷

Da lenda que nós temos polo mundo adiante, lenda cativa e miserabre de pobo palurdo e retrógr[ar]ada rexión, nós, e somentes nós, témo-la culpa.

Nosos irmáns, os levados do corazón da montana ou do val ás vilas —Cruña e Vigo— pra embarcar pra América, son os levacontos e portadores do fio con que texen os alleos —máis que ningún os fillos de Castela— as lendas que nos erixiron nas súas fantasías, infradas polos nomeados irmáns, e a[s] que van desfaguendo non por ver adianto en nós, sinón por ir eles apañando o necesario anaco de cultura pra poder xusgar un pobo.

¹¹⁶ Figura no efémero apartado "Tribuna libre". A redacción sinalaba que non se responsabilizaría do contido e que publicaría aqueles traballos sen calumnias e de boa calidade.

Cfr. con Ledo Andión (1982, p. 112): "A «Tribuna Libre» que enceta Ramón Carballal cun texto costumista non chegará a ter vida propia, tampouco vai adiante a bonita sección «Os nosos clixés» que entenden como o retrato literario-apoloxético dun persoeiro" [*o subliñado é noso*].

¹¹⁷ *A Nosa Terra*, sección "Tribuna libre", n.º 2 (24–11–1916), pp. 5–6.

Hoxe, xa non somos pra os alleos aquíl currunchos de España onde nadían homes que falando remedaban os cans; hoxe, que aínda non nos conocen máis que coma casteláns, xa nos xusgan de outra maneira e téñennos por uns de tantos descendentes do Quixote, sendo isto do que non debemos termar baixo ningún conceuto. Non podemos, e na nosa concencia istá, permitir que nos conozan coma casteláns tendo tanto que mostrarlles pra faguelos estudarnos como gallegos. I esta labor que recai hoxe sobre "Os amigos da Fala" cairá mañán sobre a rexión enteira.

A pior enfermidade do noso pobo é unha profunda probeza de espírito, amostrada en moitos ordens da nosa vida rexional. Probeza de espírito, sobre todo a que amostremos na fala, que temos que enriquecer primeiro que ningunha. Nas vilas vese con gran sentimento que a maior parte dos pais néganse abertamente a que os seus fillos falen o gallego, non porque lles prive de adeprender ben o castelán, sinón porque dempois ó falalo o fan con ben marcadas mostras de acentuación gallega, i eso pra os tales pais parécelles que di moi mal. ¡Probiños!... Si tal fan os encauzadores da nova xeneración, da xeneración que ten que loitar polo resurxir da Galicia próspera e frorescente, pouco coidado se nos pode dar que os alleos ó ouírnos falar digan pra os seus adrentos; *¡Bah, es un gallego!*, e cando millor nos traten *¡Hombre, que lástima, pues si es gallego!* Cousas istas que non din cando escoitan falar castelán a un catalán, a un vasco ou a un valenzano, aínda tendo máis acentuación rexional que nós; a isos non llelo din, porque non fan tampouco o que faguemos nós, ter medo de falar na nosa lingoa en calquer sitio do mundo que non seia Galicia, i ese noso medo, isa falla de civismos rebaixa o noso idioma; iles, que teñen ese valor cívico que nós non temos, fan rubir e codear as súas lingoas coas principaes do mundo.

Cando nós fagamos iso, cando nós ó chegar a outras terras i entre elas a América —terra onde parez que temos todos a misión de ir seguindo a ruta do descubridor do Novo Mundo arrempuados polos ventos de Castela ou pola maldición de ista terra ó ser negada por aquíl fillo—, e falemos publicamente a nosa lingoa, cousa que hoxe non faguemos, ¡ai!, daquela xa lle daremos á nosa fala o valor que deste xeito lle roubamos ó escondernos pra falala.

Eisí que a vós, pais de familia, aerroxadores da vontade dos vosos fillos faguéndolles falar una [sic] lingua que non é a nosa; a vós, irmáns que vivides lonxe dos vosos lares esquencidos sinón da patria polo menos do voso idioma, vos suprico que pensedes millor os uns e pensedes máis alto os outros. Non temades o falar a lingoa que a Natureza nos impuxo ós aldraxes dos alleos, que quen tal fai é un bon fillo e o que tal non fai é un vendido fallo de honor, de patria e de vergonza.

RICARDO CARBALLAL

b) ¿Até cando?¹¹⁸

Non tería nada de estrano este diálogo:

—Oye, tú, causará buen perjuicio la detención de trenes.

—Bah, es pa los gallegos.

A natureza co nevar e os gobernantes, feitos aínda máis neve que a mesma neve —polo frescos— tivéronnos incomunicados datas abondo do resto de España, poñéndonos á altura das selvas do corazón de África. Por unha parte, as bulras da compañía de Ferrocarrís do Norte e, por outra, o centralismo non poñendo coto ás bulras de aquila, faguendo istán con nós canto merecemos, pois unha rexión que terma de bulras de estranos e de aldraxes de gobernantes ben merecido ten canto lle aconteza e canto acontecernos poidera.

Noxo dá preteñecere a unha rexión coma a nosa con fillos cheos de unha mansedumbre borreguil raiana en escravitude; vergoña dá ser fillo de unha rexión que fronte á aldraxe de tal natureza non erguese alritada, chea de carraxe, non en demanda de cremencia, que iso queda pra os pobos escravos, sinón esixindo cumprimentos de xusticia, que é o que fan os pobos libres.

As voluntás e o temperamento dos pobos adoito manifestados foron nas estrofas dos seus vates. Galicia, até o de agora, non tivo —agás pequenas esceuciós— estrofas viriles nin valentes onde se vira refrexado o sangue de lume do pobo celta; Galicia, até o de agora, non tivo máis que mestres chorós que cal donas bulradas nos seus amores choraban coma coitadas agardando pola volta da rivindicación da súa honra. E iso non é o que debérase faguernos ver, sinón amostrarnos en cada unha nosa muller unha María Pita i en cada un noso home un Pardo de Cela.

Hoxe que se esquirbe en prosa, hoxe que enmudeceron os vates pra deixar ouír a vos dos loitadores da boa causa da nosa terra, un lento e siguido espetar de redención bulindo vai nas almas gallegas. Un fogo abrasador, fogo patriótico, caldea o sangue das veas de unhas ducias de bos gallegos, que loitan por contaxiar co seu mal ó resto dos irmáns en Galicia, por máis que eiquí, fóra do mal da morriña, mansedumbre e caciques, non hai mal que contaxie. O centralismo inmunizounos contra os demais males.

Fronte ó aldraxe que agora istamos sufrindo de parte do goberno, todos, completamente tódolos fillos de ista rexión, erguernos deberamos como un soilo home protestando enerxicamente contra o abandono e aislamiento en que nos teñen e si vésemos que de iste xeito non chegabamos a nada, rogarlle deberamos destonces con profunda fe a quen a neve manda pra que nola mandara a puñadas na fronteira

¹¹⁸ *A Nosa Terra*, n.º 5 (25–12–1916), p. 5.

até que chegara ó ceo. E incomunicados e soparados quedaramos pra adoito polos sigros dos sigros. Amén.

RICARDO CARBALLAL

c) Lóstregos¹¹⁹

¿Na nosa porpaganda e nas nosas prédicas debemos empregar o matiz doce e soave da nosa fala, cal marmulo de bandeira frotando sobor terra redimida? Non. É nosa obriga, tendo en conta que no noso pobo hai espritos pasmados e concenzas dormidas, falar baril i ergueitamente pra que esperten, falar recio e forte con brilar de lóstregos e retumbar de tronos, coa bravura do noso mar cantareiro e zumbón, co ronco fungar do vento das suradas ó pasar polo piñar de piño en piño en afougantes apertas.

Si a un pobo que atopase amarrado de pés e mans ó cepo da escravitude se lle fala dos seus dores e da liberdade que non ten; si se lle di que o caosante dos seus males é bon e que o sere escravo obedece somentres a que nadeu predestinado pra o ser, ise pobo con triste surrisa e mal enxerguida nobreza ascoitará nosas prédicas sin un rápido brillo de carraxe nos ollos, nin un convulso estremecimento de rebeldía no corpo.

Si a ise pobo lle falamos, en troques, de cote que a escravitude que sofre é filla do seu apoucamento e da probe condizón que ten de asomellarse ó can que lambe medoso a man do tirano que deixa cae-la tralla enriba do seu lombo; si a ise pobo enseñámoslle a sentir odio e non agarimo contra o amo que o magoa moral e materialmente; si a ese pobo lle faguemos ver que val cen veces máis que aquel que o ten agrilloado, ise pobo ten por forza que conmoverse até o fondo da súa ialma e sentire correr polas súas veas morna sangue que chegará ó corazón chea de odio pra tocarse alí en agarimo e devozón pola ideia que hoxe non sinte. Percisamente por iso, porque non odia, e o pobo que persoal ou coletivamente non sinte odios ou celos non pode ter ideial algún coma lle acontece á nosa terra.

¿Quen nos magoa? ¡Castela! ¿Quen nos aldraxa? ¡Castela! ¿Quen nos impón tributos e trabucos sin be[ne]ficio algún en troques? ¡Castela! ¿Quen nos mide co un embudo ancho, moi ancho pra ela e abondo de estreito pra nós? ¡Castela! Pois si Castela nos magoa, aldraxa, chucha e aerroxa, ¿non temos dreito, ó menos que se pode ter dreito, a sentir odio contra ela? Enxergo que si; enxergo que estamos no deber de inieitar ise odio no corazón dos nosos irmáns non pra esnaquizala nin pra atentar

¹¹⁹ *A Nosa Terra*, n.º 13 (20–3–1917), p. 5.

contra ela, sinón pra arrebatarlle os dreitos que sobor nós non ten, pra faguer dela en ves de a Castela centralizadora unha Castela irmán que sexa grande e forte como tódalas nazóns irmáns, pra que tamén sexa máis grande e forte a Unidade Ibérica.

Si chegamos a inieitar e acochar no fondo da ialma dos galegos ese odio á Castela centralista, inieitado e acochado quedaría na ialma dos galegos o amore a Galicia que hoxe desgraciadamente non sinten, porque ou pensan que están ben e cren acharse no soñado paradiso ou porque non cren nin pensan en nada, caosas a unha e a outra moi naturaes pra non sentir nin agarimo nin odio... ¡Probe e desgraciado pobo!...

Por iso, volvo e repito que hai que falar forte e recio decindo verdaes a puños. E deixémonos de lirismos e choriqueos que si nos dan vida á ialma mátannos o corazón, en troques, e déixanos insensibres ós aldraxes e ás bondaes coma si foramos momias.

Os «Amigos da fala» témo-la obriga de berrar até que nosos irmáns esperten do sono de escravos en que agora viven e que unha ves espertos sántanse os seus ruxidos de odio no corazón de Castela. Os «Amigos da fala» emprendimos unha loita boa e santa, boa e santa porque o porvir de Galicia e o de tódalas nazóns irmáns ten a súa base na autonomía nazonal.

Cansos de pedire bon goberno e o non atopar, deseiamos liberdade de goberno non pra soparmos de España, sinón pra xuntarnos máis, pois a vella nai que ten fillos ricos e fortes rica e forte vese ela, e non como é agora unha vella probe e desvalida, sin máis forza que a sona do que foi, e que atópase coma os probes das romerías nunha beira do camiño Europa coa man estendida pendente o seu vivire das limosnas ou be[n]eficios que as nazóns que van e veñen lle queiran dar.

V. ULCANO

d) Unhos na soma e outros na lus¹²⁰

Os pobos, coma os homes, que non teñen forza de vountade pra se redimir, que non souben ou non queren dar un pulo da escuridade de *non ser* en que viven á lus do *ser* en que vivir podían, ou teñen os ideiaes castrados ou acóchanse nos seus adentros xérmenes de escravos.

Canso estou de escoitare ós nosos irmáns que atópanse de toda conformidade coas nosas loitas, de escoitare que láianse dos dores que nos laiamos nosco, de que faguía falla un rimedio súpeto pra os nosos males.

¹²⁰ *A Nosa Terra*, apartado "Lóstregos", n.º 15 (10-4-1917), pp. 3-4.

A cada galego que faledes dos problemas a risolver polos *Amigos da Fala*, vos dirá que fan ben, que iso debера faguerse xa fai tempo, que o movemento se demostra andando e que son dinos da axuda moral e material de tódolos fillos de Galicia.

Mais isos que eisí vos falan, o non fan con calor, con entusiasmo, con fogosidade. Falan do mal patrio coma o enfermo que atópase desahuciado pola cencia fala dos rimedios que non hai pra curare o seu mal de morte, a súa crónica doenza, que finará cando Deus queira ou o demo carregue co el.

Eisí que, por indiferencia, o obreiro; por non entendernos, os parvos; por in-comenencia, os que co réximen de agora fan o seu *agosto*; por medo, os empregados da nazón; por parecerlles *cursi fala-lo galego*, isa disgraciada praga de siñoritingos da clas media, que son o noxo de tódolos pobos, a impedimenta, o estorbo de tódolos ideias; todos, compretamente todos, axudan a que a araña centralista teza¹²¹ sobor a nosa terra a maraña retróg[r]ada ou paralítica do *non ser* e sobor dos nosos miolos a tela do oscurantismo que non nos deixa ver nin vislumbrar siquera a lus, a sacrosanta lus da redenzón da patria.

Nosco, os Quixotes, os tolos, os que sendo obreiros pensamos que a eterna loita do capital e o traballo ten máis camiños pra conqueri-la victoria que o estreito rego marcado ó socialismo, rego que chamaría solitario, ausolutista, alleo ós demais problemas afíns á súa causa; os que non temos intereses creados nin perxuicio algún; os que pertencendo á clas media perferimos a outura dos obreiros coa andorga chea á outura dos señoróns con fame de esmoleiros; os que perferimos o emprego da lingoa galega, que é a nosa, a empregar unha lingoa de prestado; nosco, repito, somos e seguiremos sendo os testa ferros, os gardadores da nosa tradición,¹²² os simentadores da rexeneración da nazonalidade galega.

Vosco, os que pasivamente nos gabades, os que o sentides e non podedes falar, os que sentides orgulo de ser galegos porque tedes pra Galicia un altar drento do peito, anque decide-lo contrario coa lingoa pequena, vinde a nós, que ó fin houbedes de vir, e todos cobixados baixo a bandeira galega loitemos sin trégoas, unhos na soma e outros na lus, até que a vexamos a ela e as das nazóns irmáns frotando ergueitas e maxestosas sobor do fondo amarelo e vermello, que serán os cores do símb[o]lo da unidade das nazóns da Iberia.

V. ULCANO

¹²¹No texto plásmase "texa".

¹²²Co termo tradición alúdese á Historia transformada en contemplación das esencias inmutábeis da nacionalidade, *etnos* e *gea*. Vid. Máiz (1997), pp. 159–160 e 311.

e) Cambó sinteuse en Madrí¹²³

*Pra o bon irmán D. Dámaso Calvo,
polo valente artigo rexionalista pubricado no xornal «El Noroeste».*

Cambó, o *leader* do nazonalismo catalán, pronunciou en San Sebastián un valente e baril discurso, que fixo magoaduras en Madrí. Foi o primer tiro de resbalón que recibeu o centralismo rozándolle algo máis que o pelexo. O *Heraldo de Madrí* eisi o dou a enxerguer nas súas columnas ó laiarse e pedir ó goberno que empregue man de ferro sobor os porpagandistas do *nazonalismo*, que, según o tal xornal, non é outra cousa que un encuberto *soparatismo*.

Tiña de ser. Cataluña regando oía, eras unha cantilena de tolos. Loita agora por cantar a dúo con Baskonia e os tolos xa son dous. Máis tarde cantarán en trío con Galicia, e han ser tres... Un trío, ¡xa pode cantar algo!... O *Heraldo*, pregoeiro da meseta, defensor da vila-cova, onde cobixanse os mandaríns prohombres da España clásica, cúrase ou pertende curarse en saúde. ¡Paréceme tarde!

Os movementos *nazonalistas* de Cataluña, Baskonia e os nadentes de Galicia teñen de ir por forza pr[e]ocupando a Castela. Non á Castela irmán que percisa no que toca á vida rexional un troque de réximen de goberno coma o percisamos nosco, sinón á Castela madrasta que cifra as súas esperanzas nazonales nun bon serán do Galo, nun mal paso da Chelito ou nun bon paso do *coxo*. Os tres soles da España chulesca que brillan con lus propia: o *coxo* o da mañán, o Galo o do serán, a Chelito o da noite.

Cataluña, Baskonia e Galicia, mentras o corazón de España, podre de vello e morto por consunción, busca inhieicións de vitalidade nas fortes e salvaxes emocións de un circo taurino, que é circo de morte, buscan elas no probrema europeo da fundazón de nazonalidades, que é circo de vida, inhieicións de morte pra o cáncer centralista que ó roer as entranas de España, roe tamén o enxendro Iberia que leva no seu seo. Iberia da que debemos coidar que non morra en embrión ou nada morta. Iberia que a salvando salvaremos a vida e prosperidade das rexións ou nazóns que a compoñen, e a non salvando, salvaremos soamente a cativa e noxenta vida da España centralista de touros e pandeireta.

O noso *soparatismo*, pese ó *Heraldo*, é lóxico, benfeitor, patriótico. Soparándose as nazóns ibéricas espritoalmente; vivindo nunha compreta independencia gobernadas por si mesmas, teñen de rubir economicamente coma a escuma por souber onde teñen as doenzas pra apicarlles o remedio, coma na cibdade o veciño, o industrial e o comerciante souben millor que o auntamento o que fai falla pra encauzar polo camiño da prosperidade: súa casa o pirmeiro, súa industria o segundo e seu comercio o terceiro.

¹²³ *A Nosa Terra*, sección "Lóstregos", n.º 17 (30–4–1917), p. 2.

Ninguén pode dubidar os difrentes usos e costumes que teñen entre si as nazóns que compoñen a carrancenta España; ninguén pode dubidar que isos usos e costumes, i en algunhas delas a fala, son fronteiras feitas pola natureza, máis difinidas, concretas e infranqueabres que as feitas polos homes co un trazo imaxinativo a capricho e vountade das nazóns máis fortes. A mostra témola en Polonia. Dende fai máis de un século borradas foron as súas fronteiras e repartido o seu territorio entre Rusia, Austria e Prusia pra maior gloria dos tres imperios e oprobio da civilización. Polonia coma nazón desapareceu do mapa, mais a Polonia espritoal, a gardadora da ialma tradizional polaca, vive sempre, vivirá irredenta, agriloada, escrava, mais latexando de cotío baixo os xugos imperiales coa esperanza de *volver a ser* coma será, si mañán o imperio dos zares coa borrachera do trunfo non deixa de cumprir o que lles ofreceu en mouros días de loita e de perigo nazonal.

Logo, España é un conxunto de nazóns con fronteiras de abondo ben marcadas e, polo tanto, non é un pobo composto de unha mesma familia. Eisí que o *soparatismo* de que fala con espanto o *Heraldo* atópase feito e non é mester faguelo. *Soparatismo* que non leva outra maldade drento de si que unhos deseios lóxicos e xustos de que se reconozca oficialmente o que de feito e dereito xa é.

Cálmese, sérénese, vólvalle a tranquilidade ó corpo ó *Heraldo* e co el a Castela. *Os nazonalistas* non pertendemos sopararnos das nazóns irmáns e faguer de España un novo territorio balcánico. Noso ideal é erguer nosas nazonalidades á outura das alemanas e faguer de todas xuntas, unidas máis que agora, unha forte unidade ibérica polo xeito da confederazón xermánica —sin a odiosa mancha do militarismo—, a suíza ou a da América do Norte.

Adiquen o *Heraldo* e demais xornaes de Madrí as súas columnas e o tempo que perden en falar das corridas de touros ós problemas nazonales, e farán ante o pobo que pensa dos Pirineos pra arriba e non do Estreito pra abaixo labor sana, digna e patriótica. Ise é o xeito de faguer patria. Non, consultando as vidas e milagres de danzantas, toureiros e coupletistas por un *Caballero Audaz* que endexamais tivo a ocorrencia de faguelo con Cambó, que camiña dereito, sin torcerse, polo sendeiro de unha nova eira de progreso, de liberdade e de xusticia.

Mais si o *leader* do nazonalismo non apareceu consultado nos ilustrados, non lle pese nin por iso desmaie. Abóndelle souber a Cambó que sin ser danzante síntese o ar dos seus xiros vertixinosos; sin ser toureiro, produceu escalofríos seus arrestos e valentías, e cantando, agás que un grilo, ascóitanse no corazón de Castela coma berros de un pobo esfameado, canso de escravitudes, súas lexanas notas *nazonalistas*.

RICARDO CARBALLAL

f) Os catro rexionalismos¹²⁴

Ende que o rexionalismo tomou cartas de natureza na nosa terra, surxiron catro xeitos de rexionalistas: parvistas, centralistas, libertistas e nazionalistas. Si os non concedes, volos persentarei.

PARVISTAS

Son a forza maior, mais súa forza é pasiva, dormida, morta, inútil pra o ben e pra o mal. Forza que constituíe a nosa xuventude falla de fe e de crenza, pola que pasa a vida, insensibelmente, coma pasa polas penas baixas da costa a rompente do mar.

Si len o non fan por adeprender, pois atópanse fallos de senso pra elo; len os filósofos pra impoís nomeándooos na conversa ou en esquirtos, adquirir unha miúda capa de varní de falsa cultura.

Son os eternos escravos do *di ben*. Si algún dos prohombres a quen miran de xionllos —non porque defenda o ideal *ache* ou *be*, sinón por se-lo xefe ou caudillo— o viran comendo cañotos —que algunhos os comen ás acochadas— pola rúa, tende por seguro que os labregos atoparían unha fonda riqueza na venda do que agora queiman por non servire pra outra cousa. Teñen o mundo por un xigantesco escaerio onde hai que brilar e ter lus, inda que ista seia coma a dos fogos fat[u]os que sendo lus non alumea e sendo fogo non quenta.

Pra eles pertencer a unha agrupación idealista percisan ver na lonxincua un cárrago de brillo ou un emprego de estroncio. Os ideaes en que non hai próximos froitos, onde a labor é anónima e fai falla fe e costancia sin ter en premio nin unha soia e triste gabanza, non sirve pra eles. Son por ser, non son porque o son.

CENTRALISTAS

Os verdadeiros rexionalistas de folk-lore. Non son aitivos nin pasivos: non son nada. Gaban en castelán a fermosura do noso idioma e a dozura dos nosos cantos porque o ouíron dicir, non porque o sintan nin o comprendan. Naderon eiquí, coma puideron nader no Exipto, na China ou no Congo, pois ista clas de homes sin vountade son fenómenos con que a sabia natureza creba o conxunto viril de unha raza.

Pra eles non hai outro ideal que as cousas feitas. Atoparon feito o centralismo e centralistas son. Si naderan escravos, seguirían sendo a mansedume do boi que guiado por cativo rapás o sigue a onde aquel o leve, sin lembrarse que con somellante don abóndalle non a forza que ten, sinón o soio peso do seu corpo pra desfaguerse del co un sinxelo tirón da corda.

¹²⁴ *A Nosa Terra*, apartado "Lóstregos", n.º 18 (10–5–1917), pp. 4–5.

Son os probes de espírito que viven da esmola que lles dan. O verbe *rebeldía* o non teñen no seu dicionario. Onde os poñen, están.

Eles virán ás filas do nazionalismo, cando o nazionalismo esté feito. Son homes a colocar de menos servizos que os calendarios de parede, pois mentras istos teñen unha folla pra cada un día, eles soio dispoñen, en troques, de unha pra todo o ano: a de momias.

LIBERTISTAS

Paxaros de conta. Escravos ó fin, acostumbrados á tralla do dono, e que, tendo puxos de redimirse e ser libres, queren dar un pulo até quedarse en libertos pra non botar de menos a influencia do dono.

Pregoa un rexionalismo con certos ribetes nazionalistas. Rexionalismo que hai que conquistar —según eles— sin estridencias de linguaxe, con noxenta humildade, con panos quentes. Aconsellan tempranza por rebeldía, agarimos por odios e silencio por berros, coma si de iste xeito chegáramos a conquistar o máis pequeno adianto pra nosa terra ou coma se iso non fora o que se veu faguendo até o de agora.

A nosa lingua pra eles é letra morta. Queren a Galicia en castelán e ó cantarlle os seus quereres, soio fan adicarlle en cada agarimo unha poutada i en cada gabanza un aldraxe.

Fitan a Galicia polo cristal [de] Castela e atópana fermosa sin verlle a probeza e valente sin verlle a humildade. Lémbrense de Castela pra esquecerse de Lusitania. Son tan malos e desleigados fillos que odian a irmán de raza pra adicarlle os amores á madrasta. Son súas aspirazóns: axionllándose, arrastrándose, conquirir un anaco de liberdade pra chegar a libertos.

NAZONALISTAS

Sómoslos nosco. Os *bos e xenerosos* que empregamos o noso idioma nunha prosa baril i ergueita, que os que a non entenderon non souberon faguer. Temos poetas e tampouco choran: ¡berran! Cabanillas, Rodríguez González, Taibo,¹²⁵ López Abente e algunchos máis que istán con nosco falan da terra asoballada pra pedir xusticia e das inxurias pra pedir venganza. Son poetas nazionalistas, dos que non choran nin se laian

¹²⁵ **Victoriano Taibo García** (Santiago de Compostela, 1885–Vigo, 1966) realizou a especialidade de Educación Primaria (Maxisterio). Impartiu docencia nas localidades Ponte de Mera, Couzadoiro (Ortigueira) e Vigo. Mantivo amizade con Manuel Antonio e foi discípulo de Ramón Cabanillas.

A obra consta de tres poemarios: *Abrente (versos orixinais)*, dado a coñecer en *El Eco de Santiago* en 1922; *Da vella roseira, cántigas orixinás* (1925), setenta e cinco coplas que se nutren da inspiración popular e folclórica, e *Da agra aberta, contos e lendas* (Vigo, 1956), recompilación de contos populares e costumistas. En conclusión, os libros denotan saudosismo, descritivismo e reivindicación patriótica. Vid. Carballo Calero (1981), pp. 600–601, e mais Bernárdez, Ínsua, Millán Otero, Rei Romeu e Tato Fontaíña (2001), p. 25.

coma femias. Siguen a escola de Curros e Pondal, os visionistas, os que mantiveron alceso ó través de unha época de poetas chorós e de homes castrados o agarimo á patria.

Temos fe na loita e esperanza no porvir da nazón galega. Sómo—los rebeldes, os que ñoramos a humildade, os que empregamos estridencias de linguaxe, os que predicamos odios pra recoller tempestades e que elas caian sobor os curpabres do noso asoballamento. Sómo—los gardadores da tradizón da nosa raza, o pequeno feixe de enxebres que han dar exemplo ás concencias dormidas dos nosos irmáns. Os que coidamos que o sacrificarnos pola patria é un deber e o loitar pola liberdade un dereito. ¡Ou galegos ou nada!

RICARDO CARBALLAL

g) Por Galicia e por nós¹²⁶

América garda pra nós coma ouro en pano unha tradizón do noso pobo, baixa, rastreira, noxenta. Tradizón que erixiron na súa fantesía tropical —fantesía fogosa e polo tal falla de senso— ó tratar unha ducia de paisanos nosos e xusgar polos feitos deles ó pobo galego. Demostrazón dunha compreta falla de cultura non nos ouservados, sinón nos ouservadores.

Enxerguido teñen por aló e xúsgannos a tan baixo prezo que coidan que na nosa terra os probes viven en covas e os ricos en cortellos. Non poño nin quito. Pasei anos de abondo co eles e pódovos decire que entre persoas de relativa cultura xúsgannos diste xeito. De eiquí a admirazón que sinten cando algún deles vén á nosa terra. Ademíranse os seus probes espritos de que nós teñamos tal número de adiantos e que teñamos vilas poboadas, en troques de anacos de terra, co unha tenda de campaña eiquí e outra alí a xeito de caravanas xitanas.

A fala nosa téñena por ouveo de cans e ó ouíla, sintense predispostos á risa e non tratan de disimulalo, non rinse na faciana de quenes o falen. De nós non lles agrada máis que unha cousa: a música. Ascóitana con ledicia, i enténdena e vena en todo o seu esplendor, porque a música de calquer terra que seia, amóstrase espida, limpa, sinceira, tal coma é, sin que seia mester o estudiala nin buscar unha persoa que lla esprique. Métese ouídos adrento e vai dereita sin intermediario algún a atacar o senso máis sensible. Si nos leran, que non nos len; si nos ouíran falar enxebremente, que non nos oíen, tamén a nosa lingoa crecería ante eles e até serían, entón, entusiastas admiradores da nosa meiga fala, coma o son outros que chegaron a enxerguermos.

¹²⁶ *A Nosa Terra*, sección "Lóstregos", n.º 19 (20–V–1917), p. 6.

¿Como han de ouír fala-lo galego si os nosos irmás, inda eiquí, lles dá vergoña o falalo? ¿Como o han de ouír si nosos irmás ó chegare ás terras americás ven que os nosos, que alí viven, nin en público nin privado empregan o galego? ¿Hai unha sociedade galega en toda América que nas súas xuntas empregue a lingoa da súa terra coma o fan os catalás e os vascos? Pois si nós non—a falamos por tela por fala cativa e miserabre, ¿que non pensarán dela os alleos?

Por iso, é mester que xurda fondo, outo, suidoso o agarimo á patria. É mester que os nosos irmás de América volvan pola nosa aldraxada persoalidade e a ergan ante os alleos á outura a que ten dereito. É preciso que falen a nosa lingoa non no seo das súas sociedades, que iso por de contado deben faguelo, senón nas rúas, nos cafés, en cantos lugares públicos se atopen. Teñen que faguer ver, teñen fonda obriga de faguelo, que a lingoa galega non é ouveo de cans coma os alleos coidan, sinón unha lingoa doce, mimosa e garuleira agarimando e forte, baril i ergueita na xenreira.

Si non teñen valor cívico pra faguelo, ascoiten os catalás, ascoiten os vascos, a isos bos fillos que non negan o seu orixe negando a súa nai. A isos endexamais, ben gabados matriotas que acusan a persoalidade nazonal alí onde se atopan, seia a terra que seia.

Non fan, non, coma os nosos que ó pouco tempo de atopárense na América os finos convírtense en cubanos, mexicanos, arxentinos etc., os afutos en castelás e os bestas en *malajeños*. En todo, menos en galegos.

E iso non ergue a nosa persoalidade nazonal nisas terras onde tan aldraxada e guindada polo chan se atopa. Eisi, dise xeito, o que se fai é darlle afirmazón á lenda noxenta e miserabre que nos pinduran¹²⁷ e afincar máis na concencia dos alleos o desprezo que deben sentire por tódalas nosas cousas.

Nistes tempos en que benfeitores ventos de redenzón cruzan pola nosa terra, cheguen eles ós nosos irmás de América i ergan a bandeira da rivindicazón alí onde fai tanta falla, alí onde pregan os galegos cultos que o non digan que o son, pois ó decilo, ó confesalo perden unha enormidade diante eles.

Lémbrense da matria onde un feixe de enxebres loitan sin trégola polo rexurdimiento da nazón galega con todo o brillo i esplendor de que é merecente, seian dos bos e xenerosos que cantou Pondal, e falando galego e pensando en galego ergan aló o bon nome de Galicia ante os alleos, que da persoalidade eiquí nos encarregaremos nós.

RICARDO CARBALLAL

¹²⁷ Figura "pindurano".

h) A malla dou comenzo¹²⁸

por RICARDO CARBALLAL

Os malladores de adoito, os eternos malladores do pobo galego, dispostos veñen á malva. Coa mangureira en outo e o pértego pindurando, suxeto polo xugo, veñen valentes e afoutos sobor de nós. Xa diron algunhos pertegazos, mais os mollos de palla onde os batiron son tan xuntos, tan enxoiros, tan rebeldes que os pértigos diron un pulo de recuada e a bater foron con forza na faciana dos malladores.

O revoo que o tal feito fixo non é pra contalo. Ten esprica: estaban afeitos á malla sin contratempos. Nos «Amigos da fala» atopáronos e aínda atoparán máis coma Deus queira e nós non nos neguemos. Houbo malla no Ferrol e malla na Cruña. O grau non—o atoparon por ningures por empregar pértigos mercados en Castela. Pra dar co noso grau hai que traguelos da nosa terra, e feitos a mantenta.

Aló, na cibdá das Burgas, unhos cantos bos señores que endexamais sentíronse galegos tiveron o mal acordo de faguer unha festa da poesía galega, festa non feita pra rendir pleitesía á nosa lingoa nin pra adicare unhos verbes redentores ós problemas da nosa terra. Falaron sinxelamente por falar. Coidan sere renomados tribunos, sin fixárense que soio son faladores de ofizo que falan en vísporas de enche—la andorga, ou éñchena pra despois falare. Un diles —non cito o nome por non sere do noso agrado ensañárenos co caído— falando en repersentazón dos rexionalistas galegos dixo o que din todos aqueles rexionalistas ortodoxos de credo centralista: que iles, os que levan o nome de Galicia nos labres coma escada pra rubir á meseta, son os bos, os matriotas, os que loitan por soste—la integridade do Estado —iñoran que Estado e nazón non son o mesmo— e que nós, os rexionalistas enxebres, os que temos valor e civismo pra chamarnos nazionalistas, sómo—los ruís, os que queremos trocar en nazonalidade a *patria chica* e pertendemos desmembra—la nazón (?)¹²⁹ española coas nosas tendenzas separatistas.

Foi unha festa galega falada en castelán e pensada pra sere ouída en Madrí. Alí onde se atopan os que han salvar non a matria galega —cousa insinificante pra iles—, sinón os *leaders* rexionalistas de novo cuño, que non perden ocasión de amostrear ós donos da meseta os servizos que prestan, coma fan os lacaios pra abranguer máis soldada. Mais istos ó faguer tales feitos tan soio queda malferida a dinidade. Nos outros non, e isto sería o de menos en xentes que non teñen máis azo, vountade nin pensamento que a disciplina do partido. Nos outros hai máis perda, hai a perda da liberdade dunha terra que de abondo se atopa escravizada.

Ben istá que se arrastren, que se axionllen, que se vallan de cantos medios queiran pra chegare ó cumo dos seus degoros; ben istá que busquen en Castela o que eiquí non

¹²⁸ *A Nosa Terra*, apartado "Lóstregos", n.º 22 (20–6–1917), p. 3.

¹²⁹ Así aparece no artigo.

atoparían; ben istá que nos abandonen, que nos deixen soios na loita que sostemos; ben istá até que reneguen de sere galegos; mais o que n—istá ben, nin pode sere, nin podemos consentilo, é de que tomen por escada pra rubir á meseta a bandeira rexionalista.

E non—o consentimos, non. Nosa portesta fixémola sentir nunha folla supremento do boletín que espallada foi por toda Galicia, negando a un dos falangueiros da festa da poesía galega —¡que abofé foi unha festa!— a repsentazón que se abrogou do rexionalismo galego, e na que lle botamos por terra canto alí dixo i espuxo sobor do tema rexionalista, que eiquí pra entre nós, e que ninguén o seipa, demostrou tere unha moi mala intenzón coma galego ou un compreto desconecimento do que trataba coma home de sabenza.

Craro istá que a tal folla fixo as súas magoaduras e dou lugar a que saíra nos xornás *La Voz de Galicia*¹³⁰ e *El Ideal Gallego*¹³¹ unha carta do falangueiro, onde nos xuntaba —siguindo a mala intenzón— cos republicanos e onde nos poñía —siguindo o desconecimento— por separatistas. Mais tres dos irmás —eisé, sin ache— que non se dormen nin din parvadas e aborrecen os xantares, contestáronlle ó outro día en cada un dos xornás da Cruña á súa carta e resultou o que tiña que resultare: un rexionalista de doublé e un pensadore a longo plazo.

E en Madrí, onde os xornás non ocupábanse de nós pra cousa algunha, van comenzando a seguírno—los pasos dendes que os «Amigos da Fala» comenzamos a portestar e a dar berros. Derradeiramente o xornal *El Mundo* fala do noso supremento e di que son *campañas antipatrióticas, torpemente toleradas*, coma as de Cataluña e Baskonia, termiñando co seguinte comentario: *No se trata de reivindicar la lengua gallega, ni siquiera de aspiraciones regionalistas, que en la hoja se repudian, sino de reconstituir la nacionalidad gallega.*

¹³⁰ Este xornal xurdiu na Coruña o 4 de xaneiro de 1882. Levou varios subtítulos: "Diario político y comercial", "Diario ilustrado, político y comercial" e "Diario político y mercantil". Fundárono Juan Fernández Latorre, José M. Martínez e Antonio Prieto Puga. Ademais de Fernández Latorre, dirixiu, sucesivamente, Ventura García Rivera, José Lombardero, Marcelino Dafonte Bermúdez, Rafael de Roda, Eladio Fernández Diéguez, Miguel Sawa Martínez e Alejandro Barreiro Noia, entre outros. Saíu do prelo dos talleres de Vicente Abad Torregrosa e Castor Míguez. A redacción e administración estivo en diversos lugares, como o n.º 19 da rúa san Andrés, baixo; o n.º 113 da rúa san Andrés; rúa Montoto, a carón da praza de María Pita, e o n.º 1 da rúa Santiago.

Mantivo un posicionamento liberal, republicano, librepensador, democrático—progresista e anticlerical, mais co estalido da guerra civil española adquiriu unha fasquía franquista. Algúns dos colaboradores foron Marañón, AZORÍN (pseudónimo de José Martínez Ruiz), Eugenio d'Ors, Ramón Pérez de Ayala, Álvaro Cunqueiro e Isaac Díaz Pardo. Vid. Santos Gayoso (1990), pp. 243–247.

¹³¹ Subtitulado "Diario católico, regionalista é independente", saíu na Coruña o 1 de abril de 1917. Fundado por José Toubes Pego, foi dirixido, entre outros, por Alfredo García Ramos, Jacobo Varela de Limia, José María de Santiago de la Graña y Charfolé e Alfredo Paredes Bravo. As dependencias da redacción e da administración contaron con varias localizacións, entre elas o n.º 22 do Cantón Grande e a avenida de Rubine.

A relación de colaboracións acolleu a Pedro de Llano López, Enrique María Santos Bugallo e José Luis Bugallal y Marchesi. V. Santos Gayoso (1990), pp. 512–515.

Certa, moi certa, é a tal afirmazón. Nós degoramos a reconstituzón das nazonalidades ibéricas pra en xuntanza con Portugal faguer da España enclenque e podre unha Iberia rica e forte, que non seia o mingo da próxima democrática Europa.

i) Sarcasmo e sacrilexo¹³²

por RICARDO CARBALLAL

Rosalía, Curros, Pondal... Tres nomes que deberan sere sagrados prós fillos de Galicia e invócanos moi a miúdo un fato de desleigados de andorga chea e corazón baldeiro coma bandeira de loita prós seus fins políticos e por sere políticos persoaes.

Non hai auto ou festa galega, sin galego, onde istes desleigados atópanse que non fagan a invocazón do finado triunvirato. E, ¡pola nobre acordanza de Breogán!, meus señores, falar de Rosalía, Curros e Pondal na lingoa de Castela, conecendo a obra galeguizante que cada un dos tres deixou feita e a loita que sost[iv]eron por erguer e porpagar o noso idioma que arrincaron ós labregos i espallaron polas vilas —onde si o falan o non sinten—, coido que é un sarcasmo. Invocare a Curros e Pondal que a cotío degoraron días de redenzón prá terra asoballada e irredenta, os que pregoan un rexionalismo escravizante, que aínda enxugará máis a nosa terra ó centralismo, coido que é un sacrilexo.

Esquencido teño que si Curros e Pondal viviran, os que hoxe invócanos coma mestres, non—os seguirían nas súas doutríñas rexonalistas. Tampouco iles os ademirirían nas súas fías; estarían con nosco, coma istán Cabanillas, Rodríguez González, Taibo, López Abente, Ribalta, Cabo Pastor,¹³³ Francisca Herrero,¹³⁴ tódolos poetas que teñen na súa lira a *corda muda*, que tiña a de Curros e da que nos falou na *Encomenda*.

¹³² *A Nosa Terra*, sección "Lóstregos", n.º 23 (30–6–1917), p. 6. En 1997, foi reproducido por Goretti Sanmartín Rei na *Prosa didáctica (1916–1936)*. *Antoloxía*, pp. 141–143.

¹³³ **Francisco Cabo Pastor** (Ferrol, 1872–1973) exerceu a Medicina. Escribiu o volume *Versos gallegos. Cantigas e cousas da nosa Terra* (Ferrol, 1929) e a novela *Semprenoiva*, n.º 13 na colección CÉLTIGA. Vid. Carballo Calero (1981), p. 511.

¹³⁴ Carballal grafa Francisca Herrero, aínda que posibelmente se refira a **Francisca Herrera Garrido** (Oleiros, A Coruña, 1869–A Coruña, 1950). Morreu antes de le-lo discurso de ingreso na Academia Galega. Cultivou a poesía con *Sorrisos e bágoas* (Madrid, 1913), *Almas de muller... ¡volallas na luz!* (A Coruña, 1915) e *Frores do noso paxareco*, volume segundo da colección ¡TERRA A NOSA! (20–5–1919). Na parcela narrativa foi autora dos libros *Néveda* (A Coruña, 1920); *A y–alma de Mingos*, n.º 8 (1922) da colección CÉLTIGA, e *Martes d'antroido*, n.º 6 (1925) da colección LAR. Vid. Carballo Calero (1981), pp. 493–498, e Bernárdez, Ínsua, Millán Otero, Rei Romeu e Tato Fontaiña (2001), pp. 14, 26 e 153. N'Os *escritores galegos ante a Guerra Civil Española 1936–1939* (2006, pp. 93–102), Xesús Alonso Montero ten sinalado as condicións "non feminista" e "reaccionaria radical" da escritora. Esta última característica constátase nas oito cartas dirixidas ó hispanista francés Philéas Lebesgue, que foron exhumadas por Antón Figueroa en *Lecturas alleas* (1996). Delas, só unha está redactada en castelán e o resto en galego.

Falan diles porque as cousas que dinse en verso non teñen eiquí a importancia das ditas en prosa. Os poetas na nosa terra son admirados pola imaxinazón e non polo pensamento. En Galicia sería unha parvada o pensare que se repetira o feito de Gabriel D'Annunzio¹³⁵ en Italia.

Na actualidade témo-la mostra. As poesías do noso gran poeta da raza, poesías de loita nas que dinse cousas tan fortes coma en calquer artigo dos máis valentes de A NOSA TERRA, publicáncas xornaes que a ningún prezo publicarían un artigo no que dixerase o mesmo. Recentemente, un xornal da Cruña, que fírenos á zamurda, publicou a poesía *Meu carriño*,¹³⁶ de Cabanillas, coma a cousa máis sinxela do mundo. E o noso gran poeta di:

*¡Non collas pra chan alleo!
¡Non me leves a Castela
que non quero nada d-ela
xa que arrenegou de nos!*

.....
*Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida
y-o dor da Terra ferida
de treidores e ladróns.*

*¡A y-alma galega dorme,
a santa Ideya está morta
e tés que ir porta por porta
encendendo os corazóns!*

Berra por vilas y aldeas,

¹³⁵ **Gaetano Rapagnetta** (Pescara, 1863–Gardone Riviera, Brescia, 1938), máis coñecido polo nome ficticio GABRIELE D'ANNUNZIO, trasladouse a Roma en 1881. Foi coñecido pola vida libertina e o traballo xornalístico na *Cronaca Bizantina*, en calidade de colaborador e director. Logo de se refuxiar en Francia, a causa das débedas, voltou a Italia, onde posibilitou o triunfo do sector partidario da intervención na primeira guerra mundial. Rematada a contenda bélica, na que acadou popularidade polos servizos militares, defendeu na súas *arditi* a anexión de Fiume, que ocupou e abandonou obrigado polo goberno italiano. En 1924, nomeárono príncipe de Montenevoso e por volta de 1937 presidente da Academia de Italia.

Compuxo os poemarios *Canto novo* (1882), *La chimera* (1889) e *Il poema paradisiaco* (1893). Neles latexa a primacía da decadencia europea e a existencia estética do poeta. No tocante ó xénero novelístico, a idea do superhome, de inspiración nietzschiana, definiuna nas obras *Il trionfo della morte* (1894), *Il fuoco* (1900) e *Forse che si forse che no* (1910). Tamén foi autor dos textos dramaturxicos *La figlia di Jorio* (1904) e *La fiaccola sotto il moggio* (1905), nos que aborda os temas do titanismo, o nacionalismo e a moral heroica. Vid. VV. AA. (1991).

¹³⁶ Figura en cursiva.

*que hai que vingal—a inxusticia
dos que teñen a Galicia
axugada c—un cansil.*

Enxergo que di algo, pois coma il dixo Curros e coma il dixo Pondal. ¿A que, pois, invocalos quen proclama un rexonalismo coma o da nova fornada que non quer a Galicia máis que polo nome pra que lle val[!]a de escada pra rubir á meseta, outa cume dos seus degoros? ¿A que, pois, invocalos quen soio busca na porpaganda galeguista (?) que vai faguer un meio de nomadía —o da acta non—o verá— xa que o outro meio da *vara* finoulle? Fai, e fan a tal invocazón, pra engadar ós parvos, pra escudare trais de tan sagrados nomes a cativa intenzón que teñen prá nosa terra. Mais nós conecémolos de abondo e quitarémoslles as caretas ós que con caretas andan. Pra vivire no ideal rexonalista non hai que tere tapuxos nin pensamentos non limpos, que o lar galeguista é de vidro e vese dende fóra.

Fagan porpagandas pra escravizarnos, vá[!]anse de cantos meios teñan a man pra destruíre a nosa santa obra redentora, creben dunha ves a pouca liberdade que nos queda, en mercede ós seus amos, mais respeten a acordanza de nosos mestres finados, ós que a maior devozón que poden amosrarlles é soamente, sinxelamente, non lembrárense diles, que as lembranzas que lles poidan adicar son sarcasmos e as oracións sacrílexos.

Seian sinceiros unha soia ves, falen co corazón na man e confesen que a lexítema, a verdadeira invocazón que poden e deben faguer non é outra que a dos Riestra, Besada etc.,¹³⁷ que son os que loitan e loitarán sin tomare folgos por vere a Galicia, á Galicia que tanto queren, libre de... libertadores coma nosco, da persoalidade galega. ¡Terra a nosa!

¹³⁷ Trátase das familias dos monteristas, bugallistas, gassetistas, riestistas e besadistas que controlaban a política, a sociedade e a economía galega dende a Restauración do sistema liberal (1834) ata ben entrada o século XX. Os axentes caciquís garantían o reparto asimétrico de deputados entre as formacións liberal e conservadora, encabezadas, respectivamente, por Práxedes Mateo Sagasta e Antonio Cánovas del Castillo.

Así as cousas, en Galicia existían tamén as agrupacións políticas republicana, carlista, socialista e galeguista. Dentro desta última comprobamos diferentes opcións teóricas: o provincialismo, o federalismo e mailos rexionalismos liberal, tradicionalista e federal. Vid. Moreno González, Xan (1978), *El federalismo gallego en el sexenio 1868–1874*, Santiago de Compostela: USC/Facultade de Xeografía e Historia, memoria de licenciatura; Barreiro Fernández (1982); Máiz (1984), (1997) e (2006), e Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “A representación política de Galicia”, en VV. AA. (2007), n.º 24, XI, vol. 3, pp. 38–83. Cfr. o federalismo con Vilas Nogueira, Xosé (1973), “Federales e rexionalistas galegos no XIX. Un exemplo de mistificación histórica”, *Grial*, n.º 42 (decembro), pp. 430–436, e Beramendi (2007), pp. 266–276.

II. O escritor e a literatura coetânea

2.1. Poesía

Ó falarmos dun escritor de principios do século XX descoñécese a cantidade exacta de composicións. Polo momento, sabemos que a obra poética está formada por vinte e un poemas, dez en galego e once en castelán, publicados entre 1905 e 1912 coa sinatura R. CARBALLAL LAFOURCADE, a excepción de “¡Emigrache...!” e “Carta pra XAN D’OUTEIRO”, o primeiro coas iniciais R. C. L. e o segundo co pseudónimo O ABADE.

➤ *Follas Novas* reuniu catro poesías en galego: “¡Emigrache...!”, n.º 430 (27–8–1905), p. 7; “Melanconias”, n.º 435 (1–10–1905), p. 3; “Xusto refrán”, n.º 440 (5–11–1905), p. 5, e “Melanconias!”, n.º 445 (10–12–1905), p. 3. Por outra banda, en castelán figura o poema “Vida real”, n.º 434 (24–9–1905), p. 4.

➤ *Santos e Meigas* abrangue tres poemas en castelán: “Mi Espíritu”, n.º 1 (9–8–1908), p. 6; “Desnudeces”, n.º 3 (23–8–1908), p. 45, e “Los duros sevillanos”,¹³⁸ n.º 6 (20–9–1908), p. 89.

➤ *Airiños d’a miña terra* ofreceu no n.º 8 (20–8–1909) [p. 2] a composición galega “¡Morriña!”.¹³⁹

➤ *Suevia. Revista Gallega* incluíu os textos “Cordas novas”, dado a coñecer no n.º 5 (2–10–1910) [p. 9] e reproducido no n.º 25 (4–8–1912) [s. p.] de *Suevia. Revista ilustrada*, e “¡Non xogues!”, aparecido no n.º 8 (27–10–1910), p. 11. No que respecta ó castelán, viron a luz dous textos: “Mujer de fuego”,¹⁴⁰ n.º 3 (18–9–1910), p. 13, e “Necesito un libro”,¹⁴¹ n.º 4 (25–9–1910), pp. 6–7.

➤ *Suevia. Revista ilustrada* contou cos poemas en galego “Co–as tuas parolas”,¹⁴² n.º 19 (23–6–1912), e “Carta pra XAN D’OUTEIRO”, n.º 23 (21–7–1912). Nese medio encontramos cinco máis en castelán: “Escaramuzas”, n.º 15 (19–5–1912); “¡De otros días!...”, n.º 16 (26–5–1912); “¡Tan solo la lengua!...”, n.º 18 (16–6–1912); “En la alta noche”, n.º 20 (30–6–1912), e “A Baco”, n.º 27 (18–8–1912).

➤ *La Alborada* contén a poesía galega “Nouturnio” no n.º 9 (3–3–1912), p. 8.¹⁴³

¹³⁸ Coa dedicatoria “Para mi amigo Lorenzo Touzet”.

¹³⁹ Dátaa o 20 de xullo de 1909 na Habana co ofrecemento “Para el querido coterráneo é ilustre orador señor Angel Barros”.

¹⁴⁰ Leva a dedicatoria “Para Salvador Rueda”, a raíz da súa poesía á muller galega “Mujer de heno”.

¹⁴¹ Co subtítulo “Suplicado al buen amigo T. Solloso”.

¹⁴² Ofreceo a unha persoa cercana, “Pr’a miña boa amiga Anxeliña Gonzalez”.

¹⁴³ Encomenda o escrito a Manuel Curros Enríquez a través do tópico “Honrando a memórea d’o inmortal Maestriño”.

Malia non efectuarmos unha exhaustiva análise poética, sinalaremos deseguido os eixos temáticos:

- O compromiso cívico con Galicia e as súas xentes maniféstase mediante tres vías: o enxalzamento da terra galega (“Morriña”), a redención do país por medio da figura do bardo (“Cordas novas”), e a denuncia dos males sociais, nomeadamente a emigración (“¡Emigrache...!”) e a difamación exercida por algunhas persoas, materializada esta última na crítica "tonta" dos "genios del local" da Cacharrería (“Necesito un libro”).
- Enfoque intimista para se lembrar da nai morta (“Melanconias”) e de "Anxela", esta última cunha impronta celta (“Co—as tuas palabras”), así como reflexionar (“Vida real” e “Desnudeces”) e amosa-lo impulso vital (“Mi Espíritu”).
- A gabanza de Manuel Curros Enríquez (“Nouturnio”) e Salvador Rueda (“Mujer de fuego”).
- Alén da crítica satírica da sogra, en “¡Tan solo la lengua!...”, o amor déctase en calquera grao: a declaración (“Melanconias!” e “En la alta noche”); a confesión (“Escaramuzas”), cun matiz crítico acerca da imposibilidade de coexistir "boda" e "moda", e a pena (“¡De otros días!...”).
- Outros temas son a inspiración popular (“Xusto refrán”), na que o eu lírico bosquexa a "trifulcada" feita a un rapaz á beira do río Guadalquivir; a información da época, como a existencia de moeda sevillana sen cuñar (“Los duros sevillanos”), e maila mitoloxía (“A Baco”).

2.2. Crítica e clasificación periodolóxica de Carballal Lafourcade

2.2.1. O interese polo autor e a recepción da súa obra

En 1919, a sección "Follas Novas" d’*A Nosa Terra*¹⁴⁴ acolleu unha reseña breve sobre a colectánea *De min pra vós*.

DE MIN PRA VÓS, por RICARDO CARBALLAL.

O volume XV da magna obra literaria que está realizando a «Editorial NÓS» e que acaba de poñer á venda. Un libro con 19 contos orixinás do malogrado escritor galego Ricardo Carballal. Contos do pobo cheos de humorismo de gracia socarrona e fina e elevado sentimentalismo, moi axeitado para a divulgación e adoitamento da lectura da prosa galega. Estes contos son tirados de A NOSA TERRA onde Carballal deixou escritas infinitas probas do seu valor

¹⁴⁴ *Sen sinatura* (1919b).

literario e do seu patriotismo fervoroso. A «Editorial NÓS» como xa exprica n'unhas verbas limiares que leva o libro, xuntounos n'un feixe rendindo así un homenaxe à lembranza do inequiescente Carballal facendo ao mesmo tempo un libro barato, véndese a unha peseta, moi ameno e propio para a propaganda da nosa fala entre aqueles que aínda non estan moi prácticos na súa lectura.

Por todol-os xeitos resulta un libro intresante merescente de sere moi divulgado.

«NÓS» fixo unha boa obra imprentándoo.

Na prensa da época evidenciouse a capacidade oratoria nos mitins de Lugo e Ferrol e mailo activismo cultural e político, aspectos estes recollidos na crónica necrolóxica d'*A Nosa Terra*.¹⁴⁵

Foi un dos fundadores da «Irmandade da Fala» na Cruña, foi xornalista en lingua galega e foi tamén un vidente nas evolucións que foron sucedéndose no desenvolvemento do nacionalismo. A morte, di o noso colega *El Noroeste*, fixo presa nél despiadadamente e de xeito lento; mais se poido apoderarse da súa mocidade, non logrou en troques apouvirar o seu espírito, que se mantivo rexo e forte, aínda n-aqueles instantes en que se vía que a vida se lle esvaía.

Carballal, como a maioría da nosa mocidade, buscou en terras de lonxe o acedo pan que a terra non dá aos seus fillos. Na emigración pasou por total-as angurias, por total-as feridoras saudades que fan compañía às almas nobres e enxebres. Despois de unha loita sin nome logrou tornar a Galicia, e aquí si-gueu a mesma loita, dura, estreita, sin espranzas, en que a un día sin sol sigue despois a desesperación d'outros días igualmente atafegantes. Dos seus labios, sinceiros sempre, temos ouvido a confesión das suas fondas tristuras, que nos magoaban dobremente porque Ricardo non era merescente de que os fados tratárono tan sin piedade.

E na súa alma, sensibre e forte, envolta en tristuras que dinamente acalaba, alma chea das mais nobres rebeldías, entre as tebras que decote o envolvían, brillaba unha lus agarimosa e aloumiñante, lus benfeitora que alumaba ao lonxe a visión d'unha Galicia libre, a redención de todol-os galegos. Ese era o sagro ideal, a esperanza cobizada que mantiña, no medio dos seus infertunios, ergueito e firme o seu nobre espírito.

Na bibrioteca *Terra a Nosa* deixou mostras do seu valer. El foi a alma d'esta publicación, que espallou o coñecemento da nosa literatura. El foi un irman da fala, sempre consecuento, sempre disposto a todol-os sacrificios; foi o primeiro adeministrador de *A NOSA TERRA* e na colección da nosa Revista pódense atopar probas de seu gran valer literario.

Ben entrado o século XX, Carballal foi obxecto dalgunhas anotacións, tanto biográficas coma literarias. Por unha parte, Couceiro Freijomil ampliou a achega de

¹⁴⁵ *Sen sinatura* (1922).

*El Idioma Gallego*¹⁴⁶ no *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*¹⁴⁷ ó se deter na condición xornalística, no óbito o 16 de novembro de 1922 e na autoría dos libros *O tesouro acobillado* e *De min pra vós*. Por outra parte, Lanza Álvarez,¹⁴⁸ ó igual que Fernández del Riego,¹⁴⁹ recalcaba a condición de escritor e a autoría do volume *De min pra vós*.

Ós aspectos reseñados Ricardo Carballo Calero, na *Historia da literatura galega contemporánea 1808–1936*, engadía a asistencia á primeira asemblea das Irmandades:

Ricardo Carballal, morto na Cruña o 16 de novembro de 1922, cultivou a prosa narrativa en *O tesouro acobillado*, núm. 4 da publicación *Terra a nosa*, e nos contos reunidos no volume *De min pra vós*, impreso, como o anterior, na Cruña, iste en 1928.¹⁵⁰

As «Irmandades» celebraron a súa primeira asamblea nos días 17 e 18 de novembro de 1918 na cidade de Lugo. Firman as conclusión [sic], antre outros, Antonio Losada Diéguez, Vicente Risco, Xaime Quintanilla, Manuel Banet Fontenla, Ramón Cabanillas, Alfonso Rodríguez Castelao, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Antón Villar Ponte, Xan Vicente Viqueira, Roberto Blanco Torres, Evaristo Correa Calderón, Ramón Villar Ponte, Anxel Casal, Ricardo Carballal, Euxenio Charlón, Manuel Sánchez Hermida, Eduardo Lence Santar e Guitián.¹⁵¹

Pola súa parte, Blanco Pérez reparou na presenza de relatos carballalianos n’*A Nosa Terra* dende dúas perspectivas, mostra da personalidade cultural de Galicia e ferramenta político-cultural.

En calquera caso, a medida que avanzaba o século, a idea de Galicia como unidade cultural, histórica e mesmo política con personalidade diferenciada e equiparable en dignidade e equiparable en dignidade ás demais da súa veciñanza, foi gañando adeptos a cada volta. Á formación deste sentimento contribuíu, naturalmente, a situación obxectiva de atraso en que estaba Galicia e tampouco foi alleo o definitivo recoñecemento como nacións de países culturalmente diferenciados e tradicionalmente dependentes de Polonia, Hungría etc., unha das principais consecuencias da Primeira Guerra mundial. Así, en 1916 nacen as Irmandades da Fala, que supoñen un xiro importante e unha radicalización das tendencias rexionalistas e nacionalistas do XIX, e que teñen o seu principal órgano de expresión na revista *A Nosa Terra*. Se ben esta publicación,

¹⁴⁶Couceiro Freijomil (1935), p. 462.

¹⁴⁷Couceiro Freijomil (1951), p. 224.

¹⁴⁸Lanza Álvarez (1953), p. 51.

¹⁴⁹Fernández del Riego (1992), p. 72.

¹⁵⁰Carballo Calero (1981), p. 513.

¹⁵¹*Op. cit.*, p. 571.

escrita enteiramente en galego, ten un marcado acento político, presta atención a todas as manifestacións da cultura galega do momento, e non faltan mostras da literatura popular e popularizante. Así Manuel LUGRÍS, que xa publicara en 1909 os *Contos de Asieumedre* (o seu pseudónimo), baseados en anécdotas ou feitos do pobo, volveu publicar moitos deles nas páxinas da revista; outros dese estilo foron tamén publicados por Leandro Carré, Rodríguez Elías e Ricardo Carballal, entre outros; e as poesías ó xeito popular son numerosas (p. ex. as de Victoriano Taibo). A literatura do pobo galego era considerada non só como un signo importante da personalidade cultural de Galicia senón como estimable instrumento político-cultural para un número relativamente elevado de galegos instruídos.¹⁵²

Malia xulgar *O tesouro acobillado* como relato, no canto de libro, a *Gran Enciclopedia Silverio Cañada*¹⁵³ identifícaa como asinante das conclusións da fundación das Irmandades da Fala. Nesa mesma liña, a entrada da *Enciclopedia Galega Universal*¹⁵⁴ reúne notas máis exhaustivas:

Carballal, Ricardo (?–A Coruña 1922) Escritor. Participou na fundación da Irmandade da Fala da Coruña e desenvolveu a súa actividade literaria sobre todo na prensa da época. Publicou no suplemento *¡Terra a Nosa!*, do xornal *El Noroeste*, e a novela *O tesouro acobillado* (1919). Postumamente a editorial Nós sacou do prelo *De min pra vós (contos do pobo)* (1928), recompilación das súas colaboracións na revista *A Nosa Terra*.

En 1995, Modesto Hermida¹⁵⁵ aludiu á calidade literaria dos relatos difundidos en cabeceiras cubanas.

Ricardo Carballal Lafourcade, que tamén, con posterioridade, publicaría algún texto de prosa narrativa, firmou varias “Parola(s) semanal(is)”, durante os anos 1905 e 1906, na revista *Follas Novas*; na revista *Suevia*, tamén habaneira, asina en 1910, co anagrama L’allabrac, ademais da serie que leva por título “Discos Suevos”, relatos como “¿Ti sei que [sic] dormes”, “O emigrante”, “O último aturuxo” ou, no ano 1912, “O milagre de San Ramón”; todos eles de moi notable calidade.

Sen saírmos dese ano, o volume primeiro do *Diccionario da literatura galega*¹⁵⁶ glosa algúns datos biográficos e literarios.

¹⁵² Blanco Pérez (1994), pp. 155–156.

¹⁵³ VV. AA. (2003), tomo 7, p. 202.

¹⁵⁴ Ledo Cabido, ed. (1999), tomo 4, p. 406.

¹⁵⁵ Hermida, Modesto (1995), *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, pp. 175–176.

¹⁵⁶ Vilavedra, coord. (1995), pp. 107–108.

CARBALLAL, RICARDO

Escritor e militante galeguista morto prematuramente en 1922 na Coruña, foi un dos fundadores da Irmandade da Fala desta cidade. Durante varios anos publica as súas creacións narrativas na prensa galega. En 1919 saca á luz no volume cuarto do suplemento “¡Terra a Nosa!” do diario coruñés *El Noroeste* a noveliña *O tesouro acobillado*, unha historia habaneira de falso espiritismo, contada con humor. En 1928 a editorial Nós publica postumamente o libro *De min pra vós (contos do pobo)*, composto polas narracións que durante varios anos Ricardo Carballal viñera publicando nas páxinas da revista *A Nosa Terra*. A súa produción, digna de mérito, caracterízase pola axilidade e a autenticidade das súas historias nas que cun estilo equilibrado e acorde coa temática, cheo de virtudes narrativas e acertos expresivos retrata, con tacto, amenidade e bo criterio, as vidas duns galegos do seu tempo.

En 1996, Roig Rechou¹⁵⁷ expón tres factores internos da colectánea *De min pra vós (Contos do Pobo)*: a reelaboración dos relatos procedentes da tradición oral, a clasificación da obra á marxe da literatura infantil polo destinatario, un *público adulto*, e o manexo das estruturas formais e textuais.

No plano non ficcional, o interese histórico e a vixencia actual motivaron a reprodución do texto “Sarcasmo e sacrilexo”¹⁵⁸ en *Prosa didáctica (1916–1936). Antoloxía*. Por outra banda, Ernesto Vázquez Souza¹⁵⁹ compendiou aspectos literarios e biográficos nunha nota a pé de páxina.

Carballal Lafourcade, Ricardo. Mestre de primeiro ensino, escritor e xornalista, «bohemio honrado» e antigo emigrado, fundador da primeira Irmandade da Fala da Cruña de moita **amistade con Ánxel Casal**. Emigrado en Cuba, pertence aos círculos galeguistas da capital antillana, fundador da Revista *Suevia*, **editor de Ramón Cabanillas** e articulista foi **habitual colaborador de Galicia**, e contertulio da «Peña gallega» do Centro galego. Figura moi relevante na primeira época de *A Nosa Terra* (1917), foi asinante do manifesto da asemblea de Lugo de 1918 e autor de mérito no relato breve de corte satírico-social.

A influencia carballaliana no galeguismo político valorouse en dúas obras, *O galeguismo en América, 1879–1936*¹⁶⁰ e *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*.¹⁶¹ A primeira faise eco da dirección da revista anticaciquil *Suevia* e de *Santos*

¹⁵⁷ Roig Rechou (1996), pp. 95–96.

¹⁵⁸ Sanmartín Rei (1997), pp. 141–143.

¹⁵⁹ Vázquez Souza (2003), p. 131.

Nota do editor: en negriña aparecen aqueles datos que non se puideron contrastar.

¹⁶⁰ Núñez Seixas (1992), p. 97.

¹⁶¹ Beramendi (2007), pp. 440, 450, 581–583, 669 e 701.

e *Meigas*, semanario comprometido co agrarismo e o rexionalismo. Na segunda, Beramendi recompila apuntamentos biográficos como a participación no mitin de Lugo e trazos conceptuais de Galicia, en especial o federalismo ibérico e a aldraxe castelá.

2.2.2. Unha adscripción probábel

A pesar da arbitrariedade e o relativismo de calquera iniciativa clasificatoria, a nosa periodización orientarase coas opinións de especialistas.

A crónica necrolóxica vencéllao coas Irmandades da Fala. No tocante á sistematización periodolóxica da literatura galega, Ramón Villar Ponte foi o primeiro especialista en usa-la Xeración do 16.¹⁶² As razóns desta asignación engloban parámetros culturais do arrequentamento das Irmandades, a madureza intelectual de certos sectores acerca da lingua e a interrelación histórica, política e social do sistema literario galego coa contorna europea.

Cada vegada máis o actuare irmandino se intensifica e prolifica. Saen publicacións novas, se organiza conferencias, exposicións de arte, s'espallan, se imprimen libros. E todo feito na lingua da terra, na gloriosa lingua que cal si espertase de un longo letargo s'espreguiza e da sinais inequívocas de unha vitalidade capaz de barrere as negruras do máis enrabexado pesimista. Y—é d'aquela cando, sin ningún apartamento da verdade xa se pode berrar outo e coa meirande seguranza que a Galiza se alcontrou a si mesma, e que a conseqüenza de ise alcontro ventureiro é o que xa se pode chamar, pol—a súa cantidade e pol—a súa calidade, a xeración da galegüidade, a xeración que nós, a imitanza do nome con que se coñece a xurdida na Hespaña a rentes do desastre colonial, desñamos cô nome de xeración de 1916, a que sirve de título ao presente discurso.¹⁶³

De xeito semellante ao que nós chamábamos «Xeración do 16» xurde na Galiza dimpóis da catástrofe mundial que foi a guerra do catorce pra termar que a nosa terra, recobrando a si mesma, poidera desempeñar o papel que pol—a súa persoaalidade tan acusada e manifesta lle corresponde n—aqueles intres que somellaba que os vellos estados europeos terían de realizaren unha reconstrucción e modernización das súas vellas estruturas tan gastadas e maltreitas. E xurde a dita xeración como conseqüenza e froito inmediato da creación das «Irmandades», xa que denantes da súa feliz creación non eistía núcleo algún, e menos de intelectuales, que tivese ao galego como vehículo preferente cando non eiscrusivo das súas creacións. Y—e a partir do soerguemento das «Irmandades» cando nomes novos â beira de outros xa coñecidos, fan a súa aparición, e cando o galego abrangue un espallamento falado y—escrito como non tiveren en

¹⁶² Villar Ponte, Ramón (1977), *A Xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño do 1951, na súa recepción por don Ramón Villar Ponte e resposta de don Ramón Cabanillas Enriquez*, A Cruña: Publicacións da Real Academia Galega.

¹⁶³ *Op. cit.*, p. 26.

ningures, e do que, a outa honra de telo conquerido, pertenesce por enteiro aos que, vellos ou novos, descoñecidos ou non dende estonces souperan, pôr a lingua nativa no lugar de preferenza e destaque que endexamáis deben tere perdido.¹⁶⁴

Como directrices xeraes que caracterizan â xêración do 16, qu'aínda é a nosa, a que hoxe por fortúa vive puxante e forte máis que nos eidos nativos nas terras de alen-mar, imos asiñalar as seguintes: a convicción, e coa convicción a afirmación rotunda, con total-as consecuencias qu'elas se deitan, de que Galiza ten unha persoalidade viva, singularizada, e necesitada pol-o mesmo, de que se lle non poñan coutamentos ao seu natural e lexítimo desenrolo. E sendo, como é, a lingua a máis outa manifestación de tal persoalidade, os que eisi pensan, os da xêración do 16, adican total-as súas preferenzas e anxeios, eisi como os seus traballos a conquerir que a lingua recobre o posto qu'en rigor lle pertenesce. E por debaixo d'este postulado que poidéramos chamar fundamental, qu'endiscutibelmente básico siguen outros de carácter pragmático, utilitario, de finalidade práctica, antre os que soerguen con afirmacións imperativas, que queren asiñalaren unha nova estimativa de valores e unha conducta, aqueles outros que din: ausoluta necesidade de viral-as costas ao tópico da supremacía de outras rexións encol da nosa; preocupación pol-o acaroamento espritual ao país hirmán, ao Portugal, e posta en exercicio dos meios pertinentes pr'abranguelo, e non esquencer, si non tere mui presente pra proceder en conseqüenza, que nas terras de alen-mar vive unha nova Galiza da que tanto cabe agardare, como xa nos nosos días en realidade ven confirmando felizmente e sin lugar a dúbidas.¹⁶⁵

A nova Xêración do 16, co pensamento e a yalma postos e adicados enteiraemente a Galiza, endereza a súa ollada ceiba deica a Europa e sinte a súa compenetración, a súa afinidade, a súa irmandade con ela. E tenciona e anxeia que a terra galega sendo cada vegada máis súa sexa asemada cada vegada máis europeia, sin renunciar por elo a ningunha das súas peculiaridades. Unha rebeldía honrada rexamente sentida contra dos vellos modos, e a que informa todol-os seus actos. Os seus compoñentes queren por riba de todo que a Galiza deixe de sere a terra de chorimiqueiros e laios, de xesto resinado e aitudes conformistas e silandeiras, pra se trocare en país satisfeito de sí mesmo, mais disposto a imprecación que ao prego; mais propicio a eissixenza [sic] que a súprica humildosa e feita en voz baixa e de xoennlos.¹⁶⁶

A Xêración do 16 se non virou de costas como fixo a española do 98 a todo o que lle denantecéu. Contrariamente, recolle o aproveitábel que os homes anteriores lle deixaron —e conta que foi moito— pra lle zugar o máximo de rendimento. E cando non fai isto, pol-o menos garda unha respeitosa lembranza pr'a aqueles homes que movidos de un indiscutíbel tencionamento bon e por un gran amor a Galiza, non souperon, emporiso, faguer que a súa

¹⁶⁴ *Op. cit.*, pp. 26–27.

¹⁶⁵ *Op. cit.*, p. 27.

¹⁶⁶ *Op. cit.*, pp. 27–28.

laboura callase n–algo efectivo e de trascendencia. D’isto se deita que teñan e consideren ao patriarca Murguía como un devanceiro e alumeador eiscelso da recreación galega. Como asinmesmo [sic] se tira que todos aqueles patricios qu’en calquer intre probaran a súa galeguidade cando aínda as Irmandades da Fala se non matinaran sexan dos primeiros en porse á beira dos axuntados na gran familia cando o intre irmandino chegou pra arrimaren a súa hobreira â empresa que a todos chamaba e da que ninguén fitaba eiscruído. A iste propósito ven á nosa mente a lembranza inmorredoira de don Florencio Vaamonde, de Carré Aldao, de Lugris Freire, de Oviedo e Arce, de Ribalta, de Tettamancy, de Rodríguez González (don Eladio) e de tantos outros que souperon seren elementos valiosísimos, exempros vivos de galeguidade, e aleccionadores e compañeiros destacados dos que andaban a fagueren as súas primeiras armas no ample campo do rexurdimento do espírito galego, pol–o que eles arredadamente tanto procuraran.¹⁶⁷

Craro está que a Xêración do 16 aporta pensamento e actuación de xeitos novos, deica estonces non empregados, e contribuye a unha renovación, en senso modernizador, da lingua, que xurde enriqueitada, flexíbel e axeitada pra todol–os trafegos que son adoitados n–un idioma chegado â maturidade. A Xêración do 16 proporciônalle ao galego unha beleza, unha exquisitez i–unha finura que é un categórico mentís pra os que sostiñan que a nosa lingua era inaxeitada pr’a súa utilización como verbo d’un pobo moderno. E por si isto fose pouco, a Xêración do 16 ourenta, inda contra a vountade de algunhos a vida intelectual da Galiza n–un senso novo, deixando dende estonces de sere tributaria do alleo pra se independizare e se faguere súa totalmente. Por ela, pol–a nova xêración se fai máis xeral ao se preocupare pol–os problemas galegos, que son estudiados con agarimo e intrés, termando de atopar pra eles solucións axeitadas capaces de abranguer arranxamento definitivo.¹⁶⁸

No capítulo X da *Historia da literatura galega contemporánea 1808–1936* (1981), Ricardo Carballo Calero situouno baixo a denominación "Época das Irmandades da Fala" debido a unha serie de trazos aglutinantes, xa abordados por Villar Ponte (vid. *supra*):

- En primeiro termo, a repercusión do cabezaleiro Ramón Cabanillas compróbase nos seguintes aspectos: o cultivo exitoso da poesía lírica e narrativa; o teatro litúrxico, co *Romance do cristiano e do mouro na Franqueira* e *A ofrenda das fadas no portal de Belén. Retablo de nadal*, e histórico, co texto d’*O Mariscal* (A Cruña, 1926), e mais prosas en verso, entre elas unha antoloxía de cantigas (*Antífona da copla* —esta última verba cambiada pola editorial Galaxia—),

¹⁶⁷ *Op. cit.*, p. 29.

¹⁶⁸ *Op. cit.*, p. 29.

o discurso de ingreso na Academia Galega (*A saudade nos poetas galegos*), pronunciado no Balneario de Mondariz o 21 de agosto de 1920, e un feixe de artigos (“Volkskunde”, concenrente á formación de lendas; “O neto de don Xan Manuel Montenegro”, evocación do neno Valle-Inclán, e “En troques”, ensaio breve verbo dos reis suevos). Acadou tal resonancia que foi o xermolo dunha escola, composta por Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo.

➤ En segundo termo, a prosa variada acadou un desenvolvemento importante pola intervención de catro figuras fundamentais: os irmáns Villar Ponte, Antón expoñente privilexiado na política e na concienciación cultural e Ramón na parcela ideolóxica; Xoán Vicente Viqueira, caso senlleiro polo cultivo da prosa, a poesía, a tradución, as colaboracións xornalísticas e maila pronunciación de conferencias de temática heteroxénea (ideoloxía galeguista, a reforma pedagóxica e a problemática ortográfica), e Lois Porteiro Garea. A esta nómina de intelectuais engádense os irmáns Carré Alvarelllos (Lois, Uxío e Leandro).

➤ En terceiro termo, destacou a narrativa realista e de costumes coas novelas curtas *Manecho o da Rúa* (A Cruña, 1926), *Estebo* (A Cruña, 1927) e *Abellas de ouro* (A Cruña, 1930). Viron a luz en coleccións (LAR, NÓS, ¡TERRA A NOSA!...) alentadas por proxectos editoriais. E, por último, cultiváronse vetas dramáticas dispaes. Poñamos por casos o drama realista de Armando Cotarelo Valledor, a morriña de Xaime Quintanilla, o didactismo de Fernando Osorio Campo e maila comicidade e a tradición popular de Euxenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida.

Tanto Villar Ponte coma Carballo Calero manifestaron un enfoque xeracional en función de cuestións cronolóxicas. Mentres o primeiro atendía a feitos históricos, sociais e culturais, o segundo detiñase na traxectoria dos escritores. En verbas de Calero:

Concibo nista obra a historia da literatura galega como a exposición das realizacións e do desenrolo da fala galega no orde literario.¹⁶⁹

Nesa mesma liña, coincidente con Carballo Calero na contextualización histórica e no estudo literario, a obra colectiva *Literatura galega. Século XX* (2001) diversificou os formantes das Irmandades da Fala. Complementaos cunhas pautas interpretativas d’*O Mariscal* e dos escritos “A bandeira ergueita” (1916) e “Encol da novela galega” (1926), o primeiro de Antón Villar Ponte e o segundo de Leandro Carré Alvarelllos.

Porén, en torno á interacción da socioloxía da literatura coa crítica literaria, Xulio Pardo de Neyra entende a historia da literatura nestes termos:

¹⁶⁹ Carballo Calero (1981), “Introducción”, p. 11.

Para min, pois, a historia dunha literatura concreta pertence a un eido relacionante coa historia das mentalidades humanas, un eido en constante confronto con outras literaturas mais sen esquecer que a literatura vén ser un dos sectores da actividade cultural e artística. Portanto, a historia da literatura debe ser mundo ao que aproximarmos unha Teoría Literaria cada vez máis atenta á dimensión histórica —e que a propia Historia debe considerar para sentar os seus fundamentos metodolóxicos (neste sentido son modélicas as achegas do prof. Beramendi)—, e ao que incorporarmos a Crítica Literaria como elemento xa non auxiliar, senón imprescindible. Debe atender, pois, ao meu xuízo, a situar a produción no tempo e no espazo en que se produciu e a definir as circunstancias en que tivo lugar o seu xurdimento e recepción, estudando por iso o sistema literario tal e como se conformou e, por suposto, actuando como mediadora entre ese constitutivo momento e a actualidade.¹⁷⁰

Por iso, na Época Contemporánea identifica dous períodos cronolóxicos, os séculos XIX e XX. O primeiro deles subdivídeo en tres espazos: época inicial (1808–1840), o Prerrexurdimento (1840–1863) e o Rexionalismo (1886–1916). Respecto ó intervalo 1915/1916–1923, enmarca as primeiras promocións dentro do proxecto político do nacionalismo, coa correspondente aparición de institucións e propostas culturais e políticas.¹⁷¹

¹⁷⁰Pardo de Neyra (2009), p. 153.

¹⁷¹*Op. cit.*, pp. 149–150, 191, 302 e 313–314.

III. Análise literaria

3.1. Trazos xerais dos textos narrativos

3.1.1. Planos social e lingüístico

Malia presentaren deficiencias e non rexistraren o compoñente clandestino de determinados portos, as estatísticas da emigración galega¹⁷² representan a maior achega con relación ó resto de España, noutras palabras, o 29 ou o 34% do total español no período 1885–1895 e durante o intervalo 1911–1930 o 42,14% (733 176 persoas). Os destinos fundamentais foron Arxentina e Cuba. Na illa, a ocupación laboral orientouse dende mediados do século XIX ós labores de xornaleiro agrícola e a partir do derradeiro terzo do século a actividades comerciais e dos sectores terciario e pesqueiro. Neste sentido, Carballal mediatiza a lectura da colaboración “¡Sin patria!” e dalgúns relatos con abondosas mencións ó fenómeno demográfico (causas, atrancos vitais e/ou remesas de cartos obtidas polo colectivo emigrante).

—*Podes decilo, mais o que lle axudou ao vapore a tumbarse de un lado con máis forza foron os fuxidos.*

—*¿Que fuxidos?*

—*Os emigrantes.*

[“Parola semanal (XII)”]

Detívose o emigrante estaseado diante tanta garandeza, i ao contemplar aquel diviño cacho de terra, no que iba descubrindo pouco a pouco: nos árboles coposos, nas rocas máis salentes, nos débeles regachos e nas brancas casiñas, que asomellaban copos de neve aló no valle; rexurdíanlle mínimos detales que lle traguían á memorea lisonxeiras lembranzas da súa infancia; e escapóuselle espontáneo do peito, fuxiulle da ialma un profundo e longo salaio que se perdeu co cheiro da campiña.

[“O último aturuxo”]

—*¿E que faremos aló, meu pai?*

—*Teremos libértá, seremos libres!*

—*Logo non fuximos por fame coma lle din a tódolos que emigran?*

—*Por fame fuximos, meu filliño!*

—*¿Por fame? Non, meu pai, pois eiquí xantamos tódolos días.*

—*Rapás, vamos pra América a forma-lo montón da fame: unhos poucos por fame avareceosa, cuasi todos por fame de libértá.*

[“A libértá”]

—*Fagúa tantos anos que houberas emigrado...!*

—*Dazanove fagúa pra vostedes, dazanove mil pra min.*

—*¿Tantos traballos pasache?*

—*Os que vosté non se figura.*

[“Discos suevos (I)”]

¹⁷²Núñez Seixas (1998), pp. 40–46.

O seu tío Bieito, que viu os traballos do rapás cos lápices que mercáralle, percatouse de que había no seu sobriño madeira de artista. Botou man dunhos aforros que trouxera da emigración, e mandouno á vila ós catorce anos a estudar os segredos do dibuxo primeiro e do corido dempois. Ernesto demostrou dende o comenzo unha gran afición e unha intelixenza pouco corrente ós seus anos.

[“A dos ollos meigos”]

Ante a crise finisecular, froito da decadencia do sistema político da Restauración e da perda colonial de 1898, unha das respostas galegas foi o agrarismo¹⁷³ (1868–1936). Procuraba a materialización dunha política agraria, a concesión de axudas mutuas, a contestación política e maila modernización das ferramentas e das técnicas agrícolas. A propósito do reparto equitativo de terras, consúltense diversos relatos:

—Moi certo que si, e sinón ascoita, figúrate ti que nós somos, por exemplo, corenta homes e nos dan un pedazo de terra pra que o traballemos, mais como traballando na terra non se pode vivir, trinta nos vamos. ¿Como estaríamos mellor, traballando os corenta xuntos ou trinta aquí e dez aló?

[“Parola semanal (VII)”]

Convocounos. Xuntáronse. Comenzaron a loitare, mais a ameaza dos donos do froito da terra e do sudore dos homes, de non lles dare traballo ós unhos, de sacárenlle as terras en arrendo ós outros, fixo fuxir ós medosos, recuar ós afoutos e calar ós valentes. A xuntanza desxuntouse. Todos seguiron disfrutando da vida de escravos que denantes levaban. Soio Xacobe o loitador, como lle chamaban todos, sigueu rebelde á escravitude, e soio Xacobe, tamén, veuse envolvemento na rede da fame que lle tenderon os donos daquelas terras e daqueles homes...

[“O loitador”]

O tío Chapapote tiña por costume saír moi cedo prá pesca na súa chalana —cousa que maldita a falla que lle faguía polas moitas rentas que cobraba de chouzas e terras— e cando volvía do mar, si non lle pagaban polo peixe o que el pedía, tiña peito de tiralo ou comelo antes de darllo a un probe.

[“A usura do tío Chapapote”]

¹⁷³ Malia non se materializar ideoloxicamente, este movemento asociativo supuxo a incorporación masiva do campesiñado ós movementos de masas mediante a articulación dunha rede organizativa, con sociedades agrícolas e sindicatos agrarios, e unha incipiente concienciación política, tal e como se desprende das Asembleas Agrarias de Monforte de Lemos dos anos 1908 e 1910. Vid. VV. AA. (1981), pp. 276–278; Núñez Seixas (1992), pp. 95–105; Cabo Villaverde (1998); Villares (2004), pp. 305–344, e VV. AA. (2005), pp. 358–361.

Nese instante seguía vixente a inspiración do liberalismo clásico nos postulados do rexionalismo liberal¹⁷⁴ e adoptábase tamén o rexeneracionismo,¹⁷⁵ promovido por intelectuais como Valentí Almirall, Joaquín Costa, Macías Picavea e Joaquín Sánchez Toca. Esta casuística comportou posicionamentos híbridos das dúas correntes, equidistantes entre o individualismo económico e unha particular socialización. Por certo, a corrente rexeneracionista defendía as liberdades económicas, sen expresar unha política alternativa, e denunciaba o atranco emigratorio.

A finais do primeiro decenio do século XX, a relación coa Igrexa mudou ó se manifestaren posturas anticlericais e denuncias dos privilexios eclesiásticos. Os obxectivos de salvagarda—la autonomía e a preponderancia do poder civil procuráronse coas críticas do noso autor nunha serie de textos [“Discos suevos (I)”, “Discos suevos (II)”, “Parola semanal (XII)”, “Récelle á Virxen” e “Enxebreza”]; coa defensa da “Ley de Asociaciones” pola *Revista Gallega*, n.º 619 (27–1–1907), e coa intervención de Menéndez Pallarés¹⁷⁶ a favor da eliminación da influencia clerical na sociedade e no Estado.

A esa altura, a influencia rexeneracionista no rexionalismo produciuse a través do maurismo e, especialmente, da incorporación de persoas vencelladas ó krausismo, á Institución Libre de Enseñanza e ó Ateneo de Madrid en Solidaridad Gallega, nas Asembleas Agrarias de Monforte e despois na fundación das primeiras Irmandades da Fala. Precisamente, *Solidaridad Gallega. Manifiesto*¹⁷⁷ (1907) presentaba o rexionalismo como a ferramenta axeitada da política rexeneracionista española nestes termos:

[*As rexións*] son, repetimos, los naturales y adecuados núcleos del esfuerzo regenerativo de España, de ese esfuerzo que por nuestro deficiente civismo no puede organizarse hoy de golpe en Unión Nacional y que, en cambio, tiene que llegar forzosamente y por lógica de los hechos á esa Nacional Unión al encontrarse cada región condicionada y dependiente de las demás.

É máis, a impronta rexeneracionista, mostrada na argumentación nacionalista galega e na obra dos novelistas Benito Pérez Galdós e Pío Baroja, engárzase co costu-

¹⁷⁴No tocante á incidencia do rexeneracionismo consúltase Beramendi (2007), pp. 377–391, e, especialmente, o libro *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André (Do europeísmo ó galeguismo)*, de Ramón López Vázquez, editado polo Centro Ramón Piñeiro en 1996.

¹⁷⁵Dende finais do século XIX ata comezos do século XX, este movemento ideolóxico diagnosticaba as causas da dexeneración do organismo español e a correspondente proposta de solucións. Algunhas das medidas eran a eliminación do caciquismo e do turnismo, substituído este último polo neoliberalismo, e maila elaboración dun proxecto de progreso, alentado pola europeización e pola potenciación das fontes de riqueza, en especial a política hidráulica. Vid. Estébanez Calderón (1996), pp. 915–918, e Platas Tasende (2000), pp. 698–699.

¹⁷⁶Artigo “Religión y clericalismo”, *A Nosa Terra*, n.º 35 (23–4–1908), pp. 1–2.

¹⁷⁷Beramendi (2007), pp. 381–391.

mismo co fin de modificar hábitos e usos cotiáns. Na produción carballaliana móstrase mediante unha serie de notas definitorias:

- Ante o clientelismo caciquil e o Estado monolítico español, Carballal, en representación da Irmandade herculina, posicionábase a favor da liberdade de goberno para Galicia:

Cansos de pedire bon goberno e o non atopar, deseiamos liberdade de goberno non pra soparmos de España, sinón pra xuntarnos máis, pois a vella nai que ten fillos ricos e fortes rica e forte vese ela, e non como é agora unha vella probe e desvalida, sin máis forza que a sona do que foi, e que atópase coma os probes das romerías nunha beira do camiño Europa coa man estendida pendente o seu vivire das limosnas ou be[ne]ficios que as nazóns que van e veñen lle queiran dar.

[“Lóstregos”]

Fagan porpagandas pra escravizarnos, vá[l]anse de cantos meios teñan a man pra destruíre a nosa santa obra redentora, creben dunha ves a pouca liberdade que nos queda, en mercede ós seus amos, mais respeten a acordanza de nosos mestres finados, ós que a maor devozón que poden amosrarlles é soiamente, sinxelamente, non lembrárense diles, que as lembranzas que lles poidan adicar son sarcasmos e as oracións sacrilexos.

[“Sarcasmo e sacrilexo”]

- Atraso económico do país galego baixo a forma de denuncia ou información:

—*Xa o ves. ¿Quen ten a culpa que Galicia sea tan pobre?*

—*O goberno.*

—*Eso pensan moitos; os que teñen a culpa somos nosoutros mismos; os que temos unha natureza forte debíamos de quedar aló pra sacarlle á terra o que hoxe non dá por non ter quen—a traballe, i os que saben un pouco ¿por que fuxen?, ¿por que cando están con moitas legoas por medio, moi lonxe de Galicia, en poesías moi doces choran por ela?, ¿por que si tanto a queren, e tanto sinten estar lonxe dela non volven chorosos, de bágoas cheos á súa Galicia?*

[“Parola semanal (VII)”]

—*¿E logo?*

—*Que outros teñen que xantar na terra que eu deixo pra non finar de fame.*

—*¿Vai pra América, entón?*

—*Vou, si señor; mais roparo que vosté debe ser bon home.*

[“Un feito histórico”]

- Superposición de dous *Estados*, un legal e outro consuetudinario:

O noso *soparatismo*, pese ó *Heraldo*, é lóxico, benfeitor, patriótico. Soparándose as nazóns ibéricas espritoalmente; vivindo nunha completa independen-

za gobernadas por si mesmas, teñen de rubir economicamente coma a espuma por souber onde teñen as doenzas pra apricarlles o remedio, coma na cibdade o veciño, o industrial e o comerciante souben millor que o auntamento o que fai falla pra encauzar polo camiño da prosperidade: súa casa o primeiro, súa industria o segundo e seu comercio o terceiro.

[“Cambó sinteuse en Madri”]

A pregunta aquela feita a secas coma o que agarda a confirmazón dunha disgracia, deixouna máis fría que ficou PICORETE¹⁷⁸ cando os rapaces de El Noroeste acrararon e desfixéronlle a combinazón que tiña en Ortigueira pra saír diputado polo artigo vintenove.

[“Axuda a tempo”]

—O mesmo faría eu, mais ten que saber que hai homes coma Xuliño, que sin traballar nin ter rentas, xantan ben e visten millor.

—Mentras viva o Deputado...

[...]

—¿Miña avoa?

—¿Que queres, meu neto?

—E o señor alcalde, que o vexo tódolos días entrar na nosa casa, ¿tamén vai fague-lo mesmo?

[“Discos suevos (III)”]

A lingua galega eríxese no trazo da nación ó ser actualización permanente do feito nacionalitario de Galicia e negación de España como unha soa nación. Isto conlevaría peneira—las unidades constituíntes dun Estado federal. No marco da loita contra a menor visibilidade social da lingua autóctona, as actitudes derrotistas da poboación

¹⁷⁸ Con este alcume menciónase a **Augusto González-Besada y Mein** (Tui, 1865–Madrid, 1919). Licenciouse en Dereito en 1885 pola Universidade de Santiago de Compostela. Compaxinou o traballo de rexistrador da propiedade coa participación na Academia Científica de la Juventud Católica e no Comité Rexionalista de Pontevedra, en calidade de vogal. En 1889, segundo a obra de J. López Otero *El periodismo en Pontevedra* (1899), ostentou o cargo de redactor xefe de *Correspondencia Gallega* e dous anos despois dirixiu *La Correspondencia*. Agora ben, supuxo un freo ás aspiracións rexionalistas á hora de se constituí—la Junta de Defensa local, materializada finalmente coa suma de boa parte dos rexionalistas, das correntes republicanas e tradicionalistas e dun elevado número de profesionais e comerciantes.

A pesar de os nacionalistas galegos solicitaren dous postos na comisión extraparlamentaria de estudo do autonomismo na España da época —tardía en palabras de Romanones—, González, ó igual que García Prieto (vid. *infra*), formou parte dela. Por isto, os membros das Irmandades enviaron telegramas de protesta a Francesc Cambó, Alejandro Lerroux, Romanones e Melquiades Álvarez, pois non o consideraban representativo de Galicia. Unha vez asentado en Madrid, malia cultivar amizade con Manuel Murguía, posicionouse a favor de Raimundo Fernández Villaverde, o que conlevoa a designación do tudense para as carteiras ministeriais de Facenda e Fomento.

Engrosou a literatura con dous libros en castelán, o *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV* (1886) e a *Historia crítica de la literatura gallega* (1887), e mailo discurso de ingreso na Real Academia de la Lengua Española, concernente a Rosalía de Castro e á muller galega. Vid. Torres Queiruga e Rivas García, coords. (1998), pp. 405–406; Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “A representación política de Galicia”, en VV. AA. (2007), n.º 24, XI, vol. 3, pp. 56–60, e Beramendi (2007).

autóctona e o condicionamento lírico, Carballal utilizou o galego con dous valores, argumento de xustiza social e medio de superación da diglosia temática.

Consecuentemente, manexou diversas estratexias verbo da lingua galega.¹⁷⁹ Unhas veces, o escenario cubano realza a intelixibilidade mutua entre o galego, ateigado de xiros populares (coplas populares, ditos, refráns e fraseoloxismos), e o castelán, caracterizado diastraticamente, nas figuras do dono da tenda na “Parola semanal (V)” e do camareiro na “Parola semanal (I)”. Incluso algún habitante nativo chega a falar galego, como a crioula Panchita no capítulo I d’*O tesouro acobillado*. Outras veces, a finalidade concienciadora e eliminadora dos prexuízos sociais motiva o emprego da lingua autóctona por parte das clases acomodadas, en particular co cura [“Récelle á Virxen” e “Discos suevos (I)”], o “xastre da ciudá” [“Discos suevos (IV)”], Manuel de Luís [“Enxebreza”], a marquesa e o conde [“En tempos que virán”], o “ñiñor outo” [“Si é parvo, non se presente”] e mailo avogado Pepe [“A falla de estudos”]. Nesa mesma liña está o recíproco recoñecemento dos distintos núcleos poboacionais (aldea, vila e cidade) como partes integrantes de Galicia e a gaita como elemento de unión. Corrobórase isto último cos fragmentos:

—*Pois, según me dixeron unhos peisanos que o viron, cando NAN toca a gaita chega ou fai chegar o seu delor á nosa ialma.*

[“Parola semanal (VI)”]

—*Porque tocando a gaita chega á ialma.*

[“Parola semanal (VIII)”]

Bartolo cada vez máis ateigado de entusiasmo faguía cantar novas copras a Cacharusas, e ó sentire unha gaita que pasaba por diante da casa tocando un enxebre alalá, ergueuse, abriu a porta e, queiras que non, meteuno na casa.

[“Noite Boa sin festa”]

En efecto, as reivindicacións lingüísticas e políticas das Irmandades implicaron unha loita contra a praxe e a lexislación das institucións estatais.¹⁸⁰ Pensemos como era a situación da época cuns apuntamentos:

- Ó longo do século XIX efectuouse un proceso de centralización con disposicións legais dirixidas á organización territorial dos organismos e poderes do Estado. Durante a Restauración (1876, 1882, 1888 e o período 1886–1889) desenvolvéronse medidas que supuñan, asemade, o fortalecemento do poder central e maila modernización e racionalización das parcelas estatal, xurídica e administrativa.

¹⁷⁹ Sanmartín Rei (2002a), pp 77–148.

¹⁸⁰ Monteagudo Romero (1995), pp. 8–21, e Monteagudo (1999), pp. 289–325.

➤ O acceso da cidadanía a certos cargos públicos e ó voto condicionábanse, entre outros factores, por un mínimo nivel de coñecementos lingüísticos e polo analfabetismo das masas. Salvando o período do Sexenio democrático (1869–1875), só unha porcentaxe ínfima da poboación masculina adulta, entre o 0,6% e o 5,7%, puido participar nos comicios electorais ás Cortes Xerais. Aínda por riba, deica o ano 1890 non se impuxo o recoñecemento do sufraxio universal masculino. Desta forma, as leis electorais explicitaban os sectores sociais que tiñan acceso ó poder.

➤ O castelán como lingua oficial da Administración reforzábase cos documentos "Ley del Notariado" (28–5–1862), "Ley del Registro Civil" (17–6–1870), "Reglamento de la Ley del Notariado" (9–9–1874), "Ley de Enjuiciamiento Civil" (1–4–1881) e "Reglamento General para la Ejecución de la Ley Hipotecaria" (6–8–1915). No que atinxe ó ensino, regulábase por normas legais que estiveron vixentes dende 1856 ata comezos do século XX. Unha fundamental foi a "Ley de Instrucción Pública" (9–9–1857), máis coñecida por "Ley Moyano". O seu artigo 88 establecía no sistema educativo a gramática e a ortografía da Academia Española.

3.1.2. Carballal Lafourcade e a tradición literaria

O recurso costumista¹⁸¹ ofrécenos unha visión sobre a cultura rural galega. Recréase coa brevidade, a descrición dos comportamentos e as relacións antropolóxicas da Galicia de principios do século XX, a contemporaneidade dos asuntos e a diversificación da finalidade, que vai dende o propósito moral e social ata a sátira e o humor.

Se nos detemos nas pautas antropolóxicas da época,¹⁸² o noso autor atende habilmente ós asentamentos poboacionais, tanto no hábitat concentrado (a vila) coma no disperso (a aldea e a parroquia); a alimentación e a súa preparación, en especial actividades agrícolas da aldea como a malla do trigo na eira ["Récelle á Virxen"];

¹⁸¹ Movemento literario e artístico do século XIX que plasma obxectivamente os estilos de vida populares, as paisaxes, os ambientes e os personaxes típicos. Caracterizábase pola brevidade, tanto na prosa coma no verso; a acción elemental; a escaseza de diálogo; a contemporaneidade dos asuntos tratados; a finalidade heteroxénea, e a fusión do fondo e da forma. Vid. Sainz de Robles (1982), vol. 1, pp. 232–234; Ayuso de Vicente, García Gallarín e Solano Santos (1990), pp. 84–85; Hess, Siebenmann, Frauenrath e Stegmann (1995), pp. 161–163, e mais Estébanez Calderón (1996), pp. 227–229.

Porén, Pilar García Negro, en *Valentín Lamas Carvajal. Poesía galega* (1998, p. 40), non concorda co termo pola pouca adecuación ó caso galego: «a literatura galega evidencia un afán indisimulado de exhibición do propio, do nacional, do distintivo non asimilado: acairá-lle mellor, portanto, calquer outro calificativo; será literatura "sociolóxica", "documental", literatura "histórica", "cinematográfica"... porque eran o propio corpo e a propia pel do país os que se exhibían, nun veemente berro ontolóxico».

¹⁸² Mariño Ferro (2000) e mais Mariño Ferro e González Reboredo (2010).

a protección (vivenda e roupa) e o transporte (a pé, a cabalo e o carro); o traballo e a propiedade; a sociedade, de xeito especial a organización social e as pautas de comportamento [o proceso de namoramento, na “Parola semanal (V)” e en “Récelle á Virxen”, e o casamento, na “Parola semanal (IV)” e en “Discos suevos (II)” e, por último, as manifestacións relixiosas, entre as cales están as festividades públicas da Noiteboa [“Noite Boa sin festa”] e o san Xoán [“É a noite de san Xuán”].

Este conxunto de notas, en síntese, amosan a preocupación pola literatura popular,¹⁸³ transmitíndoa coa oralidade, a brevidade e o anonimato. A vida rural galega reflíctea no illamento de lugares e aldeas e na estratificación social, complementada esta última coa inserción de representantes procedentes das clases acomodadas (a marquesa e o conde). Por outra banda, en certos textos hai persoas que contan historias durante calquera xuntanza (reunión familiar, laboral, festiva ou ocasional) sucedida dentro (a lareira...) e fóra do fogar (tabernas etc.). Nelas, tras abordar aquilo ocorrido no día, un contertulio, capacitado no exercicio da oratoria, relata historias definidas por un compoñente real ou imaxinario.

O interese carballaliano pola literatura popular mostrárono xa no século XIX os intelectuais José López de la Vega, cos artigos aparecidos en *El Eco de Galicia*, *La Ilustración Gallega y Asturiana* e *Galicia. Revista Universal de este Reino*, e o matrimonio Castro–Murguía que axudou á contribución e revalorización da cultura popular. Estes gromos foron coadxuvados pola existencia de recompilacións de cancións populares galegas. Poñamos por casos a *Colección de poesías gallegas de diversos autores* (1865), de José Casal y Lois; o *Cantigueiro popular* (1867), de Marcial Valldares Núñez, e *Airiños da miña terra* (1880), de Lois Tobío Campos.

Proseguiu a dinámica reseñada na centuria seguinte a través de abondosas cabeceiras (a herculina *Revista Gallega*, *Galicia Diplomática*, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense* e o bonaerense *Almanaque de Galicia* etc.) e intelectuais (Ramón de Artaza, Alfonso Hervella, Antonio Noriega Varela e Victor Said Armesto, entre outros), que de forma directa ou indirecta axudaron a recompilar cantigas populares. Xa entrado o século XX, baixo a influencia do nacionalismo, unha serie de escritores facilitaron nos textos literarios mostras populares ou popularizantes. Sirvan de exemplo *Contos de Asieumedre* (1909), de Manuel Lugrís Freire; uns douscentos relatos, co encabezamento de “Contos do Turreiro”, de

¹⁸³ Blanco Pérez (1994), pp. 145–163; Hess, Siebenmann, Frauenrath e Stegmann (1995), pp. 169–170; Equipo Glifo (1998), vol. 1, pp. 390–396; Fraguas Fraguas *et alii* (2003); Alonso Girgado (2005), pp. 9–31; González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), pp. 10–65; Harguindey e Barrio (2006), pp. 9–33, e mais Torres Queiruga e Rivas García, coords. (2008), pp. 513–516.

De queremos unha ilustración, aconséllase examinar devagar os libros da colección Narrativa Recuperada do Centro Ramón Piñeiro e aqueles textos das antoloxías narrativas dos especialistas González Reboredo e Quintáns Suárez, Harguindey e Barrio e mais Alonso Girgado.

Avelino Rodríguez Elías, que viron a luz dende 1912 ata 1936 en medios escritos aquí e alén mar, e *Contos galegos d'antano e d'hogano* (1920), de Manuel Vidal Rodríguez.

Carballal construía de vez en cando o discurso literario co *enxebismo*. A este respecto, interesa a información dada polo Equipo Glifo:¹⁸⁴

Tendencia artístico-literaria, equivalente en parte ó casticismo doutras tradicións peninsulares e coincidente en moito co *costumismo*, que gusta de reflectir nas súas obras os costumes, hábitos lingüísticos, cultura, crenzas e comportamentos, en xeral, das camadas populares galegas e, máis concretamente, dos habitantes do eido rural, na convicción de que nelas pervive en toda a súa pureza o conxunto de trazos antropolóxicos identificadores do ser máis xenuíno do pobo galego, fronte ós hábitos da poboación urbana, que coas súas modas, fala castelanizante e xeitos de vida cosmopolitas deturparían o *Volksgeist* propio do país. En función disto enténdese o valor de canonización que a noción chegou a acadar na literatura galega, retardando deste xeito a modernización da mesma, xa desexada a finais do século XIX por algúns escritores que se sentiron desprazados por negárense a elaborar o mesmo tipo de literatura que se viña facendo insistentemente dende os tempos do Rexurdimento pleno.

[...]

Un seguimento diacrónico da familia léxica do *enxebre*, no seu sentido de ‘puro, sen mestura’, dende as súas primeiras e numerosísimas aparicións cultas na literatura e na prensa do século XIX e boa parte do XX ata a súa práctica desaparición nos discursos da actualidade, desvela que detrás da utilización concreta dos diferentes termos do paradigma existiu toda unha concepción ideolóxica do modelo de país que os sucesivos movementos galeguistas e nacionalistas foron deseñando, implícita ou explicitamente, para Galicia.

Denantes de tratármolo enfoque carballaliano acerca do *enxebre*, cómpre debullar algunhas consideracións realizadas por Tarrío Varela.¹⁸⁵ Vertébrao con oposicións binarias (rural–urbano, tradición–modernidade, conservador–progresista, periferia–centro, propio–alleo, nós–outros etc.) operadas na conciencia identitaria da Galicia contemporánea. O termo conflúe cos conceptos galeguidade e/ou lexitimidade nacionalista, xa que a intelectualidade galega dos séculos XIX e XX estaba condicionada pola adscrición a un país diferente e cunha personalidade propia, debedores estes trazos, en boa medida, do ideoloxema celta. A seguir, reproducimos fragmentos de Carballal que o ratifican:

Temos fe na loita e esperanza no porvir da nazón galega. Sómo–los rebeldes, os que ñoramos a humildade, os que empregamos estridencias de linguaxe, os que predicamos odios pra recoller tempestades e que elas caían sobor os curpabres do noso asoballamento. Sómo–los gardadores da tradizón da nosa

¹⁸⁴Equipo Glifo (1998), vol. 2, pp. 104–105.

¹⁸⁵Tarrío Varela (2003).

raza, o pequeno feixe de enxebres que han dar exemplo ás concencias dormidas dos nosos irmáns. Os que coidamos que o sacrificarnos pola patria é un deber e o loitar pola liberdade un dereito. ¡Ou galegos ou nada!

[“Os catro rexionalismos”]

Lémbrense da matria onde un feixe de enxebres loitan sin trégola polo rexurdimento da nazón galega con todo o brillo i esplendor de que é merecente, seian dos bos e xenerosos que cantou Pondal, e falando galego e pensando en galego ergan aló o bon nome de Galicia ante os alleos, que da persoaalidade eiquí nos encarregaremos nós.

[“Por Galicia e por nós”]

Aló, na cibdá das Burgas, unhos cantos bos señores que endexamais sentíronse galegos tiveron o mal acordo de faguer unha festa da poesía galega, festa non feita pra rindir pleitesía á nosa lingoa nin pra adicare unhos verbes redentores ós problemas da nosa terra. Falaron sinxelamente por falar. Coidan sere renomados tribunais, sin fixárense que soio son faladores de ofizo que falan en vísporas de enche-la andorga, ou énchena pra despois falare. Un diles —non cito o nome por non sere do noso agrado ensañárenos co caído— falando en representazón dos rexionalistas galegos dixo o que din todos aqueles rexionalistas ortodoxos de credo centralista: que iles, os que levan o nome de Galicia nos labres coma escada pra rubir á meseta, son os bos, os matriotas, os que loitan por soste-la integridade do Estado —iñoran que Estado e nazón non son o mesmo— e que nós, os rexionalistas enxebres, os que temos valor e civismo pra chamarnos nazionalistas, sómo—los ruís, os que queremos trocar en nazonalidade a *patria chica* e pertendemos desmembra-la nazón (?) española coas nosas tendenzas separatistas.

[“A malla dou comenzo”]

Inicialmente, o *enxebre* designaba o paradigma de vida rural por se-lo enclave do pobo galego na puridade céltica. De feito, isto inseriuno no proceso de construción dunha literatura nacional e, ó mesmo tempo, supuxo o uso de materiais lingüísticos e etnográficos, de maneira que xermolou unha literatura costumista.

Durante o Rexurdimento fixéronse declaracións explícitas e textos sobre a conveniencia ou non dunha liña á marxe da costumista e a ruralizante. Entre 1916 e 1936, os ideólogos progresistas evitaron o termo, debido á hiperutilización das publicacións conservadoras, mais non levou aparelado o seu abandono, posto que algúns intelectuais continuaban avogando pola súa idea e polo ideal do que era enxebre, isto é, defendían aquilo representativo do ser galego e da esencia da galeguidade. Pénsese, por exemplo, en Victoriano Taibo,¹⁸⁶ cos significados ‘san’, ‘elegante’ e ‘progresista’,

¹⁸⁶ *A Nosa Terra*, núms. 28–29 (30–8–1917), pp. 5–6. Á parte, mírese o traballo “Fala y–estética”, Parrafeo oitavo (7–6–1917) d’*O Tío Marcos d’a Portela*.

e Antón Losada Diéguez,¹⁸⁷ coas acepcións ‘propio, tradicional’ e ‘puro, sen mestura nin sofisticación’.

Mención especial merece a colaboración conxunta¹⁸⁸ de Arturo Noguerol, Vicente Risco e Losada Diéguez. Asignábanlle un novo matiz semántico, ‘peculiar, diferencial, característico’. En liña co exposto, Carballal Lafourcade alicérzao con catro acepcións:

➤ Caracterización física, mental e ideolóxica do ser galego.

D. Manuel de Luís era home xa entrado en anos a quen riverenzaban e quírian na aldea X pola súa sabenza e polos sanos e bos consellos que daba a quen pedirillos iba. Corpulento, fornido e dreito coma un pino, era unha bella mostra da raza céltica da que era descendente, da que tiña corpo e corazón, e a ialma de neno; sana condizón que lle permitía sere altivo cos soberbos e bondadoso cos humildes. De crenzas democráticas, pertencía ás izquerdas, o que non lle impedía sere transixente cos das dereitas que tiñan as súas ideas por unha santa relixión, e non por unha imposición doumática, porque coma dicía il tódolos homes somos no peito un altar e no altar un ídolo, ben iste sexa Deus ou a Natureza.

Dende os tempos primitivos cada tribu e cada pobo tiveron un Deus, que era o mesmo en esprito polo xeito en que o adoraban, e difrente no nome; por iso, nin pinnan mal os que cren en Deus, nin deixan de pinsar ben os que adoran a Natureza.

D. Manuel de Luís era ico[no]clasta, porque era crente sin idolatría no poder evolutivo, natural e centífico da Natureza; era cristiano sin espirituallidaes, humano e cristiano son sinónimos no fondo, pois il pinsaba que as millores pregarías son a bondade, e as millores pregarías son a bondade, e as millores orazóns o agarimo ó próximo. Soupe–los mandamentos católicos de memoria pra non tere outra memoria de iles que pra rezalos e non cumplilos, e unha falsedade prá relixión, e unha herexia pra o ídolo. Sere ou non sere. Adourar un Deus que ten as doutrinas que lle impuxeron os que o adoran non é adoralo, máis ben é escarnecelo; outro tanto do que acontécenos con Galicia.
[“Enxebreza”]

➤ No terreo lingüístico dálle a acepción de ‘puro’.

¹⁸⁷ Para coñecérmo-lo pensamento enxebrista de Antón Losada Diéguez consúltase a súa conferencia “Os problemas do idioma e da cultura no rexionalismo galego”, pronunciada en Santiago de Compostela o 28 de xullo de 1918 no marco da “Semana Regionalista” que organizou o xornal católico *El Debate* (Madrid) e o Secretariado de Acción Católica de Santiago de Compostela. Vid. Beramendi (1985), pp. 242–251.

¹⁸⁸ *A Nosa Terra*, n.º 83 (15–3–1919).

Ascoitei a tal conversa, porque chamárame a atenzón aquíl americano que falaba con acento tan enxebre a nosa lingoa, e non co afemiado que empregan casi todos os que veñen de aló.

[“¡Ou libres ou mortos!”]

A fala nosa téñena por ouveo de cans e ó ouíla, sintense predispostos á risa e non tratan de disimulalo, non rinse na faciana de quenos o falen. De nós non lles agrada máis que unha cousa: a música. Ascóitana con ledicia, i enténdena e vena en todo o seu esplendor, porque a música de calquer terra que seia, amóstrase espida, limpa, sinceira, tal coma é, sin que seia mester o estudiala nin buscar unha persoa que lla esprique. Métese ouídos adrento e vai dereita sin intermediario algún a atacar o senso máis sensíbre. Si nos leran, que non nos len; si nos ouíran falar enxebremente, que non nos oíen, tamén a nosa lingoa crecería ante eles e até serían, entón, entusiastas admiradores da nosa meiga fala, coma o son outros que chegaron a enxerguermos.

[“Por Galicia e por nós”]

➤ Co significado ‘propio, tradicional’.

Nós non percisamos figuras de relumbrón, pois non seguimos a homes. Temos na Irmandade da Cruña un irmán, Xerardo Faraldo, que, sin saber cicais da vida máis que o preciso pra vivire, é tan enxebre, tan galego, tan bon fillo de Galicia, que quen nos dera moitos Faraldos nas Irmandades, e alonxados dilas galegos con ribetes de prohombres, perxudiciaes á causa por antepor en tódalas cousas o eu á idea. Faraldo non terá sabenza nin facilidade falangureira pra levar acotío nos labres o verbe Galicia, mais lévaio, en troques, no corazón que é onde hai que levalo, gravado con fondo suco polo buril dos aldraxes. Faraldo non berra nin erxila as doenzas galegas, mais sabe aturalas e desvívese por canear o remedio que tanto degora.

[“¡Ou libres ou mortos!”]

➤ Co matiz semántico de ‘característico, diferencial’.

Bartolo cada vez máis ateigado de entusiasmo faguía cantar novas copras a Cacharusas, e ó sentire unha gaita que pasaba por diante da casa tocando un enxebre alalá, ergueuse, abriu a porta e, queiras que non, meteuno na casa.

[“Noite Boa sin festa”]

Convén apuntar como influíron dous movementos. Por unha parte, o romanticismo,¹⁸⁹ nutrido polo historicismo alemán, continuou vixente nunha fase serodia, a principios do século XX, polo papel fundamental no recoñecemento da personalidade propia de Galicia. Esta visión complementaa co exotismo, derivado do

¹⁸⁹ Sainz de Robles (1982), vol 2, pp. 1059–1069; Hess, Siebenmann, Frauenrath e Stegmann (1995), pp. 276–280; Estebáñez Calderón (1996), pp. 953–957, e González de Gambier (2002), pp. 358–360.

entorno cubano d’*O tesouro acobillado*, e co predominio dos sentimentos. Por outra parte, a vizosidade realista,¹⁹⁰ debedora en boa medida do costumismo (vid. *supra*), formúlala con tres características: a verosimilitude temática, a estruturación social dos personaxes e o compromiso social do autor.

Reparemos tamén no *neofantástico*,¹⁹¹ formante do imaxinario popular galego e da construción dunha identidade nacional.¹⁹² Ó igual que Franz Kafka e Jorge Luis Borges, Carballal trata a irrupción do anormal nun mundo aparentemente normal coa intención de confirmala posíbel anormalidade da realidade. A todo isto, o discurso ofrece o contraste entre o enfoque realista do mundo evocado coa imprecisión e a vaguidade do acontecemento inexplicábel. Isto último constátase nas comparacións e nunha sintaxe sen nexos. Evidéncianse así as dificultosas relacións da linguaxe coa realidade.

3.1.3. Algunhas claves interpretativas

Dende o comezo do rexionalismo ata mediados da década de 1930, o enfrontamento da aldea coa vila/a cidade,¹⁹³ gromos estes últimos [*alúdese á vila e á cidade*] de corrupción e traizón, evidénciase en subtítulos como “Entre un xastre da ciudá e un paisano da aldea” [“Discos suevos (IV)”] e en tópicos textuais sobre as irregularidades caciquís infrinxidas por cargos administrativos, en especial o deputado do texto “Discos suevos (III)”. Faíse énfase no ámbito aldeán, considerado gardador da sabedoría popular e cerne da alma galega, en canto espazo de abondosos relatos: “Parola semanal (I)”, “Parola semanal (V)”, “Santos e meigas (I)”, “O último aturuxo”, “A libértá”, “Récelle á Virxen”, “Discos suevos (I)”, “Enxebreza”, “O Conselleiro”, “A virxen de mármore”, “Ao pé do cruceiro”, “Si te portas ben...” e “Ti sei que dormes”.

A estrutura editorial comprende divisións externas marcadas con numeración romana [*O tesouro acobillado*, “A dos ollos meigos” e “O derradeiro beixo”], liñas de puntos suspensivos [“O último aturuxo”, “Discos suevos (I)”, “Discos suevos (II)”, “Discos suevos (III)” e “Discos suevos (IV)”] e triángulos de asteriscos [“Ti sei que dormes”, “A virxen de mármore”, “Ao pé do cruceiro”, “Axúdate, que Deus te axudará”, “A lenda do xutglar”, “Noite do sábado”, “É a noite de san Xuán”, “Axuda a tempo” e “Rosíña a estatuaría”]. Todos estes mecanismos intensifican o suspense e/ou trocan as coordenadas espazo-temporais.

¹⁹⁰ Sainz de Robles (1982), vol. 2, pp. 1013–1019; Hess, Siebenmann, Frauenrath e Stegmann (1995), pp. 260–262; Estébanez Calderón (1996), pp. 900–904, e González de Gambier (2002), pp. 340–341.

¹⁹¹ Equipo Glifo (1998), vol. 2, pp. 377–378. Amais, consúltese o artigo “¿Qué es lo neofantástico?”, publicado no intervalo 20–33 de *Mester* (1990).

¹⁹² Examínese a *Antoloxía do conto galego*, de Silvia Gaspar, custeda por Edicións Xerais de Galicia en 1996.

¹⁹³ Sanmartín Rei (2002a), pp. 112–128.

No tocante á modalización, un número considerábel de relatos adopta a *omnisciencia autorial ou editorial*¹⁹⁴ en terceira persoa. As finalidades hermenéutica e ideolóxica configuran este tipo de narrador ó presentar feitos da historia e participar no discurso narrativo con comentarios, reflexións e valoracións dos personaxes.¹⁹⁵ Con frecuencia cede a voz ó *autor implícito representado*. Este suxeito de enunciación transmite variadas actuacións, tales como a especificación das intencións da instancia narrativa, a indicación de tensións argumentais e de xuízos de valor, conclusións e digresións iniciais que condensan o resumo da anécdota. As dúas estratexias, a *omnisciencia autorial* e a *o autor implícito representado*, nótense de formas verbais en primeira persoa; frases exclamativas, cuxa intención é recalcar aspectos narrativos ou particularidades dos personaxes, e fórmulas nas que o narrador busca a comunicación directa co lector ("non parece sinón que Noso Señorito", "o noso candidato", "iste noso enxebre D. Manoel", "pensei que a vosa relixión", "invencibles armas que vos dotou a natureza" etc.).

Nalgúns relatos, a recreación de datos diversos (biográficos, históricos e intimistas), coa correspondente carga de credibilidade, asúmea a primeira persoa gramatical baixo dúas fasquías, o *eu protagonista* e o *eu testemuña*. Por unha banda, o *eu testemuña* desenvolve historias, oídas ou presenciadas, nas cales a memoria reconstrúe diálogos, secretos e contos. Responden a este tipo os relatos "Enxebreza", "¡Ou libres ou mortos!", "Por aforro" e "Ficamos sin conto". Por outra banda, o *eu protagonista* artella a narración n' *O tesouro acobillado*.

A estas posibilidades modalizadoras hai que lles engadir dúas máis, o *modo dramático* e o *modo cinematográfico*. O *modo dramático*, constatábel en abondosos contos, formúlase a partir da intervención dialóxica. Pola súa banda, a obxectividade da historia parece experimentarse co *modo cinematográfico* no relato "En vísporas de eleicións".

Outras constantes da modalización narrativa, engarzada coa literatura de tradición popular e cos recursos da oralidade, son os *operadores realistas*.¹⁹⁶ Estes artificios narrativos proporcionan distanciamento con relación ó narrado e, ó mesmo tempo, conseguen a confianza do lector:

- Presenza explícita dos narratarios, como acontece con Ramón Cabanillas, en "O milagre de san Ramón (I)"; Manuel Lugrís Freire, en "Enxebreza"; Castelao, en "A dos ollos meigos", e Xosé Iglesias Roura, en "Rosiña a estatuaría".

¹⁹⁴ Friedman (1955). Cfr. co narrador heterodiexético, termo cunado por Genette (1989) para se referir ó narrador ausente da historia que conta.

¹⁹⁵ Rosales (2002), p. 159.

¹⁹⁶ Barthes, Roland (1966), "Introduction à l'analyse structurale des récits", *Communications*, 8, pp. 1-27.

➤ Apelacións:

—*Agora que hai lus, ouvide —dixonos Sabino que atopábase bastante lonxe de onde eu vira a soma.*

[Capítulo III d'O tesouro acobillado]

—*Ouvide; en dando as nove no reló, deixádeme todos.*

[Capítulo VI d'O tesouro acobillado]

Ouvide iste:

[“Noite Boa sin festa”]

➤ Afirmar a veracidade do que se relata:

—*N'hai tal. É tan certo como ténhote diante.*

[Capítulo I d'O tesouro acobillado]

➤ Evitar a desconfianza que puidese crear no/a lector/a:

—*O conta-la verdá non é pecado, así que ténhame que lavar despois de poñerme os tales lorchos e secarme, logo de peitearme, arrematar de vestirme e dempois poñe-la pucha.*

[“Parola semanal (XV)”]

➤ Citación da fonte consultada:

—*“O señor presidente non ten dreito a facerme calar tocando o cencerro, e non se crea tampouco que, por ter unha mala roupa nas costas, deixo de sabe-lo reglamento dos pés á chola, anque tamén sei que no no conocen homes de gran intelixencia, según eles xuran i acreditan, pro eu non son deses”.*

[“Parola semanal (II)”]

—*Porque, según din os doutores en medicina, o café sin azucre é moi bo pra tales casos, pro cunha ducha é moito mellor o resultado.*

[“Parola semanal (XV)”]

Vívira —según a lenda— no castelo unha fermosa castelana que casara co dono daqueles vastos dominios.

[“A lenda do xutglar”]

Unha peculiaridade reseñábel da heterofonía discursiva radica no carácter fenoménico dos personaxes que participan na narración dunha historia procedente da principal. Tradúcese, segundo Villanueva (1995), no *paranarrador* e o *paranarratorio*. Un caso témolo nas dúas entregas de “Santos e meigas”, nas que Marcelino o RENEGAO accede á petición de Xacinta sobre o acontecido nunha noite de verán. Estrutúrase, por tanto, un discurso narrativo cos trazos da cultura relixiosa de raíz cristiá (Deus, demo, Virxe, os santos e cregos); unha ideoloxía da comunidade, da familia e da casa posibilitadora da pervivencia económica, social e biolóxica; a dependencia lingüística,

o que implica unha relación diglósica entre o galego e o castelán, e mailo vencello fondo da cultura campesiña coa natureza.¹⁹⁷

O discurso verbal elabórase con dúas vertentes. A *reproducción directa* concrétese co estilo directo rexido,¹⁹⁸ que é fiel ó discurso dos personaxes ou plasma o diálogo con procedementos dispares (verbos introdutorios, dous puntos, comiñas, guións etc.), e o diálogo,¹⁹⁹ materializado coa renuncia clara do narrador, que ás veces o introduce. Pola súa parte, a *reproducción mediatizada* preséntase cos estilos indirecto,²⁰⁰ que reaxusta os constituíntes do discurso do personaxe dentro do discurso do narrador, e indirecto libre.²⁰¹ Este último dá como resultado un acto ambiguo de enunciación, sen seguranza de quen fala realmente, no que, simultaneamente, interaccionan voces e perspectivas e converxen fragmentos narrativos e dos personaxes.

Especial transcendencia ten a representación da vida interior coa conciencia do personaxe en “¡Ou libres ou mortos!”. Deste xeito, o ritmo prosístico conforma unha estrutura discursiva alicerzada coas fórmulas repetitivas do timbre e da morfosintaxe e cos nexos de ordenación, ben coa suma de impresións sen elementos de conexión ben con pluralidades de agrupacións directas (bimembres, trimembres, cuádrimembres...) remarcadoras da simetría; mecanismos todos estes que proxectan un peculiar ritmo sonoro ou aproveitan o desequilibrio para focaliza-la atención nun dato concreto.

O mantemento do interese e da atención na acción procúrase coa *intriga*,²⁰² que incide na transformación positiva ou negativa, dunha situación concreta. Uns textos preséntana *ab initio*, outros, en cambio, móstrana *in media res*. Abarca unha tipoloxía variada: *destino*, concenrente á evolución dos acontecementos de acordo cunha situación externa do personaxe, en “Noite do sábado” e “Axuda a tempo”; *personaxe*, referida á evolución ou a modificación do comportamento consonte unha situación interna (sentimentos, carácter moral, pensamentos etc.), en “O loitador” e “Por aforro”, e *pensamento*, centrada na mudanza das ideas do personaxe, en “En tempos que virán”.

Partindo da división societaria humana nos campos da natureza e da cultura, as relacións sexuais regúlaas un código prescriptivo e prohibitivo das relacións anormais,

¹⁹⁷ González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), pp. 50–51.

¹⁹⁸ Garrido Domínguez (1993), pp. 260–262.

¹⁹⁹ *Op. cit.*, pp. 262–264.

²⁰⁰ *Op. cit.*, pp. 269–271.

²⁰¹ *Op. cit.*, pp. 271–275.

²⁰² Friedman (1955).

así como un sistema relativo ós valores económicos e individuais.²⁰³ Observamos algunhas destas particularidades nas parellas Rosariño–Pepe do Castelo, Xan da Beira–Rosiña, dona Sol–o xograr, un rapaz novo—a viúva dun rico comerciante catalán, Xosé–Consolo e mais Rosiña–Consolo. Xa que logo, as situacións conflitivas deles derivan da relación entre a existencia nos respectivos espazos e a organización en esferas actanciais por causa da heteroxeneidade social e económica.

A tradición popular, o enfoque paraliterario e a crítica social son ingredientes esenciais na produción narrativa. Calquera análise deles pasa obrigatoriamente pola lei do contraste²⁰⁴ de caracteres (bo–malo, listo–tonto, astuto–inxenuo...). Constata esta dualidade Xaniño–Xesús, nas “Parola(s)”; o demo–o RENEGAO, en “Santos e meigas (II)”; tío Curruncho–Luís Martínez, en “A libertá”; Castañolas–o cura, en “Récelle á Virxen”; Minguíño–o cura, en “Discos suevos”; xastre–paisano aldeán, en “Discos suevos (IV)”; o Conselleiro–Maruxiña, en “O Conselleiro”; Sabino–resto de personaxes, n’*O tesouro acobillado*; mariñeiro das Rías Baixas–comandante, en “O cocho do «Princesa de Asturias»”; Froilán o USUREIRO–Chinto, en “Axúdате, que Deus te axudará”; rapaz novo–viúva, en “O derradeiro beixo”; Xaquín Candal–señor, en “Si é parvo, non se presente”; Marcela a CURRUBEPA–os tratantes e Pepiño o RECURSEIRO, e Xacobe–Ramón, en “O loitador”.

Ó fio do mencionado, cabe cita-la caracterización do *humor*²⁰⁵ enraizado na cotianiedade. Noutrora presente na obra de escritores (Rosalía de Castro, Curros Enríquez...) e na traxectoria profesional de Luis Taboada y Coca e Julio Camba, inflúe na sociedade e nas relacións humanas. Ofréceo Carballal nos finais narrativos dunha morea de relatos [“Parola semanal (XIII)”, “Santos e meigas (II)”, “Récelle á Virxen”, “Discos suevos (II)”, “O milagre de san Ramón (II)” e “En vísporas de eleicións”] e nos abondosos recursos narrativos, en especial os procedementos da digresión, da lenta aproximación ó propósito, do contraste, do diálogo co lector, dos incisos, das parénteses, dos guiños, dos puntos suspensivos, da recorrencia e da interrupción.

A devandita actitude espiritual, xurdida da estimación sentimental e o xuízo intelectual, contrasta coa *sátira*.²⁰⁶ Trátase dunha actividade mental crítica e hostil, nas modalidades de ironía e sarcasmo, que ten por obxecto reprobalo vicio e a inxustiza dos axentes caciquís.

²⁰³ Greimas, Algirdas Julien e François Rastier (1968), “The interaction of semiotic constraints”, *Yale French Studies*, n.º 41, e Mariño Ferro (2000), pp. 313–337.

²⁰⁴ Olrik, Axel, “Epic Laws of Folk Narrative”, en Alex Dundees, ed. (1965), *The Study of Folklore*, Englewood Cliffs–New Jersey: Prentice–Hall, Inc./University of California at Berkeley, pp. 129–141.

²⁰⁵ López (1996), pp. 12–22, e F. de la Vega (2002).

²⁰⁶ López (1996), pp. 20–22.

O espazo contribúe a obter credibilidade e a conferir dous factores de textualidade, a coherencia e cohesión textual. Máis aínda, a súa semiotización reflicte relacións ideolóxicas e psicolóxicas, de aí o establecemento de oposicións axiolóxicas (protección–indefensión, favorábel–desfavorábel, acolledor–hostil) asociadas á segmentación do espazo nas categorías alto–baixo, preto–lonxe, dentro–fóra e cerrado–aberto.²⁰⁷ En opinión de diversos especialistas, as referidas dicotomías marcan as "imbricacións existentes entre determinados espazos ou posicións e a correspondente conceptualización en códigos supraliterarios, culturais e ideolóxicos". Isto explica a contraposición literaria existente nas parellas campo–cidade, centro–periferia de certos relatos, relacionadas coa visión cultural das oposicións reais rural–urbano e centro–periferia.²⁰⁸ Neste sentido, a teor da narrativa carballaliana (vid. *supra*), as formas directas e indirectas transmiten notas das coordenadas espaciais, mais matízanse pola recepción do narrador e o personaxe e pola identificación afectiva dos personaxes. De feito, a lectura defínese, en xeral, pola visión global e escasamente detallista, froito da cercanía ó espazo.²⁰⁹

En canto categoría operante no imaxinario social, a paisaxe tínxese dunha fasquía cultural. Recóllense así mesmo algúns indicios deterministas cando se atende á vexetación e o relevo. A aplicación práctica efectúaa a tautoloxía, potenciada pola ficcionalidade. Pénsese, dunha parte, na singularidade performativa da descrición lingüística e, doutra parte, na vantaxe semiótica da descrición literaria ó aunar esquematismo e selección. Por isto, a lectura e a interpretación literaria de Carballal irá parella a unha configuración xeográfica propia dentro do proxecto de construción cultural e, especialmente, da vertebración identitaria.²¹⁰

A principio do século XX, tódolos esforzos nacionalistas encamiñáronse a un siloxismo entre a circulación textual e a conciencia colectiva verbo da existencia dunha comunidade homoxénea culturalmente fronte a outras sexan explicitadas, con Castela no texto “Lóstregos”, ou non. Se afondamos na interpretación, decatarémonos da existencia dun subsistema integrado por vocábulos xeográficos (monte, río, soto, valle etc.) e territoriais (aldea, casa, corredoiro, igrexa, lugar, parroquia...), a toponimia (Betanzos, Cruña, Ferrol, Fontán, Sada, Val do Ouro, Vigo etc.) e mais compoñentes afectivos (amor, ledicia, medo e tristura...) e estéticos (beleza, fealdade, orde) que se orientaban á formación da comunidade receptora.

²⁰⁷ Garrido Domínguez (1993), pp. 215–218.

²⁰⁸ Valles Calatrava (2008), pp. 190–191.

²⁰⁹ *Op. cit.*, pp. 194–198.

²¹⁰ Taine, Hippolyte Adolphe (1963), *Introducción a la historia de la literatura inglesa* [*Histoire de la littérature anglaise*, 1863–1864], tradución ó castelán de J. E. Zúñiga, Madrid: Aguilar, 3ª ed., e López Sáñez (2008), pp. 72–82 e 167–178.

Tanto na novela curta coma no resto da produción narrativa interacciona o discurso histórico e o literario, de maneira que se describe a paisanaxe galega, a heteroxeneidade ideolóxica operante naquel momento e mailas dinámicas e a estrutura social da illa cubana e de Galicia. Refórzase o acto de receptividade coa verosimilitude dos feitos narrados e a corrección do discurso histórico. En relación coa historia de Galicia aquí e alén mar —só aludiremos a Cuba—, dende finais do século XIX ata 1922 producíronse numerosos feitos e acontecementos.²¹¹

Datas	Historia
11-1890	Constitución en Santiago de Compostela do Comité Central Regionalista, primeiro xermolo da Asociación Regionalista Gallega. Nos meses seguintes creáronse comités ou xuntas noutros lugares de Galicia.
1891	O colectivo de emigrantes galegos da Habana alentou a iniciativa de levantar un monumento funerario na honra de Rosalía de Castro. Sen saírmos deste ano, celebráronse os Xogos Florais de Tui.
17-2-1895	Inicio da actividade da Academia Gallega no salón da Deputación Provincial da Coruña.
31-2-1897	Aparición da entidade Liga Gallega da Coruña.
1898	O 25 de febreiro de 1898 independizouse Cuba e o 18 de xuño creouse a Liga Gallega de Santiago. Posteriormente, <i>El Correo Español</i> publicou o artigo de Alfredo Brañas “Laboremus”.
1901	Reedición dos primeiros tomos da <i>Historia de Galicia</i> , de Manuel Murguía.
22-5-1904	Inauguración do monumento ós mártires de Carral.
6-1905	Fundación da Asociación Iniciadora y Protectora da Academia Gallega na Habana que, malia se declarar apolítica, mantivo a adscrición rexionalista mediante o fomento da cultura autóctona.
1907	Na penúltima semana de xullo apareceu a agrupación política rexionalista Solidaridad Gallega, que no escrito (<i>Solidaridad Gallega. Manifiesto. La Coruña, septiembre de 1907</i>) consideraba os Centros Gallegos auténticas colonias de Galicia. Así mesmo, o 8 de setembro xurdiu Unión Campesina e o 15 de decembro o Directorio Antiforista de Teis.
1910	Basilio Álvarez, canda galegos ilustres (Luís Antón de Olmet, Prudencio Canitrot, Enrique Peinador, Manuel Portela Valladares...), fundou Acción Gallega, movemento agrario anticaciquil de tipo redencionista e antiforal. En setembro naceu o Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción de La Habana, federación macroterritorial dos entes societarios galegos de América que rexeitaba o caciquismo e mantiña un enfoque rexenerador da sociedade galega.

²¹¹ Afortunadamente obras recentes [Cabo Villaverde (1998), Núñez Seixas (1998), Beramendi (2007), Maceira Fernández (2014)...] botaron luz sobre datos ignorados e/ou pouco coñecidos. Segundo o especialista que se consulte, as datas oscilan nalgúns meses e, mesmo, en anos.

Datas	Historia
1913	En pleno apoxeo do agrarismo, Basilio Álvarez pronunciou dous discursos na Habana, un no Centro Gallego e outro no teatro Politeama, co obxectivo de obter apoio e recursos económicos das comunidades galegas. Tamén escribiu o volume autobiográfico <i>Abriendo el surco. Manual de lucha campesina</i> .
1918	Publicación do manifesto <i>As Irmandades da Fala aos galegos residentes n-as Américas</i> e o folleto <i>A los gallegos emigrados</i> , os dous de Lois Porteiro Garea. O primeiro, asinado pola Irmandade da Coruña, procuraba lograr apoio na emigración ó anuncia-la relación das irmandades locais coas sociedades culturais americanas. No segundo avógase por establecer organizacións rexionalistas nas repúblicas americanas. A partir deste ano desenvolveuse en Galicia a etapa máis activa do sindicalismo confesional coa constitución de sindicatos, sete federacións, entre 1918 e 1920, e catorce cabeceiras de signo católico-agrario no período 1918–1923.
20–6–1920	Creación da Xuntanza Nazionalista Galega d'Habana, liderada por J. B. Cerdeira, que estaba composta por vinte membros, moitos deles moi novos como é o caso dos dezasete anos de Xulio Sigüenza. Estruturada a imitación das Irmandades da Fala de Galicia, adoptaba o programa da Asemblea de Lugo. Tiña o propósito de actuar de "catalizador" no proceso de galeguización das sociedades de emigrados.
1921	Fundación dun efémero Comité Revolucionario Arredista Galego, promovido por Fuco Gómez. No seu manifesto reivindicaba a independencia absoluta de Galicia, complementada con revelacións iracundas contra España, co adaxo de coadruar nun "Goberno Provisional de Galizia", que rexería os entes homólogos xurdidos no mundo.
1922	En xullo desenvolveuse en Tui o I Congreso da Confederación Regional de Agricultores Gallegos. A finais de novembro, reconstituíuse o nacionalismo en Cuba coa Irmandade Nazionalista Galega d'Habana, logo de lles recriminaren ós membros da Xuntanza Nazionalista Galega d'Habana (vid. <i>supra</i>) a anarquía organizativa e a falta de disciplina.

Así pois, o discurso histórico funciona como operador realista en tres eixos. O *sinéxico* constata o acontecemento histórico na vida dos personaxes a través de figuras histórico-referenciais (Resurrección María de Azkue; Alfonso Castelao; José Echegaray; Álvaro Figueroa Torres, conde de Romanones; Manuel García Prieto;²¹² Augusto González-Besada y Mein; Enrique Labarta Pose, e Manuel Linares Rivas). O *semántico* achega unha dimensión inmanente dos textos con sucesos como o afun-

²¹² **Manuel García Prieto** (Astorga, 1859–Donostia, 1938) foi xenro de Eugenio Montero Ríos. Adscrito ó Partido Liberal, conservou dende 1893 ata 1923 o distrito de Santiago de Compostela, o que se traduciu na acta de deputado galego e na ocupación da presidencia do Consello de ministros. Ante as diferentes campañas autonomistas agromadas en España, sobre todo en Euskadi e Catalunya, o 2 de xaneiro de 1919 formou parte dunha comisión extraparlamentaria co obxecto de estudar-la «cuestión regional». En 1923, ofreceulle unha acta de deputado, en calidade de nacionalista, a Vicente Risco, que non aceptou. Foi senador vitalicio e ocupou as carteiras de Goberno, Graza e Xustiza, Fomento e Estado. Véxanse Beramendi (2007); Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “A representación política de Galicia”, en VV. AA. (2007), n.º 24, XI, vol. 3, pp. 44–45, e mais Torres Queiruga e Rivas García, coords. (2008), p. 405.

dimento do *Champan*, a representación da comedia de Linares Rivas *A Cizaña*, na Habana, e a polémica con Leopoldo Pita. Finalmente, no *pragmático* consolídase a verosimilitude con datas ("mes de setembro do ano 1911") e acontecementos sobresalientes ("a guerra" [*refírese, con case toda probabilidade, á Guerra de África*]).

Seguindo coa análise, o comportamento do/a falante como constituínte da cultura, sistematizado por Fernando Poyatos,²¹³ posibilita tres series comunicativas executadas por Carballal, de forma consciente ou inconsciente, co rol *falante-actor* para o emisor. Daquela deséñvolvense estruturas sógnicas na paralingüística e na kinésica. O dramatismo da primeira vén dado por usar o ser humano unha serie de modificacións vocais e rúidos dentro da cavidade bucal. Entre os numerosos exemplos están:

➤ A orientación lectora, cuxo obxectivo é reconstruír mentalmente os feitos narrados, lógrase cos signos de puntuación (puntos suspensivos, signos de interrogación e exclamación etc.).

➤ A repetición dalgunha unidade e secuencia lingüística por se adecuar á fala.

—*Pois ascoita: cando queiras salir nos preódicos fala cunha muller que se chama... So... so... so... moza, i a máis esquencéuseme o nome.*

[“Parola semanal (VI)”]

—*E pon... pon...*

[“Parola semanal (XIV)”]

—*¡Farruu... co que che rouu... baaan!*

[“Ti sei que dormes”]

—*¡Delloores!... ¡Dellooriñas!...*

[“Noite do sábado”]

—*¡Hai que facelo!... ¡Hai que facelo...!*

[...]

—*Remedeo... remedeo... remedeo haino, mais non nas miñas maus*

[“Récelle á Virxen”]

➤ O realce de matices expresivos (humor, sátira, interferencias idiomáticas...) exteriorízase coa letra cursiva [*Santos e Meigas*, en “Santos e meigas (II)”; *americano, Lóstregos, ridículo, eu e irredento*, en “¡Ou libres ou mortos!”; *rotos e pelaos*, en “Ti sei que dormes”; *A virxen de mármore e os labres que*

²¹³ Algúns artigos verbo da paralinguaxe son “Enfoque behaviorista del hablante como miembro de una cultura”, *Filología Moderna*, núms. 35–36 (1969), pp. 162–165; “Lección de paralenguaje”, *Filología Moderna*, n.º 39 (6–1970), pp. 256–300; “Sistemas comunicativos de una cultura: nuevo campo de investigación”, *Yelmo*, n.º 1 (8 e 9 de 1971), pp. 23–27; “Paralenguaje y kinésica del personaje novelesco”, *Prohemio III*, n.º 2 (9–1972), e “Nueva perspectiva de la narración a través de los repertorios extraverbales del personaje”, en VV. AA. (1976), *Teoría de la novela*, Madrid: SGEL, col. Temas.

se xuntaron, hanse volver a xuntar, en “A virxen de mármore”; *sport*, en “É a noite de san Xuán”; *A dos ollos meigos*, en “A dos ollos meigos”; *Montserrat*, en “O derradeiro beixo”, e *eu*, en “Ficamos sin conto”] e con pausas delimitadoras do elemento obxecto de atención:

Houbera fuxido daquela casa pra sempre si non fora polo que iba a facer, porque sei demasiado que pra conseguir unha cousa fan falla mártires... e testigos. Polo tanto, eu fun o mártir naquel tempo pro testigos n'os vin, ou ó menos fixéronse os desentendidos.

[“Parola semanal (II)”]

—*¡Seria...! O díaño andaba solto por alí: unhos tirábanse á lancha do carbón, outros subíanse ós paus, outros de chola botábanse ó mar...*

[“Parola semanal (XII)”]

—*De nada, meu amigo —contestoulle aquí—; os vellos do lugar viñéronmo a pedir; e... xa ve concedinlles o que pidían.*

[“Enxebreza”]

—*Desgairácheme, e por quen, ¡por isa!... ¡pola túa criada!...*

[“A virxen de mármore”]

—*Lle son unhos desleigados. Sei dalgún que si puidera... si puidera... Mire, a min non lle me gustan marmurazóns, nin darlle á lingoa..., é verdá..., e co seu permiso, vou prepara-lo viaxe pra mañán ir á vila.*

[“Axúdate, que Deus te axudará”]

Don Lorenzo, coma home, vía marchárselle en Pilar a xoia de máis outo prezo pra el no mundo, do mesmo xeito que o neno que, aínda non anda e sentado no chan, contemptra o xuguete que se lle fuxeu das mans e o non pode coller; coma médico, coma home de cencia, lémbrese dos seus estudos e dos seus desvelos, pra sere unha nulidade, pra non sere nada, pra sere somente un de tantos vermes invisibles da terra, con vanas e tolas pretensións de deuses...

[“É a noite de san Xuán”]

Polo demais, o concepto kinésico percíbese na escrita coa reconstrución de fenómenos xestuais e reaccións mecánicas ou instintivas do ser humano. Sirvan de proba estes fragmentos:

—*¡Perdóeme, señor! —marmurou ela tremando ó ver o descomposto que estaba el.*

—*¡Boh! ¡Mal!... ¿Máis aínda?... Non, non teñas medo. Iste benestare, ista queutura, iste engano de vida que sinto é porduto da emozón de te vere... ¡A cativa doenza que vai minando a miña eisistenza, non cexa na súa labore! Descoida, non tardará, non será tardeira en dare fin á súa obra...*

3.2. Elementos narrativos

3.2.1. Relatos diversos

a) Algúns aspectos preliminares

Ricardo Carballal publicou entre o 3 de setembro de 1905 e o 24 de setembro de 1918 cincuenta relatos: quince en *Follas Novas*, tres en *Santos e Meigas*, dous en *Airiños d'a miña terra*, cinco en *Suevia. Revista Gallega*, un en *Suevia. Revista ilustrada*, vinte e tres n'*A Nosa Terra* e un en *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*. A estes contos hai que lles engadir “A usura do tío Chapapote”, localizado nas dependencias da Real Academia Galega, sen coñecemento do medio no que viu a luz. Moitos deles, como se verá no cadro da fortuna literaria, foron reproducidos en cabeceiras cubanas e/ou reeditados no volume *De min pra vós*.

Neste apartado recollemos só aqueles textos non reeditados no volume *De min pra vós*. En orde cronolóxica, son: “Parola semanal (I)”, “Parola semanal (II)”, “Parola semanal (III)”, “Parola semanal (IV)”, “Parola semanal (V)”, “Parola semanal (VI)”, “Parola semanal (VII)”, “Parola semanal (VIII)”, “Parola semanal (IX)”, “Parola semanal (X)”, “Parola semanal (XI)”, “Parola semanal (XII)”, “Parola semanal (XIII)”, “Parola semanal (XIV)”, “Parola semanal (XV)”, “Santos e meigas (I)”, “Santos e meigas (II)”, “O último aturuxo”, “A libértá”, “Récelle á Virxen”, “Discos suevos (I)”, “Discos suevos (II)”, “Discos suevos (III)”, “Discos suevos (IV)”, “O emigrante”, “O milagre de san Ramón (I)”, “O milagre de san Ramón (II)”, “Enxebreza”, “¡Ou libres ou mortos!”, “En vísperas de eleicións”, “Un feito histórico” e “O Conselleiro”.

b) Paratextos²¹⁴

Cómpre examinar cinco tipos de paratextos: títulos, subtítulos, a data de redacción, as dedicatorias e as sinaturas.

Para empezar Gérard Genette²¹⁵ rexistra títulos de carácter temático, referidos a elementos do universo diexético dos relatos designados, ou remático, cando remiten ó xénero do texto dunha maneira directa ou figurada. No primeiro grupo están “Santos e meigas (I)”, “Santos e meigas (II)”, “O último aturuxo”, “A libértá”, “Récelle á Virxen”, “Discos suevos (I)”, “O emigrante”, “O milagre de san Ramón”, “¡Ou libres ou mortos!”, “En vísperas de eleicións”, “Un feito histórico” e “O Conselleiro”. O segundo grupo reúne as quince entregas da “Parola semanal”.

No tocante ós enunciados complexos identificamos dous tipos de títulos secundarios. Por un lado, o segundo título debulla algúns pormenores non explicitados

²¹⁴ Sanmartín Rei (2002a), pp. 14–76, e mailo concepto *limiar* en Sanmartín Rei (2002b), pp. 7–78.

²¹⁵ Genette (1987), p. 78.

no título principal, como acontece con “Unha noite de tuna entre Goiás e Sabela”, en “Discos suevos (II)”, e “Entre un xastre da ciudá e un paisano da aldea”, en “Discos suevos (IV)”. Ó fin e ó cabo, o título secundario explica detalles ausentes no primeiro e a orde dos títulos mediatiza a nosa lectura. Por outro lado, o subtítulo introduce termos relativos ó xénero do texto en “Palique entre Marica e Farruca, dúas vellas do lugar con intremento do neto de Farruca no palique, ao saír da Igresea” [“Discos suevos (III)”] e “Conto” [“Enxebreza”]. Sitúase nun nivel lingüístico diferente, o metalingüístico, de aí a relevancia da tipoloxía xenérica na comercialización do produto.

A atención sobre a coetaneidade engloba as quince “Parola”(s) coa data exacta de escritura. Exprésase isto cos sintagmas "Septiembre de 1905", nas seis primeiras; "Octubre de 1905", entre a sétima e a novena; "Noviembre de 1905", correspondente á décima e á undécima, e "Diciembre de 1905", nas restantes.

Outro paratexto son as sinaturas, ben coa denominación de rexistro civil e as variantes ben co anagrama do primeiro apelido. Ámbalas dúas aparecen ó final do texto, agás no relato “¡Ou libres ou mortos!”, cuxa sinatura vai a continuación do título. En resumo, a listaxe comprende R. CARBALLAL LAFOURCADE (vinte e un relatos), RICARDO CARBALLAL (cinco relatos) e mailo anagrama L'ALLABRAC (catro relatos).

E, por último, as dedicatorias son unha fonte determinante acerca das relacións no seo da intelectualidade. En primeiro lugar, distínguense dous tipos de destinatarios humanos:

- Encomenda a un persoeiro co que o autor mantén unha relación intelectual:

Conto que pode ser certo ou verdá que pode ser conto pró eminente escritore e distinguido peisano D. Manuel Linares Rivas.

[“Santos e meigas (I)”]

Pra Ramón Cabanillas

[“O milagre de san Ramón”]

- Ofrece a Manuel Luguís Freire o conto “Enxebreza” pola relación pública e privada.

Pra o quirido irmán e aprezado mestre, Manuel Luguís Freire.

En segundo lugar, incorpora a dedicatoria á revista *Airiños d'a miña terra* no relato “Récelle á Virxen”. Cobra importancia por ser expresión do amor a Galicia e exaltación da terra e do traballo a favor dun “ideal redentor”. En terceiro lugar, o protagonismo da patria galega, no conto “A libértá”, procura incidir no público para que comparta a causa redentora:

*Si hai que merca-la libértá aos larpeiros
que gobernan a patrea dó nacimos;*

*si por libre naceón a conoscimos
e por libres nos dan os estranxeiros;
ao merca-la preceada libertá
que os caciques nos dan polos ochavos,
¿a hestoria de mañán nos xusgará
por libres, sendo escravos?*

c) Recursos narrativos

A estrutura editorial acolle o modelo tradicional composto por presentación, nó e desenlace:

Na *presentación* descríbese o físico dos personaxes, o espazo e os intervalos cronolóxicos. Uns relatos conteñen digresións narrativas para proporcionaren sentido ó relato. Bastantes “Parola(s)”, en troques, eliminana coa intención de intensifica-la carga dramática.

O *desenvolvemento* complica-se paulatinamente ata chegarmos ó clímax. Acostuma ser reflexivo, aberto á interpretación do lector, humorístico ou anticlimático. Ás veces, introdúcese con fórmulas anunciadoras como “Entre os poucos ditos que veñen a ser evanxeleos, pódese nomear a boca chea o que dicho a señora Sabela o mes que pasou, entre un corro de veciñas:” [“O milagre de san Ramón (I)”] e “Fai unhas datas, un bo irmán, narroume o feito histórico que vos vou a contar, aínda que non porque volo conte, sexa conto” [“Un feito histórico”].

O final, en consonancia co miolo argumental, ten unha tipoloxía heteroxénea:

- *Finais reflexivos* en “Parola semanal (IX)”, “Parola semanal (XV)”, “A libertá”, “O emigrante”, “Enxebreza” e “¡Ou libres ou mortos!”. Neles, o narrador expón o enfoque particular dun aspecto concreto.
- *Finais abertos* nas entregas segunda, quinta, oitava e décima da “Parola semanal” resultado da existencia de distintas vías informativas, a incerteza, a dúbida e o descoñecemento dos feitos.
- *Finais que remarcan o humor da historia* con ditos, sentenzas e cantares típicos da retranscra galega, como ocorre na “Parola semanal (XIII)”, “Santos e meigas (II)”, “Récelle á Virxen”, “Discos suevos (II)”, “O milagre de san Ramón (II)” e “En vísporas de eleicións”.
- *Final dramático* en “O último aturuxo”.
- *Finais anticlimáticos*, que introducen feitos inesperados, nas entregas primeira e terceira de “Discos suevos”.

➤ *Finais actualizadores da historia contada*, que insiren unha fórmula temporal e/ou espacial, nos relatos “Discos suevos (IV)”, “Un feito histórico” e “O Conselleiro”.

Se nos detemos na tipoloxía textual, as fórmulas dialogais ocupan un lugar sobranceiro dentro do sistema literario galego. O antecedente histórico delas radica no século XVIII con Sarmiento, o cura de Fruíme e, esencialmente, na fórmula didáctica, lingüística e relixiosa dos Padres Astete e Ripalda. Agroman de novo a raíz de acontecementos sociais e políticos, como as confrontacións entre absolutistas e liberais, as guerras carlistas e as invasións francesas. Estes textos, estruturados co esquema tradicional (presentación, nó e desenlace), versaban sobre cuestións históricas, sociais, políticas e ideolóxicas.

Co punto de partida no modelo de Valentín Lamas Carvajal, alicerzado na brevidade, na tradición popular e na preocupación social, as entregas das “Parola(s)” e dos “Discos suevos”, carentes da presentación, retoman as fórmulas narrativas pretéritas (vid. *supra*), cun maior protagonismo, xunto a refráns e coplas populares. Comparten unha estratexia intratextual e intertextual debedora dunha premeditación na alternancia e na continuidade das referencias. En síntese, o autor pretendía denuncia-las penurias existenciais e instruí-lo grupo social maioritario, a *clase dominada* (o campesiñado).

Consonte o significado e a forma da tradición oral, o conxunto dos textos literarios axústase ó conto popular. Abordan unha anécdota real ou tratan motivos fantásticos da tradición popular, de aí a plasmación na obra de Manuel Lugrís Freire *Contos de Asieumedre*. Deseguido, fórmulase unha clasificación didáctica, debedora do enfoque de Manuel Quintáns Suárez,²¹⁶ subdividida, se for pertinente, en apartados:

➤ Contos populares:²¹⁷

En primeiro termo, os *contos relixiosos* compóñense daqueles dirixidos á Virxe [“Récelle á Virxen”] e ós santos [“O milagre de san Ramón (I)/(II)”], así como aqueloutros sobre o demo [“Parola semanal (III)” e “Santos e meigas (II)”].

En segundo termo, os *contos da vida cotiá* agrúpanse en tres seccións: *contos de mulleres* [“Discos suevos (II)” e “O Conselleiro”], *contos de cregos* [“Discos suevos (I)”] e *contos de oficios e profesións* [“Parola semanal (II)”, “O último aturuxo”, “A libértá” e “Enxebreza”].

²¹⁶ González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), pp. 10–65.

²¹⁷ Para unha definición e o axeitado dimensionamento do conto popular acúdase a Equipo Glifo (1998), vol. 1, pp. 394–396; VV. AA. (2003), tomo XI, pp. 90–92; Alonso Girgado (2005), pp. 9–31; González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), e mais Harguindey e Barrio (2006), pp. 9–33.

En último termo, os *contos da terra*, concernentes ás negativas experiencias do pobo galego, fórmanse de cinco apartados: o *caciquismo* do texto “En vísporas de eleición”; a *emigración* nos relatos “Parola semanal (II)”, “O último aturuxo”, “O emigrante” e “Un feito histórico”; o *servizo militar*, en “A libértá”; as *peripecias do eido rural*, en “Parola semanal (I)” e “Enxebreza”, e maila *adversa situación de Galicia* en “Parola semanal (VII)”.

A modalización narrativa da maioría dos contos obedece a un *narrador heterodiéxico* en terceira persoa. Interrómpese en favor do *autor implícito representado*, que especifica tensións argumentais e intencións da instancia narrativa, ademais de comentar aspectos formais do texto e facilitar outras notas, tanto mensaxes eruditas coma valoracións e chamadas ó lector. Esta última voz aboia en treitos con diferentes propósitos:

➤ Intencións da instancia narrativa:

Eisí venceremos, aínda que seiamos poucos, sin fixarnos na cantidade e si na calidade, e cando seipamos dun irmán que por vivire nun curruncho da nosa terra non pode loitar con nosco, e abafado vive no seu retiro cicais por ise mesmo remordimento, démoslle azo pónonos en comunicazón co il pra que beba con nosco a mel das ledicias e a fel das cuitas.

[“¡Ou libres ou mortos!”]

➤ Valoracións:

O tal rapás non sei si o conocerán vostedes, pois como queira que o miren é un Xan, mais non Xan Lanás, é un dos poucos Xaniños maliciosos, políticos, cricicós, acurrentes. En fin, é o home que fai falta pra parolar cousas serias e conta-las verdades do barqueiro, como as penso contar de hoxe en diante.

[“Parola semanal (I)”]

d) Tempo

O predominio do fondo sobre a forma rexístrase na falta de localización temporal nun grupo de relatos: “Parola semanal (II)”, “Parola semanal (IV)”, “Parola semanal (VII)”, “Parola semanal (X)”, “Discos suevos (IV)”, “Enxebreza” e “Un feito histórico”. Pola súa banda, noutros diminúe o tempo da historia. Deste xeito, computamos: “Parola semanal (I)”, a mañá do 17 de agosto de 1905; “Parola semanal (III)”, despois do xantar; “Parola semanal (XIII)”, finais de ano; “Parola semanal (XIV)”, Noiteboa de 1905; “Parola semanal (XV)”, 31 de decembro de 1905; “O último aturuxo”, o amencer dun día sen especificar; “Discos suevos (II)”, unha “noite de tuna”; “O emigrante”, unha mañá moi cedo; “¡Ou libres ou mortos!”, unha noite; “En vísporas de eleición”, unha noite ás tres da mañá, e “O Conselleiro”, un día a comezos do outono.

Nalgúns, polo contrario, o tempo da historia é maior có tempo do discurso. Desta maneira, detéctanse intervalos temporais, como a tarde–a noite en “Santos e meigas (I)”, a noite–a mañá en “Santos e meigas”, varios días en “A libertá” e unha fin de semana en “Récelle á Virxen”.

Ordénase o tempo do discurso en tres eixos relacionais. En canto á *duración*, a anisocronía efectúase con técnicas aceleradoras (o resumo e a elipse, ora determinada ora indeterminada) ou deceleradoras (a pausa). Estas últimas, descritivas e digresivas, ocúpanse, respectivamente, do espazo e de indicacións hermenéuticas, metanarrativas e ideolóxicas. Isto vémosto cando se refire ó espazo en “O emigrante” e ó posicionamento ideolóxico en “¡Ou libres ou mortos!”.

Por outra banda, cuantitativa e cualitativamente salienta a técnica da escena por lle brindar ó/á lector/lectora o transcurso real e fiel da realidade. No que se refire á *orde*, non se detectan anacronías, de tal modo que estamos diante da narrativa primeira, ou analepses internas homodixéticas de tipo completivo. Respecto á *frecuencia*, obsérvese como os relatos contan unha vez o que pasou nunha vez. Por contra, Darío Villanueva²¹⁸ propugna outra configuración, pola cal os textos literarios se dividirían en íntimo, en especial algunhas entregas da “Parola semanal” e o texto “¡Ou libres ou mortos!”, e, predominantemente, en lineal e anacrónico.

A transformación circular da linealidade temporal evidénciase con festas católicas,²¹⁹ que responden ó esquema do ataque maligno na véspera do día santo e a purificación anterior á manifestación do poder sacro, como a Noiteboa [“Noite Boa sin festa”] e a Noite Vella [“Parola semanal (XV)”].

e) Espazo

A ausencia do espazo nos relatos “Parola semanal (VII)”, “Parola semanal (VIII)”, “Parola semanal (XIV)” e “Parola semanal (XV)” implica un ritmo peculiar, tanto lingüístico coma de pensamento, e unha complexidade no proceso de recepción e comprensión textual.

Noutros relatos, pola contra, as localizacións teñen un referente real que abrangue as terras cubana e galega. Dunha banda, os escenarios da illa divídense en dous grupos. Os exteriores abarcan o “muelle da Lus, cando estaba espedado polo eléctrico pra ir traballar” e o “café” [“Parola semanal (I)”]; a “calle”, a parte exterior da casa, a “acera” e o Campo Santo, todos eles na “Parola semanal (X)”. Nos interiores cóntase coa casa de Xaniño [“Parola semanal (II)”]; a cama da casa de Xesús e a sala do inferno [“Parola semanal (III)”]; a porta da casa dunha rapaza, a casa de Xaniño, a

²¹⁸ Villanueva (1989).

²¹⁹ Chao Rego (1988), pp. 45–56; Mariño Ferro (2000), pp. 457–489, e mais Mariño Ferro e González Reboredo (2010), pp. 165–171, 178–185.

"Iglesia" e os seus arredores ["Parola semanal (V)"]; o teatro Payret, o Centro Español e mailas rúas habaneiras do Prado e das Ánimas ["Parola semanal (VI)"]; o Centro Gallego da Habana ["Parola semanal (IX)"]; o "aléutrico" ["Parola semanal (X)"]; o Centro Gallego ["Parola semanal (XI)"]; o buque *Champán* ["Parola semanal (XII)"]; a entrada do porto habaneiro, onda o malecón, e a casa dun protagonista, sen precisar lugar ["Parola semanal (XIII)"]. Doutra banda, a escenificación galega patentízase no resto de relatos así:

Relatos	Localización espacial
"Santos e meigas (I)"	"Pola daquela carreteira solitaria que vai de Sada a Fontán, iba polo carón do valado". A casa do tío Chinto, concretamente diversas dependencias desta (a "cuadra", a lareira...). O maízal [sic] de Antón.
"Santos e meigas (II)"	A taberna do tío Xulio. "carreiro que vén a salir pola carreteira a carón da casa do Santiagués".
"O último aturuxo"	O "ialto do monte".
"A libértá"	"aló nun lado da aldea lexos de todo contauto".
"Récelle á Virxen"	Unha aldea (sen menciona-lo nome), nomeadamente unha "corredora" e as proximidades da "Iglesia".
"Discos suevos (I)"	Aldea.
"Discos suevos (III)"	"Ao saír da Igrexa do lugar".
"Discos suevos (IV)"	"tenda dun xastre".
"O milagre de san Ramón"	A lareira e dúas estancias dunha casa, a habitación e unha zona próxima á hucha.
"Enxebreza"	A casa-quinta e a capela.
"¡Ou libres ou mortos!"	"café da rúa Real".
"En vísperas de eleicións"	A casa, especialmente o dormitorio, e outros escenarios como a tenda da Raposa.
"Un feito histórico"	"nun vagón do ferrocarril de Ferrol a Betanzos". "estación de Xubia".
"O Conselleiro"	"tozal".

Aínda que de vez en cando se refira a escenarios montañosos, nos relatos “O último aturuxo” e “O Conselleiro”, o narrador, coñecedor da complexidade construtiva das vivendas e da heteroxeneidade paisaxística, evita entrar na descrición, insistindo na perspectiva temporal e dramática de cada relato. Deste modo, retrátase fielmente a sociedade galega de comezos do século XX.

f) Personaxes

A caracterización básica, por regra xeral, realízase o narrador heterodiexético. Pola súa banda, as actuacións e intervencións verbais acompañanse de comentarios do narrador. Ás veces, carecen de presentación inicial e, en cambio, teñen algúns dos recursos citados.

A onomástica engade un matiz afectivo a través do sufixo diminutivo *-iño* (Xaniño, Xuliño, Minguíño e Pepiño). Noutras ocasións, márcase cunha serie de vocábulos o parentesco (tío Chinto, tío Curruncho [*refírese a Xulio Martínez*], pai de Sabela e neto de Farruca) e a clase acomodada (Sr. Xusto). Cabe fixarse en que a maioría dos nomes alude ó xénero masculino (Xesús, Marcelino, Roque e Luís Martínez —este mesmo co apelido—). Incluso hai os hipocorísticos Colás e Fuco e alcumes como CASTAÑOLAS [*cuxo nome é Manoeliño da Rúa*], o RENEGAO [*responde a Marcelino*] e O CONSELLEIRO.

Estas entidades individuais deséñanse consonte unha serie de parámetros sociais da Galicia de principio do século XX. Nese repertorio están o *resignado* de Xan fronte ó *dinámico* Xesús, trasunto do autor; o vello *decidido*, tío Chinto; o *bo* rapaz de Roque, casado con Xacinta; o *teimudo* Marcelino, afeccionado ó xogo da brisca; o *intelixente* ex-soldado, tío Curruncho; os *ilusos* de Luís Martínez e Pepiño, marido de Deloriñas; os *espelidos* Minguíño, Colás e Manoeliño da Rúa; o *medoñento* Pepiño, fillo maior dos Paradela, e o *vividor* de Fuco.

O elenco de personaxes populares engloba uns sen nome, particularizados pola procedencia social e poboacional. Pénsese como o cerne galego do “labrego”, do “paisano da aldea” e dun “probe paisano” se define pola inocencia e o espírito de sacrificio, mentres outros (o avogado, os gardas civís, o “cura”, o “xastre da ciudá” e uns rapaces foráneos) ofrecen unha imaxe negativa fornecida polo materialismo, o aproveitamento ou a burla dos febles. Deste nutrido feixe exceptúase Manuel de Luís, un vello loitador acomodado partidario das reivindicacións da “terra galega”.

O afondamento na psique dos personaxes populares pretende racionalizar sentimentos, paixóns e desexos íntimos mediante atributos físicos e espirituais. Pola súa vez, a relación dialéctica co mundo estabelécea Carballal coa dimensión social. Ocasionalmente, a integridade dun personaxe asóciase cun obxecto inanimado ou animado, en especial o faco nas dúas entregas de “Santos e meigas”.

Na produción narrativa ocupa un lugar fundamental a muller, que interpreta roles tradicionais atribuídos á muller galega. Desta maneira, observamos: a anciá crente, a señora Xuana, canda Xacinta, garrida e fermosa rapaza que se discirne pola curiosidade, nas dúas entregas de “Santos e meigas”; a namorada recatada, confiada e honrada Sabela en “Discos suevos (II)”; dúas vellas criticonas, Marica e Farruca, en “Discos suevos (III)”; a muller que dá á luz, Deloriñas, acompañada pola señora Sabela, vella con fondas crenzas cristiáns, e pola parteira agnóstica, dona Antonia, nas dúas entregas de “O milagre de san Ramón”, e Petra, muller cauta e preocupada polo marido e pola economía familiar, cunha forte influencia na toma de decisións en “En vísporas de eleicións”. Tamén perfila unha muller negra de avanzada idade, na “Parola (II)”, co obxecto de mostra-la mestizaxe étnica da poboación cubana.

Se ben a maioría dos personaxes está trazada dende a perspectiva de parámetros realistas, a impronta da fantasía, localizada na “Parola (II)”, rastrexase na incorporación á galería de seres maléficos caracterizados cunha variada fasquía. Pensemos no demo pequeniño, porteiro do inferno, coas chaves suxeitas nos cornos; o diaño, xefe do inferno, e Faragullas, encargado de botar no pote o corpo de Xesús.

Distribúense en diferentes espazos, implantándose unha vinculación psicomoral. En consecuencia, as esferas da acción relaciónanse coas funcións, os actantes e os roles narrativos. Esta categoría, polo tanto, patentízase coa converxencia de dúas achegas. Por unha banda, a *romántica* atende ás orientacións psicolóxica e ideolóxico-axiolóxica do personaxe, ou sexa, reflicte a visión do mundo por parte do campesiñado. Por outra banda, a *realista* detéctase na extracción social e no desenvolvemento de dinámicas negativas en forma de irregularidades eclesiásticas e políticas. Mesmo a recreación dun determinado ambiente precisa dun grupo amplo (colectivo, secundario e episódico). Sirvan de proba os “vellos i os mozos”, os nenos chorosos, “as mulleres de rodillas” pregando, a “veciña”, “don Froilán”, os vellos, o veciño da Coruña e o Americano.

Con todo, a influencia realista matízaa a fórmula fantástico-cotía, reafirmadora da singularidade do pobo galego, por medio dun sólido sistema de crenzas cristiás:

➤ O santuario: a “iglesia” nos textos “Parola semanal (V)” e “Récelle á Virxen”.

➤ As figuras de culto:

¡Santa Comba, meigas fóra!
[“Parola semanal (I)”]

seguindo sin parar hastra o altar máis grande, no que estaba a Virxen do Carme co neno nos brazos.
[“Parola semanal (V)”]

¡Ai, santa Combiña me valla, que me pelou coma un pólo!
[“O milagre de san Ramón (I)”]

Inclusive manexa mitos (o diaño, os demos e as meigas) para amosar como o pobo galego afronta a dualidade vida/morte e, asemade, a confrontación Ben/Mal. Evidentemente adquiren sentido e valor potencial na sociedade galega grazas á recorrencia, de tal xeito que se acada un efecto performativo do texto literario.

—¿Ti eres o diaño?

—Son o porteiro.

[“Parola semanal (III)”]

¡Homes, demos, santos ou meigas, que non dáde-la cara pra veros, persentárase en calquer fegura que sexa, diante de min, pra fenderos a chola coa miña moca!

[“Santos e meigas (II)”]

En canto á tipoloxía formal,²²⁰ distínguense os personaxes redondos e planos. Os primeiros, con trazos ben precisos, experimentan cambios ó longo dos textos literarios. En troques, os segundos, carentes de individualidade e personalidade, repiten esquematicamente a natureza propia dun grupo de persoas. Poñamos os casos do cura e os gardas civís. Por outra parte, a tipoloxía referencial²²¹ remite a unha realidade extratextual, a sociedade, á hora de glosa-lo labrego, o cacique e aquelas profesións liberais (xastre...).

Mención especial merecen as abondosas “Parola(s)”. Nelas, os personaxes adoptan o rol de actantes ó cumpriren unha función dentro dos textos paraliterarios.²²² A tal fin establecía un sistema de seis funcións actanciais:

- Suxeito: Xaniño e Xesús, trasunto do autor.
- Obxecto: a búsqueda de consello por parte de Xaniño.
- Destinador: o mesmo consello.
- Destinatario: Xaniño e Xesús.
- Adxuvante: Xesús.
- Opoñente: a indecisión de Xaniño e os imperativos temperamentais de Xesús.

²²⁰ Forster, Edward Morgan (1983), *Aspectos de la novela* [*Aspects of the Novel*, 1927], tradución ó castelán de Guillermo Lorenzo, Madrid: Debate.

²²¹ Hamon, Philippe (1972), “Pour un statut sémiologique du personnage”, *Littérature*, n.º 6, pp. 86–110.

²²² Greimas (1971).

g) Temática

A intensificación realista compróbase no enfoque social e reivindicativo. Mantíña, xa que logo, unha postura rexeneracionista, a causa da pobreza social e a crise política da época, constatable na denuncia do servizo militar [“A libertá”], da emigración [“Parola semanal (II)”, “O último aturuxo” e “O emigrante”] e das irregularidades eclesiásticas [“Discos suevos (I)”] e políticas [“En vísperas de eleccións”].

A presenza das crenzas, nas modalidades onírica [“Parola semanal (III)”] e do alén [“O milagre de san Ramón (I) / (II)”, “Santos e meigas (I) / (II)” e “Récelle á Virxen”], sitúanos ante un cultivador desta tipoloxía dentro do sistema literario galego. Posteriormente, exercitaron este recurso dous escritores:

- Vicente Risco recolle as aventuras de Bieito Alveiros destinadas á liberación do esqueleto de Tutankhamon no conto *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*, volume sétimo da colección ¡TERRA A NOSA!
- Antón Losada Diéguez continúa a liña neoceltista impulsada por Risco en “Camiñantes (Lenda)”, aparecida no n.º 2 (10–4–1917) da publicación pontevedresa *Alborada*.

O amor, tópico da literatura universal, contéplase en dous textos, “Discos suevos (II)” e “O Conselleiro”. No primeiro, despois do encontro amoroso entre a recatada Sabela e o decidido Colás, desenvólvese o descubrimento polo pai dun bico entre os namorados. O segundo presenta a solicitude de consello amoroso da moza Maruxiña a un pastor.

Súmese a isto a moralidade e o posicionamento ideolóxico. Por un lado, en “Discos suevos (III)” critica o comportamento contraditorio das persoas asistentes ás homilias por conxuga-la recepción dos preceptos cristiáns coa reprodución dunha actitude escarnina fóra do recinto eclesiástico. Conclúe cun paradoxismo, polo cal o neto dunha feligresa anuncia a “recreación” desta co alcalde. Por outro lado, en “¡Ou libres ou mortos!”, tras escoitar unha conversa nunha cafetería da rúa Real, incide nos factores constituintes da “personalidade nazonal” de Galicia e, por extensión, no rexurdimento das nacionalidades.

Así e todo, o grupo temático máis abondoso, sen lugar a dúbidas, é a información artellada con fórmulas dialogais ó abeiro ora do realismo ora do posicionamento ideolóxico do autor. Pénsese nas seguintes vivencias do ámbito rural: o pasamento de animais [“Parola semanal (I)”], a petición da casa–quinta a Manuel de Luís por algúns vellos para celebraren misa [“Enxebreza”] e maila situación de Galicia na “Parola semanal (VII)”. Neste último, logo de busca–los causantes do prostramento económico e social, reparte a responsabilidade entre o goberno e a cidadanía galega.

Resaltan dentro deste apartado aqueles textos alusivos ás circunstancias vitais pola elevada cantidade. Deste xeito, temos: o impago do recibo de *Follas Novas* e a perda da moza por parte de Xaniño [“Parola semanal (IV)”]; o relato das vicisitudes cómicas de Xaniño ata casar [“Parola semanal (V)”]; a entrevista de Carballal con Leopoldo Pita, da que se desdiciu o noso autor por mor da falsidade deste último [“Parola semanal (IX)”]; as peripecias experimentadas por Xaniño no traxecto da casa ó Campo Santo [“Parola semanal (X)”]; as disputas internas, acontecidas —supostamente— no Centro Gallego da Habana o 3 de novembro de 1905, en “Parola semanal (XI)”]; a charla arredor do frío dos pobres [“Parola semanal (XIII)”]; a enumeración dos produtos mercados para a cea de Noite Boa [“Parola semanal (XIV)”], e as festividade do Nadal [“Parola semanal (XV)”].

Tampouco esquezámo—la panorámica acerca da vida cultural e social da colonia galega da Habana ofrecida nos textos “Parola semanal (VI)” e “Parola semanal (VIII)”, o primeiro relativo ó programa de beneficio no “Teatro Nacional” e o segundo concenrente ás irregularidades no proceso electoral á presidencia da Casa de Galicia. De modo análogo, insire o afundimento do buque francés *Champan* na “Parola semanal (XII)”.

3.2.2. *O tesouro acobillado*

a) Algunhas consideracións preliminares

Antes de debullar algunhas consideracións d’*O tesouro acobillado*, cómpre reparar na tipoloxía xenérica, a *novela curta*. Estreitamente vencellada co conto literario,²²³ singularízase pola composición concentrada, unha maior extensión respecto ó conto, a narración dun suceso como feito fundamental, a importancia dun tema estendido, a viraxe sobre o destino dun personaxe e, ás veces, a representación do obxecto—símbolo. Por outra banda, os riscos comúns do conto e da novela curta abarcan a condensación da historia narrativa e dos elementos estruturais; a utilización de certas técnicas narrativas; a focalización sinecdóquica da estrutura referencial na parte, no canto do todo, e maila declaración dunha soa e particular idea arredor da cal xira a construción discursiva. A única distinción entre ámbolos dous xéneros radica na maior extensión, o que entraña unha conceptualización pragmática sociocultural.²²⁴

En España xurdiu a novela curta dende 1907 coa fundación da colección EL CUENTO SEMANAL, colección impulsada por Eduardo Zamacois co obxectivo de amolda—la *nouvelle* francesa, ata o cese en 1932 doutra colección, LA NOVELA DE HOY. Durante este intervalo, as iniciativas editoriais, tanto as máis populares (EL CUENTO SEMANAL,

²²³ A vinculación entre os dous xéneros literarios evidenciouna Sklovski ó relacionar técnicas e procedementos comúns da novela curta, do relato curto e do conto. Véxase Sklovski, Viktor (1971), *Sobre la prosa literaria (Reflexiones y análisis)*, Barcelona: Planeta.

²²⁴ Valles Calatrava (2008), pp. 54–55.

LOS CONTEMPORÁNEOS, EL LIBRO POPULAR, LA NOVELA CORTA, LA NOVELA SEMANAL, LA NOVELA DE HOY e LA NOVELA MUNDIAL) coma as de menor índole, captaron a curiosidade e o interese dos/as lectores/as dando a coñecer un milleiro de títulos. Delas, a maioría correspondía a relatos inéditos de escritores españois e unha minoría a textos dramáticos e traducións.²²⁵

A repercusión social da morea de proxectos editoriais explícase polo prezo ínfimo, ata 30 céntimos; a calidade tipográfica da maioría, e o esforzo económico por maquetaren con ilustracións de debuxantes coñecidos. Convén apuntar como tódalas coleccións de novela curta gozaron dunhas elevadas vendas pola decadencia relativa da novela folletinesca; o ingreso da muller na vida social; a orientación ideolóxica, aínda que algúns sectores da poboación carecían de preocupacións políticas; a preferencia polos temas realista²²⁶ e erótico²²⁷ da vida comunitaria, matizados os dous pola aceptación dunha serie de novidades estilísticas e pola influencia exercida por parte da novela europea da época. Todos estes datos configuraron unha literatura popular, diferente do folletín, axeitada ó baixo nivel cultural.²²⁸ Aínda por riba, agréguese ás dúas vetas literarias a intencionalidade crítica, ficcións próximas á novela psicolóxica e maila amálgama do realismo cos preceptos do naturalismo. Polo demais, as achegas de políticos e intelectuais son dun nivel inferior.²²⁹

En “Nuestra afirmación regional”, Antón Villar Ponte consideraba causantes da anómala situación da lingua galega a carencia dun teatro e dunha novela. Estas metas pretendéronas as Irmandades co afianzamento dunha narrativa en galego e coa formación dun público. De feito, publicáronse sesenta novelas breves entre a súa aparición en 1918, a raíz do certame literario organizado pola cabeceira *A Nosa Terra*, e 1927.

O cuarto volume (10–3–1919) da colección ¡TERRA A NOSA!, subtitulada Bibríoteca [sic] Popular Galega, presenta algunhas peculiaridades físicas similares á produción executada no conxunto de España (unhas dimensións de 17,4 x 12 cm; un prezo de dez céntimos e un número reducido de páxinas, 31), mais discerníase por ilustra-la capa cunha fotografía do autor, en cor, acompañada da bandeira galega na

²²⁵ S. Granjel (1980), pp. 47–48.

²²⁶ A listaxe de escritores realistas inclúe a Eduardo Barriobero y Herrán, Carmen de Burgos, Cristóbal de Castro, Vicente Díez de Tejada, Concha Espina, Federico García Sanchíz, Prudencio Iglesias Hermida, Augusto Martínez Olmedilla, Luis Antón del Olmet, Ramón María Tenreiro e Benigno Varela. *Op. cit.*, pp. 144–146.

²²⁷ O xénero erótico, ou galante, cultivárono Joaquín Belda, Emilio Carrere, José María Carretero, José Francés, Antonio García de Linares, Germán Gómez de la Mata, Antonio de Hoyos y Vinent, Alberto Insúa, Rafael López de Haro, Pedro Mata, José Muñoz Llorente, Juan Puyol, Álvaro Retana, Alberto Valero Martín e Andrés Guilmain. *Op. cit.*, pp. 142–144.


²²⁸ *Op. cit.*, pp. 49–50.

²²⁹ Pénse nas colaboracións de Luis Araquistain, Marcelino Domingo, Edmundo González-Blanco, César Juarros, Margarita Nelken, Eugenio d’Ors e Rafael Sánchez Guerra. *Op. cit.*, pp. 150–151.

parte superior. Por outra banda, vencéllase con iniciativas culturais da época (ALBORADA, CÉLTIGA, LAR e LIBREDÓN) por mor da sinxeleza argumental arredor da terra galega.²³⁰

b) Paratextos²³¹

O deseño editorial consta do título, o subtítulo, a nota a pé de páxina, a sinatura e unha serie de expresións non verbais. O título temático, *O tesouro acobillado*, remítenos á necesidade de descubri-lo paradoiro do obxecto precioso e, asemade, ó aspecto didáctico no seo dun colectivo humano. Este paratexto salienta por recursos visuais de captación do público: a tipografía, rodeada de espazos en branco; a letra maiúscula na colección e no título; a xerarquización dos caracteres; as representacións gráficas (foto do escritor etc.), e o formato do papel, con maior grosor da portada e da contraportada respecto ó resto de páxinas.



²³⁰ Bernárdez, Ínsua, Millán Otero, Rei Romeu e Tato Fontañña (2001), pp. 25–28.

²³¹ Sanmartín Rei (2002a), pp. 14–76, e mailo concepto *limiar* en Sanmartín Rei (2002b), pp. 7–78.

O título suxírenos a pertenza a un momento histórico, década de 1910; a unha época, as Irmandades da Fala, e á corrente literaria realista por vía do recurso ó fantástico-cotián. No eido metalingüístico témo-lo subtítulo *Conto*, termo que supón prima-la tipoloxía xenérica na comercialización do produto.

En canto instrumento ideolóxico, titular en galego supuña e supón un acto de insumisión e dende unha perspectiva sociolingüística transmite unha particular visión do mundo, neste caso a *mitolóxica*. Precisamente, a novela curta establece un proceso de intertitularidade con outros textos alusivos a búsquedas de tesouros.²³² A cultura tradicional galega considéraos asociados a seres animados (ananos, demos, xigantes, serpes, meigos, bruxas etc.) e localizacións, vencelladas, por regra xeral, co alén (castros, antas, mámoas, crómlechs...). En numerosas narracións orais, o desencantamento precisa de medios especiais, entre eles o grimorio intitulado *Libro de San Cipriano*.

De feito, o sistema literario galego evidencia a crenza en riquezas ocultas con moreas de relatos, poemas e libros: *Contos, leendas e tradicións* (1881), de Heracleio Pérez Placer; dous libros aparecidos en 1885, *Os afillados do demo* e *Brujas y astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso libro de San Cipriano*, o primeiro de Evaristo Martelo Paumán e o segundo de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela; o relato “A orella do demo”, de Roque Pesqueira Crespo, publicado o 15 de outubro de 1886 n’*O Galiciano*; *O castro de Cañas (Boicentril)*, de Francisco Tettamancy, segundo volume (20–2–1919) da colección ¡TERRA A NOSA!, e *Do caso que ll’aconteceu ó Dr. Alveiros*, de Vicente Risco, volume sétimo da antedita colección.

A diferenza da autoría co *onimato*,²³³ constatábel con R. CARBALLAL LAFOURCADE e RICARDO CARBALLAL (variantes do nome plasmado no rexistro civil) nos relatos de *Follas Novas* e *A Nosa Terra*, as colaboracións xornalísticas non ficcionais levan o pseudónimo V. ULCANO,²³⁴ propiciado, quizais, por razóns de índole diversa, que van dende a expresión de multiplicidade, pasando por temores sociais e a precaución, ata a captación do interese dos destinatarios. No caso d’*O tesouro acobillado*, a colección literaria despraza o nome e o primeiro apelido a unha zona secundaria.

Divídese a obra en sete capítulos encabezados con numeración romana. Así, o capítulo I, comprendido entre as páxinas tres e sete, denomínase “Interesante revelación”; o II, dende a páxina 7 ata a 10, “Quen era o negro Sabino”; o

²³² Mariño Ferro e González Reboledo (2010), pp. 412–415, e Vaqueiro, Vitor (2011), *Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres*, Vigo: Galaxia, Guías A Z, pp. 466–471.

²³³ Sanmartín Rei (2002a), pp. 14–15.

²³⁴ *Op. cit.*, pp. 15–21.

III, páxinas 10–14, “O negro comenza a traballare”; o IV, dende a páxina 14 ata a 20, “Unha cea e un velatorio”; o V, páxinas 20–26, “Unha soma, unha lus, e outra noite sin dormire”; o VI, entre a 26 e a 30, “O víspera da riqueza”, e, por último, o VII, que recolle as páxinas 31 e 32, “O tesouro descuberto”. No formato destaca a aliñación á dereita do encabezamento de cada capítulo. En suma, Carballal Lafourcade estrutura en capítulos co fin de cubri-los ocos entre o tempo real da lectura e o tempo da historia narrada. Resulta relevante a única nota a pé de páxina (páxina 5) por ser unha explicación dunha especie arbórea propia do continente americano.

c) Recursos narrativos

O enfoque autobiográfico nítrese do comentario e a valoración do pasado realizada polo suxeito da enunciación no presente. A raíz do afastamento en oito anos respecto ó momento da publicación, a memoria encárgase da recuperación dos acontecementos, os comportamentos e os pensamentos.

A transmisión da información narrativa regúlase o *narrador evidente*²³⁵ a traves da mediación en forma de intrusiones e variadas demostracións. Por isto, o discurso literario agrúpase na modalidade directa ou indirecta de reprodución, segundo interveña o personaxe ou o narrador, e na natureza interna (pensamentos, impresións, sensacións e sentimentos) ou externa (expresións materializadas). Na novela curta Carballal continúa as vías empregadas no resto da produción narrativa: estilo directo rexido, diálogo e os estilos indirecto e indirecto libre.

A orde lineal da historia obtense en tres partes: presentación, nó e desenlace. A primeira céntrase no evoluir dos acontecementos e a segunda na conduta dos personaxes. Ámbalas dúas vencéllanse coa indagación dun tesouro e coa mudanza dos pensamentos sobre Sabino por cousa de argalladuras. Pola súa banda, o desenvolvemento do discurso estrutura a intriga con dúas tipoloxías, *destino* e *personaxe*.

d) Tempo

A novela curta comeza con precisión, “Aló polo mes de setembro do ano 1911”. Isto implica, dunha parte, proximidade ó acto de escritura e, doutra parte, intensificación con signos verbais (adverbios, preposicións e verbos), tales como “De súpeto”, “No entretanto”, “Aló polas doce”, “e dempois”, “e acóstanse cedo”, “namentres” e “voltaría meses”. En resumo, o tempo regularízase a través do suxeito de enunciación e a perspectiva lingüística, establecida en cada acto comunicativo, toma corpo pola natureza intersubxectiva.

A tensión argumental incrementase co tema do espiritismo. Constrúeo con riscos de misterio, debuxando axeitadamente a intriga da historia.

²³⁵ Chatman (1978).

—Fai xa tempo que na finca «A Guaxira», que está a unhos vinte metros de eiquí, aparécese un esprito ou soma vestida de branco algunha que outra noite, aló polas doce, e depois de chegare ao pé dunha seiba e tocare o chan coa man dereita, pérdese de vista.

Todos estes trazos atenúanse con sucesivos diálogos, que ofrecen a par un ritmo narrativo lento e un efecto verosímil á historia. Á parte, a escena do café realza o humor.

O capítulo II, treito de tensión narrativa, achega os ingredientes necesarios, a hora e o clima, coa pretensión de senti-lo temor. Fixese a este repecto no enunciado "Á noite seguinte, a eso das dez, [...] folguexando o ar fresco das noites tropicaes".

Despois, co estilo indirecto libre, Sabino e Carballal conversan arredor das nacionalidades galega e cubana. O galego laiaba por marchar da terra e o cubano espoñía aspectos precisos, como a comparación das dúas razas, o perigo representado polo castelán para a raza galega e os inconvenientes conservacionistas da orixe negra dos cubanos. Unha vez feitas estas consideracións, separadas por unha elipse determinada por puntos suspensivos, abórdase a orixe e a casuística do espiritismo.

Principia o capítulo III cunha nova referencia temporal ("Un reló pindurado na parede dou doce campa[na]das"). Outra vez o narrador manexa unha atmosfera de misterio con marcadores temporais do tipo "De súpeto sentín rastrear algo polo chan", "Ao pouco e axudado polo resprandor que daba o lume do pito do Sabino" e "Pasaron unhos minutos de profundo silencio que foi crebado pola voz do negro". Outrosí os comentarios de Sabino, que profundizan na psique, inciden na correcta comunicación co alén.

—Rodríguez, ¡descruce esas pernas que imposibilitanme o traballo! Teñan ben en conta este detalle: nin pernas nin brazos poden estare en cruz cando eu traballo.

Paralelamente, durante a xuntanza consérvase o misterio con sensacións e condutas dos personaxes.

O capítulo IV presenta unha nova precisión temporal:

Pasados que foron dous días da derradeira escea, recibeu Rodríguez unha carta de Sabino, onde decíalle que tiña que lle levar dez pesos á súa casa pra cumprimentare non sei que mandatos do difunto, e ordeando, ao mesmo tempo, que foramos á noite á súa casa, a eso das oito, pra cear co el cantos estiveramos presentes no acto de pasa-las onzas á lata.

Ó longo do capítulo, o convite de Sabino ofréceno-la posibilidade de o narrador narrar en estilo indirecto os pensamentos dos personaxes.

Ás oito da noite chegamos á casa do negro. Entramos. Xa na sala, puíde-mos apreciar que a cea tiña de sere espréndida ao xuzgare por unha táboa

coverta con branco mantel e adornada con ramos de froles. Ademais, o negro era un gran cociñeiro.

Soio unha cousa chamounos a atención. Ao contare os servizos que había encol da táboa, contamos sete. Os invitados eramos cinco e un o anfitrión, seis. Logo, había un de máis. ¿Pra quen era? ¿Quen sería o invitado desconocido? O tempo nolo diría.

O desenvolvemento narrativo continúa con dous treitos, a escenificación da cea e do velorio, separados polas vicisitudes derivadas da compra duns cigarros. Obsérvase a importancia das secuencias temporais:

Serían aló polas tres da mañán, cando despertei ao sentire que algo morno como un alento batíame nas mans. Abrín os ollos un tanto soborsaltado, mirei e surrinme. Era o can. Acaricieino. Os compañeiros dormían a perna solta. Bostecei. Estriqueime ao meu gusto, e alcendín un pito.

Pasado o primeiro momento de estupore, adiantáronse Rodríguez e Sabino á vella, i esquecéndose da presenza do can, o que atopábase banquetecendo debaixo do cadaleito, comenzaron a chamala i a movela máis á vella “¡que si queres!”.

Con este pano de fondo, o humor axuda a enmarca-lo acontecido cando un dos asistentes pisa o rabo do can. Trala resolución do problema, que chegou a bo termo sen necesidade de medidas disuasorias contra o animal, un novo día aparece na historia, trasladándose ó *statu quo* anterior ó velorio e ó aviso de Sabino acerca do cumprimento dos encargos.

As primeiras luces da mañán foron crebando a escuridade da noite. Ao lonxe sentíanse os ledos cantos dos galos. A voz ben timbrada dun leiteiro rachou o ar entoando unha doce e agarimosa guaxira. Amañecía.

Cando saímos á rúa, xa o sol rubía maxestoso polo Ourense, prácido e sorrir; espallando lus e quentura pola terra e dissipando a brétema tropical, que esfúmase e pérdese ao se poñer en contacto coas primeiras raiolas do astro rei.

O seguinte capítulo reviste certa imprecisión temporal, sen sinalar horas, de maneira que focaliza a atención na narración. Transcorridos algúns feitos e acontecementos, que enfatizan a intriga, vóltase á precisión temporal cando o narrador advirte as accións conducentes á venda de produtos no mercado.

Mirei o reló: as tres. No mercado, que cadraba en fronte de onde nós vivíamos, comenzaban a trafegar nos preparativos prá venda do novo día. O cafetín do mercado estaba aberto. O mozo, debruzado no taboeiro, refregaba os ollos. Dous mercadeiros, sentados a unha táboa, desaiunábanse. Déronme envexa e convidei ao vello:

O capítulo sexto rexistra unha menor relevancia das coordenadas temporais en favor da prolepse, consistente nun soño sobre a obtención dun tesouro. O desbordante xúbilo do narrador deixa paso a outra elipse determinada, reflectida con puntos suspensivos. A continuación, a indeterminación temporal cobra importancia ó longo das conversas dos personaxes. Volta a concreción temporal á hora de se dirixi-lo narrador ó seu irmán, o que conleva atención ós datos conducentes para se faceren ricos.

No derradeiro capítulo, as indicacións temporais ("Graves, solemnes, pausadas soaron doce campa[na]das no reló pindurado na parede. Foi un domingo tráxico, arripiador. Eu creio que por un anaco parou de circular o sangue polas nosas veas") lévanos a un clímax narrativo, a aparición do tesouro. Mais todo isto resulta unha suma de argalladuras lucrativas de Sabino.

En conclusión, o desdoblamento temporal entre o pasado e o presente bota man de formas verbais pretéritas e do presente.

e) Espazo

Conforme estudos actuais verbo do plano topográfico,²³⁶ os acontecementos e os personaxes móstranse nunha localización espacial. Nese caso, o espazo artículase nunha coordenada onde se desencadean feitos e aparecen personaxes.

En consonancia co exposto, identificamos distintos tipos de espazos²³⁷ n'*O tesouro acobillado*: xeopolíticos e urbanos (o país cubano, a cidade da Habana, o pobo de Marianao, a "meiga vila da Cruña" e Betanzos); naturais; sociais de carácter público, tanto da illa caribeña (o "Muelle de Luz", a finca A Guaxira, o tranvía con destino A Habana, a rúa e o cafetín do mercado) coma de Galicia, nomeadamente o río Mandeo, e privado (a casa de Carballal e Rodríguez, a cociña, a sala...). Por tanto, a función ontolóxica do espazo intensifica a verosimilitude de personaxes e acontecementos.

A ordenación dos especialistas Bal e Zoran resulta pertinente na novela curta por se materializaren oposicións binarias (campo–cidade, exterior–interior, centro–periferia, dentro–fóra etc.). Nelas, a semiotización opera relacións ideolóxicas e psicolóxicas e, asemade, diferenzas axiolóxicas do tipo acolledor–hostil, protección–indefensión e favorábel–desfavorábel. Isto permítenos constatar imbricacións existentes entre espazos e posicións, así como a súa conceptualización nos códigos culturais e ideolóxicos de Cuba e Galicia.

Rexístrase unha traslación real dos espazos interiores e exteriores ó funcionaren de marcos e ámbitos de actuación. Deseguido, amosamos capítulo a capítulo os parámetros principais:

²³⁶ Bourneuf e Ouellet (1972), Chatman (1978), p. 103, e mais Zoran (1984).

²³⁷ Zoran (1984) e Bal (1990).

Capítulo I: "Cuba", "Muelle de Luz", "Marianao, pobo onde eu vivía, e o que dista unhos cinco kilómetros da Habana", "Chegamos á miña casa", "e dempois de chegare ao pé dunha seiba" e "e saímo-los dous a toma-lo tranvía que nos tiña de conducire á Habana".

Capítulo II: "atopábame sentado nunha mecedeira á porta da miña casa", "entramos na casa de Rodríguez" e "tivera precisión de ire ao monte".

Capítulo III: "puiden apreciar a este fitándose no espello dun vestidore fronte ao cal estaba sentado nunha mecedeira cos pés recolleitos sobor do asento", "na cociña", "torpezando con cantos muebles atopaba ao seu paso", "arrechegando máis as mecedeiras", "O tabique que nos separaba da cociña", "Sintín un ruído estrano a carón de min", "no fondo da cociña" e "ao través da miña imaxinación".

Capítulo IV: "á súa casa", "á casa do negro", "Xa na sala", "Ao contare os servizos que había encol da táboa", "Tr[o]uxo o negro as tarteiras da cociña, que foi poñendo na táboa", "colocounos nunha pequena táboa que había ao carón da nosa", "no peto da saia", "Agora imos ao velatorio", "saín por eles á tenda", "e tornei de volta prá casa", "Unhos vinte pasos antes de chegare, atopeime co un condanado can, [...], o que deitado ao ancho da aceira entretí[ñ]ase en roer un óso", "Mirei prá rúa", "Volvín á tenda", "Eisí fumos indo ata a porta que a deixara entornada", "entrei tamén, e cerrei a porta", "Chegamos ao coarto, onde atopábanse os compañeiros de cea sentados ao redor dunha especie de cadaleito", "encol da cadeira", "Ao dare coa entrada do peto, onde as gardara", "Pousou o pano no chan", "i esquecéndose da presenza do can, o que atopábase banquetecendo debaixo do cadaleito", "e poñéndose en pé de loita chantoulle os dentes nunha perna ao bo de Rodríguez", "O que fixo foi dárelle a patada ao cadaleito, que rolou polo chan e co el a lampa de aceite, ficando como é natural a habitación a escuras", "Felipa desgrefiada e cos brazos caídos ao longo do respaldo da cadeira", "ninguén reparou na entrada do can, o que ao me sentare no sitio pra min destiñado acostouse aos meus pés", "Ao chegare á porta, a que xa meu irmán tiña aberta", "amostreillo e tireino á rúa", "volvinme co meu irmán pra o coarto do velatorio" e "Cando saímos á rúa, xa o sol rubía maxestuoso polo Ourente".

Capítulo V: "Cumprida que foi a conduction da crus ao cemiterio, tornamos todos prá casa de Rodríguez onde tiñamos que cear", "e retirámonos cada un á súa casa", "unhos fortes golpes dados na porta nosa despertáronme", "determiñoume a me erguere do leito", "Alcendín a lus da sala e sin abrir", "Entrou e deixándose caer nunha mecedeira", "e chegándome ao armario, onde gardaba un revólver, collino, metino no peto traseiro do pantalón", "No mercado, que cadraba en fronte de onde nós viviamos", "O cafetín do mercado estaba aberto", "O mozo, debruzado no taboeiro, refregaba os ollos", "O local comenzaba a enchérese de parroquianos", "Rodríguez tirou prá casa", "Chegamos á porta e sacando o chavín do peto meteuno no peito", "sentada nunha cadeira" e "escorréronlle os pés polo chan e as costas pola parede".

Capítulo VI: "Adquirín unha casa na vila e outra na aldea", "un viaxe por Europa [...], saquei pasaxe pra España, desembarcando nesta meiga vila da Cruña", "facendo a excursión en bote polo río Mandeo", "Cando ibamos co bote aló polo meio do camiño, [...], virouse o bote dunha banda e ao río fumos eu e o boteiro", "Senteime no leito", "e unha vez arregrado, tomei camiño prá casa de Rodríguez", "Ao chegare á súa porta, na que estaba o negro", "O silencio adonouse daquela estancia", "saeu da casa coma unha frecha", "no meio da sala" e "dare unha volta completa á sala deténdome en cada un dos catro currunchos o tempo perciso pra rezare".

Capítulo VII: "no reló pindurado na parede", "na sala", "no meio da sala", "polas paredes da lata", "ata os seus pés", "contra o chan" e "caíeu esvaído nunha mecedeira".

Deixando á marxe a disimilitude entre lugar e espazo,²³⁸ fixémonos na percepción sensorial do espazo. Dende un enfoque concreto, a vista permítenos capta-las formas, as cores e os volumes con secuencias do tipo "Fixo unha lixeira carantoña coa boca i entornando as pálpebras" e "Vela o can caer daquel xeito". Por outra banda, o oído contribúe a presenta-lo espazo cos enunciados "ouvindo tan soio os alí persentes os golpes do picachón ao fura-lo chan" e "Sintín un ruído estrano a carón de min. Puxen atención e pareceume ouvir algo eisi coma o crebar de noces". Tamén se comproba o tacto que, malia ocupar un lugar secundario, visibiliza a contigüidade e a substancia dos obxectos coas expresións "da presenza do can, o que atopábase banquetecendo debaixo do cadaleito", "e ao dare un paso o vello pisouno" e "Rodríguez tumbado no chan co cadaleito encol del".

A categoría espacial perfírase esquematicamente coa verbalización e cos códigos narrativos e representativos. En palabras de Valles Calatrava (2008), ordénase e distribúese nunha concreta sucesividade sintagmático-discursiva. Por conseguinte, o texto opón un espazo respecto a localizacións anteriores e posteriores mediante unha relación de cercanía e lonxanía que se sustenta no acontecemento, a actuación do personaxe e a correspondente actividade lectora. Ponse de relevo isto co sistema mostrativo: "na finca «A Guaxira», que está a unhos vinte metros de eiquí" (capítulo I); "Atopábanse alí en xuntanza" (capítulo II); "Dacá", "Aló marchou o negro", "acó", "aló foi", "Tropeza eiquí e tropeza alí, chegamos á cociña" e "alá no fondo da cociña" (capítulo III); "Aló fumos" (capítulo V), e "De eiquí, o pirmeiro viaxe que fixen foi a Betanzos" (capítulo VI). Sen dúbida, como ben di Villanueva,²³⁹ o devandito esquematismo intensifícase na construción espacial, establecéndose deste xeito un lector implícito co máximo competencial. Isto tradúcese nun incremento de probabilidades nos procesos de cooperación interpretativa e implementación significativa.

f) Personaxes

A pesquisa de relacións integrativas obriga a considera-las achegas narrativas do lector. Por isto, o personaxe agroma na lingua, de aí a análise da realidade do contorno. É máis, o sistema sémico do realismo formula a ideoloxía ante un proceso de desequilibrio. Tal obxectivo conségueno o/a lector/a cando designa un nome propio, aplicándolle os parámetros ideolóxicos nos que se sitúa. Por outra banda, o recurso do fantástico-cotían intensifica a transgresión da conduta dos personaxes.²⁴⁰

²³⁸ O lugar alude ó ámbito e á posición xeográfica dos personaxes, así como á forma física das dimensións espaciais. En cambio, o espazo xorde en relación coa percepción dos lugares. Vid. Bal (1990), p. 101.

²³⁹ Villanueva (1989), p. 43.

²⁴⁰ Tarrío Varela (1982), pp. 114–117.

Os personaxes d'*O tesouro acobillado* discerníanse polo comportamento, a orixe étnica e a procedencia socioeconómica. Constátase isto no binomio do narrador protagonista e do irmán deste, representantes dos galegos emigrados; Rodríguez, "un vello carpinteiro natural de Illas Canarias", casado con Felipa, de raza negra; Panchita, crioula, e Sabino, negro espiritista. Non obstante, hainos, sen suficiente entidade, encargados de afortala-las esferas ou de os conectar en calidade de informantes.

A articulación efectúase con formulacións teóricas do século XX. A pesar de se constituír con compoñentes reais extraídos do mundo real e xurdir da contemplación doutros seres humanos, F. Mauriac considera o personaxe un fenómeno literario.²⁴¹ Na novela carballaliana aténdese dunha forma ou doutra a tres aspectos do personaxe central: os resortes da personalidade ou conduta,²⁴² a profundización na psique humana e a conversión do personaxe nunha proxección do autor.²⁴³ Así mesmo, detéctanse oposicións de grupo (conformistas versus individualistas, homes contra mulleres, negros versus crioulos versus brancos etc.).²⁴⁴

Os alicerces das relacións amorosas e a explicación da conduta asentan na división dos universos temáticos propiciada polas normas social (*cultura*) e individual (*natureza*). En consecuencia, avanza a novela curta de acordo coa fricción entre ámbolos dous polos.²⁴⁵ Pola súa parte, a tipificación dos intervinientes no texto narrativo²⁴⁶ establécese cos eixos querer-facer e saber-poder deste modo: o *suxeito*, o tesouro, e o *obxecto*, a riqueza; o *destinador*, o afán de riqueza material, e o *destinatario*, neste caso os beneficiarios da actuación do suxeito; o *adxuvante* e o *opoñente*, roles desempeñados, respectivamente, polas persoas que axudan e dificultan a acción do suxeito, e o *traidor*, representado por Sabino, en quen conflúen o opoñente e o falso traidor.

g) Temática

O carácter autobiográfico da noveliña axúdanos a dimensiona-la vida de Carballal Lafourcade. En efecto, o comezo do capítulo I sinala tres datos fundamentais: a condición de emigrado, a existencia dunha familia en terras cubanas e a chegada dun irmán.

A diversidade temática proporcionada por Sabino e o autor permite coñecer-las coordenadas ideolóxicas, tanto individuais coma da colectividade galega, e, ó tempo, serve de enxalzamento das razas galega e cubana. Nalgúns treitos alúdese á sangría demográfica experimentada por Galicia a principios do século XX, neste caso a favor

²⁴¹ Garrido Domínguez (1993), p. 71.

²⁴² *Op. cit.*, pp. 71–73.

²⁴³ *Op. cit.*, p. 73–75.

²⁴⁴ Bal (1990), pp. 40–41.

²⁴⁵ Lévi-Strauss, Claude (1972), *El pensamiento salvaje*, México: FCE.

²⁴⁶ Greimas (1971).

da Habana, e ó asentamento dos galegos. Consecuentemente, o impacto cultural dos emigrantes galegos carrexou a solidariedade étnica e, asemade, repercutiu no cambio de pensamento e da percepción mundial destes.

O eixo vertebrador da noveliña radica no *espiritismo*.²⁴⁷ No capítulo “II. Quen era o negro Sabino”, detállase esta práctica coa casuística, a finalidade e a historia en Cuba, dende a orixe (antepasados traídos de África polos negreiros españois) ata a actualidade, e descríbese o médium. Con todo, o risco máis curioso é a viraxe final, pola cal o espiritismo era unha argalladura de Sabino para se lucrar. Nese sentido profundízase na psique.

3.2.3. De min pra vós

a) Algúns aspectos da publicación

Presenta cento vinte e dúas páxinas e unhas dimensións de 16 x 11,5 cm. Así as cousas, a perspectiva interna divídese en catro partes: “Verbas limiares”; propaganda concernente á editorial, *A Nosa Terra* e a revista *Nós*; vinte relatos publicados previamente n’*A Nosa Terra*, e un colofón coa data (9 de agosto de 1928) e co prelo no que saíu á luz. Salienta por tres aspectos: a pasta branda, o formato de peto e as ilustracións de Castelao²⁴⁸ na cuberta e na portada.

Componse dos contos “O cocho do «Princesa de Asturias»”, “Ti sei que dormes”, “Ao pé do cruceiro”, “A virxen de mármore”, “A lenda do xutglar”, “Noite do sábado”, “En tempos que virán”, “É a noite de san Xuán”, “A dos ollos meigos”, “Noite Boa sin festa”, “O derradeiro beixo”, “Si é parvo, non se presente”, “Axuda a tempo”, “O loitador”, “Si te portas ben...”, “A falla de estudos”, “Rosíña a estatuaría”, “Por aforro” e “Ficamos sin conto”.

b) Paratextos

Entre os paratextos destes textos, deterémonos nos títulos, as adicatorias e o limiar por seren elementos pragmáticos relevantes na lectura. Seguindo a clasificación

²⁴⁷ Con este nome désígnase unha serie de doutrinas e prácticas concernentes á comunicación cos espíritos. Tiña unha orixe común coa nigromancia e despois evoluiu dende a investigación científica. Durante o século XVIII caracterizouse de maneira máis sólida. En 1848 instaurouse unha estruturación moderna grazas ós experimentos feitos pola familia Fox en Hydesville. Transcorrido un tempo, a publicación *Spirit Teachings* defendeu os seus postulados.

A fecunda bibliografía fórmase de obras expositivas e críticas. Entre a ampla listaxe caben citar *Der neuere Spiritismus* (Munich, 1897), de J. Dippel; *Recherches sur le médiumnité* (Paris, 1902), de G. Delanne; *Animismus et Spiritismus* (Leipzig, 1905), de A. Nikolajewitsch Aksakow, e *Psicologia e spiritismo* (Torino, 1908), de E. Morselli. A difusión foi executada por *Light* (London), *Banner of light* (Boston), *Revue Spirite* (Paris), *Luce e ombra* (Milano) e *Zeitschrift für Spiritismus* (Leipzig). Vid. VV. AA. (1991), tomo 22, pp. 257–264.

²⁴⁸ Mato, coord. (2007), pp. 110–111.

de Gérard Genette,²⁴⁹ o título temático refírese ó contido por medio dunha sinécdoque xeneralizante e o subtítulo introdúcese directamente co termo “Contos”. Así pois, o compromiso coa causa galeguista materialízase na interlocución directa co público lector, *De min pra vós (Contos do Pobo)*.

De afondarmos nos títulos dos relatos, o carácter temático da maioría deles (“O cocho do «Princesa de Asturias»”, “Ti sei que dormes”, “Ao pé do cruceiro”, “A virxen de mármore”, “É a noite de san Xuán”, “A dos ollos meigos”, “Noite Boa sin festa”, “O derradeiro beixo”, “Si é parvo, non se presente...”, “Axuda a tempo”, “O loitador”, “Si te portas ben...”, “A falla de estudos”, “Rosiña a estatuaría” e “Por aforro”) contrasta co único exemplo temático, “A lenda do xutglar”. Un caso particular témolo na suma das dúas tipoloxías en “Ficamos sen conto”.

A pesar de estaren ausentes na colectánea, os ofrecementos dos relatos, localizados nas cabeceiras, enmárcanse na liña habitual da escrita decimonónica. Temos, dunha banda, un destinatario privado, cun estreito vínculo afectivo, en “Rosiña a estatuaría” [*Pró meu bo amigo e irmán Xosé Iglesias Roura, que ten corazón pra enxerguelo*] e, doutra banda, influencias literarias e ideolóxicas nos textos “A virxen de mármore” [*A ti, Ramón Villar Ponte, por ser bon irmán e afeitoado ás filosofías, adícoche iste anaco de vida que si non pasou, puido pasare*] e “A dos ollos meigos” [*Pró gran Castelao, que ten a outa virtude de faguer rir coas súas intenzonadas caricaturas da terra que a il cóstanlle bágoas*].

Sanmartín Rei²⁵⁰ ten apuntado o valor simbólico e diferencial de *Limiar* e as súas variantes, entre as cales está a frase carballaliana *Verbas limiares*. Por conseguinte, o manexo na lingua e na literatura galega débese á consideración de «sistema defensivo de fronteira fortificada» conforme catro perspectivas:

- Mecanismo necesario fronte á ameaza asimilacionista do castelán, que relegaba o galego ó papel de variante dialectal.

As páxinas de «A Nosa Terra» están nos seus primeiros anos ateigadas de admirabres probas do gran talento e nobre ideal galego de Carballal. Delas son tirados estes contos que a Editorial NÓS imprenta nun nobre propósito de divulgación e segura de facer unha obra máis en favor da literatura galega hoxe en vigoroso rexurdimiento.

NÓS pensa e así o practica, que hoxe en galego hai que escribir de todo e para todos. O mesmo para os iniciados que para o vulgo.

- Canle de chegada ó público a través de enclaves estratexicamente dispostos. Fixémonos no amparo da editorial Nós á colectánea narrativa.

²⁴⁹ Genette (1987), p. 78.

²⁵⁰ Sanmartín Rei (2002b), pp. 26–29.

A Editorial NÓS pon á venda este libro de contos do malogrado escritor galego e fêrvido loitador galeguista Ricardo Carballal co dobre propósito de divulgálos e rendir un testimoño á súa lembranza.

- A construción semella solicitar permiso para publica-la obra. Anúnciase a inserción dos contos en claro contraste co predominio poético do século XIX, de aí a alusión a Eduardo Pondal.
- A pertenza a unha área periférica concíbese dentro do proceso de asimilación lingüística e cultural.

Este tipo de prefacio proporciona calidades positivas da obra.²⁵¹ Primeiro, a *importancia* xira arredor do enaltecemento da lingua e a ampliación de usos, así como a consolidación do rexurdimento lingüístico e a reeducación do pobo por parte do autor. Segundo, a *novidade* baséase na renovación, a orixinalidade e a presentación conceptual, trazos todos eles que nos sitúan nun momento histórico distinto. Terceiro, o tópico da *veracidade*, derivado da impronta autobiográfica, aborda en galego valores universais fronte á reclusión deste nos eidos do folclore e dos contos "chocarreiros". Cuarto, en previsión do papel dos críticos, a xustificación da *heteroxeneidade* responde ó desexo de prestixia-las "probas do gran talento" que viron a luz nas páxinas d'*A Nosa Terra*.

Cómpre tamén adiantarse ao xuicio, que poidera vir, dos escolleitos ou dos mozos; decindo que NÓS ten a gala, e constituíe esto o seu maior galardón, publicar todas aquelas obras, que estando escritos na nosa fala contribúan de calquer xeito ao seu máis grande uso sin perder o tempo en disquisicións literarias inuteis.

Unha vez feitas estas indicacións dos argumentos do *porqué*, convén ocuparse dos temas do *como*, isto é, informar e servir de guía de lectura. Son varios: a *xénese*, conducente ó coñecemento da relación pública cun intelectual prestixioso e á recuperación da lingua galega; o *público*, integrado por tódolos públicos, con especial atención ós "escolleitos" e ós "mozos"; o *comentario do título* de xeito directo, tal e como recolle nos enunciados "As páxinas de «A Nosa Terra» están ateigadas de admirabres probas do gran talento e nobre ideal galego de Carballal. Delas son tirados estes contos que a Editorial NÓS impronta nun nobre propósito de divulgación", e a *declaración de intencións*, pola cal a editorial publicaría calquera obra en galego co obxectivo de contribuír á creación dunha "gran cultura galega".

Formalmente, a instancia prologal caracterízase co tempo presente en terceira persoa do singular; a función deíctica, exteriorizada con índices de referenciación como os demostrativos *este*, *estes* e *esto*, e maila actitude avaliadora (vid. *supra*) e a

²⁵¹ Genette (1987), pp. 184–194, e Sanmartín Rei (2002b), pp. 44–52.

reacción emocional do suxeito enunciador en palabras con semas explicitadores (*malogrado escritor, autuación exemplar, admirabres probas do gran talento e nobre ideal galego de Carballal, vigoroso rexurdimento e maior galardón*).²⁵²

c) Recursos narrativos

O conxunto dos contos adecúase ó esquema tradicional de presentación, nó e desenlace.

Na parte inicial hai descrições, ben espaciais ben temporais, e comentarios nos que o narrador verque tenrura cara ó personaxe. En cambio, “Axúdate, que Deus te axudará” e “O loitador” prescinden desta por medio da inserción directa da anécdota.

➤ Descrición do espazo:

Nun vello e xigantesco castelo señorial que cuberto pola hedra nos muros respetados polo tempo, erguía as súas almeas ó ceo, sobor do cume máis outo da ringleira de montañas que arrodeaba no eistenso val, durmía unha lenda de amore, que de boca e de xenerazón en xenerazón, chegada foi até os nosos días, envolveita nas ás da fantasía labrega. Era unha lenda que gardaban avarizosos coma un segredo pra contaren ó viaxeiro que por alí pasaba, e saber quería os orixens e vida de aquil vello castelo encravado no lugare máis outo.

Vívira —según a lenda— no castelo unha fermosa castelana que casara co dono daqueles vastos dominios. Moi xoven aínda, enviudara. O seu esposo en loitas de conquista ó servizo do rei, pagara coa vida o seu xuramento de servilo.

[“A lenda do xutglar”]

➤ En moitos relatos (“A virxen de mármore”, “Ao pé do cruceiro”, “Axuda a tempo”, “Si te portas ben...”, “A falla de estudos” e “Rosiña a estatuaría”) aparecen con frecuencia comentarios cariñosos acerca do personaxe xunto a referencias ó carácter, ás habilidades, á moral e ó pasado. Velaquí un treito:

O tío Farruco, o taberneiro máis vello e o que máis e millor parroquia tiña no lugar; vivía na taberna sin outra compañía que a de unha vella e crecha cotorra que lle mandara un seu sobriño dende México, en pago de dous mil e cinco centos de réas que lle prestara pra marchar pra aló. Mandárala nos comenzos de se atopare naquelas terras por un seu veciño que viñera a pasa-lo vran entre os parentes e dende entón non tivera outra noticia do seu sobriño. Ben é certo que si os mil e cinco centos de réas llos deran polo condanado do paxaro, pódovos asegurar que o non vendía pola moita compañía que lle faguía co seu parolar; non na lingua dos rotos e pelaos, aztecas, sinón na galega, que a falaba de tan bon xeito que mesmo daba xenio ouvila.

[“Ti sei que dormes”]

²⁵² Genette (1987), pp. 194–212, e Sanmartín Rei (2002b), pp. 52–56.

A fase do desenvolvemento encerra unha complicación progresiva realizada co humor da historia, as digresións, a actualización da historia relatada, o dramatismo e a reflexión.

A pouco que nos fixemos, a trama dos contos leva un final dispar. Así, temos un repertorio amplo: *reflexivo*, en “Si te portas ben...”; *remarcadores do humor* nos textos “O cocho do «Princesa de Asturias»”, “Ti sei que dormes”, “Noite do sábado”, “É a noite de san Xuán” e “Si é parvo, non se presente”; *actualizadores da historia*, como acontece en “Ao pé do cruceiro”, “A lenda do xutglar”, “En tempos que virán”, “Axuda a tempo” e “Ficamos sin conto”; *dramático*, co texto “O loitador”, e *anticlimático*, en “Si te portas ben...”.

Voltando ó esquema estrutural, este feixe de textos, en liña cos “Relatos varios”, correspondería co conto popular e a lenda. Parten dunha anécdota ou transmiten motivos fantásticos da tradición popular. O enfoque de Manuel Quintáns Suárez²⁵³ guiará a elaboración da seguinte clasificación didáctica, subdividida, cando corresponda, en apartados:

➤ Contos populares:²⁵⁴

Os *contos da vida cotiá* abranguen tres grupos: *contos de mulleres* [“A virxen de mármore”, “Ao pé do cruceiro”, “Si te portas ben...”, “O derradeiro beixo”, “Rosíña a estatuaría”, “A dos ollos meigos” e “Por aforro”], *contos de listos e parvos* [“Ti sei que dormes”, “Noite de sábado”, “Noite Boa sin festa”, “Si é parvo, non se persente” e “Ficamos sin conto”] e *contos reivindicativos* [“Axúdате, que Deus te axudará”, “É a noite de san Xuán”, “A falla de estudos”, “Axuda a tempo” e “O loitador”].

➤ Lenda:²⁵⁵

A única proba, “A lenda do xutglar”, representa, asemade, a realidade material da Idade Media e maila espiritual, definida polo amor dunha doncela e un trovador. Para acadar isto bota man de dous trazos estilísticos: lei de apertura, pola cal se sitúa axeitadamente o/a oínte fronte a algo no tempo e/ou no espazo, e lei de peche, consistente na explicación ou na causa de algo.

- Lei de apertura:

*Nun vello e xigantesco castelo señorial que cuberto pola hedra nos muros
respetados polo tempo, erguía as súas almeas ó ceo, sobor do cume máis outo
da ringleira de montañas que arrodeaba no eistenso val, durmía unha lenda*

²⁵³ González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), pp. 10–65.

²⁵⁴ Para unha visión clara e ben delimitada do conto popular recoméndase a lectura de Equipo Glifo (1998), vol. 1, pp. 394–396; VV. AA. (2003), tomo XI, pp. 90–92; Alonso Girgado (2005), pp. 9–31; González Reboredo e Quintáns Suárez (2005), pp. 10–65, e mais Harguindey e Barrio (2006), pp. 9–33.

²⁵⁵ González Reboredo (1999).

de amore, que de boca e de xenerazón en xenerazón, chegada foi até os nosos días, envolvementa nas ás da fantasía labrega. Era unha lenda que gardaban avarizos coma un segredo pra contaren ó viaxeiro que por alí pasaba, e saber quería os orixens e vida de aquil vello castelo encravado no lugare máis outo.

Vivira —según a lenda— no castelo unha fermosa castelana que casara co dono daqueles vastos dominios. Moi xoven aínda, enviudara. O seu esposo en loitas de conquista ó servizo do rei, pagara coa vida o seu xuramento de servilo.

- Lei de peche:

Comenzou o xutglar o descenso apoiando pés e mans nas rendixas das pedras, e aínda ben o non fixera dúas brazas, falloulle un pé, e alá foi a estre-larse nas rocas que servían de cimentos ó muro, pagando por un beixo a vida...

E contan os labregos que nas noites craras de luar, vese unha soma que rube polo muro pra caer ó pouco coma unha pelota e que nas pedras por onde rube hai un suco feito polas hedras, que ó respetare a lenda as non cubren.

A lei de tres, intensificada polos paralelismos e a insistencia no número tres, inza numerosos relatos. Velaquí un resumo: a relación sentimental de Carmiña e Pepe do Castelo, ata a irrupción do terceiro personaxe, Rosariño, verdadeiro amor deste [“A virxen de mármore”]; Xan da Beira, asasino do fillo do cacique Bastián por pretender favores carnaís de Rosiña [“Ao pé do cruceiro”], e o matrimonio Lorenzo do Pardal–Pilar Silveira a canda Sabela, a criada [“É a noite de san Xuán”]. Máis aínda, o relato “O derradeiro beixo” nárrese nos escenarios do Museo de pintura, Italia e Galicia.

d) Tempo

A pesar de existiren casos de redución do tempo da historia, nos relatos “O cocho do «Princesa de Asturias»” e “Ti sei que dormes”, outros incrementano con especificacións explícitas ou implícitas. Poñamos por casos: dous días [“A lenda do xutglar”, “Noite de sábado”, “Axuda a tempo” e “O loitador”], diversos días [“A virxen de mármore”], dúas semanas e tres días [“Axúdate, que Deus te axudará”], varios meses [“É a noite de san Xuán” e “Noite Boa sin festa”] e unha serie de anos [“O derradeiro beixo”, “A falla de estudos” e “Rosiña a estatuaría”]. Por contra, a indeterminación temporal, cuxa finalidade é focaliza-la atención sobre o fondo en detrimento da forma, detéctase nos relatos “En tempos que virán” e “Por aforro”.

O discurso narrativo introduce unha discordancia entre os tempos da historia e do discurso en tres planos. A *duración* dimensiónaa hábil e equilibradamente coas catro modalidades do movemento narrativo, é dicir, resumo, escena, eclipse, determinada ou indeterminada, e pausa. No que se refire á *orde*, atópanse casos da narrativa primeira xunto a analepses internas homodixéticas completivas. Na *frecuencia* repárese

como os relatos corresponden coa tipoloxía singulativa. A raíz da opinión diverxente de Villanueva²⁵⁶ verbo da configuración temporal, estaríamos diante da *lineal*, sen anacronías, e a *anacrónica*, con flash-back.

Máis aínda, o discurso narrativo, tanto no desenvolvemento coma na súa constitución, contan co verbo e cos deícticos como roles centrais. Porén, os textos literarios alixeiran o ritmo, por regra xeral, con procedementos como o estilo indirecto libre. Tampouco perdamos de vista o tempo en canto realidade múltiple, coa confluencia dos tempos da enunciación e do enunciado, e parcelada ó estaren sometidos á perspectiva do narrador principal.

Os relatos agrúpanse naqueles orientados cara ó pasado e aqueloutros centrados no presente. Nos primeiros, o suxeito da enunciación glosa e valora o seu pasado dende o presente mediante a alternancia de formas verbais pretéritas e do presente. Os segundos apuntan a simultaneidade como perspectiva dominante con formas verbais de presente e de copretérito.²⁵⁷

Chegados a este punto, resulta pertinente indica-las distincións entre o tempo da historia e o tempo do discurso. Obsérvanse en tres niveis: o *desenvolvemento* da historia é cronolóxico, lineal e sucesivo, por oposición ó do discurso que está alterado, ben cunha orde natural ben coa alteración artificial ou literaria; a *medición da historia* dispónse en unidades cronolóxicas (anos, días, horas, minutos e segundos), en tanto que o discurso se distribúe en unidades tipográficas (capítulos, epígrafes, páxinas e parágrafos), e, por último, o *nivel de realidade* contrapón a virtualidade da historia coa selección temporal real, textualmente manifestada e ordenada.²⁵⁸ Polo tanto, se ben non expresa o ano, o tempo da historia trasládanos á contemporaneidade do autor con procedementos indirectos, coas unidades cronolóxicas, cos festexos do ciclo anual e con alusións a estados atmosféricos, ambientais, solares e astronómicos. Esta localización temporal, constatable na parroquia rural e nos impedimentos derivados da propiedade, recrease acompañada de factores culturais.²⁵⁹ Só se exceptúa “A lenda do xutglar”, conto no que a acción se sitúa nun tempo afastado.

²⁵⁶ Villanueva (1989).

²⁵⁷ Garrido Domínguez (1993), pp. 193–198.

²⁵⁸ O tempo da historia alude á “dimensión cronolóxica da diégesis ou sustancia narrativa externa, el tiempo de los acontecimientos narrados, mensurable en unidades cronológicas como el minuto, la hora, el día o el año”. Pola contra, o tempo do discurso defínese como “el tiempo intrínseco de la novela, resultado de la representación narrativa del tiempo de la historia”. Vid. Villanueva (1989).

²⁵⁹ A cultura refírese ó coñecemento, os costumes, os modos de vivir, as crenzas, as artes, a moral, as leis e as diversas aptitudes e hábitos adquiridos polo ser humano no seo dunha sociedade. Para máis información consúltense Sainz de Robles (1982), vol. 1, p. 266; Estébanez Calderón (1996), pp. 250–251, e Gondar Portasany, Marcial, “Cultura”, en Caride Gómez, José Antonio e Felipe Trillo Alonso, dirs. (2010), *Diccionario galego de Pedagogía*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Editorial Galaxia, Guías A Z, pp. 147–150.

e) Espazo

As coordenadas espaciais adoptan un referente real aquén e alén mar en forma de oposicións binarias, que a través da semiótica evidencian relacións psicolóxicas ou ideolóxicas. Por unha banda, os escenarios foráneos rexístranse co “Cruceiro Princesa de Asturias”, en “O cocho do «Princesa de Asturias»”; Italia, en “A dos ollos meigos”; a cidade bonaerense, en “O derradeiro beixo”, e A Habana, en “Si te portas ben...”. Por outra banda, a localización galega plásmase con numerosas indicacións.

A seguir, achégase unha síntese:

Relato	Localización espacial
“Ti sei que dormes”	A taberna do tío Farruco.
“A virxen de mármore”	Unha parroquia rural.
“Ao pé do cruceiro”	"encamiñouse á casa dos seus pais". "Tomou o camiño que trouxera. Ó chegar ó cruceiro que houbía no comenzo da aldea, sentouse na base que faguían tres peldaños oito-gonaes". "Buscou pola entrada da aldea". "non viron coma el chegaba ó pé do cruceiro e ouvía canto falaban".
“Axúdate, que Deus te axudará”	Unha vila. "Chegou á pousada onde estivera o derradeiro viaxe". "E Chinto en compañía dun testigo coma don Manolo, aló foron á casa do banqueiro. As oficinas estaban na pranta baixa".
“A lenda do xutglar”	"Nun vello e xigantesco castelo señorial". "Crebando o silencio da noite rubiron até ela as arxentinas e melodiosas notas dunha canzón tristeira, queixumosa, que un xutglar, ó pé do muro, preludiaba maxistralmente nunha cítara".
“Noite do sábado”	"chegou á súa casa". "un forte bandazo de babore que dera na rua". "Ás tentas ía e ás tentas torpezaba coas cadeiras que rodaban polo chan e el co elas, caendo acó e aló coma se estivera nas aramiadas de unha trincheira". "Ergueuse Pedro, e torpeza eiquí, torpeza alí, chegou onda a cama, e apalpa, apalpa, dou coa chave da luz eléitrica, e alcendeu". "Pedro, [...], tirouse vestido ós pés da cama". "Sacou Pedro da hucha a navalla e o enxabronador".
“É a noite de san Xuán”	Diversas dependencias do pazo do Pardal.
“A dos ollos meigos”	"Nun museo de pintura". "E foi Galicia". "Alugara unha quinta de recreio nas Mariñas, e un serán do vran en que saíu a dare unha volta polos arredores da súa nova morada".
“Noite Boa sin festa”	"Na casa do señor Pedro da Lameira". "e xa na cociña, botaron louza e sentáronse ó redor do lume". "taberna de Lucas".

Relato	Localización espacial
"O derradeiro beixo"	O vapor Monserrat. "na rúa". "Subeu ó coche coa vella e, traís de pasar rúas e máis rúas da populosa cibdá bonaerense, ó fin detívose o carruaxe, baixaron e seguindo á vella, entraron nunha casa de luxosa aparencia". "ó través dunha eispréndida sala". "habitazón dormitorio semialumeada".
"Si é parvo, non se presente"	"casa do anunzante", concretamente o "corredore adiante", a "sala", e a "porta [da casa]".
"Axuda a tempo"	"taberna aló polo Val do Ouro".
"O loitador"	"Estaban no monte". "saíu con paso repousado fóra da casa". "dirixeuse á casa do señor Ramón, o máis forte ricacho da parroquia, e diante dos muros que arrodeaban a horta e a casa detívose". "Andivo ó redor dela e unhas vellas hedras suxetas ás pedras dos muros como el ós seus ideaes de redenzón, servíronlle pra rubir e deixarse caer dempois na branda terra da horta". "Chegou ó pé dunha fenestra que daba á cociña e coa punta da fouce que levaba no van, abríuna e entrou". "Ás tentas e sin faguer barullo algún, foise en dereitura ó despacho do ricacho, onde puido tentare as fortes follas de robre do armario onde gardaba os cartos".
"A falla de estudos"	"Sentouse baixo o alpendre da casa". "Marchouse prá casa, colleu unha xerra e foise en dereitura da taberna". "Bastián mal como puido alcendeu a lareira". "Ó fitare aquel coadro na cociña".
"Rosiña a estatuaría"	"ó pé da casa da Rosiña". "Pechou a porta vidreira que daba ó balcón e saudándoo coa man dende traís os vidros, retirouse". "e puxo con eles, [...], unha eispréndida casa de modas que moi axiña chegou a sere a de maior e millor parroquia da cibdá". "hospital".

O lugar de escenificación acada a condición de espazo—estruturador cando inflúe na acción ó se converter nun elemento xenolóxico da construción discursiva do relato. Isto ocorre co navío «Princesa de Asturias» [“O cocho do «Princesa de Asturias»”] e o cruceiro [“Ao pé do cruceiro”]. En cambio, noutros contos establece vencillos estreitos cos personaxes, de aí a consideración tropolóxica do trobador no castelo de “A lenda do xutglar”. Pola súa banda, o espazo relaciónase co estado anímico dos personaxes nos relatos “Ti sei que dormes”, coa inestabilidade climatolóxica a par do anoxo dos xogadores da brisca, e “É a noite de san Xuán”, no que o suave verán está en comunión coas persoas do pazo.

Na organización narrativa de varios relatos desempeña un papel esencial a descrición²⁶⁰ do espazo, conque contribúe á articulación, tanto na interpolación de novos espazos coma na aparición en determinados treitos narrativos e no comezo do relato; crea unha memoria activa necesaria no transcurso da acción, e inflúe na estrutura do relato ó inserir un ritmo dispar e adia-la resolución dos acontecementos.

Nun vello e xigantesco castelo señorial que cuberto pola hedra nos muros respetados polo tempo, erguía as súas almeas ó ceo, sobor do cume máis outo da ringleira de montañas que arrodeaba no eistenso val, durmía unha lenda de amore, que de boca e de xenerazón en xenerazón, chegada foi até os nosos días, envolveita nas ás da fantasía labrega. Era unha lenda que gardaban avarizosos coma un segredo pra contaren ó viaxeiro que por alí pasaba, e saber quería os orixens e vida de aquil vello castelo encravado no lugare máis outo.

[“A lenda do xutglar”]

Nunha fiestra do pazo do Pardal, pola cara que dá ó mar, había lus até moi preto do amanecer. Aquela fiestra daba á sala biblioteca de estudio do señor do Pardal, bondadoso ricacho e médico de moi ganada sona en moitas leguas á redonda.

[...]

Perto do pazo, nun terreo limpo de herbas e de albres, arregrado pra xogos de sport, comenzou a rubir unha espesa e xigantesca fumareda, que pouco dempois trocouse en labarada de fogo, somellante a unha lingoa que se estricaba por chegar ó ceo.

[“É a noite de san Xuán”]

O espazo, segundo Chao Rego,²⁶¹ relaciónase coa natureza e a historia, considerándoas conxuntamente o eido da acción dramática do ser humano. Verifícase isto non só no relato “O Conselleiro” (outono e inverno) e n’*O tesouro acobillado* (inverno), senón tamén nos contos “Ti sei que dormes” (inverno), “É a noite de san Xuán” (“vran”), “A dos ollos meigos” (“vran”) e “Noite Boa sin festa” (“vran”).

f) Personaxes

Aparecen individualizados cun nome e retratados ó inicio de cada relato coa dimensión social e cos atributos físicos e espirituais. Inclusive, a presenza de animais, o cocho e a cotorra, axudan a conformar dende unha perspectiva indicial e simbólica a integridade do mariñeiro natural das Rías Baixas e do tío Farruco. En troques, no

²⁶⁰ Garrido Domínguez (1993), pp. 236–237.

²⁶¹ Chao Rego (1988), pp. 45–56.

conto “Axúdate, que Deus te axudará” o narrador opta por cede-la voz ós personaxes mediante a introdución directa, a ausencia de intervencións e maila intercalación de incisos e informacións cos parlamentos.

A colectividade concrétase nos textos “Ti sei que dormes”, “Axúdate, que Deus te axudará” e “Noite Boa sin festa” coa intención de ambientar adecuadamente a historia. O primeiro organízase con Xan, Chinto, Ramón e Marcelino xogando á brisca na taberna do tío Farruco. No segundo, o banqueiro e o comerciante evidencian os abusos económicos experimentados polos máis desfavorecidos. No derradeiro, a utilización de Bastiana, Mingos, Cacharugas, Pepiña, Pedro, Colás e Bartolo axuda a desenvolver-la anécdota humorística acaecida durante o xogo da brisca.

g) Temática

A temática das historias tinguése de realismo nunhas coordenadas espazo-temporais cercanas ó acto de escrita. Nalgúns relatos, en cambio, volve manexar crenzas cristiás ("santa Combiña" e "santa Lucía") e de raizame católica medieval (o castelo). A continuación, debullamos tres grandes grupos: amoroso, humorístico e social.

➤ O primeiro grupo incide nos distintos graos do sentimento amoroso. O relato “A virxen de mármore” bosquexa o amaño das relacións sentimentais entre membros de nobre avoengo. Emporiso, remata triunfando o verdadeiro amor sen considera-la pertenza social. En “Ao pé do cruceiro”, hai que subliña-la visión do amor desesperanzado e sen futuro polo asasinato do fillo do cacique a mans do namorado.

Esta visión fatídica do amor retómaa en tres relatos máis: “A lenda do xutglar”, ambientada no medievo, relativa á morte do xograr cando pretendía obter un bico de dona Sol; “Si te portas ben...”, concernente ó nacemento e a posterior consolidación do amor de Xosé e Consolo, ata o momento da ameaza do pai logo de os encontrar bicándose, e “O derradeiro beixo”, no que se frustra a relación de dúas persoas de diferentes idades por non confesaren o amor. En “Rosiña a estatuaría”, pola contra, desenvólvese o rexeitamento de Rosiña ás pretensións de Rodolfo e, unha vez arruinado e enfermo, a aceptación dela. Este fio sentimental acompaña-se dunha crítica ó materialismo imperante nas relacións amorosas. Por outra parte, o ton humorístico proporciónao o relato “Por aforro”, reflectindo o acercamento amoroso, cheo de enxeño, dun home a unha muller.

➤ Unha veta na que focaliza a atención é a humorística con dous obxectivos, a captación da idiosincrasia galega e a superación de calquera atranco. Recóllea en seis relatos: “O cocho do «Princesa de Asturias»”, que rexistra os bailes dun porco e a posterior explicación ó comandante para obter un permiso; “Ti sei que dormes”, referido á liorta acontecida ás escuras entre os xogadores de brisca;

“Noite de sábado”, que trata as peripecias experimentadas por un carpinteiro nunha noite de festa e as incidencias previas á asistencia a un mitin; “Noite Boa sin festa”, no que, tras recrea-lo xogo da brisca, acontece unha liorta debida á acción dun gato; “Si é parvo, non se persente”, plasmación dos paradoxos e o enfoque humorístico dun paisano galego na procura de traballo, e “Ficamos sin conto”, relato a medio camiño entre o humor e a picaresca, que aborda a vinganza dun rapaz verbo do amo.

➤ O terceiro grupo constitúese con aqueles contos de enfoque social. En primeiro termo, “Axúdate, que Deus te axudará” aúna a atención pola delicada situación social e económica de Chinto con episodios encamiñados a tirar proveito persoal das boas intencións da xente. En segundo termo, “É a noite de san Xoán” conta a enfermidade de Pilar Silveira e a correspondente busca dun remedio científico polo marido e despois con elementos naturais pola criada dos Silveira. E, por último, a historia sobre a miseria dun home, “A falla de estudos”, revela a incultura en canto motor do atraso económico e social galego.

Dentro deste grupo ocupa un lugar privilexiado o compromiso coas clases humildes. Por unha parte, a denuncia das inxustizas móstrase en “Axuda a tempo”. Nel glósase a problemática dos preitos a raíz do afán de lucro duns tratantes, cuxa vítima era a taberneira Marcela. Por outra parte, a manipulación sufrida polo pobo convértese en causa do atraso do país en “O loitador”. A opresión social e económica exercida polos axentes caciquís maniféstase coa escravitude e a incultura, mais lonxe de incorrer no abatemento, tan característico da paisanaxe galega, o personaxe de Xacobe reacciona incendiando a casa do acaudalado señor Ramón.

Tampouco cómpre deixar no tinteiro “En tempos que virán” e “A dos ollos meigos” pola particular perspectiva e temática. O primeiro conxuga o xermolo social coa reivindicación. Dous representantes de extracción acomodada, unha marquesa e un conde, autorresponsabilízanse da inacción e o autoodio do pasado e acordan a subscrición dun monumento na honra da figura labrega, “única e lexítima representazón da ialma galega” e “encarnazón da raza”. No segundo gábase a muller.

3.3. Outros relatos: “A usura do tío Chapapote”

O tema fundamental é a denuncia dun abuso caciquil, a usura. Complementábase *co fatum* do tío Chapapote, causado pola avareza, que finaliza en morte. Ámbolos dous elementos temáticos conxúganse con verosimilitude, de maneira que resultan eivas para o progreso económico e social.

A acción desenvólvese na vila de Camariñas, nomeadamente o ámbito privado da casa de Colás. Abrangue a franxa horaria entre a chegada á terra de Chapapote, unha vez rematadas as actividades pesqueiras, e unha hora próxima ás doce, sen concretar.

No tocante ó discurso narrativo, a comunicación artéllase con dous mecanismos. A *focalización* dispónse coa *omnisciencia autorial ou editorial*. Pola súa banda, a *regulación informativa* realízase mediante a reprodución indirecta, co estilo indirecto, e directa, co estilo directo rexido e co diálogo.

O elenco de personaxes redúcese a cinco: tío Chapapote, a sobriña deste (Chinta), a vella Tomasa, Colás e Froilán. Caracterizados polo narrador heterodiéxico, retratan a realidade extratextual. A maioría deles obedece a un carácter redondo. Fronte a isto, prestemos atención a dous personaxes, a sobriña e a vella Tomasa, que se configuran con trazos específicos dun grupo social. A primeira, pertencente a unha clase acomodada, era a única familiar do acaudalado Chapapote. En cambio, Tomasa, de extracción humilde, desempeñaba o costume funerario de chorar.

3.4. Fortuna literaria e esquemas temáticos

Cadro no que se recollen títulos, fontes e sinaturas, así como as reproducións e/ou reedicións dos relatos realizados por Ricardo Carballal Lafourcade:

Título	Fonte	Sinatura	Reproducións ou reedición
Parola semanal (I)	<i>Follas Novas</i> , número 431 (3–9–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (II)	<i>Follas Novas</i> , n.º 432 (10–9–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (III)	<i>Follas Novas</i> , n.º 433 (17–9–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (IV)	<i>Follas Novas</i> , n.º 434 (24–9–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (V)	<i>Follas Novas</i> , n.º 435 (1–10–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (VI)	<i>Follas Novas</i> , n.º 436 (8–10–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (VII)	<i>Follas Novas</i> , n.º 437 (15–10–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (VIII)	<i>Follas Novas</i> , n.º 438 (22–10–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (IX)	<i>Follas Novas</i> , n.º 439 (29–10–1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	

Título	Fonte	Sinatura	Reproduccións ou reedición
Parola semanal (X)	<i>Follas Novas</i> , n.º 440 (5-11-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (XI)	<i>Follas Novas</i> , n.º 441 (12-11-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (XII)	<i>Follas Novas</i> , n.º 445 (10-12-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (XIII)	<i>Follas Novas</i> , n.º 446 (17-12-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (XIV)	<i>Follas Novas</i> , n.º 447 (24-12-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Parola semanal (XV)	<i>Follas Novas</i> , n.º 448 (31-12-1905)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Santos e meigas (I)/ (II)	<i>Santos e Meigas</i> , números 1 (9-8-1908) e 2 (16-8-1908)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
O último aturuxo	<i>Santos e Meigas</i> , n.º 3 (23-8-1908)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 12 (30-11-1910)
A libértá	<i>Santos e Meigas</i> , n.º 4 (30-8-1908)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
Récelle á Virxen	<i>Airiños d'a miña terra</i> , n.º 9 (30-7-1909)		
¿E ti sei que dormes...?	<i>Airiños d'a miña terra</i> , n.º 10 (23-8-1909)	L'ALLABRAC	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 10 (17-11-1910) *** <i>A Nosa Terra</i> , n.º 13 (20-3-1917) *** <i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>) (1928)
Discos suevos (I)	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 3 (18-9-1910)	L'ALLABRAC	<i>Suevia</i> <i>Revista ilustrada</i> , n.º 26 (11-8-1912)
Discos suevos (II)	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 4 (25-9-1910)	L'ALLABRAC	
Discos suevos (III)	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 5 (2-10-1910)		
Discos suevos (IV)	<i>Suevia</i> . <i>Revista Gallega</i> , n.º 9 (10-11-1910)		

Título	Fonte	Sinatura	Reproducións ou reedición
O emigrante	<i>Suevia.</i> <i>Revista Gallega,</i> n.º 11 (24-11-1910)	R. CARBALLAL LAFOURCADE	
O milagre de san Ramón	<i>Suevia. Revista ilustrada,</i> números 1 (8-2-1912) e 3 (22-2-1912)		
O cocho do «Princesa de Asturias»	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 7 (15-1-1917)	L'ALLABRAC	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>) (1928)
Enxebreza	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 10 (16-2-1917)	RICARDO CARBALLAL	
Ao pé do cruceiro	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 12 (10-3-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
E a noite de san Xuán...	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 14 (30-3-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Cousas do sábado	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 15 (10-4-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
¡Ou libres ou mortos!	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 21 (10-6-1917)	RICARDO CARBALLAL	
A virxen de mármore	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 24 (10-7-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Axúdate, que Deus te axudará	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 26 (30-7-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
A lenda do xutglar	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 30 (10-9-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
A dos ollos meigos	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 33 (10-10-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>) (1928)
En vísperas de eleicións	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 36 (10-11-1917)	RICARDO CARBALLAL	
En tempos que virán	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 38 (30-11-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Un feito histórico	<i>A Nosa Terra,</i> n.º 39 (10-12-1917)	RICARDO CARBALLAL	
Noite Boa sin festa	<i>A Nosa Terra,</i> números 40-41 (30-12-1917)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
O derradeiro beixo	<i>A Nosa Terra,</i> números 42 (10-1-1918) e 43 (20-1-1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)

Título	Fonte	Sinatura	Reproducións ou reedición
Axuda a tempo	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 45 (10–2–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Si é parvo, non se persente	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 46 (20–2–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Ficamos sin conto	<i>A Nosa Terra</i> , números 47–48 (10–3–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Rosiña a estatuaría	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 50 (30–3–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
O loitador	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 51 (10–4–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
A falla de estudos	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 52 (20–4–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Si te portas ben...	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 53 (30–4–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
Por aforro	<i>A Nosa Terra</i> , n.º 55 (20–5–1918)	RICARDO CARBALLAL	<i>De min pra vós</i> (<i>Contos do Pobo</i>)
O Conselleiro	<i>Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste</i> (24–9–1918)	RICARDO CARBALLAL	

A continuación, agrupámo–los relatos segundo a temática:

Amor
“Discos suevos (II)” “O Conselleiro” “A virxen de mármore” “Ao pé do cruceiro” “A lenda do xutglar” “O derradeiro beixo” “Rosiña a estatuaría” “Por aforro” “Si te portas ben...”
Posicionamento ideolóxico
“¿Ou libres ou mortos!”
Humor
“O cocho do «Princesa de Asturias»” “Ti sei que dormes” “Noite do sábado” “Noite Boa sin festa” “Ficamos sin conto”

Información
“Parola semanal (I)” “Parola semanal (IV)” “Parola semanal (V)” “Parola semanal (VI)” “Parola semanal (VII)” “Parola semanal (VIII)” “Parola semanal (IX)” “Parola semanal (X)” “Parola semanal (XI)” “Parola semanal (XII)” “Parola semanal (XIII)” “Parola semanal (XIV)” “Parola semanal (XV)”
Moral
“Discos suevos (III)” “En tempos que virán” “A dos ollos meigos”
Crenzas
“Parola semanal (III)” “Santos e meigas (I)” “Santos e meigas (II)” “Récelle á Virxen” “O milagre de san Ramón (I)” “O milagre de san Ramón (II)”
Enfoque social
“Parola semanal (II)” “O último aturuxo” “A libertá” “Discos suevos (I)” “O emigrante” “Enxebreza” “En vísporas de eleccións” “Un feito histórico” “A usura do tío Chapapote” “Axúdate, que Deus te axudará” “É a noite de san Xuán” “A falla de estudos” “Axuda a tempo” “O loitador”
Temática sociolóxica
“Discos suevos (IV)”

IV. Bibliografia

4.1. Bibliografía complementaria

a) Antropoloxía e etnografía

- CHAO REGO, Xosé (1988), *Para comprendermos Galicia*, Vigo: Galaxia, col. Agra aberta, 2ª ed.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (2000), *Antropoloxía de Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, serie Manuais.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón e Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO (2010), *Dicionario de etnografía e antropoloxía de Galiza*, Vigo: Nigratea, col. Libros da Brétema, n.º 18.

b) Lingua

- ÁLVAREZ, Rosario, H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA (1998), *Gramática Galega*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca da Cultura Galega, 7ª ed.
- ÁLVAREZ, Rosario e Xosé XOVE (2002), *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia, col. Manuais.
- DOSIL LÓPEZ, Benxamín e Xesús RIVEIRO COSTA (2004), *Dicionario de ortografía da lingua galega*, A Coruña: Galinova.
- FEIXÓ CID, Xosé (2004), *Gramática da Lingua Galega. Síntese práctica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006), *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*, Vigo: A Nosa Terra, 2ª ed.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006), *Gramática da lingua galega III. Semántica*, Vigo: A Nosa Terra, 2ª ed.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006), *Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto*, Vigo: A Nosa Terra, 2ª ed.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2013), *Estilística da Lingua Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1ª ed.
- GONZÁLEZ REI, Begoña (2004), *Ortografía da lingua galega*, A Coruña: Galinova.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA e REAL ACADEMIA GALEGA (2008), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo: ILG e RAG, 22ª ed.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1999), *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudos e Investigacións, serie Maior, 2ª ed.
- MONTEAGUDO, Henrique, vid. MONTEAGUDO ROMERO, Xosé Henrique
- MONTEAGUDO ROMERO, Xosé Henrique (1995), *Ideas e debates sobre a lingua: Alfonso D. Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Departamento de Filoloxía Galega, tese de doutoramento.
- MONTEAGUDO ROMERO, Xosé Henrique (1999), *Historia social da lingua galega*, Vigo: Galaxia, col. Manuais.
- SANTAMARINA, Antón, coord., *Tesouro informatizado da lingua galega*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/TILG/>) [última consulta: 14-9-2017].

c) Literatura

- AGRELO COSTAS, Mª Eulalia, ed. (2000), *Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada.

- ALONSO GIRGADO, Luís (2005), *Antoloxía do conto galego do século XX*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, serie Antoloxías, 15ª ed.
- AYUSO DE VICENTE, María Victoria, Consuelo GARCÍA GALLARÍN e Sagrario SOLANO SANTOS (1990), *Diccionario de términos literarios*, Madrid: AKAL.
- BAL, Mieke (1990), *Teoría de la narrativa (Una introducción a la narratología)* [*Narratologie. Essais sur la signification narrative dans quatre romans modernes*, 1977], tradución ó castelán de Javier Franco, Madrid: Cátedra, 3ª ed.
- BOURNEUF, Roland e Réal OUELLET (1975), *La novela* [*L'Univers du Roman*, 1972], tradución ó castelán de Enric Sullá, Barcelona: Ariel.
- CAMPOS VILLAR, Xabier, ed. (2006), *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada.
- CHATMAN, Seymour (1990), *Historia y discurso. La estructura narrativa en la novela y en el cine* [*Story and Discourse: Narrative Structure in Fiction and Film*, 1978], Madrid: Taurus.
- EQUIPO GLIFO [Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias —Anxo Abuín, Fernando Cabo Aseguinolaza, Arturo Casas, Blanca-Ana Roig Rechou, Anxo Tarrio Varela e Darío Villanueva—] (1998), *Diccionario de términos literarios*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2 vols.
- ESTÉBANEZ CALDERÓN, Demetrio (1996), *Diccionario de términos literarios*, Madrid: Alianza Editorial.
- F. DE LA VEGA, Celestino (2002), *O segredo do humor*, Arteixo—A Coruña: La Voz de Galicia (ed.), vol. 43.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1983), *Ánxel Casal e o libro galego*, Sada—A Coruña: Edición do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio *et alii*, “Conto popular”, en VV. AA. (2003), tomo 11, pp. 90–92.
- FRIEDMAN, Norman (1955), “Point of View in Fiction: The Development of a Critical Concept”, *Publications of the Modern Language Association of America*, vol. LXX, pp. 1160–1184.
- GARRIDO DOMÍNGUEZ, Antonio (1993), *El texto narrativo*, Madrid: Síntesis, col. Teoría de la literatura y literatura comparada.
- GENETTE, Gérard (1987), *Seuils*, Paris: Seuil.
- GENETTE, Gérard (1989), *Figuras III* [*Figures III*, 1972], tradución ó castelán de Carlos Manzano, Barcelona: Lumen.
- GONZÁLEZ DE GAMBIER, Emma (2002), *Diccionario de Terminología Literaria*, Madrid: Síntesis.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1999), “Estudio introductorio”, en Mar Pérez Negreira, dir., *Galicia de lenda*, A Coruña: Hércules de Edicións, col. Galicia para soñar, vol. 8, pp. 4–25.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel e Manuel QUINTÁNS SUÁREZ (2005), “Estudos introdutorios”, en Mar Pérez Negreira, dir., *Galicia de conto*, A Coruña: Hércules de Edicións, col. Galicia para soñar, vol. 15, pp. 10–65.
- GREIMAS, Algirdas Julien (1971), *Semántica estructural. Investigación metodológica* [*Sémantique structurale. Recherche de Méthode*, 1966], tradución ó castelán de Alfredo de la Fuente, Madrid: Gredos.

- HARGUINDEY, Henrique e Maruxa BARRIO (2006), *Antoloxía do conto popular galego*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, serie Antoloxías, 6ª ed.
- HESS, Rainer, Gustav SIEBENMANN, Mireille FRAUENRATH e Tilbert STEGMANN (1995), *Diccionario terminológico de las literaturas románicas* [*Literaturwissenschaftliches Wörterbuch für Romanisten*, 1989], tradución ó castelán de José María Díaz-Regañón López, Madrid: Gredos.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé (2004), *Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- LÓPEZ, Siro (1996), *Castelao humorista*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- LÓPEZ SÁNDEZ, María (2008), *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*, Vigo: Galaxia.
- PARDO DE NEYRA, Xulio (2000), “Evaristo Correa Calderón, a consolidación do nacionalismo galego e a introdución do vangardismo poético na literatura galega”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 24 (2º semestre 2000), pp. 23–56.
- PARDO DE NEYRA, Xulio (2009), *A Época Nós. O estudo da literatura galega desde a periodoloxía literaria: problemas de crítica literaria, método e aplicación*, Ferrol: Embora, col. Punto de Investigación.
- PARDO DE NEYRA, Xulio (2012), *Lingua, ensino e sociedade: os inicios da Sociolingüística galega contemporánea ou «Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega»*. *O nacemento da Didáctica da Lingua Galega no ámbito do Novecentismo*, Santiago de Compostela: Follas Novas, col. Libros da Frouma, serie Estudos e Ensaíos.
- PLATAS TASENDE, Ana María (2000), *Diccionario de términos literarios*, Madrid: Espasa Calpe.
- RODRÍGUEZ VALCÁRCEL, Mª Xosé (1996), *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento galego*, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 10º Premio literario Ánxel Fole.
- ROSALES, Manuel (2002), *A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- SAINZ DE ROBLES, Federico Carlos (1982), *Diccionario de la literatura. Términos, conceptos, “ismos” literarios*, Madrid: Aguilar, 2 vols.
- SANMARTÍN REI, Goretti (2002a), *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863–1936)*, A Coruña: Espiral Maior, col. Universitas.
- SANMARTÍN REI, Goretti (2002b), *Os (pre)textos galegos (1863–1936). Estudio e escolma dos prólogos*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudos e investigacións.
- TARRÍO, Ángel, vid. TARRÍO VARELA, Anxo
- TARRÍO VARELA, Anxo (1982), *Lectura semiológica de «Fortunata y Jacinta»*, Santa Cruz de Tenerife: Ediciones del Cabildo Insular de Gran Canaria.
- TARRÍO VARELA, Anxo (1994), *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia Crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, serie Manuais, 1ª ed.
- TARRÍO VARELA, Anxo (2003), “Do enxebre ó bravú”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 41 (novembro de 2003), pp. 275–304.

- TARRÍO VARELA, Anxo, dir., —en proceso de edición—, *Dicionario sistémico da literatura galega do Rexurdimento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VALLES CALATRAVA, José R (2008), *Teoría de la narrativa. Una perspectiva sistemática*, Iberoamericana e Vervuert: Nuevos hispanismos.
- VILLANUEVA, Darío (1989), *El comentario de textos narrativos: la novela*, Xixón: Júcar.
- BERNÁRDEZ, Carlos L, Emilio Xosé ÍNSUA, Xosé M. MILLÁN OTERO, Manuel REI ROMEU e Laura TATO FONTAÍÑA (2001), *Literatura galega. Século XX*, Vigo: A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, serie Monografías.
- ZORAN, Gabriel (1984), “Towards a Theory of Space in Narrative”, *Poetics Today*, 5, 2, pp. 309–335.

d) Historia

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1981), *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*, Vigo: Galaxia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1982), *Historia de Galicia. Historia contemporánea de Galicia desde la Guerra de Independencia hasta nuestros días en cuatro tomos enriquecidos con abundante y selecta bibliografía multitud de grabados documentales de la época y láminas a todo color*, A Coruña: Ediciones «Gamma», 4 vols.
- CABO VILLAVEVERDE, Miguel (1998), *O agrarismo*, Vigo: A Nosa Terra, col. Historia de Galicia.
- DE LA CRUZ, Rafael (1971), “Cambó, Francisco”, en *Gran Enciclopedia Rialp*, Madrid: vol. 4, pp. 755–756.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998), *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900–1930)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria.
- VILLARES, Ramón (2004), *Historia de Galicia*, Vigo: Galaxia, col. Manuais.
- VV. AA. (1981), *Historia de Galiza*, Madrid: Alhambra, 2ª ed.
- VV. AA. (2005), *Historia Xeral de Galicia*, Vigo: A Nosa Terra, 2ª ed.
- VV. AA. (2007), *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia (ed.), 32 vols.

e) Miscelánea

- TORRES QUEIRUGA, Andrés e Manuel RIVAS GARCÍA, coords. (2008), *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, Vigo e Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia e Consello da Cultura Galega, 1ª ed.
- VV. AA. (1991), *Enciclopedia Universal Ilustrada europeo-americana*, Madrid: Espasa Calpe, 70 vols.
- VV. AA. (2002), *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- VV. AA. (2003), *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, Lugo: El Progreso e Diario de Pontevedra (eds.), 54 vols.

f) Teoría Política

- GRUPO WOLTERS KLUWER ESPAÑA, *Noticias Jurídicas. Portal de noticias sobre el derecho con repertorio de legislación*, Madrid (noticiasjuridicas.com) [última consulta: 15–9–2017].

- MAÍZ, Ramón (1984), *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886–1907)*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Cuadernos da Área de Ciencias Xurídicas, n.º 1.
- MAÍZ, Ramón (1997), *A idea de nación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria.
- MAÍZ, Ramón (2006), *Aureliano Pereira. Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

g) Xornalismo

- BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA, *Hemeroteca Digital*, Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte/Secretaría de Estado de Cultura (hemerotecadigital.bne.es/index.vm) [última consulta: 15–9–2017].
- BIBLIOTECA VIRTUAL DE PRENSA HISTÓRICA, *Búsqueda*, Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte/Secretaría de Estado de Cultura (prensahistorica.mcu.es/es/consulta/busqueda.cmd) [última consulta: 15–9–2017].
- MOLINA, César Antonio (1989), *Prensa literaria en Galicia (1809–1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, dir. (1998), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Arquivo da Emigración Galega.
- SANTOS GAYOSO, Enrique (1990), *Historia de la prensa gallega (1800–1986)*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 52, tomo I.
- SANTOS GAYOSO, Enrique (1995), *Historia de la prensa gallega (1800–1993)*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, n.º 58, tomo II.
- VILARIÑO SUÁREZ, María, ed. (2007), *Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902–1930) [Facsimile dos anos 1902–1903]*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2 vols.

4.2. Bibliografía específica

- ALONSO GIRGADO, Luís, dir. (1999a), *Follas Novas (La Habana, 1897)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsímile.
- ALONSO GIRGADO, Luís, dir. (1999b), *Prensa galega de Cuba. Santos e Meigas (1908), Galicia Gráfica (1913) e Alma Gallega (1917)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsimilar.
- ALONSO GIRGADO, Luís, dir. (1999c), *Suevia. Revista Gallega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsímile.
- ALONSO GIRGADO, Luís, dir. (1999d), *Suevia. Revista ilustrada. A Habana, 1912*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsimilar.
- ALONSO GIRGADO, Luís e Teresa MONTEAGUDO CABALEIRO, eds. (2001), *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsímile.

- BERAMENDI, Justo (1991), *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos.
- BERAMENDI, Justo (2007), *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia e Fundación Caixa Galicia.
- BLANCO PÉREZ, Domingo (1994), *Historia da literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, col. Biblioteca de Divulgación, serie Galicia, n.º 14.
- CARBALLAL, Ricardo (1919), *O tesouro acobillado (Conto)*, A Coruña: Suplemento de *El Noroeste*, col. ¡Terra a nosa!, Biblioteca Popular Galega, vol. 4.
- CARBALLAL, Ricardo (1928), *De min pra vós (Contos do Pobo)*, A Cruña: Nós.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981), *Historia da literatura galega contemporánea 1808–1936*, Vigo: Galaxia, 3ª ed.
- CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA/Universidade de Santiago de Compostela (1976), *Prosa Galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*, Vigo: Galaxia.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1935), *El Idioma Gallego. Historia. Gramática. Literatura*, Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951), *Diccionario bio–bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, vol. I (A–E).
- CUQUEJO ENRÍQUEZ, María, ed. (2005), *Airiños d’a miña terra [A Habana, 1909]*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsimilar.
- A Nosa Terra. “Boletín decenal”*. *Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’América e Portugal* (1988), A Coruña: Edman, col. Prensa–Galleguismo, índice I e mailos tomos I e II.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1992), *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, 2ª ed. (corrixida e aumentada).
- FRAY CAUTERIO (1912), “Albricias! Por fin, el Director me ha levana–”,²⁶² *Suevia*. “Revista ilustrada”, “Atisbos”, n.º 7 (24–3–1912) [s. p.].
- G. BERAMENDI, Justo, vid. BERAMENDI, Justo
- ÍNSUA, Emilio Xosé (2016), *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916–1931)*, A Coruña: Baía Edicións.
- LANZA ÁLVAREZ, Francisco (1953), *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- LEDO ANDIÓN, Margarita (1982), *Prensa e galeguismo: Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de «A Nosa Terra» (1916–1936)*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio.
- LEDO CABIDO, Bieito, ed. (1999), *Enciclopedia Galega Universal*, Vigo: Ir Indo, 16 tomos.
- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2007), *O nacionalismo cívico. Interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*, Bertamiráns: Laiovento, col. Ensaio, n.º 223.
- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2014), *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste, serie Divulgación & ensaio.

²⁶² Ante a carencia de título, transcribese a primeira liña.

- MATO, Alfonso, coord. (2007), *Ánxel Casal, un editor para un país*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Seminario de Estudos Galegos.
- MONTEAGUDO CABALEIRO, Teresa, Amelia RODRIGUES ESTEVES e Xoán Carlos RODRÍGUEZ PÉREZ, eds. (1999), *La Tierra Gallega (A Habana, 1915). La Alborada (A Habana, 1912)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsímile con introdución a cargo de Luís Alonso Girgado.
- NEIRA VILAS, Xosé (2001), *Crónicas galegas de América (Rolda terceira)*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos.
- NEIRA VILAS, Xosé (2011), *A prensa galega de Cuba*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992), *O galeguismo en América. 1879–1936*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, col. Historia.
- REI, Luís (2009), *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*, Vigo: Galaxia, col. Memoria.
- REY ALVITE (1917), “La «Hirmandá da Fala» de La Coruña en Compostela”, *La Voz de Galicia* (14–5–1917), p. 2.
- ROIG RECHOU, Blanca–Ana (1996), “A Literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, *Boletín Galego de Literatura*, núms. 15–16 (1º e 2º semestre), pp. 77–105.
- S. GRANJEL, Luis (1980), *Eduardo Zamacois y la novela corta*, Salamanca: Universidad de Salamanca, serie Varia, Temas Científicos y Literarios, n.º 34.
- SANMARTÍN REI, Goretti (1997), *Prosa didáctica (1916–1936). Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra e AS–PG, col. A Nosa Literatura.
- SEN SINATURA (1916a), “La reunion de ayer. Os Amigos da Fala”, *La Voz de Galicia*, n.º 11 423 (19–5–1916), p. 1.
- SEN SINATURA (1916b), “A xente d’esto boletín. Redautores e colaboradores”, *A Nosa Terra*, n.º 1 (14–11–1916), p. 5.
- SEN SINATURA (1917a), “Lugo–Cruña–Monforte–Vilalba. Unha xornada groriosa e patriótica. Galicia pol–a vez primeira fala c’oa sua lingua”, *A Nosa Terra*, n.º 9 (6–2–1917), pp. 1–3.
- SEN SINATURA (1917b), “Ferrol–Cruña. Unha nova xornada galleguista. O enxebrismo tragueranos o progreso e a libértá”, *A Nosa Terra*, n.º 10 (16–2–1917), pp. 1–5.
- SEN SINATURA (1917c), “Un acto galleguista”, *La Voz de Galicia*, n.º 11772 (7–5–1917), p. 1.
- SEN SINATURA (1917d), “Santiago–Cruña–Monforte–Pontevedra. As Irmandá da Fala, cada vez mais fortes. Nova xornada trunfal”, *A Nosa Terra*, n.º 19 (20–5–1917), pp. 1–2.
- SEN SINATURA (1918a), “A Asambleia nazonalista de Lugo. O manifesto”, *A Nosa Terra*, núms. 73–74 (5–12–1918), pp. 1–2.
- SEN SINATURA (1918b), “Asistentes a I.ª Asambreira Nazonalista, de Lugo”, *A Nosa Terra*, núms. 73–74 (5–12–1918), pp. 2–3.
- SEN SINATURA (1919a), “Inaugurazón do noso Conservatorio. Estrenouse “A mán de Santiña””, *A Nosa Terra*, n.º 87 (25–4–1919), p. 1.
- SEN SINATURA (1919b), “Follas Novas”, *A Nosa Terra*, n.º 87 (25–IV–1919), pp. 12–13.
- SEN SINATURA (1919c), “A II Asambleia nazonalista galega. Concrusiós aprobadas en Santiago”, *A Nosa Terra*, n.º 105 (15–11–1919), pp. 1–2.

- SEN SINATURA (1920), “Froitos da Asambleia de Santiago. Outro trunfo do Nazionalismo Galego. O espírito santo das «Irmandades» espállase”, *A Nosa Terra*, n.º 117 (10–4–1920), p. 4.
- SEN SINATURA (1921), “A III Asambleia Nazionalista Galega en Vigo”, *A Nosa Terra*, n.º 139 (30–4–1921), pp. 1–2.
- SEN SINATURA (1922a), “Organización Nacionalista. A IV Asambreira das «Irmandades da Fala» e do Partido Nacionalista Galego acaba de se celebrare en Monforte nos días dazaioito, dazanove e vinte do mes de Febreiro”, *A Nosa Terra*, n.º 158 (1–3–1922), pp. 1–3.
- SEN SINATURA (1922b), “Ricardo Carballal”, *A Nosa Terra*, n.º 174 (1–12–1922), p. 1.
- SEN SINATURA (1923), “Ricardo Carballal”, *A Nosa Terra*, n.º 195 (1–12–1923), p. 4.
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (2003), *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Sada–A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos.
- VILLAR PONTE, Antonio (2006), *Nuestra “afirmación” regional. Apuntes pra un libro, hechos por Antonio Villar Ponte*, Santiago de Compostela: reed. facsímil e non–venal da Librería Couceiro.
- VILAVEDRA, Dolores, coord. (1995), *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo: Galaxia.
- VV. AA. (1996), *Historia da literatura galega*, Vigo: A Nosa Terra e AS–PG, 5 vols.

4.3. Publicacións consultadas²⁶³

Follas Novas

Publicación da Habana que apareceu dende o 6 de xuño de 1877 ata o 27 de xuño de 1909. Levou os subtítulos “Semanario Gallego”, “Semanario defensor de la colonia gallega residente en la isla de Cuba” e “Semanario Científico, Literario y defensor de la Colonia Gallega en Cuba”. Os fundadores foron Francisco Ramil e Antonio de P. Cea e os directores, Alfredo Fernández (NAN DE ALLARIZ) e Adelardo Novo. As dependencias da redacción, administración e imprenta estaban en diversas localizacións, como o n.º 32 da rúa da Amargura e os números 66 e 45 da rúa das Ánimas.

Caracterizouse pola defensa dos intereses galegos en Cuba, a actitude neutral sobre a Guerra de Independencia e a divulgación do rexionalismo. Articulábase coas seccións “Cartas de Galicia”, “Centro Gallego”, “Cousas d’a terra”, “Palique”, “Pisto” e “Sección científica”. Colaboraron os galegos Manuel Amor Meilán, Francisco Añón, Lisardo Barreiro, Roberto Blanco Torres, Alberto Camino, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Patricio Delgado Luaces, Valentín Lamas Carvajal, Evaristo Martelo Paumán, Luís Otero Pimentel e Eduardo Pondal.

A Nosa Terra

Esta cabeceira da Cruña [sic] iniciou a andaina o 4 de agosto de 1907. Dirixírona, sucesivamente, Uxío Carré Aldao e Antón Villar Ponte, entre outros. As dependencias da redacción e da administración estaban no n.º 16 do Cantón Grande, baixo.

A singradura estivo marcada por ser voceiro das Irmandades da Fala (1907), do Partido Galeguista (1932), da Galicia do exilio (1942) e da esquerda nacionalista democrática (1978).

²⁶³ Neste apartado efectúase unha sucinta caracterización externa e interna.

Contou con varias etapas. Ó longo da primeira, entre o 4 de agosto de 1907 e o 27 de outubro de 1908, foi semanario rexionalista moderado co impulso de Manuel Lugrís Freire, Evaristo Martelo Paumán, Manuel Murguía, Rodrigo Sanz e Florencio Vaamonde Lores. En palabras de Molina (1989), mantivo un "carácter autonomista pero non separatista". A segunda, dende o 14 de novembro de 1916 ata 1932, titulábase "Boletín decenal" e levaba o lema «Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal».

Dividíase nos apartados "Actualidades", "Variedades" e "A carón do lar". Predominaba o castelán, mentres o galego quedaba reservado para a creación literaria. Algúns dos colaboradores foron Lugrís Freire, Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Lisardo R. Barreiro, Rodrigo Sanz, César Vaamonde Lores e Indalecio Varela Lenzano.

A poesía comprende traballos de Juan Barcia Caballero, Uxío Carré Aldao, Clara Corral, Filomena Dato Muruais, Alberto García Ferreiro, Salvador Golpe, Manuel Lago González, Benito Losada, Martelo Paumán, Avelino Rodríguez Elías, Eladio Rodríguez González, Francisco Tettamancy e Florencio Vaamonde Lores. No terreo prosístico salientan os relatos en galego da autoría de Carré Aldao e Heraclio Pérez Placer.

Santos e Meigas

Co subtítulo "Revista semanal ilustrada" viu a luz na Habana dende o 9 de agosto ata, aproximadamente, o 20 de setembro de 1908. Recibe o nome da zarzuela homónima de Manuel Linares Rivas. O director literario, administrador e fundador foi Ricardo Carballal Lafourcade e a vertente artística asumíuna Pedro Madrigal. Imprimíuse os domingos na imprenta situada no n.º 413 da rúa do Monte, onde tamén se localizaban a redacción e a administración. Consta de dezaseis páxinas.

O rexionalismo evidénciase na defensa da lingua galega e na exaltación de Galicia. Composta case a metade en galego, presentaba seccións fixas ("Parnaso galego", "Correo de Galicia", "Tijeretazos" e "Crónica bromisera") con crónicas acerca das actividades dos emigrantes, noticias de Galicia e artigos de crítica teatral. Publicáronse poesías de Francisco Álvarez de Nóvoa, Francisco Añón, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Aureliano José Pereira de la Riva e Avelino Rodríguez Elías, así como narracións de PEPE DE XAN DE BAÑA.

Airiños d'a miña terra

Esta "Revista decenal ilustrada" da Habana ofreceuse dende o 10 de maio ata o 31 de agosto de 1909. Levaba o lema «Consagrada á la propagación de la literatura gallega y órgano de los gallegos emigrados en la América Latina». Redactárona Juan Vicente Martínez Quelle, José Jubrias e L. P. R. Imprentouse no taller de La Reglana e a partir do número 5 no de Comas y López. As dependencias da dirección e da administración estaban entre as rúas Compostela e Amargura.

No editorial de presentación, "Saludo", declara consagrar esforzos e enerxías co obxecto de redimi-la patria galega. Proporcionaba textos literarios, de carácter culto e popular, e información sobre Galicia e a colonia galega de Cuba. Coidaba a presentación con ilustracións de cidades, vilas e lugares de Galicia e mais gravados e debuxos de galegos ilustres.

A maqueta ordenábase nos apartados "Varones ilustres de Galicia", "Ecos Gallegos", "Correo de Galicia" e "Tijereteo y quisicosas". A pesar de ser bilingüe, o galego rexistrábase

abondosamente no terreo literario da man de Francisco Añón, Manuel Carrillo Cortizas, Rosalía de Castro, Álvaro Dios Villar, Enrique Labarta, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Nóvoa Costoya, Eduardo Pondal, Jesús R. López e Manuel Vidal. Así mesmo, rexístranse traballos asinados con iniciais (A. R., L. G. L., L. P. R., M. C. C. e S. J.) e os pseudónimos ASIEUMEDRE (Manuel Lugrís Freire), EL HIDALDO DE SOR/SAR (Manuel Nóvoa Costoya) e MARKELL (Juan Vicente Martínez Quelle).

Suevia. Revista Gallega

Saíu á rúa o 4 de setembro de 1910 na Habana baixo a administración de Manuel Vázquez. A redacción e administración estaba no n.º 11 da rúa Piñera (Cerro). Saía cada semana no seu propio obradoiro.

Organizábase nas seccións "Suevia galante", "Galicianas", "Remandingos", "Letras femininas" e "Galería de Suevia". Englobaba colaboracións activas ou pasivas dos escritores Francisco Añón, Ramón Cabanillas, M. Castro Bóveda, Manuel Curros Enríquez, Francisco María de la Iglesia, Joaquín N. Aramburu, Luís Antón Olmet, Emilia Pardo Bazán, Consuelo Pita, Diwaldo Salom y Andraca, Marcial Valladares Núñez e N. Vidal Pita. Detéctanse tamén escritos baixo numerosos pseudónimos (ANTÓN D'A RIANXEIRA, CIGARALA, FRAY ROBLANTO — Roberto Blanco Torres—, MANOELIÑO DO ALPENDRE, O NENO D'O COUTO, XASTRE DE BARCIA etc.).

La Alborada

Este semanario bilingüe ilustrado deuse a coñecer o 10 de xaneiro de 1912 en calidade de "Órgano de la colonia gallega en Cuba". O redactor xefe era FRAY ROBLANTO, pseudónimo de Roberto Blanco Torres.

Procuraba a unión da cidadanía galega no ideal común de progreso, laboriosidade, benestar e cultura representado polo Centro Gallego da Habana. Focalizaba a atención na realidade galega, sen se posicionar ideoloxicamente, informando da emigración galega de Cuba e da Galicia interior. Outrosí prestou atención ó deseño e á tipografía, por exemplo, coa inserción dunha serie de motivos (Torre de Hércules, o escudo de Galicia, a cruz de Santiago e a lenda en latín *In hoc misterium fidei firmiter profitemur: Deus fratresque Gallaicae*).

Configurábase cos apartados "Vida Gallega", "Regionales", "Efemérides Gallegas", "Centro Gallego" e "Letras Galantes". Incluía traballos de Francisco A. de Nóvoa; Juan R. Álvarez; Joaquín N. Aramburu; Roberto Blanco Torres, que con frecuencia asinaba co ortónimo e con pseudónimos (FRAY ROBLANTO, FRAY CIRILO, CIRILO DE CRESPO, MANRIQUE e MANRIQUE DE CRESPO); Manuel Curros Enríquez; Valentín Lamas Carvajal; Xosé Lesta Meis; Manuel Núñez González; Leopoldo Pedreira; Eduardo Pondal; Antonio Rey Soto; José María Riguera Montero; R. Rivero; Abdón Rodríguez Santos, e Ramón del Valle-Inclán.

Suevia. Revista ilustrada

Esta segunda xeira da revista homónima da Habana estivo administrada por Emilio Eymil e Agustín E. García. Só tirou trinta e sete números en 1912. As súas vinte páxinas, sen numerar, teñen abundantes ilustracións, fotografías da Galicia da época e curiosas viñetas, en calidade de encabezamentos dalgunhas seccións.

A maqueta artellábase en "Semanales", relativa, maioritariamente, ó Centro Gallego; "Discos suevos", baixo o anagrama L' ALLABRAC; "Sociales", asinada por Conde Carlos; "Valija", concernente á actualidade de Galicia; "Sports", rubricada por ADORSIVAH; "Cousas do galo", crítica satírico-festiva da autoría de KOKOROOKO; "Cosas de mi tierra", no que Eugenio López-Aydillo documenta, interpreta e valora os acontecementos e a situación de Galicia, e mais "Atisbos" e "Campanazos", as dúas de Jesús Peynó Piñeiro, a primeira coa sinatura FRAY CAUTERIO e a segunda co pseudónimo XAN D'OUTEIRO.

A poesía está representada con Francisco A. de Nóvoa, Gerardo Álvarez Limeses, Joaquín N. Aramburu, Juan Barcia Caballero, Lisardo Barreiro, Ramón Cabanillas, Sofía Casanova, Filomena Dato Muruais, Martín Díaz Spuch, Heliodoro F. Gastañaduy, E. Labarta Pose, Sofía M. Calvo, Andrés Muruais, NAN DE ALLARIZ, Avelino Rodríguez Elías, Francisco Rodríguez Marín, Víctor Said Armesto, Diwaldo Salom e N. Vidal Pita. Pola súa parte, a prosa ofrécese en textos de Roberto Blanco Torres (FRAY ROBLANTO e R. B. T.), Prudencio Canitrot, Eugenio Hermida, José Lesta Meis, Eugenio López-Aydillo, Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán e Abdón Rodríguez Santos.

Nós

Co subtítulo "Páxinas gallegas do Diario da Cruña *El Noroeste*", este suplemento principiou o 10 de setembro de 1918 e finalizou o 18 de novembro de 1919, data do último número conservado. Mentres a dirección corría a cargo de Eladio Rodríguez González, o equipo redactor e os editores correspondían ó diario. Aparecía na metade inferior dunha folla extraordinaria nas páxinas 3 e 4. Durante as primeiras vinte e cinco entregas saíu semanalmente e logo de forma irregular.

No texto programático inicial, "Coa porta aberta", sinálanse dous obxectivos verbo da lingua galega, loitar contra o autoodio da paisanaxe e recupera-la obra literaria de intelectuais. Escrita integramente en galego, contiña as seccións "Pintores de almas", "Glosa", "Himno", "De min pra vós", "Balada", "Conto", "Contos gallegos", "A voadora", "Cántigas novas" e "Cantiga".

As colaboracións sobrancean pola diversidade. Amais de autores foráneos (J. Leite de Vasconcellos, Maurice Maeterlinck e Joan Maragall), introdúcense autores medievais (Afonso X, Bernal de Bonaval, Marqués de Santillana e Martín Códax) e contemporáneos (Eugenio Carré Aldao, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alberto García Ferreiro, Francisco M^a de la Iglesia, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Leiras Pulpeiro, Manuel Martínez González, Heraclio Pérez Placer, Eduardo Pondal, Francisco Porto Rey, Aurelio Ribalta, Xesús Rodríguez López e Francisco Tettamancy). Aínda que a maioría dos textos teñen sinatura tradicional, convén menciona-los pseudónimos ARMINDA FLORA SERRANO, ASIEUMEDRE, ESPERANZA ROCA, FUCO DE TABEAYO, MANOEL DA RUANOVA, UN ENXEBRE, XAN FOUCIÑO e O TÍO MARCOS D'A PORTELA.

A prosa e o verso perfílanse de maneira distinta. Por unha banda, o *corpus* da prosa agrúpase no relato popular de tradición oral, referente ó mundo labrego e aldeán, e na prosa, literaria ou non, enmarcada na dimensión político-social. Por outra banda, configúrase o verso co lirismo sentimental e a evocación da terra, segmentada esta no compromiso patriótico, na problemática social e na dimensión folclórico-costumista. Ás veces, as dúas liñas mestúranse. Así e todo, esta clasificación temática carece de exactitude ó presentaren algunhas composicións tratamento e temática diferente.

4.4. Fontes hemerográficas

Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña
Biblioteca da Facultade de Filoloxía (Universidade de Santiago de Compostela)
Biblioteca do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Biblioteca do catedrático Anxo Tarrío Varela e do editor
Biblioteca Pública Municipal de Melide – Xosé Vázquez Pintor
Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela
Bispado de Mondoñedo
Concello de Muras
Instituto de Lingüística y Literatura de La Habana
Real Academia Galega
Rexistros Cívís da Coruña e Ferrol

V. Criterios de edición

Esta edición abarca os textos narrativos e non ficcionais de Ricardo Carballal Lafourcade rexistrados en diversas publicacións aquí e alén mar. A presentación realizouse segundo a data de aparición, sinalando ademais outras localizacións posteriores, no caso de as haberen, en forma de reprodución e/ou reedición. Tamén inserimos outros textos (poemas en lingua galega e artigos xornalísticos) sen adaptación.

No que atinxe ós relatos optamos pola versión da colectánea *De min pra vós* (*Contos do Pobo*), aínda que en notas a pé de páxina se recollen as variantes textuais espalladas en cabeceiras. Na parte final introducímo-lo relato “A usura do tío Chapa-pote”, sen datos da edición.

Dende unha perspectiva ecdótica, a intervención no orixinal respectou *ad pedem litterae* as características lingüísticas do autor ó actuar só naqueles aspectos ortográficos, consonte a normativa oficial da lingua galega, que posibiliten unha lectura doada.

As mudanzas efectuadas sobre os textos son:

ACTUALIZACIÓN DA ACENTUACIÓN E DOUTROS SIGNOS GRÁFICOS

1) A adaptación á marca acentual actual patentízase na eliminación de tiles circunflexos e graves.

<i>â > á</i>	<i>é > e</i>
<i>âs > ás</i>	<i>tí > ti</i>
<i>lênda > lenda</i>	<i>vín > vin</i>
<i>dôrosa > dorosa</i>	<i>amostróume > amostroume</i>
<i>ô²⁶⁴ > ó</i>	<i>bó > bo</i>
<i>ôs > ós</i>	<i>máns > mans</i>
<i>sí > si</i>	<i>erguéu > ergueu</i>

Por outra banda, a recuperación do til indica hiato (*choido > choído*, *lua > lúa*, *sair > saír* e *tuas > túas*), tonicidade (*encamiñabase > encamiñábase*, *honorabel > honorábel* e *palpebras > pálpebras*) e o carácter diacrítico das verbas monosílabas (*con mais seguridade > con máis seguridade* e *nada mais > nada máis*). Mantívose así mesmo naquelas ausentes na normativa actual, conforme a pronuncia (*casualidá*, *craridá*, *Sociedá* e *verdá*).

2) Escóllese a reposición ou a separación dos vocábulos, sempre e cando os grafase desa maneira o autor. Exceptúanse desta pauta as seguintes partículas gramaticais:

²⁶⁴ Nos textos de *De min pra vós* respectáronse as variantes *ao* e *ô*, esta última adaptada á normativa oficial da lingua galega.

porque (conxunción causal) // *por que* (pronome interrogativo ou pronome relativo precedido da preposición *por*) // *porqué* (substantivo) // *por qué* (preposición + pronome interrogativo en oracións interrogativas indirectas) // *se non* (expresión condicional) // *senón* / *sinón* (conxunción que insire unha rectificación ou locución conxuntiva cun matiz restritivo) // *con que* (co significado de instrumento) // *conque* (conxunción consecutiva) // *¡ai!* (interxección) // *aí* (adverbio de lugar) // *hai* (forma verbal do verbo haber)

3) Suprímense os apóstrofos <'> nos casos de contracción da preposición máis artigo ou pronome persoal tónico. Na elisión vocálica, motivada por fonética sintáctica, prescínlese del e recupérase no seu lugar a vogal. En cambio, respéctase cando se transcribe a entoación do galego oral e dialectal:

<i>Lástema que n'o faga</i>	<i>N'hai duda</i>
<i>Eso n'é menester pedilo</i>	<i>¿N'é certo Rosario?</i>

A propósito das formas *como* e *com'*, emprégase a primeira no caso de a plamar o escritor e a partícula comparativa *coma* para a segunda por se-la variante maioritaria. A pesar de non se aceptar gramaticalmente, *coma* foi empregado polo escritor diante de forma verbal.

4) Utilízase o guión con dúas finalidades, marcar a segunda forma do artigo e o fonema alveolar, cando as formas *o*, *a*, *os* e *as* do pronome van precedidas de *non*, *ben* e *tamén*.

<i>Non-o creas</i>	<i>Ben-o vexo</i>
<i>o da acta non-o verá</i>	<i>tamén-o puxo a il</i>
<i>que ben-o sabes ti sin que cho diga</i>	<i>tamén-o faría eu</i>

En troques, elimínase cando separa un iode epentético e naquelas contraccións admitidas na normativa actual. Con todo, adecúase a posición (colocación, eliminación ou corrección) en caso de introduciren intervencións e aclaracións.

5) Úsanse corchetes para desenvolver palabras e mostra-la páxina e/ou páxinas do/s texto/s literario/s.

6) A comprensión dos textos implicou, ás veces, a regularización²⁶⁵ dos signos de puntuación. En troques, as marcas de interrogación e exclamación adoptan un dobre comportamento, fidelidade ó uso do escritor e regularización.

²⁶⁵ Unha das particularidades é a presenza da coma diante da conxunción ou locución conxuntiva que une a oración dependente á principal. Neste caso recóllese fielmente a escolla do autor, independentemente da tipoloxía lóxica (explicativa) ou pura (real).

ORTOGRAFÍA

1) Adáptase a ortografía de /<v> e <h>/Ø de acordo cos parámetros normativos actuais:

asoviaba > *asobiaba*

dúvedas > *dúbedas*

cóvados > *cóbados*

hombro > *ombro*

henchéu > *encheu*

ei dormir > *hei dormir*

2) Omítense aquelas grafías inexistentes no galego. Así, o grafema <y> substituíuse, onde for pertinente, por <ll> ou <i> (*salayo* > *salaio*) e a secuencia <*z^{e+i}*> por <*c^{e+i}*> (*duzias* > *ducias*).

3) Consérvanse arcaísmos, castelanismos (*corbata*, *xudíos* e *deuda*), dialectalismos (*faguer*, *lus* e *ves*), hiperenxebrismos (*moimentos*, *hourizonte* e *houra*) e popularismos (*amore*, *fortando*, *persentes* e *ññor*).

4) Malia non seren aceptadas actualmente na escrita, mantéñense *pra* e *pro* por seren as solucións máis estendidas no galego moderno. Por outra banda, acentúanse graficamente as contraccións da preposición co artigo determinado (<*prá*>, <*pró*>, <*prás*> e <*prós*>). Deste modo, diferéncianse de *pra* (preposición ‘para’) e *pro* (conxunción ‘pero’).

5) No caso de omisión da última grafía, substituída por apóstrofo, recupéranse as formas máis concorridas ou, no seu defecto, aquelas avaladas pola normativa actual. Mais permanecen *se* e *como* nos casos utilizados polo autor.

OUTRAS APRECIACIÓNS

1) Gráfanse aglutinadas ou separadas certas voces dependendo da plasmación do autor.

2) Corríxense erros tipográficos atopados nos textos (*lle lo* > *llelo*, *honra* > *houra*, *ds* > *dos* e *cma* > *coma*). A maioría das veces reconstruíronse as palabras con corchetes (*poi[d]as*, *mi[ñ]a*, *asoballa[r]*, *éch[e]*, *compuxe[r]on*, *cám[a]ra*, *re[s]pondeu*, *humo[r]*, *qu[e]ixarse* e *pas[t]or*).

3) Consérvanse algúns caracteres tipográficos, nomeadamente as letras cursiva, versal e maiúscula, aínda que esta última se empregou nos casos necesarios por norma ortográfica.

A seguir, debullaremos algunhas consideracións sobre o amplo abano de recursos gráficos:

- A *cursiva*²⁶⁶ sinala títulos de obras e publicacións periódicas, certas letras ou verbas situadas no interior do texto e maila reprodución de fragmentos literarios (poemas e relatos), ademais de desempeña-lo mesmo rol das comiñas dobres.
- A *letra negra* e o *subliñado* destacan algo.
- A *versal* representa os alcumes e as sinaturas dos textos literarios e non ficcionais, así como as coleccións literarias.
- A *raia* ou *guión longo* (—) ten varias funcións. Por unha banda, como signo dobre, cun signo de apertura e outro de peche, delimita incisos. Por outra banda, o signo simple introduce as intervencións dialogais nos textos narrativos en prosa e as anotacións do narrador nas intervencións dos personaxes.
- As *parénteses*, ó igual que a *raia* (vid. *supra*), delimitan incisos que non están integrados no enunciado. Amais, achegan datos concretos e a indicación de apartados.
- Os *corchetes* ([]) úsanse para engadir palabras ou fragmentos de palabras que faltan no texto orixinal co obxecto de facilita-la comprensión. Tamén plasman a transcripción literal dun erro e a omisión dun fragmento de texto, así como a especificación do texto nas citas.
- A *barra* (/) insire no texto variantes morfolóxicas dunha mesma palabra ou segmento, así como a relación administrativa entre dúas entidades.

4) Consonte a tipoloxía manéxanse diferentes comiñas. Por unha banda, as simples (< ' >) aprovéitanse para encerrar significados e acepcións. Por outra banda, as comiñas dobres presentan a seguinte casuística:

- As comiñas latinas (<“ ”>) encerran títulos de textos (artigos rexistrados en publicacións periódicas, poemas, relatos...), capítulos de libros e subtítulos de poemas e relatos.
- As comiñas inglesas (« ») marcan os lemas.
- As comiñas rectas (<" ">) acollen os subtítulos e as seccións de publicacións periódicas, así como recursos paremiolóxicos (refrás e ditos),

²⁶⁶ Se ben equivale ás comiñas, existe disparidade na obra carballaliana para plasma-los alcumes. Co obxecto de facilita-lo recoñecemento e evita-la disparidade gráfica, plasmámoslos coa letra versal, recurso estendido a outros sobrenomes.

estranxeirismos (castelanismos...) e avisos ó/á lector/a do uso consciente, na forma ou no sentido, de certas expresións.

No que atinxe ás citas textuais, plasmaranse en parágrafo á parte, sen comiñas e cunha letra de menor tamaño. Entre os textos non ficcionais e os literarios, a diferenza radica en que os primeiros van en letra redonda e os segundos en cursiva. Se houbese unha cita textual dentro do parágrafo, utilizaranse as comiñas rectas ou inglesas.

5) Cunha finalidade didáctica introdúcense notas a pé de páxina. Poñamos por casos a información bio–bibliográfica, as variantes textuais e a sucinta caracterización técnica dalgunhas cabeceiras.

VI. Textos

Relatos varios

Parola semanal (I)²⁶⁷
(Septiembre de 1905)

O día 17 do mes pasado foi o día dos grandes acontecementos pra min pola razón de atollarme no camiño un rapaz da miña aldea, ó que facía dous días que había chegado da nosa terra, e chámase Xan. O tal rapás non sei si o conecerán vostedes, pois como queira que o miren é un Xan, mais non Xan Lanas, é un dos poucos Xaniños maliciosos, políticos, criticós, acurrentes. En fin, é o home que fai falta pra parolar cousas serias e conta-las verdades do barqueiro, como as penso contar de hoxe en diante.

Pro antes vou a contarlles do modo que foi o encontro, que tivo gracia por certo. Serían as nove da mañán do día 17, estaba eu no muelle de Lus, esperando o elétrico pra ir pró traballo, cando sinto unha mau (non de muller) nas miñas costas, pro con tanta finura que non me rompeu un óso non sei nin como, oíndo ó mesmo tempo de vira-la cara:

—¿Onde demo andas metido, oh?

Fixeime nel e despois de miralo un pouco tempo, vin na figura daquel fino señorón o corpo de Xan; quedei lelo ó reconocelo, e dinlle un bico i abraceino.

—¿E ti cando chegache?

—Antonte. Vexo que estás feito un home —díxome, dándome outro porrazo coma o de antes.

—E ti o mesmo —díxenlle, aguantándolle a mau direita.

—Non tanto coma ti.

—Con que fuxiches de aló?

—¿Quen cho dixo?

—Eu que te estou vendo.

—Destonces si, pois sinón non—o sabes.

—Tamén tes razón, oh.

—E non hei de ter.

—Pois xa que viñeches, vamos toma-la mañán, que alí achantados parolaremos un pouco.

—Como queiras.

Collímo-lo camiño moi calados, como pasa sempre que hai moito que contar e non sabemos por onde dar comenzo, e tamén pensando os dous cousas distintas. Xan pensando o que ha de vir; eu pensando no que pasou; i así seguimos caladiños, como dous espantallos dos que poñen aló nas leiras pra facer fuxir os paxaros, hastra que chegamos ó café, entramos, achantámonos nunha mesa e chamei tocando as maus.

²⁶⁷N.º 431 (3-11-1905) de *Follas Novas*, pp. 5-6.

Ó momento chegou un mozo e pasando o pano pola mesa, preguntounos en cascexao "¿qué van a tomar?".

—Pra min unha xinebra. E ti, Xan, que queres?

—Un pucheiro de peloura.

—¿Un que, oh?

—Un pucheiro.

—Escoita, Xaniño, aquí non despachan por pucheiros.

—¿E logo por que?

—Por vasos. Ademais, peloura sólo a venden na bodega.

—Ti seica toleas cando viche peloura na bodega?

—Como cando a vin?

—É claro, pois na bodega sólo hai viño.

—Será aló. Non ves que eiquí chámanlle así ás tendas? Pro, que queres tomar?

—Xa que non hai peloura, un neto de viño.

—Puñeflas! Non podes pedir un vaso e non un neto?

—Escoita, oh, ¿sabes que che digo?

—Ti dirás.

—Que pída-lo que queiras pra min, ou sinón hai leria hastra mañán.

—Será mellor.

O mozo, que xa estaba levado dos demos ca nosa parola, díxonos medio doente: "Por fin qué traigo".

—Pra min unha xinebra, e pra este un vaso de viño.

Foise o mozo falando non sei que moi quedo, pro eu supoño que nada bo falaría, e cando iba chegando ó mostrador, grítalle Xan:

—Oiga, taberneiro, o viño que sea do Ribeiro, sinón non—o quero.

—Mozo, non faga caso; traiga o que lle pedín.

—Que traiga o que queira.

—Bueno, ¿e que contas de aló?

—O mesmo de sempre.

—¿Non morreu nadie?

—Falas de mortes, Xesús, non digas nada, que non parece sinón que Noso Señoríño colleunos de mal ollo...

—E logo...

—Verás: a nosoutros se nos morreron un par de pólos e catro porcas; ó tío Froilán morréuselle o faco; a Da. Manuela un galo; ó cura un cuxo; a Pedriño un carneiro... que sei eu as mortes que alí viñeron...

—Tes razón, oh.

—Espera un pouco. Tamén morreu o alcalde.

—¡Carástoles! Ben morreron animais este ano.

—Non che digo que foi terrible.

En estas chegou o mozo co servicio, e foise, despois de mirarnos cos ollos revirados, como querendo decir "oxalá fora veneno"; pro eu non fixen caso, e tomei a miña xinebra, sin tomar alento, e Xan meteuse o viño dun golpe, poñendo despois unha cara de carneiro crucificado que daba lástema velo.

—Oye ti, ¿eiquí bótanlle ortigas ó viño?

—¿Por que?

—Rascoume todo o gañote.

—Pois, mira, cuspe, que é moi bo pra eso.

—¿Pra botar fóra as ortigas?

—Non, señor; pro cuspiendo botas ca saliva o espírito...

—¡Xesús, María e Xosé!

E decindo esto, fixo a sinal da crus, persinouxe e foise do café coma un raio, decíndome antes desde a porta, cruzando as maus facendo cruces:

—¡Santa Comba, meigas fóra!

Levanteime e empecei a chamalo, que si queres, o condanado corría coma o vento.

Despois de romperme a chola, sobre que lle pasaría, viñen a caer en que lle falei do espírito do viño i el tomouno polo espírito das meigas.

Pasei un pouco tempo esperando a ver si viña, e vendo que non volvía, paguei cinco patacós ó mozo e funme a colle-lo elétrico, pensando no encontro e na perda de Xan, que pasou por diante dos meus ollos como unha meiga, coma un espírito, coma os que tiveron a culpa de que foxira de min.

Mais heino de buscar, e non paro hastra que atope co el, pois é algo ocurrente e medio político. Polo tanto, si o atopo, hei de parolar co el sobre as cousas de eiquí sin tocarlle os espíritos nin as meigas, pois sinón fuxe coma un condanado, e como dice un dito: a ocasión pintana pelada, non debo desperdiciar esta que me depara a sorte.

Si dou co el, como creo, xa lles direi cal foi a nosa parola.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (II)²⁶⁸
(Septiembre de 1905)

Como nada deixa de saberse no mundo tampouco eu deixei de saber a²⁶⁹ casa [en] que vive Xaniño; por certo que cando o supen, brincoume a ialma de alegría. Non fixen máis, cando me dixeron que vivía na calle dos Ánxeles, que coller a dita calle pra ir a velo, armando mil proieutos polo camiño, facendo castillos no vento (e non feudaes) tan soilo en pensar na nova parola que volvería a ter con Xan.

Así falando e pensando eu solo, cheguei ó número onde me dixeron que vivía Xan e chamei.

Ó pouco rato abriron a porta e asomou a cabeza dunha mouroa vella máis negra có fondo do pote que tiñan pais pra face-lo caldo.

—¿A quién solisita uté?

—¿Non vive eiquí un rapaz chamado Xaniño, que fai pouco viu de aló?

—¿De aló? Pué mi, uté, mi amo en la bodega, niño Pancho, lo venden.

—Que neno Pancho nin que neno morto, lle pregunto por Xaniño.

—Pué no lo entendé, niño.

—¿Non está o dono da casa?

—Dise uté si etá caballero.

—Eso mesmo.

—Pué ahoritica mimo lo va ñamá.

E decíndome esto foise o demo da mouroa dándome ca porta nos fociños, deixándome o mesmo que deixaron os rapaces que foron a votar nunha xunta celebrada non fai moito.

Houbera fuxido daquela casa pra sempre si non fora polo que iba a facer, porque sei demasiado que pra conseguir unha cousa fan falla mártires... e testigos. Polo tanto, eu fun o mártir naquel tempo pro testigos n'os vin, ou ó menos fixéronse os desentendidos.

Nesto abriron a porta por segunda vez e saliu un peisano noso e preguntoume:

—¿Quere falar con Xaniño?

—A eso veño, peisano.

—Pois pase pra diante.

Entrei i el amostrándome o patio díxome:

—¿Vosté non ve aquela porta que ten unha crus pintada de branco? Pois alí está el.

—Moitas gracias.

²⁶⁸N.º 432 (10-9-1905) de *Follas Novas*, p. 5.

²⁶⁹No orixinal “na”.

Collín polo patio adiante e chamoume a atención a grifería que había no cuarto de Xan, i eu, como curioso que son, axexei polo ferrollo da porta e vin a Xan falando solo enriba dunha mesa e facendo mil figuras cos pés e cas maus.

Non podendo aguanta-la risa, chamei pro con tal repiqueteo, que Xan non sei por que o tomaría, que gritou de a dentro: "O señor presidente non ten dreito a facerme calar tocando o cencerro, e non se crea tampouco que, por ter unha mala roupa nas costas, deixo de sabe-lo reglamento dos pés á chola, anque tamén sei que no no conocen homes de gran intelixencia, según eles xuran i acreditan, pro eu non son deses".

Entonces toquei con máis forza.

—¿Quen vai?

—Son eu, Xaniño. Abre.

—¿E ti quen eres?

—Abre, e xa cho direi.

Por fin abreu, e volveuse tolo ó verme.

—¿Como viñeche hastra acá?

—Veño a parolar un pouco.

—Entra e séntate.

Doume unha silla i el sentándose noutra díxome:

—Alégrome que viñeras; teño que falar contigo.

—Ti dirás.

—Un domingo pola mañán estaba aló achantado diante da miña casa cando veu o carteiro e entregoume unha carta que iba de eiquí, na que decía unha cousa así:

Amigo Xaniño,

Como eu conozo a túa crara intelixencia, vén pra acá canto máis pronto poi[d]as, que che convén.

Teu amigo, *Xesús*²⁷⁰

—E por eso viñeche.

—Non te apures. Lin a carta e pergunteille ós veciños si tiñan noticias do que pasaba ou acontecía na Habana. Unhos decían non sei e outros que nada sabían, hastra que atopei cun home, que non sei ou mellor dito non me acordo como se chama, pro si teño presente que é así coma unha cousa que se acostuma usar

²⁷⁰ A epístola aparece entre comiñas. En troques, nesta edición optouse por estoutra plasmación.

ou facer moito no vrau, o que me contou o conto dos noventa e un, pois dos noventa e tres xa non se me esquece un conto que hai escrito.

—Tamén a min se me figura que hai un.

—Boeno, pro deixémo-lo conto a un lado e vamos ás nosas cousas. Despois de estar ben certo do que eiquí acontecía, collín o vapor e xa en alta mar comencei a platicar eu solo, pensando que é ben tolo o que sale da terra que o veu abri-los ollos pra vir a traballar a terra estraña, e polo tanto pensei escribir unha hestoria, a que teño cásiqe arrematada.

—¿Unha hestoria? ¡Seica toleas!

—Coma cho digo.

—Está ben, pero ¿que hestoria é esa?

—Hestoria non é, pero é unha cousa parecida.

—¿Pensas ganar moito co ela?

—Con unha sola, pouco; pro escribindo unha tódolos meses podó volver pronto para aló.

—Desa maneira, si, mais ¿a quen llas vendes?

—Penso venderllas á casa do conto.

—¿Que casa?

—Unha que hai eiquí que lle chaman non sei si a mitá ou o enteiro de Galicia.

—Non a conozo nin sei si é boa ou mala.

—Ten que ser boa, pois, según me dixo o home aquel, fai máis favores que a Dolores do cántigo aragonés.

—Destonces pódeshas vender; sólo falta que a hestoria sea boa.

—Do mellor.

—¿Tenderá bo acollemento?

—¡Xa cho creo! Figúrate que é unha relación dos cregos que tivo a nosa parroquia.

—¿E ti sábelos?

—¡Boo... si se escapa algún, xa venderá atrás quen mo diga, e dareille a razón, botándome fóra do fogo e meténdoo caxista da imprenta, decindo que se equivocou.

—O que é ti Xaniño pra picapleitos non tiñas precio.

—Pois non seas ti así e morrerás de fame coma un can.

—Cho creo, mais ¿ti non poderías escribir algo pra min?

—Pra ti... escoita, ¿ti estiveche algunha vez traballando polo Goberno?

—Home, eu non, pro meu pai si estivo.

—¿E que facía?

—Pois tomaba os nomes da xente da vila pra face-lo censo, mais como hoxe está velliño despachárono.

—¿Pero é certo eso? Quer decir que sirveu á Galicia, sirveu ó Goberno, i agora que é vello non—o queren, pois eso é unha inxusticia, e polo mesmo voume enseguida a presentar unha istancia...

—¿Donde?

—Na casa do conto.

—¿Pra que?

—Pra que lle dean algún recurso tódolos meses. ¡Vaia unha pregunta!

—¿Abofê?

—Tal como o oies, e non perdo un minuto.

—Pero, Xaniño, ascoita...

—Non teño nada que ascoitar. Ten por seguro que nin ti nin teu pai traballades máis de hoxe en diante, pois non faltaba máis sinón que unha casa coma esa deixara abandonado a ese velliño.

E falando esto, puxo a monteira na chola, colleu nunha mau o aguillón (ben torto por certo) e noutra as cordas (todas despeluxadas polo uso) e foise sin eu saber o que salderá da istancia, hastra outra nova parola.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (III)²⁷¹

(Septiembre de 1905)

Deitado na miña cama, con un sono dos demos, e roncando máis forte que o roncón da gaita, estiven dormindo hoxe despois de xantar, sin facerme conta dos chollos que os homes do mundo fan i executan pra vivir unhos a conta doutros.

Por certo que tiven un sono, pro un sono tan raro que figúrense vostedes que sin eu dar-me conta de como nin candoalcontreime na porta do inferno.

Como sempre fun desde pequeno moi espantado do medo, chamei e abriron a porta.

—¿Quen te trouxo eiquí, desgraciado? —díxome un demo pequeniño que debía se-lo porteiro a xuzgar por tantas chaves que tiña amarradas nos cornos.

—Tróuxome o mundo.

—¿Pero ti non sabes que casa é esta?

—O inferno.

Non fixen máis que falar esto e sentín un ruído tan forte, salido da casa, que me deixou medio xordo.

—¿Non oíches?

—Oín, e si foran máis xustos o tocar tamén oíría.

—Cho creo, mais fala o que queiras.

—¿Ti eres o diaño?

—Son o porteiro.

—Pois destonces non teño nada que falar contigo.

—Ascoita, rapaz, si estás bo da chola, ¿non ves que o que pasa esta porta non sale con vida?

—Naide cho pregunta.

—Destonces[...] ¿que queres?

—Quero ve-lo diaño, o xefe do inferno.

—Pois xa que te empeñas, pasa pra diante.

Entrei, i o porteiro cerrou a porta.

—Xa estás donde queres, achántate un pouco que vou a pasarlle recado ó xefe.

—Vai; xa estás de volta.

Foise o porteiro a chama-lo diaño i eu mentras tanto comencei a admirar aquela casa onde os homes máis valentes teñen medo de pousa-los pés.

No medio da sala vin un cuadro de ferro moi grande, o que estaba cheo de botós e cada un co seu nome, os que eu me figuro serán pra chamar os moitos departamentos daquela casa, e cando máis embobado ollaba aquel cuadro, dixeron nas miñas costas

²⁷¹N.º 433 (17-9-1905) de *Follas Novas*, pp. 4-5.

cunha voz que asemellaba máis ben un trono que unha voz que asemellaba máis ben un trono que unha voz salida do peito:

—¿Quen me chama? —díxome un demo encarnado.

—Chámote eu. ¿Ti ére-lo xefe?

—O mesmo. ¿Que queres?

—Falar contigo.

—Pois cerra os ollos e dáme unha mau. Cerreinos como me dixo, e levándome por unha mau así andivemos como dous minutos hastra que me dixo:

—Abre os ollos.

I así o fixen, mais quedeime lelo ó ver diante de min un caldeiro de ferro, máis grande cá esperanza mi[n]ja, no que fervía un potaxe de sangue e ósos, que remexían os diaños pequenos cunhos tenedores máis longos cá nosa hestoria.

—Esa caldeira que ves é donde se pagan os débitos que contraen vostedes na terra —díxome o xefe, señalando pró pote.

—Pois faga o favor de poñer na lista un rapás que debe na terra unhas catro ducias e mais un par de pesos.

—¿A quen llos debita?

—Alí naquela casa, mire ben fixo —díxenlle eu mirando os dous por unha porta desde a que se vía o mundo.

—¿Aquela que se atopa entre unha piña?...

—Ese i é o partido... o auntamento estalle máis para acó.

—Destonces é aquela casiña que está pintada dun color que ben pode ser que veña a queda-lo mesmo.

—Aquela mesma; ten así coma color ceínza.

—¿E que fai ou ten esa casa?

—Pois fai o mesmo que esta.

—¿O mesmo que o inferno?

—O mesmo non, máis, porque alí ferve o pote máis que aquí.

—¿Que me contas! ¿E que potaxe ferveu?

—Potaxe de hestorias, potaxe de contos, i ademais fan sangrías prá Isla, e tamén pra fóra da Isla.

—Déixasme lelo.

—Pois non comencei por agora.

—Dime unha cousa, ¿o pote reméxeno con tenedores o mesmo que eiquí?

—Eso si que non llo podo decir. ¿Nin quen o remexe tampouco?

—Unhos dicen que o remexe un curro, outros que o neto, i hai quen dice que un ponte que ten o pote no medio, polo cal ponte pasan os remexedores.

—¿Pro marcha ben?

—Anda medio morto.

—¿Que mal ten?

—Mal ningún, pro hai quen conta e se deixa decir por aí que a causa do mal vén orixinado pola gran cantidade de Baños que toma.

Non ben acabei de falar cando me sinto collido nun tenedor e levantado no aire, oíndo ó mesmo tempo que decía o xefe:

—Ti, Faragullas, encárgoche que o botes no pote, pro con moito coidadiño, pois si che se escapa, hasmas pagar coa vida.

—Descuide, xefe, que o pelexo deste rapás non quixera que fora o meu.

—Fai como vexas, i así decindo retirouse o xefe.

—Ascoita, Faragullas; si me baixas do tenedor, cóntoche un conto do mundo.

—Non podo.

—Faragullíñas, pola túa nai, báixame; oh, báixame.

—O que che vou baixar vai ser un pau pola chola como non estés calado.

—Pro ¿que daño fixen eu?

—Eu que sei; vaillo perguntar ó xefe.

—Tes razón; báixame do tenedor que agora mesmo vou.

—¿Xa vas pra aló?

—A ve-lo xefe.

—¿Non vas pró pote?

—Pró pote non vou.

—Xa o veremos.

—Xa está visto, i agarrándome nun dente do tenedor, din un brinco, e non caín no chan por prendérseme a chaqueta nun corno do diaño.

—Larpeiro, ¿e quéreste ir? I el agarrado en min i eu agarrado nel, puxémonos a puñadas coma dous nazarenos, hastra que viu o xefe por segunda vez.

—Reconcho, ¿que é esto? ¿Así é como respetades a miña casa?

—Xefe, este home máis valería botalo pró mundo outra vez.

—Pois tira ese condanado por aquela porta.

Mais como eu no me deixaba asoballa[r] por Farangullas. Agarreino por un corno e tireino ó alto, pro con tanta sorte andiven que veu a cae-lo condanado de Faragullas arriba do xefe, cravándolle os cornos no peito.

O xefe comenzou a berrar, Faragullas choraba, i os diaños armaron alí unha revolución, que si non collo as escaleiras pra vir prá terra, o que é o meu pelexo non vén moi sano que digamos.

Despois de baixar dez minutos escaleiras e máis escaleiras, faltoume terra baixo os pés, e caín non sabendo a onde iría a parar cos meus ósos, encontrei naquela descensión polo aire paxaros grandes e pequenos, feos coma unha noite de tronos, os que me miraban cunhos ollos que despedían fogo, eles miraban i eu baixando, baixando... hastra que sentín que o meu corpo levou un tumbo dos demos e abrin os

ollos. ¡Cal non sería a miña estrañeza ó alcontrarme na miña cama ca roupa revolta e diante de min a Xaniño cun papel na mau.

—Ben dormes.

—¿E ti de donde vés?

—Eu veño da casa do conto. Ponte contento que xa teu pai ten o que pediu. Costoume un pouco traballo, pro puiden eu máis que eles.

—Gracias, Xaniño; o úneco que eu sinto é non poder parolar hoxe contigo.

—Xa parolarás. Agora voume pra arreglar a comelona que pensamos facer para o domingo que vén.

—¿Comelona pra que?

—Xa o saberás cando estés alí. Por algo ganamos a custión de teu pai. Así é que déixote pra que te vistas e espérote na Secretaría da casa do conto, porque de hoxe en diante temos que ir máis a miudiño.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (IV)²⁷²
(Septiembre de 1905)

—¿A onde vas Xaniño?

—Déixame, non me fales, que hai un condanado rapaz que, en canto atope con el, non se vai sin levar unha mau de paus.

—¿Que che fixo?

—Levoume a rapaza.

—¡Xesús!

—Non foi Xesús, non.

—Nin eu cho digo tampouco.

—Xa mo parecía.

—¿E coma foi?

—Ascoita, ti ben sabes, que dende que me casei mudeime da calle dos Ánxeles.

—É moi certo.

Pois despois de raxar dous pares de zocos en camiñar pra enriba e pra abaixo, buscando casa, e sendo todas moi caras, fumos a dar cos nosos ósos a unha casina de pedra que hai no camiño de Concha en Xexús do Monte.

—Xa sei cal é.

—Pois verás. Tiñamos unha habetación moi maxa pra os dous, con balcós pra a calle, e ademais dábannos de comer alí mesmo.

—¿E canto che costaba?

—Cala a boca, e non me interrumpas, sólo che digo que nada me pedían.

—Destonces, mellor que mellor.

—Xa cho creo, mais coma nunca falta un raxado pra un descosido quen che dice a ti que aparécese o rapaz da Academia a cobrar o recibo, mais coma vin que mo traía de outubro, estando en setembro, non llo paguei.

—Ben feito.

—O mesmo dixen eu, pro o condanado do rapaz, vindo que non lle pagaba, non sei a quen diaño llo dixo, que sin máis pra acó nin máis pra aló vexo un escrito en *FOLLAS NOVAS* falando de min e da miña muller, poñendo o berrido no ceo, tanto ié así que tiven que fuxir da miña casa coa miña rapaza, e pois si esos son os beneficios que fai, poden chantarmos...

—Xa sei onde, non fales máis.

—Ti ben me entendes, pro tamén che xuro que como atope con eles heilles de facer tiras do pelexo.

—E fas moi ben.

²⁷²N.º 434 (24-IX-1905) de *Follas Novas*, p. 9.

—Moito máis debía facer, pois nadie máis que ieles foron os que tiveron a culpa de que hoxe me alcontre sin casa e sin muller, pois esta fixo o que fan todas, mentras lles enches o fol todo vai ben, pro cando non llo enches fan o que o fol da gaita, que si non lle dás vento non toca. Por eso, fuxen de min.

—¡Que condenado!

—Eu ben sei que iesen lacazás botaron de conta: ese é un Xan, e nunca na Hestoria se escriben nada dun Xan[.] Pro eu son o que che digo que coma cheguen a poñerme doente voulles a facer ver que este Xan non sólo falan del na Hestoria, senón que hei de facer falar a algú que estanche ben caladiños.

—Dios queira non cheguemos a ieso.

—¿Si chegamos? Eu o que che digo [é] que estou de tal maneira que hastra o rapaz, que teñen na entrada da casa do conto, heino de facer falar, pois ese éch[e] o anuncio do que acontece dentro.

—¿E que anuncia ese rapaz?

—Pois quer decir: Eiquí hai que adeprender a soplar, e cando seipan, pasen pra adiante, e sopen ben o botixo, que por moita auga que boten fóra non termiñaredes con ela.

—Non me había fegurado eu eso.

—¡Ai logo! ¡Ti non sabes ben quen sou eu!

—Xa vou vendo que paxaro eres, mais ¿que pensas facer?

—Tiña pensado demandalos a o xuez, pro antes collín o meu recibo, e fun hastra a calle de Mercaderes a consultar co noso avogado que determinación me daba, mais, ¡cata, que demo!, que me di o porteiro que tiña que pagar a consulta. ¿Que che parece?

—Que non debe ser así.

—Non debía ser, mais por desgracia así é.

—Léveno os díaños, oh.

—Non che se perdía moito.

—Tamén eu creo así, Xaniño. ¿E a onde vas agora?

—Si non atopo con ese no camiño, vou a mercar dúas ou tres ducias de preódicos vellos.

—¿Pra que?

—Pra mandarllos á *Galicia*.²⁷³

²⁷³ Saíu á rúa na Habana dende o 25 de xullo de 1902 ata o 30 de maio de 1930. Levou varios subtítulos, tales como "Revista Semanal Ilustrada", "Revista Regional de más circulación en la República de Cuba" e "Publicación semanal. Órgano de la Colonia Gallega y Sociedades Regionales de Cuba".

Convén mencionar que o deseño da cabeceira experimentou unha serie de trocos. Primeiro, levaba unha ilustración de Lacalle, emblema de Galicia en forma de muller a carón do lema «Deus fratresque gallaicae», cun volume da *Historia de Galicia* de Murguía e tres nomes á dereita (Rosalía de Castro,

- ¿E logo?
- Que os rapaces de *Galicia* non teñen con que prender o lume, e con eso podrán atizar un pouco.
- En todo te fixas, Xaniño.
- Pois non sabes o mellor.
- ¿Que foi?
- Que o cobrador dos recibos da Beneficencia ten máis diñeiro que Rostchild.
- ¿Por que, oh?
- ¿E ti non sabes que se gasta o luxo de citar os socios con tarxetas postás?
- ¿Que dis?
- O que oíes, e teño eu que averiguar quen é pra facer un chollo con el.
- Non vexo eu...
- Pois eu si. Penso ir a decirlle que, en lugar de gastar os cartos en tarxetas, me entregue follas de citación da Beneficencia, e comprométome a repartilas por mau, sempre e cando me dé o que gasta en tarxetas.
- Tamén é certo.
- E si arreglamos o chollo, vólvome a casar.
- ¿Ca mesma rapaza?
- ¡Non oh! Heiche de buscar outra.
- Todas fan o mesmo.

Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán). Despois, introducía un escudo de Galicia, configurado por tres cruces gregas en calidade das sete provincias do Reino de Galicia, cos lemas «Todo por Galicia» e «Hoc misterium. Fidei. Firmiter. Profitemur» e a denominación da cabeceira con grandes caracteres, sobre unhas nubes e co sol detrás destas, e entre estes a expresión “Autonomía regional”.

A dirección asumírona, entre outros, Vicente López Veiga, fundador–propietario, ata o número 48 do segundo ano da publicación e despois José B. Cerdeira. Pola súa parte, os administradores foron, consecutivamente, José Gelpi Souto, Antonio Altillio González e Cerdeira A redacción e administración situábase en varias localizacións (san Ignacio, n.º 58; Cárdenas, n.º 35; Príncipe Alfonso, n.º 8, e Cuba, n.º 43). Amais da imprenta da revista, outros obradoiros que a sacaron á luz foron a Imprenta Militar de Rocas y Pérez e a Imprenta La Nueva Era.

Recollía artigos biográficos relativos a personaxes da cultura, da ciencia e da historia galega. Nesta última parcela, sobrancean os textos históricos de Francisco Tettamancy e as análises da política galega da época e da defensa do rexionalismo. Continúa a liña da prensa da diáspora ó presentar un considerábel número de noticias breves de Galicia e América. Estruturábase nas seccións “Noticias de Galicia”, “De aquí y de allá”, “Sección literaria” e “Sección poética”.

A extensa lista de colaboradores componse de Aurelio Aguirre Galarraza, Francisco Álvarez de Nóvoa, Manuel Amor Meilán, Francisco Añón, Lisardo Barreiro, Alberto Camino, Manuel Luguís Freire, Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Aureliano J. Pereira, Aurelio Ribalta, Marcial Valladares, Teodosio Vesteiro Torres etc. Así mesmo, rexístrase un abano importante de pseudónimos (FUCO DE TABEAYO, LUCAS CELTA, O GAITERO DE PENALTA, ROXELIO LOIS, XAN e XAN DE CANZOBRE). Vid. Vilarinho Suárez, ed. (2007).

—Xa o sei, mais como di un dito "Na vareaceón está o gusto".²⁷⁴ Sigo os consellos e non me vai moi mal con eles.

—Fai coma vexas.

—Así mesmo é; por certo, que conozgo unha peisana que ten unha boquiña que convida a bicar, unhos ollos que alumean coma soles, unha cara redondiña coma unha mazán moi colorada e con unhas...

—Cerra o pico, que si non toleas.

—Non me digas eso, que desde hoxe en diante pra que non me chegue a tolear. Estoume facendo de conta que non teño cabeza, e sinón fíxate no recibo.

Sr. D. Xaniño, natural de Galicia, provincia da Cruña, pretensiones: ningunha; pagador: por adiante; defectos físicos: cego, xordo e sin chola; edad: 50 anos.

—¿E así cubriches o recibo?

—Así mesmo... Diante, voume, voume correndo.

—¿Que che pasa?

—Alá vexo vir o de FOLLAS NOVAS.

—Que, ¿vaslle a pegar?

—Voume pra que non me vexa, non quero compremisos. Adiós. Non me demoro máis.

—Anda, vaite. Así fixeran todos.

—Así o facemos. Hastra outra.

—Vaite con Dios.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

²⁷⁴ As comiñas son nosas.

Parola semanal (V)²⁷⁵
(Septiembre de 1905)

—¿Que contas, Xaniño?

—Nada, meu fillo.

—¿Non tes nada que contarme?

—Coma non che faga un conto.

—Veña de aí.

—Pois xa ti saberás que viñen pra acó con moito sentimento na ialma en ter que deixar a miña rapaza na nosa aldea.

Razón foi esta pola que determinei buscar aquí outra rapaza, e comencei a namoriscar unha peisana, que traballaba de manexadora nunha casa da calle dos Ánxeles.

Así estivemos nove días, mirando un pró outro, sin determinar nin facer nada, hastra que nunha noite perdín o medo, e fun moi maxo ca miña pucha nova, os calzós cortos e chaqueta con moito ribeteo á porta da casa onde ela traballaba.

—Boas noites, miña rula.

—Moi boas, rapaciño.

—Primeiro vouche a pedir que perdoes a este rapaz que tolea por ti.

—Non sei por qué, pois tan fermosa non son.

—Non digas eso, que si chegara ollarte Xosé Miguel Gómez era capaz de deixa-lo camiño da Presidencia.

—Que alabancioso eres.

—Son o que mereces.

—Douche as gracias.

—Non se merecen, mais estoume fixando nunha cousa.

—¿En que?

—Que non podes negar que estás de manexadora.

—Non vexo eu...

—Nin eu tampouco, mais fágomo de conta que vexo —dixenlle eu— tentándolle as ferramentas con que traballa.

—¡Ai, condanado! Non me fagas cóchegas —e poñíase as maus por diante.

Pro o demo, que sempre anda polo medio, tentou a un rapaciño que estaba xogando con outros enriba no balcón a que se puxera a mexar.

Púxome o traxe novo empapadiño, i o máis malo non era a humedá, sinón a peste que tiña enriba de min.

A rapaza ríase coma unha condanada i eu maldecía e xuraba o mesmo que un carreteiro.

²⁷⁵N.º 435 (1-10-1905) de *Follas Novas*, p. 5.

Escúsoche decir que tiven que coller un coche e fuxir da tuna pra ir a muda-la roupa.

Dende aquela noite sempre fun á tuna con paraguas, por si o tempo se metía en auga, o que nunca máis pasou.

Mais quen che dice a ti que a última noite que fun chovía un pouco, abrín o paraguas, e cando máis entretido estaba ca rapaza, ¡pum!... Sinto caer non sei que raxo enriba do paraguas e non caía no chau, por moito que o sacudía.

Despois de estar dálle que dálle e non podendo sacar aquel peso de enriba, tireino con paraguas e todo no medio da calle, cando vexo fuxir un gato como un raio.

Boteille unha maldición e fun a colle-lo paraguas, pero en vez de paraguas o que tiña nas maus era unha peneira de peneira-la fariña, pois tanto foi o que meteu e sacou as uñas o diaño do gato.

Contemprando estaba nel cando veu un cadelo pequeno, e collendo o paraguas nos dentes, fuxeu coma un raio que o partira.

Comencei a correr detrás do cadelo, e tan cego iba que vexo un vulto no medio da calle e comenzo a darlle golpes, mais nesto veu un mouro e dou en asoballarme. Vireime pra el, feito unha furia, e pergunteille:

—¿Que quere?

—Que lo voy a matar, cacho salao, ¿quién es usted para darle a mi hijo?

E tiña razón, pois eu crendo que lle daba ó cadelo, estaba asoballando un mouro pequeniño, que según logo soupen era fillo daquel home.

Dinlle mil satisfaciós, contándolle o que me pasaba, i el parece que comprendeu que era certo e deixoume ir.

Volvin pra xunta a rapaza e díxenlle:

—¿Ti quieres casarte conmigo?

—Eu si.

—¿Quieres mañán?

—Cando queiras.

—Pois nada. Mañán ás catro da tarde véñote a buscar.

—Está ben.

Funme de alí, renegando do día tan desgraciado que tiven, cando ó tempo que pasaba por diante dunha tenda, bótanme un caldeiro de auga por enriba que me puxeron coma un pito.

O dono da tenda saleu de seguida, botándolle pestes ó rapaz, e mandoulle que sacara un faco, decíndome ó mesmo tempo que dispensara.

Nesto saliu o rapaz co faco, e díxome o dono da tenda:

—Monte en él, y cuando se cambie de ropa me lo trae o me lo manda.

Eu díxenlle que non, mais tanto insisteu que non me quedou outro remedio que monta-lo faco.

Salimos de aló o faco i eu moi campantes, mais cando estaba chegando á miña casa comeza o faco a dar brincos e despois de tumbarme no barro, foise dando brincos e mirando pra min.

—Anda que te leve o demo.

E decindo esto, levanteime do chau feito un santo Cristo, entre as risotadas dos que viron a miña caída, hastra que entrei na miña casa; por certo que levado dos demos coma estaba, metinme na cama e quedei coma un padre cura en un sono que despertei ó outro día, serían as dez da mañán.

Levanteime e púxenme maxo pra ir busca-la rapaza, como quedara co ela, pra casarnos aquela noite.

En canto deron as tres e media fun a buscala, a que estaba esperándome na porta.

Collimos un coche e fumos direitos prá igreia, sin padriños, sin madriñas e sin testigos nin mártires.

Chegamos á igreia e despois de darlle unha peseta ó cochero, metímonos dentro, seguindo sin parar hastra o altar máis grande, no que estaba a Virxen do Carme co neno nos brazos.

Na dereita vin a san Pedro cas chaves do ceo nunha mau, e ca outra señalaba pra nós, mirando prá Virxen coma decíndolle:

—Eses miran pra ti porque téñenche envidia do neno.

Na izquierda estaba san Roque, co seu cadelo ó lado, ó que lle lambía as feridas que ten da peste que houbo non sei que ano.

En esto vexo vi-lo cura, o que nos casou despois de facernos mil perguntas, salindo de alí xa casados prá nosa casa.

Cando estabamos deitados comenzan desde fóra a tocar a cencerrellada, que lle tocan ós vellos.

Salín cun pau a ver que querían, e quen che di a ti que vexo catro mouros tocando unha zanfona, outro un raiador de broa, outro tocaba cun pau no fondo do tambor, i o que non tocaba nada veu xunto a min ca pucha na mau, pedíndome unha limosna.

Ganas me deron de comenazar a paus co eles, mais como oín á rapaza que chamaba por min dinlles un patacón, e cerrei a porta.

Funme a deitar, e todavía seguían coa aquela múseca, que máis me asemellaba unha cencerrellada que outra cousa.

Así foi coma cheguei hastra a noite do meu casamento.

—Ben pasache traballos, querido Xaniño.

—Pois todos eses foron poucos cos que pasei aquela noite

—...

Parola semanal (VI)²⁷⁶
(Septiembre de 1905)

- ¡Canto me alegre de atoparte!
—Aquí me tes, ¿que queres?
—Facerche varias preguntas.
—Ti dirás.
—En primeiro, saber coma descansaches.
—Ben, ¿e ti?
—O mesmo, mais ¿que pensas do beneficio que farán hoxe unhos peisanos nosos no Treato Nacional?
—Que queres que che diga, facer non farán moito...
—Traballo.
—Ese sobraralles. O que non haberá moito será do outro.
—¿E logo?
—Teñen moitos inconvenientes: en Payret traballa Fuentes, no Centro Español velada, i ademais moitas diversións que teñen lugar os domingos.
—¡Que lástema!
—E non foi sólo eso. ¿Ti non leíches o *Diario da Mariña*²⁷⁷ da tarde do día 3 do corrente mes?
—Non.
—Pois, según parece, ó pasa—los dous pola nova casa que están facendo pró *Diario* na calle de Prado, quixeron, ó meu ver, olla—lo ceo por enriba da casa. Mais colleron, pra estar máis erguidos, unhos montós de barros que teñen os albañiles.
—¿E ollaron o ceo?

²⁷⁶N.º 436 (8–10–1905) de *Follas Novas*, pp. 5–6.

²⁷⁷Publicación que apareceu na Habana dende o 10 de outubro de 1844 ata o ano 1960. A unificación dos xornais *Noticioso Mercantil* e *Lucero de La Habana* xermolou en *Noticioso y Lucero* e despois en *Diario de la Marina*. O fundador e primeiro director foi Isidoro Araújo de Lira, emigrante galego. Outros directores foron Dionisio Alcalá Galiano, Vicente González Olivares, José María Fernández de Castro e José Ruiz de León. Redactárona Ramón Armada Teixeiro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Fernández Mato e PEPE DE XAN DE BAÑA.

Proporcionaba información económica, histórica e política de Galicia e do resto do mundo. Defendeu os intereses oligárquicos e conservadores. Por iso, ata 1898 amparaba a españolaidade de Cuba. Configurábase coas seccións "España de Hoy", "Actualidades", "Gaceta internacional", "Baturrillo" e "Anuncios". A nómina de colaboradores contaba con Alfredo Fernández, Francisco Lourido Sánchez, Manuel Lugrís Freire, HIPÓLITA MOÍÑO DE LANDROVE (Valentina Lago Valladares), Eduardo Núñez Sarmiento, Luís Otero Pimentel, Emilia Pardo Bazán, Heraclio Pérez Placer, José María Salas y Quiroga, Juan Antonio Soriano e Ramón Francisco Valdés. Vid. Tarrío Varela, dir.

- Así o teño entendido. Mais coma o barro sempre é fro[u]xo, coláronse de pés e no barullo que fixeron caeron de fociños, poñéndose feitos unha lástema.
- ¡Probiños!
- Logo foron daquel paraxe e naquel estado a unha casa de baños.
- ¿A cal foron?
- A unha que hai en Ánimas, que di: "Se baña, pero con pose".²⁷⁸
- De maneira sea que alí quedaron limpos.
- Coma unha patena.
- ¡E ti conóce-lo programa do beneficio?
- Conozo, mais non doe recibilo.
- ¿Como o compuxe[r]on?
- Na primeira parte farán unha comedia que se chama *Amar sin deixarse amar*.
- ¿Que tal é?
- Non é mala, pero me figuro que estaría mellor si se chamara *Odiar sin deixarse amar*.
- Ti saberás.
- ¡Xa cho creo! En segunda parte vai así:
- 1º A orquesta tocará *Guillermo Tell*, dirixida polo Sr. Chané.²⁷⁹
- 2º *Un adiós a Mariquiñas*, esta parte é na que máis acertada andiveron.
- 3º Os rapaces da seución de Fil[h]armonía do orfeón "Ecos de Galicia" executarán unha alborada e unha muiñeira, orixinal do Sr. Pereira.
- 4º Os cantigueiros do orfeón "Ecos de Galicia" cantarán eles solos *Os pescadores napolitanos*, dirixidos polo señor Chané.
- 5º O mesmo Sr. Chané fará falar á súa bandurria na fantasía *Souvenir*, acompañado da señorita Sequeiro, tocando o piano.
- 6º Por segunda e última vez o monólogo *Recordos dun vello gaiteiro*.
- ¿Ti víchelo a primeira vez?
- Non había salido de Trescornos cando eso.
- ¿De donde?
- De Trescornos, da casa onde levan os que veñen de España.
- Xa sei.

²⁷⁸ As comiñas son nosas.

²⁷⁹ **José Castro González** (Santiago de Compostela, 1856—A Habana, 1917) trasladouse á Coruña ós dezanove anos para face-lo servizo militar. Logo de se licenciar, asentouse nesta cidade, onde ocupou unha cátedra na Escola de Belas Artes. Suprimida esta, emigrou á Habana en 1885. Alí dirixiu orfeóns e foi socio benemérito e secretario da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. Contribuíu ó acervo musical galego con numerosos traballos, entre eles a composición de cantos polifónicos e dalgún propósito. Vid. Tarrío Varela, dir.

- Pois, según me dixeron unhos peisanos que o viron, cando NAN toca a gaita chega ou fai chegar o seu delor á nosa ialma.
- ¡Xesús, oh!
- Coma mo dixeron, cho digo, i ademais cantará o mesmo rapaz *Tangaraños*.
- ¿Que é eso?
- Un cántego de Chané—Curros.
- Non sabía nada.
- Pois dunha vez, si vas hoxe a velo fíxate, non vaia a cantar con fraque.
- Basta que mo digas pra que non se me esquenza.
- Alí verás tamén, si vas, catro paxas de gallegos beila—la reveirana i agradecería preguntases si son de orixen as parexas.
- Perguntarei.
- Douche as gracias. Tamén saberás que conclúe a festa ca comedia *Con permiso do marido*.
- Como final será bo.
- Non debe ser malo, mais si queres averigualo, pergúntallo a Azcue,²⁸⁰ que chegou onte no Montserrat ca súa muller; el che dará razón.
- Así o farei.
- ¿Fíome na túa palabra?
- Podes fiarte. ¿E por fin déronche os paus?
- ¿Quen?
- Os das follas caídas.
- ¿Quen? ¿Eses?
- Os mesmos.
- O que teñen eles en vez de follas caídas son para-raios e para-caídas.
- ¿Están fortes?
- ¡Que si están! Son trinquetes.
- ¿E non averiguache quen foi o redactor que falou de ti?
- Xa cho creo.
- ¿E que fas que non sacas tiras do pelexo?
- Home, a propósito coma ti comenzas a parolar comigo sobre calquer cousa e vés a parar en que me queres saca—los sacretos que gardo no meu pelexo.

²⁸⁰ **Resurrección María de Azcue y Aberasturi** (Lekeitio, 1864—Bilbo, 1951) realizou Filosofía e Teoloxía no Seminario de Gasteiz e mais Música en Brussel e Köln. En 1888 foi ordenado sacerdote en Salamanca, onde fixo estudos superiores de Sagrada Escritura e Dereito Canónico.

Acadou importancia nos estudos vascófilos coa cofundación e a presidencia da Euskaltzaindia e coa representación da lingua vasca na Real Academia Española. Débenselle, entre outros libros, a *Gramática de la lengua vasca* (1891), o *Diccionario vasco-español-francés* (1905–1906), o *Prontuario de la lengua vasca* (1918) e a colección *Euskalerriaren Yakintza* (1935–1947), en catro tomos.

—Sempre fun así.

—Pois ascoita: cando queiras salir nos preódicos fala cunha muller que se chama... So... so... so... moza, i amais esquencéuseme o nome.

—¿Que lle digo?

—Que sabes moito, que sabes beilar, sabes cantar...

—Non llo digo.

—¿Por que?

—Porque coma fai un calor que raxa as pedras, non quixera eu que dixera no preódico que me quedou a chola seca.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (VII)²⁸¹

(Octubre de 1905)

—Salú, Xaniño.

—Salú, meu fillo.

—¿Que contas de bo?

—Nada teño que contarche.

—Pois eu si.

—Comenza, si queres.

—¿Non víche-lo último correo que veu de Galicia, que enchido de peisanos viña?

—Vin.

—Que che parece! ¿Será desgraciada a rexión gallega?

—É máis da conta.

—Puñeflas, como a cousa siga así, vamos a ter que alquila-la nosa rexión coma si fora unha casa.

—Oxalá non tarde moito.

—E toda a culpa a ten ese goberno, que non fai máis que esprimila, e para esos gobernantes aseméxanse ás rexións esponxas, pois é tanto o que a chupan para sacarlle o xugo.

—Non fan máis que a súa obrigación.

—Home, Xaniño, cala a boca.

—Fuxe, condenado, ¿por que hei de calar? Ou ti cres que non vexo nin comprendo que o noso goberno non fai outra cousa que segui-lo exemplo que nós lle damos.

—¿Que exemplo?

—Ben craro está. ¿Non somos nosoutros os primeiros en deixala? Pois o goberno fai o mesmo e con razón, porque el dirá: cando os seus fillos a deixan por algunha cousa ten que ser, pois nós faremo-lo mesmo.

—Eso non poden decilo, porque si a deixamos, eles son os que nos fan dar este viaxe, que ¡carástolas! ¿Quen vive alí?

—Xente hai.

—Mais, ¿quen son? Velliños e vellas, nenos e nenas, mancos e tullidos, coxos con muletas e patas de pau, homes sin cabeza.

—Ascoita,ascoita, que sin cabeza camiñamos os que fuximos de aló.

—N'o vexo eu así; mais ves que os rapaces e tamén as rapazas que fuxen de aló son xóvenes todos, fortes coma carballos, cheos de vida.

²⁸¹N.º 437 (15-10-1905) de *Follas Novas*, p. 2.

- ¿E por que fuxen de aló? Por facer cartos, ¿non é certo?
- Algo deso pode que haxa.
- Xa cho creo, esa é a cousa dos nosos viaxes.
- Está ben, mais facemos o que debe de facerse.
- Eso pensas ti. ¿Cantos volven con cartos?
- Mui poucos.
- ¿E con saúde?
- Máis poucos que con cartos.
- Máis poucos ou ningún, así é por disgracia, mais dime unha cousa: ¿cantos quedamos do lado de Galicia, fóra?
- A maior cantidade dos que vimos.
- Ti ves, e non volvemos por que razón? Pois eu non creo que sexa por non ter ganas de ver a Galicia nin tampouco porque alí non se poida vivir.
- ¿E logo por que?
- Por falta de cartos.
- Pode ser que si.
- Oxalá non fora, mais por disgracia así é. Agora dime ¿cal é a xeitosa razón que nos fai abandona-la nosa rexión?
- O espírito quixotesco dicen moitos que é.
- Moi certo que si, e sinón ascoita, figúrate ti que nós somos, por exemplo, corenta homes e nos dan un pedazo de terra pra que o traballemos, mais como traballando na terra non se pode vivir, trinta nos vamos. ¿Como estaríamos mellor, traballando os corenta xuntos ou trinta aquí e dez aló?
- Traballando xuntos fariamos máis.
- Xa o ves. ¿Quen ten a culpa que Galicia sea tan pobre?
- O goberno.
- Eso pensan moitos; os que teñen a culpa somos nosoutros mesmos; os que temos unha natureza forte debiamos de quedar aló pra sacarlle á terra o que hoxe non dá por non ter quen—a traballe, i os que saben un pouco ¿por que fuxen?, ¿por que cando están con moitas legoas por medio, moi lonxe de Galicia, en poesías moi doces choran por ela?, ¿por que si tanto a queren, e tanto sinten estar lonxe dela non volven chorosos, de bágoas cheos á súa Galicia?
- ¡Que sei eu por que?
- No sabes nin fai falla que che fai; vale máis, que oxalá coma ti foramos todos, pois homes intelixentes como son debían estar na nosa terra, poñerse preto do goberno, defende-las nosas vidas, luchar por Galicia, mais non—o fan así.
- Lástema que n’o fagan.
- Eles non fan máis, que si eu, por exemplo, ollara miña nai enriba dun monte, e comprendendo que o seu corpo se torcía pra diante, cerca da beira do preci-

picio, fuxira de alí, mais que ó tempo de fuxir virase os meus ollos pra ela, e ollando seu corpo polo aire, puxérame a chorar.

—Nada facías co eso.

—Pois eso é o que fan as nosas intelixencias, as que temos na casa, coma comen ben, de nada se queixan, i os que temos fóra, como están moi lonxe e non poden chegar a darlle unha mau, anque non sea nada máis que para aguantarlle o tumbo, choran por ela.

—Pois son mellores os que temos fóra, tan siquera choran.

—Teñen bo pano pra seca—las bágoas.

—Pano de lan.

—Non, sécanse co pano da hipocresía.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (VIII)²⁸²

(Octubre de 1905)

- Bon día, Xaniño.
—Bon día. ¿Can[t]o está chovendo?
—Quero decir que pases bo día.
—Oxalá fora así, mais non será.
—Non vexo o motivo.
—Teño eu bastante, máis da conta.
—Sempre o mesmo, nunca te ris; os teus ollos aseméxanse á casa do conto.
—Non sei en que.
—En que non fan máis que botar bágoas.
—¿De auga?
—Non, eles bótanas da caixa; polo tanto, todas son de ouro.
—Si de ouro foran as miñas, non faría outra cousa que restrega—los meus ollos con cebolas pra que choraran sempre.
—Xa cho creo, tamén—o faría eu e fariamolo²⁸³ todos.
—Aquí donde me ollas, alcóntrome sin traballo.
—¿Saliche do teu destino?
—Salín, mais botei as miñas contas ó facelo.
—¿E logo?
—Penso facerme candidato pra sacretario da casa do conto, pois según vexo xa hai catro ou cinco, e onde hai cinco ben colle outro máis.
—Tamén é certo, mais si eso fas, conta co meu voto.
—Non esperaba outra cousa de ti.
—Adevirtindo unha cousa, que farei todo o que poida por ti cos meus compañeiros, e non olvides tampouco que eu non son dos que me vendo.
—Non sei por que me dis eso.
—Digocho porque houbo un peisano noso, cando as eleucióis pra presidente da casa do conto, que andivo recollendo recibos pra facer o noso candidato, e cando tiña moitos pero moitos no peto, quen che dice a ti que se pasou pró partido da Piña?
—¡Que larpeiro!, ¡que lacazán! E di ¿como se chama?
—¿Ti sabes como se chama o partido dos contrarios?
—Chámase a Piña.
—Pois cambea a eñe por unha te e saberás coma se chama.

²⁸²N.º 438 (22–10–1905) de *Follas Novas*, p. 3.

²⁸³Figura "farianos".

- ¡Puñeflas! Daquela ese peisano é un que nombraron ispeutor da casa do conto en Trescornos.
- O mesmo.
- ¿E teñen valor pra facer ispeutor, pra darlle un destino a un mintireiro, a un vende homes coma ese?
- Nombrouno o presidente, porque no café, que hai en baixo da casa do conto, poñíase enriba dunha silla a berrar que si non lle daban algún destino, contaría as verdás do barqueiro.
- ¿E por eso llo deron?
- Cala a boca, Xaniño, que cando llo deron algunha trifurca sabe que non convén que a solte fóra do peito.
- ¡Que mal aparexado está o mundo!
- Os que estamos mal aparexados somos nós.
- Tamén é certo.
- Bueno, a custión é que ti saias sacretario.
- Así o penso.
- Dios te axude, e che dé bastante sorte.
- Non é en Dios en quen está.
- ¿En quen entónces?
- Nos homes.
- Pois si neles está hei de facer canto poida porque che den unha man.
- Agradecereicho moito.
- Non hai máis que falar.
- ¿A que non sabes unha cousa?
- Si non mo dices...
- Pois que temos un peisano que podemos poñelo ó lado de Echegaray, de Dicenta, de Pérez Galdós, de Benavente e de que sei eu cantos máis.
- ¿Tanto sabe?
- Xa cho creo; o miércoles fun a ver unha comedia que lle chaman *A Cizaña*, esquirta por un xenio, por Linares Rivas, por un gallego que honra a Galicia, por un peisano que non sale de alí porque oíe decir que salindo fóra de Galicia se lle seca a chola.
- E fai moi ben.
- O mesmo digo, pero rapaz quixera que viras que modo de esquirbir, que ben acordina os personaxes, que ben busca as escenas e coma nun momento te fai rir e te enche de bágoas; n'hai duda que é unha eminencia.
- Sinto non haber ido.
- Non sábe-lo que perdistes; ademais da obra, vin no trato a un rapaz peisano noso que cicais, si ten concencia, debe haberlle dado algún tumbo.

—¿E logo?

—Ascoita. Na *Cizaña* hai unha escena que está unha nai e dúas fillas, sentadíña-las tres; no medio delas, tamén sentado, está o señor Pepito, un amigo do ministro de Instrución Pública, i a un lado D. Roque, un empregado do mesmo ramo. Pois verás, unha das rapazas pergúntalle a D. Pepito si ten moita vara alta co ministro; el di que si, e pra probalo máis comenza desta maneira:

Teño un amigo que habendo escrito unha obra púxo a en venta nas librerías, mais dou por resultado que non vendía ningún, i en vista desto falou comigo i eu fixeno co ministro e acordamos facer dita obra de testo pra instrución primaria, así o fixemos, i os resultados pró amigo foron moi bos.

A rapaza quedou conforme, e pediulle un destino pra un amigo dela, e díxolle D. Pepito que contase co el, mais ¿a que non sabes o que lle dixo antes?

—Eu non.

—Pois díxolle moi fresco: si o seu amigo tivese algunha obra, faríamola tamén de testo, e saldería moito mellor.

—¿Que che parece?

—Conque xa ves que cousa tan grande lle faría o peisano que estaba sentado nunha luneta.

—¿Por que?

—Porque tamén a el lle fixeron de testo unha obra que nunca esquirbeu.

—¿En donde?

—Na casa do conto. Eso foi o enredo dos cincuenta, ¿non recordas?

—Deixemos eso, e gritemos: ¡Gloria a Linares Rivas!

—¡Gloria!

—¿Non está ben pensado o grito?

—Moi ben, mais sinto unha cousa ó mesmo tempo.

—¿Que cousa?

—Aquí na Habana hai un peisano que ten tanto dereito á gloria coma el ou máis.

—¿Por que?

—Porque tocando a gaita chega á ialma.

—Chegar é, pero toca mellor outra cousa.

—Non—o sei.

—¿E ti non sabes a onde chega ese peisano tocando o clarinete?

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (IX)²⁸⁴

(Octubre de 1905)

Na última parola que tivemos Xaniño i eu, falamos dun señor chamado Leopoldo Pita; parola que non lle gustou moito ó tal señor, e falo esto pola xeitosa razón que o lunes 22 do corrente alcontrábame no Centro i atopei co el, ou atopouse comigo, a custión foi que tivemos unha entrevista sobre a tal parola.

Faloume nela de cousas referentes ó Centro, e faloume tamén de que Xaniño e mais eu habíamolo posto de mala maneira, no que facíamos moi mal, e supricoume e indicoume que fixera o favor de desdecir canto tocaba ó seu nome.

Eu, a verdá, coma chegou xunto de min con moi bos modos, pensei facelo; tanto era así que a parola en que desdecía estaba feita; pero velaí que o señor Pita armou tal polvareira contando a todo o mundo que o que esquirbeu a parola desdecíase hoxe de canto había falado del, que me vin obrigado a facer unha nova.

A unhos lles decía: Eu non son Nan, a min non me tran nin me levan como a el; o meu nome non corre nos preódicos; comigo non xogan así así.

A outros decíalles: O que escribe a parola me xurou que desdecía en FOLLAS NOVAS canto había posto, e si alí non lle querían publicar, faríao na prensa diaria da Habana.

En fin, armou tal polvareda o señor Pita, que o polvo chegou hastra min; pero de tal maneira, que houbo quen me chegou a decir si o facía por medo; mais coma eu penso que o que tivo a sorte tan grande de nacer na rexión gallega e de gallegos ten sangue, non pode baixar tanto a que colla no seu peito a palabra ¡covarde!

O mesmo señor me dixo na entrevista, que pouco máis ou menos el sabía de donde viña o conto, e que era moi baixo, moi ruín e moi miserable o que trataba de quitarlle o pan a un semellante.

Mais agora me pergunto eu: ¿que calificativo lle darei a un home que se lle ofrece unha cousa de boa voluntá e a toma por medo?

¿Por que o Sr. Pita tivo que andar falándolle a todos que me desdeciría do dito?

¿Foi por rebaixarme?

¿Foi por facer alarde de ser máis forte que eu?

¿Sería pra facerlles ver ós que llo contaba que me había apreixado polo gañote, e facéndome esquerquenar ós seus pés, fíxome pedirlle perdón?

¿Ou non comprende o Sr. Pita que ó desdecirme (despois de contarllo a cantos quixeron oílo) pñoime nunha situación ben rasteira? Porque, ó meu entender, desde-cirme do dito despois do que pasou é facerlle ver a todos que o que esquirbe a miña

²⁸⁴N.º 439 (29-10-1905) de *Follas Novas*, pp. 2-3.

pruma, firmado co meu nome i os apellidos dos meus pais, sólo lles demostro que non teño maus pra sostelo.

Por tanto, Sr. Pita, eso é demasiado forte pra min. Eu sinto moito habelo molestado; mais non podo desdecirme, porque si pensamos o que lle aconteceu a vostede i o que me aconteceu a min non sei cal dos dous será o máis ofendido.

Así é que o que lle ofrecín nobremente, de boa voluntá, mais non por medo, como vostede quixo dar ou dou a entender, non podo facelo. En primeiro, por canto arriba deixo dito; en segundo, porque hai quen mostra probas e datos de moi bon cariz facendo ser certo canto se lle dixo. Así é que non podo desdecir o que me xuran que é certo; a non ser que supoñendo que hai un día de vran sin unha nube no ceo, i o sol brila botando fogo sobre a terra, me queira facer escribir que é noite cerrada.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (X)²⁸⁵

(Noviembre de 1905)

- ¿Que díaño fixeche en tanto tempo que non parolamos?
—Cousas do mundo, que non veñen ó caso, Xaniño.
—Levo folgando tanto tempo, que non teño outro deseo que parolar un pouco.
—Comenza si queres.
—¿Estiveches no Campo Santo?
—En vida si estiven.
—Do que eu me alegro e que sexa por moitos anos.
—O mesmo digo, mais xúroche que nunca máis volverei a ir.
—¿E logo, que che pasou?
—Ascoita: collín a miña monteira ó rematar de xantar, e fun prá calle, mais, cando saía da miña casa, ó tempo de poñer un pé na acera pisei un cadelo.
—¿E mordeuche?
—Non me mordeu, porque era de cobre que sinón...
—Coma de cobre?
—Natural, non ves que era unha peza de a dúas perras, o que fixen foi botarlle unha mau.
—Fixeche ben.
—E así o fixen, mais ó tempo de baixar as costas para coller o cadelo, pasou pola miña beira unha mulatiña moi ben amañada, fermosa como [o] sol que alumea os nosos valles, e claro está, erguinme para admirar aquela rapaza que lixeira coma un galgo foise perdendo, perdendo, perdendo...
—Hastra que a perdiche, ¿i o cadelo?
—Perdino tamén, pois un condanado rapaz que viu o cadelo colleuno do chan e levouno; por eso che digo que é ben certo aquilo de: "O camarón que se dorme a corrente o leva".²⁸⁶
—Xa cho creo que é certo.
—Pois en vista de aquilo collín o aléutrico que vai á Aduana, mais levaba tanto pasaxe que non alcontrando sitio máis propio monteime no estribo e por certo que pasei máis traballos que o presidente da casa do conto, que tamén ten o seu estribo.
—¿Pero chegache?
—Cheguei feito un trapo ó Campo Santo, mais amañeime un pouco e entrei. ¡Vállame Dios que de xente alí había!

²⁸⁵N.º 440 (5-11-1905) de *Follas Novas*, pp. 3-4.

²⁸⁶As comiñas do refrán son nosas.

- Mortos debe haber moitos.
—Quero decir vivos.
—Creín que falabas dos mortos.
—Non. Comencei a admirar os panteós, as sepolturas, todo canto alí hai de bo, hastra que cheguei a unha sepultura, na que vin unha muller moi maxa, vestida de negro, arrodillada e chorando a bágoa solta.
—¡Probeciña!
—Cheguei onde ela, e tocándolle no lombo cunha mau, díxenlle: Podo saber por quen vosté chora?
—¿Que di vosté? —me dixo ela virando a cara pra min.
—Que si podo saber por quen vosté chora?
—Por unha morta.
—¿Era moi boa?
—Si, por boa se morreu.
—Algunha da súa familia.
—Era madre...
—¡Ah señora...! Unha madre, nada máis grande se pode perder.
—Si, mais esta...
—Era mellor que as demais, todas decímo-lo mesmo.
—Razós teño pra decilo.
—Non a contradigo tampouco.
—Faría moi mal.
—Llo creo, mais non se afixa tanto, ese por disgracia é un camiño que todos temos que pasar; polo tanto, hai que conformarse; verdá é que unha madre todavía non se chora o que debía chorarse.
—Cada fillo a súa.
—Nada máis xusto; así que non estraño que vosté chore por ela.
—¿Por quen?
—Por súa nai.
—Si miña nai está viva —díxome ela, erguéndose ó mesmo tempo.
—¿Que di? Pois si me acaba de contar que está chorando por súa nai.
—Nunca tal dixen.
—Así o entendín.
—O que lle dixen foi que choraba unha nai.
—E daquela...
—Que a que descansa aquí é a miña sogra, a que morreu hai nove días, ou sexa, a nai do me[u] home.
—¡Ah! Mais ¿non reza por ela?
—Choro.

—Pois ben ha ser o mesmo que unha nai.

—Non o crea, pois si me ve aquí en tal posición rézolle á defunta pra que o ceo poña o seu fillo en bon camiño.

—¿Tan mal vai?

—Anda feito un borrachín, conque figúrese, e por eso viñen aquí, senón non veño.

—Daquela esas bágoas.

—¡As bágoas! Si a vosté lle deran a tunda de paus como acaba de darme o meu home, paréceme a min que faría o mesmo.

—¿Pegoulle?

—E non ca mau.

—Léveno os diaños, oh.

—Conque agora dígame si teño motivos pra chorar e pra vir a esta sepultura a rezarlle á defunta que o poña por bon camiño.

—Doul[!]e a razón, pois eu faría o mesmo —e decíndolle esto funme daquel lugar en que vin unha vez máis os engaños do mundo.

—Fixeche ben, e si fas o que eu, non che acontecerá cousa polo estilo.

—¿Que fas ti?

—Non ir.

—Pois eu farei outro tanto de hoxe en diante, Xaniño.

—Xa ti ves, eso é pra que aprendas e te convenzas de que canto che digo, é certo.

—Vou convencéndome.

—Despois dirás que non fago ben en rirme dos dores mudos diante de unha sepultura, que non son outra cousa que unha das moitas hipocresías da sociedade en que vivimos.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (XI)²⁸⁷

(Noviembre de 1905)

- Bos días, Xaniño.
—Moi bos, si Dios no lo manda.
—¿Que contas de bo?
—Nada me fales, que estou cun traballo que me deron unhos cantos rapaces, pasando máis berrinches que un gato esfolado.
—¿E logo?
—¡Como! ¿Ti non oíches falar por aí dunha xunta que fixeron na casa do conto o día 3 do corrente?
—Eu non.
—Pois non sabes nada destonces, porque houbo alí a de Dios e Cristo.
—Si non mo contas...
—Contarei; pois aconteceu que na tal xunta trataron de botar fóra da Sociadá ó Sr. Sansores.
—¿Que trifulcada fixo?
—Ningunha.
—Algunha tivo que facer.
—Sólo ten unha falta.
—¿Cal é?
—Que non é mudo.
—Non te entendo.
—Quero decirche que fala moito.
—I o que fala non lles convén ós da piña.
—Non.
—Xa vou vendo craro.
—Non ves moito, non.
—¿Hai máis?
—Xa cho creo; coma que houbo un vocal que propuxo botar fóra a cincuenta e sete socios firmantes que lle dirixiron unha carta ó Sr. Sansores pra que calase a boca hastra máis adiante.
—¿Que che parece?
—Pois ese é o traballo que me deron os rapaces, pois dou por resultado que en xunta que fixeron os firmantes acordaban unhos de erixirlle unha estatua, outros darlle un banquete e os demais pedirlle ó rei que lle mandara unha cruz.

²⁸⁷N.º 441 (12-11-1905) de *Follas Novas*, pp. 4-5.

—¿De Alfonso XII?

—Así querían a mitá, mais a outra mitá quería que fose a do Calvario.

—¿E por fin quedaron?

—En facerlle un presente cada un de por si. A ver si desta maneira non toma en serio o acordo que tivo de facer con eles o que fixeron con Pennino.

—Ascoita, ¿quéresme decir que presentes lle fan?

—Non hai inconveniente; fíxate ben e non poñas a chola en paxaros.

Constantino Añel: Unha cazola de leite fresco.

Manuel Castro: Unha bóveda.

José Baña Pose:²⁸⁸ Un cesto de verzas.

Ramón Fernández: Un cesto de remendos pra cueiras.

Constantino Sotelo: Unha xesta pra que varra a casa do conto.

Francisco A. González: Unha ducia de sardiñas, moi ben cociñadas.

Antonio Lema: Un libro de viaxes.

Perfecto Darriba: Un cruceiro.

José Mouro: Unha cunca de papas.

Antonio Vázquez: Un cesto de grelos.

Francisco Franzón: Un porco.

Laureano Matas: Un güiro.

Camilo González: Un cañotero.

²⁸⁸ **José Baña Pose** (Varilongo, Santa Comba de Xallas, 1872–A Habana, 1945) emigrou á Habana en 1889. Ó cabo dun ano, era socio do Centro Gallego. Malia iniciá-la carreira sacerdotal nos Seminarios de san Carlos e san Ambrosio, non se ordenou. En torno ó ano 1900, retornou varios meses a Galicia. Cinco anos despois, mantivo unha posición contraria no debate sobre a publicación da *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía, o que supuxo o enfrontamento con Curros Enríquez e a posterior ruptura de amizade. Desempeñou traballos como a docencia en varios lugares da illa caribeña.

Foi autor dos libros *Vindicación, vida e milagros de Pepe de Xan de Baña* (1921) e *Suspiros da terraña despois de trinta e dous anos da Habana* (1922). O primeiro divídese en dúas partes: “Vindicación”, en castelán, acolle comentarios e artigos sobre temas e personaxes da colonia galega de Cuba, así como os poemas de Curros Enríquez “Espiña” e “Mirand’o chau”, este último en galego e castelán, e “Vida e Milagros de Pepe de Xan de Baña”, redactada maioritariamente en galego baixo a forma de autobiografía en verso. Nesta última, inclúe textos epistolares, en verso (“Carta os de Santa Comba de Negreira”, “Carta de meu pai”, “Carta de miña nai” e “Contesta de miña nai”) e prosa (“Carta os cregos de Sta. Comba e suas comarcas”); numerosas poesías (“A chegada”, “Diante do meu berce” e “Diante de min mesmo”); un epílogo do autor, e os “Parches gramaticales”.

En *Suspiros*, a estrutura organizase cunha dedicatoria ós fundadores do Centro Gallego, un pequeno texto de homenaxe a Ánxel Velo, a autobiografía “Eu por min mesmo”, vinte e tres poesías e mailo colofón, formado por unha carta e unha análise do seu primeiro libro.

Amais, as páxinas de *Follas Novas* recolleron a historia “Traballos que son honras, honras que son traballos”, baixo a sinatura PEPE DE XAN DE BAÑA, e os contos “Cousas do crego”, “Un sono” e “A un oleiro”, rubricados os tres como VARILONGUEIRO. En suma, o carácter autobiográfico da obra perfírase cunha temática heteroxénea, dende o agrarismo e a necesidade de instrución labrega ata os abusos e a libertinaxe dos cregos. Vid. Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

José Lombardero: Un mazo de cigarrillos de a carto.
José Díaz: Un librillo de papel Bardou.
Ricardo Borrazás: Unha caixa de mistos.
Francisco Trevín: Un esqueiro de ferro.
Andrés González: Un corno pra corre-lo antroido.
Vicente Rodríguez: Un cesto pra ir á bosta.
Salustiano Rocha: Un adival novo.
Nicanor González: Un burriño.
Jesús Cambre: Un varredoiro.
Serafín Villamil: Un trespés.
Manuel Ferrara: Unha navalla pataqueira.
Casimiro Estela: Un fouciño.
Federico Fernández: Unha monteira.
Jesús Rodríguez: Unhos calzós que lle deixou un bisavó.
Enrique García: Unhas cirolas de estopa.
Antonio Calvo: Un chaleque.
Eduardo Pardo: Unha chaqueta de pana.
Antonio Guigo: Unha xeringa.
Alejandro González: Un queixo de teta.
Serafín Otero: Un carneiro novo.
José González: Un pé de porco.
Doroteo Garce: Un feixe de herba seca pró burriño.
José Castrillón: Unha eixada.
José García: Unha peneira sin fondo.
Arturo Ron: Un mazo de ortigas, por si ten frebe.
J. Antonio Miranda: Unha chola de porco.
Jesús Fernández: Unha albarda pró burriño.
Abelardo González: Un can de palleiro sin dentes.
Ramón Lenza: Unha ducia de ovos con poliños.
Gabriel Yáñez: Unha pedra pró muiño, partida pola mitá.
J. Antonio Yáñez: Un fol con moitos furacos.
Serafín Pérez: Un conexo sin orellas.
Antonio Mariño: Unha doutrina.
Manuel López: Un estarote con moitas rodas.
Salustiano Peña: Penas.
Manuel Pazos: Unha aguillada sin ferro.
Alfonso Vázquez: Un rosario.
Pedro Ibáñez: Unha silla sin fondo.
Andrés Sueira: Unhas cadeas de fio pra colga-lo pote no lume.

Manuel Galego: Un pote sin un pé.

Valero Ibáñez: Unha libra de unto.

Juan Rodríguez: Dez centos de centos de libras de sal.

—Conque ti me dirás si non debe deixar ós tales rapaces de socios.

—Xa cho creo, i agora máis.

—Si fora eu, perdonábaos.

—¿E ti non pensas facerlle ningún presente?

—Fágolle un.

—¿Cal é?

—A parola...

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (XII)²⁸⁹
(Diciembre de 1905)

- Pi... pi... pi...
- ¿Que fas, Xaniño?
- Pido auxilios.
- ¿Espirituás?
- E corporás, ¿non sabes nada?
- Non.
- Que se afoga o *Champan* na badía.
- ¿O barco francés?
- O mesmo.
- Xesús, Xesús, déixasme lelo.
- Así mesmo é meu fillo. Foi o caso que os mariñeiros abriron a escotilla que teñen os vapores pra meter carbón na línea de flotación, e coma o diaño da mar andaba toleando, e fervía coma un pote de papas, colouse a iauga pra dentro, de tal maneira que houbo de afogar.
- Que disgracias tan grandes acontecen no mundo, Xaniño.
- Podes decilo, mais o que lle axudou ao vapore a tumbarse de un lado con máis forza foron os fuxidos.
- ¿Que fuxidos?
- Os emigrantes.
- ¿E logo?
- Que, según din varios que presenciaron o prencipio de afogo, houbo dous ou tres fuxidos que viron entra—la iauga na bodega, e comenzaron a berrar: ¡Que condenados!
- Os demais fuxidos que oíron os berros chegaronse á banda por onde se colaba o mar.
- ¿Pra ataxalo?
- Non, o que fixeron foi facer máis peso para tumbar o vapore dun lado, e coma era natural, a iauga meteuse con máis forza.
- Lévenos diaños, oh.
- Non parou a cousa aí.
- ¿Aconteceu outra cousa?
- Xa cho creo. Pois os que estaban diante vían ben o que era, mais os que estaban máis lonxe coma non sabían o que acontecía unhos berraban²⁹⁰ "Hai

²⁸⁹N.º 445 (10–12–1905) de *Follas Novas*, p. 5.

²⁹⁰Entre comiñas plasmamos diversas verbas manifestadas polo interlocutor.

fogo", outros "¡Ataxa!", outros "¡A máquina reventa!". En fin, armaron unha polvareira que non chegaba a entenderse.

—¿E nadie fuxía?

—Mentras berraban todas estas cousas, estaban moi quedos; mais en esto sale unha voz máis forte que as outras e berra con toda a forza que lle permitiron as gorxas: "¡Sálvese o que poida!".

—A cousa púxose seria.

—¡Seria...! O díaño andaba solto por alí: unhos tirábanse á lancha do carbón, outros subíanse ós paus, outros de chola botábanse ó mar...

—Aquel foi un dous de maio.

—Con decirche que houbo un que se foi a meter co medo drento dun barril que tiña o vapore na sentina de popa...

—¿Estaba vacío?

—Non por disgracia, e figúrome eu que non estaría, porque cando se acabou o conto e pasaron lista de pasaxeiros apareceu un negro no lugar dun branco.

—¿Como aconteceu tal milagro?

—Parece ser que o tal barril da sentina estaba pola metá de chapapote.

—¡Probe rapaz!

—Ben que se riron del os compañeiros.

—Non era o caso pra menos.

—Bo caso o que aconteceu en Ferrol.

—¿De rirse?

—Non, ese foi de ultratumba.

—Logo ese ten que ser serio.

—E ben serio.

—Conta Xaniño, conta.

—Pois pasou que un señor que, por certo, conocín eiquí na Habana e tiña bastantes cartiños (eses n'os conocín ni eiquí ni aló) foi á terriña a repoñerse da salú, que non tiña moi boa.

—¿Sanou?

—De raíz, morreu o probe.

—Que en paz descanse a súa ialma.

—O morrer, ou mellor dito, antes de tomar tal determinación, fixo testamento.

—¿Deixouche algo?

—Xa cho direi despois.

—Como queiras.

—Pois decía que fixo testamento e reparteu todo diñeiro entre casas de asilos, hospitás e outras así polo estilo.

—Que bon cristiano.

—Non o creas ou, ó menos, non debía de selo desde o momento en que o cura do Ferrol non dou o seu premiso pra enterralo.

—Non vexo eu...

—Pois, según se entende (xa que non se ve), non dou premiso porque no testamento non se acordou deles pra nada.

—¿Pois que fixeron co morto?

—Alborotouse o pobo do Ferrol e asaltaron o Campo Santo co morto ás costas, e deste modo foi enterrado.

—Requien can is pace.

—Amén.

—Xa que o noso home quedou enterrado, me dirás que che deixou.

—Pois me deixou: un medio conto de que falar na parola.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (XIII)²⁹¹

(Diciembre de 1905)

- ¡Brrrr...!
- ¿Que tes?
- Teño unha friaxe dos demos.
- Non vas mal encamiñado, pois si tes friaxe, eu pola miña parte non te deixo atrás.
- ¿Tamén ti?
- Tamén.
- Mala peste nos leve!... ¿Ti non cres que non debía haber inverno prós probes?
- Si e non.
- Espricotéate.
- Pois ascoita e verás. Debía habelo, pois co inverno hai salú, i habendo salú pódese traballar, cousa que co vrau quítanselle a un as poucas ganas que ten cos calores que teñen lugar nesa época e fan sudar máis que suda un vaso de viño cun pedazo de neve dentro.
- É moi certo.
- Xa cho creo, e non debía habelo porque o que non ten roupa pra sufrilo...
- Súfreo en coiros, ¿n'é certo?
- Así mismiño, mais de tódolos probes que andamos polo mundo no tempo de inverno ¿cales temos máis friaxe?
- Os vellos i as vellas.
- Non.
- Os rapaces.
- Tampouco.
- Pois non sei.
- ¡Eres ben burro, oh!
- Da mesma camada temos moitos neste mundo. Podo decir a maoría, e mais non me equivococo.
- Pois non creas que eu perteneza a esa camada.
- Non serás, mais xantas co eles na mesma corte.
- Xaniño, non coucees.
- E ti non mordas.
- Eu fago o que mellor quero.
- O que fas ti é...
- ¡Respétame...! ¡Que carástolas!

²⁹¹N.º 446 (17–12–1905) de *Follas Novas*, p. 4.

- ¿E ti quen eres, oh?
—¿Quen? ¿Eu? Vallo corenta miles de corenta centos máis que ti.
—Baixa un pouco a voz que teño dormindo as cucarachas e valas despertar.
—Déixate de repilgos, que non me engatusas ti ca túa parola.
—Nin ti a min tampouco.
—¡Danme ansias de levanta-la mau!
—¿Por que n'o fas?
—Téñoche lástima.
—O que tes é medo.
—¿Quérelo ver?
—Quero.
—¿Queres que me leve do meu xenio?
—Quero.
—¿Queres ter un disgusto co fillo de miña nai?
—Quero.
—¿Queres que nos vexamos un ou outro nun mal paso?
—Quero.
—Péns[a]o ben, rapaz; ti non sabes ben o que son eu.
—¿E ti quen eres?
—Un home.
—Xa sei de quen falas.
—Déixate de tolerías, e non me búsque-la pacencia.
—¡Tolo seralo ti!
—¡Acabouse! ¿A onde queres ir a pelear?
—A onde queiras.
—Pois vamos, camiña pra diante.
—Si me mandas, non vou.
—Boeno, fai o favore.
—Daquela, si, vamos.
—¿E vés, lacazán? ¿Tes tanto valore de quererte dar unhos cantos cachetes comigo?
—Non digo eu.
—Eres ben falso.
—E ti ben...
—¿Ben que?
—Ben... vén pra que vexas un vapore que encallou na entrada do porto, xunto ó Malecón.
—¿Non pelemos?
—Deixa que termine o ano, e destonces falaremos.

- Pois xa que o que queres así, pra quedar como dous homes feitos e dereitos te espero á noite na miña casa para xantar xuntos.
- ¡Ei, recoiro! ¡Vivan os gallegos rumbosos!
- Xa ves, home, xa ves; así te quixera ver sempre.
- Que queres... ¡cousas do meu xenio!
- Hai que poñerlle unha retranca.
- Non comencemos outra vez.
- Si non comenzo nin nada malo che dixen agora, paréceme a min.
- O que é ti vas levar bo enterro cando te morras.
- Parolemos doutras cousas, que pra mortos xa temos bastantes co ano.
- ¿Ti cres que morra?
- Fáltalle pouco, custión de días.
- Déixao que morra en paz. Teño moitos desexos que chegue o novo pra ver coma me trata.
- Bo, un pouco máis un pouco menos, todos eles son o mesmo.
- Tes razón, mais dime unha cousa: ¿por que comenzamos ca nosa trifulca?
- Por preguntarche quenes de tódolos probes pasan máis frío.
- Verdá, i eu non cho soupén decir.
- Polo menos non ouvín nada.
- Pois ti me dirás quenes son.
- Non teño inconveniente.
- ¿Cales son?
- Pois son unhos que por moita roupa que teñan non teñen nin chegan a ter o calore dos outros.
- ¿E por que?
- Pola razón que teñen frío na ialma e frío no corpo.
- Non adiviño.
- Ben craro está.
- ¿E son?
- Quenes van a ser, rapaz, máis que os solteiros.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (XIV)²⁹²
(Diciembre de 1905)

- Sopetea Xaniño, que hai prebe.
—¿E logo?
—Témo-la Noite Boa enriba.
—¿Que me dis?
—O que escoitas.
—Ei porra! Coma nos vamos a poñer.
—Aló quen—o teña.
—¿Non fas cena?
—Si non me convidas.
—Pois non faltaba máis...
—¿Convidasme?
—Craro está que si.
—Douche as gracias.
—Non fai falla, mais tes que axudarme a face-las contas do que temos que mercar.
—Cando queiras.
—Agora mesmo.
—Pois escribe.
—Veña de aí.
—Pon... dúas pescadas.
—Dúas.
—Catro libras de porco.
—Porco.
—Seralo ti.
—Quero decirche que xa está.
—Xa eu decía; pois pon tamén un pavo.
—¿Real?
—Ti toleas, rapaz; esos soilo os poden xanta—los reises.
—¡Ah...!
—Pon... catro coliflores.
—Catro.
—Pon tamén... unha galiña.
—Unha.
—Noite na eira do trigo...

²⁹²N.º 447 (24-12-1905) de *Follas Novas*, p. 3.

- ¿Cantas ou que?
- Coma comenzaba con unha.
- Unha galiña, oh.
- Está ben. Agora tócanos as larpeiradas.
- Catro libras de turrón de rapaces.
- ¿Cal é ese?
- O que fai falla é espada da lei pra poder fendelo.
- Boeno, ¿que máis?
- Outras catro libras de turrón dos vellos.
- ¿I ese cal é?
- O que é máis brando que o corazón dun personaxe de comedia.
- ¿Hai máis?
- Pode que haxa. Pon... dúas libras de noces.
- Noces.
- Dúas de avellás.
- Dúas.
- Sete de castañas.
- Sete.
- Unha ducia de naranxas.
- Unha.
- Paréceme que non falta nada.
- Vamos logo ós viños.
- Un pelexo pequeno de viño do Ribeiro.
- Un.
- Metá branco e metá tinto.
- ¿Coma é eso?
- Quéroche decir metá auga e metá viño.
- Eso n' é menester pedilo, pois o taberneiro encárgase de facelo.
- Xa o sei demasiado. Pon ademais dúas botellas de Cariñena.
- Dúas.
- Dúas de Xerez amontillado.
- E pon... pon...
- ¿Que poño?
- Pois pon... a raia por debaixo e suma.
- Vamos a ver.
- Dúas pescadas, dez réas; catro libras de porco, oito réas; e dez das pescadas, dezaioito; e seis do pavo.
- Vinte e nove.
- Non tal.

- Si tal.
- Xa se me esqueceu o pirmeiro.
- Comenza outra vez.
- Dez das pescadas e oito do porco dezaeito, e seis do pavo son... vinte e catro.
- Un real das coliflores...
- Vinte e cinco.
- Seis da galiña.
- Trinta e un.
- Oito do turrón.
- Trinta e nove, o mesmo que decía eu antes.
- Mais non chegamos ós postres cando eso.
- Sigue, trinta e nove.
- Un real de noces.
- Corenta.
- Un de avellás.
- Corenta e un.
- Tres de castañas.
- Corenta e catro.
- Dúas de naranxas.
- Corenta e seis.
- Catorce de viño.
- Sesenta.
- Vinte de Cariñena.
- Ochenta.
- Dazanove do amontillado.
- Noventa e nove.
- I acabouse.
- Que casualidá máis grande.
- ¿De que?
- Que falta un real pró cento.
- E xa está todo posto.
- ¿Non falta nada, Xaniño?
- Creo que non.
- Recorda ben, rapaz.
- Inda que me queira recordar, nada se esqueceu.
- Eu creo que si.
- Pois non recordo.
- Pois eu si, e xa me estás poñendo na lista debaixo dos noventa e nove o real que falta de...

- De que?
- De té, de tila ou de manzanilla.
- I eso pra que?
- Pra arreglar o que se descompoña.
- Daquela chegamos ós cento.
- Dios te ascoite, vellos e todo.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Parola semanal (XV)²⁹³
(Diciembre de 1905)

- Vaite, vaite Noite Boa.
—Noite Boa vaite, vaite.
—O que é pra noite que tr[o]uxo, mais valera que se quedara por aló.
—Ou se fora co defunto.
—Non morreu, fáltanlle días.
—Mais morrerá, ten os minutos marcados.
—Pois si, rapaz; o que é a Noite Boa, si aquela, foi boa, vaian as malas i ó diaño.
—Tes razón.
—Auga e máis auga, desde que esqueceu hastra que saleu o sol.
—Non tal, pois parou antes da alborada.
—Éche o mesmo.
—A custión [é] que parou de chover cando debía comenazar.
—¿Pra que?
—Pra que nos refrescase a sangue.
—Tamén é certo, pois o que máis i o que menos fervíalle que era un contento.
—Polo mesmo. Faite de conta que unha mollada naquela hora non viña moi mal, e logo que faría un efeuto que nin o café caracolillo sin azucre.
—¿Por que o café?
—Porque, según din os doutores en medicina, o café sin azucre é moi bo pra tales casos, pro cunha ducha é moito mellor o resultado.
—Tamén eu o teño oído.
—Pois non sei, coma que todo canto che diga Xaniño, este Xaniño, fillo da miña nai e de meu pai, é tan certo coma o Evanxelio.
—Ó menos, por agora, canto me levas dito saleu, i o que falla por saír irá saíndo.
—Así agardo que sea.
—¿Que hai de aguinaldos?
—¿Ti non sábe-lo letreiro que puxen na miña casa diante do meu escritorio?
—Eu non.
—Pois puxen con letras moi maxas, feitas nunha imprenta de París de Francia, e que dí: Non dou nin collo.
—Cando eu che digo que ti non—as pensas.

²⁹³N.º 448 (31–12–1905) de *Follas Novas*, pp. 4–5.

- Si, mais non vaias a crer que o fixen por non face-lo canxeo, sinón polo outro.
- ¿Por que?
- Pois coma sei que serían máis os que daría que os que me habían de dar, velái cal é o outro.
- ¡Ei, recontrá!
- ¿Que che acontece?
- Que veñen outros dous días de folganza.
- Cales son?
- Un de hoxe, outro o de mañán.
- ¿Que é mañán?
- Ano novo, Xaniño, ano novo.
- ¡Ai!, pois daquela faremos de mañán en diante vida nova.
- Así o penso facer eu.
- ¡Folgamos moito, despois de todo!
- Non—o creas, inda que houbera catro festas máis cada mes non serían moitas.
- ¿Tanto traballas?
- Máis que un mouro.
- Arre demo.
- Non sei. Fíxate ben e verás si teño ou non teño dereito pra queixarme.
- Comenza.
- Levántome pola mañán e comenza porque teño eu mesmo que vestirme, que poñerme os lorchos vellos que máis se asemellan a pescadas que non a zapatos.
- Non me fagas rir que me doe a gorxa.
- O conta—la verdá non é pecado, así que téñome que lavar despois de poñerme os tales lorchos e secarme, logo de peitearme, arrematar de vestirme e dempois poñe—la pucha.
- ¿Chámaslle a eso traballar?
- Craro está que si, pois eu ben sei de quen ten axudas de cám[a]ra pra que o vistan e calcen.
- ¿Que lacazás!
- Non din eles eso; pois, bueno, despois de ollarme no espello pra ver si vou ben maxo, abro a porta, fago a sinal da crus e bótome pra fóra.
- ¿Soilo?
- Non, ¡oh!, que o que é a miña vara nunca me falla da mau direita.
- Pra ir ve—lo gando.
- Pró gando e pró perdido.
- Sigue o conto que teño moito que facer.

- Pois despois de atoparme fóra vou pró café, e tomo café con leite, con un pan con manteiga.
- ¡Ah, larpeiro!
- Si no me cuido eu, ningún de fóra me virá a coidar.
- ¿E polo día que fas?
- Esperar que chegue a noite.
- ¿E pola noite?
- Dormir hastra que chegue o día.
- ¿I ese é todo o teu traballo?
- ¡Paréceche pouco?
- Comparado que o que eu fago, no me parece nada.
- ¿Que fas ti?
- O que non fas ti, pois ti ó menos de día espéra—la noite, e de noite espéra—lo día.
- ¿E ti que esperas?
- Algo que anda máis a prisa que o día e que a noite.
- Pois non acerto...
- Pois has de saber, Xaniño, que eu paso o tempo esperando que me chegue a hora. ¿Paréceche pouco?

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Santos e meigas (I)²⁹⁴

*Conto que pode ser certo ou verdá que pode ser
conto pró eminente escritor e distinguido
peisano D. Manuel Linares Rivas.*

Era unha tarde do mes de xaneiro, lóbrega e cobriza, sin sol no ancho ceo, sin frores no campo, sin follas nos árbeles, i as ramas sin paxaros; unha desas tardes frías de inverno, en que a neve vai cobrindo dende a máis alta serra ao llano máis baixo, con densa e branca capa o que antes era vasto e feiticeiro paisaxe.

Rompían tan soilo aquel ancho e branco manto de neve, que ao velo cegaba, as negruzcas feguras dos altos e maxestuosos piños que asomellaban no medeo daquel cuadro de desolación e fame centos de brazos que se erguían en direuceón ao ceo, tal vez pedindo auxilio ou piedade, tal vez lanzando maldiceós eternas, en nome dos probes labregos gallegos.

Pola daquela carreteira solitaria que vai de Sada a Fontán iba polo carón do valado un velliño a cabalo dun faco, que si non era tan vello coma o dono aló se irían.

O tío Chinto —que era o nome que lle daban na aldea ao tal velliño— iba envolto nunha capa de pano moi gordo, que a forza de usalo non se podía xurar do color que foi nun tempo, e na chola levaba un ancho e peludo sombreiro de feltro.

Polo paso tan miudiño que levaba o faco, se adivinaba que o tío Chinto non tiña moita présa en chegar a onde iba ou ben que o diaño do faco por vello ou por perguiceiro non daba máis de si.

Así foron seguindo pouco a pouco, o vello moi calado i o faco camiñando miudiño, hastra que non sei si a conta dun mal paso ou dun resbalón na neve, a besta foise de maus; e o tío Chinto que aos seus anos non estaba pra contos de equilibrio, dou unha volta de carneiro por enriba da cabeza da besta; e foi a dar de fociños nunha silveira, que tiña as follas cubertas de neve mais non as espiñas.

Dempois de pasar cennoenta mil traballos, ergueuse da silveira o tío Chinto, coas maus i a cara picadas de espiñas, e dándolle dous tirós polas rendas, díxolle ao faco:

—¡Cómante os lobos e non na miña compañía, faco dos demos, que non tes coidao de a onde póusa—las patas!

O probe anemal nin siquera se moveu, non sei si por no entende—lo que lle dixo seu dono ou porque entendeu que merecía tal réprica.

Refunfuñando o tío Chinto volveu a monta—la besta, e dándolle cos tacós nos ixares lle decía:

—¡Ei recoiro besta, ti camiñas dereito ou fágote ir eu!

²⁹⁴N.º 1 (9–8–1908) de *Santos e Meigas*, pp. 8–9.

De destonces con paso máis lixeiro, así foi en camiño o tío Chinto hastra que chegou á súa casa.

Xa na porta, baixouse do faco e díxolle estas palabras:

—¡Vaite prá cuadra, oh, vaite prá cuadra, que polas trazas que levas dentro de pouco vas a facer menos serviceo na casa que un tullido no exército!

Cando acabou de falar o tío Chinto, o diaño da besta coma si entendera o que lle dixerá seu dono, dou a volta pola dereita da casa coa cabeza baixa, en direuceón prá cuadra.

Cando o noso velliño petaba na súa casa, xa iba o escuro manto da noite cobrindo con moita lixeireza aquel outro manto branco de neve que ao velo cegaba.

Abreuse a porta i apareceu no umbral a señora Xuana —muller do tío Chinto— cun candil nunha mau, i un torto pau de toxo na outra que pousaba no chan pra poder andar mellor.

—¿Xa chegache, Chinto? —pergontoulle a velliña.

—¿E ti non me ves, muller? —contestoulle el.

—Eu ben te vexo, pero así Dios me salve coma pensei que non viñas.

—Si, viñen, si; mais non faltou moito pra que me quedase no camiño.

—Que che pasou?

—Ese condanado de faco, que non sei como raio pisou, que se foi de maus, e botoume de chola no medeo dunha silveira.

—Válgame Dios oh, válgame Dios!

—Válganos a todos, que boa falla nos fai, mais vamos pra o carón do lume que fai un frío que pela.

Entraron os dous velliños na casa, cerraron a porta, e fóronse dereitos pra o lume que ardía que daba xeneo: ao redor do lume se atopaban sentados en bancas de madeira Xacinta, filla dos velliños, garrida a fermosa rapaza de dazanove anos; Roque, fornido e bon rapaz, casado con Xacinta; Marcelino, irmau do tío Chinto, que por ser unha boa peza nos seus tempos lle puxeron de mal nome o RENEGAO; e sobre a ceínza, un grande e fermoso gato, máis negro, que a noite que se presentaba.

—Boas noites nos dé Dios, meus fillos —dixo o tío Chinto, sentándose ao lao do seu irmau.

—Nada ten de boa, pois fai un frío esta noite, que hastra o demo debe estar tembrando na súa cova —contestoulle o RENEGAO.

—Cala a boca, Marcelino —díxolle a vella, sentándose a carón da filla.

—Déixao falar Xuana, que o que lle puxo RENEGAO soupo moi ben o que tiña que poñerlle —replicou o tío Chinto.

—O que a min me puxo RENEGAO, si mal non recordo, deixeiño unha noite de vran medeo morto a paus e dempois metinlle a chola nun regacho.

—E pra que lle meteu a chola no regacho, tío Marcelino? —perguntoulle a rapaza, que como tódalas mulleres todo o quería saber.

—¿Que pra que lle metín a chola no regacho? Voucho a decir sobriña: pra que se lle refrescaran os sesos, i atinara mellor en outra ocaseón a bautiza—los homes.

—¡Mal pocado! ¿E morreu?

—Non morreu, non; pero nadie me volveu a decir RENEGAO, nin mo dirán tampouco.

—¿Non cho digo eu, RENEGAO? —díxolle o tío Chinto.

—Ti mo dis porque eres meu irmau, e a máis deso que xa estás moi vello e fágoche tanto caso coma o vento, ¡si foras máis novo, quen sabe!

—Vaia oh —díxolle o aludido botando unha risoutada— non había eu caído na conta que estabas botando os dentes.

—Nin tanto nin tampouco, pero si xuro por Dios, que si me axudase o corpo coma me axuda a voluntá i a sangue, no medeo de unha ducia de rapaces en roda i eu cunha moca na mau, algunhos paus lles daría, como algunhos teño dado neste mundo.

—Pero ti non bóta—la conta dos que che podían dar eles?

—Ben sabes que non: festa, baile ou romería a onde chegase Marcelino o RENEGAO había que pedirlle permiso pra seguila.

—¡E botarlle unha instancea! ¿E logo?

—Déixate de cuchufletas Chinto, que de boas tundas teño salvado o teu pelexo, e así mo agradeces.

—Non, eso si é verdá: que no teu tempo, de home a home, non había un por tódolo arredor que che puxese un pé diante.

—¡Nin un par deles tampouco! E si non acórdate dunha noite que nos saliron sete ao camiño pra darnos unha mau de paus, e ieu soliño tiven que dar conta deles axudao da miña moca; porque ti deixácheme solo co pretesto de que ibas a buscar axuda, ¿non foi así?

—Foi oh, e tamén que magoache aos que atopache por diante.

—E por ese estilo, si me puxera a contar, tiña pra contar un pouco: nunca tiven medo a nada.

—Non digas nunca, pois acórdate daquela noite que amaneciche tumbado de medo no maizal de Antón.

—Aquela noite tiven medo e a calquera que lle acontecese o que a min me aconteceu pasaría-lle o mesmo.

—Que lle aconteceu, esa noite, tío? —perguntoulle a rapaza chea de curiosidá.

—Vouno a contar —díxolle o RENEGAO, erguéndose do banco apoiado na súa hestórica moca, xa que a noite é apropiado pra contos.

—Non se senta, tío? —adverteulle a rapaza.

—Así de pé estou mellor sobriña, agora poñan atenceón.

Xa de pé o RENEGAO apretouse un pouco a faixa, ergueuse o pantalón coas dúas maus, pasouse un pano amarelo pola boca, recostouse na moca, toseu dúas ou tres veces, e comezou así:

—Era unha noite de vran, crara coma o día, en que a feiticeira lúa enche de luz amarilenta a Terra e máis convida a brincar e correr polos montes e llanos i a andar de tuna que non a deitarse na cama.

Estiven esa noite xogando á brisca na taberna do tío Xulio con tres rapaces de Sada como hastra as once, hora que lles pareceu un pouco tarde aos contráreos, e deixámo-lo xogo —que por certo estabamos ganando—, dempois de tomar dous netos máis de viño do Ribeiro.

Salímo—los catro xuntos da taberna, encendimos cada un o seu pitillo, déronme as boas noites, colleron os tres o camiño de Sada, e ieu montei no meu faco, e collín polo carreiro que vén a salir pola carreteira a carón da casa do Santiagués.

(Concluirá)

Santos e meigas (II)²⁹⁵ (*Conclusión*)

Como a noite era tan crara, deixei o faco ao seu paso, sin pensar en outra cousa que contempla-lo ceo, que por certo estaba maxo coma nunca; pero a pouco de entrar no carreiro, sin máis acá nin máis alá, sentín que me falaban non sei de donde:

—¿Que pensas, RENEGAO?

Ao escoitar tal pregunta, parei o faco, volví a chola en todas direuceós pra ver quen me falaba, e a nadie vin; así foi que volví a poñe-lo faco en camiño pero polo que poidera acontecer, asegurei o cordón da moca na moñeca e mirando de reollo prós valados, fumos pra adiante.

Cando non había camiñado o faco catro pasos, díxome a mesma voz pero máis a carón de min:

—¿Quéresme decir que pensas, RENEGAO?

O faco parou e ieu quedei máis frío que un morto, sin saber que determiñaceón tomar naquel estante, mais tiven que darme de conta do que tiña que determiñar, cando ouín por terceira vez:

—¡Ti falas, RENEGAO, ou fágote falar eu?

A señora Xuana que ascoitaba a narraceón mormurou baixinho un Ave María, a rapaza persinouse, o tío Chinto e Roque sentáronse mellor, e o gato espeleuse e volveuse a deitar.

—E vosté contestou? —preguntoulle Roque cos ollos moi abertos, non sei si por curiosidá ou por medo.

—¿E non lle iba a contestar? —díxolle este—. Parei o faco por segunda vez, erguinme nos estribos, e dixen ben alto para que me ouísen: ¡Ei, recontra, o que queira saber no que pensa o RENEGAO que se bote pró medeo do carreiro!

—E botouse algún? —tartamudeou máis ben que falou a señora Xuana.

—Nengún se botou ou polo menos a nadie vin. Destonces, baixeime do faco coa moca en condiceós, e dixen berrando: ¿Quen quere paus? E contestoume aquela voz denantes: ¡O demo!

—Arrenégote! —díxenlle ao mesmo tempo que montaba no faco, e facía a señal da cruz, dándolle forte coas espoelas ao faco pra que fuxise pronto de alí; pero non fixo este máis que saír coma unha centella, ¡catapón!, déronme unha poutada no lao dereito da cara que me tumbaron do faco.

—Xesús, María e Xosé! —dixeron a un tempo a señora Xuana i a rapaza cobríndose a cara coas maus, e Roque e o tí[o] Chinto tapáronse mellor coas chaquetas, ben polo frío da noite ben polo frío que lles daba o conto.

²⁹⁵N.º 2 (16–8–1908) de *Santos e Meigas*, pp. 24–25.

—Levanteime do chan —proseguiu o RENEGAO— zoándome as orellas coma si tivese grilos drento, e dixeran: ¡Homes, demos, santos ou meigas, que non dáde-la cara pra veros, persentárseme en calquer fegura que sexa, diante de min, pra fenderos a chola coa miña moca!

Cando acabei de falar estas palabras, púxose diante de min —parezme que o estou vendo un galo máis grande que dous facos coma o meu, un enriba doutro—, e así estivemos costeón dun minuto, el ollando pra min e ieu ollando pra el.

Reposto que estiven daquela rara apareceón, levantei de moca e dinlle un pau; pero, ¡que clas de pau siría!, que a cabeza e un cacho de ala foron voando polos aires, e no siteo se quedou o raio do galo todo esfolado, pero sempre de pé.

Volví a levantar de novo a moca, e dinlle tal outro pau, que acabei co cacho de galo que quedaba; mais decíndome ao mesmo tempo aquela mesma voz: ¿Non tes medo? Contestándolle eu: Nunca o tiven.

En vista de que o galo non volvía, funme en direuceón ao faco pra segui-lo camiño enterrumpido, cando, ¡pártame un raio!, vexo que o meu faquiño non era faco, senón un can do demo, que me ollaba fixamente cos seus grandes e brillantes ollos.

Cando o RENEGAO chegou a esta parte do conto, os que ascoitaban íbanse chegando unhos máis a carón dos outros, e facendo o círculo máis pequeno.

Cansado xa seguiu contando o RENEGAO daquela setuaceón, nada boa por certo, determiñeime a unha de dúas, botando o sombreiro no chan, ou termiñar eu co can ou que el termiñase connmigo.

Din un paso pa atrás, tosín forte, levantei a moca, petei os ollos, deixei caer un pau de morte e tiven que abrilos de contado, porque me deron dúas poutadas a un tempo no peito que me tumbaron redondo.

Cando abrí os ollos, grande foi a miña admiraceón ao atoparme co meu faco medeo derrengado, de resultas, ao parecer, do pau que a el lle din e non ao can, e sendo el tamén o que me dou as dúas couces por non haberlle gustado moito a equivocaceón que tiven.

Cando me din conta do que fixen, quedeime sentado no chan mirando pra o faco, pensando como raio puiden cambea-la fegura da besta pola dun can; sendo hoxe todavía, cando non podo darme conta si foron cousas dos meus ollos ou foi que o demo nun momento cambeoume o faco por can i ao dar o pau descambeouno.

Pasado un pouco tempo de estar pensando, encollínme de ombros, levanteime, e fun por segunda vez pra carón do faco.

Cheguei a onde el, collino polas rendas, e cando puxen o pé no estribo pra montar, quen lles di a vostedes que vexo montado no faco ao mesmo demo, de colorao, con rabo, cornos e todo.

Ao velo asusteime, pero logo boteime pra un lao, empuñei a moca, e ¡pomba!...

Eíquí interrompeuse a narración do RENEGAO, porque ao face-la demostración de que lle daba un pau ao demo, como cando falaba de dar paus, facía todos os movementos coa moca como si fora certo, doulle un pau á garmalleira, discolgouse o caldeiro, caeu sobre o lume con gran alboroto, e como a rapaza, a señora Xuana, Roque e o tío Chinto non se deron conta de o porqué caeu o caldeiro daquel modo, comenzaron a berrar que era un contento, pois pra eles o demo tiña partecepaceón naquel tumbo.

En tanto o RENEGAO quedouse coa boca aberta, dempois de exclamar un "¡Vaia por Dios, oh?", e dou un paso pra adiante con anseas de contarlle aos que berraban o que había acontecido.

Cando o RENEGAO dou o segundo paso, parez ser que lle pisou o rabo ao gato e ieste dando un brinco, abalanzóuselle á cara e arrabuñouno ao seu gusto, brincando dempois pola ventana, pero tumbando antes na súa carreira o diaño do candil, deixando a casa a escuras pra maior confusión da que xa naquel momento había.

O RENEGAO que se sentiu ferido comenzou a dar paus a un lao e outro, sin ter en conta a quen llos daba, e destonceis foi cando se armou a gorda: este maldecindo e dando paus i os outros levando paus e berrando.

Tanto foi o que berraron que unhos veciños que había cerca de alí tiveron que acodir a toda présa pra ver que acontecía naquela casa que asomellaba talmente unha casa de loucos.

Cando entraron os veciños e deron craridá na casa cos candís que levaban, se atoparon cun cuadro coma se atopan poucos neste mundo.

A señora Xuana tivérona que recoller do chan, pois habíalle dado un accidente; a Roque berrando: "¡Ai miña nai!"; a rapaza repitando: "Arrenégote demo!"; ao tío Chinto, cunha mau nas costas i outra na chola, decíndolle aos veciños: "¡Veñan presto, veñan presto, que o demo moleume a paus"; i o RENEGAO, que, ao parecer, a forza de dar voltas había caído no caldeiro, atopárono sentado drento deste berrando: "¡Ah, raio de gato ou demo!", mais non por esto deixaba de dar paus pra todos lados.

Cando se foron repoiñendo un pouco daquela revoltura, non había outra palabra na boca de todos que "Cousas do demo e das meigas!" e, ao tempo de pronuncialas, persinábanse.

O único que sabía ben como fora o conto era Marcelino o RENEGAO, mais coma el era o verdadeiro culpable de canto alí acontecera, calouse a boca.

Ao outro día desto non se falaba doutra cousa por todos aqueles arredores que da última fazaña do demo ou das meigas na casa do tío Chinto.

¡Era unha nova páxina máis pra agregar no libro dos *Santos e Meigas*!

R. CARBALLAL LAFOURCADE

O último aturuxo²⁹⁶

.....
.....
Ao fin chegou, chegou a onde el quería.

Xa no ialto do monte, puido ollar aló embaixo no valle, dende unha das revoltas do camiño, a pequerrecha e feiticeira aldea que o vira nacer.

Naquel istante,²⁹⁷ comenzaba o Sol a saír de entre os penedos enundando dun tinte rousado aquel rústico paisaxe que o saben aprepear tan soilo os que a punto estiveron de perdelo.

Detúvose o emigrante estaseado diante tanta garandeza, i ao contemplar aquel diviño cacho de terra, no que iba descubrindo pouco a pouco: nos árboles coposos, nas rocas máis salentes, nos débeles regachos e nas brancas casiñas, que asomellaban copos de neve aló no valle; rexurdíanlle mínemos detalles que lle traguían á memorea lisonxeiras lembranzas da súa infancia; e escapóuselle espontáneo do peito, fuxiulle da ialma un profundo e longo salaio que se perdeu co cheiro da campiña.

Sin podelo remedear, sendas bágoas humedecéronlle o rostro; sin darse conta descubriuse; sin forzas e sin vontade, caeu de rodilas e mirou pró Ceo. ¿Erixiría unha plegarea? ¡Quen sabe!

Así permaneceu de rodilas fixando a mirada coma un louco no paisaxe; ollaba pra todo, sin fixarse en nada; ollábao todo a un tempo, co esa fame que se ademira unha viseón nun sono e témesese perdela.

.....
Un forte aturuxo que saíra do valle fíxolle recordar que estaba neste mundo.

Ergueuse, levouse a mau ao peito, surriu, e con toda a²⁹⁸ forza dos seus pulmós lanzou ao vento como en contesta ó "¡Eiiiijjj... jiiii... jí!...". Atronador aturuxo que resonou polo valle e foise a perder co eco aló, na ialta serra.

Dempois poñendo unha mau a modo de embudo na orella esquerda, escoitou. Esperaba a contesta.

E a contesta chegou. Aquele mesmo aturuxo pirmeiro, pero máis agudo volveu resoar no valle, chegando a onde el e facéndoo tembrar dos pés á chola cal si houbese recibido un contaio de corrente eléutrea.

²⁹⁶ Aparecido no n.º 3 (23–8–1908) de *Santos e Meigas*, pp. 38–39. Foi reproducido no n.º 12 (30–11–1910) de *Suevia. Revista Gallega*, pp. 8–10.

²⁹⁷ SM: istante.

²⁹⁸ En ámbalas dúas publicacións figura "toda-la".

Pasouse unha mau pola testa sudorosa e fría, e botou outro aturuxo con máis forza que antes.

Botar botouno, mais foi seguido dunha bocanada de sangue mouro e cuaxada, ao mesmo tempo que un frío intenso recorríalle o corpo, helándolle a sangue nas venas.

O de abaixo contestou de novo e ao senti-la contesta o emigrante, caeu tan longo como era botando espumaraxos de sangue pola boca, mais coa surrisa nos labeos.

Apoiouse coas maus no chan, tratou de erguerse e non puido: perdía forzas.

Ergueu a chola, quixo contestar i en lugar de voz saía sangue: perdía vida.

Volveu a intentar erguerse e de novo volveu caer.

Destonces así se quedou: deitado e calado...

.....
Ó do valle que contestaba os aturuxos picoulle a curiosidá e determinou sobir pra ver quen era.

Cando chegou enriba e se atopou con aquel desconocido, ao parecer estranxeiro, déronlle intencións de virar pra o valle; mais coma no peito dos gallegos o medo i a inxusticea nunca fixeron nin farán niño, quedouse no siteo.

Así foi que tocándolle no lombo, díxolle:

—¿Que lle acontece, meu amigo?

O emigrante ergueu a chola e mirándoo fixamente respondeu:

—¿Vosté foi o dos aturuxos?

—Si, señor, fun eu —repuxo o labrego poñéndose máis preto del cando oieo que falaba na súa lingua.

—Graceas, home, graceas, non me conoces? Son Xuliño.

—Xuliño! ¿E ti non estabas na Amérecas?

—De aló veño —dixo entre dentes o emigrante, sempre botando sangue.

—Non é sangue: é vida. Axúdame a erguerme.

—¿Que tes? ¿Que che pasa?

—Que teño? A morte enriba, mais morro satisfeito sobre o chan que deixei pola avaricea, baixo o Ceo que esquencín por outro non tan maxo coma el, nos brazos dun irmau que lonxe tiven, entre o cheiro das froreciñas que enaxena o espírito.

—Logo non tragues salú?

—Traígoa perdida.

—En cambeo tragarás prata?

—En fíos, mezclados nas guedexas.

—E fortuna?

—Deixeina eiquí, ¿que máis fortuna que a que teño agora? ¡Poder bica-la terra que me ha de comer! ¡Senti-lo vento que habrá de desbarrar as miñas

cinzas! ¿Que máis podo querer? ¿Botar outro aturuxo? ¡Botareino! ¡Eiiiiijj...
jiiii... jí!

Cando o aturuxo se perdía nas ondas do eco en lontananza, o emigrante deixou
cae-la chola sobre o chan, e mormurando baixiño "¡Morro felís!" deixou de existir.

Nada quedaba xa, do que algo foi.

.....

Aquel probe gallego era unha vítima máis. Non sei si do rigor do clima Ame-
recano ou do rigor dos tiranos e malditos asoballadores caciques do pobo gallego.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

A libértá²⁹⁹

*Si hai que merca-la libértá aos larpeiros
que gobernan a patrea dó nacimos;
si por libre naceón a conoscimos
e por libres nos dan os estranxeiros;
ao merca-la preceada libértá
que os caciques nos dan polos ochavos,
¿a hestoria de mañán nos xusgará
por libres, sendo escravos?*

O tío Curruncho, velliño duns ochenta anos, de erguida estatura e fornido coma non moitos rapaces por máis de te-la edá que tiña, foi un dos grandes e valentes soldados que souperon defender aló na África a enseña roxa e amarela combatindo contra os mouros.

No seu corozo tiña tantas feridas circatrizadas coma fazañas esquencidas.

Dempois de terminada a guerra satisfatoriamente prá nosa naceón, déronlle coma úneca recompensa do valor que aló probou a lecenca ausoluta.

Cando na aldea lle preguntaban coma fora que non lle deron estrelas, cruces ou graduaceós, respondíalle[s] aos que tales cousas preguntaban:

—As estrelas son do Ceo, as cruces dos cregos e frades, os grados dos químecos e todo xunto soilo pertenece aos que o poden mercar e non aos que o saben ganar.

Aquel vello que vivía en compañía dun fillo —úneco familiar que lle quedaba—, aló nun lado da aldea, lexos de todo contauto, sin facer outra cousa que ocuparse da súa terra de labranza e de coida-lo gando; sin saber ler, xuzgábano un sabeo; sin facer alarde de forza, infundía respeito.

Pra aqueles dous seres, pai e fillo, abondaban no mundo as romerías, os bailes i as festas.

De aí naceu o que fora conocido na aldea polo nome postizo de tío Curruncho.

Os domingos traballaban pai e fillo, pola mañán hastra as doce e depóis de xantar sentábanse a falar na porta da casa debaixo do emparrado.

En un deses domingos que se sentaban a falar coma de costume, o tío Curruncho coa chola entre as maus premanecía calado, cousa que nunca tal fixera.

O rapaz mirouno en vareas ocaseós, e chamáballe a atención o silencio do seu pai, hastra que por fin levantouse do banco e chegouse a onde el.

—¿Que tén, meu pai?

—Nada teño —contestou sin moverse siquera.

—Algo estrano lle acontece, pois nunca estivo coma hoxe.

²⁹⁹N.º 4 (30–8–1908) de *Santos e Meigas*, pp. 56–57.

—Que me atopas hoxe, rapaz? —dixo o vello levantando a chola.

—Non llo podo espresare, mais vosté pensa en algunha cousa que o entristece.

—E si me ocorre algo que farías?

—Partilo á metá e repartilo, mais si eu soiliño me poidese facer conta do que queira que fose, nada lle daría.

—Graceas, meu fillo, non esperaba menos de ti —repuxo o vello coa vos entrecortada pola emoceón.

—¿Non é iese o meu deber, meu pai? —díxolle o rapaz abrazándose nel.

—Si, mais por disgracea non tódolos fillos fan o mesmo.

—Boeno, deixemos eso a un lado e cónteme que lle acontece.

—Nada, home, nada...

—Algo é...

O tío Curruncho que non deixaba un estante de ollar prá carreteira levantouse maquenalmente.

—Entra rapaz —díxolle ao fillo, empuxándoo pra adentro.

—¿Quen vén...?

—Entra e non preguntes.

Levouno hastra adrento, cerrou a porta e sentouse no banco.

Non fixo o vello máis que sentarse cando apareceu polo carreiro que daba á súa casa unha parexa de Ceviles.

Chegaron a onde el e dixéronlle:

—Bos días nos dé Dios, bon home.

—Bos días teñan, gardeas —re[s]pondeu sin erguerse do banco.

—Vosté chámase Xulio Martínez?

—Ese é o meu nome. Véñenme a prender?

—Non, señor. Vimos tan soilo a recramar.

—Daños ou perxuíceos que fixo o gando aos veciños?

—O gando nada fixo, vimos por un recluta.

—Por un recluta...? Polo meu fillo acaso...?

—Si fillo voso é Luís Martínez, por ese.

Cando o tío Curruncho oíeu nomea-lo nome do seu fillo, ergueuse do banco, branco coma a neve e cos labeos tembrorosos dixo:

—Pero vostedes veñen loucos, que fago eu si me levan do meu lado o iúnico fillo e parente que teño?

—Esa é a orden que temos e debemos comprila.

—¿Pero, pero quen manda eso...?

—O noso Rei e Señor que Dios guarde.

—Non, eso non pode ser —repetía o velliño restregándose unha mau con outra—. ¡O noso Rei non pode mandar eso...!

—Pois el mandouno e hai que facelo.

—¡Hai que facelo!... ¡Hai que facelo...! ¿E iesta é a libértá dos homes? ¿Así se é libre, así se ten libértá e se ten dereito nun pobo coma este que deso blasona?

—Que remedeo nos queda, probe vello...

—Remedeo... remedeo... remedeo haino, mais non nas miñas maus; como vai haber remedeo nunha cousa que os que poden implantalo, os que o poden remedear son os que fan as feridas?

—Todo o que vosté queira, mais non estamos pra perder o tempo e esperamos nos diga si Luís Martínez vive eiquí.

—Eiquí vive, si, eiquí vive; pero pouco hei de poder, pouco hei de valer cando o meu fillo mo separen do meu lado.

—Boeno, polo de pronto vímoslle a avisar que mentras tanto n'o chamen tense que persentar unha ves ao mes na Deputaceón Provençal.

—Persentárase, mais ao serviceo non vai.

—Con douscentos pesos arréglaste o chollo.

—¡Ah! ¿E págase por non servire?

—Xa llo creo, pague e verá.

—Está ben, guardeas, está ben. Persentarei o rapás todos los meses, ¿saben? Moi boas tardes.

Descíndolles esto, o vello retirouse i atopouse co fillo ditrás da porta.

—Meu fillo, hai que vende-lo gando a chousa i as terras.

—Pra que, meu pai?

—Pra compra-la túa libértá. Mais hei de vendelo todo, todo, pero os lampantís non collerán nada. Dentro de sete días embarcaremos pra Amérecá.

—¿E que faremos aló, meu pai?

—Teremos libértá, seremos libres!

—¿Logo non fuximos por fame coma lle din a tódolos que emigran?

—Por fame fuximos, meu filliño!

—¿Por fame? Non, meu pai, pois eiquí xantamos tódolos días.

—Rapás, vamos pra América a forma-lo montón da fame: unhos poucos por fame avareceosa, cuasi todos por fame de libértá.

Á semana seguinte, o tío Currunchó co seu fillo fuxían de Galicia cos cartos da venta do gando, da chouza e das terras en direuceón pra América.

¿Atoparás millor sorte en terra allea?

¡Sorte é dudosá, mais libértá é segura!

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Récelle á Virxen³⁰⁰

Pra Airiños d'a Miña Terra

Manoliño da Rúa, era un rapaz que por máis que na súa vida houbera saído da aldea, sabía tanto o condanado coma algún dos fillos da ciudeá, que se pasan o tempo estudea que te estudea e non parece talmentres senón que estudean pra aldeás.

Tería unhos vinte anos o rapaz, e dende moi pequeniño traballaba nas terras de don Xusto o AMERECANO, o cal señor o tiña no millor conceto e o apreceaba tamén coma a un fillo lexítimo, porque neste desmadeixado mundo o mesmo se atopan pais lexítimos pra fillos alleos que pais alleos pra fillos lexítimos.

Manoliño tiña un xeneo tan desxuiçoso i alegre, ao mesmo tempo que os veciños bautizárono co sobrenome de "Castañolas" polo moito que se ría. Non se sabe si dos que lle puxeron tal nome ou porque lles viña en gana.

Así acontecía que non houbía unha festa familiar por aqueles contornos, na que deixasen de invitar a Castañolas pra que lles faguera contos ou lles dixera ocorrencias.

Mais, ¡cata, que demo!, que chega un día en que o bo de Castañolas (nin que milagro fora) atopábano os veciños calado e cabixbaixo polo día, e cabixbaixo e calado pola noite, pois cando fai mal tempo, o mesmo dá que haxa lus de Sol como lus de candil.

A don Xusto, máis que a naiden, chamáballe a atenceón o cambeo que houbía tido lugare no ser daquel rapaz, tan cheo de alegría e bon humo[r] [d]e sempre. Así que en moitas ocaseós perguntáballe ao rapaz: ¿Que tes Castañolas, que nin falas nin ris?...

—Non sei que teño, don Xusto, no sei que teño.

—¿Ti estás malo...? ¿Doiche algo...?

—Nada doime, nin nada teño.

—¿E logo que tes, oh...?

Con estas e outras manifestaceós parecidas daba medea volta Castañolas, e alexábase de don Xusto coa chola baixa.

Unha tarde atopábase Castañolas mallando trigo na eira, e acertou a pasar por aquel lugare o señor cura, que coma cura era un gran home, e como home faltáballe moito para chegar a cura.

Ao velo, Castañolas deixou de mallar.

—Bos días lle dé Dios, señor cura.

—Que el chos dé a ti, Castañolas.

—A min fai tempo que non mos dá.

³⁰⁰N.º 9 (30–7–1909) de *Airiños d'a miña terra*, pp. 1–3.

—¿Que dis, oh...?

—¡Aaaai... así eu morra agora mesmo como é certo!

—Cala, rapaz, cala, que non sabes o que dis.

—Ben sei o que digo, ben, señor cura. Será vosté quen non sabe comprenderme.

—Algo che acontece pra que fales desa maneira.

—Algo non, moito. Paresce talmentres que teño o mesmo demo metido no corpo.

—¡¡Xesús...!!

—¿Tenlle medo ao demo, señor cura?

—Medo non, Castañolas; mais non debe nin nomearse.

—Pois o que a min me acontece, cousa paresce de el. Nada sinto, nada teño, nada me doi no corpo, i estou triste e acongoxado, e vivo día e noite co coraszón apertado coma si agardase unha mala noticia, ou fôrame acontecer unha gran disgracea.

—¡Ah, xa sei o que tes! Eso chámase refreusión da ialma, esperguizo do corpo.

—¿Chámase así...? ¿E coma se sana...?

—¿Ti queres sanar dese mal?

—Coma vivire.

—Pois rézalle á Virxen, que é a úneca que te salvará dese grande mal.

—¡Vosté cre...?

—Sempre creo, e sempre confío. ¿Rezarás?

—Rezarei.

—Destonces, hasta logo e ten confianza en ela.

—Graceas. Que Dios o acompañe.

Foise o cura, e o rapaz quedou mallando, pensando sempre en que chegase a hora de deitarse pra face-lo remedeo.

Chegou a noite coma todo chega, e Castañolas rezou coma hora e medea con devoceón de crente; deitouse, e durmeu dun tirón hastra pola mañán.

Cando se levantou, o fixo de máis mal humore que nunca, pois o mal seguía coma sempre ou peor. Pensando no señor cura e no remedeo, botaba estas contas: Ou non recei como era debido, ou burlouse de min o señor cura, ou non me fixo caso a Virxen, porque curar non curei.

Dempois de haber feito Castañolas o remedeo sin resultado algún, atopouse vareas ocaseós co señor cura, e nunca nada lle dixo.

En cambeo, un sábado moi de mañán atopouse na corredoira con Vicenta, fermosa rapaza coa que levaba relaceós amorosas, e foron enterrumpidas por un pequeno desgusto de noveos, e ao verse un diante do outro e solos na corredoira, quedaron os dous tan quedos, coma paxaro en presencaa de cobra.

Pirmeiro puxéronse sereos, dempois ollaron un pra o outro, e logo ríronse. E iste foi o mal maiore.

Falaron, quedaron os dous en volver ás enterrumpidas relaceós, rubricando o contrato con un bico e sellándoo con unha aperta.

Castañolas foi de tuna pola noite, e o domingo pola mañán cando o viron os veciños, atopárono rindo e bromeando como facía antereormente. O encantamento estaba desfeito.

Ese mesmo domingo pola tarde houbía saído o señor cura a unha aldea do arredor, e cando entraba de volta, ao chegar preto da Igresia resbaloulle o cabalo nas laxas, e foise de fociños descompoñéndose un brazo na caída.

Acudiron os veciños a socorrello, e ientre eles se atopaba a boa peza de Castañolas que se adiantou a todos, e nun momento irgueu ao señor cura do chau.

Dempois que estuvo o cura de pé, ao ver a Castañolas díxolle:

—Graceas Castañolas, graceas.

—Non hai de que, señor cura, ¿coma foi eso?

—Nin sei coma foi, meu fillo.

—¿E lastimouse?

—Descompuxen un brazo.

—Pois si ten descomposiceón, téñolle un remedeo que si o fai esta noite, mañán cando se levante do leito, xa está bo.

—¿É certo eso, Castañolas?

—Tan certo coma o Evanxelio. Fíxeno eu unha vez, e santo remedeo.

—¿E coma se fai ese remedeo?

—Vosté vai facelo pra sanar?

—Xa cho creo...

—Pois ascoite: Récelle á Virxen... e xa verá que remedeo.

Os veciños que ascoitaron tal remedeo e non o conoscían, quedaron calados e ollándose unhos pra outros; o señor cura quedou termendo do brazo descomposto, coa boca aberta i os ollos moito máis; e o condanado de Castañolas, botando unha carcaxada coma si lle fixeran cóchegas, rompeu a correr por aqueles benditos campos, a virándose cando iba un pouco lexos, volveulle a decir: ¡Récelle á Virxen, señor Curaaa...! ¡Verá que remedeo...!

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Discos suevos (I)³⁰¹

Comenza o disco a dar voltas despaciño, e cando vai con moita lixeireza, pón-selle a agulla enriba do disco e pola boca daquela xigante corneta, comenzan a saír as seguintes notas:

(Relaceón históreca³⁰² dun parrafeo entre o crego³⁰³ dunha certa aldea, e Minguiño, que acababa de chegar de Amérecas, en preseneza dos mellores e máis erguidos personaxes daquela aldea).

—Vaite, vaite, Meiguiño;³⁰⁴ ao cabo de³⁰⁵ tanto tempo, lembráchede de nós.

—Lembreime sempre, señor cura; nunca os esquencín.

—¡Faguía tantos anos que houberas emigrado...!

—Dazanove faguía pra vostedes, dazanove mil pra min.

—¿Tantos traballos pasaches?³⁰⁶

—Os que vosté non se figura.³⁰⁷

—¿E sofriche moito, Minguiño?

—Sofrín de abondo. En moitas ocaseós aló, na Amérecas, pensei que a vosa relixión faltáballe³⁰⁸ un santo.

—¿Serás ti, cando menos, chola baleira?

—Eu soilo son un anaquiño dese santo; si santos poden ser os que sofren caladiños, i en ves de levantarlle a mau aos causantes dos seus males, choran as súas coitas coma mulleres e contan seus pesares³⁰⁹ coma vellos enválidos i enclenques. ¿Quen mellor que o pobo gallego pode ser santo? ¡Fagan un san Gallego na vosa relixión, señor cura, fagan un san Gallego!

—¡Tátara, tátara, tátara! Outro que tal baila: non vén un de aló que non chegue feito un herexe.

³⁰¹ Publicado no n.º 3 (18–9–1910) de *Suevia. Revista Gallega*, p. 18. Foi reproducido no n.º 26 (11–8–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*, s. p.

³⁰² SG: hestórica.

³⁰³ SG: cura.

³⁰⁴ SG: Minguiño.

³⁰⁵ SG: ao término de.

³⁰⁶ SG: pasache.

³⁰⁷ SG: fegura.

³⁰⁸ SG: fáltalle.

³⁰⁹ SG: contan os seus pesares.

—Ten razón, señor cura. Os gallegos que vimos de aló e os gallegos que quedan acó herexes somos, mais non da relixión católeca, senón da patrea, da patrea gallega.

—Ascoita: non te veñas faguendo felósefo nin patreoteiro que algunhas cousas che sei.

—E sabrá, non digo que non; pode decilas si quere.

—¿Non recordas cando roubába—las mazás na horta de don Chinto?

—Recordo.

—¿Non recordas cando roubaches³¹⁰ unha peseta da chaqueta do señor Pepe, e dinche unha tunda de paus?

—Recordo, e máis a tunda que o roubo.

—Boeno, ¿non recordas cando unha noite roubache o peto das Ánemas?

—Tamén recordo. Sete cadelos e unha cadelíña houbía drento.

—E quen tales cousas fixo, ¿pode vir predecando patrea e libertá entre homes uiceosos, limpos de pecado algún de corpo e ialma? ¡Vállame Dios!

—Nunca millor cousa dixó, señor cura; ¿e non me sabe algunha cousa máis...?

—Seiche tantas que non sei cal che decir.

—Faga memorea, ¡quen sabe, recorde...!

—Non, por agora non recordo ningunha.

—³¹¹Pois, ¿e cando vosté me mandaba ao pobo, á taberna do señor Marcelino pra que lle vendese as velas e o aceite que lle traguían os feligreses pra que alumara³¹² aos santos...

L'ALLABRAC

³¹⁰SG: roubache.

³¹¹SG: Conta con outras intervencións, delimitadas entre "Non, por agora non recordo ningunha" e a derradeira aloución, que a continuación se reproducen:

—Pois eu si, ¿xa osté ve?

—¡Así será ela!

—Non é moi pequena que digamos.

—Di, di; quen sabe me acorde.

—Tense que acordar por forza.

—Poida ser que si.

³¹²SG: alumeara.

Discos suevos (II)³¹³

(Unha noite de tuna entre Goiás e Sabela)

- ¡Coidei que non viñas hoxe!
—Veño, veño, Sabela. ¿Non me ves eiquí?
—¿Viñeche soilo?
—Viñen coa moca. Cando con ela veño, somos coma trinta e dous.
—¿Non rebaixas nengún, Colás...?
—Non Sabeliña, non rebaixo nada; polo moito que me agrada aomentar, quérome casar contigo.
—¿Pra aomentar que, condanado?
—A familia, miña xoia, que ben—o sabes ti sin que eu cho diga.
—Xa comenzache a poñerme as meixelas roxas...
—¿Dáche vergonza...?
—Dá. Non me agrada que me digan certas cousas.
—Mais gústache que as prautiquen, ¿non é certo?
—Cala, xudío ou diaño, que te condenas.
—¡Condenarme! Por un bico teu, deixárame queimar coma quéima—los paus na túa lareira.
—¡Xesús, María e Xosé! Ti tes pauto co demo.
—Non, por disgracea, ¡oxalá fora eisí!
—¿Pra que, escomulgao?
—Pra faguer que me bicaras con tanto fogo, que me queimára—lo pelexo cos teus beizos.
—¿Tantas anseas tes de que eu te bique?
—Anseas, non, fame, delireo.
—¿E si cho dera...?
—A que non mo dás.
—Non me atrevo.
—Doucho eu.
—Non, non, Colás, non fagas ieso.

.....
—¡Ai! ¿Que fixeches?
.....

³¹³N.º 4 (25–9–1910) de *Suevia. Revista Gallega*, p. 17.

¡Ei Marelo!

Vou máis contento
que as castañas que repinico
porque a miña rapaza
por vez primeira me dou un bico.

—Ascoitache o cantar do carreteiro?

—Ascoitei. ¿Quen será ela?

—Unha que non fai o que ti, ¡dáme ti un bico!

—Dígoche que non...

—¿Por que, Sabela?

—Porque é pecado.

—Non—o creas, cousas de cregos.

—¿E si nos sinte ou nos ve meu pai?

—Dáme un baixiño, e ninguén nos sentirá.

—¿Que estades faguendo, Sabela?

—¡Meu pai!

—¿Que faguedes, Sabela?

—Nada, meu pai; que Colás me está faguendo coa boca coma fai cando vai a buscar paxaros pra que me veñan a pousarse na ré.

L'ALLABRAC

Discos suevos (III)³¹⁴

**(Palique entre Marica e Farruca, dúas vellas do lugar
con intremento do neto de Farruca no palique,
ao saír da Igresea)**

-
- Bos días nos dé Dios, Marica.
—Santos e bos nos dé, tía Farruca.
—Eisí sea.
—¿Trouxo o neto a ouír misa?
—Tróuxeno hoxe, por non deixalo na casa, pois vosté non veu barulleiro máis grande en toda a súa vida.
—Tódolos rapaces son o mesmo, ¿e por aló coma van?
—Ben, ¿e pola súa casa?
—Eí vamos seguindo...
—Ascoite: vosté non reparou na filla de Colasa, que estaba ao pé de san Roque, de moito palique con iese señoritín do pobo e do que menos se lembraba iera de que se atopaba ouíndo misa?
—¡Ai, si señora! Ben que me fixei.
—Pois eso n'está ben, inda que de abondo está o decirlle que non me agrada falar da vida dos veciños.
—Nin eu tampoco. ¡Dios me libre!
—O mesmo que veu a Teresiña ouíndo misa casi mentres cos senos de fóra?
—Son fillas do diaño...
—¿E iese lampantín de Xusto que, en lugar de estar traballando, estase toda a mañán na Igresia e deixa a súa muller soiliña na casa?
—Moi certo, e máis cando a xente di, non sei [si] sirán contos, que Manoeliño ándalle rondando a casa.
—¡Que mulleres! Si nas miñas maus estivera o arregleo do mundo, algunhos escarmentos houbría de faguer.
—O mesmo faría eu, mais ten que saber que hai homes coma Xuliño que, sin traballar nin ter rentas, xantan ben e visten millor.
—Mentras viva o Deputado...

-
- Miña avoa...
—Cala a boca, rapaz.

³¹⁴N.º 5 (2–10–1910) de *Suevia. Revista Gallega*, p. 16.

—Pois si Marica: a costeón é que o señor Deputado non hai día de Dios que deixe de ir á casa de Xuliño.

—¡Faga de conta pra que irá...!

—A recrearse coa muller...

—¿Miña avoa?

—¿Que queres, meu neto?

—E o señor alcalde, que o vexo tódolos días entrar na nosa casa, ¿tamén vai fague-lo mesmo?

L'ALLABRAC

Discos suevos (IV)³¹⁵
(Entre un xastre da ciudá e un paisano da aldea)

-
- Bos días nos dé Dios.
—Bos días, bon home, ¿vén a busca-lo traxe?
—Veño.
—Séntese un anaquiño, que estou terminando de despachar este señor.
—Está ben.

-
- Quer decir que quince pesetas que lle din e quince que dou fan o comprobante das trinta pesetas que val o traxe.
—Fan.
—Pois teña, e hastra outro día.
—Hastra cando queira.

-
- Con que, ¿que hai de bo...?
—Nin nada bo, nin nada malo: a cousa vai polo medeo.
—Máis vale eisi.
—Dígame unha cousa...
—Direi.
—Ese home tan longo que talmentras parece un xigante, e fai dous de min, que acaba de saír, fíxolle vosté algún traxe?
—Fíxen.
—Canto lle levou por faguerllo...?
—Trinta pesetas.
—...
—¡Que! ¿Parécelle moito?
—Non, señor, preguntaba por preguntar.
—¡Aah...! ¿Tráigolle o traxe?
—Traiga.
—Xa verá vosté unha cousa boa.
-

³¹⁵N.º 9 (10–11–1905) de *Suevia. Revista Gallega*, p. 16.

- Eiquí está o traxe, ¿quer proba-la chaqueta?
—Parésceme a min que debo probala.
—Coma vosté queira.
-

- ¡Que tal, e! Nin pintándolla enriba do lombo lle queda mellor.
—N-está mal, non.
—Que [h]a de esta[r] mal, o; eiquí fanse tódolos traxes por medida.
—Xa o lin no litreiro que teñen posto na ventana.
—Agora non se chama ventana.
—¿E logo...?
—Chámase vitrina.
—¡Viiitrina! Envólvame o traxe...
-

- Eejé; vaia, teña o seu paquetiño.
—¿Non collerá arrugas?
—Vai ben dobradiño.
—Boeno, pois hastra a volta.
—Ascoite, paisano, ¿e as quince pesetas do resto?
—¿Non lle din quince?
—Doume as quince da mostra, ¿e o resto?
—Agarde un pouco: ¿vosté non lle cobrou trinta pesetas a iese que saíu agora?
—Cobrei.
—¿Non fai por dous de min?
—Fai, e ben descansado.
—Pois eiquí fan traxes por medida e nada lle debo.

L'ALLABRAC

O emigrante³¹⁶

Na vella e mosgosa casa dos Paradela ouíronse moi de mañán, cando o sol erguíase perguiceiro, saíndo brillante e maxestuoso por tras os xigantescos penedos, choros de rapaces e mulleres, lamentos e consellos de mozos e vellos. Naquela vella casaíña, que fora cuna e capilla mortuorea dos antepasados Paradelas, tal parecía que un ambiente de morte houbera entrado pola súa porta.

O fillo maior dos Paradela embarcaba pra Amérecia. Faguía mil anacos a xa lexendarea costume daquela antiguea familia, que tiña coma escudo e blasón da súa casa que os que baixo ela nacían, houbían de morrer tamén en ela.

Os vellos i os mozos dábanlle consellos. Os nenos choraban. As mulleres de rodilas sobre o chan dirixían pregameas ao ceo.

Pepiño, que eisi era o nome do maior dos fillos, de pé no medeo de todos, cos brazos en crus pousados sobre o peito i os ollos fixos no baúl en que levaba toda a súa fortuna, calaba e pensaba. Pensaba tal ves nas novas terras que iba ollar. Pensaba tamén, quen sabe, si ao rompe-la tradiceón dos seus antepasados caeríalle enriba unha eterna maldiceón de todos.

—Eiquí está o carro —ascoitouse alá fóra, e todos estremecéronse con estas palabras.

Lembráronse todos de cando viñan a buscar un morto.

Naquela ocaseón non era un morto o que saía pola porta, era un vivo que iban a enterrar, e pra maior disgracea, en terras alleas.

Pepiño puxo o baúl ás costas e levouno pra o carro. Cando nel o pousou, estremecéuselle o corpo. Pareceulle o baúl ao pousalo no carro a caixa dun morto. Pola súa imaxinación pasou coma unha sombra un fúnebre cortexo.

E pensou, tal ves, que aquel era o seu enterro de gallego. O enterro da ialma.

Pra enterrar nas terras da Amérecia, non levaba máis que o corpo. Eisi pensou, e cos ollos cheos de bágoas surriase.

—Montou sobre o carro e cunha mau sobre o peito e o sombreiro na outra, mandou anda-lo gando, e ollando os familiares, díxolles: —¡Adiós a todos!

Adiós que ascoitaron aqueles coma a postreira despedida dunha ialma que fuxe deste mundo.

—¡Adiós pra sempre! —dixeron todos a un tempo, coma si pola mente de todos voaran os mesmos agoreiros pensamentos.

O carro rodaba polas terras húmedas do rocío da noite, pesado e dando tumbos sobre os terróns, ao paso lento e pausado do gando amarelo.

³¹⁶N.º 11 (24-11-1910) de *Suevia*. *Revista Gallega*, pp. 6-7.

Pepiño de pé sobre o carro e o sombreiro na man en ialto, seguía dicindo ¡adiós! Adiós mudo dos que xa de lonxe saúdan, e que fala e nos di máis dentro da ialma, que cando preto nos dispidimos unhos doutros.

O carro, saíndo das terras de labradío dos Paradela, internouse nun camiño que saía á carreteira que vai a Vigo, e xa no tal camiño con frondosas i altas silveiras a un lado e outro, perdéronse de vista pra Pepiño aqueles seres tan quiridos pra iel, que moi defecil creía volver a ollalos.

Os piños, castaños, silveiras, valados, regachos, todo canto iba ollando por aqueles contornos que iba deixando atrás, todo lle parecía novo, cando tan familiarizado estaba con eles. Enantes os ollaba como cousa súa e nada lle dicían; agora os deixaba como cousa allea e coma cousa allea tiñan valor.

Un grato cheirume de froles que manaba da campiña chegaba hasta Pepiño tenoe i aromosa, envolta na brisa fresca da mañán.

O Sol, erguido sobre os altos penedos, alomeaba esplendoroso aquel paisaxe, talmentres coma si quixera dar envexa a Pepiño da feiticeira—terra que deixaba.

Os paxaros pousados nos árboles a un lado e outro do camiño cantaban a saída do Sol, e rebulían dunha póla en outra pra secar as maxas e miúdas ás de rico plumaxe humedecidas polo rocío da noite.

Por donde queira que Pepiño pousaba os ollos atopaba lus, calor e vida. Dempois pechaba os ollos e adiviñaba que lonxe, ao outro lado do océano, toparía noite, frío e morte.

Cando entrou na carreteira, anseas lle deron de volver prá casa. Chamárianlle covarde e nunca a Pepiño lle gustou tal alcume. Siguenu.

Na carreteira topou cunha veciña:

—¿A donde vas tan cedo, Pepiño?

—Vou pra Amérecá, muller.

—¡Dios che dé sorte!

—Gracias, muller.

O carro seguía a súa marcha en dirección a Vigo. Alí atoparía o vapor que o levaría a novas e alleas terras.

Pouco máis adiante un vello que viña pola mesma carreteira, díxolle:

—Madrugador estás, rapaz.

—Vou de viaxe, don Froilán.

—Ben—o vexo. ¿Pra donde?

—¡Pra Amérecá...!

—Dios te axude aló, meu fillo.

—Moitas graceas, don Froilán.

O vello moveu a chola en sinal de tristeza e sigueu andando.

Pepiño sigueuno coa vista, púxose de pé no carro e cruzou os brazos. Todos cantos atopaba no camiño, decíanlle o mesmo. Logo pra saír da casa fai falla sorte, fortuna e axuda de Dios. Logo en terras alleas pra poder vivir, fai falla o mesmo que na terra propea.

Mandou para-lo gando e quedou pensativo coa chola sobre o peito.

Pasado un pouco tempo, o rapaz que guiaba o carro perguntoulle:

—¿E seguimos ou que?

—¿Que dis Manolo? —contestoulle Pepiño, erguendo a chola coma si saíra dun sono.

—Pergúntoche que faguemos.

—Non ascoitache o que me dixo Rosiña e don Froilán.

—Ouín.

—Pois ascoita Manoeliño: dá volta prá casa, que si sorte, fortuna e axuda de Dios hei de ter falla pra poder vivir aló na Amérecá, eso mesmo me fai falla pra vivir na miña terra; e ientre as dúas, dúbida algun[h]a non teño sobre a cal hei de elixir.

E collendo a aguillada na mau, arreou o gando, decíndolles:

—¡Ei marelo, condanado, fuxe prás nosas leiras, que inda pisando istamos alleas terras!

R. CARBALLAL LAFOURCADE

O milagre de san Ramón (I)³¹⁷

Pra Ramón Cabanillas

Hai niste³¹⁸ mundo de troulerías que chamamos Terra, ditos que son evanxeleos i evanxeleos que son ditos;³¹⁹ por disgracia, topamos máis dos segundos que dos primeiros.

Entre os poucos ditos³²⁰ que veñen a ser³²¹ evanxeleos, pódese nomear³²² a boca chea o que di[x]o a señora Sabela o mes que pasou entre un corro de veciñas:

—Nada, miñas filliñas, nada; ¡eísí Dios me salve!, coma teño por certo que hastra o primeiro³²³ coarto de lúa que vén non serei avoa.

Nin que o díaño llo dixera. ³²⁴Meu dito, meu feito.

Na segunda noite de lúa nova que chegou, topábase Deloriñas en compañía de Pepiño, ³²⁵o seu home, e da nai diste, ³²⁶a señora Sabela, chantados ao³²⁷ carón do lume, e ocurréuselle³²⁸ a Deloriñas pedirlle ao³²⁹ seu home unha cunca de caldo, pois na hora de xantar non fixera máis que probalo.

—Vaia, muller, que a boa hora che se antoxa —díxolle Pepiño, erguéndose pra ³³⁰traerlle o caldo.

—Boh —repreicou a señora Sabela—, si calaras millor³³¹ che fora. Téñoche ben entendido³³² que cos antoxos de Deloriñas no³³³ han de mermar ³³⁴os teus intreses.

³¹⁷N.º 1 (8–2–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*, s. p. Foi incluído, sen dedicatoria, na *Antoloxía Gallega*.

³¹⁸AG: neste.

³¹⁹AG: leva punto e á parte, no canto de punto e coma.

³²⁰AG: os ditos.

³²¹AG: que son.

³²²AG: nomear o que dixo a señora Sabela entre un corro de veciñas.

³²³AG: primer.

³²⁴AG: Unha noite en que se atopaba Deloriñas en compañía [...].

³²⁵AG: seu.

³²⁶AG: deste.

³²⁷AG: ó.

³²⁸AG: [...] lume, ocurréuselle.

³²⁹AG: ó.

³³⁰AG: darllo.

³³¹AG: mellor.

³³²AG: Téñoche entendido.

³³³AG: non.

³³⁴AG: teus.

—¡Coma se os mermaran!³³⁵... —contestoulle Pepiño, sacando o caldo.
—¡Ai, meu filliño, pra antoxos os meus! ³³⁶Unha ves no mes de xaneiro, istando coma Deloriñas, en que a neve caía sobre o chan, coma ladrós e usureiros caen sobre esta probe terra gallega, ¿a que non atinas que se me antoxou?
—³³⁷Coma non fora dar pinchacarneiros enriba da neve, non vexo outro —dixo Pepiño, dándolle a cunca a Deloriñas.
—³³⁸Pior, moito pior —repuxo a vella.
—³³⁹¡Abofellas! Distonces, déixeme liar un pitillo pra que non se me enfriaxe o ceo da boca — repuxo Pepiño chantándose.
—¿Foi de xantada? —intermedeou³⁴⁰ Deloriñas, probando o caldo.
—Foi, e foron figos.
—¡Figos en xaneiro? ³⁴¹Élle o mesmo que si lle pidira³⁴² a Manoel o MANCO que lle tocara o acordeón —escramou Pepiño, prendendo³⁴³ o pitillo.
—¿E tróuxollos seu home? —continuou Deloriñas.
—Trouxo. Que Dios o teña na grorea...
—Ben ganada a ten, meu pai, ho! —interrumpeu Pepiño, botándose a rir.³⁴⁴
—¿E máis que ganada! Agora si, que³⁴⁵ coma digo unha cousa digo a outra, traer figos trouxo; mais foron de caixón.
—¡Sacoume de...!

³⁴⁶O que iba falar Pepiño non—o terminou, pois que Deloriñas, sin máis acó nin máis aló, dou un berro moi forte, ergueuse coma unha louca cos ollos moi abertos, e caeu pra atrás, caéndolle a cunca das maus, vertendo ao mesmo tempo o caldo quente enriba da señora Sabela.

³³⁵ AG: mermara.

³³⁶ AG: Unha ves no mes de xaneiro topábame no estado de Deloriñas, e ¿a que non acertas que se me antoxou?

³³⁷ AG: —No mes de xaneiro —dixo Pepiño, dándolle a cunca a Deloriñas— antoxaríase dar pinchacarneiros enriba da neve.

³³⁸ AG: —Pior que eso.

³³⁹ AG: non aparece esta intervención.

³⁴⁰ AG: interrompeu.

³⁴¹ AG: Pois élle.

³⁴² AG: pedira.

³⁴³ AG: alhendando.

³⁴⁴ AG: —¡Ben ganada a ten, ho! —dixo Pepiño botándose a rir.

³⁴⁵ AG: que mos trouxo de caixón.

³⁴⁶ AG: E non terminou Pepiño de falar o que quería, pois Deloriñas dando un berro moi forte ergueuse coma unha louca cos ollos abertos e caeu pra atrás, fuxíndolle a taza das más, vertendo o caldo quente por enriba da señora Sabela.

—¡Ai, santa Combiña me valla, que me pelou coma³⁴⁷ un pólo! —exclamou³⁴⁸ a vella.

—¿Que che acontece...? ¡Ricoiro! —berrou máis ben que dixo Pepiño, interrompindo³⁴⁹ a pregunta que iba faguer, tirando o pitillo con rabea contra o chan e limpando³⁵⁰ o fociño³⁵¹ coa³⁵² manga da camisa,³⁵³ equivocadamente, levava o pitillo á boca pola beira do lume.

Entre Pepiño e a ³⁵⁴siñora Sabela ergueron a Deloriñas do chan e ³⁵⁵puxérona moi a modo na cama. Deloriñas, xa deitada na cama, berraba co dor coma unha condenada, coma unha condenada das que berran.

³⁴⁷ AG: coma a un pólo.

³⁴⁸ AG: exclamou.

³⁴⁹ AG: Pepiño, tirando [...].

³⁵⁰ AG: limpando.

³⁵¹ AG: fuciño.

³⁵² AG: ca.

³⁵³ AG: camisa, pois levava o pitillo á boca pola beira do lume.

³⁵⁴ AG: vella ergueron [...].

³⁵⁵ AG: levárona prá cama.

A continuación, reproducése desta maneira:

—Vai chamar á tía Marica, meu fillo —díxolle a vella limpando a roupa de verzas.

—¿A parteira? —repuxo aquel pasando a lingua polos beizos, que aínda lle adoecían.

—Si, home, si; anda axiña.

Marchou Pepiño en busca da tía Marica, i a vella quedouse con Deloriñas que berraba coma unha condenada.

—¡Que dores máis fortes, miña sogra!

—Dímo a min que levo dazasete.

—¿Dores?

—Non, fillos; e ascoita, mentras vén a tía Marica, vou sacar a estampa de san Ramón da hucha i alcenderlle unha vela pra que salgas en ben.

—Din que é moi bon faguer eso.

—Xa cho creo. Parto en que non lle alcendan vela a san Ramón, non che termina coma debe.

A vella abreu a hucha que tiñan de cote da cama, donde gardaban coadros i outras cousas, unhas coma lembranzas e outras pra adorna-la casa no santo do Patrón. Colleu todas estas cousas en feixe e, cerrando a hucha, púxoos enriba da tapa e comezou a busca-lo milagreiro hastra que topou con el.

—¡Eiquí está san Ramón! —dixo con moita alegría, poñendo a estampa enriba da mesa; agora, pondreino preto da paré e alcendereille unha vela.

Alcendeu a vela e ó tempo de face-la señal da crux, entraba na casa Pepiño coa parteira.

—Boas e santas —murmurou a tía Marica, chegando onde Deloriñas.

—Nos dé Dios, tía Marica —contestoulle a siñora Sabela.

Cando a tía Marica ollou a estampa de san Ramón enriba da mesa i a vela alcendida, controuxo os beixos e dixo:

—Vosté me dispensará o atrevemento, siñora Sabela, mais ese san Ramón enriba da mesa non lle me agrada nada.

—¿Que tes, miña xenra? —preguntoulle a señora Sabela.

—¡Non sei, miña sogra! ¡Que dores máis fortes, nai da ialma! ¡O que é dista morro!

—A modo, muller, a modo! —contestoulle a vella.

Pepiño ascoitando os queixidos da súa muller, non sabía que faguer da eito. O mesmo tiña anseas de rir que de chorar. As grandes desgraceas i as grandes legrías, o mesmo poden dar risa que tristura. Os istremos se toupan.

—¡Ai, meu Pepiño! —dixo coma unha queixa Deloriñas—, polo máis que ti queiras, vaimos chamar a doña Antonia?

—¿E chamarei, miña nai?

—Chama, home, chama; non perdas tempo.

—Nin medeo menuito.

Foise Pepiño en direuceón á porta, e xa pra saír, volveu pra drento:

—¡Miña nai?

—Que queres, meu fillo?

—¿E logo?

—Logo, nada, non creio neso.

—¡Pois elle moi bon!...

—Será e todo, mais...

—¿Que, tía Marica?

—Que ou pátea el ou páteo eu.

—¡Ai, que xudiada! —escramou a vella presinándose.

—¿Quer que o saque, tía Marica? —intermedeu Pepiño.

—¡Pra falla que fai!

Colleu a estampa Pepiño, e meteuna entre as outras que había enriba da ucha.

—Agora, comenzarémo-lo chollo —dixo a parteira satisfeita.

Mentras faguían os preparativos necesareos, un pra acó outro pra aló, a señora Sabela cunha cara dos demos aporveitou un descoido dos outros, e collendo unha estampa de enriba do feixe, coidando de que non a viran, meteuna entre os colchós da cama de Deloriñas...

Os choros de un meniño anunciaron que se termiñara o chollo e que había un habitante máis pró censo gallego.

Depois dos acostumeados pucheiros de galiña con malvela, i o lelo surrir dos pais e avós en tales contos, díxolle a parteira á señora Sabela:

—¡Xa ve coma sin o seu san Ramón saímos en ben!

—Non-o crea —contestou a alodida metendo as más entre os colchós e sacando a estampa, mostrouna con cara moi compracida— ¡eiquí está o milagreiro!

A tía Marica, ó fixarse no que lle mostraba a señora Sabela, quedouse pasmada coma quen ve visións e Pepiño botou unha carcaxada que fixo palidecer á señora Sabela, ergue-la chola a Deloriñas e chorar ó cativo.

—¿De que te ris, xudio? —preguntoulle a vella algo amoscada.

—¡E non hei rir, señora, si ese non é san Ramón?

—¿Quen é logo, condanado? —dixo a vella ollando prá estampa.

—¡Pois é un ritrato de Martín Martínez que hastra o de agora tan soilo fai pari-lo verde!

RICARDO CARBALLAL

—E... dígame, ¿il será neno ou nena?

—¡Ai, Pepiño, mentras il non—o diga!...

—Tamén é certo. Voume.

Saíu Pepiño da casa coa última preocupación dos que van a ser pais. ¿Que será? ¿Como será? ¿Neno ou nena? ¿Feo ou maxo? ¿Trigueño ou roxo? As iternas preguntas, pensamentos de pais, i almas de artistas, gustos de homes.

Mais naqueles instantes nin era pai, nin era artista, nin era home. Era Pepiño. Un Pepiño de tantos que iba en busca da parteira.

Mentras tanto, dentro da casa, Deloriñas non deixaba de queixarse, e a señora Sabela de darlle consoelo.

—¡Que dores máis fortes, miña sogra!

—Dimo a min, que levo dazasete.

—¡Xesús, María e Xosé! —exclamou Deloriñas, facendo a sinal da cruz.

—Non fagas cruces que de nada che han de valer. As mulleres sabemos cando comenzamos, mais non cando terminamos.

—Nunca millor verdá dixo.

—¿Sabreino eu? Ascoita, vou a sacar a san Ramón da hucha i encenderlle unha vela pra que che alivie o dor e salgas en ben.

—Din que é moi bo faguer eso.

—Xa cho creo; parto en que non lle encendan vela a san Ramón, non che termina coma debe.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

O milagre de san Ramón (II)³⁵⁶ (*Conclusión*)

—En moitas ocaseós ouín tal dito.

—¿Non habías de ouír, muller? Santo máis milagreiro que il pra istes contos non cho ten a nosa Santa Igresea.

A señora Sabela abriu a hucha onde gardaba os santos, coadros e outras cousas, unhas coma ricordo, e outras pra arregla-la casa na festa do Patrón. Colleu todas istas cousas en feixe, e cerrando a hucha, púxoos enriba da tapa e comenzou a busca-lo milagreiro, hastra que topou con il.

—¡Eiqué istá san Ramón! —dixo con moita legría, poñendo a istampa enriba da mesa—. Agora pondreino preto da paré i alcendereille unha vela, ¿non é eisé?

—É, señora, é —contestou Deloriñas.

Fixo a señora Sabela o que decía, e tendo xa tremiñado, ó tempo de presinñarse intraba na casa Pepiño coa parteira.

—Boas e santas nos dé Dios —murmurou doña Antonia, chegando a onde Deloriñas.

—Pra ben de todos —contestoulle a señora Sabela.

Cando ollou doña Antonia a istampa de san Ramón enriba da mesa, coa vela acendida, controuxo os beizos i escramou:

—Vosté dispensarame o atrevemento, señora Sabela, mais ise san Ramón enriba da mesa non lle me agrada nin miixa.

—¿E logo? —repuxo a alodida.

—Logo, nada, señora, que eu non creio niso.

—Pois élle moi bon.

—Sirá e todo, mais...

—Déixoo istar, que a ninguén millor que a vosté lle ha de valer de moito.

—Poida que si, mais, ou pártea il, ou párteo eu.

—¡Ai, que xudiada! —exclamou a vella.

—¿Quer que o saque, doña Antonia? —interrumpeu Pepiño.

—¡Pra falla que fai!

Colleu a estampa Pepiño, e abrindo a hucha, meteu a san Ramón antre os demais papés, e volveuse pra parteira: —Xa istá na hucha.

—Agora comencémo-lo choio —dixo a parteira.

Cando xa istaban faguendo os preparativos necesareos, un pra acó, outro pra aló, a señora Sabela que istaba cunha cara dos demos, aproveitando un descoido da

³⁵⁶N.º 3 (22–2–1912) de *Suevia. Revista ilustrada*, s. p.

parteira e de Pepiño, chegou onde a hucha, i erguendo un poco a tapa, meteu a mau con moita présa, e collendo a istampa que istaba enriba de todas, foise en direuceón á cama en que se atopaba deitada Deloriñas, que non faguía máis que qu[e]lixarse, e metendo a istampa antre os colchós, surriu satisfeita. A parteira e Pepiño non se decataron disto.

Os choros dun neniño anuncearon ós moradores daquela casa que o choio houbía treminado. Un novo habitante máis pró censo da Amérecá.

Dempois dos acostumados pucheiros de galiña con malvela e o lelo surrir dos pais e dos avós en tales ocaseós, díxolle a parteira á señora Sabela:

—Xa veu, señora Sabela, coma sin san Ramón saímos en ben.

—Non—o crea—contestou a alodida, e metendo as maus entre os colchós, sacou a istampa e mostroullo a Pepiño e á parteira, con moita compracencea—, eiquí teñen o milagreiro.

A parteira, ó fixarse no que lle mostraba a señora Sabela, quedouse pasmada coma quen ve visióis. Pepiño botou unha carxaxada que fixo palidecer á señora Sabela.

—¿De que te ris, larchán? —perguntoulle a vella amoscada.

—¿E non hei rir, señora, si ise non é san Ramón?

—¿Quen é logo? —dixo a vella mirando a istampa.

—Pois é un diploma, que lle deron a Manoel na Habana, da Sociedá Proteutora de Animales.

R. CARBALLAL LAFOURCADE

Enxebreza³⁵⁷

Conto

*Pra o quirido irmán e aprezado mestre,
don Manuel Luguís Freire.*

D. Manuel de Luís era home xa entrado en anos a quen riverenzaban e quirían na aldea X pola súa sabenza e polos sanos e bos consellos que daba a quen pedirillos iba. Corpulento, fornido e dreito coma un pino, era unha bella mostra da raza céltica da que era descendente, da que tiña corpo e corazón, e a ialma de neno; sana condición que lle permitía sere altivo cos soberbos e bondadoso cos humildes. De crenzas democráticas, pertencía ás izquerdas, o que non lle impedía sere transixente cos das dereitas que tiñan as súas ideas por unha santa relixión, e non por unha imposición doumática, porque coma dicía il tódolos homes somos no peito un altar e no altar un ídolo, ben iste sexa Deus ou a Natureza.

Dende os tempos primitivos cada tribu e cada pobo tiveron un Deus, que era o mesmo en espírito polo xeito en que o adoraban, e difrente no nome; por iso, nin pinsan mal os que cren en Deus, nin deixan de pinsar ben os que adoran a Natureza.

D. Manuel de Luís era ico[no]clasta, porque era crente sin idolatría no poder evolutivo, natural e centífico da Natureza; era cristiano sin espiritualidades, humano e cristiano son sinónimos no fondo, pois il pinsaba que as millores pregarias son a bondade, e as millores pregarias son a bondade, e as millores orazóns o agarimo ó próximo. Soupe–los mandamentos católicos de memoria pra non tere outra memoria de iles que pra rezalos e non cumprilos, e unha falsedade prá relixión, e unha herexía pra o ídolo. Sere ou non sere. Adourar un Deus que ten as doutrinas que lle impuxeron os que o adoran non é adoralo, máis ben é escarnecelo; outro tanto do que acontecenos con Galicia.

Pois ben, iste noso enxebre D. Manoel houbera mercado na xa dita aldea unha espréndida e fermosa casa–quinta, a que tiña, entre outras moitas cousas boas, unha gran capilla no medio do xardín, capilla que en sete meses que levaba il na casa non se abriran as súas portas nin pra ben nin pra mal.

Como a tal aldea quedaba un pouco lonxe da parroquia, xa o señor cura, tendo en conta os moitos filigreses que por alí había, pedíralle a capilla a D. Manoel por dúas ou tres veces pra decir misa nila, petizóns que trocáronse en outras negativas.

Un día xuntáronse unhos cantos vellos de por aquiles arredores, e rogáronlle que deixara dicir misa na súa capilla, e non sei que clás de elocuencia empregarian co il os vellos, que lles dou o seu premissa e mandou chama–lo señor cura. De máis

³⁵⁷ Aparecido no n.º 10 (16–2–1917) d’*A Nosa Terra*, p. 7. Foi incluído na *Antoloxía Gallega*.

istá o decire que iste, ó ter conocimiento de tal milagre, púxose en camiño da casa de don Manoel e chegado que foi, pideu premiso pra velo e xa na súa presenza, díxolle:

—Doulle as gracias, D. Manoeliño, doulle as gracias...

—De nada, meu amigo —contestoulle aquil—; os vellos do lugar viñéronmo a pedir, e... xa ve concedinlles o que pidían.

—¿Tamén vosté virá?...

—Polo de agora irán iles. Eu tamén teño unha igrexa: a terra; eu tamén teño un altar: a ideia; eu tamén teño un ídolo: Galicia. Si non lle adico rezos, adícolle a miña vountade i a miña enerxía, e adicarlle gustoso o meu sangue e a miña vida, si percisara do un ou percisara da outra.

—Xa sei que vosté é un gran loitador da causa galega, xa sei; mais ¿sabe que teño curiosidade por saber a que obedeceu o milagre de donarnos a capilla?...

E D. Manoel de Luís, o vello loitador das rivindicazóns da terra galega, con bágoas nos ollos e carraxe na espresión contestoulle:

—Direillo, meu amigo, direillo. Cando viñeron os vellos a pedirme a capilla, confeseinos ó meu xeito, e comprendín que sentían o que pedían. Eu coma vosté soupe, fun e son incansable loitador do ben e a prosperidade de ista nosa terra. Simentador fun que a simente que botei até o de agora non dou froito, non sei si por non esta—la terra en condizóns ou porque a comeron os paxaros; o conto é que os meus irmáns siguen sin tere o paradiso que eu soñara pra iles... Cando os vellos viñeron a pidirme a capilla e faláronme, intre outras cousas, de ganar outra millor vida, gloria ou paradiso sexa, sentín unha aperta moi forte no corazón e non puiden negárllela, porque eu, señor cura, aínda que non son un crente do xeito que son iles, pinsei que coa miña negativa cometía un crimen... Eisí chamariase, tendo en conta que eu coas miñas loitas non lles puiden donar o paradiso pra iles soñado, ó negarlles os medios de que vivan coa isperanza de atopar coa divozón e os rezos outra millor vida espiritual ó deixar a vida material, que ben ruín e miserabre a levan de abondo... Si é isa a úneca satisfazón que han de ter nista vida, si é isa a panacea que lles curará os dores da ialma, que recen, señor cura, que recen, aí teñen a capilla, que mentras iles eisí pecharán os ollos pra adoito coa surrisa nos beizos pinsando no que atoparán, eu pechareinos, en troques, chorando bágoas de sangue, pinsando no que pra iles atopar non puiden...

RICARDO CARBALLAL

¡Ou libres ou mortos!³⁵⁸

por RICARDO CARBALLAL

—Ises rapaces que eí ves son todos eles da Irmandade da Fala.

—¿E pra que?

—Pra que a nosa lingoa surxa á lus, e a falen tódolos galegos; en fin, que seia o idioma oficial de Galicia.

—Home, gústame todo menos iso. Fague—la nosa lingoa oficial ten cheiro a separatismo...

Ista conversa ascoitei fai noites nun café da rúa Real entre un veciño da Cruña e un *americano* dos recén chegados, e unha soma de inquietude e medo pola nosa causa oscureceu un anaco a miña fe, e tremei coma as follas no albre ó sere batidas polo vento.

Ascoitei a tal conversa, porque chamárame a atenzón aquil *americano* que falaba con acento tan enxebre a nosa lingoa, e non co afemiado que empregan casi todos os que veñen de aló. Pensaba prós meus adrentos que a nosa causa ten terreo ben abonado. Pensaba que a nosa vitoria ten de sere conquerida soamente a forza de costancia.

Mais a tal conversa esnaquizou os castelos feitos na miña fantesía, e si seguiron falando máis encolo disto, o non sei. Non ouín máis, non puiden ouír máis, e pensei nos *Lóstregos*, nos meus *Lóstregos*, que endemal non teñen a virtude dos naturaes, de rachar o espazo, e caer no chan pra destruíre, pra esnaquizare...

O feito de que aquil paisano dixera tal cousa non fixo mella en min, mais si causoume un dor no fondonísimo na alma ó decatáreme que coma il falarán moitos, e coma il pensarán máis. Separatistas. Chámannos separatistas, os que soio poden chamarnos afoutos por sere bos fillos; os que pasamos por outo ise nome que tanto arredra ós probes de esprito, ós fallos de vountade; ise nome: *ridículo*, con onde estrélanse os que non poden erguer a nosa lingoa ó cume a que ten dereito. E por ser afoutos, por ter o valore que até o de agora ninguén tivo, chámannos soparatistas... Teñen tan afeito o esprito á escravitude, que asómanse de tere irmás rebeldes que loitan pola súa liberdade non contra un amo que a mercou, sinón contra un ladrón irmán pola xeomorfia que lla roubou á zamurda.

Sempre dixeran, e non me canso de repetilo, que non temo o mal que poidan faguernos os alleos nin as trabas que poidan poñere no camiño dos nosos ideaes. En troques, o mal que poidan faguernos os irmás, que o son por nacere baixo o mesmo ceo e non por vivire encolo do mesmo chan, que o queren pra pisalo e non pra aloumiñalo, a ises témolles; a ises pra quen deseiio tralla pró corpo e dores prá alma —a ver se dise

³⁵⁸ *A Nosa Terra*, sección "Lóstregos", n.º 21 (10–6–1917), p. 5.

xeito amolecen e sinten arelas redentoras prá nosa matria—; a ises si, con sinceridade o confeso, a ises téñolles medo.

Eisí que pra erguer a nosa persoaalidade nazonal —hoxe tirada polo chan—, temos que loitar moito, e ter acotío o azo disposto pra agarimarnos unhos a outros, e xuntos, moi xuntos, en apertado feixe, faguer da fe e da vountade de todos unha soia e úneca vountade. Eisí venceremos, aínda que seiamos poucos, sin fixarnos na cantidade e si na calidade, e cando seipamos dun irmán que por vivire nun curruncho da nosa terra non pode loitar con nosco, e abafado vive no seu retiro cicais por ise mesmo remordimento, démoslle azo pónonos en comunicazón co il pra que beba con nosco a mel das ledicias e a fel das cuitas.

Mais cando, en troques, aqueles que finxíndose irmás dexergamos a tempo que é un catralvo que si non vén a vendernos, vén soiamente co fin de medrar á nosa soma caneando un nome, refuguémolo con tesón faguéndolle o baleiro, e alonxémonos dil, até que caia baixo o peso da súa ambizón, e decátese que nas nosas Irmandades, drento da nosa congorza modestia, sabemos desgazar ós que queiran impoñérese, alí onde non adimitimos máis imposizós que aquilas que nos dite nosa concencia matriótica, alí onde non temos nin xefes nin soldados, alí onde todos somos un e un somos todos.

Nós non percisamos figuras de relumbrón, pois non seguimos a homes. Temos na Irmandade da Cruña un irmán, Xerardo Faraldo, que, sin saber cicais da vida máis que o perciso pra vivire, é tan enxebre, tan galego, tan bon fillo de Galicia, que quen nos dera moitos Faraldos nas Irmandades, e alonxados dilas galegos con ribetes de prohomes, perxudiciaes á causa por antepor en tódalas cousas o *eu* á idea. Faraldo non terá sabenza nin facilidade falangueira pra levare acotío nos labres o verbe Galicia, mais lévao, en troques, no corazón que é onde hai que levalo, gravado con fondo suco polo buril dos aldraxes. Faraldo non berra nin erxila as doenzas galegas, mais sabe aturalas e desvívese por canear o remedio que tanto degora.

Co pensamento posto nos irmás do xeito do tal *americano*, xuntémonos pra defendernos os bos e xenerosos á soma da bandeira galega, que ergueita no máis outo do noso amore á matria, abálase aloumiñada polos ventos de redenzón que enchen Europa, e que tanto sangue e vidas costou i está costando. Hoxe que na concencia humana latexa fondonísimo o resurxir das nazonalidades; hoxe que téndese a emboutar o verbe *irredento* de tódolos pobos, e sintense arelas de redenzón en todo o mundo, non teñamos reparos en adicar trallazos limpos ós irmás que dormen o sono de pedra, de atraiso e de escravitude, que n'hai cousa millor que a tralla deixada caer a tempo e con forza no lombo dos escravos pra faguer que esperte nas súas cativas almas afeitas á mansedume o espírito da rebeldía, que finado o pleito xigantesco, o fondo problema a resolver nos tinguídos campos da loita mundial, non lle queda ós pobos irredentos outro camiño a coller que ¡jou libres ou mortos!

De min pra vós
En vísperas de eleccións³⁵⁹

Fuco chega á casa ás tres da mañán, dono e señor dunha tana maúscula. Petra, súa dona, sínteo entrar dende o leito, e fai que dorme.

Fuco mal coma pode, ou ben coma non pode, chega onde a súa dona, e dándolle unha volta á chave da lus eléitrica, alcende e ve.

FUCO (*Sentándose na beira do leito*).—¡Petra, Petra!...

PETRA (*Poñéndose do outro lado*).—Si te deitaras...

FUCO.—¿Deitarme? ¿Deitarme nunha noite coma ista, víspera de grandes acontecementos? Eu non fago tal cousa. (*Pausa, pra arregrar un meio desaregro na gorxa.*) Ti non sabes canto andiven, canto falei, canto remexín ista noite... ¡Rite ti dos vai e vén de García Prieto pra chegare ó que chegou! É unha disgracia; o sere un, un compreto cibdadán, é unha disgracia. ¡Ai quen tivera as ilusións perdidas coma PICORETE o do cine! (*Tocando á dona pra que esperte*). ¡Muller, miña muller, si é que non troquei de casa ou ma trocaron, ascoita! É miña obriga o facérete sabedora dos meus aitos, e teño...

PETRA (*Rebulindo*).—Non fai falla, xa o sei.

FUCO.—Mais si non me ouviches.

PETRA.—Vinte.

FUCO.—¡Mintes!

PETRA.—Vinte, vólvoche a dicire.

FUCO.—I eu repítoche que mintes, pois non me dou máis que doce, e iso porque arrecadeille votantes pra saír eleito tres veces.

PETRA (*Porcatándose do trabucamento de Fuco e gustándolle o xiro que tomaba a conversa, sentouse*).—Vaia hom, que tamén nunca coidei que pagárame tan pouco.

FUCO.—Pois si cadela máis me dou, que cadela de casa probe me volva. Boeno, iso si, pormeteume que saíndo concexal e pasárame hoxe ou mañán calquer trifulca na que interviñeran os *cascorro*, que non tiña máis que avisarlle e... ¡nin dez nin doce nin nada!

PETRA (*Soborpulada*).—¿Non douche nada?

FUCO.—Dou, muller, dou. Falo das da multa que poideran poñerme. Non fallaría outra cousa. Abondoso non é, mais drento da súa avarenza é honrado, e moi honrado. Si, señor, que unha cousa non quita a outra. É verdá.

PETRA.—E ule a pesetas.

³⁵⁹N.º 36 (10–11–1917) d'*A Nosa Terra*, p. 3.

FUCO (*Facendo o desentendido*).—Ademais, pormeteume que si sai eleito recuncará, ou fareme recuncar que outras tantas, pro axiña, en canto o seipa.

PETRA (*Impaciente polos cartos*).—¿E as doce?

FUCO.—A isa hora aínda non termiñase, muller. Sábese algunha cousa, mais de certo non.

PETRA.—Ui como me amocas. ¿El ti tráe—los cartos Fuco?

FUCO.—Traio. Xa fareiche contas.

PETRA (*Desconfiada*).—Contas temos, malo; dácheme mala espiña.

FUCO.—Aporpósito de espiña, xunteime na tenda da Raposa co unhos cantos amigos a cear un bocado, e ó estare comendo unhos toros de pescada fritida non sei que raio de gracia fixo un deles que agora non lembro, que boteime a rir con tanta disgracia, que pasei unha condanada de espiña, atravesouseme na gorxa, e...

PETRA (*Cruzando os brazos*).—Pois si que ten gracia.

FUCO.—Pois eu no—a vexo.

PETRA.—Quen parezme que no—as vai ver, son eu.

FUCO.—Non te enxergo.

PETRA.—Enxérgome eu e beilo sola. Ti, fasme contas?

FUCO.—Nisto istaba. Comencei a tusir e a abrimme do peito, e que mal rato pasei. ¡Coidei que finaba!

PETRA (*Dando mostras de ire perdendo a pacencia*).—Pouca era a perda.

FUCO (*Como si non ouvira*).—Vállame a miña sereidade. Tiven un pequeno acougo, metín un cornecho de bolo na boca, e botando man dunha xerra de dous netos cheíña a reverter. Dálle, dálle, dálle, sin tomar folgos, aló foron espiña, cornecho, e os dous netos a mellor vida. Pra istes casos non che hai coma a sereidade.

PETRA.—Si, a que vou perdendo eu.

FUCO.—Pérdea calquera. Non coides que a min falloume moito.

PETRA.—¿E malos xuncras lévenme si non búlraste de min?

FUCO.—¡Deus libreme de tal, e cando tales intentas ocurríranme, quedárame mudo, muller!

PETRA (*Aumentándolle o vapore*).—Pois parez, home, parez. Déixate de lérias, e contéstame.

FUCO.—Pergunta, Petriña, pregunta.

PETRA.—Cobráche—las doce pesetas?

FUCO.—Cobrei a fe.

PETRA.—¿E tráelas?

FUCO.—Traio coma a lus que nos alumea.

PETRA.—Pois daquela, ¿que demoro fas que non mas das pró arregro da vida?

FUCO.—Disimula, antes que se me esqueza. Unha das cousas millores e boas, por certo, que levan os nosos concexales é o arrego da vida, iso é, o tomare medidas pró abarataemento das subsistencias que...

PETRA (*Atallándoo e collendo unha perila da cabeceira da cama con ar ameazador*).—¡Xa cansei, reporra! Vai facer bulra doutros tan bos como ti! ¡Ou arregramos contas, ou céiboche a perila na testa como chámanme Petra!

FUCO (*Erguéndose á présa e póndose na porta que dá prá sala*).—¡Que condenado xenio tes muller! ¿Mais que contas queres que che faga? Seis pesetas gasteinas en cear cos que axudáronme.

PETRA.—¿E as outras seis?

FUCO.—Delas, tres fun comendo e bebendo polo día adiante.

PETRA (*No cume do encabuxo*).—¿E pra iso saíches da casa ás seis da mañán e non che vin o pelo en todo o día?... Boeno, ¿e as outras tres?

FUCO (*Acochándose trais da porta*).—As outras tres... ¡dinllas ós probes!

PETRA (*Erguéndose da cama*).—Logo, ¿quer dicir que non traes unha mala peseta das doce?

FUCO (*Fuxindo e dende a porta da rúa*).—¡Que parva eres, muller! ¡Como que si eu tivera unha peseta había de vir prá casa!... ¡Axiña me ibas ve-lo pelo!

RICARDO CARBALLAL

Un feito histórico³⁶⁰

Fai unhas datas, un bo irmán narroume o feito histórico que vos vou a contar, aínda que non porque volo conte sexa conto.

O feito aconteceu nun vagón do ferrocarril de Ferrol a Betanzos entre un feixe de rapaces non galegos e un probe paisano noso, probe pola falla de cartos, e rico pola intenzón.

A cousa foi recentemente. Unhos cantos rapaces que voltaban con licencia prás súas casas rubiron xuntos a un vagón, e cheos de ledicia, cantando e berrando como condenados, eisí viñeron até chegar á estazón de Xubia, onde os fixo calar a persenza dun paisano que co unha maleta nunha man e un lote na outra, antrouse de rondón onde eles, e dando unhos secos e tristeiros:

—Bos días —sentouse.

A chegada do intruso foi acollida co un longo silencio e unhos lixeiros e malizosos troques de olladas polos rapaces.

O bo do paisano preocupado polo dor que debía levar cravado na alma, a xuzgare pola súa tristura e algunha que outra bágoa que rodáballe fazulas abaixo, debilidade que acochaba baixando a chola como ollando o chan, non faguía caso, non vía, ou disimulaba, as olladas malizosas dos seus compañeiros de viaxe.

Ó fío, un deles, o máis afouto, dirixeulle o verbe en lingua eistranxeira.

—Paisano, ¿sabe vosté que foi pra nós algo eisí coma un dor de moas?

—¿E por que, meu amigo? —contestoulle o paisano erguendo cachazudamente a chola.

—Porque non hai cousa pior pra termina—la ledicia. Cantabamos todos, entrou vostede, e xa ve, calados como petos.

—Pois por min que non sexa; canten e bailen canto queiran, que eu non metereime niso.

—Pro home de Deus, si nos ten contaxiados coa súa tristura, e si cantamos vannos a saír cantos funeraes.

—Boeno, fagan o que queiran —rosmou máis que dixo o paisano.

—Si tan siquera volvéramoslle a ledicia ó corpo...

—Non volverán, non.

—¿Finoulle algún parente?

—Endebén, non, señor, non.

—¿Ten algún doente?

—Sóbralles a saúde a todos.

—¿Tivo algunha perda de importancia?

³⁶⁰N.º 39 (10–12–1917) d' *A Nosa Terra*, p. 5.

—Perdas de importancia tivera, e ficaríame máis do que teño.

—Logo, ¿ten algunha doenza?

—No corpo, non.

—¡Demontres! ¿Onde logo?

—¡Na alma!

—¡Na alma! ¿E vosté onde ten a alma?

Ríronse todos da pregunta, ou millor dito da resposta que podía vir, e agardaron arelosos. O paisano pasou a man do revés por un lado e outro do bigote, e dixo:

—A fe que ponme nun apuro, mais verei de saír dil. Cando a vosté diríxenlle un aldraxe, ¿onde o sinte?

O interpelado algo amocado pola pregunta, mais, non querendo deixar de adivertírese a conta do paisano, díxolle:

—Vexo que vostede é espelido.

—Hainos máis que eu.

—¿E logo?

—Que outros teñen que xantar na terra que eu deixo pra non finir de fame.

—¿Vai pra América, entón?

—Vou, si señor; mais roparo que vosté debe ser bon home.

—¿Por que mo di, paisano?

—Polo moito que se intresa pola miña vida.

—¡Como o vexo tristeiro!

—Quéreme poñer ledos, no—é certo?

—Si en min estivera...

—Enxergo, e coma non río eu, rinse vostedes. Por iso, ¡que tales son!

—Non sexa mal pensado, fálolle con seriedade. Eisi que paréceme que por ire pra América non debe poñérese eisi.

—Si fora eu soio no mundo, pouca pena levaba. Teño muller, teño fillos... Ademais, a terra, o amore á terra, tamén pesa...

—Pois non péselle, que n'hai mal que por ben non veña.

—Xa o creio; si fora como vostedes prá casa.

—Non, home, non. Ao millor, volta da América co unhos cantos miles de pesos no peto...

—Ou millor, doenzas no peito.

—Eu pódolle decir dun do meu pobo que foi aló, e voltou podre en cartos.

—E de que pobo é vostede?

—De Fuentemansa somos tódolos que eiquí imos.

—Serán, señor, sirán.

—Ademais —díxolle o preguntón faguéndolle unha seña ós compañeiros—, pode sere tamén que dempois de cinco ou seis anos por aló atope ó voltare a casa dous ou tres nenos máis.

Os compañeiros do preguntón ríronse a carcaxada limpa, e o paisano, quitando o sombreiro e pousándoo nas rodela, contestoulle sornón:

—¡Ai, o que é por eí non temos pena ningunha por ista terra!

—¿Son bos de convencere?

—Non, señor, e que temos tomado o acordo de tódolos nenos que nascen por ise xeito mandalos a vivire a Fuentemansa.

—E por que ó noso pobo?

—Ai, señor, por tere alí a costume de non perguntarlle ós nenos polos pais.

RICARDO CARBALLAL

De min pra vós

O Conselleiro³⁶¹

Era O Conselleiro un vello pastor con moitos anos de vida e moitos máis de experiencia. Outo, de forte compleisión, ben doado, i enmarcada a súa nobre faciana por longa e branca barba, tiña aspeito de gran señor chegado a aquilo por necesidade ou capricho.

Servía no pazo dunhos ricos marqueses. Seus servicios consistían en coidar do inmenso rebaño de ovellas e carneiros que conservaban os donos, seguindo unha vella costume dos seus antepasados.

O conselleiro non era daquelas terras. Persentouse un día ó marqués e convíndolle a este as proposicións que o vello fixolle, fixou alí dende entón, levando unha tan misteriosa vida como fora misteriosa a súa chegada.

A todos saudaba e a todos quería; mais eran seus únicos e inseparabres amigos o can Silenzo e un dos moitos libros que tiña na bibrioteca o marqués, por tere deste a correspondente licencia prós collere.

No outo do monte, mentras o rebaño apastaba pacente e mansamente e o can coidaba de que algunha ovella ou carneiro non fuxira do redil, el bebía na filosofía dos libros a iauga amarga da verdade ispida e limpa.

Saber, sabía moito. En certa ocasión pasaron por alí unhos forasteiros falando nunha lingoa desconecida, i el foi quen soupo contestarlles na mesma lingoa. Outra ves en que un probe cego chegou un domingo pola aldea tocando un vello e desvenxado violín, colleullo O Conselleiro, e pousando o arco sobor das cordas, arrincoulle ó estormento dozuras, salaios e meiguerías, que soio el, sin dúbida, sabía.

Cando algún dos da aldea poñíase malado, el daba o remedio pró curare; si surxía unha desavenenza entre dous veciños por mor de propiedades, endexamais iban a un preito: os litigantes acollíanse ó seu fallo. El sabía de cousas pra combatire as pragas do campo e as pestes do gando. Súas verbas eran sentencias. Saían as frases dos seus labres como pesadas lousas de mármore, pechadoras do que deixaba dito.

Mais un día, aló polo comenzo do outono, atopábase O Conselleiro cobixándose das pirmeiras rabuñadas da invernía xunto a un toxal, persentóuselle Maruxiña, a nena máis cobizada da aldea pola súa beleza, e, chegando onde a el, tristeira e apoucada díxolle:

—Bos días, meu señor.

³⁶¹ Dado a coñecer o 24 de setembro de 1918 da publicación *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, pp. 11–12.

Na introdución da edición facsimilar sinálase a posibilidade de cambio no título, de “Conto” por “O Conselleiro”, por parte da redacción do suplemento debido ó nome da sección que Carballal tiña na revista *A Nosa Terra*. Vid. Alonso Girgado e Monteagudo Cabaleiro, eds. (2001), pp. 50–51.

—El nolos dé, miña nena —contestoulle o aludido interrompindo a lectura e fitando pra ela—. ¡Malo, malo; o teu carís fáleme de non boa consulta, ¿non si?

—Vostede é adiviño...

—Meigo, quixeches decir. Pois n—hai tal. Acontece que o que lle pasa a outros, pasoume primeiro a min, que pra eso son vello, e velaí as miñas adiviñanzas.

—Poderá ser... Eu quixera consultarlle... Mais... dáme vergonza...

—Ben. Séntate eiquí, ó meu carón, ó acocho deste toxo e non temas polas espiñas, que as que se ven non firen. Séntate. Este recuncho é un bon amigo: no vran dá soma, no inverno agarima.

—Mire, señor, eu teño unha dor moi fonda, unha dor que consome a miña eisistenza.

—¿Dor do corpo?

—Non, señor, da ialma.

Polos ollos de adoito tranquilos do Conselleiro pasou lixeiro coma o pensamento un lóstrego de carraxe:

—Amores cicais?

—Amores, si señor.

Estremeceuse o pastor, arrepiado dende os pés á chola, e a súa faciana quedouse branca, branca como as folerpas da neve.

—¿Desprézate o galán?

—Vai en camiño. Decátome que o fará.

Conxestionado o vello e saíndolle a fóra a loita que sostiña drento de si, apostrofou:

—E ti, que eres muller; ti, que dispós desas invencibres armas de que vos dotou a natureza, vés a consultarme a min, ¡probe vítima cicais desas armas...! ¡Non, Maruxiña, non; a min non! Pergúntallo a outra que coma ti teña alma de muller, do demo, de trampa, de engaño, de calquer cousa, mais non a min.

—E que vostede é un santo. Vostede sábeo todo, e pra todo dá un acomodo.

—Menos pra o que non ten. E chámame santo, porque padezo calado, porque ti non sabes da espiña que levo cravada no meu peito. Si o souperas...

—¿Que? —perguntoulle arelosa a rapaza.

—Si o souperas, ¡probe de ti!... —díxolle con voz ronca, ameazándoa co puño pecho.

—Asústame, señor —escramou ela, pódose en pé.

—¿E quen eres ti pra facerme lembrar de cousas mortas na miña alma? —repuxo folguexando e pasando a man pola testa como querendo alonxar unha mala ideia.

—¿Quen eres ti pra mete-las mans nun niño de cóbregas ou nunha albariza de abellas cando as unhas ou as outras dormen?

—¡Perdóeme, señor! —marmurou ela tremando ó ver o descomposto que estaba el.

—Perdoada estás, nena —escramou pódose tamén en pé—. Na túa vida vólvasme a faguer somellante consulta, que de faguerma, falaría, e si falara... ¡matábate!... Non esquezas que quen seipa o meu segredo, este meu segredo que levo choído drento de min como sangue do meu sangue, como vida da miña vida, a ninguén llo contará, porque ó sere sabedore da derradeira verba tamén será sabedore do seu derradeiro momento...

E nobre e maxestoso, volveulle a espalda, e marchou monte abaixo a recada-lo rebaño, axudado polo can, único testigo que fora dun sanguento suceso de tráxicos amores, esquirto e gravado con letras de fogo no corazón do Conselleiro.

RICARDO CARBALLAL

O tesouro acobillado³⁶²
(1919)

³⁶² Este volume cuarto viu a luz na cidade da Cruña o 10 de marzal de 1919. Na caracterización física salientan dous aspectos: a fotografía coloreada do autor na portada e a propaganda dos membros da Irmandade da Fala herculina nas capas interiores e finais.

No ano 1976, a Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela reproduciu o capítulo IV na obra *Prosa Galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*.

O TESOURO ACOBILLADO
(C O N T O)

¡TERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE³⁶³

ANO I.

| A CRUÑA, 10 MARZAL de 1919.

| VOLUME 4.

O TESOURO ACOBILLADO

I

Interesante revelación

Aló polo mes de setembro do ano 1911 tornei por segunda vez a Cuba en compañía dun meu irmán. Coma eu deixara na Habana casa posta, e nela unha filla do país encargada de a coidare durante a miña ausencia, cousa moi natural habéndoa coidado na miña presenza, ao pór os pés na capital da república cubana, dirixímonos eu e meu irmán á miña casa.

Xa no Muelle de Luz rubimos ao tranvía que había de levarnos ao Vedado, e alí trocamos de coche polo que vai a Marianao, pobo onde eu vivía, e o que dista unhas cinco kilómetroas da Habana.

Chegamos á miña casa. Petei. Abreu a criolla, e outamente sorpresa ao me vere, salaiou, arrecachou os ollos canto puido, púxose nas puntas dos pés e doume unha aperta.

³⁶³ Xornal da Coruña que apareceu dende o 31 de decembro de 1896 ata despois de 1934. Levou os subtítulos "Diario católico rexionalista" e "Diario de La Coruña" e a partir de 1912 perdeunos. Dirixírono, sucesivamente, José Lombardero y Franco, que foi fundador e propietario; Eladio Rodríguez González, redactor e posteriormente xefe de redacción, e José García Acuña. Destacou pola calidade dos compoñentes (José Pan de Soraluce, Manuel Puga y Pardo, Alfredo Tella e Antonio Valcárcel). A redacción e administración estaba no nº 26 da rúa Real e a tipografía no nº 21 da rúa Galera.

A pesar de ser conservador, incluíu a corrente rexionalista. A singradura rexistrou dous episodios significativos: o apoio, canda outras cabeceiras (*El Lucense*, *La Integridad* de Tui e *El Telegrama* da Coruña), á campaña a favor da autonomía galega en 1897 e a finais dese ano a difusión da acción política conxunta entre o catalanismo e o galeguismo. Disto último resultou a compra de *El Noroeste* por Francesc Cambó, froito da petición de Antón Villar Ponte.

Proporcionou información galega, estatal e internacional coas seccións "Pintores de almas", "Glosa", "Himno", "Balada", "Conto", "Contos gallegos", "A voadora", "Cántigas novas" e "Cantiga". A listaxe de colaboradores engrosábaa Leandro Carré, W. Fernández Flórez, José Lesta Meis, Antonio Noriega Varela, Teófilo Ortega, Lois Porteiro Garea, Vicente Risco, Avelino Rodríguez Elías, Eladio Rodríguez González, F. Salgado y López Quiroga, Francisco Sánchez García e Antón Villar Ponte. Vid. Alonso Girgado e Monteagudo Cabaleiro, eds. (2001), pp. 15–85; Beramendi (2007), e Molina (1989), pp. 289–302.

Entramos. Persenteina ao meu irmán, e acto seguido preparounos o consabido café. No entretanto a auga non fervía, pergunteille polos amigos e púxome en antecedentes de canto por alí pasara durante a miña ausencia.

De súpeto acordeime dun noso veciño, chamado Rodríguez, que tiñamos ao lado. Un vello carpinteiro, natural de Illas Canarias, outo e forte a pesar dos seus cincuenta e oito invernos, e o que vivía en achego co unha negra, torta por máis señas, chamada Felipa.

Eran moi bos veciños. Fóra da terrible afeizón que tiñan ao diaño do fonógrafo co que dábanme tabarras imposibres, polo demais podían pasare. Hai que vere as dores de chola que me facían collere co aqueles berros framenquistas de Mochuelo e a Roxa.

Eisí que dirixíndome a Panchita, que este era o nome da criolla, pergunteille:

—¿Mudouse o illeño, nena?

—Non, saeu pola mañán pra traballare. Por certo que xa que del me falaches, téñoche que contare cousas moi interesantes.

Ergueuse ao sentire ferve-la auga, e botándolle o po que sacou dunha lata, prosigueu:

—¡Vanche sere moi ricos!

—Os veciños?

—E logo; tomáronche relacións co un negro chamado Sabino, e iste é o que os fará tan ricos.

—Déixasme parvo! É parente dela?

—Non, conóceno fai pouco.

—¡Boh! A ti fíxoche desvariar a ledicia de me vere.

—N'hai tal. É tan certo como téñote diante.

—Deso n'hai dúbida.

—Pois do outro tampouco. ¡Ai, si os cartos que son pra eles, foran pra min!...

—Pois conta, conta que tesme en brasas.

—¡Nin que fora eu de lume!... Verás, o tal Sabino é cociñeiro de primeira e ademais un forte espiritista.³⁶⁴

—Arrenégote demo —contesteille eu ao ouvir tal cousa.

Meu irmán surriuse. Panchita púxose seria i en aitude de non contare máis.

—Sigue a conversa —indiqueille.

—Non, que fas bulra —contestoume moi encabuxada.

—A fe que a non fago; conta.

³⁶⁴ Alúdese ó conxunto de doutrinas e prácticas que, malia coincidir co cristianismo en certos aspectos (Deus, espíritos, alma e vida futura), difire deste no relativo á comunicación cos espíritos. Vid. VV. AA. (1991), tomo 22, pp. 257–264.

Fixo unha lixeira carantoña coa boca i entornando as pálpebras, prosiguiu con voz melosa:

—Fai xa tempo que na finca «A Guaxira», que está a unhos vinte metros de eiquí, aparécese un espírito ou soma vestida de branco algunha que outra noite, aló polas doce, e dempois de chegare ao pé dunha seiba³⁶⁵ e tocare o chan coa man dereita, pérdese de vista.

—¡Demoro! —repuxen eu—. E hai veciños na finca?

—Hai, mais como é xente que traballa na terra e acóstanse cedo, tanto lles dá.

—Ben, sigue o conto.

—Sabedore Rodríguez de que o negro era espiritista, púxose á fala co el contándolle o que sucedía na finca, e aquel díxolle que a tal aparición non era outra cousa que a soma dun alma en pena que rondaba a albre por habere acobillado en vida algún tesouro ao seu pé, e que namentras algún irmán terreal o non sacase, voltaría meses ata que o tal non fixeran.

Calou Panchita ao chegare a este punto da relación. Meu irmán miroume e surrímonos, e o micho, estricado e co rabo en outo, refregouse contra as miñas pernas non sei si arripiado do que ouvira ou facéndome señas de somellante escocha.

—E pensan desacobilla-lo tesouro? —preguntou meu irmán.

—Pensan —asinteu Panchita—. Según as contas do negro, hai máis dunha ducia de miles de pesos en onzas choídas nunha vasixa de barro, as que serán todiñas pra Rodríguez.

—¡Todiñas! —repetín eu.

—¡Todiñas! —repíteu meu irmán.

—¡Miau! —eiscramou o gato.

—Asegún dixo o negro, eisé será —sentenciou Panchita.

—E dime unha cousa —pergunteille—, ¿habendo veciños, como dis que os hai na finca, non temen que os vexan ao iren a colle-los cartos?

—Non —afirmou a criolla—. Pra evitaren que os vexan, os cartos serán traídos ao través do chan polo poder misterioso de Sabino ata a cociña da casa de Rodríguez, onde serán recolleitos nunha lata.

—¡Cásome sin ter muller! E cando o fará?

—Dou verbe de vir mañán á noite.

—Pois xúroche que vería facer tal feito con moito agrado.

—Si que[re]s que lle fale?

—Muller, agradeceríacho.

Colleu Panchita do alzadoiro dúas cuncas de adornos chinescos e botando café nelas, dounos unha a min e outra ao meu irmán. Tr[o]uxo tamén a azucreira, e

³⁶⁵ A pé de páxina figura a seguinte nota: "Albre americano".

servinme. Mais, ao remexere o azucre, porcateime asomado de que a cor do café era roxo coma sangue:

—Ai, Pancha, ¿e ti que diaños dásme nesta cunca?

—E logo? —contestou admirada pola miña pregunta, e tan admirada, que deixou caer a azucreira no chan coidando que a pousaba na táboa:

—¡Xesús que parva estou, adeus miña azucreira!... E que dis que ten o café, home?

—Ti verás que o fixeches... —e decíndolle esto collía cullera das do café que deixaba caer dende outo pra lle amostrear a cor. Cando eu digo que a miña chegada...

—Agora si que tes razón —dixo ríndose coma unha tola—. ¿Sábe-lo que foi? Que troquei a lata que ten o pimento pola de café, mais axiña fareivos outro.

—Non, o non fagas —atalleina—. Recolle a cunca de meu irmán e porpara cea á noite pra os tres, que o café irémolo a tomare á Habana eu e mais el, de paso que visito aos amigos.

Erguinme. Doulle meu irmán a cunca sin poder conte-la risa, e saímo-los dous a toma-lo tranvía que nos tiña de conducire á Habana, non sin antes advertirlle á criolla que coidara de non facer coa cea os trocamentos que fixera co café.

II

Quen era o negro Sabino

Á noite seguinte, a eso das dez, atopábame sentado nunha mecedeira á porta da miña casa, folguexando o ar fresco das noites tropicais, co pensamento nas desditas que sofre esta nosa terra, cando chegouse Panchita onde a min e con voz queda e soborsaltada pola emoción díxome misteriosamente ao ouvido:

—¡Sabino está aí!

—¡Sabino!... Ai, xa sei, o negro. ¿Falache co el?

—Falei. Díxome que te quería vere. Como temos falado de ti cando estabas fóra, quérete conocer.

—Paréceme ben, ¿imos?

—Si, persentareite.

Chamei a meu irmán, que nesto das crenzas espiritistas é máis probabre sacarlle a bóla a un boliche sin crebalo que metérelle a el tales cousas no meollo, e chegado que foi, entramos na casa de Rodríguez.

Atopábanse alí en xuntanza Rodríguez, Felipa e o negro. Este, ao nos vere chegar, ergueuse calmudo e ceremonioso, e saudounos co unha lixeira incrinación de chola.

Persentounos Panchita. Estreiteille a man ao presentado, imitoume meu irmán, e sentámonos. O negro ficábame ao carón. Comencei a praticare co el i enxerguialle

que non era do seu agrado a miña mirada indagadora; non pola influencia que puidera exercere sobor el —cousa imposíbre polo lixeiro movemento dos seus ollos—, sinón pola mesma intranquilidade de non saber a crase de paxaro que tiña diante.

Sabino era o verdadeiro tipo negro, un fermoso exemplar da súa raza. Nin outo nin baixo, corpulento, áxil, testa estreita e saente, ollos pequenos como doas movedizos adoito indagadores ou buscós, narís aprastada do xeito dun cacho de lama tirado á parede facéndolle dous buracos logo, e o pelo rizo e pegado ao coiro cabeludo cal si temera de perde-lo dono.

A nosa parola dou comenzo dun xeito un tanto nazonalista. Laieime ante el ao me preguntare por Galicia, da dor tan grande que esperimetei ao deixar novamente a miña terra, e máis que da dor de a deixare da anguria choída no meu peito ao abandonala probe i escrava como noutroa a deixara.

E o negro enxergueu a miña dor. Fíxome unha fermosa comparanza entre a nosa raza e a deles, unha comparanza espritoal na que non eisten cores nin castas. Díxome que os seus añoraban os usos e as costumes do África, que nas horas de recolimento deitaban bágoas de sangue por presentire a desaparición da súa raza en América.

Espúxome de maneira maxistral como a nosa lingoa, na que vai a existencia da raza, ficaría perdida pola mistura do castelán como ficará perdida a súa raza pola mistura do home branco. Somente que a nosa lingua vivirá adoito por tere en tódolos tempos apóstoles e loitadores. Eles, en troques, non teñen, non poden tere esos defensores, porque os seus —decíame— tanto non fan pola conservación do seu orixen negro, que moitos deles non buscan a negra pra se axuntaren, sinón que endemal van á mulata, e si á branca non van é porque os non deixan.

Eisí doíase o negro dos seus males sin sabere que os nosos irmáns por negare a súa patria non soio falan o castelán, sinón que moitos, unha grande cantidade, cecean á lingoa dos toureiros pra despistare, ¡jou ladróns!, a terra onde foron nados.

Probes negros levados á América, mercados! Probes nós levados á América, vendidos! Eles, por deixare rouba-los seus corpos; nós, por deixare roubar noso esprito...

.....

Depois falamos do espiritismo, mostrando el unha grande conformidade co meu modo de enxerguelo. Faloume tamén do seu, do que exercía e profesaba. Un espiritismo salvaxe adeprendido dos seus antepasados levados a Cuba dende África polos negreiros españois, desos negreiros, caciques hoxe, que atópanse tan afeitos á venda que o día que tamén nós teñamos a liberdade espritoal e daquela non poidan vendernos, ficarán tan acostumados a elo que venderán as súas propias nais cando non teñan a quen vendere.

Contoume como pra adequirir aquel poder estrano, obra da natureza e da súa vountade, tivera precisión de ire ao monte á meia noite nas noites de luar, cos pés

ispidos, e arrincare cos dentes as raíces de certas albres e matoxos, dos que eles tan soio saben o gran poder segredo que conteñen. Faloume de pasare días e noites nun coarto fallo de lus pra adequirire a vista de vidente e abranguere o ver en prena soma o que os demais non ven.

Díxome, derradeiramente, que a súa minsión na terra era o lle dare acougo ás almas en pena, aos irmáns que sofren noutro mundo por habere deixado en vida tesouros acobillados no chan, e que voltan meses e anos á terra, ata que un irmán, envolvemento aínda na materia, recolle o tesouro e adícalle unhas misas polo seu eterno acougo.

Súa conversa era agradabre. Parlanchín, comunicativo e coa [a]quela súa fala castelana a meia lingua, facíase atraente e ouvíase sin cansancio.

III

O negro comenza a traballare

Un reló pindurado na parede dou doce camp[na]das. Calamos. Ergueuse o negro, volveuse a sentare e, descalzando botíns e calcetíns, mandou apaga-la lus.

—Siñores —dixo—, recoméndolles que garden silencio e que todos fumen. Tamén o farei eu.

Alcendeu el un pito, facendo todos o mesmo, pois ninguén iñora que aló naquelas terras tódalas mulleres teñen o tal vicio. O efecto era fantástico. Aquelas seis luces viventes en prena soma somellaban lucentes vagalumes.

De súpeto, sentín rastrear algo polo chan. Ao pouco e axudado polo resprandor que daba o lume do pito de Sabino, puiden apreciar a este fitándose no espello dun vestidore fronte ao cal estaba sentado nunha mecedeira cos pés recolleitos sobor do asento.

Pasaron unhos minutos de profundo silencio que foi crebado pola voz do negro ao ordear imperativamente:

—Poden alcendere. Teño noticias de que podo comenza-lo traballo.

Alcendeu Rodríguez, i erguéndose o negro díxolle a aquel:

—Dacá o teu picachón e a lata que eu tr[o]luxen. Farei un buraco no chan da cociña, onde poida mete-la lata —prosigueu collendo am[b]as cousas— e xa veremos si os cartos veñen ou non, aínda que eu creio que si. E agora deixádeme que traballe un pouco na cociña.

Aló marchou o negro onde estivo por espazo de vinte minutos, ouvindo tan soio os alí persentes os golpes do picachón ao fura-lo chan. Entre tanto todos permaneciamos calados como petos. Crentes os unhos, indagadores os outros. Mais todos con medo: os crentes con medo do que pasaba, os investigadores con medo do que podía pasare.

De súpeto, a voz de Sabino amonestou con carraxe:

—Rodríguez, ¡descruce esas pernas que imposibilitánneme o traballo! Teñan ben en conta este detalle: nin pernas nin brazos poden estare en cruz cando eu traballo.

Obedeceuno Rodríguez, que en efecto tiña unha perna encol doutra, e dempois de mirare parvamente pra nós ficou coa boca aberta. Panchita e Felipa estremecéronse, i eu e meu irmán mirámonos con curiosidade.

A cousa non era pra menos. ¿Quen foi que díxolle ao negro do xeito que Rodríguez atopábase, estando el na cociña desde onde o non podía vere? ¡Misterio!...

—¡Rodríguez! —berrou Sabino novamente.

—Percísame? —contestou este pódose en pé coma un autómatas trocando de cor.

—Vén³⁶⁶ acá! —ordenoulle aquel.

Aténdose o vello á orden, aló foi non sin antes mirare con anguria pra nós e ire torpezando con cantos muebles atopaba ao seu paso, tal era o medo que levaba.

Entrare el na cociña e apagárese a luz eléctrica, todo foi unha.

—Ave María! —murmularon a unha Panchita e a vella, arrechegando máis as mecedeiras.

—A... mo... lou... nos a lus —tatexou o vello entrando na cociña.

—¡Cala! —berrou o negro— que a man que a apagou hai[n]a de alcendere. Sigue a miña voz e chega onde a min.

O tabique que nos separaba da cociña e a escuridade reinante non permiteume vere contra o meu pesare si ao vello tremábanlle as pernas.

Sintín un ruído estrano a carón de min. Puxen atención e pareceume ouvir algo eisi coma o crebar de noces. Mais non, non era. Ouvín mellor, e cal non sería a miña sorpresa ao poder apreciar que aquel ruído non era outra cousa que ao se batiren os dentes da vella.

—Xesús, Xesús! —ouvimos que cramaba o vello na cociña.

—Ti ves? —decíalle o negro.

—Ve... xo, ve... xo...! —contestoulle aquel con voz tremante.

—Pois ben, ¡que veñan os da sala! —dixo o negro, máis outo, pra que o ouvíramos nós.

Aquelo iba con nosco. Erguímonos. Puxémonos en camiño ás tentas coas mans estendidas pra nos amparare dos tropezós, e pouquiño a pouco fumos indo. Dados que dera eu os primeiros pasos, torpezaron miñas mans en cousa dura, mais un tanto sensibre ao apreixala. Parei; a sensación era de roupa que estivera moi apertada sin deixare de ter a súa moleza. Tentei mellor, e puiden notare que o por min apalrado non

³⁶⁶No orixinal aparece "vi".

deixaba de tere a súa mornenza. Si corpo palpaba, de morto non era. Areloso de saír de dúbidas seguíñ tentando pra riba ata que apalpei unha cara na que puiden notare que tiña un ollo pechado. Pásmense, era a vella... ¡Fiquei lelo! A vella é...? ¡Cousas do medo, da escuridade e da súa raza! O conto é que a vella calou i eu nada dixen.

Tropeza eiquí e tropeza alí, chegamos á cocíña. Mirei aquela escuridade, e asomado fiquei ao vere alá no fondo da cocíña unha soma branca e outa que destacaba grandemente naquela negrura. Somellaba un corpo envolvemento nun sudario branco sin sinales de brazos, pernas, nin chola. Soio víanse nel dous ollos de fogo que non daban máis lus que a percisa, a suficiente, pra alumar o sudario.

Iba a fuxir un berro da gorxa da vella cando de contado, sin que ninguén tocara a chave que atopábase na sala, alcendeuse a lus polo xeito misterioso que fora apagada.

—Agora que hai lus, ouvide —díxonos Sabino que atopábase bastante lonxe de onde eu vira a soma.

E ben que ouvimos, por certo. ¡Gran milagre! ¡Estraordinario milagre! Eu como tódolos presentes ouvimos con toda craridade o sonido dun chorro de onzas de ouro que caían no fondo da lata unhas trais outras... Mirei ao negro, e pareceume velo envolvemento nunha banda de lus a xeito de aureola. ¿Suxestión? ¿Realidade? O non sei. Soio podo decire que por un momento vin pasare ao través da miña imaxinación quenturenta un regacho de ouro fundido, atravesando a terra, e que ao chegare á lata trocábase en douradas e relucentes onzas que, si o negro o tiña a ben e a soma o non tiña a mal, tiñan de sere todas, todiñas, pra o bo de Rodríguez, agás a primeira que saíra que estaba destiñada pra o meu irmán según o negro ofrecera.

IV

Unha cea e un velatorio

Pasados que foron dous días da derradeira escea, recibeu Rodríguez unha carta de Sabino, onde decíalle que tiña que lle levare dez pesos á súa casa pra cumprimentare non sei que mandatos do difunto, e ordeando, ao mesmo tempo, que foramos á noite á súa casa, a eso das oito, pra cear co el cantos estiveramos presentes no acto de pasa-las onzas á lata.

De máis está o decire que tivemos moi en conta a tal invitación e que todos puxémonos ledos coa noticia, agás o vello Rodríguez, por tere que levar os dez pesos.

Ás oito da noite chegamos á casa do negro. Entramos. Xa na sala, puidemos apreciar que a cea tiña de sere espréndida ao xuzgare por unha táboa cuberta con branco mantel e adornada con ramos de froles. Ademais, o negro era un gran cocíñeiro.

Soio unha cousa chamounos a atención. Ao contare os servizos que había encol da táboa, contamos sete. Os convidados eramos cinco e un o anfitrión, seis. Logo, había un de máis. ¿Pra quen era? ¿Quen sería o invitado desconocido? O tempo nolo diría.

Dou orden o negro de que nos sentaramos á táboa, e distribueunos da seguinte maneira: eu, Panchita e meu irmán, á banda dereita, e Rodríguez e a vella, na outra. Ficaban, pois, por cubrire a cabeceira e un posto ao lado do vello.

Tr[o]uxo o negro as tarteiras da cocíña, que foi poñendo na táboa. Sentouse ao lado do vello, e sirveunos a todos sin deixar tamén de facelo co prato da cabeceira. Mirámonos u[n]hos a outros. ¿Quen era o que tiña que ocupar aquel posto baleiro e ao que o negro servía na súa ausencia? O misterio seguía adiante.

Comenzamos a cear. Terminado o primeiro prato, recolleu Sabino os pratos usados e, xuntándoos co que servira na cabeceira, colocounos nunha pequena táboa que había ao carón da nosa.

Sirveunos o segundo prato, e servido ficou tamén o prato do posto baleiro. Aínda que a curiosidade facíanos cóxegas, ninguén afoutouse a preguntare cousa algunha que tivera relación co posto da cabeceira. El tampouco nada dixo e, pasando polas mentes de todos a escea do Comendador no Tenorio, seguímo-la cea adiante ata que, limpando os labres e bebendo un sorbo de auga, ergueuse Sabino e crara e pausadamente dixo:

—Siñores, agora que atopámonos cheios e satisfeitos, pois a cea pra todos chegou, é preciso que pensemos naqueles que sofren por vivire fallos de acougo espritoal polo mundo da lus. Eses seres que camiñan errantes e sin fiducia de achar o perdón do Señor, agardan de nós o sere redimidos da carga ou pena imposta por Aque³⁶⁷ que todo o rixe e o goberna. A soma do irmán que, vivindo neste mundo acobillou o seu tesouro, teño enxerguido que a súa envoltura non recibiu cristiana sepultura. É mester, polo tanto, que a reciba. E pra elo, faremos esta noite o correspondente velatorio e mañán, ás cinco do serán, levaremos unha cruz ao cimiterio coas iniciais M.D., que responden ao nome que levou nesta vida. Tamén á mañán faremos decir unha misa polo seu eterno acougo. Eisi que esta noite ficaredes todos na miña compañía e mañán, ás dez, o amigo Rodríguez servirase traer ao meu poder vinte pesos, cantidade precisa pra os gastos que orixinen estas cousas. ¡Erguédevos, e que o Señor ascoite nosos verbes!...

Erguímonos. Santiagueuse Sabino facendo nós o mesmo, aínda que ao meu pouco enxerguere non todos o fixemos co mesmo fin, pois o vello Rodríguez adiantounos en se santiagueare, contestando, si non me engano, ao pedido do negro. Non era pra menos; en dous días mal contados, trinta pesos era pra se santiagueare calquera. En troques, a vella, cicais pra se desquitare en algo dos pedidos, colleu durante a cea dúas costiletas que envolveu nun pano, anque con moito disimulo meteunas no peto da saia.

³⁶⁷Plásmase desta maneira no relato.

—Agora imos ao velatorio —díxonos o negro tomando el a dianteira.

Porcatándome eu de que atopábame sin pitos, adevirtíndollo a Sabino, saín por eles á tenda. Cheguei a ela, merquei dúas caixetelas e tornei de volta prá casa.

Unhos vinte pasos antes de chegare, atopeime co un condanado can, grande coma un cuxo, o que deitado ao ancho da aceira entretí[ñ]ase en roer un óso.

Mirei prá rúa. Era imposíbre o botárese a ela, pois a chuvia daqueles días a convertira nunha lameira. Chegueime ao can. Parei. Fitoume receoso e sin deixare de roer rosmou polo baixo. ¡Malo!

Rasquei a chola. Preocupábame aquel tropezo. Faleille morosiñamente, chamei-no por non sei cantos nomes, e o ladrón ¡vaiche boa! Tratei de o acariciare, e rosmou novamente. Non atinaba co bo camiño.

De súpeto, tiven unha ocorrencia. Volvín á tenda, merquei un bolo de pan e chegueime novamente a el. Partín un anaco e dinllo. Comeuno con receo. Dinlle outro, e reconecendo en min a un amigo, ergueuse, e comeuno tamén. Repetín; e xa con toda confianza, miroume con bos ollos e comenzou a darlle ao rabo. Rompín a andar, e sigueume.

Eisí fumos indo ata a porta que a deixara entornada e ao se decatare o moi larpeiro de que era alí onde eu iba, sin encomendárese a Deus nin ao demo, lixeiro coma unha mala ideaia entrou el primeiro. Amoloume.

Vendo de que non había maneira de que o can saíra, entrei tamén e cerrei a porta. Sigueume. Chegamos ao coarto, onde atopábanse os compañeiros de cea sentados ao redor dunha especie de cadaleito, o que tiña enriba unha lampa de aceite, única lus que alumeaba a estancia. Por sorte miña, ninguén reparou na entrada do can, o que ao me sentare no sitio pra min destiñado acostouse aos meus pés.

Calados estaban cando eu cheguei e calados seguiron ao me sentare. Calei tamén. As horas transcurriron deste xeito, e debido á fartura e ao silencio reinante un trais outro dos presentes fumos prendendo no sono, ata que todos ficamos dormidos como ben[di]tos.

Serían aló polas tres da mañán, cando despertei ao sentire que algo morno como un alento batíame nas mans. Abrín os ollos un tanto soborsaltado, mirei e surrinme. Era o can. Acaricieino. Os compañeiros dormían a perna solta. Bostecei. Estriqueime ao meu gusto, e alcendín un pito.

Ensimismado en non sei que pensamentos, ou alelado mellor dito, din de súpeto un pulo terrible da cadeira ao sentire un berro tremendo dado por Felipa, a que cos ollos moi abertos polo medo e os brazos en outo cramaba:

—¡Ai, Sabiniño, por Deus, vállame que teño ao difunto diante en figura de can!

Despertouse Sabino e co el os demais ao ouvir tales berros. O can, efectivamente, prantado diante da vella coa chola en outo e movendo o rabo como cando ventan algo do seu agrado fitábaa fixamente. ¿Que demo facía o can diante da vella? Xa, cousa

moi natural e lóxica. Olfateou as costiletas que gardara a vella ás acochadas, e velaí o misterio do seu acecho.

A admiración de todos ao ve-lo can non tivo límites. Ningún era sabedore de como nin cando chegara o can ata alí. Eisí que o primeiro movemento de todos foi de terrore.

Porcatándose a vella de que ninguén lle valía pechou o úneco ollo que tiña, e caeu coma un lote, encol da cadeira, decindo entre dentes toda estricada:

—Vál[!]ame o Señor, ¡que trotes!...

Vela o can caer daquel xeito, balanzárese encol dela e husmear onde gardara as costiletas, todo foi unha. Ao dare coa entrada do peto, onde as gardara, meteu nel o fuciño, chantoulle os dentes ao pano, onde as tiña envolteitas, e sacouno entre o xeneral asomo dos presentes.

Pousou o pano no chan, e axudándose das mans e do fuciño desenvolveuno de contado, e púxose a come-la carne con máis tranquilidade que a que ten noso paisano Rigueira cando esquirbe en latín.

Pasado o primeiro momento de estupore, adiantáronse Rodríguez e Sabino á vella, i esquecéndose da presenza do can, o que atopábase banquetear debaixo do cadaleito, comenzaron a chamala i a movela máis á vella “¡que si queres!”.

Nesto, ocorreu que o diaño do can deixara o rabo fóra do acocho do cadaleito e ao dare un paso o vello pisouno. O can que ata o daquela levara a broma os berros da vella e o movemento da xente cansouse de as termare, e poñéndose en pé de loita chantoulle os dentes nunha perna ao bo de Rodríguez, quen ao se sentire ferido púxose á outura do can e pertendeu darlle unha patada. Errouna, e con consecuencias. O que fixo foi dárelle a patada ao cadaleito, que rolou polo chan e co el a lampa de aceite, ficando como é natural a habitación a escuras.

E daquela foi cando o conto púxose feo. A vella que sae do esvaimento e ao se vere ás escuras redobra os berros; Rodríguez e Sabino a rolos polo chan en loita co can; este que ladra cando non morde e morde cando non ladra; Panchita que chama por min, e meu irmán pedindo lus, formaron unha algareira dos demos que non sei no que pararía si Sabino como conocedore da casa non chega á chave da lus e alcende.

¡E que cadro, miña nai! Felipa desgrefñada e cos brazos caídos ao longo do respaldo da cadeira, Sabino coa roupa en xiróns das dentelladas do can, Rodríguez tumbado no chan co cadaleito encol del, Panchita arrimada á parede toda encolleita, meu irmán surrindo do cadro e o can aos meus pés rematando a cea que interrompíalle Rodríguez; era todo o conxunto do efecto máis cómico que os ollos humanos puideron vere.

—Ainda está eiquí ese ladrón? —tronou Sabino ao ve-lo can aos meus pés.

—Home, ábranlle a porta pra que fuxa... —interpuxo Panchita.

—Marcelino —díxolle o negro ao meu irmán—, fágame o favor de abri-la porta, porque vou a darlle unhos zorregazos a ese ladrón, que creio que váiselle a esquecer o número desta casa.

Obedeceuno meu irmán. O negro foi por un pau. Mirei ao cadelo e compade-cinme del. ¿Como avisalo do perigo? Dinlle lixeiramente co pé, e nada. Dinlle coa man, e nin cousa. Erguinme, botei a andar, e sigueume. Acaricieino. Ao chegare á porta, a que xa meu irmán tiña aberta, collín do peto o anaco de bolo que me ficaba, amostreillo e tireino á rúa. Lixeiro coma o pensamento correu trais del e aporveitando esto, pechei. É certo que o abandonaba, mais certo é tamén de que libreino co elo dunha tunda das que fan época.

Coa concencia tranquila de haber feito unha boa acción, volvinme co meu irmán pra o coarto do velatorio. Dempois de todo, ¿que culpa tiña o can de todo aquilo? Todo fora fillo da casualiade ou da fatalidade!

Cando chegamos vimos a Sabino co un forte pau na man.

—Sei que busca o cadelo? —pergunteille.

—Busco —contestoume encabuxado.

—Máis valeu aísi, porque si o collo o mato!... —sentenciou.

As primeiras luces da mañán foron crebando a escuridade da noite. Ao lonxe sentíanse os ledos cantos dos galos. A voz ben timbrada dun leiteiro rachou o ar entoando unha doce e agarimosa guaxira. Amañecía.

Decatouse Sabino e deixando o pau, díxonos:

—Amañece. Terminámo-la nosa misión e podédesvos retirare. Marchade, e non vos esquezades os unhos das cousas a facer, e os outros das cousas a traer.

Obedecemos. Os facedores recrinamos a chola encol do peito e o levador moveuna dun omo³⁶⁸ a outro.

Cando saímos á rúa, xa o sol rubía maxestuoso polo Ourente, prácido e surridor, espallando lus e quentura pola terra e disipando a brétema tropical, que esfúmase e pérdese ao se poñer en contacto coas primeiras raiolas do astro rei.

V

Unha soma, unha lus, e outra noite sin dormire

Cumprida que foi a condución da crus ao cemeterio, tornamos todos prá casa de Rodríguez onde tiñamos que cear, correndo o gasto da cea a cárego de Sabino. Aquel negro era espréndido coma un nabab.

Proparou a cea o negro, consistente nun rico e amarelo arroz con pólo, e puxémonos o mesmo que aros, cando os aros están cheios.

³⁶⁸ *Ad pedem litterae*, alúdese á parte superior e lateral do tronco, na que comeza o brazo.

Como a derradeira noite non dormiramos cousa co conto do velatorio, ás nove da noite despedímonos uns doutros, e retirámonos cada un á súa casa.

Eu creio que ao pouco tempo de acostáremos todos, o que máis e o que menos dormía a perna solta. A verdá é que a noite fora de tráfego, e o día non fora menos. Eisí que os corpos cansos e os leitos, espelidos, convidaban a abandoarse nos brazos de Morfeo.³⁶⁹

Aló pola meia noite unhos fortes golpes dados na porta nosa despertáronme. ¿Quen chamaría a aquelas horas? Botei as miñas contas, e calculei que levaría dormindo unhas tres ou catro horas. Eisí, pois, serían a unha ou dúas da madrugada.

Un novo peto máis forte que os outros fixome estremecer. ¿Habería fogo? Olfateei por si ulía a chamusco, e nada. Soio sentín algo fóra o ouveo longo e triste dun can como cando ventan morte, e fixome pensare en si morrería alguén. ¿Morrería, pois, algún veciño e víñanme a avisare? Morrería, si; aqueles longos e tristes ouveos, aquelas chamadas a deshora...

Outro peto fortísimo que fixo trema—la porta resonou como un trono no silencio da noite. Secóuseme a lingua, púxoseme un nó na gorxa, e despertou Panchita.

—Xesús, que peto! Foi na nosa porta? —perguntoume.

—Foi, e non é o pirmeiro —contesteille sentándome no leito.

—¿Quen pode sere a tales horas?

—Pergunta quen é.

—Déixao, que si présa non ten ou apuro non trai, xa volverá a chamare...

Aínda ben non terminara de decilo, un peto, dado sin dúbida co un croio, determinóume a me erguere do leito e a pensare que o que petaba tiña présa.

Erguinme. Alcendín a lus da sala e sin abrir perguntei:

—¿Quen chama?

—Gracias a Deus que me ouviron!... —respondeu o de fóra—. Son eu, Rodríguez...

—¿Rodríguez?... E pásalle algo?

—E non ha pasar? Abra e direille.

Abrín. Era el, en efecto. Entrou e deixándose caer nunha mecedeira, escramou coma un salaio:

—¡Esto é pra volverme tolo!

—Tenme en coidado, Rodríguez, ¿que lle pasou? —díxenlle tocándolle a testa, a que tiña fría coma o mármore.

³⁶⁹Mit. Era fillo de *Hipno*. Tiña unhas grandes ás, coas que chegaba rapidamente ós confins da terra, e nos sonhos das persoas adoptaba forma humana. Véxase Grimal, Pierre (1981), *Diccionario de mitología griega y romana* [Dictionnaire de la mythologie grecque et romaine, 1951], tradución ó castelán de Francisco Payarols, Barcelona: Paidós, p. 366.

O vello estaba pálido, desencaixado. Pensei de contado ao velo de tal xeito, en Sabino, no morto, na lata das onzas, no velatorio e na crus, e un friaxe de morte correu polo meu corpo arripiándome.

—¡Ai, veciño; o que aconceceume fai pouco é horrible! ¡Si eu soupera esto!... ¡Que lus, que bóla de fogo correndo polo chan, pola parede, polo teito!... ¡Dí-golle que é horrible, horrible!... —e isto decíndome nerviosamente, tapábase a faciana coas mans cal si quixera alonxar da súa vista a visión de que me falaba.
—Déixame parvo... —esclamei.

—E aquela soma —prosigueu—. Aquela soma que achegábase a min e pasábame a man pola chola dándome golpiños nela e dempois, baixándoa por encol dos meus ollos ata chegar ao bigote, retorcíame as puntas, dábame beixos e surríame, surríame sempre, amostrándome aqueles seus dentes brancos...

—Demoro, cale! —atalleino.

—Ten razón —espuxo baixando a chola— e gracias que non lle dou por facerlle festas a Felipa, ¡que si llas fai!...

—Pegáballe, ¿non?

—Que había pegar, hom, que había pegar. Miña probe, ¡morrería co medo!... ¡Ai!, paréceme que aínda a vexo... ¡que visión!

—E marchou? —pergunteille.

—Endemal, deixeiña alí. Quer vire a me facer compañía? Ao sentire tal pregunta confeso que dobráronseme as pernas, puxéronseme os pelos de punta, rasquei a chola e calei.

—Eí vén? —repíteu o vello.

—Home, a verdade, teño un soño que non vexo —contesteille disimulando.

—Mellor daquela, pois dese xeito a non verá, aínda que alí esteia.

—Amolácheme —dixen pra min.

—Imos logo? —recalcou.

—Imos —respondín contra o meu pesare—. Mais agarde un anaco que avisarei a Panchita e vestireime mellor.

Avisei, en efecto, á criolla de que iba a acompañare ao illeño, sin decirlle polo que pra non asustare, e chegándome ao armario, onde gardaba un revólver, collino, metino no peto traseiro do pantalón, e chegando xunto ao vello, carraspeei forte e poñéndome á outura das circunstancias, dixenlle:

—Cando queira.

Ergueuse o vello, saímos e pechei. A noite, unha desas noites de luar craras coma o día, convidaba a vivire, a amar, a goza-la vida, a todo menos a pensare en somas nin en visións.

Mirei o reló: as tres. No mercado, que cadraba en fronte de onde nós viviamos, comenzaban a trafegar nos preparativos prá venda do novo día. O cafetín do mercado

estaba aberto. O mozo, debruzado no taboeiro, refregaba os ollos. Dous mercadeiros, sentados a unha táboa, desaiunábanse. Déronme envexa e convidei ao vello:

—Desaiunamos?

—Como queira —díxome.

—Pois imos —afirmei tendo en conta que tiña tantos desexos o vello de volver á casa coma eu de acompañalo.

Aló fumos. Pedimos café e unha copíña de ron cada un. Falamos de mil cousas alleas ás aparicións, e fala e fala, cando mirámo-lo reló marcaba as cinco. O local comenzaba a enchérese de parroquianos. Chamei, paguei o gasto i erguímonos.

Rodríguez tirou prá casa i eu traís el. Chegamos á porta e sacando o chavín do peto meteuno no peito; miroume e con ar de mártire salaíou, dou volta ao chavín, e dándolle un empuxón á porta, franqueou a entrada:

—Entre vostede —díxome.

—O non consinto, Rodríguez. Vostede diante —contesteille.

—Ten razón; hai que alcender primeiro.

Dreito ou torto, valente ou medoso, el entrou.

—¡Veleiquí! —berrou desaforado, aínda ben non entrara—. ¡Veleiquí á soma, veciño!

O non pode negar. O seu berro, co que non contaba, arripioume unha vez máis. ¡Maldita a ditosa soma! Botei man do revólver e comencéndome de que non tiña medo, ou tratando de facelo, entrei:

—¿Onde está?

—¡Eiquí, veciño, eiquí sentada nunha cadeira! ¿Trai armas?

—Traio —respondín con enteiraza—. ¡Alcenda a lus!

—Non; hei termare dela pra que non fuxa, ¡recoiro!

E meu dito, meu feito. Ouvín algo eisé coma unhos pés que afianzábanse no chan e un ruído enxoito, brutal, dun corpo que caí encol doutro atorquexándoo feramente.

Asegurei o revólver, puxen o dedo no gatelo e adiantei na escuridade seguindo a voz de Rodríguez. De súpeto, detívome unha escramación anguriosa, non dada polo vello:

—¡Ai... ai...!

—Berra, crama —decíalle o vello—. Veciño, sin compasión, arrímese e tire!

—díxome a mín.

—Pero es ti, Rodríguez? —interpuxo o do berro—. ¿Es ti quen eisé maltrátasme?

—Eu sí, como non, ¿coidas que pola cobiza de colle-los teus cartos acobillados hei consentire que me volvas louco? Non; si tes folgos pra morrere dúas veces, ¡morrerás!

—¡Ai, Rodriguiños, Rodriguiños!... ¿Farás ti eso coa túa Felipa que nada che fixo?

—¿Pro es Felipa? —escramou o vello deixando de atorquesala e correndo a alcende—la lus.

—Son, home, son —repuxo a vella coa voz entrecortada polos saloucos—.

Dende que ese demo ou bruxo de Sabino entrou nesta casa, n—hai paz pra min!

Fixo lus o vello e ao vere a muller, que ela era en efecto, recostouse a promo na parede e cos brazos caídos, a chola baixa e mirada de parvo díxolle:

—¡Válame Deus, i era a ti a quen quería matare?

Mirouno a vella, mirou pra min e ao me vere o revólver na man, dando un novo i estridente berro, esvaiuse. Rodríguez, incapás de termare de tantas e seguidas emocións, pechou os ollos, escorréronlle os pés polo chan e as costas pola parede, e ficou sentado.

Indubidablemente, o meu papel naquela comeia non era de deseare. Gardei o revólver e cando xa íbame a retirare, fixeime que aos pés da vella había un sobre aberto. Collino, saquei a carta que tiña dentro e leín:³⁷⁰

Amigo Rodríguez: hoxe ás sete do serán terá no seu podere vinte pesos pra me entregare, pois co eles farei os derradeiros gastos de desacobillamento do tesouro e dempois de que faga vostede esta noite o que eu lle ordene, mañán ás doce do día terá lugare o descubrimento do tesouro, o que ficará dende esa hora da súa propiedade. Deus nos oia. —Sabino.

Terminada a lectura, caéuseme o papel das mans. As cousas que alí pasaban eran pra volver tolo ao máis cordo. ¿Quen puxera aquela carta aos pés de Felipa? Mirei pra os vellos e os dous dormían como pelouros³⁷¹ en acochado rincón de apartada congostra. Fallos de sono como estaban, pasaron, sin dúbida, sin se daren conta do desmaio ao sono. Deixeiños, tirei da porta con forza pra pechala e dirixinme á miña casa coa boa e santa intención de me acostare, que falla me facía por certo.

³⁷⁰Recalcámo—la epístola cunha estrutura diverxente á edición d'*A Nosa Terra*.

³⁷¹A este vocábulo pódenselle aplicar dous significados: 'Pedras de pequeno tamaño xeralmente arredondadas pola erosión' e 'Pedriñas arredondadas e lisas empregadas nun xogo infantil'. Vid. VV. AA. (2002), p. 920.

VI

O víspera da riqueza

Da noite prá mañán atopeime rico, inmensamente rico. As contas de Sabino respeito á cantidade á que ascendía o tesouro fóranlle fallidas. Repartida a totalidade entre eu, Rodríguez e meu irmán, tocounos a cincuenta mil pesos a cada un.

Ao me facere cárego da miña parte, creín perde-lo xuicio. ¡Cincuenta mil pesos en onzas de ouro! Nunca tal soñara. De máis está o decire o troque de vestimenta operado en todos nós. Con decire que a vella botouse de sombreiro, está dito todo.

Eu, pola miña parte, merquei canto cobizara sendo probe. Adquirín unha casa na vila e outra na aldea, e un fermoso automóbil dos bos pra facer longas camiñatas. Dempois determiñei o facer un viaxe por Europa e facendo unha lista do itinerario a seguire, saquei pasaxe pra España, desembarcando nesta meiga vila da Cruña, na que estiven unhas tres semanas. De eiquí, o primeiro viaxe que fixen foi a Betanzos. Tiña desexos de visitare os seus célebres Caneiros, facendo a excursión en bote polo río Mandeo.

Endexamais fixera tal cousa. Cando ibamos co bote aló polo meio do camiño, sin podereme espricar aínda hoxe como foi, virouse o bote dunha banda e ao río fumos eu e o boteiro. El nadaba coma un corcho; eu facíao peor que un ladrilo.

Instintivamente, agarreime a el. Douse conta do mal que eu nadaba e decañándose do perigo que corría ao meu lado, zambulleuse na auga e como aquel camiño non era o que me conviña, solteino.

Vinme perdido. Daba a mans e a pernas pra me sostere a frote e o único que sacaba en limpo era o estómago polo moito baldeo, que lle daba a forza dos tragos que bebía ben ao meu pesare. Baixei, rubín, bebín, botei i eisí estiven un anaco, ata que sentín que unhos dedos de ferro collíanme pola cabeleira; e coidando eu que serían as poutas da morte, perdín a vountade de loitar, abandoáronme as forzas e pechando os ollos, deixei-me ir...

Mais os tiróns de pelos iban en aumento. Abrín os ollos facendo un derradeiro esforzo. Mirei con medo: andexamais mirara. Quen me tiraba por eles era a criolla Panchita, a que cansa de me chamare e vendo que non achaba xeito de me despertare dábame aqueles fortes tiróns pra conseguilo, berrándome ao mesmo tempo:

—¡Érguete, home de Deus, que chegou Sabino!

¡Probe de min! Nin cartos, nin automóbil, nin casas. Nada, ¡todo fora un sono! Senteime no leito. Desconfiado, aínda de que non fora certa tanta beleza, restregaba os ollos, pechábaos, volvía a abrilos, fitaba a criolla, mais tivenme que convencere de que

aquela miña riqueza no era outra cousa que o froito da miña imaxinación, pensando nos feitos que pasaran. ¡Aquel condanado negro volvíanos tolos!...

—¿Que hora é? —pergunteille á criolla.

—As oito.

—Vaia hom, que me gustas, ¡da noite! Anda, érquete, que agardan por ti xa fai un pouco.

—Vén a destapa-la lata —interroguei areloso pensando en si saíria certo o sono.

—Non; a dárelle certas ordens a Rodríguez do que ten que facer esta noite pra que mañán en dando as doce do día poida destapa-la lata.

—¡Alabado Deus seia si mañán é!

—Ben, bule axiña que agardamos por ti.

Marchouse a criolla, vestinme e unha vez arregrado, tomei camiño prá casa de Rodríguez. Ao chegare á súa porta, na que estaba o negro, saudoume este respetuosamente con ar de gran señor e díxome:

—Ben matou o desvelo, compadre.

—O non fixen mal.

—Pois entre, que por vostede agardamos.

Entrei; alí estaban todos, incluso meu irmán. Cerrou a porta o negro e chegando onde a nós, grave e maxestuoso, dixo:

—Siñores, atopámonos en vísperas de dúas grandes felicidaes: a do irmán espritoal, que abranguerá a indulxencia do Señor, e a do irmán material, que achará ao[s] seus anos un meio de pasa-la vellez tranquilo e despreocupado. Si estas felicidaes foran terreaes, era nosa obriga o festexalas como era debido, mais como esta felicidade é filla de imperativos mandatos, que non están ao abranguemento da nosa man, e a axentes cumpridores, moi por de riba da nosa intelixencia, debemos pasar esta data non por un día de festexos, sinón por un día de reflexión e de reconcentración de pensamento, orando cada un as oracións que seipa, que o Señor ten en tanta estima as esquirtas pra El como as non esquirtas e pensadas, sempre e cando elas seian fillas dunha profunda fe.

Fixo o negro unha trégola na súa oratoria. O silenzo adonouse daquela estancia e soio ouvíanse os voos dos mosquitos ao bateren as ás.

—Rodríguez —prosigueu o negro dirixíndose a aquel—, ¿ten no seu poder a cantidade anunciada?

—Teño —contestou o vello.

—Pois envólvaa nun pano negro e sígame. E no que toca a vostedes —dixo referíndose a nós—, ¡que Deus vos garde e ascoite as vosas oracións!

E isto decindo, cal si obedecera a unha imperiosa orden, saeu da casa coma unha frecha. O vello co pano nunha man e os cartos na outra, os que iba envolvendo polo camiño, siguiu trais de Sabino pra non perdelo de vista.

Ao cabo dun coarto de hora voltou suoroso e fadigado.

—¿Que hora é? —preguntou con arela.

—As nove menos vinte —díxolle meu irmán.

—Ben; axudádeme os homes a poñe-la lata no meio da sala e as mulleres, mentras tanto, que vaia unha por incienso e a outra que alcenda lume na cocíña con carbón de madeira e que haxa cantidade de abondo.

Cumpreuse todo tal como o ordenara Rodríguez e xuntándonos ao seu redor, díxonos con voz alterada pola emoción:

—Ouvide; en dando as nove no reló, deixádeme todos. Os de fóra pra fóra, os da casa a se acostaren. Teño a obriga de botar brasas nunha pala i encol delas incienso, e co ela dare unha volta compreta á sala deténdome en cada un dos catro currunchos o tempo preciso pra rezare sete «Pai nosos que estás nos ceos», e isto teño que facelo cada meia hora, dende as nove ata as seis da mañán, hora á que téñome que acostare e non poderei erguerme ata as doce do día, en que chamaram Felipa pra destapa-la lata e adonáreme do tesouro.

Nesto dou a primeira camp[na]da das nove. Correu o vello prá cocíña a cumprir a orden do negro e deixámolo soio como nos indicara pra que dera comenzo ao rosario dos cinco centos catro «Pais nosos que estás nos ceos» que tiña que rezare aquela noite, sin outra compañía que a lata, as brasas, o incienso e a pacencia que faríalle falla pra cumprir tal cometido.

VII

O tesouro, descuberto

Graves, solemnes, pausadas soaron doce camp[na]das no reló pindurado na parede. Foi un domingo tráxico, arripiador. Eu creio que por un anaco parou de circular o sangue polas nosas veas.

Foi despertare Felipa a Rodríguez; aito seguido persentouse este na sala, tremendo como sinxela albre ao sere batida polo trebón. Traguía unha cor de morto.

Dirixeuse á lata que aínda estaba no meio da sala. Axionllouse diante dela, rezou un «Pai noso que estás nos ceos» e quitou o pano branco que a cobría. Ficaba un negro. O vello suaba pingas como garavanzos. Nós o non faciamos menos.

Levantou o pano negro; todos puidemos vere unha codia de terra pola que soborsaían os cantos de douradas e relucentes onzas. Un jah! de asomo, de escramación fuxeu dos nosos peitos. O vello pousou unha man no chan pra non caere, tal fora a impresión que recibira.

Folguexando fortemente endereitouse ben e a modiño, con agarimo de nai, tirou dunha delas con dous dedos e amostrounola en outo volvendo a pousala con infinita delicadeza.

Tirou doutra do mesmo xeito e aquela, un pouco máis presa na terra que a primeira, tivo precisión de apertalos un pouco forte e aprastóuselle entre os dedos lixándollos dunha cor escura.

Colleu outra, apertouna i espachurrada ficou entre os seus dedos. Púxose de pé pausadamente co unha frialdade aterradora. Surriuse sinestramente e recolléndose sobor si mesmo, pasou as mans pola testa, deixounas correr fazulas abaixo, e xuntándoas encol do peito apreixounas unha contra a outra, e rechinando os dentes colleu a lata pola parte de abaixo, e sosténdoa en outo emborcou o contido no chan.

Pirmeiramente caeu unha pouca de terra revolta coas onzas aprastabres, as que espalláronse a rolos en difrentes direccións. Dempois, ¡arripío!, escorrendo pouco a pouco polas paredes da lata, caeu un cantullo terriblemente grande, mais con tal mala sorte que foi a magoar un pé da vella, a que dou un berro tan estraordinario que aínda me parece estalo ouvindo.

—¡Ladrón, ladrón! —repetía o vello inconscientemente sin facer caso da vella—. ¿E estas son as onzas do tesouro? —cramaba angurioso contemprando unha delas que rolara ata os seus pés.

Esaminouna e quitándolle unha envoltura que tiñan de papel dourado, caeu na conta de que tratábase ¡de onzas de chocolate!... Ergueu a chola e mirou pra nós. O seu mirar investigadore foi deténdose faciana por faciana cal si quixera atopar nelas unha surrisa de bulra. Afortunadamente todos resistimos impertérritos a súa mirada sin a máis leve contracción muscular.

Pechou fortemente a man na que conservaba a onza, arroxou esta con rabia contra o chan, feita un bolo, e caieu esvaído nunha mecedeira, non sin antes escramare co un despeito ameazador:

—¡E pra esto gastei cincota pesos en catro días e recei cincocentos catro «Pais nosos» nunha soia noite!... ¡Ladrón!

RICARDO CARBALLAL.

Certame literario de “TERRA A NOSA”

TRABALLOS RECIBIDOS

Ata a data de hoxe levamos recibidos os seguintes traballos, que imos numerando por orden de chegada:

Núm. 1 Versos Da Raza. Lema: «Cántalle cantos forzados—qu’esforzado o peito fan».—*Pondal*.

Núm. 2 Tipos da terra, en prosa. Lema: «Tipos da terra».

Núm. 3 Novela Amor sinxelo. Lema: «Hércules».

Núm. 4 Novela Catuxa. Lema: «Os tempos son chegados».

Núm. 5 Novela Amor malfadado. Lema: «Marineda».

Núm. 6 Novela Alma galega. Lema: «Rosíña».

Pra o próximo mes de abril, comenzaremos a publicar algún dos traballos recibidos que seian merecentes de publicalos según a opinión do xurado calificador.

Dito xurado será composto por delegados das entidades:³⁷² «Academia Gallega», boletín «A Nosa Terra», «Centro [R]exionalista», «Instituto de Estudios [G]allegos», «Irmandades da Fala» e xornal «El Noroeste».

No próximo volume, publicarase

FOLLAS AO VENTO

(*POESÍAS*)

de

FLORENCIO VAAMONDE

³⁷²Os entes plásmanse entre comiñas inglesas.

EDITORIAL
PRENSA GALLEGA S. A.

Talleres de Imprenta

DE

EL NOROESTE
DIARIO de LA CORUÑA

REAL, 26 ○○○○○ TELÉFONO III
LA CORUÑA

*De min pra vós*³⁷³
(1928)

³⁷³ Colectánea de vinte relatos dados á luz na sección "De min pra vós" do decenario *A Nosa Terra*. Malia non figurar no índice, o relato "Axúdate, que Deus te axudará" forma parte da obra.

RICARDO CARBALLAL

DE MIN PRA VÓS³⁷⁴
(Contos do Pobo)

“NÓS” PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
A CRUÑA – Real 36–1º

1928

³⁷⁴ A ilustración da cuberta e da portada, esta última coa imaxe dun hórreo, realizouna Alfonso Castelao. Vid. Mato, coord. (2007), pp. 110–111.

DE MIN PRA VÓS

VERBAS LIMIARES

A Editorial NÓS pon á venda este libro de contos do malogrado escritor galego e fêrvido loitador galeguista Ricardo Carballal co dobre propósito de divulgalos e rendir un testimoño á súa lembranza.

Carballal, morto na prenitude das súas facultades literarias, foi dos primeiros fundadores da Irmandade da Fala cruñesa, punto de partida da autual renascencia galega. Patriota fervoroso con unha autuación exemprar no campo galeguista foi dos primeiros en acadar o grorioso tíduo de «bo e xeneroso» de que falou Pondal. As páxinas de «A Nosa Terra» están nos seus primeiros anos ateigadas de ademirabres probas do gran talento e nobre ideal galego de Carballal. Delas son tirados estes contos que a Editorial NÓS impronta nun nobre propósito de divulgación e segura de facer unha obra máis en favor da literatura galega hoxe en vigoroso rexurdimento.

Cómpre tamén adiantarse ao xuicio, que poidera vir, dos escolleitos ou dos mozos; decindo que NÓS ten a gala, e constituíe esto o seu maior galardón, publicar todas aquelas obras, que estando escritos na nosa fala contribuían de calquer xeito ao seu máis grande uso sin perder o tempo en disquisicións literarias inuteis. NÓS pensa e así o practica, que hoxe en galego hai que escribir de todo e para todos. O mesmo para os iniciados que para o vulgo. Así o di craramente toda a obra literaria por ela realizada, somentes co desexo de contribuír con todo o seu esforzo á creación dunha gran cultura galega.

¡TERRA A NOSA!

DE MIN PRA VÓS

(Contos do Pobo)

*

O cocho do «Princesa de Asturias»³⁷⁵

A un enxebre paisano noso que presta servizo no cruceiro «Princesa de Asturias», e que por máis señas é dos de galóns da dotación de máquinas, ouvinlle³⁷⁶ o conto que a contarvos vou. Si amocado fun por non sere certo o conto, contaréivolo a vós pra amocarvos, por tal de non me quedare coa amocadura.

Antre os moitos mariñeiros que compoñen a dotación do «Princesa de Asturias», había un, nado nas Rías Baixas, que tiña o santo privilexio de faguer beilar un cocho pequeno cando il tocaba ó seu xeito un vello violín, ó que lle arrincaba notas tan harmoniosas coma arrincarlle pode quen tocalo non sabe e coma as que poden faguer falla pra que beile un cocho. A custión³⁷⁷ é que il metía o quino nunha tina baldeira, e aínda ben non sentía as primeiras notas do violín, comenzaba a dar brincos sin xeito cos pés e coas mans, coma si talmentres estivera enriba de unha prancha de ferro quente.

Nos comenzos, foi o advertimento³⁷⁸ dos compañeiros; dimpois o foi de sobrecargos e contramestres e de oficiaes e até do mesmo comendante, derradeiramente, pois todos tiveron que faguer co aquil cocho beilarín. Eisi e todo, máis que o quino beilara, chamáballes moito máis a atenzón os medios que empregaría o mariñeiro pra conseguire tal milagre, pois teño entendido que amestrare un cocho é cousa máis difícil aínda que o conseguire que o xionllo de Romanones deixara de atoparse adoito faguendo vértice de un ángulo outuso. Isto do amestramento marxen dou a que dimpois de adicarlle ó das Rías Baixas mil xéneros de gabanzas, preguntado fora por xefes e compañeiros da maneira coma chegara a amestra-lo cocho, mais o amestrador parez que tiña o conto en gran segredo, dende o punto en que a ninguén dixo coma a tal cousa chegara.

A necesidade, ata³⁷⁹ eiquí que o diaño da necesidade, que é a que pon a proba o prezo das cousas e os segredos dos homes, tamén o³⁸⁰ puxo a il e mal librado saíu dela.³⁸¹ Atopábase nos comenzos do mes do Antroido faguendo unhas faenas na cu-

³⁷⁵ Publicouse so o epígrafe "Contos do Pobo" no n.º 7 (15-1-1917) d' *A Nosa Terra*, pp. 2-3. Foi recollido en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, disposto entre a páxina 7 e a 10.

³⁷⁶ *ANT* e *AG*: ouínlle.

³⁷⁷ *ANT* e *AG*: costión.

³⁷⁸ *ANT* e *AG*: advertimento.

³⁷⁹ *ANT* e *AG*: hete.

³⁸⁰ *ANT* e *AG*: tamén-o.

³⁸¹ *ANT* e *AG*: de ila.

berta, cando acertou a pasar por alí o comendante, que ó velo e reconecere³⁸² en il o dono do cocho, perguntoulle:

—¿Beila algo novo o cocho?

—Beila o mesmo, señor comendante —díxolle aquíl coadrándose militarmente—; quen bailaba e non na persencia de usía, si lle concedera unha cousa, era o dono.

—Ti dirás.

—¡Si usía tivera a ben darme un premiso pra pasa-lo Antroido na casa!...

Pensativo³⁸³ quedouse un anaco o comendante, e surríndose coma si achara unha solución, contestoulle:

—Concédoche o premiso si me dis como te apañaches pra faguer baila-lo quino.

—Direille a usía si me dá a súa verba que non llo contará a ninguén.

—Conta.

—Pois verá usía. O conto foi ordenado por min e un meu compañeiro. Antre os dous metíamo-lo cocho na tina. Dimpois, eu collía o violín e il un xarro de auga fervendo, e adoito que eu tocaba, il vertía poucos de auga no lombo do cocho, que, fervendo como istaba, xa comprenderá usía que o menos que podía fague-lo cocho era beilar do mesmo xeito que o ven beilar agora. Isto feito unha data e outra,³⁸⁴foi tal o medo que lle ganou ó tocar do violín, que era o anunzo da iauga fervendo, que agora cada vez³⁸⁵ que o escoita³⁸⁶ comenza a dar brincos agardando, sin dúbida,³⁸⁷ pola quentura do lombo... ¡Eisí foi, usía, como adeprende a beila-lo meu cocho!

—Ganáche-lo premiso, rapaz —escramou ríndose a carcaxada limpa o comendante, seguindo cuberta adiante antre a admiración dos mariñeiros, que nunca o viran rir de tal xeito cun³⁸⁸ compañeiro.³⁸⁹

³⁸² *ANT* e *AG*: reconecere.

³⁸³ *ANT* e *AG*: Pinsativo.

³⁸⁴ *ANT* e *AG*: e outra,

³⁸⁵ *ANT* e *AG*: ves.

³⁸⁶ *ANT* e *AG*: ascoita.

³⁸⁷ *ANT* e *AG*: dúbida.

³⁸⁸ *ANT* e *AG*: co un.

³⁸⁹ *ANT* e *AG*: Engaden un fragmento máis.

.....
.....
Iste foi o conto que me contaron, e iste é o conto que me fai faguer unha pregunta con motivo do beile que tiveron datas atrás os deputados da nosa rexión na tina centralista.

—¿Beilaron polo tocar do violín rexional, ou porque aquíl lles anunciaba a iauga fervendo dos “Amigos da Fala”?

Ti sei que dormes³⁹⁰

O tío Farruco, o taberneiro máis vello e o que máis e millor parroquia tiña no lugar, vivía na taberna sin outra compañía que a de unha vella e crecha cotorra que lle mandara un seu sobriño dende México, en pago de dous mil e cinco centos de réas que lle prestara pra marchar pra aló. Mandáralla nos comenzos de se atopare naquelas terras por un seu veciño que viñera a pasa-lo vran entre os parentes e dende entón non tivera outra noticia do seu sobriño. Ben é certo que si os mil e cinco centos de réas llos deran polo condanado do paxaro, pódovos asegurar que o non vendía pola moita compañía que lle faguía co seu parolar, non na lingua dos *rotos e pelaos*, aztecas, sinón na galega, que a falaba de tan bon xeito que mesmo daba xenio ouvila.

³⁹⁰O relato, redactado na Habana o 20 de agosto de 1909, apareceu no n.º 10 (23–8–1909) de *Airiños d’a miña terra*, pp. 3–5. Foi reproducido no n.º 10 (17–11–1910) de *Suevia. Revista Gallega* [pp. 7–9] e mais no n.º 13 (20–3–1917) d’*A Nosa Terra* [pp. 6–7]. En 1928, introduciuse novamente na obra *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 10–15.

O título mudou a fasquia, dende “¿E ti sei que dormes...?” (*AMT*) e “¿Ti sei que dormes...?” (*SG*), ata “¿Ti sei que dormes?” (*ANT* e *AG*), e “Ti sei que dormes”, na reedición.

A primeira versión (*AMT*), con diversas intervencións dos personaxes e outras consideracións do autor implícito, comezaba así:

A noite era do demo. O vendabal, fureoso nos tellados, zoaba cal xigante moscardón; as nubes en carreira estrepetosa, cansadas de fuxir, desfaciáanse en auga que caguía con furea sobre o chan; o lóstrego cal folla de navalla, feita fogo, raxaba a escuridad, i o trono retumbando polo cementadas, i hastra aos mesmos penedos na súa base faguía retembrar.

Na aldea en que pasou o sucedido que vou a relatar, as poucas casiñas que houbía nela premanecían coas portas e ventás pechadas todas, dando mostras que houbía, xente drento dela, algún que outro raio de lus que caía polas rendixas das portas ou polos furacos dos tellados, que máis ben que rendixas parecían fogos fatos camiñando polo arredor da casa.

Aquela aldea, con noite semexante, era talmentres un cimitero de mortos vivos, ou un poblado de vivos mortos; que hai vivos que nacen, viven, crescen e se morren mortos, e hai mortos que, dempois de selo, premanecen por anos e por siglos cal si foran vivos.

Si poidésemos ollar polo furaco da porta pra fixarmos no que faguían en cada unha daquelas casiñas, ao parescer sin ninguén drento, ó mesmo veríamos crusces que nos farían faguer cousas. Cando o mariñeiro sal de pesca, tan a punto está de trager pescados pra xantar como a quedar xantado pola pesca.

Mais deixemos os veciños cada un no seu chollo e volvámo–los ollos prá taberna do tío Farruco, quen estaba botando sapos e cobras pola boca, pois non houbía unha ialma de Dios que se achegara pola súa porta pra lle mercar tan siquera unha mala perríña de aceite.

Eisí como diante do mostradore do tío Farruco non se ollaba a ninguén, non acontecía mesmo no inteior da taberna, pois nun coarto que tiña pra os gostosos de xogar á brisca atopaban catro rapaces ao redor dunha mesa de pino, cunha xarra de viño no medeo do catro e unha porca baraxa nas mans, que de lonxe fedía [a] raios pola mezcía que faguían en elas os xugadores con poucos de terra, sudore e tabaco.

No coarto en que xugaban Ramón e Marcelino contra Xan e Chinto o importe de un neto de viño pra quente–la xorga (coma decían iles) non houbía máis moebles que a mesa en que xugaban, dous bancos aos costados da mesma e un candil que pendía dun longo gancho de ferro cravado no techo. Moi preto do gancho e, polo tanto, do candil, houbía unha xaula de xunco, pendente tamén do techo, á que tiña condanada cotorra que falaba como tal, e non como outra cousa; pois abundan as cotorras que falan como presas, i escasean as presas que falando nin siquera poidan asomellarse coas cotorras.

Entre as moitas meiguerías que a condenada faguía, tiña por costume o tío Farruco despois de que pechaba a taberna, ire onde a ela e ó decirlle: —¿Ti sei que dormes?, collía cunha³⁹¹ pata o candil que estaba preto da súa gaiola,³⁹² e dáballo contestándolle esperguizándose: —¡Eí vai iso! O tío Farruco collía o candil surríndose, e íbase a deitar ledado do gananzal do día e satisfeito de tere tan boa compañía, pois coma el decía: —A non hai millor no mundo: non fuma nin bebe, non ten vicios; fala o que sabe,³⁹³ non di parvadas; viste o que ten, non é orgullosa; come o que lle dan, non é larpeira...

E abondáballes a razón.

*
* *

A tal cotorra chamábase a tía Farruca, por se-lo único familiar do tío Farruco e porque este bon home non tiña outra cousa no mundo de máis apreco que o falador paxaro. Trúxolla un primo seu, que viña de México, con algunhos cartiños aforraos e cos que mercou a taberna que pasou ao poder do tío Farruco por morte do seu primo.

Houbía que oír do taberneiro cando falaba pola mañán coa súa cotorra.

—Farruca, Farruquiña, ¿ti non tes fame, ho?

—Téeño Farruuuco..., teño... —contestáballes aquela deslengoad.

—¿E que queres? ¿Gústache o caldo?

—Non o queerroo..., nooon...

—¿E logo, que che gusta, condenada?

—Chiculaa... te...

—¿Chicolate? Sei que toleas, cotorra eu demo; ¿ti pariche algunha ves pra que me pidas chocolate? ¡Non cho tomaba a miña muller! ¡Ai, logo...!

Eisí polo estilo, pasaba o día o tío Farruco en faladuría coa súa cotorra; sin deixar logo pola noite, cando pechaba a taberna e se iba a deitar, de decirlle á cotorra:

—¿E ti sei que dormes?, e desoncos a meiga da cotorra collía o candil cunha pata, dáballo ao tío Farruco e volvía prá súa xaula.

Estas i outras meiguerías eran a diversión do taberneiro e dos veciños daquela aldea.

Mais volvamos ao conto, que pra detalles xa hai abondo.

Aos catro rapaces que xogaban na taberna do tío Farruco, importáballes moi pouco ao parecer; o vento que zoaba, a iauga que caguía, o lóstrego alumbrante, nin o trono retumbou. A marcha do xogo os tiña preocupados por comrepto.

Xan e Chinto iban perdendo máis xogos dos que debían perdere pra poder emparexarse con Ramón e Marcelino.

Coma Xan tiña moito xeneo e Chinto moita Cachaza, perdían a maior parte dos xogos polas descuseós que formaban.

Os contrareos, moi calados, aporveitaban as discuseós pra poder gana—los xogos que se atopaban en peligro. Comenzan un xogo, reparten as cartas, e Xan pergúntalle a Chinto:

—¿Tes brisca Chinto?

A primeira reprodución, aínda que de menor extensión cá anterior, coincide nos datos referidos.

³⁹¹ ANT e AG: co unha.

³⁹² ANT e AG: xaula.

³⁹³ ANT e AG: soube.

Noite de inverno. Auga, vento, lóstregos e tronos. Nun coarto da taberna xogan un par de netos de viño á brisca Ramón e Marcelino contra Xan e Chinto. Sobor da mesa un xarro e dúas cuncas de barro, que con catro cadeiras, o candil colgado no medio do teito e perto³⁹⁴ del unha gaiola³⁹⁵ coa cotorra compoñen o mobiliario do dito coarto de xogo.

Xan e Chinto levaban tres xogos perdidos polo moito que rifaban, pois Xan tiña moito xenio e Chinto moita cachaza. Comenzan outro xogo, espallaban as cartas e Xan perguntolle³⁹⁶ a Chinto: —¿Ti tes brisca?³⁹⁷

—Teño —contéstalle³⁹⁸ Chinto.

—Veña brisca.

—¿Non será³⁹⁹ moi cedo, Xan?

—Non señor; ¡veña brisca!

—A non comerán,⁴⁰⁰ Xan...?

—¡Xoga brisca, reporra, mándocho eu!⁴⁰¹

Xogou a brisca Chinto, matou Xan de cabalo e o contrario⁴⁰² matou co rei.⁴⁰³ Os contrarios⁴⁰⁴ surríronse,⁴⁰⁵ Chinto rascou a chola e Xan mordeu as cartas.⁴⁰⁶

—¿Non cho dixen Xan? —rosmou cachazudo Chinto pousando as cartas na mesa.⁴⁰⁷

—Xa que sabes⁴⁰⁸ tanto, leva ti o xogo —contestoulle Xan surríndose socarronamente.⁴⁰⁹

³⁹⁴ *ANT* e *AG*: preto.

³⁹⁵ *ANT* e *AG*: xaula.

³⁹⁶ *ANT*, *AG* e *SG*: pergúntalle.

³⁹⁷ *AMT*: ¿Tes brisca Chinto?

³⁹⁸ *AMT*: contéstaballe.

³⁹⁹ *AMT* e *SG*: ¿Non che parece [...].

⁴⁰⁰ *SG*: Comerana.

⁴⁰¹ *AMT*: —Xogue brisca, ¡puñefla!, mándollo eu...

SG: —Xogue brisca ¡reconcho!, mándollo eu. [Tras esta intervención hai estoutra: —Boeno; vaia brisca].

⁴⁰² *AMT* e *SG*: contrareo.

⁴⁰³ *AMT*: Rei.

⁴⁰⁴ *AMT* e *SG*: contrareos.

⁴⁰⁵ *AMT* e *SG*: ríronse.

⁴⁰⁶ *AMT* e *SG*: Xan mordeu as cartas; e Chinto rascou a chola.

⁴⁰⁷ *AMT* e *SG*: —Non cho dixen? —repuxo Chinto.

⁴⁰⁸ *ANT* e *AG*: soubes.

⁴⁰⁹ *SG*: —O que eu che digo, e que non xogo máis a brisca por hoxe.

A continuación, figura:

—Quen non xoga máis son eu.

—Pois termíñouse o xogo.

—¿E non hei levar? ¡E ganaremos! —repicoulle Chinto.

⁴¹⁰Siguiron xogando e perderon aquel, mais ganaron catro seguidos e puxéronse á altura dos contrarios. Atopábanse catro a catro, e como a partida era a cinco, os que ganaran o que fallaba ganaban os dous netos.

⁴¹¹Espallaron cartas e o comenzaron a xogar. A Chinto comenzouno a tentalo o sono⁴¹² e Xan por dúas ou tres ocasións o tivo que despertar.

—¿Que queres que xogue, Chinto?

—Agarda ho;⁴¹³ o sono tenme lelo.

—Pois a ver si te esperguizas que a ganancia está neste.

—Por min non ha quedar.⁴¹⁴ ¡Veña brisca!

Chinto pideu a brisca aturulado co sono sin ter un mal trunfo na man, e perdeuna.⁴¹⁵

—¿Ti non tes trunfo Chinto?

—Perdóame Xan. Trabuqueime coas cartas...⁴¹⁶

—¡Poña, que a fixeches boa! ¡Pártate un raio a ti e mais ás túas parvadas!⁴¹⁷

—A modo ho;⁴¹⁸ non fales de raios coa noite que está.⁴¹⁹

⁴¹⁰SG: O parágrafo é o seguinte:

Decindo e faguendo, levantouse do banco, ao mesmo tempo que un longo trono retumbaba aláfóra.

—¿E ti vas saír agora coa noite como está, Xan —perguntoulle.

—Tamén tes razón.

—Ascoita, si ti queres, podemos seguir xogando; pero hei de levar eu o xogo —repuxo Chinto.

—Vou xogar, pra ve—los milagres que ti fas —contestou Xan, e sentouse.

⁴¹¹SG: O fragmento previo é este:

Volveron a xogar de novo, perderon o primeiro, e ganaron tres seguidos.

—Que dis agora ¿fago ou non fago milagres? —exclamou Chinto.

—Fas o; abofé que non pensei que xogaras tanto, amigo Chinto.

Siguiron xogando e ganando, e cando xa estaban preto de emparexarse cos contrareos, a Chinto entroulle sono, e Xan en dúas ou tres ocaseós que despertalo.

—¿Que fas, Chinto?

—O sono tenme lelo; non me deixa estar.

—Pois a ver si te esperguizas, que temos que ganar un neto de viño pra tomalo.

—Por min non ha quedar. Veña brisca.

⁴¹²ANT e AG: comenzouno a tentalo o sono.

⁴¹³ANT e AG: oh.

⁴¹⁴ANT e AG: Por min a non quedar.

⁴¹⁵SG: Chinto aturrulado co sono, pediulle brisca a Xan, e como non tiña nas maus un mal trunfo, perdeuna.

⁴¹⁶SG: —Non, Xan: esquivoqueime coas cartas.

⁴¹⁷SG: —¡Pártate un raio o, que boa a fixeches!

⁴¹⁸ANT e AG: oh.

⁴¹⁹SG: —Ascoita, compañeiro; non fales de raios nin cousa parecida coa noite como está.

—Non me dá⁴²⁰ medo nin anque os vexa polo meu arredor.⁴²¹

—¡Non son cadelos que se espanten co pé!⁴²²

—Si non son cadelos, abre os ollos e xoga.⁴²³

Siguiron xogando,⁴²⁴ mais era tanto o sono que tiña Chinto, que volveu a quedar dormido coas cartas na man e o pito na boca.⁴²⁵ Xan incomodouse de vez⁴²⁶ e dándolle a Chinto coas cartas na cara, díxolle erguéndose: —¡Ti sei que dormes?

⁴²⁷A cotorra ó ascoitare as verbas que lle dicía o tío Farruco pra lle pedire o candil, sacouno do cravo, e coma ninguén llo termaba, deixouno caer enriba da mesa decindo: —¡Eí vai iso!, ó tempo que un longo trono retumbaba alá afora coma o estalo de unha milleira de foguetes xuntos.

—¡Ó raio, a maldizón de Xan que nos caeu! —berrou máis que dixo Chinto, aínda medio lelo co sono.

O que alí aconteceu non é pra o contar, e coma o candil ó caer, apagárase, armouse alí unha tremolina de mil ducias de demos.

Ramón tropeizou⁴²⁸ con Chinto⁴²⁹ ó querer fuxir, e foron a dar os dous de fuciños debaixo da mesa, berrando coma tolos: —¡Un raio, caeu un raio!⁴³⁰

Xan querendo agarrarse a algo agarrouse á xerra do viño que emborcou por enriba de Marcelino e o que ó senti-la molladura comezou a berrar: —¡Tío Farru-

⁴²⁰ ANT: dan.

⁴²¹ SG: —A min non me dan medo os lóstregos, nin anque os vexa polo meu a

⁴²² SG: —Pois fas moi mal; non son cadelos que se poden espantar do lado.

⁴²³ SG: —Si son ou non cadelos, abre os ollos e xoga.

⁴²⁴ ANT e AG: xugando.

⁴²⁵ SG: Volveron a xogar de novo, e Chinto coas cartas nunha mau e un pitillo na boca, quedouse dormido.

⁴²⁶ ANT e AG: ves.

SG: Xan incomodouse; dándolle coas cartas a Chinto na chola, díxolle erguéndose: [...].

⁴²⁷ SG: Os seguintes dous parágrafos (vid. *supra*) aparecen nun só:

A cotorra, que ascoitou as palabras que lle decía o tío Farruco para pedirlle o candil, sacouno do gancho, e como ninguén lle termase, deixouno cager enriba da mesa en que xogaban á brisca, ao mesmo tempo que se ouía estalar un raio coma cen foguetes xuntos. O que alí aconteceu non é pra contalo; querían fuxir unhos primeiro que outros, e alí foi Troia.

⁴²⁸ ANT, AG e SG: torpezou.

⁴²⁹ SG: Xan

⁴³⁰ SG: [...] Xan e foron a dar de fuciños debaixo da mesa, berrando coma loucos:

—¡Tío Farruco, veña presto, que lle caeu un raio na casa!

co, sangue, sangue! ¡A min fireume! E a condanada da cotorra por non ser menos que os outros, dicía o⁴³¹ berro pelado: —¡Farruu... co que che rouu... baaan!⁴³²

⁴³³O tío Farruco ó escoitar⁴³⁴ tal algareira, colleu un fungueiro e foise en direi-zón ó coarto de xogo. Cando veu a luz⁴³⁵ apagada e sinteu berrar a unhos e outros, sin encomendárese a Deus nin ó demo, entrou a fungueirazos⁴³⁶ limpo, e non llos debía dar ó vento, porque os berros creceron o dobre, e até o paxaro debeu de pillar algún pois berraba ó seu gusto.

Aquela festa durou até⁴³⁷ que ⁴³⁸o tío Farruco canso de dar paus, pousou o fungueiro, alcendeu un misto e co misto o candil que estaba sobor da mesa e entón⁴³⁹ acraráronse as cousas. Erguéronse os catro rapaces ó ver o tío Farruco coa luz⁴⁴⁰ na man, e non faguían outra cousa que ollar prás táboas da mesa e pra o teito a ver si atopaban o furaco que fixera o raio.

⁴⁴¹O non atopando, contáronlle ó tío Farruco coma fora o conto, e cando este veu a cotorra sobor de unha cadeira tumbada nun curruncho do coarto, botouse a rir e díxolles:

⁴³¹ *ANT* e *AG*: a.

⁴³² *SG*: Marcelino ao querer fuxir, torpezou coa xarra do viño e botoullo por enriba a Chinto, que despertou asustado cramando: —Tío Farruco, espabile que me matan!

E a condanada cotorra, por ser menos que os outros, dicía: —Farruu... coo..., que che rouu... baan!

⁴³³ *SG*: O tío Farruco, que ascoitou tal algareira, colleu un fungueiro e foise pra o coarto de xogo; e cando veu a lus apagada, pensando que estivesen en pilea, sin encomendarse a Dios nin ao demo, entrou no coarto a fungueirazo limpo, sin fixarse a quen nin dondedaba; hastra o díaño da cotorra debeu de coller algún, porque berraba que daba xeneo.

⁴³⁴ *ANT* e *AG*: ascoitar.

⁴³⁵ *ANT* e *AG*: lus.

⁴³⁶ *ANT* e *AG*: fungueirazo.

⁴³⁷ *SG*: hastra.

⁴³⁸ *SG*: [...]Chinto puido saír, non sin levar unha ducia de fungueirazos, e collendo o candil que alumeaba a tenda, foise pra o coarto: xa con lus, acrarouse o conto.

⁴³⁹ *ANT* e *AG*: destón.

⁴⁴⁰ *ANT* e *AG*: lus.

⁴⁴¹ *SG*: O tío Farruco comprendeu que os rapaces non estaban en pilea, e que o úneco que houbera pileado fora iel. Así foi que lle preguntou a Xan, que aínda estaba debaixo da mesa:

—Érguete de aí e di que acontece.

Ergueuse Xan e con Xan os outros, e comenzaron os tres a ollar enriba da mesa, pra atopalo furaco que nela fixera o raio.

Coma nada ollaban, nin na mesa nin no tellado, fixéronlle o conto ao tío Farruco talmentres como fora, e ieste botándose a rir, díxolles:

—O lóstrego que brilou e o raio que cagueu na casa, foi i eso —e mostrálalles a cotorra.

—Non-o entendo —dixo Xan.

—Sobor de aquela cadeira —amostrándolles a cotorra— tedes a causa dos vosos males. Eu teño por costume despois que pecho a taberna, de vir onde a cotorra e decirlle: —¿Ti sei que dormes? e destonces ela colle o candil cunha⁴⁴² pata e mo dá decíndome: —¡Eí vai iso! Candil⁴⁴³ co que me vou deitar.⁴⁴⁴ ¿Entendíchedes agora, meus rulos?

Os rapaces nada dixeron, mais deberon entender o que lles dixo⁴⁴⁵ o tío Farruco,⁴⁴⁶ cando calados e coas cholas baixas recolleron os seus sombreiros e saíron corridos do coarto, dempois de pagar medio neto cada un, e xa na porta botarlle unha ollada de xenreira⁴⁴⁷ a aquel condanado paxaro que ten entendido dare o candil ó escoitare:⁴⁴⁸ —¿Ti sei que dormes?

—Explicareime; dempois que pecho a taberna e voume a deitar, o que fago coa lus do candil que neste coarto alomea, chego onde está a cotorra, e dígolle: ¿Ti sei que dormes?, e destonces a cotorra collo o candil cunha pata, e dámo como si fora unha presoa o que tal cousa fixera. ¿Entenden agora?

⁴⁴² *ANT* e *AG*: co unha.

⁴⁴³ *ANT* e *AG*: Candi –sic–.

⁴⁴⁴ *ANT* e *AG*: vou a deitar.

⁴⁴⁵ *SG*: entender o relato do tío Farruco.

⁴⁴⁶ *SG*: tío Farruco, pois coas cholas baixas, recolleron os catro os sombreiros do chan i as copas de palla, e saíron corridos da taberna, non sin antes de botarlle cada un unha ollada de odeo ao paxaro que ten entendido en da-lo candil, cando ascoita:

—¿Ti sei que dormes?

⁴⁴⁷ *ANT* e *AG*: odio.

⁴⁴⁸ *ANT* e *AG*: ascoitare.

A virxen de mármore⁴⁴⁹

Carmiña, filla de D.⁴⁵⁰ Xusto Bermúdez, honorábel e rico comendante retirado, levaba relacións e pra casárese istaba con Pepe do Castelo, fillo úneco do máis acaudalado⁴⁵¹ labrego da parroquia. Relacións que eran de aprobazón das dúas familias e que víanas con bos ollos tódolos veciños.⁴⁵² Certo é que faguían unha boa e axeitada parella,⁴⁵³ tanto na persentazón coma no acomodo.

Dous anos faguía que falábanse, e nin il nin ila amostraban cansanzo nos seus amores. Comenzaran as relacións cando Pepe voltara de Santiago coa carreira de inxeñeiro finada; carreira que estudiara⁴⁵⁴ máis que pra exercela, pra adiquiri-lo varniz,⁴⁵⁵ o brillo, o xeito siñoritol que faguíalle falla pra distinguírese dos demais da parroquia, pois o meio, o ambiente da aldea, non fai máis difrenza entre uns⁴⁵⁶ e outros que a difrenza da roupa. E Pepe do Castelo ó refina-lo esprito, consiguira que o refinamento saírelle⁴⁵⁷ á epidermis. Era un siñorito...

*

* *

⁴⁴⁹ Viu a luz no n.º 24 (10-7-1917) d' *A Nosa Terra*, pp. 5-6. Nesta cabeceira levaba a adicatoria *A ti, Ramón Villar Ponte, por ser bon irmán e afeizoado ás filosofías*, adicoche iste anaco de vida que si non pasou, puido pasare. Foi publicado novamente, sen dedicatoria, en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 16-24. O mencionado intelectual (Viveiro, 1891-A Coruña, 1953), licenciado en Filosofía e Letras, impulsou a Liga Rexionalista de Ferrol. A finais de 1918, foi membro da comitiva galeguista que viaxou a Barcelona e en 1933 representou o Comité Local de Viveiro na III Asemblea do Partido Galeguista. Compatibilizou o traballo de profesor particular coa dirección do diario ferrolán *El Correo Gallego*. Colaborou nas publicacións *A Nosa Terra*, *El Momento* e *Céltiga*.

Foi autor de tres obras: *Doctrina Nazionalista* (1921), *Historia Sintética de Galicia* (1927) e *Breviario de Autonomía*, redactado durante a II República. Na primeira, baixo a forma de catecismo —con preguntas e respostas—, desenvolve a definición nacional de Galicia, a reconstitución das diferentes nacionalidades e o restabelecemento íntegro dos dereitos dos pobos libres e soberanos. Con prólogo de José Puig i Cadafalch (presidente da “Mancomunidad catalana”), recibiu influencias do federalismo de Pi i Margall e da concepción nacionalitaria, organicista e historicista de Vicente Risco. A segunda, prologada por Risco, enxalza os esteos da historicidade nacional de Galicia. Por último, o *Breviario* apunta unha nova estruturación estatal de España. Vid. Carballo Calero (1981), pp. 612-613; G. Beramendi (1991); VV. AA. (1996), vol. 2, pp. 600-602; Beramendi (2007), e mais Torres Queiruga e Rivas García, coords. (2008), pp. 325 e 636.

⁴⁵⁰ ANT: don.

⁴⁵¹ ANT: acaudalado.

⁴⁵² ANT: veciños.

⁴⁵³ ANT: parexa.

⁴⁵⁴ ANT: estuiara.

⁴⁵⁵ ANT: varnis.

⁴⁵⁶ ANT: unhos.

⁴⁵⁷ ANT: saírelle.

Pepe do Castelo era profundamente sinxelo e de bon corazón. Espallando es-molas en troques de bendizóns, conquerira o agarimo de toda a parroquia, na que non había disgracia ou calamidade que romediada non fora. Do⁴⁵⁸ seu paso pola Universidade compostelán, non adequirira do ambiente estudantil⁴⁵⁹ nin vicios nin maldades.

⁴⁶⁰O seu único vicio, si vicio pode chamárese, era o sere un gran afeitoado á caza, á que iba sobor das dúas ou tres do serán pra voltare entre lusco e fusco. Polo xeneral, encamiñábase a un soute do⁴⁶¹ seu pai, que istaba perto⁴⁶² da casa, e contado era o día que non trouxera cobradas algunhas pezas, pois tiña sona de sere un cazadore dos bos.

Un serán en que tornaba da súa acostumada caceiría,⁴⁶³ fitou congostra abaixo a Rosario, filla dun vello criado do⁴⁶⁴ seu pai, a que paseniñamente voltaba prá casa conducindo o gando que traguía de apastare no monte. Rosario ou *A virxen de mármore* coma chamábanlle na aldea por non ademitire amores con ninguén, era de corpo feituco e ben doado e tiña unha faciana de verdadeira virxen, á que remataba de lle dare aínda máis espresión ⁴⁶⁵a súa longa e dourada cabeleira. Cando no monte ceibaba o cabelo pra peitearse cara ó sol, ó sere abalado polo vento, somellaba acharse envolveita nun manto de ouro, callado⁴⁶⁶ de estrelas cintilantes, que cegaba ó miralo. Non podíanse pedire dazanove anos máis cheos, máis compretos de fermosura, de saúde, de vida.

Pepe apertou o paso e presto chegou ⁴⁶⁷a carón dila:

—Bon serán, Rosariño; voltamos co gando.

—Voltamos, señorito. Vai sendo hora⁴⁶⁸ —contestoulle Rosario baixando os ollos ó chan, e faguendo que arrecadaba un cuxo pra ocultare o rubore que alcendéralle as fazulas.

—Meu pai fai moi mal en mandarte a ti ó monte. Nos labores da casa istarías millor...

—Bo, xa estoulle afeita a istos trafegos. Ben o sabe vosté, que cando neno viña con nosco.

⁴⁵⁸ ANT: De.

⁴⁵⁹ ANT: estuiantil.

⁴⁶⁰ ANT: Seu.

⁴⁶¹ ANT: de.

⁴⁶² ANT: preto.

⁴⁶³ ANT: cacería.

⁴⁶⁴ ANT: de.

⁴⁶⁵ ANT: súa.

⁴⁶⁶ ANT: cuaxado.

⁴⁶⁷ ANT: onde a ila:.

⁴⁶⁸ ANT: hora.

—É verdade, si; cando neno viña con vosco, e por certo que moito nos adevir-tiamos.

E Pepe do Castelo dito isto, calou, e nun curto anaco de tempo pasou pola súa imaxinazón coma visión cinematográfica ⁴⁶⁹a súa vida de neno. Pensou en que aquela Rosario nacera e criárase baixo o mesmo teito que il; en que aquela Rosario fora ⁴⁷⁰a súa irmán de xogos nos tempos máis felices, nos tempos en que non hai cras nin castas. Pensou en que dempois cando a nena chegou á idade de axudare no traballo, mandábana co gando coma agora iba, e que il co ila e os nenos e nenas doutras casas xogaban no monte a difrentes cras de xogos pra mata-lo tempo. E pensaba tamén, e daquela, coma nunca o pensara, en que cando xugaban ós matrimonios, santamente, puramente, coma o eran as súas almas, Rosariño era a súa muller, e que broma non broma queríanse, e que broma non broma bicábanse. E coma unhos pensamentos traíen outros, lembrábase tamén de que en moitas ocasións estudiando ⁴⁷¹ en Santiago ó vir á súa acordanza istas esceas máis dun salaio fuxíralle do peito e máis dun desexo ⁴⁷² de ⁴⁷³volvella bicar puramente, santamente, coma daquela, acocháraselle na alma.

Choído nistas meditazóns acurtando foi o paso sin dárese conta, mentras Rosariño seguía congostra abaixo conducindo o gando en dereitura á aldea, a que bañada polos derradeiros raios do sol que acochábase perguiceiro tras das outas montanas, somellaban os cristás das xanelas ó sere feridas polos raios solares xigantescos ollos de fogo vixilantes da aldea.

Soio a forza segreda dun alalá cantado non lonxe por forte e varudo peito, puido crebare os misterios do seu ensono. Alalá que no seu falare chegou a il coma unha saeta firíndolle a ialma:

*Xúntanse as augas no mar
onde xuntas xa se acharon,
e os labres que se xuntaron
hanse volver a xuntar.*

*

* *

⁴⁶⁹ ANT: súa.

⁴⁷⁰ ANT: súa.

⁴⁷¹ ANT: estuiando.

⁴⁷² ANT: desexo.

⁴⁷³ ANT: volvella a bicar.

Dende aquíl día, casual ou intenzionalmente,⁴⁷⁴ no camiño atopáronse a cotío e xuntos chegaban á aldea Pepe e Rosario. As lingoas comenzaron a se movere; axiña os amores de Pepe e Rosario foron a conversa de rigore, coma cousa feita, e do que moito non tardou en sere sabedora a noiva de Pepe. Carmiña tomouno primeiro coma cousa das lingoas, mais a forza de ouvílo comenzaron os celos, os ladróns celos, isa serpe roedora que sin boca morde e sin ferrete fire, a mortificala un día e outro, até que determinouse a fitar por si mesma a afirmazón ou negazón da súa felicidade. E un serán, en compañía de un fermoso can de Terranova, admirabile exemprar por certo, aló foi en camiño da «Congostra dos trebiscos», lugare en que dixeránlle xuntábanse os dous pra voltare prá aldea.

Chegada que foi buscou un cabouco dende onde abesullar sin que a fitaran, e atopouno trais dunha silveira que nacida da ladeira da congostra, pinduraba sobor do camiño. Agardou; a agarda non foi longa. Axiña viu chegare saíndo dun anco do camiño o gando de Rosario, o que con paso canso voltaba foupeiro e cachazudo, satisfeito de pasare un día de sol, de folga e de enchenta. Máis atrais viñan xuntos Pepe e Rosario. A modo viñan; cicais por non tere présa, cicais por saboreare o tempo da xuntanza.

Carmiña sin folguexare, reconcentrando os sentidos no do ouvido, fitaba sin pestenexare o movemento dos labres de Pepe pra adiviña-la súa parola xa que non podía ouvílos. Chegaron preto dila. Detivéronse. Pepe faláballe quedo, aloumiñador, agarimoso. Rosario ascoitábao pensativa,⁴⁷⁵ compracente, beilándolle xuguetona unha surrisa de satisfazón nos labres. ¿Falaban de amores? Carmiña o non sabía; os verbos chegaban a ila, macios, marmulantes. Perdendo a fiducia de ouvílos botouse ó camiño, e trais dila, xangalmente, o can.

—¡A fe que faguedes unha boa parexa! —díxolles estarrexéndoselle o corpo coa carraxe.

—N'é mala —repicoulle Pepe sorrindo—. ¿Que milagre por eiqui?

—¿Non che agrada o verme?

—Muller, non vexo por que. ¿Vés encabuxada?

—¿Parécecho? Pois non, non veño. Atópome tan leda coma a túa compañeira.

¿N'é certo Rosario?

—Poida sere, señorita; vosté saberá. Eu triste n'estou... —contestoulle aquela porcatándose da intenzón.

—Xa o vexo... Sobor todo levando unha compañía coma levas, e que moito che dure.

—E vosté que o vexa, señorita, que pra vosté será.

—¿Pra min? Poida sere que esteias trabucada, rapaza. ¿Será pra ti!...

⁴⁷⁴ ANT: intenzionalmente.

⁴⁷⁵ ANT: pinsativa.

—¡Carmiña! —interrumpeu Pepe ó ve-lo xiro que levaba a conversa—. Os teus verbos firen e os teus feitos magoan, ¿que tes?

—Máis magoan e firen teus desgairos, Pepe de Beira.⁴⁷⁶

—¿En que desgaireite?...

Carmiña asañada dos amores de Pepe con Rosario, a cativa e ruín criada, inferior a íla, ladra do seu amore, renxendo os dentes e apertando os puños, díxolle a Pepe aseñándolle a Rosario:

—Desgairácheme, e por quen, ¡por isa!... ¡pola túa criada!...

—¡Mentes —berrou il—, mentes!

—Non minto, non; e cando a ti entréguese si o non fixo xa, máis que por amore, farao por te servire. Ó fin, ére-lo demo.

—¡Cala, mala lingoa, cala! —ruxiu Pepe.

—Eres un miserabre, un mal cabaleiro, un de tantos probiños da aldea dinos tan soio de bestas con saias coma a que queres, e non de mulleres coma min...

¡Desgáírote! —e acompañando a aición ó verbe, cuspeulle na faciana a Pepe.

Iste, fóra de si, tolo polo aldraxante feito, ergue o brazo pra pegarlle, mais o can, porcatado da agresión á súa ama, abalanzouse a il, e os dous rodaron polo chan en furiosa loita. Nin Carmiña nin Rosario movéronse do sitio. A unha, saboreando a vinganza; a outra, suspensa ante o impervisto.

Pepe era rexo coma un carballo, mais a loita era desigoal. Man a man, cicais puidera Pepe; o can tiña un arma máis: os dentes. A escopeta que traguía da caza, ó caer, desvíarase diles. Non contaba co íla; termaba con tódalas súas forzas de que o can o non taniscara, e atorquesáballe o pescozo pra apretalo; mais o can ó vere que non saía coa súa, con máis folgos como⁴⁷⁷ fera ó fin, redobrava os esforzos e ganaba terreo. Ampeante Pepe, e bañado en sudore, puido axudándose dos pés quitalo de enriba, e botando man do coitelo de monte que traguía no van, agardou sereo en crequen as acometida do terranova.

Non fixose agardar. Ergueuse,⁴⁷⁸ e dando un pulo, botouse con fereza sobor Pepe, e a punta do coitelo, escorregando pola súa longa lan, non fixo máis que arrabuñarlle lixeiramente o pelexo. A acometida foi tan forte, que Pepe foi arrolado coma un farrapo,⁴⁷⁹ e o coitelo fuxiulle da man. Istaba perdido.

Rosario, derguendo o que iba pasare e porcatándose do perigo do seu amo, lixeira coma o pensamento, recolleu o coitelo e dirixíndose resolta e valerosa ó can, chantoulle a ancha folla no peito até o mango. Detívose o terranova na súa acometida,

⁴⁷⁶ ANT: Veira.

⁴⁷⁷ ANT: coma.

⁴⁷⁸ ANT: Érguese.

⁴⁷⁹ ANT: trapo.

abalouse un anaco coma un borracho, e botando un cadullo de sangue pola boca, caeu cal ferido por un raio.

—¡Pepe, siñorito! ¿Taniscouno? —preguntoulle Rosario con arela chegando onde il e axionllándose á súa beira.

—Non, Rosariño, non, mercede a ti. ¿E isa ladra?

—Esmorente, cabo do can istá.

—¡Aínda dil non saia! —sentenzou Pepe erguéndose.

E agarrándolle as mans a Rosariño, e apertuxándoas con amore e agradecimento, díxolle:

—¡Rosariño! De neno tívente por muller; de home tereite por reina. A que até hoxe foi *Virxen de mármore* deixará de selo no adiante, porque eu encarrega-reime de que viva alcesa a ialma que non tiñas pra outros e gardabas pra min.

—Dende nena agardei,⁴⁸⁰ meu Pepe! —marmulou Rosario naturriosa cos ollos cheos de bágoas, recostando a chola sobor do peito dil.

I eisí, xuntos, moi xuntos, envolveitos nas somas do entre lusco e fusco colleron rumbo á aldea, e ó chegare á casa dos Beira,⁴⁸¹ ila entrou faguendo acordanza dos tempos de nena, e il lembrándose do alalá que o ferira coma unha saeta, e termiñaba sentenzoso: *os labres que se xuntaron, hanse volver a xuntar*.

⁴⁸⁰ ANT: a gardei.

⁴⁸¹ ANT: Veira.

Ao pé do cruceiro⁴⁸²

Xan da⁴⁸³ Beira,⁴⁸⁴ o millor mozo e o labrador máis traballador e honrado da aldea⁴⁸⁵ B, despois de seis anos de ausenza que pasara no presidio pagando unha débeda⁴⁸⁶ á sociedade, volvía de retorno á aldea coa ialma falla de esperanzas e repreta de dúbidas.⁴⁸⁷ Ós vintedous anos matara en boa loita cara a cara ó fillo de señor Bastián, cacique do pobo, por haber pretendido aquel obter pola forza certos favores da xentil Rosiña, rapaza de Xan, favores dos que se creía dono e señor coma fillo do cacique.

Cando Xan da⁴⁸⁸ Beira⁴⁸⁹ entraba na aldea o serán iba finando, e un lonxincuo tocar de campás espallaba o toque de orazón polo silenxoso val.⁴⁹⁰ Con andar repousado encamiñouse á casa dos seus pais e xa fronte a ela detívose⁴⁹¹ un anaco. ¿Petaría? ¿Non petaría? O seu corazón dáballes fortes latexos que os sentía dende os pés á chola, e parecíalle que se lle trocaba en corazón o corpo todo, pois nel non había⁴⁹² ideas, pensamento nin vontade; soilo vivía nel o sentimento, un forte sentimento polos velliños a quenes quería bicar e apertar despois de seis anos de ausenza. Pasou unha man pola testa e sufrindo un longo estremecemento, sereouse. A vontade do home, acostumado ós duros trances da vida, domiñou axiña a tola carreira do sangue polas veas e o troulear dos nervos sin marcha nin concerto.

Petou. Abriron, e un vello de brancas guedellas e negreiro ollar apareceu na porta.

—¿A quen buscas, rapaz? —perguntoulle.

—Ao señor Beira⁴⁹³ —díxolle Xan sentindo unha congoxa no fondo da ialma ó ver a un desconocido na súa casa.

—¡Ao señor Beira?...⁴⁹⁴ ¿Logo vés de fóra?

—De fóra viñera —repuxo Xan con triste intenzón.

⁴⁸² Ofreceuse no n.º 12 (10–3–1917) d’*A Nosa Terra*, pp. 6–7. Forma parte do libro de relatos *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 25–31.

⁴⁸³ *ANT* e *AG*: de.

⁴⁸⁴ *ANT* e *AG*: Veira.

⁴⁸⁵ *ANT* e *AG*: aldea.

⁴⁸⁶ *ANT* e *AG*: deuda.

⁴⁸⁷ *ANT* e *AG*: dúbidas.

⁴⁸⁸ *ANT* e *AG*: de.

⁴⁸⁹ *ANT* e *AG*: Veira.

⁴⁹⁰ *ANT* e *AG*: valle.

⁴⁹¹ *ANT* e *AG*: detívose.

⁴⁹² *ANT* e *AG*: houbía.

⁴⁹³ *ANT* e *AG*: Veira.

⁴⁹⁴ *ANT* e *AG*: Veira.

—Daquela virás de drento, mais non te conozo.

—Son o fillo do señor Beira.⁴⁹⁵

—¡O que...! —escramou o vello chegándose a el.

—O mesmo; o que incumpriu o mandamento *Non matar* por castigar a un incumpridor do tamén mandamento *Non desexar*⁴⁹⁶ a muller do teu próximo. Mais dígame vostede, ¿que é dos meus pais?

—Teus pais, meu fillo, pasaron a millor vida.

—¡Morreron!... ¡Malia a estrela do meu nacemento!⁴⁹⁷ —xuramentou Xan erguendo os brazos ó ceo cos puños pechados diante tal sentenza, ouvida⁴⁹⁸ eisi a secas coma o tiro que dá no curazón⁴⁹⁹ e corta o fío da vida, e volvéndolle a espalda⁵⁰⁰ ó vello pra que non lle vira roda-las bágoas meixelas abaixo, alonxouse⁵⁰¹ de aquela casa que foi man[an]tial de felicidades onte e pozo de amarguras hoxe.

Tomou o camiño que trouxera⁵⁰². Ó chegar ó cruceiro que houbía no comenzo da aldea, sentouse na base que faguían tres peldaños⁵⁰³ oitagonaes, sostén da cruz,⁵⁰⁴ longa, fría⁵⁰⁵; espida coma a⁵⁰⁶ dor que simbolizaba, e acochando a cara entre as mans e dos⁵⁰⁷ cóbados sobor os xionllos, chorou o ben pasado ou o mal por vir.

*

* *

As notizas, e sobor todo as malas, corren polos pobos pequenos coma o lume nun regueiro de pólvora. Eisi que de máis está o decire que a chegada de Xan tardou poucos minutos en saberse por toda a aldea e que a xentil Rosiña, a rapaza que fora de Xan, non tivo tempo que perder pra ire en atopo do vengador da súa sona pra adicarlle algún consolo ós seus dores, xa que outra cousa non podía adicarlle porque libre non era.

⁴⁹⁵ ANT e AG: Veira.

⁴⁹⁶ ANT e AG: desear.

⁴⁹⁷ ANT e AG: nadimento.

⁴⁹⁸ ANT e AG: ouída.

⁴⁹⁹ ANT e AG: corazón.

⁵⁰⁰ ANT e AG: ispalda.

⁵⁰¹ ANT e AG: alexouse.

⁵⁰² ANT e AG: truxera.

⁵⁰³ ANT e AG: peldanos.

⁵⁰⁴ ANT e AG: crus.

⁵⁰⁵ ANT e AG: e desnuda.

⁵⁰⁶ ANT e AG: o.

⁵⁰⁷ ANT e AG: os.

Buscouno pola entrada da aldea. Ó chegar ó cruceiro, a lúa que saía coma un tráxico testigo tras a lonxincua montana, amostroullo sentado ó pé da crus. Foise en dereitura a el, e chamouno:

—Xan, Xan.

—¿Quen me chama? —dixo aquel poñéndose en pé.

—Quen ten santa obriga de o facer, ¿conócesme?

Mirouna Xan fixamente e coñeceu, mais aquela muller que tiña diante, demacrada, e de unha diforme gordura polo van, sinala todas de non lonxincua maternidade, non era a garrida e xentil Rosiña desexada⁵⁰⁸ polo fillo do cacique. Un novo dor surxeu na súa ialma, e baixando a ollada ó chan, calou.

—¿Conócesme Xan? —perguntou de novo Rosa.

—Conozo e a fe que o sinto, pois ó conocerte a ti casada deixo de conocer a Rosiña que tanto quixen e quero.

—Perdóame. Non tiven despois da túa marcha notizas nin cartas túas... Pasou o tempo; aseguráronme que morreras e o creín, porque de aló poucos volven... Derradeiramente, atopándome soila e orfa no mundo, caseime. ¿Fixen mal?

—interrogoulle agarimosa Rosiña poñéndolle as mans sobor do peito.

—Non; fíxeches ben e perdoada quedas.

Os dous calaron. Un agoreiro moucho pasou voando preto deles, crebando co seu medoñento asobío o silencio da noite.

—¡Seica a traxedia sigue, Rosiña! —dixo Xan colléndolle as mans entre as súas ó ouvi-lo⁵⁰⁹ canto do moucho—; ¡seis anos lembrándome de ti, seis anos levándote coma espírito⁵¹⁰ do meu espírito⁵¹¹ no fondo da ialma pra ollar tronchada-las miñas ilusiós nun minuto, coma troncha o vento das suradas os pés do millo... ¡Son ben desgraciado!...

—¡Non fales dise xeito Xan, fasme daño!

—Farei. Eu quero en ti, miña Rosa, a⁵¹² que até agora quixen; non o teu corpo que aló o tiña ceibo i eiqui o teño preso. Eu quero en ti a túa ialma, ⁵¹³o teu espírito, ⁵¹⁴a túa imaxen, o que é sinxelo porque non fala, o que é perfeito porque non pensa. Quérote eisi, porque, ó fin, a ialma quere e o corpo deseia, i eu, miña nena, ¡perciso tanto hoxe de que me queiran!...

⁵⁰⁸ *ANT* e *AG*: desejada.

⁵⁰⁹ *ANT* e *AG*: ouí-lo.

⁵¹⁰ *ANT* e *AG*: espírito.

⁵¹¹ *ANT* e *AG*: espírito.

⁵¹² *ANT* e *AG*: e.

⁵¹³ *ANT* e *AG*: teu.

⁵¹⁴ *ANT* e *AG*: túa.

—¡E ben o mereces, Xan da⁵¹⁵ Beira!⁵¹⁶ —dixo unha voz⁵¹⁷ detrás do cruceiro que os fixo soparar e ollar admirados a un tempo pra o sitio de onde a vos saíra.

—¡Ñiñor Bastián! —escramou Rosiña poñéndose diante de Xan cos brazos abertos coma pra o defender.

El era en efecto. Sabedor⁵¹⁸ da chegada de Xan, o matador do seu fillo; veu a Rosiña saír da casa coma acochándose e sigueuna.⁵¹⁹ Entretidos coma estaban coa súa conversa, non viron coma el chegaba ó pé do cruceiro e ouvía⁵²⁰ canto falaban.

—Eu son e o non defendas, que despois de ouvi-lo⁵²¹ que ouvín,⁵²² ben e non mal quero faguerlle — dixo o ñiñor Bastián chegando onde eles—. ¡Quen puidera coma ti agora poñerse entre el e o meu fillo Xulio o día da loita, e que a folla que o cravou cravárame a min i evitara esta horrible vida de sufrimentos que levo!

—Pra ben ou pra mal, eiquí me ten ñiñor Bastián —repúxolle Xan soparando a Rosa a un lado, cruzando os brazos sobor do⁵²³ peito.

—Direiche. Eres xoven aínda e o mundo pode gardar pra ti agradabres sopresas. Eiquí na aldea fasme dano a min, faslle dano a Rosa, faslle dano ó home e faste dano a ti, ¿queres marchar pra América?

—¡Tivera con que!...

—Co isto —ataloulle o vello poñéndolle unha carteira nas mans—; catro mil reás en dez billetes de a vinte pesos hai nisa carteira; catro mil reás que eu che dou e que base da túa fortuna e felicidade sexan.⁵²⁴

—Ñiñor Bastián —murmulou Xan confundido diante tanta nobreza collendo a carteira—; aceito estos cartos coa condizón de pagalos.

—Co isa condizón seia. Agora, despídete de Rosa e soparémonos.

—¿Pra sempre? —adiverteu Rosa.

—Até que Deus queira.

⁵¹⁵ *ANT* e *AG*: de.

⁵¹⁶ *ANT* e *AG*: Veira.

⁵¹⁷ *ANT* e *AG*: vos.

⁵¹⁸ *ANT* e *AG*: Soubedor.

⁵¹⁹ *ANT* e *AG*: a sigueu.

⁵²⁰ *ANT* e *AG*: ouía.

⁵²¹ *ANT* e *AG*: ouí-lo.

⁵²² *ANT* e *AG*: ouín.

⁵²³ *ANT* e *AG*: o.

⁵²⁴ *ANT* e *AG*: seian.

Chegouse Xan onde Rosa e apertándolle as mans, doulle un bico nos ollos, lugare en que se bica a ialma, e díxolle:

—Rosiña, si algún día percisas de min, o señor Bastián che dirá onde me atopo. Agora soparámonos, que, aínda que os tres xuntos estamos, profundas e grandes causas⁵²⁵ nos soparan.

—¡Canta bondade hai nas nosas ialmas! —dixo Rosiña.

—É condizón da nosa raza —sentenzou o vello.

E os tres arredáronse⁵²⁶ cada un por difrente camiño, ó tempo que a lúa acochábase tras unha nube pra darlle maior segredo á aquela escea, e o agoireiro moucho asobiaba de novo sinestramente, voando por enriba do cruceiro.

⁵²⁵ *ANT* e *AG*: caosas.

⁵²⁶ *ANT*: soparáronse.

Axúdate, que Deus te axudará⁵²⁷

—Axúdate que Deus che axudará —sermoneáballe Froilán O USUREIRO a Chinto, lembrándolle os seis mil réas que prestáralle faguía tempo.

—Si eisi coma me axudo eu, axudárame Deus. Vaille na misa que llos tiña pagos. Enriba, a colleita de hogano ha sere tan cativa, que co ila non conto pra lle pagare.

—Encoméndate a Deus, Chinto, encoméndate a Deus, que boa falla che fai. Eu présa non che poño, mais xa ves...

—Non dígame máis. Abóndalle a razón... ¡Si eu tivera vinte pesos!... ¡Téñolle un proieuto no maxín que si o levara a feitos, ben habíame dare de utilidade o que non podo pagarlle.

—¡Demoro! ¿Tan bo, é?

—Inda o non sabe ben. Cos vinte pesos e dous viaxiños á vila... ¡choio feito!

—Home, si por iso é, —díxolle Froilán rañando a moleira— coma ti eres home sabido con moito de espelido, poida sere que non mintas e préstochos eu...

—¿Vosté bromea?...

—Tan non bromeo, que vouchos dare agora mesmo.

Sacou unha carteira e dila catro papés de a cinco pesos, e dándollos a Chinto, díxolle:

—Ei os tes. Agora⁵²⁸ pagáronme unha débeda,⁵²⁹ e xa ves, cunha⁵³⁰ man os collo e coa outra os dou.

—Dá, señor, dá —repuxo Chinto dándolle viravoltas ós papés nas mans—; e pensare que aínda hai lampantíns na parroquia que téñeno por usureiro. E todo por cobrare de réditos o trinta por cen... Nada, si imos a vere, nada... ¡De cantos apuros non saímos!

—Si, hom, si; mais non todos enxérgueno.

—Lle son unhos desleigados. Sei dalgún que si puidera... si puidera... Mire, a min non lle me gustan marmurazóns, nin darlle á lingoa..., é verdá..., e co seu permiso, vou prepara-lo viaxe pra mañán ir á vila.

—Vai, home, vai, e que Deus che axude, que sobor do conto de que hai quen mal me quer, téñocho esquencido. Malos querentes non fallan, Chinto.

*

* *

⁵²⁷ Viu a luz no n.º 26 (30–7–1917) d’*A Nosa Terra*, p. 4. Foi reproducido nas páxinas 31–37 da colectánea narrativa *De min pra vós (Contos do Pobo)*, aínda que o índice non o contén.

⁵²⁸ ANT: Agora mesmo.

⁵²⁹ ANT: deuda.

⁵³⁰ ANT: co unha.

En efecto, fixo un viaxe á vila, do que voltou ós dous días, e pasadas que foron dúas somanas, volveu a ire á vila.

Chegou á pousada onde estivera o derradeiro viaxe, e todo compunxido, preguntou polo dono. Non tardou en persentarse aquíl, e de máis istá o decire que foi moi ben recibido polo pousadeiro, pois Chinto collera sona noutro viaxe de home desprendido e dadivoso. Coidaban que tiña de sere labrego de bo acomodo polo pouco ou nada que roparaba en gastos.

—Bos días, señor Chinto.

—Nos dé Deus, D. Manolo.

—A tragner máis cartiños ó banqueiro, ¿non é?

—¡Ó rivés, D. Manolo, ó rivés! —escramou Chinto moi tristeiro.

—A sacare logo; algún bo negocio en porta sen dúbida algunha.

—Non, señor, non. Por disgracia o que eiquí me trai, non é nada bo.

—¡Caracho! Ponme no pindirico da curiosidade...

Chinto porcatándose de que chegara o momento do finximento de sere vítima dunha gran disgracia, con voz⁵³¹ tremorosa e xeito dorido comenzou:

—Vosté lémbrese da derradeira vez⁵³² que estiven eiquí.

—Lembro; fará dúas somanas.

—Lembrarase tamén que trouxen⁵³³ seis mil réas que depositei na casa do banqueiro.

—Lembro, señor Chinto; vin o rolo de papés de a vintecincos e a libreta que déronlle, coma o vexo a vosté.

Ó faguer tal afirmazón o pousadeiro, non iba fóra de camiño. Chinto amostráralle un rolo de papés de a cinco pesos, no que non había máis que catro por enriba e por debaixo papés de cor, decíndolle que eran seis mil réas que depositaría na casa do banqueiro. Dimpois fíxolle vere que iba a fague-lo depósito, e á volta amostroulle unha libreta que mercara a mantenta.

—Pois aínda lembrándose coma lémbrese, non sei si na banca pasaralles o mesmo.

—Bo, por aí,⁵³⁴ en tendo a libreta, abóndalle.

—O caso é que a non teño,

—¿Perdeuna, logo?...

—Perdín, e a iso veño. Certo é que a cantidade n'era moita,... mais seis mil réas non gánanse a cotío.

⁵³¹ ANT: vos.

⁵³² ANT: ves.

⁵³³ ANT: truxen.

⁵³⁴ ANT: eí.

—¡Caracho! Sonlle trescentos pesos que...

—Que hei recramare coma chámanme Chinto.

—Tamén non fallaría máis.

—Eisí que ordee me proparen o van prá noite, i enantes de xantare, vou ire á casa do banqueiro.

—Si quer que eu vaia con vosté...

—No istará de máis, e agradecereillo.

E Chinto en compañía dun testigo coma don⁵³⁵ Manolo, aló foron á casa do banqueiro. As oficinas istaban na pranta baixa que víanse dende a rúa, e chegándose Chinto a unha xanela na que decía nun letreiro: CAIXA, perguntou:

—¿Pódese faguer unha recramazón?

—Vosté dirá —contestáronlle de adrento.

—Pois verá. Fai dúas somanas trouxen⁵³⁶ a depositare eiquí seis mil réas, déronme dimpois unha libreta e perdina. ¿Que fago agora?

—Como é ⁵³⁷o seu nome?

—Chinto Pardiñas Ferreiro, pra sirvilo.

Calou o de adrento. Pasado que foi un pouco tempo, díxolle:

—Co ise nome, n'hai feito eiquí ningún depósito.

—¿E vosté amócame, señor? ¿Mirou ben?

—Mirei; non istá nin nos Pardiñas nin nos Ferreiros.

—Home nos ferreiros, créollo, mais mire nos labregos verá coma istou.

—Falo dos apelidos. Xa díxenlle que non⁵³⁸ istá.

—Pois si no istou —dixo berrando canto puido Chinto— eiquí non é casa de banca sinón de ladróns.

E alí comenzou unha barafunda dos demos. Chinto portestando que o roubaran; o pousadeiro⁵³⁹ e o púbrico dándolle a razón; e o banqueiro que saíu ós berros diante dun conflito do que non sabía coma saíre.

O bulizo iba crescendo de tal xeito e tanta era a xente que xuntábase alí, que o banqueiro decatándose que aquilo era un descreto prá súa casa, tratou de convencere a Chinto por tódolos medios, e vendo que o non convencía, mandou chamar a un comerczante en panos que vivía ó lado, e chegado que foi, díxolle:

⁵³⁵ ANT: D.

⁵³⁶ ANT: truxen.

⁵³⁷ ANT: seu.

⁵³⁸ ANT: no.

⁵³⁹ ANT: posadeiro.

—Meu amigo, teño na porta un conflito de sete mil demos que armoume ise larpeiro labrego, quen non trouxo eiquí unha cadela,⁵⁴⁰ mais coma o púbrico o apoia e axuda, e vai todo ilo en descreto da miña casa, tome istos seis mil reás e fágame o favore de darllos, dicíndolle que os cartos os deixou na súa casa e non na miña e que, polo tanto, non é a min a quen mos debe recramare.

Saíu o comerczante i entrando no seu comercio e volvendo a saíre, foise onde Chinto e díxolle en voz⁵⁴¹ outa pra que ouviran ben:

—Siñor Chinto, vosté istá trabucado.

—Non estou, siñor, non —contestoulle Chinto.

—Os seis mil reás eiquí os ten —díxolle o comerczante dándolle os cartos—, mais non foi nista casa onde vosté os deixou, sinón na miña.

Colleu Chinto os cartos, contounos, gardounos, e apertándolle as mans ó comerczante en mostra de agradecemento díxolle tremándolle a voz⁵⁴² coa emozón:

—Ben sabía eu que da súa conta non fallaría unha cadela; comerczantes honrados coma vosté non sonlle todos... Xa veu tamén coma tampouco llos recramaba porque os tiña seguros. ¡Ai, si todos foran coma vosté!... Mais xa ve coma iste ladrón de banqueiro négame os que lle trouxen,⁵⁴³ e tenmos que dare coma mos dou vosté... ¡Moitas obrigas siñore, moitas obrigas!...

⁵⁴⁰ *ANT*: mala cadela.

⁵⁴¹ *ANT*: vos.

⁵⁴² *ANT*: vos.

⁵⁴³ *ANT*: truxen.

A lenda do xutglar⁵⁴⁴

Nun vello⁵⁴⁵ e xigantesco castelo señorial que cuberto pola hedra nos muros respetados polo tempo, erguía ⁵⁴⁶as súas almeas ó ceo, sobor do cume máis outo da ringleira de montañas que arrodeaba⁵⁴⁷ no⁵⁴⁸ eistenso val, durmía unha lenda de amore, que de boca e de xenerazón en xenerazón, chegada foi até os nosos días, envolvementa nas ás da fantasía labrega. Era unha lenda que gardaban avarizosos coma un segredo pra contaren ó viaxeiro que por alí pasaba, e saber quería os orixens e vida de aquil vello⁵⁴⁹ castelo encravado no lugar máis outo.

Vivira —según a lenda— no castelo unha fermosa castelana que casara co dono daqueles vastos dominios. Moi xoven aínda, enviudara. ⁵⁵⁰O seu esposo en loitas de conquista ó servizo do rei, pagara coa vida o seu xuramento de servilo.

Dende entón, doña Sol, que eisi nomeábase a castelana, enterrárase en vida entre os muros ⁵⁵¹de aquil castelo de gran sona polas rexias i eispéndidas festas que nil celebrábanse cando vivía ⁵⁵²o seu dono, e cando as armas ficaban quedas ó termiñare unha nova conquista, trocado⁵⁵³ en cimiterio de vivos.

Doña Sol, ateigada de dor, levaba unha vida de místeco recollimento⁵⁵⁴ i endexamais houbo quen a volvera a fitare, agás contados servidores, nin dentro nin fóra do castelo. Soio na outa noite, cando a servidume durmía, atrevíase a saír a dare un paseo polo xardín en compañía da súa dama de confianza. Outras veces pasaba horas⁵⁵⁵ e horas⁵⁵⁶ na terraza fitando a lonxincua, cal si agardara vir chegare polo camiño un

⁵⁴⁴ Saíu á rúa no n.º 30 (10–9–1917) d’*A Nosa Terra*, p. 3. Foi publicado novamente en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 37–43.

A partir do século XIII, o termo *xograr* defínese como o axente de produción lírica dedicado á instrumentación, á canción e á realización de textos.

⁵⁴⁵ *ANT*: velo [sic].

⁵⁴⁶ *ANT*: súas.

⁵⁴⁷ *ANT*: arrodeaban.

⁵⁴⁸ *ANT*: o.

⁵⁴⁹ *ANT*: velo.

⁵⁵⁰ *ANT*: Seu.

⁵⁵¹ *ANT*: daquil.

⁵⁵² *ANT*: seu.

⁵⁵³ *ANT*: trocándoo.

⁵⁵⁴ *ANT*: recolimento.

⁵⁵⁵ *ANT*: horas.

⁵⁵⁶ *ANT*: horas.

persoaxe imaxinativo. Preto do amañecer,⁵⁵⁷ rendida polo sono ou cansa de agardare a quen non viña, salaiando fortemente e lle rodando unha bágoa misteriosa fazulas abaixo, retirábase ensimismada en segredas meditacións ó seu apousento.

Dous anos levaba de viudez a castelana, e o silencio e o recollimento⁵⁵⁸ seguía⁵⁵⁹ imperando no castelo coma nos primeiros días. Unha noite de luar, crara, esprendorosa, na que apercibíanse os máis lixeiros detalles da⁵⁶⁰ paisaxe coma si ó través de cristás anaranxados en preno día de sol fora fitado, doña Sol, soia, debruzada na varanda da terraza, co cabelo solto, cabeleira moura e longa coma o seu pesare, fitaba en direción ó val, e ⁵⁶¹os seus labres movíanse ó falaren cun⁵⁶² fantástico persoaxe, ou ó musitare⁵⁶³ unha pregaria.

Crebando o silencio da noite rubiron até ela as arxentinas e melodiosas notas dunha canción tristeira, queixumosa, que un xutglar, ó pé do muro, preludiaba maxistralmente nunha cítara. Dempois, con voz queda, mais o suficiente pra que chegara a ouvidos da castelana, entonou unha canción de amore, tenra, sinxela, agarimosa, na que alternaban notas graves coma salaios e agudas coma beixos...

Sorprendida doña Sol por aquela non pensada visita, retirouse con rapidez da varanda, xuzgando aquela voz que eisi crebaba a súa meditación coma un aldraxe ó seu recollimento.⁵⁶⁴ ¿Quen era aquil afouto xutglar que eisi adicáballe cantos de amore na outa noite? ¿Quen era aquil ladrón da súa paz, que alí, non soio drento dos seus dominios sinón ó pé do seu castelo, cárcere espiritual da súa alma, tiña o valore de arrostra—las súas iras, das que faguiase merecente? ¿Non sabería cicais do seu vivire?

Alritada pola insistenza do xutglar, enxenrada pola súa oistinazón, pensou en chamare a xente armada do castelo pra castiga—la ousadía do intruso, mais o medo ó escándalo, ó ruído, a crebanta—la paz que moraba nos seus eidos, oitou por se retirare. O xutglar entramentras seguía tocando a cítara, que soaba leda e queixumbrosa,⁵⁶⁵ coma si calmare quixera as iras da castelana.

*

* *

⁵⁵⁷ ANT: amaecer.

⁵⁵⁸ ANT: recolimento.

⁵⁵⁹ ANT: seguían.

⁵⁶⁰ ANT: do.

⁵⁶¹ ANT: seus.

⁵⁶² ANT: co un.

⁵⁶³ ANT: muxitare.

⁵⁶⁴ ANT: recolimento.

⁵⁶⁵ ANT: quexumbrosa.

Ó día seguinte, doña Sol espertou presa dunha gran eiscitazón nerviosa, e ⁵⁶⁶o seu primer pensamento foi pró xutglar. Aínda o non chegando a vere polo seu lixeiro soparamento da varanda, unha forte e intensa frebe causáballes desasosego no corpo e destranquilidade na alma. Entre ⁵⁶⁷o seu deber de dona e ⁵⁶⁸a súa curiosidade de muller surxía unha loita no seu espírito, e un remorso fillo de dous difrentes sentires atorquesáballe a concencia pola debilidade de o non castigare, e a carne polo desexo de o non vere.

Tempo faguía que non pasara un día tan longo, tan desteterminabre. Cada hora que pasaba, asomelláballes un século de martirio, de ansiedade. Ó verese bañada no seu apousento polas somas do entre lusco e fusco, un salaio traicioneiro fuxiulle da alma, e un grato sosego de paz e quietude foise apodeirando do seu axitado espírito, e foina sumindo nun dises doces ensonos en que soio dorme a materia. Entornando as pálpebras pra non espertare, sinteu as notas dunha canzón tristeira, aloumiñadora; percibeu os pasos do xutglar que chegaba quedamente onde a ela, e ousado e afouto, apreixábaa polo van, e os seus labres candentes cal si foran de fogo xuntábaos cos dela nun longo beixo de amore. Cal ferida por un raio ergueuse de súpeto a castelana; aturdida e receosa daquil noxento ensono, saíu do aposento, e chamando ás súas damas, mandounas retirar, pois ela, atopándose un pouco mal, pensaba fague-lo mesmo.

Voltou ó seu apousento. Dirixiuse a unha imaxen da Dorosa e axionllouse ante ela; pregoulle que donara un consolo ós seus dores da soedade, pois endexamais coma aquíl día porcatárase do soia que vivía no mundo e de que a imposición que fixérase de vivire alonxada da vida íballe resultando superior ás súas forzas. Tiña medo de creba-súa imposición e buscaba nos remedios do ceo os que na terra n'atopaba. ⁵⁶⁹A súa vountade fraqueaba; era muller, e a muller sin amore é coma un paisaxe sin luz.

Longo tempo con meditazón, sumida estivo. Ergueu a cabeza e ó fitare a oscuridade que reinaba ó seu redor soborcollouse co medo; un espasmo de terrore sacudiu de pés a cabeza ⁵⁷⁰o seu ben doado corpo. Levando as mans ás fazulas i encolleita, repregándose en si coma pra pasare sin que a viran, ergueuse, e fitando atraís, fuxindo do xeito dun delincoente, ganou a terraza, que ategada polo luar fíxolle folguexare ás anchas, cal si atopara unha boa compañía que a salvara dun perigo imaxinario.

De contado, coma si agardaran a súa aparición, até ela chegaron os preludios da canzón da noite pasada. Surriu. O xutglar, o causante ⁵⁷¹da súa desventura, estaba alí. Non sinteuse alritada ni enxenrada coma onte. Aquela música que musitaba

⁵⁶⁶ ANT: seu.

⁵⁶⁷ ANT: seu.

⁵⁶⁸ ANT: súa.

⁵⁶⁹ ANT: Súa.

⁵⁷⁰ ANT: seu.

⁵⁷¹ ANT: caosante.

quedamente rogos e promesas, que falaba de amores e de beixos, atraía e aloumiñaba a súa alma, e daba ó seu corpo desconecida mornenza.

Asomouse á varanda e fitou. Ó pé do muro percibeu o xutglar. Doña Sol, suspensa, acongoxada, limpou cun fino pano de seda o suor que bañaba a súa fronte, e á mantenta ou casualidade ceibou o pano das mans, indo a caere ós pés do namorado cantor.

A cítara calou. A castelana, porcatándose da súa fatalidade ou lixeireza, retirouse, encamiñándose a se sentare nun banco que alí había. Cos cóbados sobor dos xionllos e descansando a faciana nas mans, apreixaba dorosa as fazulas, fitando fixamente o lugar fatal. ¡Ou meiga visión que a encheu de espanto!... O xutglar, o eistrano cantor, estaba alí, na varanda pola parte de fóra coa cítara ó lombo. Dando un pulo caeu na terraza, e faguéndolle un reverenzoso saúdo, chegou onde a ela, que, suxestionada pola audacia do cantor e polo ensono que momentos antes tivera, créndose aínda baixo a súa influencia, nin falou nin protestou.⁵⁷²

O xutglar axionllado ante ela, colleulle as mans e beixándoas con ardore ó tempo que musitaba verbes de amore que endexamais ouvira a castelana, ganaba terreo na conquista. Doña Sol no seu interiore loitaba por saíre daquíl novo ensono no que surríalle a alma e choráballe a concencia. Mais un beixo que sinteu nos labres, o beixo que a espertara no ensono, tamén a espertou daquela á realidade.

Ergueuse grave,⁵⁷³maxestuosa. Palpitándolle o seo pola emozón ou a xenreira, ergueu o brazo e sinaloulle ó xutglar o sitio por onde alí viñera.

Entergoulle ó xutglar o pano que caéralle e faguendo un novo e respetuoso saúdo, púxose a canchapernas da varanda.

—Xutglar —adevirteulle a castelana—, ⁵⁷⁴ti eres afouto e valente; coido que vas a xoga—la vida ó baixare.

—Fermosa señora, si a perdo por vir a vervos, e cen vidas tivera, cen veces volvería até eiqui pra volver a perdela —contestoulle o xutglar.

—¡Que Deus acompañete logo!...

—E vosos ollos me guíen.

Comenzou o xutglar o descenso apoiando pés e mans nas rendixas das pedras, e aínda ben o non fixera dúas brazas, falloulle un pé, e alá foi a estrelarse nas rocas que servían de cimentos ó muro, pagando por un beixo a vida...

E contan os labregos que nas noites craras de luar, vese unha soma que rube polo muro pra caer ó pouco coma unha pelota e que nas pedras por onde rube hai un suco feito polas hedras, que ó respetare a lenda as non cubren.

⁵⁷² ANT: portestou.

⁵⁷³ ANT: solene, .

⁵⁷⁴ ANT: eres.

Noite do sábado⁵⁷⁵

Un sábado de noite, Pedro Portelo, carpinteiro dos bos, chegou á súa casa ás catro da mañán, dono e señor de unha máis señora *merluza*, e coa man dereita esfolada o mesmo que terreo arado; un forte bandazo de babore que dera na rúa, o fixera ir de fuciños sobor do⁵⁷⁶ quicio de unha porta.

Dempois⁵⁷⁷ de loitar a rentes de unha hora pra atinare co buraco do pecho, puido mete-la chave e despechare. Entrou, pechou por drento, e a modiño, moi a modiño, foise en dereitura á cama, pra que Delores a súa muller o non sentira. Ás tentas ía e ás tentas torpezaba coas cadeiras que rodaban polo chan e el co elas, caendo acó e aló coma se⁵⁷⁸ estivera nas aramiadas de unha trincheira.

—¡Vállame Croporoquine, santo das miñas pregas, si Delores non pideu cadeiras prestadas ós veciños pra proñelas estorbándome o camiño! —marmulaba carraxudo—. Non levo conta delas, mais pasan de dúas ducias nas que levo torpezado, e nós si mal non me lembro, soio temos seis.

Eisí estivo ergue e cai, e cai e⁵⁷⁹ ergue, até que canso de non poder saír de aquel afougante mar de cadeiras, mar que faguía el mesmo por andar adiante e atraís de unha noutra, berrou:

—¡Deloores!... ¡Delooriñas!...⁵⁸⁰

—¿Que queres, ho? —contestoulle a muller espertándose sin susto por estar afeita a tales esceas.

—¿Ti metíchete a chambona?

—Metería si ti fôra-lo chambo, e atopara quen te mercara, ladrón.

—Logo, ¿de quen son tantas cadeiras?

—Do diaño que te coma. Non che abonda o vire coma ves, sinón que aínda a⁵⁸¹ espertas a un.

—A modo entrei, muller, a modo entrei; as cadeiras, tanta condanada cadeira coma eiquí hai, tiveron a culpa de que te espertara.

—Home, si ben as contaches, contarías seis.

⁵⁷⁵ Apareceu co título “Cousas do sábado” no n.º 15 (10–4–1917) d’*A Nosa Terra*, pp. 5–6. Foi recollido en *De min pra vós (Contos do pobo)*, pp. 44–49.

⁵⁷⁶ ANT: o.

⁵⁷⁷ ANT: Empois.

⁵⁷⁸ ANT: si.

⁵⁷⁹ ANT: i.

⁵⁸⁰ ANT: Deloooriñas.

⁵⁸¹ ANT: o.

—¿Seis?... ¡Corenta e sete cheguei a contar, e aínda había⁵⁸² cadeiras, muller!

—Isas che son cousas dos días de cobranza.

—¡Ai, si en troques de faguer romances me fixeras un pouco de manzanilla!...

—¿Gústache de virutas?

—Si por gustos vai, gústame a de botela.

—Vai buscala a Sevilla,⁵⁸³ e mentras botarei un sono.

—Botarías, muller, botarías.

Ergueuse Pedro, e torpeza eiquí, torpeza alí, chegou onda⁵⁸⁴ a cama, e apalpa, apalpa, dou coa chave da luz⁵⁸⁵ eléitrica, e alcendeu.

—Obrigado a Deus, que vexo, e te vexo.

—¡Vés bon! —contestoulle Delores ó velo coa man esfolada, a faldra⁵⁸⁶ da camisa de fóra, a gorra coa visera pra atrás e os pelos rivoltos caéndolle pola testa—. ¡Dá xenio verte! ¡Vaia un persidente do gremio de carpinteiros! ¡Viva a demo e gracia!

—Democracia, muller.

—Demo... que vos leve a todos.

—Si contigo é, que moito non tarde, e xa que de tarde falo, voume a deitar un pouco. Mañán, chámame ás dez. O mitín é ás doce, e falla me fai tempo.

—Chamarei. Cousa que arregredes vós...

Pedro, sin dar ouvidas⁵⁸⁷ as verbas de Delores, tirouse vestido ós pés da cama, e dormido quedou coma un bendito, satisfeito da súa obra.

*

* *

Domingo. Ás once da mañán. Delores dende⁵⁸⁸ as dez non faguía outra cousa que chamar a Pedro pra que se erguera, i este contestando e dando voltas volvíase a dormir.

—Ai Pedro, ¿ti non vas ó mitín?

—¿Que hora⁵⁸⁹ é?

—As once deron agora.

⁵⁸² ANT: houbía.

⁵⁸³ ANT: Sivilla.

⁵⁸⁴ ANT: onde.

⁵⁸⁵ ANT: lus.

⁵⁸⁶ ANT: falda.

⁵⁸⁷ ANT: ouidas.

⁵⁸⁸ ANT: ende.

⁵⁸⁹ ANT: hora.

—¡Demontres! —escramou erguéndose á présa—. E iso que che dixen que me chamaras ás dez.

Comenzou a muda-la roupa, e daquela reparou que tiña magoada a man dereita; mal coma puido, visteuse, lavouse e peinouuse coa man isquerda. Ó estarese peinando adivirteu no espello que non se afeitara, e sendo xa tarde pra ir á barbeiría,⁵⁹⁰ pensou que tiña unha boa navalla da barba si houbera quen o afeitara.

—¿Marchou o teu irmán? —perguntoulle á muller.

—Marchou. ¿Queríaslle algo?

—Si marchou, non. Era pra que me afeitara. ¡Si souberas ti!

—Nunca en tal trafego me vin.

—¿Terías valore?

—Por valore e forza non queda.

—¡Reconcho! Non; xeito é o que fai falla.

—Si queres que probe...

Sacou Pedro da hucha a navalla e o enxabronador, e botando auga nunha cunca de talaveira, doullo todo a Delores.

—A ver logo —díxolle sentándose—. Adevirtoche que estiven unha tempada arregrándome con⁵⁹¹ unha barbeira, e tiña a man tan lixeira, que adoito que me afeitou, quedeime dormido. Enxabróname ben.

Remangouse Delores, mollou a brocha na iauga e dempois⁵⁹² de ter feita ben escuma sobor do anaco de xabón, comezou a enxabronalo ⁵⁹³polo nariz.

—¡A modo Delores! —díxolle Pedro, termándolle da man—. ¿Vasme afeita-lo nariz?⁵⁹⁴

—Non, mais coidei...

—Pois coida de enxabrona-la barba que has de afeitar, e o demais déixalo.⁵⁹⁵

Sigueuno enxabronando coma Deus manda, e collendo a navalla coma si fora un coitelo, dispúxose a comezar.

—Deloriñas —adevirteulle⁵⁹⁶ Pedro—, vexo que tes máis valor ti pra afeitarme que eu pra te deixar. Soio che pido unha cousa.

—Ti dirás —repticoulle Delores, pónndolle unha man na testa e recostándolle a chola na parede.

⁵⁹⁰ ANT: barbería.

⁵⁹¹ ANT: co.

⁵⁹² ANT: empois.

⁵⁹³ ANT: pola narís.

⁵⁹⁴ ANT: ¿Vasme a afeita-la narís?

⁵⁹⁵ ANT: o deixas.

⁵⁹⁶ ANT: adivirteulle.

—Que si ve—la folla ir en atopo das raíces, érga—la man axiña... ¡Comenza!
Delores comenzou. A cada pasada da navalla, Pedro pechaba os ollos e os
apertaba ca dor. Por sorte ou milagre foille afeitando as meixelas sin cortalo.

Comenzou dempois⁵⁹⁷ polo nó da gorxa, e Pedro, ó senti—la navalla por el,
pechou os ollos e cuasi non respiraba.

Delores viuño tan quedo e cos ollos pechados, que preguntoulle ó tempo que
o afeitaba:

—¡Sei que teño boas mans, Pedro! ¡Vexo que dormes!

E Pedro dando un forte salaio, e sin abri—los ollos, díxolle con vos tembrorosa:

—¡Que hei dormir, muller, que hei dormir, si nunca máis esperto estiven!

⁵⁹⁷ *ANT*: empois.

En tempos que virán⁵⁹⁸

A marquesa de X e o seu primo, o conde L., agardan na terraza do chalet os invitados pra unha xira campestre ás posesións da marquesa. Os dous andan rondán-dolle os sesenta anos e saben de moitas cousas que pasaron pola terra galega.

Sentados en mecedoiras de mimbre, a marquesa válese das variñas⁵⁹⁹ do abano coma de doas de rosario pra ⁶⁰⁰repara-los seus pensamentos e o conde nas espiraes do fume do seu xaruto, le ou estuía no pasado.

MARQUESA (*Pechando nervosamente o abano e deixando fuxir un salaio*).—Imos vellos, conde.

CONDE.—Tempo fai que nacimos, marquesa.

MARQUESA.—¡Cantas cousas levamos vistas!

CONDE.—Non tantas coma deixamos de vere.

MARQUESA.—É certo, si, é certo; nas nosas vidas, soio temos conocenza diso: das nosas vidas.

CONDE.—Cando falan mal de nós, e ós nosos ouvidos chega.

MARQUESA (*Surrindo*).—Sempre, conde; sempre habedes de tere a ouxeizón de rúbrica.

CONDE (*Botando ó outo unha bafarada*⁶⁰¹ *de fume*).—É mal da raza.

MARQUESA.—Raza hoxe baril,⁶⁰² nobre, ilustre.

CONDE.—Onte cativa, probe miserabre.

MARQUESA (*Dando golpeciños co abano nos xionllos*).—Decire que non fai tempo acochabamos o nome da terra onde nacerámo-los galegos, dá vergoña o pensalo!

CONDE (*Arregrando o nó da corbata*).—Daquela non eramos galegos.

MARQUESA.—¿Que, pois?

CONDE.—Xudíos sin patria vivindo nela: veciños dunha casa que era nosa.

MARQUESA.—¡Canto tempo perdimos!...

CONDE.—E obrigados que o non perdimos todo. Máis que nada a fala; ista fala que tanto envexan os alleos, e que non finou, e non perdeuse nas ás do esquecemento, mercede ós bos labregos, que foron os termadores da nosa tradizón, das nosas costumes, dos nosos usos; os compretos cibdadáns, os

⁵⁹⁸ Viu a luz no n.º 38 (30-11-1917) d' *A Nosa Terra*, p. 5. Foi incluído en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 49-51.

⁵⁹⁹ ANT: varilas.

⁶⁰⁰ ANT: repasar seus.

⁶⁰¹ ANT: bocanada.

⁶⁰² ANT: braril.

únicos matriotas, os que sendo galegos vivían en Galicia e non nunha colonia castelana. ¡Benia eles!

MARQUESA.—E penso que de tantas estatuas e moimentos coma ten a nosa terra en prazas e xardíns, non hai unha, unha soia, que repersente a raza nun labrego; nun disos labregos que tan maxistralmente traza o lápiz⁶⁰³ do noso vello amigo Castelao.

CONDE (*Sacudindo a cinza do chaleque*).—Tiveches unha gran idea, marquesa. Velaí unha fermosa maneira de pagare á xenerazón presente a débeda⁶⁰⁴ de gratitude que temos co labrego, encarnazón da raza, que soupo conservare limpa e san ó través dun tempo de doenzas contaxiosas, a fala, a base pirmordial da riqueza e prosperidade que disfrutamos hoxe. Sin ela, Galicia non sería Galicia; ficaría reducida a un anaco daquela España de touros e pandeireta que Deus confundeu pra ben dela e noso.

MARQUESA.—Pois xa que che agradou a idea, cando cheguen os invitados, nos que como sabes, atópanse os máis linaxudos e máis ricos señores da nosa terra, abrirei unha suscrizón pra ise moimento que encabezarei cunha⁶⁰⁵ forte suma, e o que sexa valente, que atrais veña.

CONDE (*Erguéndose*).—Seguireite eu, marquesa, e coma os dous pertencemos á antiga nobreza, e non á que fixeron nobre porque ennobrecéranse falando unha lingoa que por de bastardos tiñan, non teño dúbida algunha en que o moimento farase, e que o espírito da raza ficará polos séculos dos séculos representado pola figura labrega, única e lexítima representazón da ialma galega.

⁶⁰³ ANT: lapis.

⁶⁰⁴ ANT: deuda.

⁶⁰⁵ ANT: co unha.

É a noite de san Xuán⁶⁰⁶

Nunha fiestra⁶⁰⁷ do pazo do Pardal, pola cara que dá ó mar, había lus até moi preto do amañecer.⁶⁰⁸ Aquela fiestra⁶⁰⁹ daba á ⁶¹⁰sala biblioteca de estudio do señor do Pardal, bondadoso ricacho e médico de moi ganada sona en moitas leguas á redonda.⁶¹¹ D. Lorenzo do Pardal —que este era o seu nome— estudaba⁶¹² día e noite non pra chegare a ter unha compreta sabenza que iso a non ten ninguén, sinón pra tere a menor cantidade de dúbidas sobor todo na súa carreira.

Dende faguía dous meses, adicábase ós estudos⁶¹³ con máis afínco que nunca por tere unha loita empeñada co seu deber de home e coa súa concencia de médico. Sete meses levaba de casado con Pilar Silveira, a máis fermosa meniña de toda a comarca, descendente de outa e linaxuda familia, e dous meses levaba ela doente de segreda doenza, pois nin ⁶¹⁴o seu home nin compañeiros seus vidos de fóra atopaban o rimedio pra atallar o seu mal.

Mal que dende o seu comenzo traballa en Pilaríña, paseniño, terco e cachazu-do, mais adoito pra adiante. Día non houbo que a súa natureza o vencera, e puidera acusar a máis lixeira milloría. Era ⁶¹⁵o seu mal, vela acesa, que fina a forza de arder, por poderosa lei de desgaste.

Eisí que sin dor, sin queixas, camiño iba do fin. A morte xenerosa e dadivosa co ela, avarenta de levar tan fermosa presa, a non arrincaba da vida de unha poutada coma ela ten por costume; a arrincaba xeitosa, a modiño, cal si medo tivera de espertala do derradeiro sono, coma leva a nai o seu fillo durmido dende o regazo ó berce.

Don Lorenzo, coma home, vía marchárselle en Pilar a xoia de máis outo prezo pra el no mundo, do mesmo xeito que o neno que, aínda non anda e sentado no chan, contempra o xuguete que se lle fuxeu⁶¹⁶ das mans e o non pode coller; coma médico,

⁶⁰⁶ Deuse a coñecer no n.º 14 (30–3–1917) d’*A Nosa Terra* [pp. 6–7] e tamén se inseriu na *Antoloxía Gallega*, as dúas veces co título “E a noite de san Xuán...”. Foi reproducido na obra *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 52–57.

⁶⁰⁷ *ANT* e *AG*: ventán.

⁶⁰⁸ *ANT* e *AG*: amaecer.

⁶⁰⁹ *ANT* e *AG*: ventán.

⁶¹⁰ *ANT* e *AG*: sala–biblioteca.

⁶¹¹ *ANT* e *AG*: ridonda.

⁶¹² *ANT* e *AG*: estudiaba.

⁶¹³ *ANT* e *AG*: estudos.

⁶¹⁴ *ANT* e *AG*: seu.

⁶¹⁵ *ANT* e *AG*: seu.

⁶¹⁶ *ANT* e *AG*: escapou.

coma home de cencia, lémbrase dos seus estudos e dos seus desvelos, pra sere unha nulidade, pra non sere nada, pra sere somente un de tantos vermes invisibres da terra, con vanas e tolas pretensións de deuses...

*
* *

Serán de febreiro. Sentadas en xeitosas e luxosas butacas preto da estufa, onde arden raxas de pino ben enxoito, áchanse Pilar e Sabela, vella servidora dos Silveira, que criara a Pilar e que ó casárese esta abandonou a casa dos seus vellos servicios pra se ire co ela.

Falaban da segreda enfermidade, e a vella con agarimos de nai lle decía:

—Miña doniña, teu mal é mal da terra, i ela cos seus froitos ten de ser quen te ha de curare; teu mal non quer influxos de medicinas nin sabenzas de médicos. Cansa estou de cho decire. Si por min D. Lorenzo se guiara, leda coma mañán de maio, e sana e con cores de saúde coma feituca e fresca mazán, te atoparás hoxe... Mais D. Lorenzo di: O que a cencia non pode, o non pode ninguén...

—E ten razón, Sabela. Ti ben sabes⁶¹⁷ cantas vítimas arrincou das gadoupas da morte. Ti ben sabes⁶¹⁸ que en moitas leguas ó redor por milagreiro o teñen, e até din que corpo doído que toquen as súas mans, abonda pra que sane. Ben o sabes⁶¹⁹ ti.

—Sei, Pilaríña; mais tamén sei e tamén vexo, e tamén a impacencia me come e o díaño me leva, jarrenegado el seia!, que teu mal adianta; que a túa vida se murcha⁶²⁰ coma frol arrincada da pranta, e que te axas e secas o podendo impedir eu...

—Non podes. O que ti tes é fe nos deseios, vountade no agarimo e crenza, a forza de ser boa galega, nos feitizos das herbas, das follas e das froles da nosa terra.

—¡E non hei ter!... Outras doentes coma ti do mal da terra, de ise mal que é xordo prá cencia e ouvidor⁶²¹ pra nós os fillos da montana, pra os que non ten segredos a natureza por vivire achegados a ela coma a hedra ó val, outras coma ti, doentes, as curaron estas mans que as han de come-la terra.

—Logo, ¿xa curaches outros?

⁶¹⁷ *ANT* e *AG*: soubes.

⁶¹⁸ *ANT* e *AG*: soubes.

⁶¹⁹ *ANT* e *AG*: soubes.

⁶²⁰ *ANT* e *AG*: murchia.

⁶²¹ *ANT* e *AG*: ouidor.

—Curei. Testigos teño que aínda viven e non me deixarán mentire. Ises cocimentos de herbas, follas e froles, que temos de ir buscar no corazón da montana nas noites de luar, ises cocimentos que os parvos chaman brevaxes i eu bálsamo da vida curariante, Pilariña, mais don Lorenzo non quer... ¡Ai, si quixera don Lorenzo!

E don Lorenzo do Pardal, que faguía un anaco estaba xunto á porta acochado tras dos cortinóns, entrou preocupado⁶²² e cabizbaixo e chegando onde a Sabela, pódolle unha mau no ombreiro⁶²³ díxolle:

—Don Lorenzo, quer, Sabela. Don Lorenzo canso de estudiare e consultar libros, dáse por vencido nesta loita i entrégache a enferma. A ver si xa que eu tendo cencia din paus de cego, ti que nesto eres cega a ver si das paus de cencia...

—Dareinos. ¡Deus⁶²⁴ non me dera, si as miñas herbas non han de esconxura-lo mal do corpo de Pilariña, coma sei tamén coa sinal da cruz⁶²⁵ esconxura-lo demo!...

*
* *

Comenzos⁶²⁶ do vran. Noite de san Xuán. Na terraza do pazo do Pardal, atópanse sentados á lus da lúa, don Lorenzo, Pilar e Sabela, contemplando as lumaradas en que acó e aló espalladas pola campía, a mocidade brinca e canta en roda ó redor delas, e das que de cando en cando un rapaz⁶²⁷ de voz⁶²⁸ potente berra un aturuxo, que é contestado de unha en outra coma alerta convido⁶²⁹ de antemán, entre fantásticos centinelas.

Sabela co seu bálsamo de vida, dera o pau de cencia nomeado por D. Lorenzo, e Pilariña, chea de saúde, surría satisfeita ó atoparse diante de unha nova vida na que xa nin soñaba.⁶³⁰

⁶²² *ANT* e *AG*: procupado.

⁶²³ *ANT* e *AG*: ombro.

⁶²⁴ *ANT* e *AG*: Dou

⁶²⁵ *ANT* e *AG*: crus.

⁶²⁶ *ANT* e *AG*: Serán.

⁶²⁷ *ANT* e *AG*: rapas.

⁶²⁸ *ANT* e *AG*: vos.

⁶²⁹ *ANT* e *AG*: conveñido.

⁶³⁰ *ANT* e *AG*: sonaba.

Perto⁶³¹ do pazo, nun terreo limpo de herbas e de albres, arregrado pra xogos de *sport*, comenzou a rubir unha espesa e xigantesca fumareda, que pouco dempois trocouse en labarada de fogo, somellante a unha lingua que se estricaba por chegar ó ceo.

Ergueuse destonces D. Lorenzo do Pardal, e amostrándolles a lumarada a Pilar e Sabela, díxolles sentenzosamente:

—Eí tedes a lumarada de máis prezo que vin na miña vida. Nestes momentos retórcense no seo de ise fogo, milleiras de fórmulas que retorceron o meu maxín. Centos de centos de pesetas convertidos en letras, as letras en verbas, as verbas en párrafos, os párrafos en páxinas e as páxinas en libros, convertidos agora en charamuscas, en cinza, no que deles adeprendín: en nada. Meus libros, tódolos meus libros, arden eí xuntos, revoltos, nisa tumba de fogo. ¡Ben mortos sexan!...⁶³² Na súa morte, ó menos, serán frutíferos, porque darán fume que se trocará en nubes, darán fogo que carregará a atmosfera, e mañán, cicais esta mesma noite, trocaranse en pingotas que ó caer sobor do chan, daranlle vida ás herbas, ás follas e ás froles que cha deron a ti, miña Pilar, e isas pingotas serán as bágoas de carraxe da cencia sin cencia pra te curar... ¡Ben mortos sexan!...⁶³³

⁶³¹ *ANT* e *AG*: Preto.

⁶³² *ANT* e *AG*: seian.

⁶³³ *ANT* e *AG*: seian.

A dos ollos meigos⁶³⁴

I

Nun museo de pintura, cuio nome eiquí non vén a conto, había⁶³⁵ un fermoso cadro de inestimable valore, coñecido polo nome de *A dos ollos meigos*. Compoñíase o cadro dunha muller envolveita toda ela nunha gasa difuminada nun fondo de nubes, agás os ollos, que pintados fortemente sobersaían soios, únicos, no lenzo, grandes coma unha espranza, pretos coma un desengano. Unha ben marcada soma de terrore dibuxábase nils, cal si atopárase en presenza dunha eterna e tráxica visión.

Ninguén visitara aquíl museo que ó atopárese diante do cadro, non sintira frío na alma e pasara pola súa imaxinazón un evocamento de traxedia. Logo, pra termiñare de comprega-lo efecto, contemplábase a moitas horas⁶³⁶ do día ó pé do cadro a un vello de longas e brancas guedellas, vestido pulcramente,⁶³⁷ con algo de desaliño, que cal gardán de honore fitaba cos seus ollos sin luz⁶³⁸ os visitantes. ⁶³⁹Os seus labios⁶⁴⁰ contraíanse pra surrir cando escoitaba unha louvanza e ⁶⁴¹as súas pálpebras fixas adoito recollíanse nunha dorosa contraición amostrando a palidez dos ollos, filla da cegueira, cando ouvía falar do misterio do asunto que escollera o pintore. E aquíl vello gardán era o autore, a quen custáralle o chegar a vivire na luz⁶⁴² da Groria, o ficar pra sempre choído nas tebras⁶⁴³ dunha noite sin fin. Ao fina-la obra, finara a luz nos seus ollos de tanto fitalo. *A dos ollos meigos* non era unha obra imaxinativa erixida na súa fantasía; fora bebida nas fontes da realidade.

II

Ernesto Porto, que era o nome do pintore, fillo dunhos probes labregos, amostrou dende moi neno unha grande incrinazón á pintura comenzando por faguer monican-

⁶³⁴ Apareceu no n.º 33 (10–10–1917) d’*A Nosa Terra* [pp. 5–6] coa adicatoria *Pró gran Castelao, que ten a outa virtude de faguer rir coas súas intenzonadas caricaturas da terra que a il cóstanlle bágoas*. Foi publicado de novo en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 57–62.

⁶³⁵ ANT: houbía.

⁶³⁶ ANT: horas.

⁶³⁷ ANT: purcramente.

⁶³⁸ ANT: lus.

⁶³⁹ ANT: Seus.

⁶⁴⁰ ANT: labres.

⁶⁴¹ ANT: súas.

⁶⁴² ANT: lus.

⁶⁴³ ANT: tinebras.

cos en papés, namentras o gando pastaba apacibrementemente a fresca herba. Máis tarde, mercáralle e trouxéralle un seu tío ó voltare da América unha caixiña con lápices de cores. Dono dela afoutárase a pintar casas e arbres con de abondo bon acerto, tendo en conta a falla de conecimentos que tiña no tal arte.

⁶⁴⁴O seu tío Bieito, ⁶⁴⁵que viu os traballos do rapás cos lápices que mercáralle, percatouse⁶⁴⁶ de que había⁶⁴⁷ no seu sobriño madeira de artista. Botou man dunhos aforros que trouxera da emigrazón, e mandouno á vila ós catorce anos a estudiare⁶⁴⁸ os segredos do dibuxo pirmeiro e do corido dempois. Ernesto demostrou dende o comenzo unha gran afizón e unha intelixenza pouco corrente ós seus anos.

Pasando foi o tempo e aumentando nil os coñecimentos⁶⁴⁹ en tan diviño arte, até que o domiñando á perfeizón, subvenzoado foi polo goberno pra realizare un viaxe a Italia pra o seu refinamento artístico. E aló foi Ernesto ledo do persente e satisfeito do porvir.

En Italia pintou algúns⁶⁵⁰ cadros que déronlle grande sona e puxéronno á outura dos máis renomados pintores daqueles tempos. A crítica san, dicía dil que chegara ó cume. Ernesto o non coidaba eisi; faltáballe⁶⁵¹ a obra cume, a obra que o eternizara, a do acerto, a que non teñen tódolos mestres; obra que non búscase sinón perséntase unha vez na vida. Hai quen porducindo pouco atopouna e hai quen moito e bon porducindo ficou sin ela. Custión⁶⁵² de inxenio, de alma, millor de sorte.

Ernesto buscábaa. Espirmía a súa imaxinazón como fai o namorado pra dibuxare no pensamento a faciana da dona dos seus amores. E a imaxinazón rebelde e testafarro, ficaba muda, silenzosa...

Cicais non fora Italia a terra predestiñada pra dárelle o asunto. Pensou en Galicia. Ben poidera sere que a terra que donoulle o temperamento artístico donáralle tamén a desmortalidade. Ateigado de cartos e de sona, tornou a Galicia, á terra dos seus agarimos, pola que sentía dende que a abandonara morriña, saudades, desexos de beixare ⁶⁵³o seu chan, de folguexare seu ar...

⁶⁴⁴ ANT: Seu.

⁶⁴⁵ ANT: Benito.

⁶⁴⁶ ANT: porcatouse.

⁶⁴⁷ ANT: houbía.

⁶⁴⁸ ANT: estuiare.

⁶⁴⁹ ANT: conecimentos.

⁶⁵⁰ ANT: algunhos.

⁶⁵¹ ANT: falláballe.

⁶⁵² ANT: Costión.

⁶⁵³ ANT: seu.

III

E foi Galicia, a terra fermosa, meiga, chea de segredos e misterios, a que doulle o asunto pró cadro cume; o primeiro do artista, o derradeiro do pintore.

Alugara⁶⁵⁴ unha quinta de recreio nas Mariñas, e un serán do vran en que saía a dare unha volta polos arredores da súa nova morada pra paseia-lo xantare e saturárese de ispirazón⁶⁵⁵ na paisaxe galega pra dimpois ire ó seu estuio, velaí que atopou o asunto pró cadro mestre cando menos nil pensaba.

Pola marxen arriba dun pequeno río de limpas e cristaíñas augas que faguía xuntanza co mare moi preto da súa quinta, tomou camiño adiante sin pensare onde iba nin polo que iba. Coas mans nos petos e choído en profunda meditación, ou nises parvos recollimentos que non pensamos en nada, seguía á beira do río, paseniño, sin présa, como cando o tempo dispón dun ou un do tempo, que en calquera dos dous casos endexamais chégase tarde.

Nisto unha voz⁶⁵⁶ de rapaz que saía dunha revolta que faguía o río, ó berrare: ¡Que vén xente!, fíxolle voltar á realidade, e fitando pra onde a voz saíra, puido vere con asomo e admirazón preto dil, o cadro de realidade máis orixinal que dárese pode. Non parez sinón que o destiño encamiñouno até alí, e a natureza axeitoulle o temperamento artístico comenente pra enxerguer i enterpretare con amore aquila visión real que tiña ante os seus ollos.

Nun curruncho da orela do río, á soma de folleados ameneiros, unha rapaza en pé, i envolveita de enriba a baixo nunha sabán⁶⁵⁷ branca, deixando vere os ollos somentes, fitaba a Ernesto fixamente, aterrada, apertuxando a sabán⁶⁵⁸ ó corpo cal si quixera voar, desaparecer, trocárese en nada. Sorprendida ó saíre do baño por aquil forasteiro, o terrore fixo engrandecerlle os ollos e a inocencia, a pureza, a candidez alumeounos. Foi unha mirada emprar endexamais pensada nin fitada; unha mirada desquencibre das que non pódense buscare nin en modelos nin en tráxicas. E pra maior milagre, pra maior capricho fantástico da natureza, soparáronse unhas follas dos ameneiros premitíndolle o paso a unha raiola de sol, que namorada, envexosa daquiles outros dous soles da rapaza, sobor diles pousouse, e tenra, agarimosa, beixounos longamente.

⁶⁵⁴ ANT: Alougara.

⁶⁵⁵ ANT: no paisaxe galego.

⁶⁵⁶ ANT: vos.

⁶⁵⁷ ANT: sábena.

⁶⁵⁸ ANT: sábena.

Ernesto que noutra hora houbera fitado con mal intenzonada curiosidade de home, fitouna con ademirazón de artista e de súpeto, ateigado ⁶⁵⁹de unha santa ispirazón, ademirouna con fixeza de tolo, reconcentrando tódolos sentidos no da vista, e sin perdere un detalle daquela meiga visión, pechou os ollos con forza e aínda suxetou as pálpebras coas mans pra que non recolléranse, e impresionou, recolleu no seu pensamento, a xeito de cámara oscura, aquel ben[di]to asunto que a imaxinazón negáralle e que había⁶⁶⁰ de dárelle máis tarde luz na Gloria e oscuridade na Terra.

E consigueuno. A visión que o pensamento recollera, ó reconcentra-las ideas, voltaba de novo a fitala ó seu antoxo; i eisí, un día e outro, foi termiñando de pintare o cadro das súas arelas, que soio dous ollos de galega beixados por unha raiola de sol souperon darlle. Mais, ¡ai!, tanto fitounos, tan a cotío levábaos choídos no pensamento, que ó termiña-lo cadro ficouse cego pra sempre, e vía somentes cos ollos da alma aqueles outros meigos ollos da galega, grandes coma unha espranza, coma un desengano pretos.

⁶⁵⁹ *ANT*: dunha.

⁶⁶⁰ *ANT*: houbía.

Noite Boa sin festa⁶⁶¹

Na casa do señor Pedro da Lameira, labrador ben acomodado do lugare, axuntáronse no piso pra cear por Noite Boa, il; a señora Bastiana, súa muller; a súa filla, Pepiña, con Mingos, ⁶⁶²o seu home; Cacharusas, irmán do señor Pedro, e Bartolo, veciño da casa, ó que estimaban coma a un parente.

A cea daquela noite, aínda que na táboa non fallaba cousa algunha de compango e larpeirada, e de todo en abundanza, tiña de sere unha cea de recolimento e de silencio, honrando a acordanza do finamento do pai do señor Pedro, finamento que acontecera faguía pouco máis dun ano. Xa cando sentáranse á táboa, aconsellara de novo o señor Pedro:

—Bebamos e ceemos a fartarnos, que pra todos hai, mais respetámo—la acordanza do finado que Deus o teña na gloria!

—¡Que aló o teña! —rosmou a señora Bastiana persiñándose, e faguendo o mesmo todos.

Deron comenzo á cea e os seis, con facianas do tempo ou sexa de Pascuas, comeron e beberon coma benditos, sin falaren outra cousa que as gabanzas de adoito á comida ou ó viño. Terminado que houberon de cear e ben beber, que de abondo beberan, alcendenderon os homes uns⁶⁶³ ricos xarutos habanos e as mulleres recolleron a táboa.

—¡E sabedes que xía, reporra! —dixo o señor Pedro fregando⁶⁶⁴ as mans entre as pernas.

—Como que estaba por dicire que millor istaríamos en baixo na cociña ó [a] mor do lume —repuxo Cacharusas.

—Pois en baixo imos —afirmou o irmán erguéndose.

Seguírono todos e xa na cociña, botaron louza⁶⁶⁵ na brasa e sentáronse ó redor do lume.

—¡Demoros!, tivo razón Cacharusas. Eiquí estase ben.

—E pra non cantar nin beilar, sinón pra faguer contos somentes, aínda millor

—sorneou Pepiña.

—Ou, agora que me decato, podíamos xugar unha brisca os catro. Pasabamos ben o tempo —adivirteu Bartolo.

⁶⁶¹ Ofreceuse nos números 40–41 (30–12–1917) d’*A Nosa Terra*, pp. 7–8. Foi inserido no libro *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 63–71.

⁶⁶² *ANT*: seu.

⁶⁶³ *ANT*: unhos.

⁶⁶⁴ *ANT*: fortando.

⁶⁶⁵ *ANT*: lousa.

—¿E Pepiña i eu? —perguntoulle a señora Bastiana.

—Contáde-los tantos, e todos temos emprego —contestoulle Mingos.

—Ai, contádeos vós, ho —atalou Pepiña.

—Non, é que nin eu xogo tampouco —saltou Cacharusas.

—¿E logo, meu irmán? —díxolle o señor Pedro.

—¿E pergúntasmo ti? Que me fagan isa pregunta os máis, pase, pro ti non. Lémbrete do que houbo pasare a derradeira vez⁶⁶⁶ que xoguei á brisca con Chinto o REGUEIFEIRO.

—Tes razón; perdoa, que non—o lembraba. E xa que nalgo temos que entreternos, cóntallelo a istos... E ti, Bastiana, arrecada pra acó un pouco viño e o pote de barro novo pra quentalo que entrará millor.

—Paréceme ben as dúas cousas, que nin hai contos sin viño nin discursos sin sucelos.

Encheu a señora Bastiana un bo pote de viño que puxo ó lume e Cacharusas comenzou o conto.

—Xogabamos eu e tres máis unha brisca na taberna de Lucas aló polo vran, xa fai anos; por certo, que tiña de compañeiro o difunto de Colás. ¡Deus o perdoe!; que era un bo xugador de brisca si é que os hai, e isto sen ofendere ós persentes, e non sei que xogada mala me fixera por non se fixare, e reprendino. Na rependa istaba, cando entra o raio de Chinto co unha tana que non se tiña, e ó decatárese da rependa, cántame en son de regueifa:

*Ti persumes de que xogas
e teu xogar n' é certoiro
pois sempre que xogas perdes
e falas co taberneiro.*

—¡Moi ben cantado, demoros! —interrumpeuno Bartolo, que era tolo polas regueifas.

—Mais foi millor contestado —sigueu Cacharusas, cantando un pouco máis outo:

*Si tal pasa co meu xogo
canto perdín se pagou
e ti vai dormi-la tana
que eiquí ninguén te chamou.*

⁶⁶⁶ ANT: ves.

—¡Ben contestado porque si, que o digo eu! —interrumpeu de novo Bartolo—.
¡Siñora Bastiana, délle un pouco de viño a Cacharusas, que ben o merece recoiro! ¡Iso é cantar!...

Beberon viño quente todos, e sigueu Cacharusas:

—Cando xa coidaba que marcharía co aquela miña copra que queimaba, bótame esta, ¡que traía lume!:

*Si eiquí ninguén me chamou,
tes que sabere, meu neno,
que onde me chaman non veño
e onde non me chaman, vou.*

Eu xa non me contento,⁶⁶⁷ por iste mal xenio que Deus me dou, boteille ista que fervía:

*Si onde non te chaman, vés,
e cantas xa por costume,
a gorxa ¡polo meu nome!
voucha poñer do revés.*

—¿E sabes que daría xenio ouvrvos? —volveu a interrompir Bartolo—. ¡Siñora Bastiana, viño, viño a este regueifeiro de primeira!

E viño volveron a beber e copras volvéronse a cantar cada vez con máis forza, até que converteuse aquilo nunha compreta regueifa dun, sin que xa ninguén se lembrara da acordanza do difunto.

Bartolo cada vez máis ateigado de entusiasmo faguía cantar novas copras a Cacharusas, e ó sentire unha gaita que pasaba por diante da casa tocando un enxebre alalá, ergueuse, abriu a porta e, queiras que non, meteuno na casa.

—¡Boas noites, meus amigos! —dixo Pepe o gaiteiro chegando onde eles e bebendo unha boa cunca de viño que lle ofreceu Pepiña.

—Boas nolas⁶⁶⁸ dé Deus —contestaron todos.

—E ti pra onde ibas tan entonado, ho? —perguntoulle o señor Pedro.

—Correndo a parvurela —contestou sentándose coa gaita ó lombo.

—Pois séntate un anaco ó quente, que aló na nosa mocidade ben temos andado xuntos, non é así, ho?

—¡Abofellas que si! Temos trouleado pouco...

—¡Que tempos aqueles!... Hoxe á mocidade dálle tangos, pasodobres, chotes ou chotas... Daquela, ¡que alalás!, ¡que ribeiranas!, ¡que montanesas!... Por

⁶⁶⁷ ANT: contendo.

⁶⁶⁸ ANT: no las.

certo que había un alalá que moitas ocasións quero lembra-lo son e o non sei todo... Agarda, comenzaba eisí —dillo cantando.

*Eu vin, virivín, vin, vin
o raposo na túa eira...*

Non, era doutro xeito, tiña outra volta... Home, a ver si ti na gaita o sacas; poida ser que si. ¡Bastiana trai viño!

Bebeu o gaiteiro, limpou o fuciño e acomodando ben a gaita, encheu o fol, e decindo: A ver si é iste, comenzou a frolear un alalá cheo de voltas e repinicos que encheu de ledicia ós persentes!

—O mesmo, o mesmo —berrou ledo batindo as mans o señor Pedro, acompañando á gaita:

*Eu vin, virivín, vin, vin
o raposo na túa eira
entrarche pola ventán
coidando que era a poleira
sin que ladrara o teu can.
Trai-la-laila, trai que o vin
eu vin, virivín, vin, vin
o raposo na túa eira.*

Parou de toca-lo gaiteiro. Pepiña que nunca ouvira aquil alalá escramou:

—¡Que fermoso é, meu pai! ¡Nunca cantar o ouvira!

—Ainda chos hai milllores; nos meus tempos, eran as nosas únicas cántigas

—contestoulle o señor Pedro. Ouvide iste:

*Alalá o da montana
forte e rexo como nós...*

—Non —interrumpeunos Cacharusas— ise alalá é de mala fada; o non cantedes.

—Lembrádevos diste —dixo o gaiteiro entoándoo na gaita.

Comenzou a canta-lo señor Pedro, mais ó pouco tempo todos cantaban a unha. A ledicia dos alalás fixera o seu contaxio. E cando a gaita calaba por molla-la palleta o gaiteiro e trocar de punteado, un aturuxo rachaba o silencio que deixara a gaita, aturuxo que contestaban dunha casa noutra até se perdere no corazón da montana.

—¡Ai, meu Pedro, —díxolle zalameira a muller— vexo que aínda tes boa voz!
¡Non cha teño eu eisí!...

—¡Nin os pés coma os teño eu aínda lixeiros pra puntear unha ribeirana! —repuxo o señor Pedro.

—¡Ai en canto ós pés, tanto non-o dixen eu!...

—¿E afoutaríaste?

—¡E afoutaría e todo!...

—Pois arrecádame un pouco viño que esteña quente, que beba pirmeiro o gaiteiro, e mentras faguedes sitio, que vaia atemperando unha ribeirana.

Fíxose como ordenou o señor Pedro, e iste prantouse dun pulo no meio, coa lixeireza que podían donarlle as pernas termantes de tres ducias de anos cada unha, e a vella Bastiana fixo o mesmo, disposta a comenzare.

Comenzaron e os movementos tardos e pesados dos pirmeiros tempos foron trocándose en rápidos e lixeiros que nada tiñan que envexare ós dunha xoven parexa. Certo que os dous foran beiladores de moita sona. Os espeitadores encirraban nun e noutra a quen millor o fixera, resultando aquilo unha troulada sin fin.

Cando estaban no millor do choio, ocorréuselle ó micho dar un paseo polo baile pra estrica-las pernas, e foi collido de tal xeito baixo un zoco do señor Pedro, que o animal dando un pulo pra caer donde fora con tal de saír daquela prensa, foi a dare na faciana de Bartolo, quen ó sentire aquilo sobor de si, arrecadou de vara e doulle un pau ó micho polo ar, pau que o non colleu por andare lixeiro, mais que si descargou no lombo de Cacharusas, o que púxose levado dos demos pola que il creía broma, e que pouco traballo costou o convencelo⁶⁶⁹ da verdá do conto.

Todo volto á tranquilidá volveron a beilar de novo con máis afinco aínda, até que a señora Bastiana co esforzo de tanto beilar e sin ter costume, nunha das voltas máis lixeiras, doulle un badío e non foi ó chan de moleira por agarrarse a tempo ó fol da gaita.

Sentárona ó [a]mor do lume, e xa cando íballe pasando, dou en berrar, en berrar, até que encheu a casa de veciños. Cando a viu chea, puxose en pé, surrindose, e pra ademostrare que ningunha cousa pasara volveu a correre de novo o viño polas gorxas de todos, e o beile dou comenzo novamente con infinidade de parexas, que gustaban máis de beilar que de dárenlle á sin óso ou de molla-la gorxa.

E aquela Noite Boa sin festa, eisí terminou ó alboreare o día de Navidade en santa paz de Deus!

⁶⁶⁹ ANT: comencelo.

O derradeiro beixo⁶⁷⁰

I

De labres dunha romántica e fermosa pasaxeira ouvín nun dos viaxes que fixen a América ista historia mística e tristeira, onde brila un amore sinxelo como grande, eistrano como puro.

Entre o pasaxe que embarcara en Barcelona no vapor *Montserrat*⁶⁷¹ que faguía o viaxe a América do Sur, contábanse os protagonistas dista historia. El, un rapaz xoven aínda, iba empregado pra unha casa bancaria da cibdá de Bos Aires. Ela, ó ano de ficare viúda dun rico comerciante catalán, voltaba pra Bos Aires onde houbera nado. Era outa, morena, ben doada; pertencía á cras de mulleres que non teñen idade. Ao sumo, tería corenta e cinco anos, non porque os repersentase, sinón porque os tería. Aparentaba trinta e cinco; a idade á que moitas mulleres chegan e nela parez que fican, até que as canas, as acusadoras canas, fanlles dar o pulo á vellez.

Víronse⁶⁷² no salón de lectura a primeira noite de viaxe e ó fitárense, ó troca-las olladas, enxergueron que algo misterioso os xuntaba e que algún poder segredo os fixera conecérense pra toda a vida. O rapaz, que contaría uns⁶⁷³ trinta anos, fora un eterno bulrón do verdadeiro amore; coidaba que o tal era fillo de espritos suxetos ó romanticismo e non á realidade.

Aquela noite, ó sere fitado por aqueles ollos pretos, grandes e brilantes, sinteu un escalofrío no corpo e unha sensazón na alma que endexamais sentira, e dubidou. E volveu a fitala, volveu a ser fitado, e o sangue circuloulle con rapidez polas arterias, unha grata mornenza invadeu o seu corpo, e un novo sentimento, un ineispricabre sentimento xermolou nel. Non había lugare a dúbidas; amaba. ¿Quen era aquela muller que tal dominio exercía sobor el? ¿Que poder sobornatural tiña pra eisi faguelo sintire sentimentos novos? Non dando creto ó que por el pasaba, volveu a fitala ó tempo que era fitado como obedecendo os dous a un común acordo ou máximo conxuro, e am[b] os sostiveron a ollada longo tempo, escudriñadora, interrogante, até que el, vencido, dominado, pousouna de novo na lectura. Sin sabere por que, tremou; sin sabere por que, sinteu arelas, desexos de chorare, que o mesmo fan saír as bágoas os ollos, a felicidade como a desgracia.

⁶⁷⁰ Viu a luz nos números 42 (10–1–1918) [pp. 6–7] e 43 (20–1–1918) [p. 3] d’*A Nosa Terra*. Andado o tempo, formou parte de *De min pra vós* (*Contos do Pobo*), pp. 71–83.

⁶⁷¹ *Ad litteram*.

⁶⁷² *ANT*: Véronse.

⁶⁷³ *ANT*: unhos.

II

E de novo no salón de lectura, no comedor, na cuberta, ou cando se faguía música no piano, ⁶⁷⁴os seus ollos buscábanse e falaban de amores, co ise mudo lingoaxe dos ollos tan mudo como eispresivo, no que hai verbes sin fala e aloumiños sin mans.

En moitas ocasións estiveran un perto⁶⁷⁵ do outro e non se falaron. Cicais por falla de determinazón dun deles, cicais por non creba-lo encanto os dous.

Mais, ó fin, unha noite, unha fermosa noite de luar, en que ela, sentada na cuberta nunha cadeira de viaxe, atopábase soia contemprando aquel grandioso coadro da natureza en que a lúa ó refrexárese⁶⁷⁶ no mar, calmo, maino, sereo, faguía un longo camiño de prata dende o hourizonte até o barco, o rapaz, canso de levar choído no peito aquel ben ou⁶⁷⁷ aquel mal, ó que non sabía darlle nome, ou ispirado pola quietude e fermosura da noite, afoutouse a lle falar.

Chegou onde a ela e descubríndose respeituosamente, e tremándolle algo a voz, díxolle:

—¡Señorita, señora?... ¿Permitídesme unhos verbes?

—Señora. Con moito gusto. Porte unha cadeira e cúbrase —contestoulle amablemente.

Colleu el unha cadeira, sentouse fronte a ela e comenzou:

—Señora, non nos conocemos, endexamais nos falamos nin aínda siquer nos saudamos, i eisi e todo sabemos ben un do outro.

—É certo. Parez cousa dun sono.

—Sono que non é. Perto⁶⁷⁸ estamos de termiña-lo viaxe; nos quince días que levamos a bordo, nosas almas faláronse a cotío, ¿non⁶⁷⁹ é certo?

—Non falaron, comunicáronse, fixeron identificazón.

—Identificazón farto longa pra min, sin fiducia; comunicazón imposibre de seguire levando sin verbes, señora.

Ela calou. Soilo o fitaba fixamente sin pestanexare como adoito.

—Non cale, non. De abondo sufrín, de abondo calei. Ao fitarme, ben sabe vosté o fogo que levo no peito; fogo que alcenderon isos ollos que falan o que a súa lingoa cala. ¿Me quer vosté coma eu a quero?

—Vosté aínda é xoven; eu vou vella.

⁶⁷⁴ ANT: seus.

⁶⁷⁵ ANT: preto.

⁶⁷⁶ ANT: refrexárase.

⁶⁷⁷ ANT: „.

⁶⁷⁸ ANT: Preto.

⁶⁷⁹ ANT: no.

—¡Vella!... O amor non fita edaes.

—Ademais, cicais o que vosté sinte por min, como xoven que é, é posibre que sexa tan soio unha ilusión pasaxeira.

—Non, diso estou ben seguro. Ilusións tiven moitas e sei como se sinten. O que agora sinto, o que agora levo na alma, o non sentín endexamais e como endexamais amei, isto é amore, si, isto é amore.

—Será porque me ten diante. Non véndome...

—O mesmo, con maior martirio. Eisi, aínda teño o consolo de que a vexo. Mais, non sexa mala. ¿Verdá que me quere?

—Son vella xa; repáreme ben.

—¡Que hei de reparar, cando é vosté coma o sol, que canto máis se fita máis cega!

—Pois é unha tolería.

—Da que vostede⁶⁸⁰ ten a culpa.

—Sexamos bos amigos; amigos que simpatizamos e que nos queremos moito.

—¡Moito, como amigos!

—Si, como amigos. ¡Si eu fora máis xoven!...

—Señora, non me faga sufrir!

—Non quixera como hai Deus. Eu, fálolle coa alma na man, o quero, téñolle moita fe; pro o outro non pode sere, non, imposibre.

—Xa enxergo. Vosté trema porque si ó depositare en min ⁶⁸¹o seu cariño, o que eu sinto non é amore...

—Non, non é iso... Fágame caso; sexamos dous amigos que se queren moito. Llo rogo, llo suprico.

—Señora, iso non. ⁶⁸²Os seus rogos son ordens pra min e ⁶⁸³as súas súplicas mandatos, que eisi como levei na alma quince días iste amor sin fiducia, terei forza de vountade pra levalo toda a vida. Mais si quere probar que o meu non é ilusión, póname a proba en calquer tempo e convencerase.

—¡Quen sabe, quen sabe! ¡Deixade corre-lo tempo!...

—Farei o que mandades.

Ergueuse da cadeira, e cunha⁶⁸⁴ surrisa mal disimulada nos labres, tendeulle a man que ela colleu coa súa e apertáronas am[b]os fortemente.

⁶⁸⁰ ANT: vosté.

⁶⁸¹ ANT: seu.

⁶⁸² ANT: Seus.

⁶⁸³ ANT: súas.

⁶⁸⁴ ANT: co unha.

—Señora, —díxolle o rapaz fuxíndolle un salaio do peito— perdóeme por ter enxerguido mal ⁶⁸⁵as súas olladas. Agradezo a amizade que me brinda e, aínda que con dor o digo, seremos de hoxe en diante... ¡bos amigos!

—Máis agradezo eu que por tal me teñades.

—Por tal a terei, e... nada máis... ¡que pase boa noite!... Deica mañán, señora

—musitou máis que dixo ó deixala.

—¡Que Deus o acompañe!

E o rapaz, triste, abatido, cun nó na gorxa que o afogaba, marchou en direizón ó seu camarote.

III

Durante os dous días que fallaban pra rendi-lo viaxe, porcurou o atopárese co ela o menos posibre e soio cando desembarcaron déronse por segunda vez a man e os seus nomes, coa direizón do fogar.

De tempo en tempo, e isto moi raras veces, atopábanse na rúa e ó pasar, saudábanse. Soio unha ocasión que xuntos viaxaban nun tranvía, trocaron ⁶⁸⁶unhas verbas.

E fuxiron os días, os meses e os anos, e o corazón do rapaz latexaba tan fortemente de amore pola muller enigma, como cando falara co ela a bordo do *Montserrat*. Non era unha ilusión, endemal, o que el sentía. Era amore; o pirmeiro⁶⁸⁷ e derradeiro amore. Levaba na súa alma con fondas raíces, unha disas pasións que enchen unha eistencia. Pasión adormecida, mais non morta, que espertaba bruante, ameazadora, cruel, cada vez que a atopaba no seu camiño.

Os anos pasaron e unha mañán de outono persentouse a el unha vella que entergoulle unha carta. Rachou o sobre e asombrado,⁶⁸⁸ leu: «Si aínda me queres, si aínda os meus rogos son mandatos, rógoche en nome do amor que me xurache aquela noite, veñas axiña onde a min no coche en que vai a portadora». Volveu a ler a lacónica misiva e preguntoulle impaciente á vella:

—¿Está doente?

—¡Miña probe! —escramou aquela—. ¡E ben doente, endemal!

—Pois imos axiña.

Subeu ó coche coa vella e, trais de pasar rúas e máis rúas da populosa cibdá bonaerense, ó fin detívose o carruaxe, baixaron e seguindo á vella, entraron nunha casa de luxosa aparencia. Como obedecendo a ordens dadas de antemán, foino levando

⁶⁸⁵ ANT: súas.

⁶⁸⁶ ANT: unhos verbes.

⁶⁸⁷ ANT: pirmer.

⁶⁸⁸ ANT: asomado.

a vella ó través dunha eispréndida sala na que había⁶⁸⁹ varias persoas, ás que saudou reverenzosamente, e ó chegare a unha porta con colgaduras, indicoulle a vella que entrara, i entrou.

Era unha habitazón dormitorio semialumeada⁶⁹⁰ na que o pirmeiro que distinguíu foi un leito de gran luxo. Despazo, caeteloso, dirixeu-se a el.

—Vén, chega, que ben te sentín —adivirteulle ela con voz apagada, incorporándose traballosamente.

Chegou lixeiro onda ela e sentándose no borde do leito, colleulle as mans, e fitouna areloso. Doente e todo, aínda era a mesma.

—¿Fítasme? ¡Que feia debo estare! —perguntoulle avergoñada pechando os ollos.

—¡Máis fermosa que xamais! ¿Tes moito mal?

—¡Moito!... Xa ves, isa xente que atopache na sala son os parentes, agás o vello das cangallas, que é o notario. Testei. Confeseime. Viaticáronme... ¡Chameite a ti!... ¡Xa ves como podo estare!... ¡Logo, logo morrerei!

—¿E chámame agora? Mais non, ti non morreras; non pode ser, aprensións túas —i eisí decíndolle apertáballe as mans contra o seu peito.

—Chameite, porque teño unha débeda⁶⁹¹ contigo; unha débeda⁶⁹² que quero recibas co meu derradeiro alento que será pra ti.

Sentouse e colléndolle ó rapaz as mans, cada vez con voz máis queda, porsigueu:

—Non, ti non sabes a ledicia que teño ó te ter eiquí xunto de min. Si até parez que o benestar volta a min e que a doenza voou do meu corpo ó conxuro da túa presenza. Denantes de ti chegare, un friaxe mortal ateigaba⁶⁹³ a miña carne e⁶⁹⁴ o meu espírito... Agora non; agora sinto vida, forzas, quentura, como si ó te tere ó meu carón, eisí, moi a carón, —e apertuxábao contra ela— sentírame forte e deitara saúde, moita saúde, o mesmo que aquela noite... ¿lémbreste? Aquela noite en que nos conocimos cando viñamos en viaxe pra istas terras.

—Lembro, si... Mais falas moi axiña. Acouga. Fatigaste moito e pode faguerche mal.

—¡Boh! ¡Mal!... ¿Máis aínda?... Non, non teñas medo. Iste benestare, ista quentura, iste engano de vida que sinto é porduto da emozón de te vere... ¡A cativa

⁶⁸⁹ ANT: houbía.

⁶⁹⁰ ANT: semialoumeada.

⁶⁹¹ ANT: deuda.

⁶⁹² ANT: deuda.

⁶⁹³ ANT: miña.

⁶⁹⁴ ANT: meu.

doenza que vai minando a miña eisistenza, non cexa na súa labore! Descoida, non tardará, non será tardeira en dare fin á súa obra...

E tiña razón. As fazulas coreadas íbanselle cobrindo dun branco amarelo mate, seus labres comenzaban a tomare unha brillante tesura aceirada,⁶⁹⁵ ⁶⁹⁶os seus ollos polos que asomaba a vida apagábanse e as pálpebras recollidas sempre desdobrábanse pindurantes como ponla desgaxada polo vento.

O rapaz decatouse daquíl troque e soborcolleulle o azo. Intentou adicarlle verbas⁶⁹⁷ de alento, de consolo, e non puido. Era tan intensa, tan forte a emozón que sentía, que a súa lingoa apertuxada contra os dentes, permañecíalle queda, rebelde á vountade, pra eispresare ⁶⁹⁸os seus pensamentos.

—¡Meu amore, meu neno —porsigueu ela sentindo correr polo seu corpo o friaxe da morte—, isto vaise!... É tempo de confesiós, das confesiós ispidas... Síntome mal, moi mal... ¡Eu morro! Nas portas da morte dise o que se sinte... Quíxenche moito, moito, cun⁶⁹⁹ querere ideialista, puro, alonxado de toda materialidade. Vou finir queréndote eísí... Ti, quéresme tamén, xa o sei... ¡sinón non viñeras!

—¿E a que agardare agora a me chamar?

—Pra te querer máis, pra que tamén ti me quixeras... Todo en nós é rebeldía, ¿sabes, meu neno? O que temos ó alcance da man deixámolo, o que non podemos tere desexámolo...⁷⁰⁰ Si eu correspondera ó teu amore, ós teus desexos, cicais hoxe, cicais nistes momentos, estiveramos un lonxe do outro... Eísí non; eísí mantivemos acesa a nosa pasión, o noso querer, o noso santo amore.

—Santo amore que perto⁷⁰¹ ou lonxe sentiría o mesmo.

—Non, home, non. O corazón da muller nas vosas mans é coma os xuguetes nas mans dos nenos. Pirmeiro loitan por conquerilo, dempois xogan co il e ó se cansaren, crébano, fanno anacos e termiñan por arrovalo nun rincón calquera, esquecéndoo por outro novo xuguete que non teñen e o desexan tere...

Calou. Un pequeno desvaicemento, froito do esforzo que faguía, apoderouse dela e recostou a súa cabeza sobor do ombreiro⁷⁰² do rapaz.

⁶⁹⁵ ANT: acerada.

⁶⁹⁶ ANT: seus.

⁶⁹⁷ ANT: verbes.

⁶⁹⁸ ANT: seus.

⁶⁹⁹ ANT: co un.

⁷⁰⁰ ANT: o desexamos.

⁷⁰¹ ANT: preto.

⁷⁰² ANT: ombro.

—¡Velo!... ¿Non cho decía eu que fatigábaste? —reprendeuna il amorosamente pasándolle a man polo cabelo.

—É perciso que o faga —contestoulle como saíndo dun sono faguendo un supremo esforzo—. ¡Meu neno, pouco me resta de vivire!... Denantes quero darche todo o meu amore, quero que recollas nun beixo, nun beixo longo, moi longo, tan longo como o meu viaxe, tódolos cariños, todo o amore, toda a ilusión da miña vida que por ti sentín... Mais ten de sere agora; agora que meus labres aínda teñen algo de mornenza... ¡Béixaos, aporveita a pouca quentura que lles fica, que niste beixo derradeiro vai ⁷⁰³a miña alma, ⁷⁰⁴a miña vida —i eisí decíndolle, coa boca entraberta e un brillo eistrano nos ollos, adiantou a il a faciana e cos brazos abertos agardou.

O rapaz, tremoroso, aturrido por aquil feixe de cousas impervistas, obedeceu cego o mandato e colléndolle a cabeza coas mans, suxetándolla polas sens, arrimou ⁷⁰⁵os seus labres ós dela e beixouna areloso, luxuriante, moi longo, longamente, até que o friaxe dos labres dela comunicouse ós seus, avisándolle que beixaba a unha morta. ⁷⁰⁶

Ergueuse de súpeto. Pálido coma a difunta, deitouuna e cruzándolle as mans sobor do peito, cheo de santa fe, il, porfundo iconoclasta, botou man dun pequeno e fermoso crucifixo de prata que fitara na cabeceira do leito, e púxollo entre as mans.

Salaiou. Ao fitala notou que a eispréndida cabeleira ó deitala ficáralle cobrindo a testa. Arregroulla. Ao remiñar, non puido resisti-la tentazón de beixala por derradeira vez ⁷⁰⁷ e beixouna na boca, onde ela llo ordenara, i ó erguérese, ollou, aprensión súa ou realidade, que á morta entrab[r]íraselle a boca pra dibuxare, cicais, unha surrisa, mostra de satisfazón, de gratitude, que ¡quen sabe si de aló, da outra vida, adicáballe por aquila derradeira proba ⁷⁰⁸ de cariño!...

⁷⁰³ ANT: miña.

⁷⁰⁴ ANT: miña.

⁷⁰⁵ ANT: seus.

⁷⁰⁶ ANT: morte.

⁷⁰⁷ ANT: ves.

⁷⁰⁸ ANT: probe.

Si é parvo, non se persente⁷⁰⁹

«Perciso un rapaz⁷¹⁰ espelido pró meu servizo. Pagarei ben; si é parvo, non se persente». Isto leu nos anunzos dun xornal e ó pé a direizón do solicitante, o bo de Xaquín Candal, que atopábase sin emprego e sin cartos. Termina—la lectura, faguer un ropaso de concenza de si era ou non parvo e poñérese en direizón de casa do anunzante, todo foi un.

Chegou, estricou o chaleque pra baixo, petou e ó pouco de o faguere abriron a porta, e viu diante dil a un señor outo, coma de corenta anos, vestido cunha⁷¹¹ bata caseira, e moi ben peitado e afeitado. Somellaba sere disa cras de señores que prós servire ó seu gusto, é mester visitare unha naipeira pra estare en sabenza do millor xeito de servilos e que non se encabuxen.

—¿Que desexaba vostede? —preguntoulle o señor outaneiramente.

—O que vostede percisa —contestoulle Xaquín do mesmo xeito.

—¿No anunzo?

—Non señor, no anunzado.

—¿Como é o teu nome?

—Moi difrente do seu.

—Gústanme as rispostas...

—E a min as preguntas.

—En que casas traballache?

—Nas que non souperon enxergue—lo meu valimento.

—¿Por que o dis?

—Porque non son mudo.

—¡Eres espelido!...

—Daquela vostede é parvo.

—¡Fállasme ó respecto!

—Abondarei millor.

—Tes razón.

—¡Conxo fora connmigo, si eisi non fora!

—E ti, ¿contas servirme?

—Nas contas pende.

—Pois entra logo.

Entrou Xaquín sin agardar a que pechara a porta e dirixíndose corredore adiante

⁷⁰⁹ Saíu á rúa no n.º 46 (20–2–1918) d'*A Nosa Terra*, p. 6. Foi recollido en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 83–86.

⁷¹⁰ *ANT*: rapás.

⁷¹¹ *ANT*: co unha.

coa gorra na man, chegou á sala e sentouse. Tras dil foi o dono, e asombrado⁷¹² de tanta afoutés, un tanto encabuxado, reprendeuno:

—Libertades de abondo son as túas pra un criado.

—Inda o non son.

—Mais podes selo.

—Cando o sexa, serei.

—¡Poida que chegues! —díxolle o señor sentándose.

—Por folgos non ha ficare.

—Eu son home de poucas espricas.

—I eu de poucas preguntas.

—Polo tanto, eu perciso un criado...

—Paréceme que o estou de abondo.

—Que a máis lixeira indicazón...

—Cúmpralle o seu desexo.

—Ben; enxérguesme.

—Falámo—la mesma lingoa.

—Fala... ¡Reporra, mordín... a lingoa! ¡Malos dengues... que foi boa!... ¡E síntome mal!...

Ouvirlle Xaquín tal cousa, poñe—la gorra e saír de alí coma un raio foi o mesmo. Ao velo saír de tal xeito o bo do señor, ergueuse ríndose das tolerías daquil rapaz⁷¹³ e, aínda non tivera moito tempo a se repoñere da risa, cando petaron á porta e atopouse cun⁷¹⁴ médico, trais diste: o viático,⁷¹⁵ o notario e, por derradeiro, un home con⁷¹⁶ un cadaleito e outro cos candeiros⁷¹⁷ e as velas.

—¡Vostedes veñen trabucados! —eiscramou cheo de terrore o dono da casa ó vere tan fúnebre cortexo.

—¿Non vive eiquí don M... R...? —preguntaron todos a un tempo.

—Vive e son eu; mais xa se decatarán que non estou aínda prós vosos servizos.

¡Isto non deixa de sere unha broma ben pesada!... ¿Quen os avisou?

—¡Eu! —berrou Xaquín, acorando pola carreira que dera persentándose diante dil.

—¡Ti?...

—Eu, que ouvinlle decire que sentíase mal, e sin mo decire, enxerguino, e cumprinlle o seu desexo até o remate.

⁷¹² ANT: asomado.

⁷¹³ ANT: rapás.

⁷¹⁴ ANT: co un.

⁷¹⁵ ANT: veático.

⁷¹⁶ ANT: co.

⁷¹⁷ ANT: candeiros.

Axuda a tempo⁷¹⁸

A señora Marcela A CURRUBEDA,⁷¹⁹ dona dunha moi nomeada taberna aló polo Val de Ouro, tiña sona de sere unha honrada e santa muller que denantes pindurábase dunha viga polo pescozo, que afoutábase a lle quitare a un somellante o que do somellante era.

Reita e xusticieira, amiga de lle dare ó César o que é do César levando o tal conceito até o eistremo derradeiro, non había⁷²⁰ tratante que por alí fora que non fixera depósito dos seus cartos na casa dela, con tanta ou máis seguridade que no mesmo Banco de España.

*
* *

Endexamais fallou un Xudas, e ila chegouno a tere. Un xudas⁷²¹ apócrifo máis careiro que o auténtico⁷²² que a pouco lle custa dous mil réas.

Chegaron tres tratantes que choiaban nas feiras en sociedade, e dempois de xantare e pagarlle o gasto, acordaron faguerlle entrega dun billete⁷²³ de dous mil réas, billete⁷²⁴ do que non faría entrega a ningún deles por soparado, sinón estando os tres xuntos. Asinteu a señora Marcela, gardou o billete,⁷²⁵ e os tratantes marcháronse prá feira en atopo dun bon choio.

A pouco de lle haber⁷²⁶ feito a entrega, persentóuselle un dos tratantes a lle pedire cartos. A señora Marcela tendo persente o que lle adivertiran negouse a entregalos.

—Non seia parva, señora —decíalle o tratante—, ¿non ve vostede que os compañeiros fican termando de que non se perda o choio e vaia a parare ás mans doutros?

—Ficarán, hom, ficarán, mais o trato é trato, e mentras os tres non veñan a mos pediren, non dou o billete—⁷²⁷ repúxolle a taberneira.

⁷¹⁸ Publicouse no n.º 45 (10–2–1918) d' *A Nosa Terra*, p. 3. Foi reproducido na colectánea *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 86–92.

⁷¹⁹ ANT: Currubeda.

⁷²⁰ ANT: houbía.

⁷²¹ ANT: Xudas.

⁷²² ANT: auténtico.

⁷²³ ANT: bilete.

⁷²⁴ ANT: bilete.

⁷²⁵ ANT: bilete.

⁷²⁶ ANT: houber.

⁷²⁷ ANT: bilete.

—Pois fainos un mal que non coida.

—Non dou, non. ¡Abofé coma os non dou!...

—Comprenda o mal que nos fai. Mire, pra que vexa que a non engano, veña connigo.

—¿Vostede tolea?

—¿Que faguetos daquela? Os cartos fannos falla...

—E vostede amolárame?

—¡Que hei de amolare! Xúrolle polas cinzas de...

—¡Non xure por Deus que é cousa que non me agrada!

—Pois déme os cartos.

—¡Pocha!... Lémbrese do que me adevertiron.

—Lembro, mais persentóusenos iste caso e ten que sere eisí.

—Terá; vostedes os tratantes son moi cucos i eu non me fío.

—Pódese fiare. Ademais xa lle digo, veña connigo e convencerase.

E convenceuse. Doullo billete⁷²⁸ e foise a despachar unha nena que pedía con insisenza medio neto de aceite.

*
* *

Non pasara moito tempo da entrega dos cartos, cando chegaron á taberna os dous tratantes preguntando polo compañeiro.

A pregunta aquela feita a secas coma o que agarda a confirmazón dunha disgracia, deixouna máis fría que ficou PICORETE cando os rapaces de *El Noroeste* acrararon e desfixéronlle a combinazón que tiña en Ortigueira pra saír diputado polo artigo vintenoventa.

—Estivo eiquí, e oxalá non estivera —contestoulles toda tremorosa a taberneira.

—¿Será realidade o que en nós era dúbida? —interrogoulle un deles.

—Si dubidan de que viu polos cartos, é realidade.

—¿E llos dou?

—Din —afirmou salaiando aquela probe muller.

—¡Dou, non nos dera a vosté por confiada e a nós por parvos!

—Ben loitei connigo mesma por non llos dare, mais o ladrón ¡convenceume!...

—Non nos convencería a nós, que ben o coñecemos —eiscramou o outro tirando polos pelos—. ¡Por algo lle dixemos que sin vir os tres!...

—Dixeron, señor, dixeron. ¡Burra de min!

—Pois non se desespere; é unha burrada que lle costará dous mil réas.

—E pouco é si co ista aprende —afirmou o outro.

⁷²⁸ ANT: billete.

—Abofé falan en serio?

—Non que os imos a perdere nós.

—¡Ai que condanado do home no brete que me puxo! —choriqueou a señora Marcela—. ¡Malos demos o coman e aínda mala doenza enriba lle veña e tanto enfraqueza, que do groso do papel se vexa!

—Pois nós en dándonos os cartos... ¡cúmprase a súa vountade!

—¡Amén! —sermoneou o compañeiro.

—I eu como lles hei de dare o que non teño?

—Si os non ten, búsqueos.

—¡Tivera onde!

—A xusticia llo dirá.

—E Deus a bendiza si tal fai.

—Pois aló imos.

E aló foron. Fixeron a denuncia do que pasara e a probe da taberneira, ó remate da súa vellez,⁷²⁹ veuse choída entre as mallas da xusticia, á que tanto temeu sempre.

*

* *

Foi tal a medrana que lle meteron no corpo á taberneira aqueles condanados tratantes, que fixéronlle perde-lo sono, a gana de comere e o⁷³⁰ costume de se sonare co pano de cinco puntas. Ten eisprica: mercara un pano de lenzo pra enxoita—las fazulas das bágoas, e servíalle prás dúas cousas.

Fallaban dous días prá celebrazón do xuízo e á probe da muller dáballe quentura. Visitara os mais entendidos do pobo naqueles bretes, e todos istaban de acordo en que non lle ficaba outro remedio que pagare.

Mais cádate que na víspora deixouse caer pola súa taberna Pepiño o RECURSEIRO, nome con que o bautizaran na parroquia por atopare remedio⁷³¹ pra todo, e ó vere tan tristeira á taberneira preguntoulle o que tiña e aquela puxo en conecimento da trapalla⁷³² en que a meteran os tratantes.

—O caso é grave —sonsoneou Pepiño botando o sombreiro pra atrais—. ¡Inda perda os cordóns dos zocos e caíame polo camiño, si cousa máis enredada vin pra saír adiante!... Eisí e todo... ¡poida que poida!...

—E ti, ves saída?

—Por unha porta que está pechada. Porcurarei despechala.

⁷²⁹ ANT: vellés.

⁷³⁰ ANT: a.

⁷³¹ ANT: romedio.

⁷³² ANT: trapallada.

—¡Ai si a despecharas!

—Cousas peores vin... Vostede mañán ponse doente i eu irei ó xuízo no seu lugare. ¿Convén?

—O que ordenes.

—Pois déixeme a min, e deica mañán.

E falando e faguendo, ergueuse e foise. A taberneira ó velo marchare con tanto arrouto, inda non crendo en tanto ben xunto, pareceulle vere un debile raio de fiducia naquel vivente pozo de recursos.

*
* *

Pepiño persentouse no xuízo como lle ofrecera á taberneira a cando os dous tratantes, cun⁷³³ certificado médico de estare aquela doente e unha autorizazón pra repersentala. Comenzou o xuízo. Pergunta de acó e pregunta de aló, i eiquí apreta e alí afloxa, o repersentante da taberneira dábaos todo por ben feito, e termiñou por dicire que a súa repersentada pagaría os dous mil réas.

—Pois faga entrega, i eiquí non pasou nada —díxolle o xuez.⁷³⁴

—¡Ai iso, a modiño! Dende o momento que estou conforme co trato entre eles de que ela faltou a il por dona—los cartos sin estare os tres diante, non primitirá vostede que eu falle tamén agora non habendo⁷³⁵ máis que dous. Os cartos téñoos eu... Si veñen os tres, son deles; sinón... ¡non!... ¡O trato é trato, caracho!...

⁷³³ *ANT*: co un.

⁷³⁴ *ANT*: xués.

⁷³⁵ *ANT*: houbendo.

O loitador⁷³⁶

E os cinco nenos de Xacobe, con voz⁷³⁷ deble pola fame e rouca polo moito berrar, cramaban sin dó:

—¡Paiciño, broa, que temos fame, anque sexa sin caldo!... ¡Broa, meu pai, broa!

Os nenos, Xacobe e a muller dous días faguía non levaban bocado á boca. El, sin traballo, ela malada. E si era pouca a desesperazón do home, do brazo forte da casa, por se atopare sin traballo, o rezo, a musitazón continua⁷³⁸ daquel cantar dos seus fillos pedíndolle broa que non tiña nin onde nin con que adiquirila, termiñaban de poñelo ás portas do precipizo sin fondo no que un home rexo, forte, ateigado de saúde pode caere.

Honrado coma ningún;⁷³⁹ honradez⁷⁴⁰ nai da súa miseria e da fame dos seus, non atopaba en todo o arredor quen o chamara pra traballo algún e si o pedía, negábanllo e dábanllo a outros que chegaban trais del.

¿Que mal fixera el? ¿Que estigma levaba na testa que eisí o illaban coma un ser dexenerado? ¿Que contaxio faguía ás xentes que o perseguían como a can rabioso?

Xacobe andivera un pouco polo mundo adiante, e polo mundo adiante tivera ocasión de vere como⁷⁴¹ vivían os homes doutras terras, e faguer comparanza coa vida que levaban os da súa. E na comparanza sacou en limpo que os seus irmáns da raza no século XX eran escravos nunha terra ceibe.

⁷⁴²Os seus irmáns levaban tapándolle os ollos pra que non viran, unha⁷⁴³ venda forte, moi forte, con moitas voltas: a incultura. El tiña algunha, non moita, mais da pouca de que dispoñía tiña a santa obriga de enseñarella a aqueles que a non tiñan.

E tal fixo. Citounos á súa casa, faloulles do ben que outros homes disfrutaban noutras terras, e foille[s] metendo nos miolos a idea de que loitasen, de que axuntáranse todos pra se defenderen, instinto natural no home, e poñíalles de exemplo o que fan as ovellas no monte cando chega o lobo: aínda vendo que a morte vai chegar a cabo delas, non fuxen unha pra acó e outra pra aló e a que caía caíeu, non, axúntanse todas

⁷³⁶ Viu a luz no n.º 51 (10–4–1918) d’*A Nosa Terra*, pp. 2–3. Foi incluído na colectánea *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 92–96.

⁷³⁷ ANT: vos.

⁷³⁸ ANT: continúa.

⁷³⁹ ANT: nengún.

⁷⁴⁰ ANT: honradés.

⁷⁴¹ ANT: coma.

⁷⁴² ANT: Seus.

⁷⁴³ ANT: cunha.

diante da morte, ⁷⁴⁴e non pra se defenderen (¡probes animaes os que a natureza non dotou de defensa algunha!), sinón pra dare unha das maiores mostras de irmandade da terra, correndo as unhas ó perigo das outras.

Convocounos. ⁷⁴⁵Xuntáronse. Comenzaron a loitare, mais a ameaza dos donos do froito da terra e do sudore dos homes, de non lles dare traballo ós unhos, de sacárenlle as terras en arrendo ós outros, fixo fuxir ós medosos, recuar ós afoutos e calar ós valentes. A xuntanza desxuntouse. Todos siguiron disfrutando da vida de escravos que denantes levaban. Soio Xacobe *o loitador*, como lle chamaban todos, siguiu rebelde á escravitude, e soio Xacobe, tamén, veuse envolvemento na rede da fame que lle tenderon os donos daquelas terras e daqueles homes...

Xacobe ben termaría de se desenredare dos nós daquela miserabre rede si fora soio no mundo, mais aquelas seis criaturiñas sangue do seu sangue e carne da súa carne cramaban por comere. E había que darlles, mais ¿de onde? Si vivira na cibdá xa desenvolveríase e buscaría pra eles nun lado ou noutro. Estaban no monte, e alí ou sometérese ou morrer. ⁷⁴⁶A súa rebeldía non lle consintía o primeiro nin ⁷⁴⁷a súa forza o segundo.

Canso de ouvir o cramare famento dos seus fillos, ergueuse maxestosamente e ollando pra eles e amostrándolles ⁷⁴⁸os seus reloxos brazos e ⁷⁴⁹os seus fortes puños, saíu con paso repousado fóra da casa.

Instintivamente, sin dárese conta, dirixíase á casa do señor Ramón, o máis forte ricacho da parroquia, e diante dos muros que arrodeaban a horta e a casa detívose. ¿Por onde entrare? ¿Por onde rubir a aquelas outas murallas pra chegare á casa? Andivo ó redor dela e unhas vellas hedras suxetas ás pedras dos muros como el ós seus ideias de redenzón, servíronlle pra rubir e deixarse caer dempoís na branda terra da horta. Conocodore do terreo que pisaba, orientouse na escuridade da noite e tomou a direición da casa. Chegou ó pé dunha fenestra que daba á cociña e coa punta da fouce que levaba no ⁷⁵⁰van, abríuna e entrou. Ás tentas e sin faguer barullo algún, foise en dereitura ó despacho do ricacho, onde puido tentare as fortes follas de roble do armario onde gardaba os cartos.

⁷⁴⁴ ANT: non.

⁷⁴⁵ ANT: Comenceunos.

⁷⁴⁶ ANT: Súa.

⁷⁴⁷ ANT: súa.

⁷⁴⁸ ANT: seus.

⁷⁴⁹ ANT: seus.

⁷⁵⁰ ANT: ó.

Puxo de novo a fouce en funcións e as follas cederon e abríronse. Fixo luz⁷⁵¹ co mecheiro, e ⁷⁵²os seus ollos viron nun caixón brancos e relucentes pesos e porcos e opacos papés de billetes⁷⁵³ do Banco. Non se ademirou ó velos. Surriuse con desprezo. Aquelo era o sudore del e dos seus irmáns, trocado en cartos.

E vendo aqueles caixóns acugulados de papel e prata, aquela fortuna sin servizo, pensou no seu lar, na súa muller, nos seus fillos... ¡Pedían broa! ¡Morrían coa fame tendo ⁷⁵⁴o seu pai parte naqueles cartos!... Naqueles cartos que non podía tocar porque queimaríanlle as mans e abrasaríanlle a alma.

Botouse atrais. Cun⁷⁵⁵ eistrano fulgore nos ollos, e a faciana desencaxada pola dor e o coraxe adiantouna ó armario, e cuspeu na fortuna aquela con tódalas forzas dos seus pulmóns, unha, dúas, tres, corenta veces, até que tolo, conxestionado, de rebeldía cheo, prendeuille lume ós papés e ás roupas que no armario había,⁷⁵⁶ e logo de fitare como a larada enseñoábase da casa, fuxeu pra onde os seus nenos, que rendidos de sono e de fame durmían o sono dos xustos, mentras o cheo, o satisfeito, o ladrón, espertaba envolvemento en labaradas vingadoras que sumirían ⁷⁵⁷a súa carne e chucharían⁷⁵⁸ ⁷⁵⁹os seus ósos, do xeito que el chuchara nos corpos dos sufridos, dos escravos, ós que sacáballes pingotas de suore e de sangue que convertía en cartos.

⁷⁵¹ ANT: lus.

⁷⁵² ANT: seus.

⁷⁵³ ANT: billetes.

⁷⁵⁴ ANT: seu.

⁷⁵⁵ ANT: Co un.

⁷⁵⁶ ANT: houbía.

⁷⁵⁷ ANT: súa.

⁷⁵⁸ ANT: chucarían.

⁷⁵⁹ ANT: seus.

Si te portas ben...⁷⁶⁰

Xosé Manteiga, rapaz de admirazóns⁷⁶¹ e que arelaba un porvir máis fermoso e cómodo que o que podía abranguer na aldea onde fora nado, emigrou prá Habana.

Sin outro arte nin oficio que o de traballar na terra e sin máis conecimentos da vida que os que puido haber adequirido no seu curruncho, con vinte pesetas no peto e unha milloada⁷⁶² de proieitos no maxín, pensou, cavilou, recapacitou e por moitas voltas que lle daba non atopaba negocio en que emprega—los cartos nin choio onde os ganare.

Tiña un veciño. E o que ten un veciño na América e vai onde a el en atopo de axuda, é como o que xoga a lotería en atopo de cartos ou toma chiculture⁷⁶³ pra atopare os efectos dunha purga.

El non sabía istas cousas e foino a vere.⁷⁶⁴ O seu veciño tiña un *chinchal*, unha pequena fábrika de tabacos ou xarutos, onde traballaban il,⁷⁶⁵ a súa dona, Fransica, e ⁷⁶⁶a súa filla, Consolo, na confeición dos mesmos.

⁷⁶⁷O seu veciño chamábase Antonio Pérez e creíano ou non, tiña os seus afofrríños, os que non baixarían de oito ou nove mil pesos. Non hai porqué dubidalo. A industria do tabaco é unha das máis ricas de Cuba. E il, Fransica e Consolo eran donos dunhas mans de ouro pra enlia—los xarutos.

Chegou Xosé á casa do seu veciño i, entrando até o mostradore, ó fitare na parte de adrento unha preta e unha mulata, sacou a gorra e mormulou avergoñado:

—Disimulen, pois parezme que veño trabucado.

—¿Que deseaba vosté,⁷⁶⁸ señor?⁷⁶⁹ —preguntoulle a preta.

—Vive eiquí Antón Pérez?

—Sí que vive, sí señor,⁷⁷⁰ ¡cómo no!

—E logo non istá na casa.

⁷⁶⁰ Ofreceuse no n.º 53 (30–4–1918) d’*A Nosa Terra*, p. 3. Foi reproducido na colectánea *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 96–100.

⁷⁶¹ ANT: aspirazóns.

⁷⁶² ANT: milloada.

⁷⁶³ ANT: checulate.

⁷⁶⁴ ANT: Seu.

⁷⁶⁵ ANT: súa.

⁷⁶⁶ ANT: súa.

⁷⁶⁷ ANT: Seu.

⁷⁶⁸ ANT: uté.

⁷⁶⁹ ANT: señol.

⁷⁷⁰ ANT: señol.

—No etá, ma entre uté si quiele, que ahoritica mimo vendrá. Yo soi su mugé.
—¡Vosté! —eiscramou Antón ó se enterare de que ⁷⁷¹o seu veciño casárase cun⁷⁷² anaco de carbón con vida.

—Yo, compae, yo... ¿Le ñama la atención?

—Non señora, non —contestoulle Xosé rañando a chola e tratando de botarlle un remendo á rachadura que fixera no amor propio da preta—. ¡Como non tivera conecimento de que fora casado, pois... eistrañoume, eistrañoume nada máis, é verdá.

—Pué yevamo ya veinte año junto y cada día que pasa meno podemos comé aguacate el uno sin el otro.

—Auga, auga que, dixo? —perguntoulle ⁷⁷³o noso paisano meio estoupando por se rir e ollando que a mulatiña, rapaza dunhos dazaseis anos, disas que se están caendo da árbore como din por aló, botáballe cada ollada que parecía decirlle coma din eles: —Ai galleguito santo, por tu madresita, ¡mátame!

—Aguacate. E una fruta que non é fruta, y e que la come una vé que a convidao pa comela toa la vida.

En isto entrou Antón na tenda e ó enterárese de quen era a visita, doulle unha aperta moi forte, e mandándoo entrare, persentoulle a preta como muller e a mulatiña como filla.

Dende o momento en que o persentou reinou entre todos unha gran fraternidade como si foran conecidos de sempre. Perguntado si lle gustaría o adeprender a xaruteiro, e contestare il que si, alí ficou naquila casa coma un máis da familia.

Ordeado polo mesmo Antón, foi ⁷⁷⁴a súa filla a encarregada de insiníare a Xosé o xeito de enlia—los xarutos pirmeiro, e de enlia—los seus corazóns máis tarde. Isto sin que o ordeara Antón.

Achábase Xosé encantado da vida. Aquila condanada mulata metéraselle drento da alma; a nai non lle notaba desexo que non lle cumprira; e Antón, porcatándose de que tiña no veciño un próisimo bon operario, era eispréndido e xeneroso co il até máis non podere.

Fuxía o tempo e asina coma o tempo fuxía, os quereres de Xosé e Consolo tomaban máis carta de natureza.

Unha noite que sentados en abanadeiras á porta da casa achábanse moi preto un do outro falando cousas que tiñan de sere moi doces ó xuzgare polo que apertábanse as mans, Xosé perdendo, sin dúbida, o conecimento ou atopándoo, colleulle a chola

⁷⁷¹ ANT: seu.

⁷⁷² ANT: co un.

⁷⁷³ ANT: noso.

⁷⁷⁴ ANT: súa.

polas sens e doulle un beixo nos labres, tan longo, tan longo, que si non é que o pai lles berra dende a porta: ¡Abonda!, pra min que aínda a istas horas⁷⁷⁵ istábanse beixando.

Como ficaron os namorados ó sentire a voz⁷⁷⁶ de Antón, vostedes poden decatárense. Mandounos entrare, e xa dentro da casa púxose diante diles, e botoulles a seguinte monserga:

—¡Témola boa! Non diredes que non vos vin. Eu non ⁷⁷⁷me meto en que vos queirades,⁷⁷⁸ mais isos feitos enxergueredes que non están nin pouco ben. ¿Querédesvos? ¡En boa hora⁷⁷⁹ sexa! ¿Vós queredes casare? O mesmo digo. Agora ben, e isto dígocho a ti Xosé: Cásate cando queiras, mais non te esquezas disto que che vou decire. Si te portas ben, casaraste coa filla de Antón Pérez, mais si te portas mal, casaraste coa filla da preta Fransica... ¡Fai como vexas!

⁷⁷⁵ *ANT*: horas.

⁷⁷⁶ *ANT*: vos.

⁷⁷⁷ *ANT*: métome.

⁷⁷⁸ *ANT*: querades.

⁷⁷⁹ *ANT*: hora.

A falla de estudos⁷⁸⁰

Bastián era bon, era honrado, era espelido. Cousa que ollaba faguer a outro, cousa que faguía el. Era un de tantos rapaces de moito axeitamento e disposizón pra todo, que non tiña máis defeito pra completa-lo que faguía á perfeizón que a falla de estudos.⁷⁸¹

Bastián fixera un reló de buxo con tódalas pezas. Unha verdadeira obra de arte; e a obra non foi compretá, porque o tal reló non andaba. Non andivo endexamais. E por falla do cavilare non foi. Fallábanlle os estudos⁷⁸² sobor da mecánica; e, polo tanto, non lle foi posibre o atinare onde habíalle de pór os pés ó reló pra que o reló andivera.

Bastián fixera un aeroprano⁷⁸³ cos motores e todo. O aeroprano⁷⁸⁴ non tiña tacha; e sin tacha nin volta, non chegou endexamais a faguelo voar. Descoñecía os principios da física; e, polo tanto, atopouse desposibilitado pra lle sacare o peso que era mester pra que voara. E loitou, e buscou, e volveuse meio tolo por lle sacare o peso.⁷⁸⁵ Non puido; o que máis lle chegaron a ofrecer foron tres pesetas... ¡Non puido sere!

Bastián fixo unha motocicreta, ben feita, compretá. Fíxolle o motor con luxo de detales. Non tiña un pero... pro, si non lle daba ós pés, co motore non era. Pensou, cavilou e fixo mentes de que fallábanlle os cabalos. Botouse a rir. Si pra andare en motocicreta percisaba mercare dous cabalos dempois de pasa-lo traballo de faguela, éralle millor mercare un soio e andare a cabalo.

I eisi diste xeito, canto ollaba cos ollos faguía coas mans. Un día casouse un seu compañeiro i el por non sere menos, por non ficare debaixo, casouse tamén. Mais no matrimonio pasoulle coma con todo; non soupo poñelo en camiño.

Ós sete anos de casado, a súa muller, aquela santiña muller que lle dera a neno por ano, finoulle. E Bastián con sete cativos que os tapaba un paxe, atopouse diante do problema do reló, do aroprano e da motocicreta. Parouse e non tiña estudos⁷⁸⁶ pra termiña-lo que fixo.

⁷⁸⁰ Publicouse no n.º 52 (20–4–1918) d’*A Nosa Terra* [p. 3] coa variante “estuios” no título. Outrosí está en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 100–105.

⁷⁸¹ ANT: estuios.

⁷⁸² ANT: estuios.

⁷⁸³ ANT: aroprano.

⁷⁸⁴ ANT: aroprano.

⁷⁸⁵ ANT: Non. Non puido.

⁷⁸⁶ ANT: estuios.

Ós catro días de viudez⁷⁸⁷ ficábanlle unha ducia de cadelas grandes no peto do chaleque e un cadelo pequeno no palleiro.

Sentouse baixo o alpendre da casa e fochando cos zocos no chan pra axudare ós seus cavilamentos coma os malos músicos axudan ó que tocan pra non perdere o compás, roparou nunha pedra amarela que saía a frol de terra. Colleuna, partiu un cacho, fíxoo po. Lembrándose da química da que tampouco tivo estudos,⁷⁸⁸ someteuna á auga e... nada. Someteuna ó fogo e... si non fuxe axiña de alí, acora co fume que botaba e o cheiro que lle entraba pola gorxa.

Perguntoulle a un seu amigo zapateiro, e aquilo que era home entendido en moitas cousas díxolle que era xofre e que coidara de non poñelo ó fogo, pois podía morrer acorado sin o sentire.

Bastián cavilou e douse unha puñada na testa que o fixo sentare. Aquilo era un milagre. O xofre sería a súa salvazón e a dos seus cativos.

Marchouse prá casa, colleu unha xerra e foise en dereitura da taberna. A ducia de cadelas grandes que tiña mercounas de viño e volveu pra onde os seus cativos. Botou man dunhos preódicos vellos e tapou tódalas rendixas e buratos das portas. Sentou os pequenos no chan e cunca de viño vai, cunca de viño vén, puxéronse pai e fillos coma odres.

Bastián mal como puido alcendeu a lareira e a puñadas foi ceibando o xofre no lume, que axiña comenzou a desprendere un fume espeso e un cheiro que tumbaba.

Bastián cunha⁷⁸⁹ surrisa de satisfaizón e triste de ledicia de sacrificado, foise onde os nenos e dempois de axuntalos ós sete nunha forte aperta, sentouse nunha cadeira cabo deles en trágica compostura coa chola pra atraís, e non tardou moito en roucare⁷⁹⁰ coma os pequenos, baixo o sono da tana que colleran uns e outros coa enchenta de viño que tomaran.

O señor Pepe, vello petrucio daquel lugar de longas e brancas barbas que lle cubrían o peito, tiña por costume o erguérese coas primeiras luces da mañán e ó saíre da casa notou un forte cheiro descoñecido pra el, e que o tal cheiro proviña do fume que saía pola chimenea da casa de Bastián.

Inducido pola curiosidade máis ben que por malos pensamentos, pois coidou que Bastián andaría nalgún novo invento, petoulle á porta. E petou de novo, e volveu a petare, e vendo⁷⁹¹ que ninguén respondía, comenzou dálle que lle das na porta até que o tarabelo correuse e puido entrare.

⁷⁸⁷ ANT: viudés.

⁷⁸⁸ ANT: estuios.

⁷⁸⁹ ANT: co unha.

⁷⁹⁰ ANT: roncare.

⁷⁹¹ ANT: vindo.

Ó fitare aquel coadro na cociña, onde os nenos atopábanse en montón no chan e Bastián sentado na cadeira cos brazos caídos e a chola pra atrais, tremou.

Abanou a Bastián fortemente, e iste ó remate de moitos abanamentos abriu os ollos e ó fitare diante o Sr. Pepe, púxose de xionllos diante dil i escramou:

—¡San Pedro, san Pedriño, non me negues a entrada no ceo! ¡Ben teño enxerguido que os suicidas non teñen entrada eiquí, mais xa ves, fallábanme estudos⁷⁹² pra vivire e!...

—¿Ti toleaches, hom? —interrumpeuno o señor⁷⁹³ Pedro.

—Tolearía, san Pedriño. Xa ve, os inventos non servíanme de nada, os fillos tampouco; o único que servíame era a muller. Trouxéronma⁷⁹⁴ pra eiquí, i eiquí veño.

—¿Logo quixéchete matare? ¿Logo o cheiro que sentín é cousa túa?... ¡Agora me decatato! —dixo ollando prá lareira.

Restregou Bastián os ollos ó sentire falar de tal xeito ó que cría san Pedro e ó decatárese que non morrera e que respiraba ben, en tanto que o fume seguía chimenea arriba, dirixeuse á lareira e tirando polos pelos e ollando pró oco da chimenea por onde rubía o fume, eiscramou dorido:

—¡Outra falla, outra!... Tapei tódalas saídas do fume menos a saída natural!...

—Pasouche coma cos inventos.

—Pasoume coma si fixera un par de zocos pra non magoa—los pés, i esquecérame de lle poñere o pau.

—¿E iso coma foi, hom?

—Desengánese señor Pepe, non lle foi outra cousa que a falla de estudos,⁷⁹⁵ e até pra finar hai que telos. ¡Pergúntello ós médicos!

⁷⁹² ANT: estuios.

⁷⁹³ ANT: Sr.

⁷⁹⁴ ANT: Traxéronma.

⁷⁹⁵ ANT: estudios.

Rosiña a estatuaría⁷⁹⁶

Rodolfo de Franqueira ós vintetrés anos de idade achábase dono dunha forte fortuna que herdara dos⁷⁹⁷ seus pais. Xoven e criado nun ambiente de luxo, demais istá o decire o emprego que faría do seu caudal.

Choído completamente no vicio, nun vicio careiro de outa esfeira, non ficou terra que non pisara nin gusto que non cumprira. Somentes coas⁷⁹⁸ rendas que cobraba, tiña de abondo pra convertire⁷⁹⁹ as súas aristocráticas mans en man[an]tial inagotable de ouro.

A maor das súas debilidaes, entre as moitas que tiña, era o conquistar custáralle o que lle custara os corazóns daquilas mulleres que ningún dos seus compañeiros conquerira. O moito capital que tiña, chave mestra das portas dos corazóns femeninos, e o seu porte de elegante atleta abranguera conquermientos nos que outros tan ricos como el saíran derrotados.

Soio unha resisteuse ás súas insistenzas; soio unha soupo erguere unha forte barreira na que o xoven potentado estrelouse sempre, pesi[e]⁸⁰⁰ ós seus requerimentos de amore: Rosiña. Orfa rapaza que vivía en compañía de seus tíos, dos que recibira unha eismerada educazón, que en xuntanza coa⁸⁰¹ bondade do seu curazón⁸⁰² e a pureza dos seus sentimentos fixéronlle ganare o sobrenome de *a estatuaría* polo ben doada que era e pola frialdade que amostraba co aqueles que a requerían de amores.

Rodolfo conquerira dela dúas cousas que ninguén conquerira: que ouvira os seus rogos de amore e que lle ademitira os regalos que ascendían a unhos miles de pesetas. A ademisión dos ditos regalos faguían que Rodolfo tolo por conquerila os redobrarra cada vez⁸⁰³ máis eispréndidos, pois faguían medrar nel a fiducia de vérense cumprido—los⁸⁰⁴ seus desexos.

⁷⁹⁶ Apareceu no n.º 50 (30–3–1918) d'*A Nosa Terra* [pp. 4–5] coa dedicatoria *Pró meu bo amigo e irmán Xosé Iglesias Roura, que ten corazón pra enxerguelo*. Foi publicado novamente en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 105–112.

José Iglesias Roura (?–Mera, 1930), licenciado en Dereito, ocupou os cargos de relator da Audiencia Provincial e, entre 1917 e 1920, edil do Concello da Coruña. Foi un dos fundadores da Irmandade da Fala herculina e primeiro director d'*A Nosa Terra*. No terreo literario compuxo poemas e traduciu ó galego outros redactados en alemán, italiano, francés e catalán. Vid. Carballo Calero (1981), p. 513, e Beramendi (2007).

⁷⁹⁷ ANT: de.

⁷⁹⁸ ANT: co as.

⁷⁹⁹ ANT: súas.

⁸⁰⁰ ANT: ós seus eispréndidos regalos en xoias, e os.

⁸⁰¹ ANT: co a.

⁸⁰² ANT: corazón.

⁸⁰³ ANT: ves.

⁸⁰⁴ ANT: cumpridos.

A tal eistremo chegou a forteza da rapaza negándose ás pretensións de Rodolfo, que iste, sin se dare conta, iba notando⁸⁰⁵ no seu peito un ineispricabre sentimento por ela, que non era o pasaxeiro capricho de seducila. Xa canso de rogare e de rondala, pideulle unha entrevista, á que ela acedeu. Ás once da noite, ela sairía ó balcón e falarían. Chegada a hora⁸⁰⁶ citada, chegouse Rodolfo ó pé da casa da Rosiña, e o non fixo agardar:

—Boas noites, Rodolfo —díxolle a rapaza saíndo ó balcón.

—É de vida ou morte pra min —contestoulle el.

—Xa será algo menos...

—Xúrocho⁸⁰⁷ que non, Rosiña.

—Bo; os xuramentos nos teus labres son leicións adeprendidas que á forza de as practicares no—as esquences.

—Con outras; contigo non.

—Non me enganas; xa o sabes que non me enganas.

—Logo, ¿que che obriga a darme ouvidas?

—A fe que che teño, o dor que me causa o que non asentes a chola... ¿Queres que cho diga nun verbe?... ¡Téñoche lástima, Rodolfo!...

—¿Eu, dino de lástima?... Rico, xoven, cheo de vida, douche lástima!... ¡Non me fagas rir!...

—O non intento. Millor quixera que choraras, pro agora, hoxe, que o tes todo e hai tempo, non mañán, cando sexa tarde. ¡Oxalá choraras, que si o fixeras, sinal sería do teu arrepentimento!...

—¿Tan malo son?

—Pra ti, que é o máis triste.

—E pra ti tamén, ¿verdá, Rosariño?...

—Pra min, si... , non...

—Quéresme, Rosariño, ¿non si?

—O non sei. Sonche franca. Ás veces, pénsoo eisi..., outras, outras, non.

—¡Fasme cavilare! Tes un xeito de sere, que non termiño de enxerguete.

—Enxergues, home, enxergues. Ben—o sei. O que tes é temore de convencerte⁸⁰⁸ de que me enxergues.

—Non teño temore a nada. Agora, sinto por ti unha certa simpatía que endexa-mais sentín por outra algunha... Poida sere que si te afoutaras a ⁸⁰⁹vivire na miña compañía algún tempo...

⁸⁰⁵ ANT: sentindo.

⁸⁰⁶ ANT: hora.

⁸⁰⁷ ANT: Xúroche.

⁸⁰⁸ ANT: comencerte.

⁸⁰⁹ ANT: vire connigo por lonxanas terras, si te afoutaras.

—Canso do meu corpo —interrumpeuno Rosario— deixaríasme no meio da rúa como fixeches con outras... ¡Que probiño eres, Rodolfo, que probiño eres!... Non é ise o camiño pra chegare a min.

—¿Polo do casamento?

—N'hai outro.

—Pois por ise, non me perdo.

—Tes razón. É máis dereito o do vicio. Teu pago terás.

—Bo, contos non enchen. ¿Ti ques vir?...

—Algún día será por desgracia. Boas noites.

Pechou a porta vidreira que daba ó balcón e saudándoo coa man dende trais os vidros, retirouse.

Contestoulle el ó saúdo, e nin ledo nin triste pola retirada súpeta da rapaza, encolleuse de ombros e asobiando un alalá en voga, con ar de gran señor, colleu rúa adiante en atopo de amores máis a man...

*
* *

Dende aquela noite o galanteiro, cicais por se dare conta de que non sacaba nada en limpo, deixou de ronda—la casa de Rosario e aínda cando a vía na rúa nin pra ela miraba. ¿Despeito? ¿Indiferenza? O derradeiro tal vez,⁸¹⁰ que quen coma el dispoñía de entretimentos de abondo día e noite é moi posibre que non tivera tempo pra pensare nela. N'hai cousa coma as ocupacións do vicio pra adormece—las pasións carnaes e os remorsos do espritu.

Ó pouco tempo, desapareceu da cibdá. Ninguén volveu a tere noticias do seu paradeiro. Envolveito no remuíño do vicio, alá iría costa abaixo, pulando de terra en terra e de brazos en brazos, deixando nas unhas anacos do seu caudal, nos outros xiróns da súa vida... Soio sabíase del ou falábase, millor dito, ó se sabere da venda dunha nova casa súa, que dende aló o ordeaba ó seu adeministradore pra que lle xirara o importe. Derradeiramente, cando nada ficoulle por vendere, finou na acordanza de todos nas ás do esquecemento...

Entanto,⁸¹¹ Rosariño, dempois de pasare polo dor de perdere os seus tíos, ó atopárese soia no mundo tomou a determinazón de trocar en cartos as xoias que lle donara Rodolfo, e puxo con⁸¹² eles, que rubiron a unhas quince mil pesetas, unha eispréndida casa de modas que moi axiña chegou a sere a de maior e millor parroquia da cibdá, da que sacaba boas ganancias.

⁸¹⁰ ANT: ves.

⁸¹¹ ANT: Entranto.

⁸¹² ANT: co.

Demais istá o decire que si probe abondábanlle pretendentes, dempois non lle habían de fallar. Inútil. Xorda ós galanteiros, termiñou de conquistar o afirmamento de *a estatuaría* e a formazón de dous xusgadores bandos do seu vivire: un, defensor da súa virtude e outro, crente do seu pecado...

*
* *

Pasaron unhos anos. Un día chegou a ouvidos de Rosario unha tristeira nova. Rodolfo, o ricacho que a requirira de amores, chegara de lonxanas terras, probe, abatido e cego. Unha segreda enfermidade, filla do vicio, puxera en perigo a súa eistencia e a cencia, en fera loita co mal, salváralle a vida a costa do pouco capital que lle ficaba e da perda da vista. Estaba no hospital; non malado daquela doenza da que curara, sinón de agotamento físico das privacións pasadas.

Rosariño, *a estatuaría*, a rapaza da alma de mármore, leda, surrinte, satisfeita, non ben pecharon a tenda, dirixeuse ó hospital e abrangueu do director o tere unha entrevista con Rodolfo. Chegou onde a el e ó velo tan abatido, desfarrapado e cego, un salaio de dor apertoulle a gorxa e bágoas ardentes rolaron silenzosas polas súas fazulas...

—¡Rodolfo! —chamouno con voz rouca⁸¹³ pódolle as mans na chola e botándolla pra atraís, fitándolle os ollos sin luz.⁸¹⁴

—¿Quen pregunta por min? —interrogou quedamente.

—¡Eu!... ¿Conócesme?⁸¹⁵

Rodolfo tremou. Aquela voz⁸¹⁶ faláballe doutros tempos. Creu conocela.

—¡Enganareime!... ¡Fálame, fálame outra vez!⁸¹⁷

—Non te enganas, non. ¡Son eu!

Ergueuse supetamente o cego e collendo coas súas mans as dela e apertuxándoa fortemente, eiscramou:

—¡Rosiña, miña Rosiña!... ¡Ti, tiñas que sere!... ¿Estás empregada eiquí?... ¿Vésme a vere?...

—Veño, mais non a te vere. Non a che dare o pésame na túa desgracia. Eu, Rosiña *a estatuaría*, a que tivo forza de vountade pra non ouvirte cando rico e san, vén agora a che prestare consolo e axuda, probe e malado... Eu que despreceiei os teus amores daquela, ofrézoche agora os meus porque che quero como che

⁸¹³ ANT: ronca.

⁸¹⁴ ANT: lus.

⁸¹⁵ ANT: Conécesme.

⁸¹⁶ ANT: vos.

⁸¹⁷ ANT: ves.

quixen sempre. As xoias que me donache pra conquistar o meu corpo, fixenas cartos e co eles un modo de vivire... ¡Canto teño é teu!... Sin eles, probe e soia no mundo, cicais caera na pendente que os teus cartos poidéronme poñer... ¡Xa ves como a miña vountade salvounos ós dous!

—¡Deus te bendiga, Rosiña! É tanta a túa bondade, tanto o ben que me fas que dubido... ¿Roparaches que estou cego?

—Roparei.

—¿E queresme eisi?

—Máis, moito máis. Sendo cego, non verás o meu corpo que tanto desexaches. Sendo cego, non sentirás por min a noxenta materialidade. Sendo cego, verasme soamente cos ollos do corazón e verás o meu esprito,⁸¹⁸ miña alma, ispida e limpa, que non é coma ves; por certo, alma de estatuaría.

—Xa o vexo.⁸¹⁹ A túa alma é a alma galega. Rexa co forte, branda co caído. A alma da raza.

E confundido—los⁸²⁰ seus corpos nunha aperta e ⁸²¹os seus espritus nun beixo, xuntaron pra sempre as súas vidas que soio sopará⁸²² a morte.

⁸¹⁸ *ANT*: espritu.

⁸¹⁹ *ANT*: Túa.

⁸²⁰ *ANT*: confundidos.

⁸²¹ *ANT*: seus.

⁸²² *ANT*: soparía.

Por aforro⁸²³

Os que queirades lerne, veredes e ouviredes o que eu vin e ouvín fai unhos días no banco que hai no xardín ó redor do pé dunha das palmeiras. A escea foi entre un soldado de infantaría e unha neneira do Carballiño.

Atopábame eu sentado no tal banco á soma lendo *El Orzán*⁸²⁴ por vere si o xornal dos mestres faguíame dormire, e cousa eistrana, sin estare dormido, caéuseme das mans. Preto de min achábase sentada unha neneira xogando cun⁸²⁵ neno da casa en que servía, aínda que isto non queira decire que na miña non deixaría de faguelo. Nisto do servizo non son dos máis eisixentes.

A neneira era como son moitas neneiras que eu sei. Quero decir que era das disa cras que moitas siñoritas as non queren ó seu servizo, porque cando saíen co ilas á rúa dan lugare a comparazóns, e... as comparazóns endexamais foron boas.

Un rapaz de ollos rufos e andares framencos, pertencente á arma de infantaría que acertou a pasare por alí, fitouna e filosofando sobor dela o filosofado por min, dou un paseo pra acó, outro pra aló, e volta, e vira, e vira, e volta, e á derradeira coma os cans, sentouse xunto dela.

A neneira, porcatada das intenzóns do novo veciño, baixou a chola, púxose roxa coma unha mazán dese cor e surriuse. O soldado non sabendo como dar comenzo á conversa, descubriuse, sacou o pano e limpou a perila do⁸²⁶ ros. Ela xuntaba i estricaba o dñantal pola parte de abaixo. Por fin, tñsiu. O de infantaría preguntoulle:

—¿Seica se acatarrou, nena?

—Poida. Gasta vostede un ar ó andare...

⁸²³ Deuse a coñecer no n.º 55 (20–5–1918) d’*A Nosa Terra*, p. 6. Foi reproducido en *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 112–118.

⁸²⁴ Co subtítulo “Diario independiente”, apareceu no mes de xaneiro de 1918 e cesou o 17 de xullo de 1932 por problemas económicos. Administrado por Marcial Paz, dirixírono, sucesivamente, José Pan de Soraluce, Leandro Pita Romero e Victoriano Fernández Asís. Funcionou coa mesma redacción de *El Noroeste*. As dependencias da redacción, a administración e os talleres estaban nos números 1 e 7 da praza de María Pita.

As fontes consultadas detéñense no posicionamento. Dun lado, Santos Gayoso (1990) mostra o enfoque liberal–conservador, promonárquico e antisocialista. Doutro lado, Beramendi (2007) remarca o carácter conservador e antirrexionalista. A nómina de colaboradores estaba formada por José Luís Bugallal y Marchesi, Dámaso Calvo, Francisco Jiménez de Llano, Sebastián Naya, Eduardo Pérez Hervada, Picadillo e Alfredo Tella, entre outros.

O número do 20 de febreiro de 1918 publicou o texto tradicionalista “Elecciones. Un Manifiesto”, de Antonio Valcárcel. Ten por obxecto informar da retirada da súa candidatura ós comicios electorais de 1918 debido ás presións exercidas polos aliados cataláns sobre as Irmandades da Fala. Vid. Santos Gayoso (1990), pp. 521–522, e Beramendi (2007), pp. 454–456.

⁸²⁵ ANT: co un.

⁸²⁶ ANT: dos.

- É ar marcial, mais sinto que a miña presenza caosáralle mal.
—Isos males logo curan.
—Si quer que eu sexa o médico.
—Cobraríame moito.
—O non creía, nena. Pra vostede recetaría de balde.
—¿E sabe?
—Non hei sabere. Padezo do mal da modestia, e a miña sabenza non brila. Polo meu sabere, puidera ser xefe.
—E logo ¿por que o non é?
—Pola modestia. Tería que dáreme certa importancia cos compañeiros e amolaríame. Mire vostede, hai unha rapaza do meu pobo que a fe como me gusta, e non falo co ela por encaprichárese en donáreme a cotío un paquete de pitos de corenta... Eu sonlle eisí.
—¡Demoro! ¿Chea?
—Non que iba a sere baldeira. ¡Ten vostede cada cousa!
—¿E ten avoa?
—¿Ela?
—Vostede.
—Direille. Pola albre xenealóxica da familia sei que a tiven. Conecela no—a conecín.
—Foilie unha lástima. Eisí tense que alabare vostede pola súa conta.
—Si atopara quen me fixera o anunzo...
—Busque.
—Ai, por buscare non fica, mais os que me conveñen non queren e os que queren non me conveñen.
—Home, si pertende un xornal de moita circulazón...
—Eisí como vostede.
—Custaríalle moito.
—Bo, teríamos⁸²⁷ arrego.
—Ou desarrego que é o que non sabe. Non se esqueza que as figuras que ilustren iste xornal teñen que sere de boa presenza.
—¿Como a miña?
—Na páxina infantil aínda pasaba.
—Neniña, fixate ben en min e ropara que son ilustrazón de primeira prana.
—Caricatura.
—De adorno, nena, de adorno. E aínda que o non creías, son unha cracomonía de moito pedido.

⁸²⁷ ANT: tenderíamos.

- ¡Déixame parva!
- Con dicirche unha cousa, abonda. A cotío, métome con cantos atopo diante e os aldraxo ⁸²⁸ó respecto.
- ¿Pra que?
- Pra vere si hai algún que me arrime unha lampreada de tres estronicios que me desfaga a faciana.
- ¡Pois vaia un capricho!
- Non é capricho, é que quero atopare co un que se encabuxe de vez ⁸²⁹e me desfigure a metá polo menos.
- Xa caigo. Anda buscando o ire ó hospital pra non comere o rancho, ¿acertei?
- Nin siñales. O que abranguerei co iso é que coa faciana desfigurada deixarei de sere tan fermoso e non serei daquela tan perseguido polas donas.
- ¡Mal pocado! ¿E afóutase a saíre soio?
- Por onde hai xente, si.
- ¿E logo de que ten medo?
- De que me secuestren.
- ¡Lástima de peza!
- E que o diga. Pezas como eu non hai máis que dúas na Cruña: eu e o neto da miña avoa, ou sexa, a nai da miña nai.
- Pois non vexo tanta cousa.
- Craro, porque estou sentado. ¡Si me vise de pé!
- Non, meu filliño, non, non se erga.
- Non caio, e cando caio, sei caere a xeito e a tempo, ¿enxérgueme?
- Eisí e todo, non caia que son moi asustadiza.
- ¡Ai, si vostede caera!...
- ¿Polo susto?
- Non, polos meus anacos.
- Véxoo coa faciana desfigurada.
- Por algún seu mozo.
- Porque non me chista.
- Pois chistoso son.
- Si tivera solto, dáballe cinco cadelos pra unha de cincuenta.
- Por aí o non faga. Si ten unha peseta, déma e mercarei pitos prós dous días.
- Pódese mareare.
- Maréanme os seus ollos.

⁸²⁸ ANT: e os aldroxo e fállolles ó respecto.

⁸²⁹ ANT: ves.

- E a min ⁸³⁰a súa parola.
—Si quer que o deixemos pra mañán.
—¿E virá?
—Pirmeiro fallará a fame na casa dos probes.
—Pois eu tamén hei vivir.
—Si vén, traia solto.
—¿O pelo?
—Ou os cartos, que si hoxe quíxome paga—la gracia, mañán...
—Lle pego.
—Con dous reás, negrona. Con dous reás pra mercare pitos e alcendelos pedindo fogo, e entreterme ollando pró fume e vendo nel ⁸³¹o teu corpo, ⁸³²a túa faciana, ⁸³³o teu cabelo, ⁸³⁴o teu...
—Abonda. Unha pregunta: ¿e hame de vere eisé a cotío?
—Pola mañán, ó serán, á noite, sempre.
—¿E ha de sere co fume dos pitos que eu merque?
—Ten de ser, pois os que mercara eu non terían isa meiguería.
—¡Ai, meu rulo, daquela millor me será que me retrate e lle adique un.
—¿Pra recordo?
—Non, por aforro, pois como vostede enxerguerá o retrato⁸³⁵ custarame unha peseta ó máis e dous reás⁸³⁶ cada un día de pitos; vaime a custar a min o que non teño e a vostede o írese a mal de peito.

⁸³⁰ ANT: súa.

⁸³¹ ANT: teu.

⁸³² ANT: túa.

⁸³³ ANT: teu.

⁸³⁴ ANT: teu.

⁸³⁵ ANT: ritrato.

⁸³⁶ ANT: riás.

Ficamos sin conto⁸³⁷

Vou vendo que é máis sinxelo faguer calquera calceta sin fío que un conto sin tema. E non porque haxa temas, que os hai de abondo, máis sabidos, gustados, vellos. Un tema orixinal, desconecido, é fillo dunha impresión, dun acerto. Hoxe non estou baixo o influxo do un, predisposto pró outro.

¡Pacencia! Deixarei os moitos lectores d'A NOSA TERRA sin conto, e iso irán ganando... I eu, que gústame pouco converti-lo maxín en esponxa, irei levando de ventaxa o repouso⁸³⁸ e quietude do mesmo. ¡Eiquí da túa imaxinazón, mestre Labarta, pra saír distos atolladeiros!...

Mais o⁸³⁹ costume faise lei, costume teño de enchere ista seición, e magóame a ialma ó ficare sin escribila. ¡Si o conto non correra présa! ¡Si tivera tempo e puidera deixalo pró outro día, pra mañán que fora!... ¡Aluméame,⁸⁴⁰ santa Lucía, aluméame!⁸⁴¹

Levo fumados catro pitillos, pasada a man pola testa dous centos de ocasións, e as ideas non surxen. Atópome nisos momentos baldeiros, sin luz,⁸⁴² sin orientazón, nos que soio se pensa en que se está pensando sin pensare en nada. Momentos en que nos acontece o que as bestas, que pensando no xeito en que han de se desfaguer do noso mando, morren de vellos co tal pensamento no maxín e de aí non pasan.

Isto vaimo convencendo⁸⁴³ de que o que moito pensa pouco fai. Os que o non fan trunfan. Vede os políticos, os caciques; persoaxes perdidos nas tebras⁸⁴⁴ da vida que ouviron falar do tanguer de unha campá que sinala o camiño da vitoria, e tebras⁸⁴⁵ adiante, sin pensare, sin trasacordo, cos sensos todos postos no do ouvido, alá van, caendo, erguéndose, ás apalpadas, até que chegan ó seu fin, seguindo soio o tanguido da campá, sin fixárese en si o camiño é lama e sobor dela van deixando un rastro do seu paso somellante ó que deixa a babenta lamáchea. A custión é chegar, e chegan...

Vou decatándome, ¡malos lobos me nunca coman!, que estou tomando a cousa en serio, e isto cáusame risa. Sabendo como sei que o mundo comedia é, que non

⁸³⁷ Saíu á rúa nos números 47–48 (10–3–1918) d'A Nosa Terra, p. 8. Foi recollido na obra *De min pra vós (Contos do Pobo)*, pp. 118–122.

⁸³⁸ ANT: repouso.

⁸³⁹ ANT: a.

⁸⁴⁰ ANT: Alouméame.

⁸⁴¹ ANT: alouméame.

⁸⁴² ANT: lus.

⁸⁴³ ANT: comencendo.

⁸⁴⁴ ANT: tinebras.

⁸⁴⁵ ANT: tinebras.

por moito madrugar... é verdá, diste mundo levarás... Si señor, estouno tomando polo tráxico e o que aínda é peor polo filosófico.

¿E parvearía? ¡Meu *eu* metido a filósofo! ¡Meu *eu* que endexamais tivo a mala ocorrencia de ler a isa cras de xente, que o millor deles a cousa máis grande que fixo foi o pasárese a vida con unha⁸⁴⁶ linterna na man buscando un home!... ¡Leria, meu neno, lería! Non caerei, non, nisas parvadas, porque ou non enxergo ben ou o natural sería que andivera co un home buscando unha linterna. ¡Demóstenes!

¡Que filosofía nin que neno morto! Eu non enxergo outra filosofía que a dos nosos labregos. Cando a un noso paisano perséntaselle na vida un problema a resolver, sin tere nocións disas zarandaxas, búscalle unha soluzón axeitada, san e práctica. Eles non pensan no que pode vir, sinón que onde cai o burro se lle dan os paus.

Sobor diste asunto podíavos contar tantas cousas que non sabería por onde iba a dar comenzo. Con decirvos que en cada paisano⁸⁴⁷ hai unha ducia delas a cotío, dixen de abondo. I entre elas hainas orixinalísimas.

En certa ocasión... ¡Demoro, xa iba a comenazar un conto! ¡O⁸⁴⁸ costume!... Mais, ¡que diaños!, xa que comencei termiño.

Sei dun rapaz⁸⁴⁹ que tiña un dono tan encabuxón como pintureiro que eisi como era fel prós empregados trocábase de mel ó atopárese en presenza dunha garrida moza. Dunha das cousas que máis presumía era dos dentes. Por certo, que abundábanlle motivos pra tere a tal fachenda. Tiña unha dentadura branca e tan ben feita que era a ademiración de tódalas rapazas. Nin feitos a man.

Coma o demo nunca dorme e cando o fai, ficalle un ollo aberto. Non sei por onde o tal rapás enterouse de que o dono vanagroriábase dunhos dentes que non eran seus, sinón postizos, e pensou en faguerlle unha mala partida.

Dito dono tiña por costume o deitarse a dormi-la sesta enriba do xantar e poñía os dentes nun vaso cheo de auga, co unhas pingas de elisir. Unha mañán que estaba de máis mal humore que PICORETE cando ficou convertido nun boy-scout, botoulle reprenda trais reprenda ó empregado, e iste como bon galego xurou cobrarllas e cobroullas.

Veredes como. Aporveitou que o dono ficara dormido, e moi amodiño, levoulle a dentadura do vaso poñendo os pés en porosa a ocupare o seu posto, como si non pasara nada. Ó cabo de dúas horas, apareceu o dono por xunto del e sin abrire moito a boca perguntoulle:

—Ti viches entrare a alguén xunto de min?

—Entrou o dentista. ¿Non falou con vostede?

⁸⁴⁶ ANT: co unha.

⁸⁴⁷ ANT: pai sano [sic].

⁸⁴⁸ ANT: A.

⁸⁴⁹ ANT: rapás.

—Non.

—Eisí me dixo el: Mira Colás, teu dono está dormindo e traíalle un encárrago pra el. Toma. Cando desperte, dáslle isto.

—¿E que che deu?

—Isto.

I eisí decindo deulle un paquetiño moi ben feito. Colleuno o dono e foise máis ledo do que viñera.

Non tardou moito en voltar e todo descomposto, co unha caixa de pasta dentífrica nunha man e un cepilo na outra, preguntoulle ó empregado:

—¿E pra que me trouxo isto?

Ó que lle contestou o rapaz⁸⁵⁰ con moita seriedade, satisfeito de terlle⁸⁵¹ ceibado a dentadura no pozo:

—¡Que sei eu, señor, será pra que limpe os dentes!...

† RICARDO CARBALLAL

⁸⁵⁰ *ANT*: rapás.

⁸⁵¹ *ANT*: houberlle.

ÍNDICE

O coche do «Princesa de Asturias»	7
Ti sei que dormes	10
A virxen de mármore	16
Ao pé do cruceiro	25
A lenda do xutglar	37
Noite do sábado	44
En tempos que virán	49
É a noite de san Xuán	52
A dos ollos meigos	57
Noite Boa sin festa	63
O derradeiro beixo	71
Si é parvo, non se persente	83
Axuda a tempo	86
O loitador	92
Si te portas ben... ..	96
A falla de estudos	100
Rosiña a estatuaría	105
Por aforro	112
Ficamos sin conto	118

Rematouse de imprimir
en "NÓS" o nove
de agosto de
M C M X X V I I I

Outros relatos

A usura⁸⁵² do tío Chapapote⁸⁵³

O tío Chapapote, o mariñeiro máis rico de Camariñas, era un usureiro de marca maor, capás de venderlle a ialma ó demo por unha mala cadela.

Vivía en compañía dunha sobriña chamada Chinta, úneco familiar que lle quedaba no mundo, e andaba a probe vestida con catro farrapos vellos, o mesmo que o tío.

O tío Chapapote tiña por costume saír moi cedo prá pesca na súa chalana — cousa que maldita a falla que lle faguía polas moitas rentas que cobraba de chouzas e terras— e cando volvía do mar, si non lle pagaban polo peixe o que el pedía, tiña peito de tiralo ou comelo antes de darllo a un probe.

Eisí foi que unha mañán en que chegou do mar, recorreu todo Camariñas con tres duceas de calamares en venta e como non lle daban o que pedía por eles, dixo:

—¡Enantes que vendelos a tal preceo, os como!

E así foi. Perparou as tres duceas de calamares e comeunos el solo, bebendo auga enriba deles, por non gastar tres cochinas cadelas en medeo neto de viño. Comer, comeunos; mais preto da medea noite comezou a berrar e a queixarse de fortes dores de vientre.

A sobriña despertouse con tales berros e chamou ós veciños que chegaron de contado ó carón do tío Chapapote, o que daba brincos na cama coma a sardiña na ré e berraba coma un desgorxado:

—¡Non, pirmeiro os como! Pechou os ollos pra sempre e quedoulle o corpo máis frío e máis teso que a finada *Coruña Cómica*.⁸⁵⁴

A sobriña, chorando coma unha Madalena, andaba dun lado pra outro máis tola que Fernández Merino ó perder a direuceón da difuntiña e Colás e Froilán, dous veciños de tan boas e santas intencióis coma os argallentes de faguer *Coruña Fúnebre*,⁸⁵⁵ ofrecéronse pra afeitar, vestir e meter o morto na caixa.

Estas dúas boas pezas, que eran o demo en fegura de veciños e que lle tiñan inquina ó defunto polo usureiro que era en vida, conviñeron en faguerlle unha trastada. E Colás ó tempo de vestilo amarroulle unha corda pola cintura pra que cando comenzara a inchar se sentara na caixa e quedara soilo no velatoreo coma estivera en vida.

⁸⁵² ‘Cobro dun tipo de xuro superior ao máximo legal sobre os préstamos’. Vid. Glosario de VV. AA. (2005), p. 6.

⁸⁵³ O conto rexístrase na *Antoloxía Gallega*, recompilada por Leandro Carré Alvarellos, que non se chegou a publicar. Vid. Real Academia Galega. Fondo Carré Alvarellos 90/1 1–2).

⁸⁵⁴ Este semanario apareceu na Coruña en 1914 [vid. Santos Gayoso (1990), p. 489]. Como ben recolle Maceira Fernández (2014, pp. 91–92), Leandro Carré, baixo o pseudónimo FABRIELLA, colaborou en 1914 con escritos relativos ás afinidades e diferenzas da Coruña e París. Prestaba atención á programación “absurda” das festas de María Pita. Humoristicamente opoñía o costumismo aldeán ó refinamento urbano, satirizando pola vulgaridade e a desgaleguización.

⁸⁵⁵ Semanario da Coruña que viu a luz entre 1907 e 1916. Vid. Santos Gayoso (1995), p. 360.

Depois de vestido, afeitado e posto na caixa, que estaba enriba dunha mesa baixiña de catro pés con cortinas colgando hastra o chan, como antigoamente se faguía, díxolle Colás a Froilán:

—Cando estemos preto da medea noite, te metes debaixo da mesa que sostén a caixa e ó sentirme toser, que será cando o defunto comence a erguerse pra sentarse, berras destonces con voz de defunto: ¡Non, primeiro os como!...

Froilán comprometeuse a faguer o que Colás lle mandaba. E así seguiron as cousas hastra a noite, en que comenzaron a chegar os veciños ó velatoreo.

Alá polas nove, a vella Tomasa dou comenzo a reza—lo rosareo e non se ouía nin buchicar unha mosca porque Manoeliño Roel non houbera nacido aínda, e polo tanto alí non se atopaba, que sinón algo se houbera ouvido ademais do rosareo. Terminado o rezo, remitiu o silencio e unhos falando, outros faguendo contos, algún e que outro rapaz dándolle bellizcos á rapaza no siteo que tiña máis a man. Así foron pasando as primeiras horas da noite.

Xa preto das doce, a vella Tomasa, a que rezara o rosareo, chamou a un lado a Chinta, a sobriña do morto, e díxolle:

—Ai, Chintiña, ¿e ti non reparaches na cara do teu tío?

—Eu, non señora, ¿e logo? —perguntou aquela algo asustada.

—Acércate á caixa con desemulo e sin que ninguén te olle, sona a teu tío.

—¿Como ha de sonar, señora, non ve que está morto?

—Tes razón, muller; daquela límpalle a narís.

—Eso si, e moitas graceas señora Tomasa.

—De nada, bobiña, de nada.

A vella volveu pró seu siteo e Chinta cun pano na man foise arrimando a carón da caixa, hastra que estuvo preto dela e pasoulle o pano pola fronte ó tío coma si lle limpara o sudor.

Os veciños fixéronse todos destonces, no que quería limparlle Chinta ó tío e unha surrisa burlona asomou en tódolos beizos.

Chinta, ó percatarse de que todos se fixaran, quitou o pano da fronte do morto e iba a limparlle a narís, cando abrindo os ollos e cos pelos de punta quedouse co brazo en alto...

Era que o tempo de querer limpalo, Colás toseu porque veu moverse ó defunto e este sentándose na caixa decía por boca de Froilán que estaba abaixo da mesa:

—¡Non, primeiro os como!...

RICARDO CARBALLAL

Índice

I. APUNTAMENTO BIO–BIBLIOGRÁFICO	13
1.1. Escolma de colaboracións xornalísticas	45
II. O ESCRITOR E A LITERATURA COETÁNEA	63
2.1. Poesía	65
2.2. Crítica e clasificación periodolóxica de Carballal Lafourcade.....	66
2.2.1. O interese polo autor e a recepción da súa obra.....	66
2.2.2. Unha adscrición probábel	71
III. ANÁLISE LITERARIA.....	77
3.1. Trazos xerais dos textos narrativos	79
3.1.1. Planos social e lingüístico	79
3.1.2. Carballal Lafourcade e a tradición literaria.....	85
3.1.3. Algunhas claves interpretativas	91
3.2. Elementos narrativos.....	101
3.2.1. Relatos diversos	101
a) Algúns aspectos preliminares.....	101
b) Paratextos	101
c) Recursos narrativos	103
d) Tempo.....	105
e) Espazo	106
f) Personaxes	108
g) Temática	111
3.2.2. <i>O tesouro acobillado</i>	112
a) Algunhas consideracións preliminares.....	112
b) Paratextos	114
c) Recursos narrativos	116
d) Tempo.....	116
e) Espazo	119
f) Personaxes	121
g) Temática	122
3.2.3. <i>De min pra vós</i>	123
a) Algúns aspectos da publicación	123

b) Paratextos	123
c) Recursos narrativos	126
d) Tempo.....	128
e) Espazo	130
f) Personaxes	132
g) Temática	133
3.3. Outros relatos: “A usura do tío Chapapote”	134
3.4. Fortuna literaria e esquemas temáticos.....	135
IV. BIBLIOGRAFÍA.....	141
4.1. Bibliografía complementaria	143
a) Antropoloxía e etnografía.....	143
b) Lingua	143
c) Literatura	143
d) Historia.....	146
e) Miscelánea.....	146
f) Teoría Política.....	146
g) Xornalismo	147
4.2. Bibliografía específica	147
4.3. Publicacións consultadas	150
4.4. Fontes hemerográficas	154
V. CRITERIOS DE EDICIÓN	155
VI. TEXTOS	163
6.1. Relatos varios.....	165
Parola semanal (I).....	167
Parola semanal (II)	170
Parola semanal (III).....	174
Parola semanal (IV).....	178
Parola semanal (V).....	182
Parola semanal (VI).....	185
Parola semanal (VII)	189
Parola semanal (VIII).....	192
Parola semanal (IX).....	195
Parola semanal (X).....	197
Parola semanal (XI).....	200

Parola semanal (XII)	204
Parola semanal (XIII)	207
Parola semanal (XIV)	210
Parola semanal (XV)	214
Santos e meigas (I)	217
Santos e meigas (II)	221
O último aturuxo	224
A libertá	227
Récelle á Virxen	230
Discos suevos (I)	233
Discos suevos (II)	235
Discos suevos (III)	237
Discos suevos (IV)	239
O emigrante	241
O milagre de san Ramón (I)	244
O milagre de san Ramón (II)	249
Enxebreza	251
¡Ou libres ou mortos!	253
De min pra vós	255
Un feito histórico	258
De min pra vós	261
6.2. O tesouro acobillado (1919)	265
6.3. De min pra vós (1928)	291
O cocho do «Princesa de Asturias»	296
Ti sei que dormes	298
A virxen de mármore	305
Ao pé do cruceiro	311
Axúdate, que Deus te axudará	316
A lenda do xutglar	320
Noite do sábado	324
En tempos que virán	328
É a noite de san Xuán	330
A dos ollos meigos	334
Noite Boa sin festa	338
O derradeiro beixo	343
Si é parvo, non se persente	350
Axuda a tempo	352
O loitador	356

Si te portas ben.....	359
A falla de estudos	362
Rosiña a estatuaría.....	365
Por aforro.....	370
Ficamos sin conto.....	374
6.4. Outros relatos	379
A usura do tío Chapapote	381

ABREVIATURAS

ANT: *A Nosa Terra*

AMT: *Airiños d'a miña terra*

AG: *Antoloxía Gallega*

Cfr.: Confróntese

col.: colección

coord. / coords.: coordinador/es

dir. / dirs.: director/es

ed. / eds.: edición ou editor/es

Mit.: Mitoloxía

Op. cit. (opere citato): Na obra citada

p. / pp.: páxina/s

SM: *Santos e Meigas*

s. p.: sen paxinar

SG: *Suevia. Revista Gallega*

V.: Véxase / Véxanse

Vid.: Ve / Vede

vol.: volume

VV. AA: Varios autores

LATINISMOS

et alii: e outros

ex profeso: intencionadamente

in media res: no medio do asunto

supra: arriba

verbi gratia: por exemplo



gálicia

ISBN: 978-84-453-5284-7



9 788445 352847



XUNTA
DE GALICIA